

*DICZIONARIO*  
*ITALIANO - GALEGO*



**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria:**

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

**Director Xeral de Política Lingüística:**

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

**Coordinador Científico:**

CONSTANTINO GARCÍA

**Directora do proxecto:**

ISABEL GONZÁLEZ

**Redactores:**

CARMEN F. BLANCO VALDÉS  
BENEDICT BUONO  
ANA MARÍA DOMÍNGUEZ FERRO  
MARÍA CONSUELO DE FRUTOS MARTÍNEZ  
ISABEL GONZÁLEZ  
JAVIER GUTIÉRREZ CAROU  
CRISTINA MARCHISIO  
MARÍA MONTES LÓPEZ  
ALESSANDRA PAVANELLO  
MARÍA TERESA SANMARCO BANDE

**Colaboradores:**

*SEMINARIO DE LEXICOGRAFÍA DA REAL ACADEMIA GALEGA*  
(XESÚS DOMÍNGUEZ DONO, ANA FACHAL FRAGUELA, MARÍA DO CARME PAZOS BALADO,  
MANUELA PÉREZ RODRÍGUEZ, ISOLINA SALGADO BASOA,  
MARÍA DO MAR VÁZQUEZ VIVIANI)  
MARÍA ASUNCIÓN CANEDA CABRERA  
MARÍA ASUNCIÓN DÍAZ BERNÁRDEZ  
VINCENZO JACOMUZZI  
CARMEN PRADOS ANAYA

**ISBN.:** 84-453-2937-5

**Dep. Legal:** C. 794/2000

**Deseño e impresión:**

GRAFINOVA, S.A.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA





*DICZIONARIO*  
*ITALIANO - GALEGO*



**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria:**

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

**Director Xeral de Política Lingüística:**

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

**Coordinador Científico:**

CONSTANTINO GARCÍA

**Directora do proxecto:**

ISABEL GONZÁLEZ

**Redactores:**

CARMEN F. BLANCO VALDÉS  
BENEDICT BUONO  
ANA MARÍA DOMÍNGUEZ FERRO  
ISABEL GONZÁLEZ  
JAVIER GUTIÉRREZ CAROU  
CRISTINA MARCHISIO  
MARÍA MONTES LÓPEZ  
ALESSANDRA PAVANELLO  
MARÍA TERESA SANMARCO BANDE

**Colaboradores:**

*SEMINARIO DE LEXICOGRAFÍA DA REAL ACADEMIA GALEGA*  
(XESÚS DOMÍNGUEZ DONO, ANA FACHAL FRAGUELA, MARÍA DO CARME PAZOS BALADO,  
MANUELA PÉREZ RODRÍGUEZ, ISOLINA SALGADO BASOA,  
MARÍA DO MAR VÁZQUEZ VIVIANI)  
MARÍA ASUNCIÓN CANEDA CABRERA  
MARÍA ASUNCIÓN DÍAZ BERNÁRDEZ  
VINCENZO JACOMUZZI  
CARMEN PRADOS ANAYA

**ISBN.:** 84-453-2937-5

**Dep. Legal:** C. 794/2000

**Deseño e impresión:**

GRAFINOVA, S.A.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da súa Dirección Xeral de Política Lingüística, leva traballando dende a década dos oitenta na difusión da nosa lingua e do ensino en galego. Para favorecer esta tarefa, adoptáronse os medios máis eficaces, entre os que ocupan un lugar privilexiado as obras lexicográficas. Conscientes disto, apoiamos a creación e publicación de léxicos xerais e específicos, abordando distintos eidos do saber como as Ciencias Naturais, a Química, a Electricidade, a Electrónica, a Medicina...

Agora dáse un paso máis, entrando tamén no campo da lexicografía bilingüe gracias a este diccionario, un dos proxectos máis interesantes e novidosos do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, do que hoxe presentámo-lo primeiro volume italiano-galego que se verá completado en breve co segundo, galego-italiano, e o correspondente CD-ROM.

Esta obra, dirixida por Isabel González e avaliada pola Real Academia Galega, non só achega os galegos á lingua italiana e á súa cultura, senón que tamén dá boa conta do estado da nosa lingua, mostrando un léxico galego normalizado en tódolos eidos.

Quero deixar constancia da miña gratitude ós autores desta obra pola estupenda iniciativa e polo esforzo realizado. Trátase dun traballo ben documentado, resultado do rigor científico e do amor polas linguas italiana e galega. Por isto, teño a seguridade de que será unha utilísimas ferramenta de traballo para docentes e investigadores e, en xeral, para a sociedade galega.

**Celso Currás Fernández**

Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria





# ÍNDICE

<i>Prólogo</i> .....	9
<i>Introducción</i> .....	17
<i>Guía de uso</i> .....	25
<i>Lista de abreviaturas</i> .....	31
<b>CORPUS</b> .....	33
<i>Antropónimos</i> .....	613
<i>Topónimos</i> .....	623
<i>Pemias e locucións</i> .....	627
<i>Compendio de gramática italiana</i> .....	637
<i>Táboas de verbos</i> .....	675



# Prólogo

**N**ella vivace proliferazione di dizionari bilingui che segna la nostra epoca non è usuale imbattersi in un'opera priva di antecedenti. Ma non di questo dovremmo meravigliarci, se è vero che la stessa lessicografia monolingue galega è assai giovane: al 1990 risale un primo dizionario di circa 12.000 entrate e al 1997 il *Diccionario da Real Academia Galega* (RAG), di mole doppia e di mire più ambiziose. Sorprende piacevolmente, semmai, che un dizionario italiano-galego sia la prima impresa bilingue che confronti questo idioma iberoromanzo con una lingua viva diversa dal castigliano.

L'opera prende le mosse dal *Diccionario* della RAG, non tanto nelle proporzioni (qui, comprensibilmente, assai più ridotte) quanto nei criteri ispiratori e in alcune precise soluzioni di tecnica lessicografica. La scelta di fondo è stata quella di puntare sulle informazioni essenziali, a beneficio di un pubblico identificato con chiarezza negli studenti e nei traduttori interessati al percorso italiano-galego. In sostanza, come si legge già nella sobria *Introducción* del *Diccionario* della RAG, ci si è fondati su «tres piares fundamentais: as entradas, as acepcións, e a expresión das definicións».

Ciò ha comportato conseguenze coerenti. Il lemmario è stato orientato in direzione del lessico fondamentale e di quello di alta disponibilità, con le integrazioni suggerite dall'esperienza e dalla sensibilità dei compilatori (per esempio, per quel che riguarda la scelta degli etnici da includere); giudiziosamente aperto al nuovo, bello o brutto che sia (da *macrobiotica* a *aids*), ma senza nessuna concessione all'effimero né al substandard. Le accezioni privilegiano quella più usuale (così *macchina* reca al primo posto il traduce *coche* - vale a dire quel che a Santiago de Compostela o a Roma è la "macchina" per antonomasia; e solo in seconda posizione *máquina*, ossia il significato semanticamente più ampio e più antico, rispetto al quale quello di "autovettura" rappresenta uno sviluppo successivo). Le definizioni sono estremamente asciutte, senza una parola di troppo. La grafica è insieme elegante e funzionale, consentendo di ricavare immediatamente l'informazione desiderata.

Ma scegliere significa anche rinunciare. Nel nostro caso le indicazioni ortoepiche sono ridotte all'essenziale, ossia all'accento tonico, segnalato opportunamente - per non creare ambiguità tra ortografia e pronuncia - mediante sottolineatura della vocale interessata. Mancano invece la distinzione tra *e* e *o* aperte e chiuse (ciò può colpire, dal momento che il galego - come

il catalano e a differenza del castigliano - conosce opposizioni fonematiche del tipo di *presa* /e/ ‘presa’ e *présa* /ɛ/ ‘fretta’; ma la scelta sarà stata suggerita dal limitato peso di cui la norma ortoepica toscana, almeno su questo punto, gode attualmente in Italia) e quella tra *s* e *z* sorde e sonore (qui avrà agito, accanto all’oscillazione della norma italiana, l’intento di semplificare l’apprendimento di parlanti galeghi, giacché il galego moderno conosce solo sibilante e interdentale sorde). D’altra parte, le indispensabili indicazioni grammaticali sono tutte presenti: parte nelle consuete marche morfologiche, parte in una rubrica posta alla fine del lemma (*OBS*, cioè *Observacións*). Spazio particolare è stato dato, ai cosiddetti “falsi amici”, non solo discriminando tra omonimi come *tasca* (“osteria” in galego), ma anche suggerendo al lettore il termine adeguato per rendere in italiano il galego *tasca*.

Ma se le informazioni grammaticali esplicite sono ridotte all’osso, quelle implicite sono in realtà numerose. Ancora una volta ispirandosi al modello del *Diccionario* della RAG (nel quale «tódalas acepcións van ilustradas con un ou con varios exemplos»), s’è dato il massimo spazio all’esemplificazione. Potrebbe lasciare perplessi vedere muniti di esempi una parola del lessico di base come *macellaio* o un tecnicismo come *meteorologia*, dato che il rispettivo significato è stabile e predicibile quale che sia il contesto sintattico. Ma mettendo a confronto, per il primo vocabolo citato, l’esempio italiano («Suo padre è macellaio al mercato») e quello galego («O seu pai è carniceiro no mercado»), non è difficile fare affiorare ben due informazioni microsintattiche sommerse: nel produrre una frase elementare come questa le due lingue si differenziano - oltre che per il lessico - nella costruzione del complemento di luogo e concordano, invece, nell’omissione dell’articolo davanti al nome del predicato che indichi una caratteristica del soggetto (come avviene tipicamente con i nomi professionali).

Un nuovo dizionario bilingue, specie se pionieristico, non è solo un prezioso strumento di lavoro; è anche l’occasione per riflettere sul modo in cui le due lingue percepiscono e organizzano linguisticamente la realtà.

Un piccolo assaggio ricavato dai modi idiomatici. Non sono rari i casi di perfetta coincidenza; casi che rimandano indietro - ad abissale distanza dall’odierno “villaggio globale” - ad altre, antiche, omologie nella scansione di una giornata dominata dal lavoro agricolo, quando l’idea di coricarsi per tempo evocava il riferimento ai familiari animali da cortile (*andare a letto con le galline* = *ir para a cama coas galiñas*) e un “lavoro massacrante” non era

quello del dirigente d'industria ma quello brutalmente fisico, in genere svolto da animali (*lavorare come un asino = traballar como un burro*). Di là da italiano e galego, l'idiomatismo si ritrova in altre lingue romanze e non romanze (e di norma si tratterà, più che di prestiti, di poligenesi): talvolta con piccole variazioni (*lavorare comme une bête de somme* dicono i francesi; *wie ein Pferd*, i tedeschi); spesso con perfetto parallelismo. Per suggerire l'idea del "superamento di un iniziale momento di freddezza" la metafora del *rompere il ghiaccio* (*rompe-lo xeo*) è anche di francese (*rompre la glace*), inglese (*to break the ice*) e tedesco (*das Eis brechen*); l'eco di comportamenti non irreprensibili da parte di religiosi viene percepita in modo simile da orecchie italiane (*l'abito non fa il monaco*), galeghe (*o hábito non fai o monxe*), francesi (*l'habit ne fait pas le moine*), inglesi (*the cowl does not make the monk*), tedesche (*die Kutte macht nicht den Mönch*). Altre volte, un modo idiomatico non ha evidente corrispondenza nell'altra lingua (e in tal caso il traduttore ha l'assetto di una glossa): l'italiano *dormire come un ghiro* è un generico *durmir moito*; *scoprire l'acqua calda* è *chegar a unha conclusión obvia*. La terza possibilità è che si abbia corrispondenza in una diversa immagine lessicalizzata: all'italiano *essere di ghiaccio* corrisponde in galego una metafora contigua, fondata su un altro *designatum* di proverbiale durezza (*ser de pedra*); e così si insiste sempre nel medesimo ambito - quello dei bisogni primari, alimentari - dicendo *molto fumo e poco arrosto* o *moito ruído e poucas noces*.

Aspettiamo ora la seconda tavola del dittico, il dizionario galego-italiano: il dinamismo, la capacità direttiva, la competenza di Isabel González sono la garanzia che l'attesa non sarà lunga.

Luca Serianni  
Università "La Sapienza" di Roma

**V***enisti tandem!* Salutiamo con piacere l'evento, grazie al quale una notevole lacuna lessicografica viene ora colmata: il lettore ha fra le mani il primo dizionario bilingue italiano-galego che sia mai stato pubblicato, e al quale farà seguito, ci auguriamo fra breve, il tomo corrispondente galego-italiano.

Scrivere dizionari, come sa chi l'abbia provato, mentre forse può sfuggire al semplice utente del libro, è una delle imprese più necessarie e disperate a un tempo. Un dizionario bilingue è in primo luogo uno strumento per la traduzione, sia nella sua accezione 'passiva', nel caso in cui una persona voglia semplicemente intendere un testo scritto in una lingua straniera, trasportandolo nel proprio idioma; sia nella sua accezione attiva, quando lo scopo primario è quello di produrre testi in una lingua diversa dalla propria, trasferendo all'idioma straniero le idee e i pensieri che sgorgano spontaneamente in quello nativo.

Tutti sicuramente hanno ben presenti le polemiche sulle versioni «belle e infedeli», il motto «traduttore-traditore» e le difficoltà insite in ogni processo di traduzione. Certo c'è una vasta gamma di situazioni: altro è tradurre Dante Alighieri in una lingua qualsiasi, altro è trovare in italiano l'equivalente d'una frase come “Os garavanzos e os chícharos son legumes” (che ho tratto da questo dizionario, alla voce **legumi**), o, pur a un livello più alto, “O poder legislativo é exercido polos deputados e os senadores” (alla voce **legislativo**). Ma solo che si pensi, per esempio, ai massacri linguistici perpetrati a danno delle istruzioni d'uso degli elettrodomestici nei foglietti illustrativi che accompagnano gli oggetti, o all'alto grado di improbabilità di certe “traduzioni giurate” di documenti stranieri, ci si renderà conto immediatamente di come tradurre sia un'impresa non di rado complessa e rischiosa. D'altra parte, e come s'è detto, tradurre è necessario, non solo per utilità pratica, ma anche per profitto spirituale.

Tradurre comporta sempre una migliore conoscenza dell'oggetto estraneo; me ne rendo conto come filologo romanzo e come editore di testi lontani nel tempo e nello spazio dalla mia lingua madre. Quando studio, per esempio, un'opera spagnola o francese medievale, ho preso l'abitudine di tradurla in italiano (non è detto che la versione venga poi pubblicata, l'importante è io l'abbia approntata); in questo modo mi rendo conto se ho davvero capito il testo straniero.

Peraltro tradurre implica sempre una comparazione, e questa è la chiave di volta della conoscenza. Confrontando un oggetto A con un altro B e uscendo mentalmente fuori da un sistema dove sia noto solo il primo, non solo

è possibile avviarsi alla conoscenza di B (che sarà sempre parzialmente filtrata da quel che sappiamo di A) ma da questo itinerario cognitivo ritorneremo conoscendo meglio persino l'oggetto A che credevamo di possedere perfettamente.

Preparare un dizionario è quindi una delle opere più meritorie che esistano, perché ci dà una chiave di lettura del mondo attraverso un codice diverso dal nostro, e al contempo ci aiuta a riflettere su quell'altra chiave di lettura che è già nelle nostre mani. Ma scrivere un dizionario, monolingue o bilingue che sia, è soprattutto un grande atto di amore per la lingua, un amore disperato perché non c'è dizionario che possa comprendere tutto il dicibile. Non esiste, neppure in linguistica, quella mappa dell'impero costruita dai cartografi cinesi di cui favoleggia Jorge Luis Borges, che è così precisa da essere coestensiva all'impero stesso, e che peraltro, se anche esistesse, non oserebbe di nessuna utilità all'utente eventuale. Un dizionario non è esattamente un viaggio turistico, è piuttosto l'equipaggiamento che ci permette di realizzare un viaggio avventuroso e imprevedibile, con soste non programmate e alberghi non prenotati.

Il dizionario galego-italiano di Isabel González si presenta come una mappa eccellente per compiere un viaggio nelle due lingue. A fondamento dell'opera si nota una riflessione metodologica assai rigorosa sulla più recente bibliografia specifica in materia lessicologica e lessicografica. È noto agli specialisti che, chiamando lingua di partenza quella dei lemmi (nel nostro caso l'italiano) e lingua d'arrivo quella dei traducanti o equivalenti (nel nostro caso il galego), un dizionario che ponga in contatto le due lingue (A e B) consente teoricamente, nella direzione da A a B, quattro operazioni fondamentali: 1) ricezione di testi in lingua A da parte di utenti della lingua B; 2) traduzione di testi da A a B da parte di utenti di lingua materna B; 3) produzione di testi in B da parte di utenti della lingua materna A; 4) traduzione di testi da A a B da parte di utenti della lingua materna A (R. Werner e C. Chuchuy, "¿Qué son los equivalentes en el diccionario bilingüe?", in G. Wotjak (ed.), *Estudios de lexicología y metalexicografía del español actual*, Tübingen, Niemeyer, 1992, pp. 99-107); altrettante e analoghe operazioni sono possibili nella direzione da B ad A. È chiaro che un dizionario che pretenda d'essere al contempo attivo e passivo, strumento di comprensione e di produzione nelle due direzioni, non è di per sé impossibile, ma risulterebbe di fattura complicatissima e d'ancor più difficile consultazione (problemi che forse si potranno risolvere con l'editoria elettronica). È quindi opportuno trascogliere un tipo di pubblico e un insieme ridotto di

funzioni, perché il primo si trovi a suo agio e le seconde si rivelino veramente efficaci.

Secondo le intenzioni dichiarate nell'*Introducción*, l'opera è destinata in particolare a un pubblico galego che voglia capire, traducendoli nella propria lingua, dei testi italiani contemporanei; il secondo volume mirerà soprattutto alla produzione di testi italiani da parte dello stesso tipo di persone. Il che non toglie, ovviamente, che anche un utente italiano possa usare questo strumento con grandissimo profitto; caratteristica, questa, che ho potuto constatare di persona.

Il dizionario ha carattere generale, sulla base della lingua italiana dell'uso, ma un corpus ridotto per ovvie ragioni pratiche. La costituzione del lemmario risponde a criteri completamente condivisibili. Per fare un esempio scelto del tutto a caso, l'apertura della lettera A (a-abba), con 14 lemmi da **a** ad **abbazia**, comprende: **a**, **abate**, **abbagliante**, **abbagliare**, **abbaiare**, **abbaino**, **abbandonare**, **abbandono**, **abbassare**, **abbastanza**, **abbattere**, **abbattimento**, **abbattuto**, **abbazia**. Certo, rispetto per esempio a un corposo dizionario monolingue italiano come il *Nuovo Zingarelli*, in quel tratto mancano, per esempio, **abacà**, **abachista**, **abadessa**, **abarico**, **abasia**, **abassiale**, **abatino**, **abat-jour**, **abato**, **abavo**, **abbacare**, **abbacchiamento**, **abbacchiario**, **abbacchiato**, **abbacchio**, **abbachista**, **abbacinamento**, **abbagliaggine**, **abbaglio**, **abbaiamento**, **abbaiolo**, **abballare**, **abballinare**, **abballottare**, **abbambinare**, **abbambolato**, **abbanicare**, **abbandonamento**, **abbandonismo**, **abbarbagliamento**, **abbarbagliare**, **abbarbaglio**, **abbarbare** e qualche altro termine; ma francamente la maggior parte di queste parole suonano strane e incomprensibili anche a un orecchio italiano di media cultura e, tranne forse il francesismo **abat-jour** (che oggi però mi pare in ribasso anche in Italia), l'**abbacchio** (giusto per il galego che apprezzi la gastronomia romana) e magari **abbaglio** (altro termine che sta scivolando lentamente verso l'oblio), è evidente che non manca nulla di essenziale nemmeno a un dizionario bilingue di proporzioni ben maggiori.

A parte la ricca serie di annessi (lista di paremie e locuzioni, antroponimi e toponimi, schizzo grammaticale italiano e tavole verbali), che ne allargano la portata culturale e ne potenziano l'efficacia didattica, va rilevato il pregio fondamentale del dizionario, che consiste nella sapiente organizzazione microstrutturale, ossia nel modo di costruire il singolo articolo. Si veda la parte iniziale dell'articolo **avere**, dove vengono distinte cinque accezioni, con effica-



cia e rigore concettuale, demandando agli esempî il chiarimento delle discriminazioni di significato:

**avere I** v. tr. [aux. avere] **1 Ter, posuír.** Avevano molti soldi. *Tiñan moitos cartos.* Hanno una casa al mare. *Teñen unha casa na praia.* Avere una buona biblioteca. *Ter unha boa biblioteca.* **2 Ter.** Ha gli occhi azzurri. *Ten os ollos azuis.* Avete sedici anni. *Tedes dezaseis anos.* Aveva buon cuore. *Tiña bo corazón.* L'Italia ha venti regioni. *Italia ten vinte rexións.* Abbiamo fame e freddo. *Temos fame e frío.* **3 Ter, aguantar, suxeitar.** Mentre aspettava aveva quel grosso pacco in mano. *Mentres esperaba tiña aquel gran paquete na man.* **4 Recibir.** Non ha ancora avuto notizie di suo fratello. *Non recibiu aínda noticias do seu irmán.* **5 Levar** (un vestido, un sombreiro...). Il giorno del matrimonio aveva un vestito molto elegante. *O día da voda levaba un vestido moi elegante.* [...]

Molto apprezzabile è pure la scelta di scrivere articoli piuttosto approfonditi, senza sottostare alla “circolarità” lessicale, ossia alla caratteristica per cui ognuna delle parole usate anche negli esempî deve per forza trovarsi a lemma nel dizionario. L'intrusione di nuovi termini nella forma attualizzata degli esempî consente di ampliare anche notevolmente il corpus di un'opera lessicografica dal lemmario obbligatoriamente ridotto, configurandola quasi come un dizionario “di apprendimento” con grandi benefici per l'utente.

Inoltre, grazie anche alla caratteristica testé commentata, il dizionario allarga il suo orizzonte, come ogni lavoro lessicografico che si rispetti, nella direzione dell'opera letteraria. Gli esempî, così come gli esercizi di una grammatica, possono essere valutati anche dal punto di vista di una “sociologia della letteratura”; e se si dà il caso non solo di opere letterarie composte di raccolte di sentenze, proverbi, apoftegmi, ma anche, per quanto eccezionalmente, di testi che sconfinano nel dizionario o nel manuale di conversazione (si pensi a Ionesco), mi sembra legittimo attribuire pure agli esempî di un dizionario valenza letteraria. Per lo meno nel senso che, nel loro insieme, essi costituiscono una sorta di macrotesto quasi narrativo, che squaderna in mille parcella situazionali, un sicuro affresco della società italiana contemporanea.

Alfonso D'Agostino  
Università degli Studi di Milano



# Introducción

**E**sta obra nace do desexo de encher unha lagoa no eido da Lexicografía, dado que ata o momento non existía ningún dicionario que puxese en relación as linguas galega e italiana. No ano 1995 a Área de Filoloxía Italiana da Universidade de Santiago de Compostela iniciou a primeira parte deste proxecto\* que agora chega á súa meta final.

Os profesores de Filoloxía Italiana botabamos en falta o apoio dunha obra bilingüe italiano-galega. Empregando necesariamente os dicionarios de castelán-italiano, observabámo-la inexistencia dun bo dicionario neste campo que servise como axuda eficaz, dado que moitas veces a calidade destas obras deixaba bastante que desexar.

Este dicionario é a primeira obra lexicográfica que pon en contacto o italiano co galego. Isto supón que teñamos que traballar cos dicionarios monolingües de ámbalas dúas linguas e con bilingües non só de cada unha delas (sobre todo para establece-los criterios do noso dicionario). É un risco, dado que non hai unha base precedente, pero ó mesmo tempo convértese nunha vantaxe, porque permite aplica-la teoría lexicográfica actual sen prexuízos.

A información facilitada na nosa obra está orientada ós estudantes galegos de filoloxía italiana, ós estudiosos das filoloxías románica e galega e, en xeral, ó público galego que desexe aproximarse á lingua de Dante. Aínda que os principais destinatarios son os galegos, isto non quere dicir que a obra non poida ser de proveito para os usuarios italianos.

Este primeiro volume é un instrumento útil para a traducción de textos italianos contemporáneos, facilitando ademais a asimilación da lingua. Como a parte dedicada ó galego-italiano que estamos a realizar, está orientada á produción de textos en italiano, algunhas das informacións que presenta esta obra están pensadas tamén en función do segundo volume (por exemplo, as indicacións dos plurais, dos auxiliares ou dos acentos).

O noso punto de partida son os dicionarios básicos das linguas galega e italiana, observando tamén o tratamento lingüístico que se fai noutras linguas minoritarias como o catalán, que xa vén traballando con éxito dende hai tempo no eido dos dicionarios bilingües. Prestamos especial atención ó galego normativo, baseándonos no Dicionario da Real Academia Galega na súa última edición. O asesoramento do Seminario de Lexicografía desta institución foi, e

\* O noso dicionario, a través do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, foi subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sendo Director Xeral de Política Lingüística o Dr. D. Manuel Regueiro Tenreiro.

segue a ser, unha grande axuda para resolver as dúbidas léxicas de galego que ás veces atopamos, sobre todo en campos moi específicos.

A macroestrutura deste volume está composta das partes seguintes: índice, prólogo, introducción, guía de uso, abreviaturas empregadas, corpo do dicionario, listas de paremias e locucións, antropónimos e topónimos, unha breve gramática do italiano e, por último, as táboas de verbos, ás que remiten os correspondentes artigos do dicionario.

A selección de entradas supera as 10.000 voces, abarcando o léxico elemental do italiano contemporáneo cunha perspectiva didáctica. Polo que respecta á escolla realizada, os termos seleccionados corresponden á lingua de uso, seguindo a orientación dos léxicos de frecuencia.

A lista de paremias e locucións recollida tralo corpo do dicionario é unha reducida escolma deste tipo de unidades fraseolóxicas, que vén completa-la información presentada na alínea de fraseoloxía dos artigos do dicionario, no que se recollen as colocacións, as locucións, as paremias e as fórmulas rutineiras básicas (segundo a nomenclatura empregada por Gloria Corpas Pastor). Dado que ás veces non atopamos correspondencia co galego, tivemos que recorrer a explicacións ou traducións alternativas para elas. Para facilitar a consulta dos artigos, algunhas destas unidades fraseolóxicas figuran tamén no propio corpo do dicionario.

Polo que respecta ás listas de antropónimos e topónimos do italiano, cando non atopamos unha equivalencia de uso consolidado recorreremos ó calco do mesmo, adaptando o termo á nosa lingua. Escollémoslos antropónimos máis empregados en Italia, os nomes de rexións, cidades, montes, ríos e lagos italianos máis importantes.

A gramática presentada a continuación pretende ser un breve resumo, que lles axude ós usuarios a recordar as principais regras gramaticais da lingua italiana, dun xeito sinxelo pero suficiente.

Recollemos ó final do volume as táboas de verbos: pretenden resolvér-lle as dúbidas de conjugación ós usuarios, dado que é un dos aspectos que presentan máis dificultades na aprendizaxe da lingua italiana. A estas remiten tamén os artigos do dicionario, mediante a numeración pertinente.

A microestrutura, que corresponde á organización de cada artigo dentro do corpo do dicionario, é sinxela (de acordo coa finalidade didáctica da obra), aínda que non carente de profundidade. Co gallo de favorecer a rápida

comprensión do contido dos artigos, procurouse escoller unha tipografía pouco complexa, sen abusar ademais dos símbolos. En todo o corpo do dicionario, a lingua italiana figura en letra redonda e a lingua galega en cursiva. Ó mesmo tempo, entradas, equivalencias e fraseoloxía en italiano (ademais da numeración) figuran en letra grosa.

As entradas preséntanse sen flexión. Nos adxectivos e nos substantivos, figura a desinencia feminina cando existe; se esta presenta algunha irregularidade, recóllese nas observacións, co gallo de non satura-la entrada con informacións laterais (*V. difensore, evasore*). As voces homónimas, os plurais e os femininos non posúen entrada propia, recóllense dentro dunha única entrada, por economía de espazo. Constitúen entradas independentes cando son habituais só con esta forma (*V. esequie, frantumi*); sucede o mesmo coas locucións (*V. all'impazzata, in mattinata*), as palabras compostas (*V. fuoristrada, cassaforte*) ou os verbos pronominais (*V. ostinarsi, pavoneggiarsi*), se a súa frecuencia o require.

A entrada leva subliñada a vocal sobre a que recae o acento tónico, salvo nos casos nos que a voz estea acentuada graficamente ou sexa un monosílabo. Esta vai seguida do corpus, excepto cando remite a outro artigo (por razóns de frecuencia). Este corpo do artigo, que recolle a información básica sobre cada entrada ou lema, vai redactado en galego no que respecta ás informacións útiles para o usuario.

No interior do corpus, preséntase en primeiro lugar a caracterización gramatical, que se organiza en diferentes partes (segundo a numeración romana en letra grosa), seguindo os criterios da lóxica e da frecuencia de uso.

A caracterización gramatical realízase en galego, por medio de abreviaturas, segundo o uso da lingua italiana: sobre esta non se proporcionan máis cós datos esenciais, posto que o apéndice gramatical está dedicado a da-la información xeral ó respecto. Por outra parte, no interior de cada acepción poden figurar tamén entre parénteses algunhas precisións de tipo gramatical, cando atinxen unicamente a esa acepción concreta (só en plural, só masculino...).

Considerámo-los distintos tipos de verbos como categorías gramaticais diferentes e indícanse, ademais, entre corchetes os auxiliares que estes requiren. Nunca se agrupan dúas categorías gramaticais, agás cando se trata de dous tipos de verbo que teñan o mesmo auxiliar e as mesmas equivalencias ou cando é un participio pasado do verbo e adxectivo (neste último caso trátase dunha descrición máis que dun uso de facto desta primeira categoría).

Cómpre dicir que a caracterización gramatical recollida neste volume segue os parámetros da gramática italiana, que non sempre corresponde cos da galega. Desde xeito, distinguímo-los verbos reflexivos dos intransitivos pronominais ou mesmo os adxectivos dos pronomes indefinidos. Eliximos esta opción porque consideramos que para os usuarios galegos era interesante observar estas diferencias coa nosa lingua. E, dado que esta obra pretende amosa-lo funcionamento da lingua italiana, pareceunos interesante subliñar esta categorización diferencial. Por economía de espacio, evitámo-las observacións referidas a esta cuestión, de xeito que nunca sinalámo-la variación de xénero ou de categoría, cando as hai (aínda que o recollemos implicitamente a través de exemplos que salienten esta diferenca). Posto que os destinatarios do noso dicionario son o público galego, non é necesario prolongarse en explicacións sobre a lingua de chegada.

A caracterización gramatical vai seguida das acepcións, ordenadas con números arábigos en letra grosa. As acepcións, o mesmo que as categorías gramaticas, ordénanse segundo os criterios da lóxica e da frecuencia de uso.

No interior de cada acepción, entre parénteses, pódense indica-las particularidades gramaticais que citabamos, o sentido recto ou figurado dos termos, o nivel de lingua ou o campo científico ou técnico ó que estes pertencen, cando é necesario. Esta información ha constar só cando difira do galego, cando axude a despexar dúbidas ou a delimita-lo significado do termo. Se, por exemplo, a entrada e a equivalencia corresponden ó mesmo rexistro non o sinalamos (*V. basilico, cellula*), pero se a equivalencia é interpretable noutro sentido ou ben corresponde a un rexistro diferente, recóllese explicitamente esta información, entre parénteses e abreviada (*V. tuono, visitare*).

Na medida do posible, procuramos dar máis dunha equivalencia para cada acepción (nunca máis de tres). Na escolla das equivalencias seguímo-lo Dicionario da Real Academia Galega, de xeito que separamos en acepcións diferentes as equivalencias que teñen sinónimos distintos, mesmo cando son próximas no seu significado, e xuntamos acepcións de significados moi diferentes cando estas teñen unha única tradución.

Un caso particular é o constituído polas chamadas palabras culturais, dado que non hai referente na lingua de chegada. Poderíamos crear calcos destas voces ou mesmo cuñar novos termos, tarefa que non nos atinxe directamente, pero consideramos que era máis axeitado empregar definicións que amosasen o contido da entrada. Cando foi posible, engadimos equivalencias

próximas ó significado destas voces, introducidas pola indicación entre parénteses aprox. (*V. dattero, duomo*). No resto dos casos, a nosa definición facilítalle ó usuario o significado da entrada, posto que consideramos que é máis axeitado emprega-lo termo italiano mesmo en galego (*V. risotto, 'ndrangheta*).

Ás veces, a equivalencia vai seguida dunha discriminación de significado, que ten como finalidade axudarlle ó usuario cando a información precedente non é suficiente. Esta información, presentada entre parénteses, pode indicar contextos que completen o significado da equivalencia ou mesmo expresións sinónimas, un hiperónimo ou varios hipónimos (*V. panchina, quotare*).

Presentamos un exemplo ilustrativo por cada significado, mesmo cando se reagrupan contidos dentro da mesma acepción (por este motivo, hai acepcións que levan un único exemplo e outras dous ou máis; neste último caso, procuráronse exemplos máis breves). Todos eles proceden da lingua viva, facilitando sempre un contexto axeitado para cada acepción, de xeito que ademais o usuario poida aprender novo vocabulario e assimilar paulatinamente noções gramaticais dun modo implícito.

Consideramos moi útil a inclusión dos exemplos en ámbalas dúas linguas. Aínda que isto aumenta a dimensión do corpus do artigo, parécenos aconsellable para facilita-la asimilación do italiano. A súa traducción pretende mostrar un modelo de adecuación entre ámbalas linguas e pon de manifesto a articulación sintáctica propia do italiano.

Dado que recollémo-la lingua italiana actual, parécenos innecesario mante-la circularidade do léxico empregado. Posto que non se trata dunha obra monolingüe, nos exemplos introducimos termos (aínda que non son moitos) que logo non figuran na selección de entradas, porque é un xeito natural de presenta-la lingua, sen constrinxila a uns parámetros demasiado “artificiais” ou ríxidos.

Omitímo-los exemplos nas entradas das chamadas palabras culturais, cando non se presente unha equivalencia aproximada. Dado que estes teñen como finalidade insistir sobre o contido da entrada nesa acepción e posto que ese tipo de palabras culturais leva unha definición, consideramos que esta suple suficientemente a función do exemplo.

A continuación das acepcións e precedidas do símbolo # incluímo-las indicacións pertinentes á fraseoloxía (colocacións, locucións e enunciados fra-

seolóxicos), segundo o criterio da frecuencia de uso e procurando recoller aquelas expresións que difiren entre ámbalas dúas linguas, ordenadas alfabeticamente. As correspondencias en galego, como sucede coas equivalencias das acepcións italianas, non sempre son exactas, polo que a miúdo se recorre a explicacións substitutivas.

As observacións recollen informacións de distinto tipo e sitúanse tanto ó final de cada acepción (no caso de que se refira só a esta) coma ó final do artigo, trala fraseoloxía. O seu contido é variado: pode recolle-los plurais irregulares, as variacións de acento, a pronuncia, a primeira persoa do presente do verbo (para mostra-la caída do acento), a referencia a unha táboa de verbos...

A última parte do artigo corresponde ás consideracións semánticas contrastivas referidas ás entradas, que van introducidas por un rombo. É unha información que nos parece interesante e nova, que se achega en certos aspectos ós contidos dos chamados falsos amigos. Partimos neste volume das características da lingua italiana, reservando para o segundo, galego-italiano, as particularidades do galego a este respecto.

En efecto, recollemos aquí a presenza dos falsos amigos léxicos, en parte porque estas voces poden inducir a erro e tamén porque queremos axudarlle ó usuario a profundar no coñecemento da lingua italiana. De xeito que, aínda que ás veces sexa evidente que unha determinada voz non pode significalo mesmo cá súa homónima (ou case homónima) na outra lingua, pretendemos responder a unha hipotética pregunta do usuario. Por exemplo, tal vez polo contexto non se confundiría o termo italiano *triviale* ('groseiro') con trivial (*banale*), pero nós queremos dar resposta á dúbida do usuario galego, que se pregunta cómo se dirá en italiano trivial, banal (V. tamén *battuta*, *montone*).

Ademais, a miúdo atopámo-lo problema de delimita-la extensión das acepcións. Aínda que sempre empregamos discriminacións de significado entre parénteses, para especifica-lo contido das equivalencias, ás veces non abonda con dar estas aclaracións. Con frecuencia o italiano e o galego coinciden en case tódalas acepcións, pero diverxen noutras, creándose dese xeito falsos amigos parciais. De non indicalo, o usuario galego tenderá a pensar que a voz italiana e o seu equivalente galego son iguais en canto ó contido. Nestes casos de diverxencia tamén engadímo-las correspondentes indicacións (V. *pittore*, *sec-care*).

Queremos agradecer-los bos consellos que nos prestaron desinteresadamente lingüistas tan prestixiosos coma Giovanni Moretti (Università per



Stranieri de Peruxia), Francesco Bruni (Università Ca' Foscari de Venecia), Alda Rossebastiano Bart (Università degli Studi de Turín) e, sobre todo, Alfonso D'Agostino (Università degli Studi de Milán) e Luca Serianni (Università "La Sapienza" de Roma) que non só nos orientaron senón que tamén aceptaron prologar esta obra.

Esperamos que este primeiro volume, que pronto será completado coa segunda parte da obra, sexa un instrumento útil para un mellor e máis correcto uso da lingua italiana e para profundar no seu coñecemento, como ponte de unión entre as culturas galega e italiana, que por primeira vez se comparan nun dicionario bilingüe.

Isabel González  
*Universidade de Santiago de Compostela*



# Guía de uso

Entrada do artigo

**merlo -a** s. **1 Merlo -a.** Il merlo è nero e ha il becco giallo. *O merlo é negro e ten o bico amarelo.* **2 (fig.) Inxenuo -a, cándido -a, miñaxoia.** Se credi alla storia che ti ha raccontato sei proprio un merlo. *Se lle cre-la historia que che contou es verdadeiramente un inxenuo.* **3 Amea.** La freccia non raggiunse il guerriero, protetto dietro i merli della torre. *A frecha non alcanzou o guerreiro, protexido detrás das ameas da torre.*

---

Acento tónico

**balocco** s.m. **Enredo, xoguete.** Mi regalava tanti balocchi quando ero bambino. *Regalábame moitos enredos cando era neno.* **OBS.:** pl. balocchi.

**acidità** s.f. inv. **1 Acidez, acedume.** La cipolla e il caffè provocano acidità di stomaco in alcune persone. *A cebola e o café provocan acidez de estómago nalgunhas persoas.* **2 (fig.) Acrítude.** Sono indifferente all'acidità del suo carattere. *Son indiferente á acritude do seu carácter.*

---

Remisión a outro artigo

**ravvicinare** V. **riavvicinare.**

---

Ordenación das categorías gramaticais e dos diferentes tipos de verbo con números romanos

**davanti I** adv. **1 Diante.** Me lo sono trovato davanti e non sono riuscito a evitarlo. *Atopeino diante e non fun capaz de evitalo.* **2 Por diante.** Hai tutta la vita davanti. *Tes toda a vida por diante.* **II** s.m. inv. **Parte dianteira.** Il davanti della casa è in pessime condizioni. *A parte dianteira da casa está en pésimas condicións.* La gonna si allaccia sul davanti. *A saia abróchase pola parte dianteira.* **# davanti a:** diante de, ante.

**recare I** v. tr. [aux. avere] **1 Traer.** Mi ha recato una buona notizia. *Tróuxome unha boa noticia.* **2 Causar, ocasionar, provocar.** Spero di non averti recato nessun problema. *Espero non terche causado ningún problema.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Ir (achegarse).** Si sono recati dai tuoi zii. *Foron onda os teus tíos.* **OBS.:** io reco, tu rechi; v. irreg. V. *táboa* 5.

Categoría gramatical do termo italiano

**livellare I** v. tr. [aux. avere] **1** *Nivelar, igualar, achaiar.* Non è necessario livellare le corsie di emergenza. *Non é necesario nivela-las beiravías.* **2** (fig.) *Nivelar, equilibrar, equiparar.* Hanno livellato le opportunità di promozione nel lavoro. *Nivelaron as oportunidades de ascenso no traballo.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Nivelar, equilibrar.* I piatti della bilancia non sono stati livellati. *Os pratos da balanza non se nivelaron.*

**qualsiasi** adx. indef. inv. *Calquera.* Farebbe qualsiasi cosa per aiutarti. *Faría calquera cousa por axudarte.*

Especificación gramatical

**referenza** s.f. (espec. en pl.) *Referencia, informe.* Per essere assunti in quella ditta sono necessarie delle ottime referenze. *Para ser contratado por esa empresa cómpre ter unhas óptimas referencias.* ♦ *Para referirse á 'referencia, alusión' emprégase o termo riferimento.*

**sazietà** s.f. inv. *Saciedade.* Ho mangiato a sazietà. *Comín ata a saciedade.*

Verbos auxiliares

**umiliare I** v. tr. [aux. avere] *Humillar.* L'ha umiliata davanti a tutti perché non aveva consegnato il lavoro in tempo. *Humillouna diante de todos porque non entregara o traballo a tempo.* **II** v. refl. [aux. essere] *Humillarse, abaixarse.* Si è umiliato andando a chiedere scusa, anche se non era stata colpa sua. *Humillouse indo pedir perdón, aínda que non fora culpa súa.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 7.*

Ordenación de acepcións con números arábigos

**napoletano -a I** adx. *Napolitano -ana.* Le canzoni napoletane sono conosciute in tutto il mondo. *As cancións napolitanas son coñecidas en todo o mundo.* **II** s. **1** *Napolitano -ana* (persoa). I napoletani furono tra i gruppi di emigranti più numerosi in America. *Os napolitanos estaban entre os grupos de emigrantes máis numerosos en América.* **2** (m. sing.) *Napolitano* (dialecto). Il napoletano è uno dei dialetti meridionali dell'Italia. *O napolitano é un dos dialectos meridionais de Italia.*

Sentidos recto e figurado

**tatto** *s.m.* **1 Tacto.** Questo tessuto è più ruvido al tatto di quell'altro. *Este tecido é máis áspero ó tacto ca aqueloutro.* **2 (fig.) Tacto, delicadeza, tento.** Cerca di avere tatto con lui quando lo informerai dell'incidente. *Procura ter tacto con el cando o informes do accidente.*

Nivel de lingua

**campare** *v. intr.* [*aux.* essere] (*pop.*) **Sobrevivir.** Dopo essere rimasto al verde, campava come poteva. *Despois de quedar sen un peso, sobrevivía como podía.* # **campa cavallo che l'erba cresce:** *aínda queda moito para acada-la meta;* **campare alla giornata:** *vivir ó día;* **campare di rendita:** *vivir de rendas;* **si campà!:** *jimos tirando!*

**cicca** *s.f.* **1 Cabicha.** Dopo aver fumato, non buttare per terra la cicca. *Despois de fumar, non tires ó chan a cabicha.* **2 (fam.) Goma de mascar.** Il bambino aveva sempre in tasca qualche cicca. *O neno sempre tiña no peto algunha goma de mascar.* **OBS.:** *pl. cicche.*

Campo científico ou técnico

**ellisse** *s.f.* (*Xeom., Astron.*) **Elipse.** L'asse maggiore di questa ellisse misura 20 centimetri. *O eixo máis grande desta elipse mide 20 centímetros.* La terra, nel suo movimento intorno al sole, descrive un'ellisse. *A terra, no seu movemento arredor do sol, describe unha elipse.*

**ellissi** *s.f. inv.* (*Gram.*) **Elipse.** La frase nominale prevede l'ellissi del verbo. *A frase nominal presupón a elipse do verbo.*

Equivalencias

**acquario** *s.m.* **Acuario.** I miei cugini hanno un acquario pieno di pesci colorati. *Os meus curmáns teñen un acuario cheo de peixes de cores.* Sei nato il 2 febbraio, quindi sei un Acquario. *Nacéche-lo 2 de febreiro, polo tanto es Acuario.*

**fungo** *s.m.* **1 Cogomelo.** Molti funghi sono commestibili. *Moitos cogomelos son comestibles.* **2 (Med.) Fungo.** Non sapevo di avere funghi ai piedi. *Non sabía que tiña fungos nos pés.* # **andare per funghi:** *apañar cogomelos;* **crescere come i funghi:** *medrar rapidamente e por todas partes;* **funghi porcini:** *boletos.* **OBS.:** *pl. funghi.*

Equivalencias para as palabras culturais

**fiaba** *s.f.* *Narración fantástica con abundancia de elementos máxicos e, a miúdo, de orixe popular.* **1** (aprox.) **Conto.** Mi piacciono molto le antiche fiabe nordiche. *Gústanne moito os antigos contos nórdicos.* **2** (aprox.) **Conto de fadas.** Ai bambini piacciono molto le fiabe. *Ós nenos gústalles moito os contos de fadas.*

**ricotta** *s.f.* **Tipo de requexo de vaca ou ovella que se obtén fervendo o soro do leite.** # **essere di ricotta:** *ser de manteiga, moi débil.*

Discriminacións de significado

**lezione** *s.f.* **1 Lección** (*nocións ensinadas*). Devo ancora studiare la lezione per domani. *Aínda teño que estudia-la lección para mañá.* **2 Clase** (*acción de ensinar*). Sono andate a lezione di spagnolo. *Foron a clase de español.* **3 Lección** (*ensinanza non académica*). Il suo atteggiamento è una lezione di tolleranza per tutti noi. *A súa actitude é unha lección de tolerancia para todos nós.* **4 Lección, escarmento.** Le ha dato una lezione e, davvero, se la meritava. *Deulle unha lección e, realmente, merecíaa.* # **frequentare le lezioni di una materia:** *asistir ás clases dunha materia.*

**mite** *adx.* **1 Benévolo -a, benevolente.** Mi ha spiegato in un modo mite che non avevo ragione ad arrabiarmi. *Explicoume dun xeito benévolo que non tiña razón para enfadarme.* **2 Manso -a, dócil.** Le mucche sono animali miti. *As vacas son animais mansos.* **3 Suave, moderado -a (clima).** Qui non nevicava mai perché le temperature sono miti. *Aquí non neva nunca porque as temperaturas son suaves.*

Exemplos en italiano coa súa traducción ó galego

**falso -a I adx. Falso -a.** Una falsa notizia aveva seminato il panico fra la popolazione. *Unha falsa noticia sementara o pánico entre a poboación.* Sono in circolazione molte banconote false. *Están en circulación moitos billetes falsos.* La sua falsa gentilezza nasconde un interesse personale. *A sua falsa amabilidade esconde un interese persoal.* **II s.m.** **1 Falsidade.** Non sempre è facile distinguere il falso dal vero. *Non sempre é fácil distingui-la falsidade da verdade.* **2 Falsificación** (*dunha obra de arte*). Nel mercato d'arte bisogna stare molto attenti ai falsi. *No mercado da arte cómpre estar moi atentos ás falsificacións.* # **falsa modestia:** *falsa modestia;* **falso allarme:** *falsa alarma;* **falso magro:** *persoa que semella delgada pero que non o é;* **giurare il falso:** *xurar en falso;* **mettere sotto falsa luce:** *falar mal, falsamente de alguén;* **oro falso** (*fig.*): *ouropel.*

## Fraseoloxía

**buonanotte** *interx.* **Boas noites.** Vado a dormire, buonanotte. *Vou durmir, boas noites.* # **buonanotte!** / **buonanotte ai suonatori!**: *¡acabouse!, non hai nada que facer;* **buonanotte e sogni d'oro:** *boas noites, que durmas ben;* **dare la buonanotte:** *dá-las boas noites.* **OBS.:** *en sentido recto, úsase só antes de ir durmir; tamén se pode dicir buona notte.*

## Observacións

**erōe -ina** *s.* **1 Heroe heroína, semideus semideusa.** Gli eroi della mitologia greca. *Os heroes da mitoloxía grega.* **2 Heroe heroína** (*persoa valorosa*). Ha salvato molte persone dall'incendio; è stato un eroe. *Salvou moitas persoas do incendio; foi un heroe.* **OBS.:** *fai o f. irreg. eroína.*

**incitare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Incitar.** Con il suo discorso ci incitava a ribellarci. *Co seu discurso incitábanos a rebelarnos.* **OBS.:** *io incito / incito; v. irreg. V. táboa 1.*

**provocare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Provocar, ocasionar, producir.** La sua battuta ha provocato la risata generale. *O seu comentario provocou un riso xeral.* **2 Provocar** (*incitar*). Se lo provochi reagisce con violenza. *Se o provocas reacciona con violencia.* **OBS.:** *io provoco, tu provochi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**puzzle** *s.m. inv.* **Quebracabezas, crebacabezas.** Gli hanno regalato un puzzle di 5000 pezzi. *Regaláronlle un quebracabezas de 5000 pezas.* **OBS.:** *pronúnciase /pazl/.*

## Falsos amigos léxicos

**disgusto** *s.m.* **Repugnancia, noxo.** Prendeva uno sciroppo dolciastro e faceva smorfie di disgusto. *Tomaba un xarope dulzón e facía carantoñas coa repugnancia.* ♦ *Para referirse a 'desgusto' en italiano emprégase o termo dispiacere.*

**vacillare** *v. intr.* [*aux. avere*] **1 Vacilar.** Vacillava sulle gambe come se avesse bevuto. *Vacilábanlle as pernas como se bebera.* La fiamma vacillò e poi si spense. *A chama vacilou e despois apagouse.* **2** (*fig.*) **Cambaleare** (*perder forza*). Il governo vacilla. *O governo cambalea.* # **vacillare la memoria:** *perder memoria.* ♦ *Para referirse a 'vacilar, dubidar' en italiano emprégase o termo titubare.*





# *Lista de abreviaturas*

adv.	adverbio	Fot.	Fotografía
adx.	adxectivo	impers.	impersoal
Anat.	Anatomía	indef.	indefinido
Arquit.	Arquitectura	indet.	indeterminado
art.	artigo	Inform.	Informática
Astrol.	Astroloxía	interrog.	interrogativo
Astron.	Astronomía	interx.	interxección
Autom.	Automóbil	intr.	intransitivo
aux.	auxiliar	inv.	invariable
Biol.	Bioloxía	irón.	irónico
Bot.	Botánica	irreg.	irregular
col.	coloquial	Ling.	Lingüística
compar.	comparativo	lit.	literario
conx.	conxunción	Lit.	Literatura
dem.	demonstrativo	loc.	locución
Dep.	Deportes	m.	masculino
depect.	despectivo	Mar.	Marítima
Der.	Dereito	Mat.	Matemáticas
det.	determinado	Mec.	Mecánica
Econ.	Economía	Med.	Medicina
Elec.	Electricidade	Mús.	Música
espec.	especialmente	num.	numeral
Espec.	Espectáculo	OBS.	observación
exclam.	exclamativo	part.	participio
ext.	extensión	pas.	pasado
f.	feminino	pers.	persoal, persoa
fam.	familiar	Pint.	Pintura
fig.	figurado	pl.	plural
Filos.	Filosofía	Pol.	Política
Fís.	Física	pop.	popular

pos.	posesivo
prep.	preposición
pron.	pronome, pronominal
Quím.	Química
recíp.	recíproco
refl.	reflexivo
rel.	relativo
Relix.	Relixión
Ret.	Retórica
s.	substantivo
sim.	similar
sing.	singular
**adattare I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Adaptar, axustar.** Adatterò la sedia alla tua misura. *Adaptarei a cadeira á túa medida.* **2 Transformar, converter.** Hanno adattato il pianterreno a negozio. *Transformaron a planta baixa en comercio.* **II** *v. intr. pron.* [aux. essere] **1 Adaptarse, axustarse.** Quell'abito scuro si adattava benissimo alla cerimonia. *Aquel traxe escuro adaptábase moi ben á cerimonia.* **2 Adaptarse.** Suo figlio si è adattato alla nuova scuola. *O seu fillo adaptouse á nova escola.*

**adatto -a** *adx.* **Adecuado -a, axeitado -a, idóneo -a.**

Lui era la persona adatta per quel lavoro. *El era a persoa adecuada para aquel traballo.* # **film adatto solo agli adulti:** *filme apto só para adultos.*

**addebitare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Cargar na conta.** Mi hanno addebitato la fattura del telefono. *Cargáronme na conta a factura do teléfono.* **2** (fig.) **Atribuír, achacar.** Gli addebitano la responsabilità dell'incidente stradale. *Atribúenlle a responsabilidade do accidente de tráfico.* **OBS.:** io addebito; *v. irreg. V. táboa I.*

**addebito** *s.m.* **Cargo na conta.** Gli addebiti della carta di credito arrivano i primi del mese. *Os cargos na conta da tarxeta de crédito chegan a primeiros de mes.* # **muovere un addebito contro qualcuno:** *acusar ou responsabilizar a alguén de algo.*

**addensarsi** *v. intr. pron. e refl.* [aux. essere] **1 Facerse máis denso -a.** Nel pomeriggio la nebbia si è addensata. *Pola tarde a néboa fíxose máis densa.* **2 Apiñarse, amorearse.** Il pubblico si addensava per entrare nel teatro. *O público apiñábase para entrar no teatro.*

**addentrarsi** *v. intr. pron.* [aux. essere] **Internarse, entrar.** Il ragazzo si addentrò nel bosco e si perse. *O rapaz internouse no bosque e perdeuse.*

**addestramento** *s.m.* **Adestramento.** Sarai pronto per la competizione dopo un periodo d'addestramento. *Estarás preparado para a competición despois dun periodo de adestramento.*

**addestrare I** *v. tr.* [aux. avere] **Adestrar.** In quella palestra l'hanno addestrato in sport diversi. *Naquel ximnasio adestrárono en deportes diferentes.* **II** *v. refl.* [aux. essere] **Adestrarse, exercitarse.** Durante il servizio militare si è addestrato nell'uso delle armi. *Durante o servício militar adestrouse no uso das armas.*

**addetto -a I** *adx.* **1 Encargado -a.** La direzione dell'albergo ha licenziato due degli impiegati addetti alla cucina. *A dirección do hotel despediu a dous dos empregados encargados da coziña.* **2 Destinado -a, dedicado -a.** Quel treno aveva tre vagoni addetti al trasporto merci. *Aquel tren tiña tres vagóns destinados ó transporte de mercancías.* **II** *s.* **1 Encargado -a.** Gli addetti al ristorante sono molto gentili. *Os encargados do restaurante son moi amables.* **2 Agregado -a** (na diplomacia). L'esposizione del pittore olandese è stata inaugurata dall'addetto culturale dell'ambasciata. *A exposición do pintor holandés foi inaugurada polo agregado cultural da embaixada.* ♦ *Para referirse ó 'adepo, seguidor' en italiano pódense empregar-los termos adepto ou seguace, para referirse ó 'adicto (droga)' dependente ou tóxicodipendente.*

**addio I** *interx.* **Adeus.** Ci disse: Addio! Non tornerò più. *Díxonos: ¡Adeus! Non volverei máis.* **II** *s.m.* **Adeus.** Tutti i suoi amici erano andati a dargli l'ultimo addio. *Tódolos seus amigos foran darlle o último adeus.* # **dare l'addio a un luogo:** *afastarse para sempre dun lugar;* **dire addio a qualcuno / qualcosa:** *alongarse / renunciar a alguén / a algo;* **serata d'addio:** *función de despedida.* **OBS.:** *en italiano utilízase este termo espec. cando se trata dunha despedida definitiva; pl. adii.*

**addirittura** *adv.* **1** *Absolutamente, verdadeiramente.* Ciò che dici è addirittura incredibile. *O que dis é absolutamente increíble.* **2** *Incluso, ata, mesmo.* È coltissimo, conosce addirittura l'astronomia. *É cultísimo, sabe incluso de astronomía.* **OBS.:** *nesta acep. ten as máis das veces valor enfático.* **3** *Nada menos.* Hai ancora fame dopo aver mangiato addirittura due piatti di pasta! *¡Tes aínda fame despois de comer nada menos que dous pratos de pasta!*

**additare** *v. tr.* [*aux.* avere] (*fig.*) **Indicar.** Additava quel ragazzo come esempio per tutti. *Indicaba aquel rapaz como exemplo para todos.*

**addizione** *s.f.* (*Mat.*) **Suma, adición.** L'addizione è stata la prima operazione aritmetica che ho imparato a scuola. *A suma foi a primeira operación aritmética que aprendín na escola.* ♦ *Para referirse á 'adición (droga)' emprégase o termo dipendenza ou tossicodipendenza.*

**addolcire I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1** *Adozar, dulcificar.* Ho addolcito il tè con un po' di miele. *Adocei o té cun pouco mel.* **2** (*fig.*) *Adozar, dulcificar.* La moglie è riuscita ad addolcire il suo carattere. *A muller conseguiu adoza-lo seu carácter.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] (*fig.*) **Suavizar.** In questi giorni si è addolcita la temperatura. *Estes días suavizaron as temperaturas.* **OBS.:** *io addolcisco, tu addolcisci.*

**addolorare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Aflixir, magoar.** Le ultime notizie sul colpo di Stato nel suo paese l'hanno addolorato profondamente. *As últimas noticias sobre o golpe de estado no seu país aflixírono profundamente.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Aflixirse.** Si è addolorata molto quando ha saputo il risultato dell'esame. *Aflixiuse moito cando soubo o resultado do exame.*

**addome** *s.m.* **Abdome.** Avevo un forte dolore all'addome e mi hanno fatto un'ecografia. *Tiña unha forte dor no abdome e fixéronme unha ecografía.*

**addomesticare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Domesticar, domar, amansar.** Lavora nel circo e addomestica i leoni. *Traballa no circo e domestica os leóns.* **OBS.:** *io addomestico, tu addomestichi; v. irreg. V. táboas I e 5.*

**addormentare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Adormentar, adurmiñar.** Ho cercato per un'ora di addormentare il

bambino. *Intentei durante unha hora adormenta-lo neno.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **1** *Adormecer.* Era molto stanco e si addormentò davanti alla televisione. *Estaba moi canso e adormeceu diante da televisión.* **2** *Quedar durmido -a.* Ha preso un tranquillante e si è addormentato. *Tomou un tranquilizante e quedou durmido.*

**addossare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1** *Arrimar, achegar, acercar.* Hanno addossato il divano alla parete per lasciare libero il passaggio. *Arrimaron o sofá á parede para deixar libre o paso.* **2** (*fig.*) **Atribuír, adxudicar, asignar.** Gli addossarono troppe responsabilità. *Atribuíronlle demasiadas responsabilidades.*

**addosso** *adv.* **Encima, enriba** (*da persoa*). Portava addosso tutto l'oro che aveva. *Levaba encima todo o ouro que tiña.* # **addosso a:** *encima de, moi preto;* **avere il diavolo addosso:** *te-lo demo no corpo;* **avere la maledizione addosso:** *ter enriba unha maldición;* **avere molti anni addosso:** *ter moitos anos;* **mettere le mani addosso a qualcuno:** *pegarlle a alguén;* **stare addosso a qualcuno:** *estar encima de alguén amolándoo.*

**adeguare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Adecuar, acomodar, adaptar.** Bisogna adeguare lo stipendio al costo della vita. *Hai que adecua-lo soldo ó custo da vida.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Adecuarse, acomodarse, adaptarse.** Non ci resta che adeguarci alla situazione. *Non nos queda nada máis que adecuar nos á situación.* **OBS.:** *io adeguo*

**adempire I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Cumprir, executar.** Ha adempiuto il comando con prontezza. *Cumpriu a orde con prontitude.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Cumprirse.** Tutti temono che si adempia quella profezia. *Todos temen que se cumpra aquela profecía.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 14.*

**adempimento** *s.m.* **Cumprimento.** È morto nell'adempimento del proprio dovere. *Morreu no cumprimento do seu deber.*

**adempire** *V. adempire.*

**adepto -a** *adx.* **Adepto -a, seguidor -ora.** La setta di cui hanno parlato alla radio ha più di mille adepti. *A secta da que falaron na radio ten máis de mil adeptos.*

**aderente I** *adx.* **Axustado -a.** Indossava un vestito aderente che le stava molto bene. *Levaba un vestido axustado que lle quedaba moi ben.* **II** *s.* **Partidario -a.** Nella riunione sono venuti tutti gli aderenti alla proposta. *Á reunión viñeron tódolos partidarios da proposta.* ♦ *Para referirse a 'adherente, adhesivo' en italiano emprégase o termo adesivo.*

**aderenza** *s.f.* **Adherencia, adhesión.** Queste ruote garantiscono una perfetta aderenza. *Estas rodas garanten unha perfecta adherencia.*

**aderire** v. intr. [aux. avere] **1 Adherir(se)**. Metti sulla ferita una benda e un cerotto che aderisca bene. *Pon sobre a ferida unha venda e un esparadrapo que (se) adhire ben.* **2 (fig.) Adherirse**. Ha aderito a quel partito tanto tempo fa. *Adheriuse a aquel partido hai moito tempo.* **OBS.:** io aderisco, tu aderisci.

**adesione** s.f. **Adhesión**. Contiamo sulla tua adesione al nostro progetto. *Contamos coa túa adhesión ó noso proxecto.*

**adesivo -a** **I** adx. **Adhesivo -a**. Avete usato una sostanza adesiva troppo forte per incollare il libro. *Usastes unha substancia adhesiva demasiado forte para pega-lo libro.* **II s.m. 1 Cola**. Comprate un adesivo che non sia tossico. *Comprade unha cola que non sexa tóxica.* **2 Adhesivo**. Ha la cartella piena di adesivi di calciatori. *Ten a carteira da escola chea de adhesivos de futbolistas.*

**adesso** adv. **Agora, arestora**. Adesso sto studiando, ma vengo subito. *Agora estou estudiando, pero vou de seguida.* **# per adesso:** *por agora;* **adesso capisco:** *xa entendo;* **da adesso in poi:** *de agora en diante.*

**adolescente** **I** adx. **Adolescente**. Romeo e Giulietta racconta la storia di un amore adolescente. *'Romeu e Xulieta' conta a historia dun amor adolescente.* **II s. Adolescente**. È professore e conosce bene i problemi degli adolescenti. *É profesor e coñece ben os problemas dos adolescentes.*

**adolescenza** s.f. **Adolescencia**. L'adolescenza è un periodo critico per molti giovani. *A adolescencia é un período crítico para moitos mozos.*

**adoperare** **I** v. tr. [aux. avere] **Usar, utilizar**. È meglio che adoperi le forbici per tagliare la carta. *É mellor que use-la tesoirra para corta-lo papel.* **II v. refl.** [aux. essere] **Esforzarse**. Ci siamo adoperati molto per ottenere quel lavoro. *Esforzámonos moito por acadar aquel traballo.* **OBS.:** io adopero; v. irreg. *V. táboa 1.*

**adorare** v. tr. [aux. avere] **Adorar** (tamén fig.). Molte culture antiche adoravano il sole. *Moitas culturas antigas adoraban o sol.* Fin da bambino adora i suoi nonni. *Dende neno adora os seus avós.*

**adorazione** s.f. **Adoración** (tamén fig.). I pellegrini, inginocchiati, manifestavano la loro adorazione per la Madonna. *Os peregrinos, axeonllados, manifestaban a súa adoración pola Virxe.* Hanno una vera adorazione per i loro figli. *Senten unha verdadeira adoración polos seus fillos.*

**adornare** v. tr. [aux. avere] **Adornar**. Per la cerimonia hanno adornato l'altare con gigli. *Para a cerimonia adornaron o altar con lirios.*

**adottare** v. tr. [aux. avere] **1 Adoptar, porfillar**. Non potendo avere figli, adottarono un bambino. *Como non podían ter fillos, adoptaron un neno.* **2 (fig.) Adoptar**. Adottare le idee altrui. *Adopta-las ideas*

*alleas.* Adottare misure drastiche. *Adoptar medidas drásticas.*

**adottivo -a** adx. **Adoptivo -a** (tamén fig.). Quel signore è il padre adottivo della mia ragazza. *Aquel señor é o pai adoptivo da miña moza.* Dopo tanti anni si può dire che questa sia la sua patria adottiva. *Despois de tantos anos pódese dicir que esta é a súa patria adoptiva.*

**adozione** s.f. **Adopción** (tamén fig.). Stanno durando troppo le pratiche di adozione. *Están durando demasiado os trámites de adopción.* Siamo d'accordo con l'adozione di un programma più ridotto. *Estamos de acordo coa adopción dun programa máis reducido.*

**adulare** v. tr. [aux. avere] **Adular, afagar**. Aveva sempre intorno un gruppetto di persone che lo adulavano. *Sempre tiña arredor un grupiño de persoas que o adulaban.* **OBS.:** io adulo.

**adulazione** s.f. **Adulación**. L'adulazione è una sorta di servilismo. *A adulación é un tipo de servilismo.*

**adulterare** v. tr. [aux. avere] **Adulterar**. Hanno adulterato questo liquore per guadagnare più soldi. *Adulteraron este licor para ganar máis cartos.* **OBS.:** io adultero; v. irreg. *V. táboa 1.*

**adulterio** s.m. **Adulterio**. L'ha accusata d'adulterio, ma non aveva prove. *Acusouna de adulterio, pero non tiña probas.*

**adulto -a** **I** adx. **Adulto -a**. Persona adulta. *Persoa adulta.* Animale adulto. *Animal adulto.* **II s. Adulto -a**. Il bambino guardava con diffidenza il mondo degli adulti. *O neno miraba con desconfianza o mundo dos adultos.*

**adunare** **I** v. tr. [aux. avere] **Reunir, xuntar**. Ha adunato i soldati. *Reuniu os soldados.* **II v. intr. pron.** [aux. essere] **Reunirse, xuntarse**. Si sono adunati in piazza dopo una sfilata di due ore. *Reuníronse na praza despois dun desfile de dúas horas.*

**agreo -a** **I** adx. **Aéreo -a**. L'hanno scoperto quando è entrato nel loro spazio aereo. *Descubrirono cando entrou no seu espacio aéreo.* **II s.m. Avión**. C'è molta gente che ha paura di viaggiare in aereo. *Hai moita xente que ten medo de viaxar en avión.*

**aeroplano** s.m. **Aeroplano**. L'aeroplano ha fatto fatica ad atterrare. *Ó aeroplano custoulle traballo aterrar.*

**aeroporto** s.m. **Aeroporto**. Hanno modernizzato l'aeroporto. *Modernizaron o aeroporto.*

**afa** s.f. **Bochorno, calmizo, fogaxe**. D'estate l'afa è particolarmente insopportabile in città. *Polo verán o bochorno é particularmente insoportable na cidade.*

**affabile** adx. **Afable**. Era così affabile che saremmo rimasti volentieri ad ascoltarlo ancora un'ora. *Era*



*tan afable que quedariamos de bo gusto a escoitalo unha hora máis.*

**affabilità** s.f. inv. **Afabilidade**. Era conosciuto da tutti per la sua affabilità. *Era coñecido por todos pola súa afabilidade.*

**affacciarsi** v. refl. [aux. essere] **1 Asomarse**. Mi affacerò alla finestra e darò un'occhiata. *Asomareime á fiestra e botarei unha ollada.* **2 Dar a** (*estar orientado*). Il terrazzino si affacciava alla collina. *A terraciña daba ó outeiro.*

**affamato -a** adx. **Esfameado -a, famento -a, afamado -a**. Oggi sono affamata, cosa c'è da mangiare? *Hoxe estou esfameada, ¿que hai para comer?* ♦ *Para referirse ó 'afamado, famoso' en italiano emprégase o termo famoso.*

**affanno** s.m. **1 Arquexo, bafexo**. Ogni volta che salgo le scale mi prende l'affanno. *Cada vez que subo as escaleiras danme arquexos.* **2 (fig.) Angustia, ansiedade**. Gli provoca affanno restare chiuso nell'ascensore. *Provócalle angustia quedar pechado no ascensor.* ♦ *Para referirse ó 'afán' en italiano emprégase o termo impegno.*

**affare** s.m. **1 Asunto, cuestión**. È un affare che importa a noi tutti. *È un asunto que nos importa a todos nós.* **2 (Com.) Negocio**. Essere un'uomo d'affari. *Ser un home de negocios.* Viaggio d'affari. *Viaxe de negocios.* **3 (fam.) Chisme, chintófano**. Fammi il piacere, prendi quell'affare e portalo via. *Fai o favor, colle ese chisme e lévao de aí.* # **è un affare: é unha ganga; è un brutto affare: é un mal asunto; Ministero degli Affari Esteri: Ministerio de Asuntos Exteriores; non sono affari tuoi: non son cousas túas.**

**affascinante** adx. **Fascinante, abraiante, cativador -ora**. Aveva degli occhi scuri, grandi, affascinanti. *Tiña uns ollos escuros, grandes, fascinantes.*

**affascinare** v. tr. [aux. avere] **Fascinar, abraiar, cativare**. Mi affascina il suo modo di essere. *Fasciname o seu xeito de ser.* **OBS.:** io affascinino; v. irreg. *V. táboa 1.*

**affaticare I** v. tr. [aux. avere] **Fatigar, cansar**. Secondo me, affatichi la vista a leggere con così poca luce. *Na miña opinión, fatiga-la vista ó leres con tan pouca luz.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Fatigarse, cansarse**. Si affatica a camminare in salita, dovrebbe fare più sport. *Fatigase ó subir unha costa, debería facer máis deporte.* **2 Preocuparse**. Si affaticava per portare qualcosa da mangiare ai suoi figli. *Preocupábase por levarlles algo que comer ós seus fillos.* **OBS.:** io affatìco, tu affatìchi; v. irreg. *V. táboa 5.*

**affatto** adv. **En assoluto, nada**. Questo scherzo non mi sembra affatto divertente. *Esta broma non me parece divertida en absoluto.*

**affermare I** v. tr. [aux. avere] **Afirmar, asegurar**. Il testimone affermò di averli visti nei dintorni il giorno dell'assassinio. *A testemuña afirmou que os vira nos arredores o día do asasinato.* **II** v. refl. [aux. essere] **Destacar**. Possiamo dire che questo libro si affermerà rapidamente sul mercato. *Podemos dicir que este libro destacará rapidamente no mercado.*

**affermativo -a** adx. **Afirmativo -a**. Le prove hanno dato risultato affermativo. *As probas deron un resultado afirmativo.*

**affermazione** s.f. **1 Afirmación**. Le sue affermazioni non hanno convinto nessuno. *As súas afirmacións non convenceron a ninguén.* **2 Éxito, triunfo**. Chi avrebbe sospettato dieci anni fa l'affermazione di questo musicista? *¿Quen sospeitaria fai dez anos o éxito deste músico?*

**afferrare I** v. tr. [aux. avere] **1 Aferrar, agarrar, suxeitar**. Afferravo le briglie con forza per la paura che il cavallo mi buttasse per terra. *Aferraba as bridas con forza por medo a que o cabalo me botase ó chan.* **2 (fig.) Aproveitar**. Dai! Afferra l'occasione adesso che si presenta. *¡Veña! Aproveita a ocasión agora que se presenta.* **3 (fig.) Captar, entender**. Dopo la conversazione di ieri ho afferrato la profondità del tuo progetto. *Trala conversación de onte captei a profundidade do teu proxecto.* **II** v. refl. [aux. essere] **Aferrarse, agarrarse (tamén fig.)** Afferrarsi a un ramo. *Aferrarse a unha póla.* Afferrarsi a un'idea. *Aferrarse a unha idea.*

**affettare** v. tr. [aux. avere] **1 Torar, rodar (carne, peixe, froita)**. Affetti il merluzzo mentre sbuccio le patate? *¿Tóra-la pescada mentres pelo as patacas?* **2 Cortar en liscos (queixo, embutidos)**. Ha affettato un po' di prosciutto e l'ha messo come antipasto. *Cortou en liscos un pouco de xamón e púxo o como entrante.* **3 Rebandar, cortar en rebandas (pan...)**. Affetterò poco pane perché ieri ne è avanzato troppo. *Rebandarei pouco pan porque onte sobrou demasiado.* **4 Afectar, aparentar**. Affettava generosità in certi ambienti, ma in casa era un avaro. *Afectaba xenerosidade en certos ambientes, pero na casa era un avaro.* ♦ *Para referirse a 'afectar, impresionar' en italiano empréganse os termos colpire ou impressionare.*

**affettato -a I** part. pas. de affettare e adx. **1 Cortado -a en toros (carne, peixe, froita)**. Arrosto di vitello affettato. *Asado de tenreira cortado en toros.* **2 Cortado -a en liscos (queixo, embutidos)**. Lardo affettato. *Touciño cortado en liscos.* **3 Rebandado -a, cortado -a en rebandas (pan...)**. Pane affettato. *Pan rebandado.* **II** s.m. **Embutido cortado en liscos.** **4 Afectado -a, amaneirado -a**. Il suo affettato modo di esprimersi ci faceva ridere. *O seu afectado xeito de expresarse facíanos rir.*

**affettivo -a** *adx.* **Afectivo -a.** Si trattava di un rapporto affettivo capace di superare ogni ostacolo. *Tratábase dunha relación afectiva capaz de superar tódolos obstáculos.*

**affetto** *s.m.* **Cariño, afecto, benquerencia.** Gli mancava l'affetto dei suoi, anche se presto li avrebbe rivisti. *Faltáballe o cariño dos seus, aínda que pronto os volvería ver.*

**affettuoso -a** *adx.* **Cariñoso -a, afectuoso -a.** È un bambino molto affettuoso, come i suoi fratelli. *È un neno moi cariñoso, coma seus irmáns.*

**affezionarsi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Encariñarse.** Si sono molto affezionati a te perché sei sempre gentile e affettuosa con loro. *Encariñáronse moito contigo porque es sempre amable e cariñosa con eles.* ♦ *Para referirse a 'afeccionarse' en italiano empréganse as expresións prendere l'abitudine di, abituarsi.*

**affiancare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Poñer ó lado de.** Hanno affiancato una colonna di fanti a un'altra. *Puxeron unha columna de soldados de infantería ó lado doutra.* **2 (fig.) Axudar (apoiar).** Sono contento che ci affianchino questi specialisti. *Estou contento de que nos axuden estes especialistas.* **OBS.:** io affianco, tu affianchi; *v. irreg. V. táboa 5.*

**affidabile** *adx.* **Fiable, fidedigno -a.** L'informazione che ci hanno dato è assolutamente affidabile. *A información que nos deron é absolutamente fiable.*

**affidare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Confiar, encomendar.** Vi hanno affidato un incarico ma ve ne siete dimenticati. *Confiáronvos un encargo pero esquecéstesvos del.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Confiarse, abandonarse a.** Si è affidato completamente alla sorte. *Confíouse completamente á sorte.*

**affievolire I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Debilitar.** La malattia lo affievolisce di giorno in giorno. *A enfermidade debilitao día tras día.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Debilitarse (tamén fig.).** La luce si è affievolita a causa di un abbassamento di energia. *A luz debilitouse a causa dunha baixada de enerxía.* I battiti del cuore si affievolivano a poco a poco. *Os latexos do corazón debilitábanse pouco a pouco.* Non si affievolirà mai la nostra amicizia. *Nunca se debilitará a nosa amizade.* **OBS.:** io affievolisco, tu affievolisci.

**affiggere** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Pegar, apegar, fixar.** Abbiamo affisso moltissimi avvisi per annunciare la nostra festa. *Pegamos moitísimos cartéis para anunciar a nosa festa.* **2 Poñer, pór, colocar.** Affiggeranno l'annuncio in bacheca. *Poñerán o anuncio no taboleiro.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 68.*

**affilare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Afiar, aguzar.** Dopo aver affilato la lama del coltello ho tagliato l'arrosto come se fosse burro. *Despois de ter afiado a folla do coitelo cortei o asado como se fose manteiga.* **2**

(*fig.*) **Enmagreecer.** La malattia ha affilato il suo viso. *A enfermidade enmagreceu o seu rostro.* # **affilare una matita:** *afiar un lapis.*

**affiliarsi** *v. refl.* [*aux.* essere] **Afiliarse.** Appena potrò mi affilierò al partito. *Tan pronto como poida afiliarme ó partido.*

**affinché** *conx.* **Para que.** Lascero tutto fatto affinché tu non abbia bisogno di cucinare. *Deixareino todo feito para que ti non teñas que cocinar.*

**affine** *adx.* **Afin, análogo -a, semellante.** Caratteri affini. *Caracteres afíns.* Lingue affini. *Linguas afíns.* Teorie affini. *Teorías afíns.*

**affinità** *s.f. inv.* **Afinidade, analoxía, semellanza.** È sorprendente la vostra affinità, avete perfino gli stessi gusti. *È sorprendente a vosa afinidade, incluso téde-los mesmos gustos.*

**affiorare** *v. intr.* [*aux.* essere] **1 Aflorar, emerxer.** Dalle acque affiorò un oggetto di legno, simile a un remo. *Das augas aflorou un obxecto de madeira, similar a un remo.* **2 (fig.) Aflorar, mostrarse.** Quando ti allontanerai da questo ambiente sono certo che affiorerà il tuo vero modo di essere. *Cando te afastes deste ambiente estou seguro de que aflorará o teu verdadeiro xeito de ser.*

**affisso -a** *part. pas.* de affiggere e *adx.* **Pegado -a, apegado -a, fixado -a.** Volevano strappare il messaggio affisso sul portone. *Querían arrinca-la mensaxe pegada no portal.*

**affittare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Alugar, arrendar.** In questo negozio affittano biciclette. *Neste comercio alugan bicicletas.* Vogliamo affittare un appartamento che sia vicino al lavoro. *Queremos alugar un apartamento que estea preto do traballo.*

**affitto** *s.m.* **1 Aluguer, alugamento, arrendo.** Il contratto d'affitto di questa villa è molto vecchio. *O contrato de aluguer deste chalé é moi vello.* **2 Renda, aluguer.** Questi sono i soldi per pagare l'affitto. *Estes son os cartos para paga-la renda.* # **dare / prendere in affitto:** *alugar.*

**affliggere I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Aflixir, magoar.** I problemi familiari lo affliggono profondamente. *Os problemas familiares aflixeno profundamente.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Aflixirse, desconsolarse.** Ti affliggi spesso, soprattutto quando non ti diamo retta. *Aflixeste a miúdo, sobre todo cando non che facemos caso.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 49.*

**afflizione** *s.f.* **Aflición, afliximento, desconsolo.** Il dolore che gli provoca la malattia è motivo d'afflizione per i figli. *A dor que lle provoca a enfermidade é motivo de aflición para os fillos.*

**affluente** *s.m.* **Afluente**. Il fiume Po ha molti affluenti. *O rio Po ten moitos afluentes.*

**affluenza** *s.f.* **1 Afluencia, afluxo**. L'eccessiva affluenza di merci al magazzino l'ha costretto ad assumere più impiegati. *A excesiva afluencia de mercancias ó almacén obrigouno a contratar máis empregados.* **2 Afluencia, concorrencia**. L'affluenza di pubblico superò tutte le aspettative. *A afluencia de público superou tódalas expectativas.*

**affluire** *v. intr.* [aux. essere] **1 Afluir**. Dopo le piogge, le acque del fiume affluivano con forza verso il mare. *Despois das chuvias, as augas do río afluían con forza cara ó mar.* **2 (fig.) Afluir, chegar**. Il pubblico affluiva in massa allo stadio. *O público aflúia en masa ó estadio.* **OBS.:** io affluisco, tu affluisci.

**affogare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **Afogar** (*tamén fig.*). Il maniaco affogava le sue vittime nella vasca da bagno. *O maniaco afogaba as súas victimas na bañeira.* Crede di poter affogare le proprie pene nell'alcol. *Cre que pode afoga-las súas penas no alcol.* **II** *v. intr.* [aux. essere] **Afogar**. Tutto l'equipaggio affogò nel naufragio. *Toda a tripulación afogou no naufraxio.* **III** *v. refl.* [aux. essere] **Afogarse** (*suicidarse*). Si è affogato nel fiume. *Afougouse no río.* **IV** *v. intr. pron.* [aux. essere] **Afogar** (*involuntariamente*). Non sapeva nuotare e si affogò. *Non sabía nadar e afogou.* **OBS.:** io affogo, tu affoghi; *v. irreg. V. táboa 6.*

**affollamento** *s.m.* **Aglomeración de xente**. Nelle vie del centro c'era un tale affollamento che non si poteva camminare. *Nas rúas do centro había tal aglomeración de xente que non se podía camiñar.*

**affollare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **Abarrotar, encher completamente** (*de xente*). Questa compagnia è riuscita ad affollare il teatro. *Esta compañía conseguiu abarrotar-lo teatro.* **II** *v. intr. pron.* [aux. essere] **Amontoarse, amorearse** (*a xente*). I manifestanti si affollavano davanti al comune. *Os manifestantes amontoábanse diante da casa do concello.*

**affondare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **Afundir**. Appena entrati nel porto affondarono l'ancora. *Tan pronto como entraron no porto afundiron a áncora.* **II** *v. intr.* [aux. essere] **Afundirse**. La nave è affondata a causa della forte tempesta. *O barco afundiuse a causa da forte tempestade.*

**affresco** *s.m.* (*Pint.*) **Fresco**. In questa basilica possiamo ammirare antichi affreschi. *Nesta basilica podemos admirar antigos frescos.* **OBS.:** *pl.* affreschi.

**affrettare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **Apresurar, acelerar**. Devi affrettare il passo se vuoi arrivare in tempo. *Tes que apresura-lo paso se queres chegar a tempo.* **II** *v. intr. e refl.* [aux. essere] **Apresurarse, bulir**. Affrettatevi! È tardi. *¡Apresurádevos! É tarde.*

**affrontare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Afrontar, encarar**. Bisogna affrontare il problema con decisione. *Hai que afronta-lo problema con decisión.* **2 Afrontar, enfrontarse con**. Non si arresero e affrontarono il nemico. *Non se renderon e afrontaron o inimigo.* **II** *v. refl. recíp.* [aux. essere] **Enfrontarse** (*en combates*). I cavalieri medioevali si affrontavano nei tornei. *Os cabaleiros medievais enfrontábanse nos torneos.*

**affronto** *s.m.* **Afronta, aldraxe, inxuria**. Non sopporterò più i tuoi affronti! *¡Non aturarei máis as túas afrontas!*

**affumicare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Afumar(se), encher(se) de fume**. Hai lasciato bruciare la carne nel forno e ha affumicato tutta la cucina. *Deixaches queima-la carne no forno e afumou(se) toda a cociña.* **2 Afumar(se), manchar(se) de fume**. Il camino sta affumicando tutta la parete. *A cheminea está afumando toda a parede.* **3 Afumar** (*un alimento*). A casa sua, in paese, affumicano i prosciutti. *Na súa casa, na aldea, afuman os xamóns.* **OBS.:** io affumico, tu affumichi.

**afoso -a** *adx.* **Sufocante, bochornoso -a**. D'estate Venezia è spesso umida e afosa. *Polo verán Venecia é a miúdo húmida e sufocante.*

**africano -a** **I** *adx.* **Africano -a**. Il continente africano ha un clima tropicale. *O continente africano ten un clima tropical.* **II** *s.* **Africano -a**. Gli africani si suddividono in molti gruppi etnici. *Os africanos subdividense en moitos grupos étnicos.*

**agata** *s.f.* **Ágata**. L'agata ha degli strati concentrici o paralleli di vario colore. *A ágata ten uns estratos concéntricos ou paralelos de varias cores.*

**agenda** *s.f.* **Axenda**. Ho già comprato l'agenda per quest'anno. *Xa merquei a axenda para este ano.* Oggi abbiamo un'agenda molto fitta. *Hoxe temos unha axenda moi apertada.*

**agente** *s.m.* **Axente**. La siccità è stata l'agente della desertizzazione della zona. *A seca foi o axente da desertización da zona.* **# agente di assicurazioni:** *axente de seguros;* **agente di cambio:** *axente de bolsa;* **agente diplomatico:** *axente diplomático;* **agente (di polizia):** *axente (de policía);* **agente immobiliare:** *axente inmobiliario;* **agente segreto:** *axente secreto;* **complemento d'agente:** *complemento axente.*

**agenzia** *s.f.* **1 Axencia**. Ho già prenotato il biglietto d'aereo nell'agenzia di viaggi. *Xa reservei o billete de avión na axencia de viaxes.* **2 Sucursal**. Questa banca ha aperto una nuova agenzia in città. *Este banco abriu unha nova sucursal na cidade.*

**agevolare** v. tr. [aux. avere] **Axilizar, facilitar** (un proceso). In agenzia hanno agevolato le pratiche per l'acquisto della casa. *Na axencia axilizaron as xestións para a compra da casa.* **OBS.:** io agevolo.

**agevole** adx. **Fácil, doado -a.** È un libro di lettura agevole. *É un libro de lectura fácil.* # **rendere agevole:** *facilitar.*

**agganciare** v. tr. [aux. avere] **Enganchar.** C'erano molti viaggiatori e hanno dovuto agganciare altri due vagoni. *Había moitos viaxeiros e tiveron que enganchar outros dous vagóns.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 2.*

**aggeggio** s.m. **Chisme, chintófano.** Dopo aver smontato il motore, non riusciva più a sistemare tutti quegli aggeggi. *Despois de ter desmontado o motor, xa non era capaz de poñer en orde todos aqueles chismes.*

**aggettivo** s.m. **Adxectivo.** La professoressa ci ha chiesto di sottolineare gli aggettivi qualificativi del testo. *A profesora mandounos subliña-los adxectivos cualificativos do texto.*

**agghiacciante** adx. **Espantoso -a, horrible.** Sul luogo dell'incidente ci siamo trovati una scena agghiacciante. *No lugar do accidente atopámonos unha escena espantosa.*

**aggiornamento** s.m. **Actualización.** Periodicamente il Ministero offre corsi di aggiornamento per i professori. *Periodicamente o Ministerio ofrece cursos de actualización para os profesores.*

**aggiornare I** v. tr. [aux. avere] **1 Actualizar.** A gennaio il governo ha aggiornato le tariffe postali. *En xaneiro o goberno actualizou as tarifas postais.* **2 Aprazar, adiar, pospoñer.** Il direttore era malato e hanno dovuto aggiornare la riunione. *O director estaba enfermo e tiveron que apraza-la reunión.* **II** v. refl. [aux. essere] **Poñerse ó día.** I buoni medici si devono aggiornare costantemente nelle loro specialità. *Os bos médicos téñense que poñer ó día constantemente nas súas especialidades.* # **essere aggiornato:** *estar ó día.*

**aggirare I** v. tr. [aux. avere] **Rodear, cercar.** È stato facile aggirare l'esercito nemico. *Foi fácil rodea-lo exército inimigo.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **1 Dar voltas (sospeitosamente).** Uno strano tipo si aggirava sotto casa mia. *Un tipo estraño daba voltas baixo a miña casa.* **2 Ascender (unha cantidade).** Il conto si aggira sulle quarantamila lire. *A conta ascende arredor das corenta mil libras.* # **aggirare un problema:** *tratar de resolver un problema sen afrontalo directamente.*

**aggiudicare I** v. tr. [aux. avere] **Adxudicar.** All'asta hanno aggiudicato le opere d'arte ai migliori offerenti. *Na poxa adxudicaron as obras de arte ós mellores ofertantes.* **II** v. refl. [aux. essere] **Acadar,**

**conseguir.** La squadra francese si aggiudicò la vittoria. *O equipo francés acadou a victoria.* **OBS.:** io aggiudico, tu aggiudichi; v. irreg. V. *táboas 1 e 5.*

**aggiungere I** v. tr. [aux. avere] **Engadir, agregar.** Aggiungi un po' più d'olio all'insalata. *Engade un pouco máis de aceite á ensalada.* **II** v. refl. [aux. essere] **Unirse, agregarse.** Durante il percorso si aggiunsero molte persone alla manifestazione. *Durante o percorrido uníronse moitas persoas á manifestación.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 11.*

**aggiunta** s.f. **Adición (engadido).** Le aggiunte alla nuova edizione della grammatica sono molto interessanti. *As adicións á nova edición da gramática son moi interesantes.* # **per aggiunta:** *ademais / por riba.*

**aggiustare I** v. tr. [aux. avere] **1 Arranxar, reparar, amañar.** Stamattina è venuto il tecnico per aggiustare la lavatrice. *Hoxe pola mañá veu o técnico para arranxa-la lavadora.* **2 Amañar, ordenar.** Prima di uscire ti aggiusterò i capelli. *Antes de saír amañareiche o pelo.* **II** v. refl. [aux. essere] **Apañarse, amañarse.** Non ti preoccupare, per stanotte ci aggiusteremo in questa camera. *Non te preocupes, por esta noite apañarémonos neste cuarto.* **III** v. refl. recip. [aux. essere] **Poñerse de acordo.** Se è interessato alla casa, ci aggiusteremo sul prezzo. *Se está interesado na casa, poñerémonos de acordo no prezo.* # **aggiustare di sale:** *engadir sal a unha comida ata obte-lo punto xusto.*

**aggrapparsi** v. refl. [aux. essere] **1 Agarrarse.** Si aggrappò alla corda cercando di non cadere. *Agarrouse á corda intentando non caer.* **2 (fig.) Aferrarse.** Dopo tanto tempo si aggrappava ancora all'illusione di rivederla. *Despois de tanto tempo aferrábase aínda á ilusión de volver vela.*

**aggravante I** adx. **Agravante.** La premeditazione fu considerata una circostanza aggravante dal giudice. *A premeditación foi considerada unha circunstancia agravante polo xuíz.* **II** s.f. **Agravante.** Nella sua condanna influirono molto le aggravanti del reato. *Na súa condena influíron moito as agravantes do delicto.* **OBS.:** *como s., tanto en italiano coma en galego, ten o significado de 'circunstancia agravante'.*

**aggravare I** v. tr. [aux. avere] **Agravar, empeorar.** I problemi economici hanno aggravato la situazione familiare. *Os problemas económicos agravaron a situación familiar.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Agravarse.** Ultimamente gli si sono aggravati i sintomi della polmonite. *Ultimamente agraváronselle os síntomas da pulmonía.* # **aggravare la coscienza:** *remorde-la conciencia.*

**aggreddire** v. tr. [aux. avere] **Agredir, atacar.** L'hanno aggreddito alle spalle e gli hanno rubato il portafoglio. *Agredírono polas costas e roubáronlle a bille-*

*teira*. # **aggredire un problema**: *afrontar un problema con decisión*. **OBS.:** io aggredisco, tu aggredisci.

**aggregare I** v. tr. [aux. avere] **Agregar, incorporar, engadir**. In quel periodo avevano aggregato numerosi territori alla loro nazione. *Naquel período agregaran numerosos territorios á súa nación*. **II** v. refl. [aux. essere] **Unirse, agregarse, incorporarse**. Si aggregarono al nostro gruppo tanti anni fa. *Uníronse ó noso grupo hai moitos anos*. **OBS.:** io aggrego, tu aggreghi; v. irreg. *V. táboa 6*.

**aggregazione** s.f. **Agregación, incorporación**. Dopo l'aggregazione dei nuovi membri, il nostro partito è arrivato ai centomila affiliati. *Trala agregación dos novos membros, o noso partido chegou ós cen mil afiliados*.

**aggressione** s.f. **Agresión**. Dopo aver subito una terribile aggressione è andato dalla polizia. *Despois de sufrir unha terrible agresión foi á policía*. # **patto di non aggressione**: *pacto de non agresión (firma do entre dúas nacións)*.

**aggressività** s.f. inv. **Agresividade**. L'aggressività del suo carattere gli ha causato serie difficoltà. *A agresividade do seu carácter causoulle serias dificultades*.

**aggressivo -a** adx. **Agresivo -a, violento -a**. I suoi problemi affettivi l'hanno reso molto aggressivo. *Os seus problemas afectivos fixérono moi agresivo*. # **macchina dalla linea aggressiva**: *coche de liña deportiva*; **squadra aggressiva**: *equipo ofensivo (que xoga ó ataque)*.

**aggressore -trice I** s. **Agresor -ora**. L'aggressore l'aveva minacciato con un coltello. *O agresor ameazá-rao cun coitelo*. **II** adx. **Agresor -ora**. Le Nazioni Unite hanno punito il paese aggressore. *As Nacións Unidas castigaron o país agresor*. **OBS.:** fai o f. irreg. aggreditrice.

**aggrovigliare I** v. tr. [aux. avere] **Enredar, enlear, enguedellar**. Il gatto ha aggrovigliato tutti i figli. *O gato enredou tódolos fíos*. **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Enredarse, enlearse, enguedellarse**. Mi si sono aggrovigliati i capelli e non riuscivo a pettinarmi. *Enredouseme o pelo e non era capaz de me peitear*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.

**agguato** s.m. **Emboscada**. Sono caduti in un agguato dell'esercito nemico. *Caeron nunha emboscada do exército inimigo*.

**agiato -a** adx. **1 Acomodado -a, desafogado -a (vida)**. Da quando hanno vinto quel premio alla lotteria hanno una vita agiata. *Desde que gañaron aquel premio na lotería teñen unha vida acomodada*. **2 Acomodado -a, potente (persoa)**. Appartiene a una famiglia agiata e ha potuto viaggiare molto.

*Pertence a unha familia acomodada e puido viaxar moito*.

**agile** adx. **1 Áxil**. Malgrado la sua età è molto agile nei movimenti. *A pesar da súa idade é moi áxil nos movementos*. **2 (fig.) Áxil, vivo -a**. Ha una mente agile e risolve subito i problemi. *Ten unha mente áxil e resolve de seguida os problemas*. # **agile di mano**: *hábil para roubar*; **agile di mente**: *esperto -a / vivo -a*.

**agilità** s.f. inv. **Axilidade**. Devi fare un po' di ginnastica se non vuoi perdere agilità. *Tes que facer un pouco de ximnasia se non queres perder axilidade*.

**agio** s.m. **Comodidade**. È abituato a vivere nel lusso e negli agi. *Está acostumado a vivir no luxo e con comodidades*. # **a mio / tuo / suo...** **agio**: *a gusto*; **mettiti a tuo agio!**: *¡ponte cómodo!*; **sentirsi a proprio agio**: *estar coma un peixe na auga / estar no seu ambiente*; **vivere negli agi / vivere in mezzo agli agi**: *vivir na abundancia*. **OBS.:** pl. agi. ♦ *Para referirse ó 'allo' en italiano emprégase o termo aglio*.

**agire** v. intr. [aux. avere] **1 Actuar, obrar, proceder**. Hai agito con prudenza. *Actuaches con prudencia*. **2 (Der.) Exercer unha acción legal (contra alguén)**. Gli impiegati agiranno contro la ditta dopo il licenziamento. *Os empregados exercerán unha acción legal contra a empresa tralo despedimento*. **OBS.:** io agisco, tu agisci.

**agitare I** v. tr. [aux. avere] **1 Axitar**. Questo sciroppo va agitato prima dell'uso. *Este xarope débese axitar antes do uso*. **2 (fig.) Axitar, desacougar, inquietar**. Stanotte ho avuto un incubo che mi ha agitato molto. *Esta noite tiven un pesadelo que me axitou moito*. **II** v. intr. pron. e refl. [aux. essere] **1 Axitarse**. Le foglie degli alberi si agitavano al vento. *As follas das árbores axitábanse co vento*. **2 (fig.) Axitarse, desacougar, excitarse**. Tutti ci siamo agitati a quella notizia. *Todos nos axitamos con aquela noticia*. **OBS.:** io agito; v. irreg. *V. táboa 1*.

**agitazione** s.f. **1 Axitación, inquietude, preocupación**. La nostra agitazione si doveva alla mancanza di notizie. *A nosa axitación debíase á falta de noticias*. **2 (fig.) Acción de protesta sindical ou política**. # **essere in agitazione**: *estar preocupado*; **mettere in agitazione**: *preocupar*.

**agli, ai, al, all', alla, alle, allo** *V. a*.

**aglio** s.m. **Allo**. L'aglio è una delle piante più usate in cucina. *O allo é unha das plantas máis usadas na cociña*. # **spicchio d'aglio**: *dente de allo*. **OBS.:** pl. agli.

**agnello** s.m. **Año, cordeiro**. La pecora allattava i suoi agnelli. *A ovella aleitaba os seus años*. La specialità del ristorante è l'arrosto di agnello. *A especiali-*

*dade do restaurante é o asado de año. # l'Agnello di Dio: o Año de Deus.*

**ago** *s.m.* **Agulla** (para coser; calcetar e inxectar). Dammi un ago per cucire l'orlo del vestito. *Dáme unha agulla para cose-la basta do vestido. # ago da calza / da maglia: agulla de calcetar; ago della bilancia: agulla da balanza; ago torto: agulla de gancho; infilare l'ago: enfia-la agulla. OBS.: pl. aghi.*

**agonia** *s.f.* **1** (Med.) **Agonía**. Durante la sua agonia non riconosceva più nessuno. *Durante a súa agonía xa non recoñecía a ninguén. 2 (fig.) **Agonía, angustia**. La lunga attesa in ospedale diventò una vera agonia. *A longa espera no hospital converteuse nunha verdadeira agonía.**

**agonistico -a** *adx.* (Dep.) **Competitivo -a**. Lo spirito agonistico di quest'atleta l'ha portato a vincere nell'eliminatória. *O espírito competitivo deste atleta levouno a gañar na eliminatória. # attività agonistica: actividade deportiva. OBS.: m. pl. agonistici, f. pl. agonistiche.*

**agonizzante** *adx.* **Agonizante**. Confortò il malato agonizzante. *Confortou o enfermo agonizante.*

**agonizzare** *v. intr.* [aux. avere] **Agonizar** (tamén fig.). Il superstita del naufragio agonizzava sulla spiaggia deserta. *O supervivente do naufragio agonizaba na praia deserta. La nuova tecnologia fa agonizzare le industrie che non hanno modernizzato i loro impianti. A nova tecnoloxía fai agoniza-las industrias que non modernizaron as súas instalacións.*

**agosto** *s.m.* **Agosto**. Di solito in agosto siamo in vacanza. *Normalmente en agosto estamos de vacacións.*

**agrario -a** *adx.* **Agrario -a**. Il dibattito sui problemi agrari non è ancora finito. *O debate sobre os problemas agrarios aínda non rematou. OBS.: m. pl. agrari, f. pl. agrarie.*

**agreste** *adx.* **Agreste, campestre, rústico -a**. Ci piace la natura e la vita agreste. *Gústano-la natureza e a vida agreste. # piante agresti: plantas agrestes.*

**agricolo -a** *adx.* **Agrícola**. Avete fatto un importante investimento in macchine agricole. *Fixestes un importante investimento en maquinaria agrícola.*

**agricoltore -trice** *s.* **Agricultor -ora**. Questa famiglia di agricoltori ha un'enorme piantagione di olivi. *Esta familia de agricultores ten unha enorme plantación de oliveiras.*

**agricoltura** *s.f.* **Agricultura**. L'agricoltura ha tipi e tecniche di coltivazione molto vari. *A agricultura ten tipos e técnicas de cultivo moi variados.*

**agro -a** *adx.* **Agre, acedo -a, ácido -a** (tamén fig.). Mi piace il sapore agro dei limoni. *Gústame o sabor agre dos limóns. Il tono agro delle sue parole ci ha*

fatto riflettere. *O ton agre das súas palabras fíxonos reflexionar. ♦ Para referirse ó 'agro, campo' en italiano emprégase o termo campagna, para 'agro, leira' appezzamento ou campo.*

**aguzzare** *v. tr.* [aux. avere] **Aguzar, afinar, avivar**. Aguzzare l'ingegno. *Aguzar-lo enxeño. Aguzzare la vista. Aguza-la vista.*

**ah** *interx.* **Ah**. Ah! Mi ero scordata di dirti che non verrò a cena. *¡Ah! Esquecérame de dicirche que non virei cear.*

**ahi** *interx.* **Ai**. Ahi! Mi hai fatto male! *¡Ai! ¡Fixéchesme dano!*

**aia** *s.f.* **Eira, aira**. Sull'aia c'erano due contadini che trebbiavano ancora il grano. *Na eira había dous campesiños que aínda mallaban o trigo. # menare il can per l'aia: facer tempo para non ter que chegar a algunha conclusión con alguén.*

**aids** *s.m. inv.* **Sida**. L'aids può essere trasmesso con trasfusioni di sangue infetto. *A sida pódese transmitir con transfusións de sangue infectado.*

**airone** *s.m.* **Garza**. L'airone è un uccello dalle zampe sottili e dalle ali molto lunghe. *A garza é un paxaro coas patas finas e as ás moi longas. # airone cinerino: garza real.*

**aiuola** *s.f.* **Parterre**. Attorno alle aiuole hanno piantato delle siepi. *Arredor dos parterres plantaron unhas sebes. # non calpestare le aiuole: prohibido pisa-lo céspede.*

**aiutare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Axudar**. Mi aiuti a fare i compiti? *¿Axúdame a face-los deberes? 2 Axudar, socorrer, auxiliar*. Quando avete avuto l'incidente stradale, vi hanno aiutato molte persone. *Cando tivéste-lo accidente de tráfico, axudáronvos moitas persoas. 3 Axudar, facilitar*. Le tisane aiutano la digestione. *As infusións axudan á dixestión. # aiutati che Dio / il ciel ti aiuta: enxéñate para resolve-los teus problemas, porque seguro que habrá alguén que che bote unha man.*

**aiuto I** *s.m.* **Axuda**. Senza il vostro aiuto non sarei mai riuscito a finire questo lavoro. *Sen a vosa axuda nunca conseguiría rematar este traballo. II interx. Socorro, auxilio*. 'Aiuto!' -gridava dopo essere caduto in acqua. *¡Socorro! -gritaba despois de caer na auga.*

**ala** *s.f.* **Á, ala** (tamén fig.). Il passero non poteva volare perché aveva un'ala rotta. *O gorrión non podía voar porque tiña unha á rota. Le ali dell'aereo. As ás do avión. Le ali di un palazzo. As ás dun edificio. # avere le ali ai piedi: correr moito; l'ala del cappello: a aba; in un batter d'ali: nun amén. OBS.: pl. ali.*

**alabastro** *s.m.* **Alabastro**. Hanno restaurato la madonna di alabastro che c'era all'ingresso del

monastero. *Restauraron a virxe de alabastro que estaba na entrada do mosteiro.*

**alambiccio** *s.m.* **Alambique.** Abbiamo venduto l'alambiccio e non possiamo più fare la grappa. *Vendêmo-lo alambique e xa non podemos face-la augardente.* **OBS.:** *pl.* alambicchi.

**alba** *s.f.* **Amencer, alba, abrente.** Ci siamo svegliati alle prime luci dell'alba. *Espertamos coas primeiras luces do amencer.*

**alberggiare** *v. intr. impers.* [*aux.* essere] **Amencer, clarear, alborexar.** Alberggiava quando si addormentò. *Amencia cando adormeceu.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 4.*

**alberghiero -a** *adx.* **Hoteleiro -a.** L'industria alberghiera ha registrato un notevole calo. *A industria hoteleira rexistrou unha notable baixada.*

**albergo** *s.m.* **Hotel.** Gli alberghi della città erano pieni a causa della fiera campionaria. *Os hoteis da cidade estaban cheos a causa da feira de mostrás.* **OBS.:** *pl.* alberghi.

**albero** *s.m.* **1 Árbore.** Il pioppo è un albero che cresce in zone umide. *O chopo é unha árbore que crece en zonas húmidas.* **2 (Mar.) Mastro, pao.** L'albero regge le vele dell'imbarcazione. *O mastro sostén as velas da embarcación.* # **albero genealogico:** *árbore xenealóxica.*

**albicocca** *s.f.* **Albaricoque.** L'albicocca ha una buccia vellutata di colore arancione. *O albaricoque ten unha pel aveludada de cor laranxa.* **OBS.:** *pl.* albicocche.

**albicocco** *s.m.* **Albaricoqueiro.** In primavera gli albicocchi sono pieni di fiori bianchi. *Na primavera os albaricoqueiros están cheos de flores brancas.* **OBS.:** *pl.* albicocchi.

**albo** *s.m.* **1 Taboleiro** (*de anuncios*). Devo affiggere nell'albo i nuovi avvisi del comune. *Teño que cologar no taboleiro os novos avisos do concello.* **2 Colexio** (*rexistro de profesionais*). Appartiene all'albo dei farmacisti da quando ha finito il corso di laurea. *Pertence ó colexio de farmacéuticos desde que rematou a carreira.* # **albo d'oro:** *libro de ouro;* **iscriversi all'albo:** *colexiarse.* ♦ *Para referirse ó 'albo (dun proxectil)' en italiano emprégase o termo bersaglio.*

**album** *s.m. inv.* **Álbum.** Ha parecchi album di fotografie di quando era bambino. *Ten moitos álbums de fotografías de cando era neno.*

**albume** *s.m.* **Albume** (*do ovo*). L'albume è ciò che comunemente si conosce come bianco dell'uovo. *O albume é o que comunmente se coñece coma clara do ovo.*

**alcol** *s.m.* **Alcohol, alcol.** Se non metti il tappo alla bottiglia dell'alcol evaporerà. *Se non po-lo tapón á*

*botella do alcohol evaporarase. (ext.)* Prendendo questa medicina non si può bere alcol. *Tomando esta medicina non se pode beber alcohol.* **OBS.:** *tamén existe a variante alchool; pl.* alcoli.

**alcolico -a I** *adx.* **Alcohólico -a, alcólico -a.** Questo liquore ha una gradazione alcolica molto alta. *Este licor ten unha graduación alcohólica moi alta.* **II** *s.m.* **Alcohol, alcol** (*bebida alcohólica*). Non l'ho mai visto bere alcolici. *Nunca o vin tomar alcohol.* **OBS.:** *tamén existe a variante alchoolico; m. pl.* alcolici, *f. pl.* alcoliche.

**alcolismo** *s.m.* **Alcoholismo, alcolismo.** L'alcolismo è un abuso delle bevande alcoliche che può diventare una malattia. *O alcoholismo é un abuso das bebidas alcohólicas que se pode converter nunha enfermidade.*

**alcolizzato -a I** *adx.* **Alcohólico -a, alcólico -a.** Ha fondato un centro d'accoglienza per le persone alcolizzate. *Fundou un centro de acollida para as persoas alcohólicas.* **II** *s.* **Alcohólico -a, alcólico -a.** Gli alcolizzati hanno bisogno di aiuto medico. *Os alcohólicos precisan axuda médica.*

**alcuno -a I** *adx. indef. 1 (pl.) Algúns -unhas.* Restano alcuni panini dentro il sacchetto. *Quedan algúns bocadillos dentro da bolsa.* **2 (sing.) Ningún -unha.** Non abbiamo alcun problema. *Non temos ningún problema.* **II** *pron. indef. (pl.) Algúns -unhas.* Alcune di queste ragazze sono state compagne di scuola. *Algunhas destas rapazas foron compañeiras de escola.* ♦ *Para referirse a 'algún -unha' en italiano emprégase o termo qualche (adx.) ou qualcuno -a (pron.).*

**alfabeto** *s.m.* **Alfabeto.** L'alfabeto greco ha segni grafici diversi da quello latino. *O alfabeto grego ten signos gráficos distintos do latino.*

**alfiere** *s.m.* **1 Alférez.** L'alfiere è l'ufficiale dell'esercito di grado minore. *O alférez é o oficial do exército de grao menor.* **2 Alfil.** L'alfiere non si muove in linea retta ma in diagonale. *O alfil non se move en liña recta senón en diagonal.*

**alga** *s.f.* **Alga.** Sulla sponda del lago si vedevano tante alghe verdi. *Na beira do lago vianse moitas algas verdes.* **OBS.:** *pl.* alghe.

**alibi** *s.m. inv. 1 (Der.) Coartada.* Non hanno potuto accusarlo del reato perché aveva un alibi. *Non puideron acusalo do delicto porque tiña unha coartada.* **2 (fig.) Pretexto, escusa.** I tuoi alibi non convincono nessuno. *Os teus pretextos non convencen a ninguén.*

**alice** *V. acciuga.*

**alieno -a I** *adx.* **Contrario -a.** È sempre stata aliena dai compromessi. *Sempre foi contraria ós compromisos.* **II** *s.m.* **Extraterrestre.** Nel film che siamo andati a vedere ieri gli alieni dominavano la Terra.

*Na película que fomos ver onte os extraterrestres dominaban a Terra. ♦ Para referirse ó 'alleo' en italiano emprégase o termo altrui.*

**alimentare I** *adx. Alimenticio -a.* Per intere settimane abbiamo studiato i prodotti alimentari basici. *Durante semanas enteiras estudiámo-los productos alimenticios básicos.* **II** *s.m. pl. Comestibles.* Avevano un negozio di alimentari vicino a casa tua. *Tiñan unha tenda de comestibles cerca da túa casa.* **III** *v. tr. [aux. avere] Alimentar, nutrir (tamén fig.).* Alimentare un bambino. *Alimentar un neno.* Alimentare la speranza. *Alimenta-la esperanza.* **IV** *v. refl. [aux. essere] Alimentarse, nutrirse (tamén fig.).* È vegetariano, ma non si alimenta soltanto di verdura. *É vexetariano, pero non se alimenta só de verduras.* Si alimentava di sogni. *Alimentábase de soños.*

**alimentazione** *s.f. Alimentación, nutrición.* L'alimentazione ha un ruolo fondamentale nella crescita dei bambini. *A alimentación ten un papel fundamental no crecemento dos cativos.*

**alimento** *s.m. Alimento.* Il pesce è un ottimo alimento, ricco di proteine. *O peixe é un alimento boísimo, rico en proteínas.*

**alito** *s.m. Alento, bafo.* Alcuni tipi di cibo provocano l'alito cattivo. *Algúns tipos de comida provocan o mal alento.* # **un alito di vento** (*fig.*): un hábito de vento.

**allacciare** *v. tr. [aux. avere] 1 Atar (cordóns, lazos...).* Allaccia le scarpe se non vuoi cadere. *Ata os zapatos se non queres caer.* **2 Abrochar.** Non mi dimentico mai di allacciare la cintura di sicurezza. *Nunca me esquezo de abrocha-lo cinto de seguridade.* **3 (Elec.) Conectar.** Non allaccerò la corrente fino a quando non avrai cambiato tutte le lampadine. *Non conectarei a corrente ata que non teñas cambiadas todas as lámpadas.* **4 (fig.) Iniciar, comezar, principiar (unha amizade ou relación).** Abbiamo allacciato degli importanti rapporti d'affari con una ditta portoghese. *Iniciamos unhas importantes relacións de negocios cunha empresa portuguesa.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 2.*

**allagamento** *s.m. Alagamento, inundación, asolagamento.* L'allagamento della valle ha causato molti danni. *O alagamento do val causou moitos danos.*

**allagare I** *v. tr. [aux. avere] Alagar, inundar, asolagar.* Il mare ha allagato le terre basse fino a queste colline. *O mar alagou as terras baixas ata estes outeiros.* **II** *v. intr. pron. [aux. essere] Alagarse, inundarse, asolagarse.* Il pianterreno si è allagato, ma l'acqua non è arrivata oltre le scale. *A planta baixa alagouse, pero a auga non chegou máis alá das escaleiras.* **OBS.:** io allago, tu allaghi; *v. irreg. V. táboa 6.*

**allargare I** *v. tr. [aux. avere] 1 Alargar, anchar, ensanchar.* Ho allargato la gonna verde. *Alarguei a saia verde.* Prima o poi allargheranno questa strada. *Antes ou despois alargarán esta estrada.* **2 (fig.) Ampliar, estender.** Se allarghiamo le ricerche magari troveremo una soluzione. *Se ampliámo-las investigacións ó mellor atopamos unha solución.* **II** *v. intr. pron. [aux. essere] 1 Alargarse, ancharse, ensancharse.* Il sentiero si allargava man mano che ci avvicinavamo al mulino. *A senda alargábase a medida que nos achegabamos ó muíño.* # **allargare il cuore:** *consolar.* **OBS.:** io allargo, tu allarghi; *v. irreg. V. táboa 6.*

**allarmare I** *v. tr. [aux. avere] Alarmar, asustar, atemorizar.* La minaccia di un terremoto allarmò la popolazione. *A ameaza dun terremoto alarmou a poboación.* **II** *v. intr. pron. [aux. essere] Alarmarse, asustarse, atemorizarse.* Si è molto allarmato quando ha saputo del nostro disastro finanziario. *Alarmouse moito cando soubo o do noso desastre financeiro.*

**allarme** *s.m. 1 Alarma, alerta (sinal de perigo).* Appena hanno visto il fuoco hanno dato l'allarme. *Tan pronto como viron o lume deron a alarma.* **2 (fig.) Alarma (temor).** La notizia che la malattia era contagiosa provocò l'allarme fra i compagni di lavoro. *A noticia de que a enfermidade era contagiosa provocou a alarma entre os compañeiros de traballo.* # **falso allarme:** *falsa alarma; mettere / stare in allarme: alarmar(se).*

**allattamento** *s.m. Lactación.* L'allattamento artificiale è meno raccomandabile di quello materno. *A lactación artificial é menos recomendable cá materna.*

**allattare** *v. tr. [aux. avere] Aleitar, dar de mamar.* Ha allattato il figlio fino a quando ha dovuto tornare a lavorare. *Aleitou o fillo ata que tivo que volver traballar.*

**alleanza** *s.f. Alianza, coalición (tamén fig.).* L'alleanza dei due partiti di destra equilibrò la bilancia parlamentare. *A alianza dos dous partidos da dereita equilibrou a balanza parlamentaria.*

**allearsi** *v. refl. [aux. essere] Aliarse.* Si sono alleati a un gruppo giapponese che investirà in azioni. *Aliáronse a un grupo xaponés que investirá en accións.*

**alleato -a I** *part. pas. de allearsi e adx. Aliado -a.* L'esercito alleato accorse in loro aiuto. *O exército aliado acudiu na súa axuda.* **II** *s. Aliado -a.* Gli alleati erano in disaccordo fra di loro. *Os aliados estaban en desacordo entre eles.*

**allegare** *v. tr. [aux. avere] Acompañar (un documento).* Bisogna allegare alla richiesta la documentazione necessaria. *Hai que acompañar-la solicitude da documentación necesaria.* # **allegare i denti:** *dar*



*denteira*. **OBS.:** io allego, tu allegghi; v. irreg. *V. táboa* 6.

**alleggerire I** v. tr. [aux. avere] *Alixear* (un peso, unha tarefa...). Alleggerire uno zaino. *Alixear unha mochila*. Alleggerire un lavoro. *Alixear un traballo*. **II** v. refl. [aux. essere] *Librarse*. Mi sono alleggerito di molte responsabilità. *Libreime de moitas responsabilidades*. # **alleggerire le tasche di qualcuno / alleggerire qualcuno del portafoglio:** *roubar a alguén*. **OBS.:** io alleggerisco, tu alleggerisci.

**allegoria** s.f. *Alegoría*. Una delle figure retoriche più adoperate nella letteratura medioevale è l'allegoria. *Unha das figuras retóricas máis usadas na literatura medieval é a alegoría*.

**allegria** s.f. *Alegría, ledicia*. Quando seppe che il suo compagno aveva superato le prove, sentì una profonda allegria. *Cando soubo que o seu compañeiro superara as probas, sentiu unha profunda alegría*.

**allegro -a I** adx. **1** *Alegre, contento -a, ledo -a*. È un ragazzo così allegro che comunica il suo entusiasmo a tutti. *É un rapaz tan alegre que contaxia o seu entusiasmo a todos*. **2** *Alegre, vivo -a (cor)*. Mi piacciono i vestiti di colori allegri. *Gústanne os vestidos de cores alegres*. **II** s.m. (Mús.) *Allegro*. L'allegro è un movimento dal tempo rapido. *O allegro é un movemento co tempo rápido*. # **vita allegra:** *vida alegre / despreocupada*.

**allenamento** s.m. *Adestramento*. Il periodo di allenamento durò fino al giorno prima della partita. *O período de adestramento durou ata o día antes do partido*. # **tenersi in allenamento:** *estar en boa forma física*.

**allenare I** v. tr. [aux. avere] *Adestrar*. Allenava cavalli da corsa. *Adestraba cabalos de carreiras*. **II** v. refl. [aux. essere] *Adestrarse, exercitarse*. Ci alleniamo a nuotare tre ore al giorno. *Adestrarémonos nadando tres horas ó día*. # **allenare una squadra:** *adestrar un equipo*. **OBS.:** io alleno.

**allenatore -trice** s. *Adestrador -ora, preparador -ora*. L'allenatore incoraggiava gli atleti prima della gara. *O adestrador animaba os atletas antes da competición*.

**allentare** v. tr. [aux. avere] **1** *Afrouxar*. Bisogna allentare le redini del cavallo a poco a poco. *Hai que afrouxa-las rendas do cabalo pouco a pouco*. **2** (fig.) *Afrouxar, abrandar*. La scuola ha molto allentato la disciplina negli ultimi anni. *A escola afrouxou moito a disciplina nos últimos anos*. # **allentare il passo:** *diminuí-la marcha*. ♦ *Para referirse a 'alentar, dar ánimo' en italiano emprégase o termo incoraggiare*.

**allergia** s.f. *Alerxia*. Le allergie sono molto aumentate a causa dell'inquinamento. *As alerxias aumentaron moito a causa da contaminación*.

**allergico -a** adx. *Alérxico -a*. Alcuni cibi ci provocano una reazione allergica molto forte. *Algúns alimentos provocannos unha reacción alérxica moi forte*. **OBS.:** m. pl. allergici, f. pl. allergiche.

**allestimento** s.m. *Preparación* (posta a punto). Stiamo lavorando all'allestimento della mostra. *Estamos traballando na preparación da mostra*. # **allestimento scenico:** *montaxe escénica*.

**allestire** v. tr. [aux. avere] *Preparar*. Allestiscono gli stand per la fiera del libro. *Preparan os pavillóns para a feira do libro*. **OBS.:** io allestisco, tu allestisci.

**allevamento** s.m. **1** *Cría, crianza (animal)*. Hanno investito tanti soldi nell'allevamento di polli. *Investiron moitos cartos na cría de polos*. **2** *Granxa (de animais)*. L'epidemia ha ridotto notevolmente l'allevamento. *A epidemia reduciu notablemente a granxa*.

**allevare** v. tr. [aux. avere] **1** *Criar (animal)*. Da due anni allevano maiali. *Desde hai dous anos crían porcos*. **2** *Criar, educar*. L'ha allevato come se fosse suo figlio. *Criouno como se fose seu fillo*.

**alleviare** v. tr. [aux. avere] *Aliviar, calmar*. Per alleviare la sua tristezza hanno deciso di portarla in viaggio. *Para alivia-la súa tristeza decidiron levala de viaxe*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa* 7.

**allievo -a s. 1** *Alumno -a*. Due allievi sono andati a parlare al professore. *Dous alumnos foron falarlle ó profesor*. **2** *Discípulo -a*. Anche gli allievi del celebre filosofo diventeranno famosi. *Tamén os discípulos do célebre filósofo chegarán a ser famosos*.

**allineamento** s.m. *Aliñación, aliñamento*. Il calo della Borsa è finito in un nuovo allineamento monetario. *A baixada da Bolsa rematou nunha nova aliñación monetaria*. # **allineamento politico:** *aliñación política*.

**allineare I** v. tr. [aux. avere] *Aliñar*. Ha allineato tutti i giocattoli sul tappeto. *Aliñou tódolos xoguetes sobre a alfombra*. **II** v. refl. [aux. essere] *Aliñarse*. I premiati si erano allineati per ricevere le corrispondenti medaglie. *Os premiados aliñáranse para recibir-las correspondentes medallas*. **OBS.:** io allineo; v. irreg. *V. táboa* 1.

**allodola** s.f. *Laverca*. Durante il volo l'allodola emette un verso lungo e armonioso. *Durante o voo a laverca emite un canto longo e harmonioso*.

**alloggiare I** v. intr. [aux. avere] *Vivir, habitar, residir*. Quando studiavo a Parigi alloggiavo presso una famiglia. *Cando estudiaba en París vivía cunha familia*. **II** v. tr. [aux. avere] *Aloxar, albergar, acoller*. Quando l'hanno alloggiato a casa loro non sapevano che fosse ricco. *Cando o aloxaron na súa casa non sabían que era rico*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa* 4.

**alloggio** *s.m.* **1 Aloxamento.** Abbiamo cercato alloggio un'intera mattina senza successo. *Buscamos aloxamento toda unha mañá sen éxito.* **2 Vivenda (casa).** L'alloggio era un po' lontano dal centro. *A vivenda estaba un pouco lonxe do centro.* # **dare alloggio:** dar aloxamento; **trovare alloggio:** atopar aloxamento; **alloggi popolari:** vivendas de protección oficial.

**allontanamento** *s.m.* **Afastamento, arredamento (tamén fig.).** Il primo provvedimento è stato l'allontanamento dei malati infettivi. *A primeira medida foi o afastamento dos enfermos contaxiosos.* Dopo il litigio ho notato un allontanamento tra di noi. *Trala discusión notei un afastamento entre nós.*

**allontanare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Afastar, arredar, alongar (tamén fig.).** Ha allontanato i figli dal fuoco. *Afastou os fillos do lume.* Devi allontanare pensieri così tristi. *Tes que afastar pensamentos tan tristes.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Afastarse, arredarse, alongarse (tamén fig.).** Si sono allontanati dalle finestre. *Afastáronse das fiestras.* Ci allontaniamo sempre più perché non abbiamo niente in comune. *Afastámonos cada vez máis porque non temos nada en común.*

**allora I** *adv.* **Entón, daquela, xacando.** Allora eravamo troppo giovani per capire il senso delle sue parole. *Entón eramos demasiado novos para entende-lo sentido das súas palabras.* **II conx.** **Entón, daquela, logo.** Se non vuoi venire con noi, allora è assurdo che restiamo qua. *Se non queres vir conosco, entón é absurdo que quedemos aquí.* Hai qualcosa da aggiungere? Allora parla! *¿Tes algo que engadir? ¿Entón fala!* # **allora come allora:** naquela circunstancia; **da allora in poi:** desde entón; **fino ad allora:** ata entón; **fin da allora:** desde entón. ♦ *Para referirse a 'agora' en italiano emprégase o termo adesso.*

**alloro** *s.m.* **Loureiro.** Abbiamo fatto una corona con due rami d'alloro. *Fixemos unha coroa con dúas pólas de loureiro.* # **riposare / dormire sugli allori:** contentarse cos éxitos obtidos anteriormente.

**alluce** *s.m.* **Dedo gordo do pé.** Queste scarpe mi fanno male all'alluce. *Estes zapatos máncanme no dedo gordo do pé.*

**allucinante** *adx.* **Alucinante, abraiante, impresionante.** È stata un'esperienza allucinante e non credo di poterla dimenticare. *Foi unha experiencia alucinante e non creo que a poida esquecer.*

**allucinazione** *s.f.* **Alucinación.** La febbre gli ha provocato allucinazioni. *A febre provocoulle alucinacións.*

**alludere** *v. intr.* [*aux.* avere] **Aludir a, referirse a.** Alla fine della riunione hai alluso ad alcuni problemi di difficile soluzione. *Ó final da reunión aludiches a*

*algúns problemas de difícil solución.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.*

**alluminio** *s.m.* **Aluminio.** Hanno fatto cambiare le finestre di legno con altre di alluminio. *Fixeron cambia-las fiestras de madeira por outras de aluminio.*

**allungare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Alongar, prolongar.** Vuoi che allunghi la gonna fino al ginocchio? *¿Queres que alongue a saia ata o xeonllo?* Magari potessimo allungare il nostro soggiorno in Italia. *Oxalá puidesemos alonga-la nosa estancia en Italia.* **2 (fam.) Achegar, acercar.** Mi allungate l'acqua, per favore? *¿Achegádesme a auga, por favor?* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Alongarse, prolongarse.** Il percorso si allungherà di trenta chilometri. *O percorrido alongarase trinta quilómetros.* La conferenza si è allungata ancora per tre quarti d'ora. *A conferencia alongouse aínda tres cuartos de hora.* # **allungare il passo:** camiñar máis a présa; **allungare il vino:** auga-lo viño; **allungare le gambe:** estira-las pernas; **allungare le mani:** tentar meter man (a unha persoa). **OBS.:** io allungo, tu allunghi; *v. irreg. V. táboa 6.*

**allusione** *s.f.* **Alusión, referencia.** Faremo allusione a questo argomento che è ancora da sviluppare. *Faremos alusión a este tema que está aínda por desenvolver.*

**alluvione** *s.f.* **1 Aluvión, riada.** L'alluvione provocò consistenti perdite economiche. *O aluvión provocou considerables perdas económicas.* **2 (fig.) Aluvión.** Erano così famosi che all'uscita li aspettava un'alluvione di fotografi. *Eran tan famosos que á saída esperábaos un aluvión de fotógrafos.*

**almeno** *adv.* **Polo menos, sequera.** Dammi almeno una ragione per non venire con noi. *Dáme polo menos unha razón para non vir conosco.*

**alt** *interx.* **Alto.** Alt! Non potete passare di qui. *¡Alto! Non podedes pasar por aquí.* # **dare / ordinare l'alt:** da-lo alto.

**altalena** *s.f.* **1 Bambán, arrandeadoiro, randeeira.** Il padre spingeva il figlio sull'altalena. *O pai empuxaba o fillo no bambán.* **2 Bambán.** Seduti sugli estremi dell'altalena andavamo su e giù. *Sentados nos extremos do bambán subiamos e baixabamos.*

**altare** *s.m.* **Altar.** Il prete si inginocchiò davanti all'altare. *O cura axeonllouse diante do altar.* # **altare maggiore:** altar maior; **andare all'altare:** casar.

**alterare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Alterar, modificar.** Questo detersivo non altera i colori del bucato. *Este deterxente non altera as cores da bogada.* **2 (fig.) Finxir, simular.** Alterava la voce per non essere riconosciuto. *Finxía a voz para non ser recoñecido.* **3 (fig.) Falsear, terxiversar.** La stampa ha alterato i fatti dell'incidente. *O xornal falseou os feitos do*

*accidente.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] (fig.) *Alterarse, irritarse.* Appena ci siamo messi a discutere si è alterato terribilmente. *Tan pronto como nos puxemos a discutir alterouse terriblemente.* **OBS.:** io altero; v. irreg. *V. táboa 1.*

**alterco** s.m. *Altercado, agarrada, liorta.* Abbiamo avuto un alterco con un ragazzo che voleva prendere il nostro taxi. *Tivemos un altercado cun rapaz que quería colle-lo noso taxi.* **OBS.:** pl. alterchi.

**alterigia** s.f. *Altevez, arrogancia, soberbia.* Ci tratta con alterigia, come se lui fosse il padrone di tutto. *Tratábanos con altevez, como se el fose o amo de todo.*

**alternanza** s.f. *Alternancia.* L'alternanza di coltivazioni diverse è vantaggiosa per la terra. *A alternancia de cultivos diferentes é vantaxosa para a terra.* Siamo in una fase di alternanza politica. *Estamos nunha fase de alternancia política.*

**alternare I** v. tr. [aux. avere] *Alternar.* Bisogna alternare lo studio e il riposo. *Hai que alterna-lo estudio e o repouso.* **II** v. refl. recip. [aux. essere] *Alternarse, sucederse.* Si sono alternati nelle faccende domestiche. *Alternáronse nas tarefas domésticas.*

**alternativo -a I** adx. **1** *Alternativo -a.* Avete studiato il moto alternativo di alcune macchine. *Estudiáste-lo movemento alternativo dalgunhas máquinas.* Se c'è molto traffico possiamo prendere una strada alternativa. *Se hai moito tráfico podemos coller unha estrada alternativa.* **2** *Persoa inconformista ou actividade oposta ó sistema e ás opinións dominantes.* **II** s.f. **1** *Alternativa, dilema, disxuntiva.* Vi trovate di fronte ad alternative tra le quali è difficile scegliere. *Atopádesvos fronte a alternativas entre as que é difícil elixir.* **2** *Alternativa, opción.* Questa non è l'unica alternativa che abbiamo, ma sembra la più ragionevole. *Esta non é a única alternativa que temos, pero parece a máis razoable.*

**alterno -a** adx. *Alterno -a.* Gli ha spiegato il movimento alterno facendogli vedere il pendolo dell'orologio. *Explicoulle o movemento alterno facéndolle ve-lo péndulo do reloxo.* Devo prendere questa medicina a giorni alterni. *Teño que tomar esta medicina en días alternos.*

**altezza** s.f. **1** *Altura, estatura.* Ha la stessa altezza di suo fratello, ma usa una taglia in più. *Ten a mesma altura que seu irmán, pero usa unha talla máis.* **2** *Altura, altitude.* L'aereo volava a grande altezza. *O avión voaba a grande altura.* # **essere all'altezza di:** *estar á altura de (algo ou alguén).*

**altipiano** *V. altopiano.*

**altitudine** s.f. *Altitude, altura.* Siamo a tremila metri di altitudine sopra il livello del mare. *Estamos a tres mil metros de altitude sobre o nivel do mar.*

**alto -a I** adx. **1** *Alto -a.* Il lampione è alto tre metri. *O farol ten tres metros de alto.* **2** *Alto -a, elevado -a.* Il prezzo di questo arazzo è troppo alto per me. *O prezo deste tapiz é demasiado alto para min.* **3** (fig.) *Elevado -a, nobre.* È una ragazza di alti sentimenti. *É unha rapaza de elevados sentimentos.* **II** s.m. sing. *Alto.* Dall'alto del palazzo si può vedere il ponte nuovo. *Desde o alto do edificio pódese ve-la ponte nova.* **III** adv. (fig.) *Alto.* Vuole volare alto, ma non lavora abbastanza. *Quere voar alto, pero non traballa abondo.* # **alta stagione:** *temporada alta;* **alte cariche:** *altos cargos;* **alto mare:** *mar aberto;* **andare a testa alta:** *ir coa cabeza alta;* **gli alti e bassi:** *altibaixos;* **guardare dall'alto in basso:** *mirar de arriba a abaixo con desprezo;* **in alto:** *no alto / cara o alto;* **notte alta:** *noite avanzada;* **parlare ad alta voce:** *falar en voz alta.*

**altoparlante** s.m. *Altofalante.* Era seduto accanto a un altoparlante e il suono della musica lo stordiva. *Estaba sentado a carón dun altofalante e o son da música atordábo.* **OBS.:** pl. altoparlanti.

**altopiano** s.m. *Meseta.* Dopo essere saliti sulla collina si trovarono su un piccolo altopiano. *Despois de subir polo outeiro atopáronse sobre unha pequena meseta.* **OBS.:** pl. altipiani / altopiani.

**altrettanto -a I** adx. indef. **1** (sing.) *Igual, mesmo -a.* Farò come te, partirò con altrettanto entusiasmo. *Farei coma ti, marcharei con igual entusiasmo.* **2** (pl.) *Outros -as tantos -as.* Abbiamo bisogno di venti piatti e altrettanti bicchieri. *Precisamos vinte pratos e outros tantos vasos.* **II** pron. indef. **1** (sing.) *Igual, mesmo -a.* Noi abbiamo risposto di no e lui ha fatto altrettanto. *Nós respondemos que non e el fixo igual.* **2** (pl.) *Outros -as tantos -as.* Il bambino aveva sette mele e lei altrettante. *O neno tiña sete mazás e ela outras tantas.* **3** *Igualmente (risposta).* 'Buon appetito!' 'Grazie, altrettanto'. '¡Que aproveite!' 'Gracias, igualmente'. **III** adv. *Igualmente, igual de.* È molto sgradevole e sua moglie sembra altrettanto antipatica. *É moi desagradable e a súa muller parece igualmente antipática.* **OBS.:** m. pl. altrettanti, f. pl. altrettante.

**altrimenti** adv. *Senón.* Dobbiamo affrettarci, altrimenti non finiremo in tempo. *Temos que apurar, senón non remataremos a tempo.*

**altro -a I** adx. indef. **1** *Outro -a.* Bisogna comprare altre sedie, queste sono troppo vecchie. *Hai que comprar outras cadeiras, estas son demasiado vellas.* **2** *Máis.* Potresti comprare un altro pacco di caffè. *Poderías comprar un paquete máis de café.* **II** pron. indef. **1** *Outro -a.* Io mi sono rivolta a lui, ma mi ha risposto l'altro. *Eu dirixinme a el, pero respondeume o outro.* **2** (m. pl.) *Os demais.* Non mettermi a confronto con gli altri. *Non te compares cos demais.* **III** s.m. sing. *Máis, outra cousa.* Non fate altro che divertirvi. *Non facedes máis que divertir-*

*vos. # altro che!:* *¡por suposto!*; *l'altro ieri:* *anton-te*; *l'un l'altro:* *un ó outro*; *d'altra parte:* *polo demais*; *nient'altro:* *nada máis*; *più che altro:* *máis que nada*; *se non altro:* *polo menos*; *senz'altro:* *por suposto*; *tra l'altro:* *entre outras cousas*; *tutt'altro:* *todo o contrario*.

**altroché** *interx. Por suposto.* Lo farai? Altroché se lo farò! *¿Faralo? ¡Por suposto que o farei!*

**altronde** (d'-) *loc. adv. Polo demais.* D'altronde non possiamo dimostrare la sua colpevolezza. *Polo demais non podemos demostra-la súa culpabilidade.*

**altrove** *adv. 1 Noutra parte, noutro lugar.* Durante quel periodo mi trovavo altrove. *Durante aquel período atopábame noutra parte. 2 A outra parte, a outro lugar.* Per fare questo lavoro dovrò rivolgermi altrove. *Para facer este traballo terei que me dirixir a outra parte.*

**altrui** *adx. pos. inv. 1 Alleo -a, de outro -a.* Cerca sempre di immischiarsi negli affari altrui. *Sempre tenta inmíscirse nos asuntos alleos. 2 Dos / das demais.* È molto attento ai bisogni altrui. *Está moi pendente das necesidades dos demais.*

**altruismo** *s.m. Altruísmo.* Lavora per altruismo in questo centro di accoglienza per tossicodipendenti. *Traballa por altruísmo neste centro de acollida para toxicómanos.*

**altruista I** *adx. Altruísta.* Non è altruista: se ci aiuta è perché ne trae beneficio. *Non é altruísta: se nos axuda é porque saca partido diso. II s. Altruísta.* Tuo padre è un altruista, ma dovrebbe occuparsi anche un po' di se stesso. *Teu pai é un altruísta, pero debería ocuparse tamén un pouco de si mesmo.*  
**OBS.:** *m. pl. altruísti.*

**alunno -a s. Alumno -a, escolar.** Gli alunni di quinta elementare andranno domani al museo di scienze naturali. *Os alumnos de quinto de educación primaria irán mañá ó museo de ciencias naturais.*

**alveare** *s.m. Colmea, cortizo, trobo.* Tutte le api sono rientrate nell'alveare. *Tódalas abellas regresaron á colmea.*

**alzare I** *v. tr. [aux. avere] 1 Levantar, alzar, erguer.* Alzino la mano quelli che sono d'accordo. *Que levanten a man os que estean de acordo. 2 Subir, alzar, levantar (a voz).* Il rumore dei motori vi ha costretti ad alzare la voce. *O ruído dos motores obrigouvos a subi-la voz. 3 Subir, encarecer.* In quel negozio hanno alzato il prezzo della frutta. *Naquel comercio subiron o prezo da froita. 4 Levantar, alzar, construír.* Hanno alzato un muro attorno alla casa. *Levantaron un muro arredor da casa. II v. intr. pron. [aux. essere] 1 Subir, aumentar, elevarse.* La temperatura della stanza si è alzata di sei gradi. *A temperatura do cuarto subiu seis graos. 2 Alzarse,*

*levantarse.* Quella mattina si alzò un vento umido e caldo. *Aquela mañá alzouse un vento húmido e quente. III v. refl. [aux. essere] Erguerse, levantar-se.* Oggi ti sei alzato troppo presto, perché la sveglia è suonata prima. *Hoxe erguicheste demasiado cedo, porque o despertador soou antes. # alzare il gomito: beber máis da conta; alzare le mani: renderse; alzare le spalle: encolle-los ombreiros; alzare i bicchieri: alza-las copas; non alzare un dito: non mover un dedo.*

**amabile** *adx. Amable, atento -a, xentil.* Mi è sembrata una donna molto amabile, loquace ed intelligente. *Pareceume unha muller moi amable, faladora e intelixente. # vino amabile: viño doce, agradable ó padal.*

**amabilità** *s.f. inv. Amabilidade, atención, xentileza.* L'amabilità con cui l'avete trattata non è abituale in voi. *A amabilidade coa que a tratastes non é habitual en vós.*

**amante I** *adx. Amante.* Queste conferenze sono consigliate agli studenti amanti del cinema. *Estas conferencias son aconsellables para os estudantes amantes do cine. II s. 1 Amante (afeccionado).* È un amante della natura e degli animali. *É un amante da natureza e dos animais. 2 Amante, amigo -a, querido -a.* Suo marito sapeva che lei aveva un amante. *O seu home sabía que ela tiña un amante.*

**amare I** *v. tr. [aux. avere] 1 Amar, querer.* Ti amava e avrebbe perdonato ogni offesa. *Amábate e perdoaríache tódalas ofensas. 2 Amar (algo).* Ama la musica più di ogni altra cosa. *Ama a música máis que calquera outra cousa. II v. refl. recip. [aux. essere] Amarse, quererse.* I due giovani si amavano. *Os dous mozos amábanse.*

**amareggiare I** *v. tr. [aux. avere] Amargar, aflixir.* L'hanno amareggiata ricordandole sempre i suoi sbagli. *Amargárona recordándolle sempre os seus erros. II v. refl. [aux. essere] Amargarse, aflixirse.* Si amareggiava pensando che le cose non sarebbero cambiate. *Amargábase pensando que as cousas non cambiarían. OBS.:* *v. irreg. V. táboa 4.*

**amarena** *s.f. 1 Guinda.* Le amarene mi piacciono più delle ciliegie. *As guindas gústanme máis cás cereixas. 2 Bebida de xarope de guinda con auga.*

**amaretto** *s.m. 1 Amendoado amargo típico de Italia. 2 Licor de sabor semellante ó do biscoito homónimo.*

**amarezza** *s.f. Amargura, amargor.* Il rancore e l'amarezza lo condussero a una profonda depressione. *O rancor e a amargura conducirono a unha profunda depresión.*

**amaro -a I** *adx. 1 Amargo -a (tamén fig.).* Questo caffè è troppo amaro. *Este café é demasiado amargo.* Hanno dovuto superare l'amaro momento della

morte del padre. *Tiveron que supera-lo amargo momento da morte do pai.* **II s.m. 1 Amargor, amarguexo** (sabor). Non mi piace l'amaro di queste arance. *Non me gusta o amargor destas laranxas.* **2 (fig.) Amargor, amargura.** In quella circostanza ha dovuto inghiottire amaro. *Naquela circunstancia tivo que traga-lo amargor.* **3 Licor amargo aromático, apreciadi** *polas súas calidades dixestivas.*

**ambasciata** s.f. **1 Embaixada.** In questa città non c'è nessuna ambasciata, soltanto alcuni consolati. *Nesta cidade non hai ningunha embaixada, só algúns consulados.* **2 Embaixada, mensaxe.** Hanno inviato un'ambasciata per comunicare la notizia. *Enviaron unha embaixada para comunica-la noticia.*

**ambasciatore -trice** s. **Embaixador -ora.** L'ambasciatrice della Germania diede una festa in onore del ricercatore premiato. *A embaixadora de Alemaña deu unha festa en honor do investigador premiado.*

**ambedue I** adx. num. inv. **Ambos -as, os/as dous/dúas.** Ambedue i cugini suonano il pianoforte. *Ámbolos curmáns tocan o piano.* **II pron. num. inv. Ámbolos -alas dous/dúas, os/as dous/dúas.** Sono venute ambedue. *Viñeron ámbalas dúas.*

**ambientale** adx. **Ambiental.** Le condizioni ambientali di questa serra sono ottime per la coltivazione della rosa. *As condicións ambientais deste inverno-doiro son óptimas para o cultivo da rosa.*

**ambientare I** v. tr. [aux. avere] **Ambientar.** Hanno ambientato il film nella Francia del secolo XV. *Ambientaron o filme na Francia do século XV.* **II v. refl. [aux. essere] Ambientarse.** Non riesce ad ambientarsi in campagna perché ha sempre vissuto in città. *Non consegue ambientarse no campo porque sempre viviu na cidade.*

**ambiente** s.m. **Ambiente, medio** (tamén fig.). Studio gli uccelli in ambiente montano. *Estudio os paxaros no ambiente de montaña.* Eravamo vicini agli ambienti studenteschi rivoluzionari. *Estabamos cercanos ós ambientes estudiantís revolucionarios.* **# temperatura ambiente:** temperatura ambiente.

**ambiguità** s.f. inv. **Ambigüidade.** L'ambiguità di questa situazione vi ha portato a un fraintendimento. *A ambigüidade desta situación levovos a un malentendido.*

**ambiguo -a** adx. **Ambiguo -a.** Mi ha dato una risposta ambigua per non dirmi ciò che pensa. *Deume unha resposta ambigua para non dicirme o que pensa.*

**ambito** s.m. **Ámbito, área, campo.** La statistica mostrava che l'opinione pubblica era variata in ambito internazionale. *A estatística mostraba que a opinión pública variara no ámbito internacional.*

**ambizione** s.f. **1 Ambición, afán, ansia.** Le sue ambizioni erano indirizzate verso il mondo del cinema. *As súas ambicións estaban dirixidas cara ó mundo do cine.* **2 Ambición, cobiza.** L'ambizione di potere l'ha portato alla distruzione. *A ambición de poder levouno á destrucción.*

**ambizioso -a** adx. **Ambicioso -a.** Vogliono intraprendere un progetto troppo ambizioso. *Queren emprender un proxecto demasiado ambicioso.* Era così ambizioso che la sua avidità lo portò al fallimento. *Era tan ambicioso que a súa avidez levouno ó fracaso.*

**ambra** s.f. **Ámbar.** Gli orecchini gialli che hai visto sono di ambra. *Os pendentes amarelos que viches son de ámbar.*

**ambulante I** adx. **Ambulante.** Il suonatore ambulante viaggiava di paese in paese. *O músico ambulante viaxaba de vila en vila.* **II s. Vendedor -ora ambulante.** L'ambulante percorreva la città in cerca di clienti. *O vendedor ambulante percorría a cidade buscando clientes.* **# essere una biblioteca ambulante:** sabelo todo.

**ambulanza** s.f. **Ambulancia.** Dopo l'incidente sono arrivate due ambulanze per portare i feriti in ospedale. *Tralo accidente chegaron dúas ambulancias para leva-los feridos ó hospital.*

**ambulatorio** s.m. **Ambulatorio.** In quest'ambulatorio ci sono soltanto medici generici. *Neste ambulatorio hai soamente médicos de cabeceira.*

**ameno -a** adx. **Ameno -a.** Questo romanzo è di lettura molto amena. *Esta novela é de lectura moi amena.*

**americano -a I** adx. **Americano -a.** Colombia e Venezuela sono paesi americani. *Colombia e Venezuela son países americanos.* **II s. Americano -a.** Durante le loro vacanze negli Stati Uniti hanno conosciuto due americani figli di spagnoli. *Durante as súas vacacións nos Estados Unidos coñeceron dous americanos fillos de españois.*

**amichevole** adx. **Amigable.** Il suo atteggiamento amichevole favorì le trattative. *A súa actitude amigable fávoreceu as negociacións.* **# incontro amichevole (Dep.):** encontro amigable.

**amicizia** s.f. **Amizade.** Tra loro due c'è soltanto una buona amicizia. *Entre eles dous hai soamente unha boa amizade.* La cerchia delle tue amicizie è abbastanza ristretta. *O círculo das túas amizades é bastante reducido.* **# fare amicizia:** facerse amigos; **patti chiari amicizia lunga:** amiguiños si pero a vaca polo que vale.

**amico -a I s. 1 Amigo -a.** Sono amici dai tempi della scuola. *Son amigos desde os tempos da escola.* **2 (euf.) Amigo -a, amante, querido -a.** La moglie l'ha trovato con l'amica. *A muller atopouno coa amiga.*

**II** *adx.* **Amigo -a.** Aveva bisogno di una parola amica che lo sollevasse. *Necesitaba unha palabra amiga que o consolase.* # **l'amico del cuore:** *o amigo íntimo; amici per la pelle: amigos da alma.* **OBS.:** *m. pl. amici, f. pl. amiche.*

**ammalarsi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Enfermar.** Si era gravemente ammalato e non poteva più alzarsi. *Enfermara gravemente e xa non se podía erguer.*

**ammaliare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Ameigar, encantar, enfeitizar** (*tamén fig.*). Lo stregone ammalò la principessa nel castello di corallo. *O bruxo ameigou a princesa no castelo de coral.* Aveva degli occhi che ammaliavano al primo sguardo. *Tiña uns ollos que ameigaban á primeira mirada.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**ammansire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Amansar, calmar.** La musica ammansisce le fiere. *A música amansa as feras.* **OBS.:** *io ammansisco, tu ammansisci.*

**ammassare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Apiñar.** Hanno ammassato tutta l'erba davanti all'aia. *Apiñaron toda a herba diante da eira.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] (*fig.*) **Apiñarse.** La moltitudine si ammassava in piazza. *A multitude apiñábase na praza.* # **ammassare ricchezza:** *acumular riquezas.* ♦ *Para referirse a 'amasar' en italiano emprégase o termo impastare.*

**ammazzare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Matar** (*tamén fig.*). Hanno ammazzato il gatto perché era impazzito. *Mataron o gato porque toleara.* Questo lavoro non ammazza nessuno. *Este traballo non mata a ninguén.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Matarse** (*suicidarse; tamén fig.*). Si è ammazzato prima che il nemico lo catturasse. *Matouse antes de que o inimigo o capturara.* Mi ammazzo di lavoro in officina e quando arrivo a casa devo ancora lavorare. *Mátome a traballar no taller e cando chego á casa aínda teño que traballar.* **III** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Matarse** (*involuntariamente*). Si è ammazzato in un incidente aereo. *Matouse nun accidente aéreo.* # **ammazza!:** *¡arrea!; ammazzare il tempo:* *mata-lo tempo; ne ammazza più la gola che la spada:* *a gula é máis perigosa do que se cre.*

**ammesso -a I** *part. pas. de ammettere e adx. I* **Admitido -a** (*que foi aceptado*). I ragazzi ammessi hanno compilato dei moduli. *Os rapaces admitidos cubriron uns impresos.* **2** **Admitido -a, consentido -a, tolerado -a.** Quell'ipotesi parte da verità universalmente ammesse. *Esa hipótese parte de verdades universalmente admitidas.* **II** *s.* **Admitido -a.** Gli ammessi all'esame devono aspettare il professore prima di entrare in aula. *Os admitidos ó exame teñen que espera-lo profesor antes de entraren na aula.* # **ammesso che:** *partindo do suposto de que; ammeso e non concesso che...: se por hipótese...*

**ammettere** *v. tr.* [*aux.* avere] **1** **Admitir** (*deixar entrar*). L'hanno ammesso nel collegio. *Admitirono no colexio.* **2** **Admitir, consentir, tolerar.** Si farà come abbiamo detto e non ammetto discussioni. *Farase como dixemos e non admito discusións.* **3** **Supoñer, admitir.** Ammettiamo che tutta quella storia sia vera. *Supoñamos que toda esa historia é verdade.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50.*

**amministrare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Administrar.** Da diversi anni amministrava le proprietà di suo zio. *Desde había algúns anos administraba as propiedades do seu tío.* Ogni fedele può amministrare il sacramento del battesimo in caso di necessità. *Todo fiel pode administra-lo sacramento do bautismo en caso de necesidade.*

**amministrativo -a I** *adx.* **Administrativo -a.** La divisione amministrativa dello stato dovrà essere ristrutturata. *A división administrativa do estado terá que ser reformada.* **II** *s.* **Administrativo -a.** Quando sono arrivato in ufficio c'erano due amministrativi e una disegnatrice. *Cando cheguei á oficina había dous administrativos e unha delinante.* # **direttore amministrativo:** *director administrativo; diritto amministrativo:* *dereito administrativo; provvedimento amministrativo:* *prevención administrativa.*

**amministrazione** *s.f.* **1** **Administración, xestión** (*acto e efecto*). Era la persona che si occupava dell'amministrazione dell'edificio. *Era a persoa que se ocupaba da administración do edificio.* **2** **Administración** (*ente*). Amministrazione pubblica. *Administración pública.* Consiglio d'amministrazione. *Consello de administración.*

**ammirabile** *adx.* **Admirable, extraordinario -a.** L'abnegazione di questa donna è ammirabile. *A abnegación desta muller é admirable.*

**ammirare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Admirar** (*algo ou alguén*). Da questa collina si può ammirare un bel paesaggio. *Desde este outeiro pódese admirar unha bonita paisaxe.* Ammiro l'onestà di questo politico. *Admiro a honestidade deste político.*

**ammirazione** *s.f.* **Admiración.** Con quella risposta si è guadagnato l'ammirazione di tutti noi. *Con aquela resposta gañou a admiración de todos nós.*

**ammissione** *s.f.* **Admisión.** Avete dovuto fare un esame di ammissione. *Tivestes que facer un exame de admisión.* La confessione finì con l'ammissione del reato. *A confesión rematou coa admisión do delicto.*

**ammobiliare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Amoblar.** Hai ammobiliato la stanza in stile rustico. *Amobláche-lo cuarto en estilo rústico.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**ammollo** *s.m.* **Remollo.** Ha lasciato la biancheria in ammollo. *Deixou a roupa branca en remollo.*

**ammonjaca** *s.f.* **Amoníaco**. L'odore dell'ammoniaca è molto forte e sgradevole. *O olor do amoniaco é moi forte e desagradable*. **OBS.:** pl. ammoniache.

**ammonjire** *v. tr.* [aux. avere] **Amoestar, recriminar, reprimir**. Vi ha ammoniti per la vostra pessima condotta. *Amoestouvos pola vosa pésima conducta*. **OBS.:** io ammonisco, tu ammonisci.

**ammonizione** *s.f.* **Amoestación, admonición**. Quel discorsetto sembrava una velata ammonizione contro voi. *Aquel discursiño parecía unha encuberta amoestación contra vós*.

**ammontare I** *v. intr.* [aux. essere] **Ascender, elevarse, importar** (unha cantidade de diñeiro). Il conto ammonta a quattro milioni. *A conta ascende a catro millóns*. **II** *s.m.* **Suma** (importe total). L'ammontare delle spese non superò la cifra prevista. *A suma dos gastos non superou a cifra prevista*.

**ammorbidente** *s.m.* **Suavizante**. Ho aggiunto un po' di ammorbidente al bucato. *Engadin un pouco de suavizante á bogada*.

**ammorbire I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Suavizar**. Questa crema ammorbisce la pelle. *Esta crema suaviza a pel*. **2 Abrandar, amolecer, amolentar**. Ammorbidiva le lenticchie in acqua. *Abrandaba as lentellas en auga*. **3 (fig.) Suavizar, abrandar, entenrecer**. Ammorbidisci il tuo carattere se non vuoi avere altri problemi. *Suaviza o teu carácter se non queres ter máis problemas*. **II** *v. intr. pron.* [aux. essere] **Suavizar**. Con il tempo il cuoio delle scarpe si è ammorbido. *Co tempo o coiro dos zapatos suavizou*. **OBS.:** io ammorbido, tu ammorbisci.

**ammortizzare** *v. tr.* [aux. avere] **Amortizar**. Ha gestito il mutuo per ammortizzare il prezzo della casa in dieci anni. *Xestionou o préstamo para amortiza-lo prezo da casa en dez anos*. Hanno ammortizzato presto ciò che avevano investito nel negozio. *Amortizaron pronto o que investiran no negocio*.

**ammucchiare I** *v. tr.* [aux. avere] **Amontoar, amorar, acumular**. Ho ammucchiato i tuoi quaderni sul tavolo. *Amontoei os teus cadernos enriba da mesa*. **II** *v. intr. pron.* [aux. essere] **Amontoarse, amorearse, acumularse**. Le cose vecchie si ammucchiavano in soffitta. *As cousas vellas amontoábanse no faia-do*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.

**ammuffire** *v. intr.* [aux. essere] **Amofarse, balorecer**. Non avete mangiato la frutta ed è ammuffita. *Non coméste-la froita e amofouse*. **OBS.:** io ammuffisco, tu ammuffisci.

**ammutulire** *v. intr.* [aux. essere] **Enmudecer, calar** (por medo, vergoña...). Sapeva la lezione ma quando il professore gli fece la domanda, ammutolì. *Sabía a lección pero cando o profesor lle fixo a pregunta, enmudeceu*. **OBS.:** io ammutolisco, tu ammutolisci.

**amnistia** *s.f.* **Amnistía**. Gli hanno concesso l'amnistia dopo anni di carcere per le sue idee politiche. *Concedéronlle a amnistía despois de anos de cárcere polas súas ideas políticas*.

**amo** *s.m.* **Anzol, amocelo**. Gli hanno regalato una canna e degli ami per andare a pesca. *Regaláronlle unha cana e anzois para ir de pesca*. **# abboccare all'amo:** caer nun engano. **♦ Para referirse ó 'amo' en italiano emprégase o termo padrone**.

**amore** *s.m.* **1 Amor (paixón)**. Il suo amore per lei poteva vincere tutti gli ostacoli. *O seu amor por ela podía vencer tódolos obstáculos*. **2 Amor, cariño**. Sente un forte amore per gli animali. *Sente un forte amor polos animais*. **3 (fig.) Amor, querer** (persoa amada). Nessuno dei suoi amori è durato molto. *Ningún dos seus amores durou moito*. **4 Amor, inclinación**. Il suo amore per l'arte l'ha portato a dedicarsi alla pittura. *O seu amor pola arte levouno a dedicarse á pintura*. **# amor proprio:** amor propio; **d'amore e d'accordo:** en amor e compañía; **fare all'amore / l'amore con qualcuno:** face-lo amor con alguén; **per amore o per forza:** polas boas ou polas malas; **per (l')amor di Dio! / del cielo!:** ¡polo amor de Deus!

**amorfo -a** *adx.* **Amorfo -a** (tamén fig.). I gas sono sostanze amorfe. *Os gases son substancias amorfas*. Suo cugino ha un carattere amorfo e fa sempre ciò che dicono gli altri. *Seu curmán ten un carácter amorfo e fai sempre o que din os demais*.

**amoroso -a** *adx.* **Amoroso -a**. Quest'autore è famoso per la sua poesia amorosa. *Este autor é famoso pola súa poesía amorosa*.

**ampiezza** *s.f.* **1 Amplitude**. La casa nuova ha l'ampiezza sufficiente per sistemare tutti i mobili. *A casa nova ten a amplitude suficiente para colocar tódolos mobles*. **2 Amplitude, extensión**. L'ampiezza delle sue conoscenze su questa materia è vastissima. *A amplitude dos seus coñecementos nesta materia é vastísima*. **3 Amplitude, folgura**. L'ampiezza del cappotto ti permette di indossare un maglione grosso. *A amplitude do abrigo permíteche poñer un xersei grosso*.

**ampio -a** *adx.* **1 Amplo -a, ancho -a, estenso -a**. Dall'alto della montagna si vedeva l'ampia valle. *Desde o alto da montaña víase o amplo val*. **2 Amplo -a, grande**. Quest'albergo ha delle camere molto ampie. *Este hotel ten uns cuartos moi amplos*. **3 Amplo -a, folgado -a, largo -a**. È una giacca dalle maniche ampie. *É unha chaqueta de mangas amplas*. **4 Amplo -a, abundante**. Questa fabbrica dà ampie garanzie sui suoi prodotti. *Esta fábrica dá amplas garantías nos seus produtos*.

**ampliare I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Ampliar**. Con tanti figli dovrebbero ampliare la casa. *Con tantos fillos terían que amplia-la casa*. È andata a studiare

all'estero per ampliare le sue conoscenze. *Foi estudar ó estranxeiro para ampliar-los seus coñecementos.* **2 Ampliar, prorrogar** (un prazo). Il comune ha ampliato il periodo per fare la richiesta. *O concello ampliou o prazo para face-la solicitude.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Creecer, medrar** (unha cidade, un país...). In questi ultimi anni le città si sono molto ampliate. *Nestes últimos anos as cidades creceron moito.* **OBS.:** io amplio; v. irreg. V. táboa 7.

**amplificatore -trice I** adx. **Amplificador -ora.** Il microscopio ha una lente amplificatrice. *O microscopio ten unha lente amplificadora.* **II** s.m. **Amplificador.** Ha bisogno di un amplificatore per la chitarra elettrica. *Necesita un amplificador para a guitarra eléctrica.*

**amuleto** s.m. **Amuleto, talismán.** È convinto che l'amuleto che gli hanno regalato gli porti fortuna. *Está convencido de que o amuleto que lle regalaron lle dá sorte.*

**anagrafe** s.f. **1 Rexistro civil.** Viveva lì da tempo, ma non era iscritto all'anagrafe del comune. *Vivía ali desde había tempo, pero non estaba inscrito no rexistro civil do concello.* **2 Oficina do rexistro civil.** È andato a iscrivere il bambino all'anagrafe. *Foi inscribi-lo neno á oficina do rexistro civil.*

**analfabeta I** adx. **Analfabeto -a.** Suo nonno era analfabeta perché non era potuto andare a scuola. *Seu avó era analfabeto porque non puidera ir á escola.* **II** s. **Analfabeto -a.** Ogni anno diminuisce il numero di analfabeti. *Cada ano diminúe o número de analfabetos.* **OBS.:** m. pl. analfabeti.

**analfabetismo** s.m. **Analfabetismo.** Nei paesi sottosviluppati ci sono molti casi di analfabetismo. *Nos países subdesenvolvidos hai moitos casos de analfabetismo.*

**analisi** s.f. **Análise.** Adesso dovete fare l'analisi grammaticale del brano che vi ho dettato. *Agora tedes que face-la análise gramatical do fragmento que vos dictei.* # **analisi del sangue:** análise de sangue; **analisi dell'urina:** análise de urina; **in ultima analisi:** en definitiva.

**analizzare** v. tr. [aux. avere] **Analizar.** Gli archeologi hanno analizzato i resti e sono arrivati a conclusioni molto interessanti. *Os arqueólogos analizaron os restos e chegaron a conclusións moi interesantes.*

**analogia** s.f. **Analogía.** Le lingue neolatine presentano tra loro moltissime analogie. *As linguas neolatinas presentan entre si moitísimas analogías.*

**analogo -a** adx. **Análogo -a, similar.** I due amici si trovano in circostanze analoghe. *Os dous amigos atópanse en circunstancias análogas.* **OBS.:** m. pl. analoghi, f. pl. analoghe.

**ananas** s.m. inv. **1 Ananás** (planta). Nei paesi tropicali ci sono piantagioni di ananas. *Nos países tropicais hai plantacións de ananás.* **2 Ananás, piña**

(froita). Ho comprato due ananas e un chilo di banane. *Comprei dous ananases e un quilo de plátanos.* **OBS.:** pódese dicir tamén ananas.

**anarchia** s.f. **1 Anarquía** (tamén fig.). L'anarchia è la mancanza di governo in uno Stato. *A anarquía é a ausencia de goberno nun estado.* Quando i genitori partono, la casa è un'autentica anarchia. *Cando os pais marchan, a casa é unha auténtica anarquía.* **2 Anarquismo.** L'anarchia è una dottrina politica che rifiuta ogni forma di governo. *O anarquismo é unha doutrina política que rexeita toda forma de goberno.*

**anarchico -a I** adx. **1 Anarquista.** Ha avuto dei problemi per la sua ideologia anarchica. *Tivo problemas pola súa ideoloxía anarquista.* **2 Anárquico -a.** Le tue idee su questo argomento sono anarchiche e disordinate. *As túas ideas acerca deste tema son anárquicas e desordenadas.* **II** s. **Anarquista.** Sono stati detenuti due anarchici come possibili responsabili dell'attentato. *Detiveron a dous anarquistas como posibles responsables do atentado.* **OBS.:** m. pl. anarchici, f. pl. anarchiche.

**anatomia** s.f. (Cien.) **Anatomía.** Ha già finito i suoi studi di anatomia patologica. *Xa rematou os seus estudos de anatomía patolóxica.*

**anatomico -a** adx. **Anatómico -a.** Hanno fatto una descrizione anatomica dell'organo dell'udito. *Fixeron unha descrición anatómica do órgano do oído.* Questa macchina ha dei sedili anatomici. *Este coche ten asentos anatómicos.* **OBS.:** m. pl. anatomici, f. pl. anatomiche.

**anatra** s.f. **Parrulo, pato.** A Natale mangeremo anatra all'arancia. *Polo Nadal comeremos parrulo á laranxa.* **OBS.:** existe tamén a variante anitra.

**anca** s.f. **1** (Anat.) **Cadeira.** È caduto e si è provocato una lussazione all'anca. *Caeu e fixo unha luxación na cadeira.* **2 Anca.** La specialità del ristorante sono le anche di rana. *A especialidade do restaurante son as ancas de ra.* **OBS.:** pl. anche.

**ancestrale** adx. **Ancestral.** Quella tribù ha conservato alcuni riti ancestrali. *Aquela tribo conservou algúns ritos ancestrais.*

**astro** s.m. **1 Astro**. Sia le stelle che i pianeti sono astri. *Tanto as estrelas coma os planetas son astros*. **2** (fig.) *Astro, estrela (persoa)*. I numerosi successi l'hanno trasformato in un astro del tennis. *Os numerosos éxitos transformárono nun astro do tenis*.

**astronauta** s. *Astronauta, cosmonauta*. Tre astronauti americani fecero il primo viaggio sulla Luna. *Tres astronautas americanos fixeron a primeira viaxe á Lúa*. **OBS.:** m. pl. astronauti.

**astuto -a** adx. **1 Astuto -a, listo -a**. È un ragazzo astuto, che sa trarre profitto da molte situazioni. *É un rapaz astuto, que sabe sacar proveito de moitas situacións*. **2 Astuto -a, arteiro -a, raposeiro -a**. È così astuta che mi ha ingannato due volte. *É tan astuta que me enganou dúas veces*.

**astuzia** s.f. **1 Astucia (habibilidade)**. Ha risolto il problema con astuzia. *Resolveu o problema con astucia*. **2 Astucia, artimaña, estrataxema**. Le vostre astuzie non impediranno il successo di quest'opera. *As vosas astucias non impedirán o éxito desta obra*.

**atlantico -a** adx. *Atlántico -a*. La zona costiera della Galizia ha un clima atlantico. *A zona costeira de Galicia ten un clima atlántico*. **OBS.:** m. pl. atlantici, f. pl. atlantiche.

**atleta** s. *Atleta*. Gli atleti si preparano alla gara sportiva. *Os atletas preparáanse para a competición deportiva*. **OBS.:** m. pl. atleti.

**atletico -a I** adx. *Atlético -a (tamén fig.)*. È una squadra atletica ben allenata. *É un equipo atlético ben adestrado*. Ha un fisico atletico. *Ten un físico atlético*. **II** s.f. *Atletismo*. Abbiamo visto diversi esercizi di atletica. *Vimos algúns exercicios de atletismo*. # **atletica leggera:** *atletismo*; **atletica pesante:** *loita e halterofilia*. **OBS.:** m. pl. atletici, f. pl. atletiche.

**atmosfera** s.f. **1 Atmosfera**. L'atmosfera è la massa di aria che circonda la Terra. *A atmosfera é a masa de aire que rodea a Terra*. **2** (fig.) *Atmosfera, ambiente*. A casa sua si respira un'atmosfera di allegria. *Na súa casa respirase unha atmosfera de alegría*.

**atomico -a** adx. *Atómico -a*. Peso atomico di un elemento chimico. *Peso atómico dun elemento químico*. Armi atomiche. *Armas atómicas*. **OBS.:** m. pl. atomici, f. pl. atomiche.

**atomo** s.m. *Átomo*. L'atomo è la particella minima di un elemento. *O átomo é a partícula mínima dun elemento*.

**atono -a** adx. *Átono -a*. Sono sillabe atone quelle che non hanno l'accento. *Son silabas átonas as que non teñen acento*.

**atroce** adx. **1 Atroz, bárbaro -a, cruel**. I mafiosi progettavano un'atroce vendetta. *Os mafiosos proxectaban unha atroz vinganza*. **2** (ext.) *Atroz*. Sentiva un dolore atroce al ginocchio. *Sentía unha dor atroz no xeonllo*.

**attaccapanni** s.m. inv. **1 Percha**. Ho appeso il cappotto all'attaccapanni e l'ho messo nell'armadio. *Colguei o abrigo na percha e metino no armario*. **2 Colgadoiro, percha**. Avevano un attaccapanni nell'ingresso. *Tiñan un colgadoiro na entrada*.

**attaccare I** v. tr. [*aux.* avere] **1 Pegar, apegar, colar**. Non avete attaccato bene i manifesti e ne sono caduti alcuni. *Non pegastes ben os carteis e caeron algúns deles*. **2 Colgar, pender, pendurar**. Hanno attaccato un nuovo quadro nel salotto. *Colgaron un novo quadro na sala*. **3 Comezar, principiar, empezar**. Abbiamo attaccato discorso parlando del più e del meno. *Comezámola conversa falando de todo un pouco*. **4 Atacar** (agredir a alguén ou algo). I soldati attaccarono le posizioni nemiche. *Os soldados atacaron as posicións inimigas*. Il mercurio attacca l'oro. *O mercurio ataca o ouro*. **5** (Med.) *Pegar, apegar, contaxiar*. Mi hanno attaccato l'influenza a scuola. *Pegáronme a gripe na escola*. **6 Coser**. Puoi attaccarmi la fodera della gonna? Mi si è scucita. *¿Podes coserme o forro da saia? Descoséuseme*. **7** (Elec.) *Enchufar, conectar*. L'asciugacapelli non funziona; l'ho attaccato e non si accende. *O secador non funciona; enchufeino e non se acende*. **II** v. intr. [*aux.* avere] **1 Pegar, apegar, adherirse**. Questo francobollo non attacca! *¡Este selo non pega!* **2 Agarrar, prender** (unha planta, unha semente). La pianta che mi hai regalato ha attaccato benissimo. *A planta que me regalaches agarrou moi ben*. **3** (Mil.; Dep.) *Atacar*. L'esercito attaccò di sorpresa. *O exercito atacou por sorpresa*. La nostra squadra ha attaccato durante tutta la partita. *O noso equipo atacou durante todo o partido*. **4 Comezar, principiar, iniciar(se)**. La seduta attaccò con un discorso del presidente. *A sesión comezou cun discurso do presidente*. **III** v. intr. pron. [*aux.* essere] **1 Pegarse**. La salsa bechiamella si è attaccata alla pentola. *A salsa bechamel pegouse á pota*. **2** (Med.) *Pegarse, apegarse, contaxiarse*. Il raffreddore si attacca facilmente. *O arrefriado pégase facilmente*. **3 Encariñarse**. Mi sono attaccato a lui come

a un fratello. *Encariñeime con el coma cun irmán.* # **attaccare a lavorare** (*fam.*): *entrar a traballar*; **attaccare un bottone**: *molestar (a alguén) con charlas interminables*; **attaccarsi al fiasco / alla bottiglia**: *darse á bebida*; **attaccati al tram!**: *japáñate!* **OBS.:** io attacco, tu attacchi; v. irreg. V. táboa 5.

**attacco** *s.m.* **1 Ataque.** L'attacco aereo sulla città è stato condannato da quasi tutti i paesi. *O ataque aéreo sobre a cidade foi condenado por case tódolos países.* Dopo vari attacchi hanno conseguito il goal. *Despois de varios ataques conseguiron o gol.* È morto di un attacco al cuore. *Morreu dun ataque ó corazón.* **2 (Elec.) Enchufe** (*toma de corrente*). Ci hanno dovuto installare un altro attacco per il computer. *Tivéronnos que instalar outro enchufe para o ordenador.* **3 Comezo, inicio.** L'attacco della composizione è un po' lento ma poi il ritmo accelera. *O comezo da composición é un pouco lento pero despois o ritmo acelera.* **4 Tiro** (*dun vehículo de tracción animal*). La diligenza aveva un attacco a quattro cavalli. *A dilixencia tiña un tiro de catro cabalos.* # **attacco febbrile**: *acceso de febre*; **muovere un attacco contro qualcuno**: *facen unha crítica a alguén.* **OBS.:** pl. attacchi.

**atteggiamento** *s.m.* **1 Actitude.** Si è rivolto a noi con atteggiamento minaccioso, mostrandoci il pugno. *Dirixiuse a nós con actitude ameazadora, mostrándono-lo puño.* **2 (fig.) Comportamento.** Il ragazzo ha un atteggiamento ostile a scuola. *O rapaz ten un comportamento hostil na escola.* **3 (fig.) Actitude, posición, postura.** L'atteggiamento della critica verso il suo ultimo libro è stato molto favorevole. *A actitude da crítica cara ó seu último libro foi moi favorable.*

**attendere I** v. tr. [*aux. avere*] **Esperar, aguardar.** Attenda fuori un momento; la dottoressa la riceverà subito. *Espere fóra un momento; a doutora recibirá de seguida.* **II** v. intr. [*aux. avere*] **Dedicarse.** Da quando ha cominciato a lavorare non attende più alle faccende di casa. *Dende que comezou a traballar xa non se dedica ás tarefas da casa.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 26. ♦ *Para referirse a 'atender, prestar atención' en italiano emprégase a expresión fare attenzione.*

**attenersi** v. refl. [*aux. essere*] **Aterse.** È necessario attenersi alle istruzioni del prospetto. *É necesario aterse ás instrucións do prospecto.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 73.

**attentato** *s.m.* **Atentado** (*tamén fig.*). La polizia ha detenuto gli autori dell'attentato terroristico. *A policía detivo os autores do atentado terrorista.* La calunnia è un attentato alla dignità della persona. *A calunnia é un atentado contra a dignidade da persoa.*

**attento -a** *adx.* **1 Atento -a.** Gli alunni stavano molto attenti alla spiegazione del professore. *Os alumnos estaban moi atentos á explicación do profesor.* **2 Minucioso -a, detido -a, meticoloso -a.** I poliziotti hanno fatto attente indagini sul luogo del delitto. *Os policías fixeron unhas minuciosas investigacións no lugar do delicto.* ♦ *Para referirse a 'atento, amable' en italiano emprégase o termo gentile.*

**attenuare I** v. tr. [*aux. avere*] **1 Atenuar, calmar, aliviar.** Queste pillole gli attenueranno il dolore. *Estas pímulas atenuaránle a dor.* **2 (fig.) Atenuar, minuar, reducir.** Il pronto intervento internazionale ha attenuato i gravi effetti del terremoto. *A rápida intervención internacional atenuou os graves efectos do terremoto.* **II** v. intr. pron. [*aux. essere*] **1 Suavizarse.** In primavera le temperature si attenuano. *Na primavera as temperaturas suavízanse.* **2 Calmar(se).** Il dolore si è già attenuato. *A dor xa (se) calmou.* **OBS.:** io attenuo; v. irreg. V. táboa 1.

**attenzione I** *s.f.* **Atención.** Ascoltami con attenzione se vuoi capirlo. *Escóitame con atención se o queres entender.* Mentre sono stato da loro mi hanno colmato di attenzioni. *Mentres estiven na súa casa cubrironme de atencións.* **II** *interx.* **Coidado.** Attenzione! La minestra scotta! *¡Coidado! ¡A sopa queima!* # **attirare l'attenzione**: *chama-la atención*; **fare / prestare attenzione**: *poñer / prestar atención, ter coidado.*

**atterraggio** *s.m.* **Aterraxa.** Durante la manovra di atterraggio è obbligatorio allacciare la cintura di sicurezza. *Durante a manobra de aterraxa é obrigatorio abrocha-lo cinto de seguridade.* # **atterraggio forzato**: *aterraxa de urxencia*; **campo d'atterraggio**: *pista (do aeroporto).*

**atterrare I** v. intr. [*aux. essere*] **Aterrar, tomar terra.** L'aereo atterrerà nell'aeroporto di destinazione alle 15.35. *O avión aterrá no aeroporto de destino ás 15.35.* **II** v. tr. [*aux. avere*] **Abater, derrubar.** Ha atterrato l'avversario con un'abile mossa. *Abateu o adversario cun hábil movemento.* ♦ *Para referirse a 'atterrar, arrear' en italiano emprégase o termo atterrire.*

**attesa** *s.f.* **Espera.** Lo sciopero dei lavoratori della ferrovia ha causato lunghe attese nelle stazioni. *A folga dos traballadores do ferrocarril causou longas esperas nas estacións.* # **essere / stare in attesa**: *estar á espera*; **in attesa**: *á espera*; **lista d'attesa**: *lista de espera*; **nell'attesa**: *na espera*; **sala d'attesa**: *sala de espera.*

**attestare** v. tr. [*aux. avere*] **1 Atestar, testemuñar.** Il testimone aveva attestato l'innocenza di uno degli accusati. *A testemuña atestara a inocencia dun dos acusados.* **2 (fig.) Amosar, mostrar, manifestar.** Quello sguardo attestava la sua impazienza. *Aquela mirada amosaba a súa impaciencia.* ♦ *Para referir-*

se a 'atestar; abarrotar' en italiano emprégase o termo riempire.

**attestato** *s.m.* **Certificado.** L'attestato di cui ho bisogno viene rilasciato dal comune. *O certificado que necesito expídeo o concello.* # **attestato di frequenza:** certificado de asistencia. ♦ *Para referirse ó 'atestado (documento)' en italiano emprégase o termo verbale.*

**attico** *s.m.* **Ático** (vivenda). I suoi hanno affittato un attico con un terrazzo di 50 m<sup>2</sup>. *Seus pais alugaron un ático cunha terraza de 50 m<sup>2</sup>.* **OBS.:** pl. attici.

**attimo** *s.m.* **Momento, intre, instante.** Aspetta un attimo, vengo subito! *¡Espera un momento, vou axiña!* # **in un attimo:** nun momento; **un attimo, per favore!:** jun momento, por favor!

**attirare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Atraer.** La calamita attira il ferro. *O imán atrae o ferro.* **2 Atraer, centrar.** Quell'argomento attirava l'interesse di tutti i presenti. *Aquel asunto atraía o interese de tódolos presentes.*

**attitudine** *s.f.* **Aptitude, dote, facultade.** Suo figlio dimostra attitudini speciali per la musica. *O seu fillo demostra aptitudes especiais para a música.*

**attività** *s.f. inv.* **Actividade.** Lui ha sempre partecipato alle attività sportive della scuola. *El sempre participou nas actividades deportivas da escola.*

**attivo -a** **I** *adx.* **1 Activo -a.** L'Etna è un vulcano attivo. *O Etna é un volcán activo.* **2 Activo -a, dinámico -a.** Tua moglie è molto attiva, ammiro il suo dinamismo. *A túa muller é moi activa, admiro o seu dinamismo.* **II** *s.m.* (Econ.) **Activo.** L'attivo di quella ditta ammonta a due miliardi. *O activo daquela empresa ascende a dous mil millóns.*

**atto -a** **I** *adx.* **Apto -a, capaz.** Si vede che è una ragazza atta agli studi; ottiene sempre ottimi voti. *Vese que é unha rapaza apta para o estudio; obtén sempre moi boas notas.* **II** *s.m.* **1 Acto** (acción; teatral). Un atto spregevole. *Un acto despreziable.* Abbiamo assistito a una rappresentazione teatrale in tre atti. *Asistimos a unha representación teatral en tres actos.* **2 Aceno, xesto.** Fece atto di volerlo colpire. *Fixo un aceno de querer pegarlle.* **3 Acta.** Il magistrato ha chiesto gli atti del processo. *O maxistrado pediu as actas do proceso.* Gli atti del congresso saranno pubblicati l'anno prossimo. *As actas do congreso serán publicadas o ano que vén.* # **atto di morte:** certificado de defunción; **atto di nascita:** certificado de nacemento; **essere in atto:** estar realizándose (algo); **fare atto di presenza:** presentarse nun lugar só por formalidade; **fare l'atto di:** acenar unha acción sen levala a cabo; **mettere in atto:** realizar; **nell'atto / sull'atto:** no acto; **redigere un atto:** levantar acta.

**attore -trice** *s.* **Actor -triz.** Quell'attrice è una diva del cinema americano. *Aquela actriz é unha diva do cine americano.*

**attorno** *adv.* **Arredor, ó redor, derredor.** La casa ha un giardino attorno. *A casa ten un xardín arredor.* # **attorno a:** arredor de, ó redor de; **avere qualcuno attorno:** ter alguén arredor molestando; **darsi d'attorno:** afanarse; **guardarsi attorno:** actuar con precaución ou actitude vixilante; **levarsi qualcuno d'attorno:** librarse de alguén que molesta; **stare attorno a qualcosa:** atender a algo con interese; **stare attorno a qualcuno:** estar arredor de alguén, incluso para molestarlo, pedirille favores...

**attraente** *adx.* **Atractivo -a, atraente, fascinante.** È una ragazza simpatica e attraente. *É unha rapaza simpática e atractiva.*

**attrarre** **I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Atraer** (tamén fig.). Le cariche positive attraggono quelle negative. *As cargas positivas atraen as negativas.* La sua bellezza attraeva tutti. *A súa beleza atraíaos a todos.* **2** (fig.) **Atraer, tirar.** Il teatro mi attrae da sempre. *O teatro atraeme dende sempre.* **II** *v. refl. recip.* [aux. essere] **Atraerse.** I poli opposti si attraggono. *Os polos opostos atraense.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 16.*

**attraversare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Atravesar, cruzar.** Per andare nell'altra valle dobbiamo attraversare la montagna. *Para ir ó outro val temos que atravesar a montaña.* **2 Atravesar, pasar.** Attraversa un momento difficile perché non trova lavoro. *Atravesa un momento difícil porque non atopa traballo.*

**attraverso** *prep.* **1 A través de.** La luce passa attraverso le tende. *A luz pasa a través das cortinas.* **2 Por medio de, mediante.** Hanno scoperto il colpevole attraverso accurate indagini. *Descubriron o culpable por medio de minuciosas investigacións.*

**attrazione** *s.f.* **Atracción** (tamén fig.). L'attrazione del polo magnetico. *A atracción do polo magnético.* Sente per lei una forte attrazione. *Sente por ela unha forte atracción.* Le montagne russe sono l'attrazione più visitata del luna park. *A montaña rusa é a atracción máis visitada do parque de atraccións.*

**attrezzare** **I** *v. tr.* [aux. avere] **Equipar, prover.** Hanno attrezzato la nave di tutto il necessario per il viaggio. *Equiparon o barco con todo o necesario para a viaxe.* **II** *v. refl.* [aux. essere] **Equiparse, proverse.** Bisogna attrezzarsi bene per andare in montagna. *Hai que equiparse ben para ir á montaña.*

**attrezzatura** *s.f.* **1 Equipamento.** Ho comprato l'attrezzatura necessaria per praticare l'alpinismo. *Comprei o equipamento necesario para practicalo alpinismo.* **2 Instalación** (cousa instalada). Questa palestra ha le più moderne attrezzature. *Este ximnasio ten as máis modernas instalacións.*

**attrezzo** *s.m.* **1** *Ferramenta, utensilio, instrumento.*

Il falegname ha bisogno per il suo lavoro di attrezzi specifici. *O carpinteiro necesita para o seu traballo ferramentas específicas.* **2** (*Dep.*) *Aparato, aparelho.* Oggi a lezione di ginnastica ci siamo esercitati agli attrezzi. *Hoxe en clase de ximnasia exercitámonos nos aparatos.* # **attrezzi del coltivatore:** *apeiros;* **attrezzi di cucina:** *utensilios de cociña.*

**attribuire** *v. tr.* [*aux. avere*] **1** *Atribuír, asignar, adxudicar.* La normativa del centro attribuisce al bidello la responsabilità di chiudere. *A normativa do centro atribúelle ó bedel a responsabilidade de pechar.* **2** *Atribuír.* I critici di arte attribuiscono questo quadro a un conosciuto pittore del Rinascimento. *Os críticos de arte atribúen este cadro a un coñecido pintor do Renacemento.* **3** *Atribuír, imputar, achacar.* Hanno attribuito il delitto a un delinquente abituale. *Atribuíron o delito a un delincuente habitual.* **OBS.:** io attribuisco, tu attribuisci.

**attributo** *s.m.* *Atributo.* La pazienza è l'attributo di san Giobbe. *A paciencia é o atributo de San Xob.* In questo esercizio bisogna abbinare gli attributi ai sostantivi corrispondenti. *Neste exercicio hai que emparella-los atributos cos substantivos correspondentes.*

**attuale** *adx.* *Actual.* La disoccupazione è uno dei più gravi problemi attuali. *O paro é un dos máis graves problemas actuais.*

**attualità** *s.f. inv.* *Actualidade.* Le opere dei geni della letteratura sono sempre d'attualità. *As obras dos xenios da literatura están sempre de actualidade.* Ho comprato una rivista d'attualità per aggiornarmi un po'. *Comprei unha revista de actualidade para poñerme un pouco ó día.*

**audace** *adx.* **1** *Audaz, ousado -a, arriscado -a.* Un navigatore audace. *Un navegante audaz.* Un'impresa audace. *Unha empresa audaz.* **2** *Innovador -ora.* Lo stile audace di queste nuove macchine ha stupito il mercato. *O estilo innovador destes novos coches asombrou o mercado.*

**audacia** *s.f.* *Audacia.* L'audacia di quei navigatori rese possibile la scoperta di nuovi territori. *A audacia daqueles navegantes fixo posible o descubrimento de novos territorios.*

**augurare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Desexar (algo a alguén).* Prima di partire mi hanno augurato un buon viaggio. *Antes de marchar desexáronme unha boa viaxe.* # **augurarsi qualcosa:** *desexar que algo ocorra.* **OBS.:** io auguro; *v. irreg. V. táboa 1.* ♦ *Para referirse a 'augurar, presaxiar' en italiano emprégase o termo predire.*

**augurio** *s.m.* **1** *Desexo (boa intención).* Ti ha inviato il suo augurio di pronta guarigione. *Enviouche o seu desexo de rápida curación.* **2** *Augurio, presaxio.* Gli

antichi romani davano molta importanza ai buoni e ai cattivi auguri. *Os antigos romanos daban moita importancia ós bos e ós malos augurios.* # **auguri!:** *¡felicidades! / ¡en hora boa!*; **fare gli auguri a qualcuno:** *felicitar a alguén;* **fare un augurio di qualcosa a qualcuno:** *desexarlle algo a alguén;* **mandare gli auguri a qualcuno:** *mandarlle unha felicitación a alguén.* ♦ *Para referirse ó 'augurio, predicción' en italiano emprégase máis frecuentemente o termo predizione.*

**aula** *s.f.* **1** *Aula.* Gli alunni sono entrati nell'aula quando hanno visto arrivare il professore. *Os alumnos entraron na aula cando viron chega-lo profesor.* **2** *Sala (dun edificio público).* Tutti aspettavano il giudice nell'aula del tribunale. *Todos esperaban o xuíz na sala do tribunal.* # **aula magna:** *aula magna.*

**aulico -a** *adx.* *Elevado -a (rexistro lingüístico).* Quel poeta è particolarmente difficile per il suo stile aulico. *Aquel poeta é particularmente difícil polo seu estilo elevado.* **OBS.:** *m. pl. aulici, f. pl. auliche.*

**aumentare** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1** *Aumentar, incrementar.* In questo mese abbiamo aumentato le spese. *Neste mes aumentámo-los gastos.* **2** *Aumentar, subir.* Gli hanno aumentato lo stipendio come premio per il suo sforzo. *Aumentáronlle o soldo como premio polo seu esforzo.* **II** *v. intr.* [*aux. essere*] **1** *Aumentar, incrementarse.* Questo mese è aumentato il prezzo della benzina. *Este mes aumentou o prezo da gasolina.* **2** *Subir, encarecer.* Sotto le feste il pesce e i frutti di mare aumentano sempre. *Durante as festas o peixe e os mariscos sempre soben.*

**aumento** *s.m.* **1** *Aumento, incremento.* L'aumento di peso è dovuto alla sua vita sedentaria. *O aumento de peso debeuse á súa vida sedentaria.* **2** *Aumento, suba, subida.* La crisi economica ha provocato un aumento dei prezzi. *A crise económica provocou un aumento dos prezos.* **3** *Encarecemento.* Il governo ha deciso l'aumento del tabacco. *O goberno decidiu o encarecemento do tabaco.* # **essere in aumento:** *aumentar.*

**aurora** *s.f.* **1** *Aurora, alba.* Ci siamo seduti sulla spiaggia per vedere le luci dell'aurora. *Sentámonos na praia para ve-las luces da aurora.* **2** (*fig.*) *Aurora, albor.* Queste pitture rupestri appartengono all'aurora della civiltà. *Estas pinturas rupestres pertencen á aurora da civilización.* # **aurora polare:** *aurora polar.*

**ausiliare** **I** *adx.* *Auxiliar.* I verbi ausiliari in italiano sono due: 'avere' ed 'essere'. *Os verbos auxiliares en italiano son dous: 'avere' e 'essere'.* **II** *s.* *Auxiliar, axudante.* È venuto il direttore del laboratorio con il suo ausiliare. *Veu o director do laboratorio co seu auxiliar.* ♦ *Para referirse a 'auxiliar,*

*socorrer' en italiano emprégase o verbo assistere, soccorrere.*

**austerità** *s.f. inv. Austeridade.* La vita di quell'ordine religioso è caratterizzata da una forte austerità. *A vida daquela orde relixiosa está caracterizada por unha forte austeridade.*

**australiano -a** *I adx. Australiano -a.* Il canguro è uno degli animali australiani più conosciuti. *O canguro é un dos animais australianos máis coñecidos.* **II s. Australiano -a.** La maggioranza degli australiani abitano al sud-est del paese. *A maioría dos australianos viven no sueste do país.*

**austriaco -a** *I adx. Austríaco -a.* La dominazione austriaca nel nord dell'Italia ebbe luogo nel diciannovesimo secolo. *A dominación austríaca no norte de Italia tivo lugar no século dezanove.* **II s. Austríaco -a.** Gli austriaci sono molto affezionati alla musica classica. *Os austríacos son moi afeccionados á música clásica.* **OBS.:** *m. pl. austriaci, f. pl. austriache.*

**autenticare** *v. tr. [aux. avere] 1 Autenticar, legalizar, lexítimar.* Il notaio ha autenticato le loro firme prima di dare validità al contratto. *O notario autenticou as súas firmas antes de dar validez ó contrato.* **2 Compulsar.** Ho dovuto autenticare la copia del documento perché fosse valida. *Tiven que compulsala copia do documento para que fose válida.* **OBS.:** *io autèntico, tu autèntichi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**autèntico -a** *adx. 1 Autèntico -a, lexítimo -a.* Il giudice ha ammesso i documenti come autentici. *O xuíz admitiu os documentos como autènticos.* **2 Autèntico -a, certo -a, verídico -a.** Tutto ciò che si racconta su di lui è autentico anche se sembra incredibile. *Todo o que se conta acerca del é autèntico aínda que pareza increíble.* **3 Autèntico -a, xenuíno -a.** Assaggiolo! È l'autentico vino di Porto. *¡Próbaol! É o autèntico viño do Porto.* **OBS.:** *m. pl. autènticos, f. pl. autèntiche.*

**autista** *s. 1 Chofer.* L'autista della ditta lo aspetta tutte le mattine per portarlo all'ufficio. *O chofer da empresa espérao tódalas mañás para levalo á oficina.* **2 Conductor -ora.** L'autista si fermò davanti al semaforo. *O conductor parou diante do semáforo.* **3 Autista.** Gli autisti vivono in un mondo chiuso. *Os autistas viven nun mundo pechado.* **OBS.:** *m. pl. autisti.*

**auto** *V. automobile.*

**autobus** *s.m. inv. Autobús (urbano).* Ho aspettato per venti minuti alla fermata, ma l'autobus non è arrivato. *Esperei durante vinte minutos na parada, pero o autobús non veu.*

**automatico -a** *adx. 1 Automático -a (tamén fig.).* Le macchine automatiche innestano la frizione da sole.

*Os coches automáticos cambian de marcha sós.* Il rincaro del petrolio provoca l'aumento automatico del prezzo della benzina. *O encarecemento do petróleo provoca a suba automática do prezo da gasolina.* **2 (fig.) Automático -a, inconsciente, mecánico -a.** Si mangia le unghie senza rendersene conto; è un gesto automatico. *Come as unllas sen darse conta; é un xesto automático.* **OBS.:** *m. pl. automatici, f. pl. automatiche.*

**automobile** *s.f. Automóbil, coche.* Si è comprato un'automobile ultimo modello che raggiunge i 200 km all'ora. *Comprou un automóbil último modelo que alcanza os 200 km. por hora.* **# industria dell'automobile:** *industria do automóbil.* **OBS.:** *emprégase a miúdo a forma abreviada (f.) auto, que é inv.*

**automobilista** *s. Automobilista.* Nell'incidente stradale i due automobilisti sono rimasti illesi. *No accidente de coche os dous automobilistas quedaron ile-sos.* **OBS.:** *m. pl. automobilisti.*

**autonoleggio** *s.m. Empresa ou axencia de aluguer de coches.*

**autonomia** *s.f. 1 Autonomía.* La legge stabilì l'autonomia delle regioni. *A lei estableceu a autonomía das rexións.* L'autonomia di volo di questo aereo è di 5000 km. *A autonomía de voo deste avión é de 5000 km.* **2 Autonomía, independencia.** La sua autonomia economica le permette di vivere come vuole. *A súa autonomía económica permítelle vivir como quere.*

**autonomo -a** *adx. Autónomo -a.* Svolgono un lavoro autonomo, in margine al resto della ditta. *Desenvolven un traballo autónomo, á marxe do resto da empresa.* **# regione autonoma:** *rexión autónoma.*

**autopsia** *s.f. Autopsia.* Le cause della morte non sono chiare e dovranno fargli l'autopsia. *As causas da morte non están claras e terán que facerlle a autopsia.*

**autoradio** *s.f. inv. Radiocasete para o coche.* Ho comprato una nuova autoradio perché mi avevano rubato l'altra. *Comprei unha nova radiocasete para o coche porque me roubaron a outra.*

**autore -trice** *s. Autor -ora.* L'autrice scrisse questo romanzo durante il suo esilio. *A autora escribiu esta novela durante o seu exilio.* **# diritto d'autore:** *dereitos de autor.*

**autorevole** *adx. 1 Competente.* Hanno chiesto la collaborazione di uno studioso autorevole su questa materia. *Pediron a colaboración dun estudioso competente nesta materia.* **2 Autorizado -a** (procedente dunha persoa tida en gran consideración). Quella prestigiosa giornalista ha fatto un'autorevole analisi della situazione economica. *Aquela prestixiosa xor-*

*nalista fixo unha autorizada análise da situación económica.*

**autorità** *s.f. inv. Autoridade.* L'autorità dello Stato. *A autoridade do Estado.* L'autorità giudiziaria. *A autoridade xudicial.* Tutte le autorità cittadine erano presenti all'inaugurazione. *Tódalas autoridades cidadás estaban presentes na inauguración.* Al congresso sono venute le principali autorità in materia. *Ó congreso viñeron as principais autoridades na materia.* # **autorità competente:** *autoridade competente.*

**autorizzare** *v.tr. [aux. avere] 1 Autorizar, permitir.* Il comune non ha autorizzato la manifestazione. *O Concello non autorizou a manifestación.* **2 Xustificicar.** Il suo atteggiamento autorizzava i miei sospetti. *A súa actitude xustificaba as miñas sospeitas.*

**autorizzazione** *s.f. Autorización, permiso, consentimiento.* Devo chiedere ai miei genitori l'autorizzazione per andare alla gita. *Teño que pedirles ós meus pais a autorización para ir á excursión.*

**autoscuola** *s.f. Autoescola.* All'autoscuola mi hanno dato un codice della strada. *Na autoescola déronme un código de circulación.*

**autostop** *s.m. inv. Autostop.* Dato che l'autobus era già passato abbiamo fatto l'autostop. *Como o autobús xa pasara fixemos autostop.*

**autostrada** *s.f. Autoestrada.* Faremo il viaggio in autostrada perché è più rapido e più sicuro. *Faremo-la viaxe por autoestrada porque é máis rápida e máis segura.*

**autunnale** *adx. Outonal.* Le castagne sono frutti tipicamente autunnali. *As castañas son froitos tipicamente outonais.*

**autunno** *s.m. Outono (estación).* In autunno cadono le foglie degli alberi. *No outono caen as follas das árbores.* # **l'autunno della vita:** *o outono da vida.*

**avanguardia** *s.f. Vanguarda.* L'avanguardia di un esercito. *A vanguardia dun exército.* Le avanguardie culturali del Novecento. *As vangardas culturais do século XX.* # **essere all'avanguardia:** *ser moi avanzado en ideas.*

**avanti I** *adv. Adiante.* L'alfiere faccia due passi avanti! *¡O alferez dea dous pasos adiante!* **II interx. 1 Adiante.** Il generale gridò al suo battaglione: '-Avanti!'. *O xeneral gritoulle ó seu batallón: '-¡Adiante!'* **2 Veña.** Avanti! Smettila di dire sciocchezze! *¡Veña! ¡Deixa de dicir parvadas!* # **andare avanti:** *ir adiante, seguir, continuar;* **avanti Cristo:** *antes de Cristo;* **avanti e indietro:** *adiante e atrás;* **avanti! Si accomodi:** *¡adiante! Póñase cómodo;* **avanti tutta! (Mar.):** *¡avante toda!;* **d'ora in avanti / di qui in avanti:** *de agora en diante;* **essere avanti con gli anni:** *ser de idade avanzada;* **essere avan-**

**ti negli studi:** *estar avanzado nos estudos;* **in avanti:** *cara a diante;* **l'orologio va avanti:** *o reloxo adianta;* **mandare avanti la famiglia:** *mante-la familia;* **tirare avanti:** *ir tirando.*

**avanzare I** *v. intr. [aux. essere e avere] 1 Avanzar.* Le truppe avanzavano verso il territorio nemico. *As tropas avanzaban cara ó territorio inimigo.* **2 (fig.) Avanzar, progresar.** Il professore è molto soddisfatto perché avanzate molto negli studi. *O profesor está moi satisfeito porque avanzades moito nos estudos.* **3 Sobrar.** Questo mese mi sono avanzati pochi soldi perché ho speso molto. *Este mes sobráronme poucos cartos porque gastei moito.* **II v. tr. [aux. avere] 1 Avanzar, adiantar.** L'esercito ha avanzato le sue posizioni. *O exército avanzou as súas posicións.* **2 (fig.) Superar, exceder.** Ottiene sempre i migliori voti perché avanza tutti i compagni in intelligenza. *Obtén sempre as mellores notas porque supera tódolos compañeiros en intelixencia.* **3 (fig.) Ascender (no traballo).** L'hanno avanzata di grado perché l'hanno in molta considerazione. *Ascendérona de grao porque a teñen en moita consideración.* # **avanzare delle scuse:** *pedir perdón;* **avanzare negli anni:** *envellecer;* **avanzare una richiesta:** *presentar unha solicitude.*

**avanzato -a I** *part. pas. de avanzare e adx. 1 (fig.) Avanzado -a, adiantado -a.* Nello studio del greco ha raggiunto un livello avanzato. *No estudio do grego alcanzou un nivel avanzado.* È anziano, ma ha idee avanzate. *É vello, pero ten ideas avanzadas.* **2 Sobrante, sobre -a.** Con la verdura avanzata faremo una minestra. *Coa verdura sobrante faremos unha sopa.* **II s.f. Avance (progresión).** L'avanzata del nemico era inarrestabile. *O avance do inimigo era imparabile.*

**avanzo** *s.m. 1 Sobra, resto, varredura.* Metti gli avanzi del pranzo nel frigorifero. *Mete as sobras do xantar no frigorífico.* **2 Resto.** Con quell'avanzo di stoffa potrai fare una minigonna. *Con ese resto de tea poderás facer unha minisaia.* # **avanzi archeologici:** *ruínas / restos arqueolóxicos;* **averne / essercene d'avanzo:** *ter / haber de sobra;* **gli avanzi mortali:** *os restos mortais.*

**avarizia** *s.f. Avaricia.* L'avarizia è uno dei sette peccati capitali. *A avaricia é un dos sete pecados capitais.*

**avaro -a I** *adx. Avaro -a, avarento -a.* È così avaro che non mangerebbe per non spendere. *É tan avaro que non comería por non gastar.* **II s. Avaro -a.** Gli avari sono sempre stati ridicolizzati in letteratura. *Os avaros sempre foron ridiculizados na literatura.*

**avena** *s.f. Avea.* L'avena è un cereale che si usa nell'alimentazione animale e umana. *A aveia é un cereal que se usa na alimentación animal e humana.*



**avere I** v. tr. [aux. avere] **1 Ter, posuír.** Avevano molti soldi. *Tiñan moitos cartos.* Hanno una casa al mare. *Teñen unha casa na praia.* Avere una buona biblioteca. *Ter unha boa biblioteca.* **2 Ter.** Ha gli occhi azzurri. *Ten os ollos azuis.* Avete sedici anni. *Tedes dezaseis anos.* Aveva buon cuore. *Tiña bo corazón.* L'Italia ha venti regioni. *Italia ten vinte rexións.* Abbiamo fame e freddo. *Temos fame e frío.* **3 Ter, aguantar, suxeitar.** Mentre aspettava aveva quel grosso pacco in mano. *Mentres esperaba tiña aquel gran paquete na man.* **4 Recibir.** Non ha ancora avuto notizie di suo fratello. *Non recibiu aínda noticias do seu irmán.* **5 Levar** (un vestido, un ombreiro...). Il giorno del matrimonio aveva un vestito molto elegante. *O día da voda levaba un vestido moi elegante.* **6** (seguido da prep. da e dun inf.) **Ter que, deber.** Oggi abbiamo da studiare tutto il giorno. *Hoxe temos que estudar todo o día.* **II s.m. 1** (espec. en pl.) **Haberes, bens.** Con quella caduta della Borsa aveva perso tutti i suoi averi. *Con aquela caída da Bolsa perdera tódolos seus haberes.* **2** (Econ.) **Haber.** L' avere della ditta ammonta a venti milioni di lire. *O haber da empresa ascende a vinte millóns de liras.* # **avercela con qualcuno:** tela tomada con alguén; **avere a che fare con qualcuno / con qualcosa:** ter que ver con alguén / con algo; **avere a cuore:** estar interesado; **avere bisogno:** necesitar; **avere in animo di fare qualcosa:** ter intención de facer algo; **avere in odio:** odiar; **avere la febbre:** ter febre; **avere luogo:** ter lugar; **avere (molto / poco) da fare:** ter (moito / pouco) que facer; **avere parte:** participar; **avere per certo qualcosa:** ter por certo / por seguro algo; **avere un diavolo per capello:** estar moi irritado; **avere voglia di qualcosa:** ter ganas de algo; **averne fin sopra i capelli di qualcuno / di qualcosa:** estar farto de alguén / de algo. **OBS.:** é v. aux. na formación dos tempos compostos de tódolos v. tr. activos e de algúns intr.: io ho cantato, io ho camminato.

**aviazione** s.f. **Aviación, aeronáutica.** La scienza dell'aviazione si è molto sviluppata dalla Seconda Guerra Mondiale. *A ciencia da aviación desenvolveuse moito dende a Segunda Guerra Mundial.* Si è arruolato nell'aviazione. *Enrolouse na aviación.*

**avidità** s.f. inv. **Avidez.** Dopo due giorni di digiuno mangiava con grande avidità. *Despois de dous días de xaxún comía con grande avidez.*

**avocado** s.m. inv. **Aguacate.** L'avocado è un albero tropicale di foglia sempreverde. *O aguacate é unha árbore tropical de folla perenne.* Oggi ho mangiato un'insalata di avocado con i gamberi. *Hoxe comín unha ensalada de aguacate con gambas.*

**avorio** s.m. **Marfil, almafí.** I denti dei Vertebrati sono di avorio. *Os dentes dos vertebrados son de marfil.* **2** (espec. en pl.) **Figura de marfil.** Siamo andati a

vedere un'esposizione di avori medievali. *Fomos ver unha exposición de figuras de marfil medievais.*

**avvantaggiare I** v. tr. [aux. avere] **Favorecer** (obrar en favor de algo ou alguén). Le ultime misure del governo avvantaggiano i lavoratori. *As últimas medidas do goberno favorecen os traballadores.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Sacar vantaxe.** Il corridore si è avvantaggiato nell'ultimo giro. *O corredor sacou vantaxe na última volta.* **2 Aproveitarse.** Si sono avvantaggiati di un'informazione che nessuno conosceva. *Aproveitáronse dunha información que ninguén coñecía.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**avveduto -a** adx. **Sagaz, astuto -a, perspicaz.** Suo padre è un professionista avveduto, sempre aggiornato. *Seu pai é un profesional sagaz, sempre ó día.*

**avvelenare I** v. tr. [aux. avere] **1 Envelenar** (matar ou intoxicar con veneno). L'accusato aveva cercato di avvelenare la vittima con il cianuro. *O acusado intentara envelena-la vítima co cianuro.* **2 Envelenar, empezoñar.** L'inquinamento ha avvelenato l'aria delle città. *A contaminación envelenou o aire das cidades.* **II** v. refl. [aux. essere] **Envelenarse** (intoxicarse / suicidarse co veneno). Per miracolo non ci siamo avvelenati con quei funghi. *De milagre non nos envelenamos con aqueles cogomelos.* Socrate si avvelenò con la cicuta. *Sócrates envelenouse con cicuta.*

**avvenimento** s.m. **Acontecemento, suceso.** La sua vittoria nella gara è stata una grande avvenimento. *A súa victoria na competición foi un grande acontecemento.*

**avvenire I** v. intr. [aux. essere] **Acontecer, ocorrer, succeder.** Ciò che mi racconti è avvenuto molto tempo fa e nessuno se ne ricorda. *O que me contas aconteceu hai moito tempo e ninguén o recorda.* **II** s.m. inv. **Futuro, porvir.** L'avvenire è sempre incerto perché non si sa mai ciò che può capitare. *O futuro é sempre incerto porque nunca se sabe o que pode pasar.* # **in avvenire / per l'avvenire:** no futuro. **OBS.:** v. irreg. V. táboa 32.

**avventura** s.f. **Aventura** (tamén fig.). Il safari che hanno fatto in Africa è stato una grande avventura. *O safari que fixeron en África foi unha grande aventura.* Ha avuto un'avventura con un compagno di lavoro. *Tivo unha aventura cun compañeiro de traballo.* # **per avventura:** por casualidade.

**avventurarsi** v. refl. [aux. essere] **Avventurarse, arriscarse, expoñerse.** Non si sono avventurati a fare quella gita in barca perché c'era brutto tempo. *Non se aventuraron a facer aquela excursión en barca porque ía mal tempo.*

**avventuriero -a** s. **Aventureiro -a** (tamén fig.). Gli avventurieri si addentrarono nella giungla. *Os aven-*

*tureiros internáronse na xungla. È un'avventuriera delle finanze. É unha aventureira das finanzas.*

**avverbio** *s.m.* **Adverbio.** 'Poco' è un avverbio di quantità. *'Pouco' é un adverbio de cantidade.*

**avversario -a** *I s.* **Adversario -a, rival, opoñente.** I due avversari erano molto bravi e non si sapeva quale dei due avrebbe vinto. *Os dous adversarios eran moi bos e non se sabía cál dos dous vencería.* **II adx.** **Contrario -a, adversario -a, rival.** Il pubblico fischiava mentre la squadra avversaria usciva dallo stadio. *O público asubiaba mentres o equipo contrario saía do estadio.* **OBS.:** *m. pl.* avversari, *f. pl.* avversarie.

**avversione** *s.f.* **Aversión, antipatía.** Da quando l'ha offeso in pubblico, sente avversione per lui. *Desde que o ofendeu en público, sente aversión por el.* # **provare avversione per un cibo:** *dar noxo unha comida (a alguén).*

**avversità** *s.f. inv.* **1 Adversidade.** I contadini devono lottare contro le avversità del clima. *Os campesiños teñen que loitar contra as adversidades do clima.* **2 (espec. en pl.) Adversidade, infortunio, desgracia.** Bisogna essere forte per superare le avversità della vita. *Hai que ser forte para supera-las adversidades da vida.*

**avvertimento** *s.m.* **Advertencia, aviso.** Se avessi fatto caso ai miei avvertimenti non ti sarebbe successo questo. *Se fixeras caso das miñas advertencias non che pasaría isto.*

**avvertire** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Advertir, avisar, previr.** Quando sei partito tutti ti avevano avvertito del rischio che correvi. *Cando marchaches todos te advertiron do risco que corrias.* **2 Aconsellar, recomendar.** Ti avevo avvertito di non raccontare bugie. *Aconsellárame que non contases mentiras.* **3 Percibir (unha sensación).** Ho avvertito un rumore strano e ho telefonato alla polizia. *Percibín un ruído raro e telefonei á policía.*

**avviare** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Encamiñar, guiar, orientar, encarrear (tamén fig.).** L'impiegato della stazione avviò i passeggeri al binario quattro. *O empregado da estación encamiñou os pasaxeiros á plataforma catro.* Non sapeva cosa studiare e si è lasciato avviare dai suoi genitori. *Non sabía qué estudar e deixouse encamiñar polos seus pais.* **2 (fig.) Comezar, empezar, principiar.** L'oratore ha avviato il suo discorso ringraziando per la presenza degli assistenti. *O orador comezou o seu discurso agradecendo a presenza dos asistentes.* **3 (fig.) Poñer en marcha (un motor, unha máquina).** La macchina era troppo fredda e non sono riuscito ad avviare il motore. *O coche estaba demasiado frío e non conseguín poñer en marcha o motor.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Dirixirse, encamiñarse.** Finito il concerto, ci siamo avviati all'uscita. *Rematado o*

*concerto, dirixímonos á saída.* # **avviare il fuoco:** *acende-lo lume.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 8.* ♦ *Para referirse a 'avviar, arranxar' en italiano emprégase o termo sistemare.*

**avvicinare** *I v. tr.* [*aux.* avere] **Achegar, acercar, arrimar.** Non vedeva bene e ha dovuto avvicinare il libro alla luce. *Non vía ben e tivo que achega-lo libro á luz.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **1 Achegarse, acercarse.** L'inverno si avvicina; ogni giorno si sente di più il freddo. *O inverno achégase; cada día séntese máis o frío.* **2 Parecerse.** Questi fratelli si avvicinano molto nel carattere. *Estes irmáns parécense moito no carácter.* # **avvicinare qualcuno:** *achegarse a alguén, entrar en contacto.*

**avvilimento** *s.m.* **Abatemento, desalento.** Quella terribile notizia l'ha fatto cadere in un profondo stato di avvilimento. *Aquela terrible noticia fixoo caer nun profundo estado de abatemento.*

**avvilire** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Envilecer, degradar.** Le sue smisurate ansie di ricchezza l'hanno avvilito completamente. *As súas desmedidas ansias de riqueza envilecérono completamente.* **2 Abater, deprimir.** La morte del figlio l'ha tanto avvilito che non ha più illusioni. *A morte do fillo abateuno tanto que xa non ten ilusións.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Abaterse, deprimirse.** Si sono molto avviliti per i brutti risultati degli esami. *Abatéronse moito polos malos resultados dos exames.* **OBS.:** io avvilito, tu avvilitisci.

**avvio** *s.m.* **Comezo, empezo, principio.** Le negoziazioni tra i due dirigenti hanno avuto un buon avvio e tutti speriamo in ottimi risultati. *As negociacións entre os dous dirixentes tiveron un bo comezo e todos esperamos uns excelentes resultados.* # **dare / prendere l'avvio:** *comezar.* ♦ *Para referirse a 'avvio, arranxo' en italiano emprégase o termo sistemazione.*

**avvisare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Avisar, advertir.** Non mi hanno avvisato del tuo arrivo e perciò non sono venuto a trovarti. *Non me avisaron da túa chegada e por iso non te fun ver.* **2 Aconsellar, recomendar.** Mi hanno avvisato di non fare il bagno in questo fiume perché è pericoloso. *Aconselláronme non bañarme neste río porque é perigoso.*

**avviso** *s.m.* **1 Aviso, advertencia.** Non fece caso agli avvisi di non bere quell'acqua e si è intossicato. *Non fixo caso dos avvisos de non beber aquela auga e intoxicouse.* **2 Notificación.** Ha ricevuto l'avviso di sfratto e deve cercare un'altra casa. *Recibiu a notificación de desafiuzamento e ten que buscar outra casa.* # **a mio avviso / secondo il mio avviso:** *ó meu parecer / segundo a miña opinión;* **avviso economico:** *anuncio por palabras;* **avviso pubblicitario:** *anuncio publicitario;* **dare avviso a qualcuno di**

**qualcosa:** *avisar a alguén de algo; stare sull'avviso:* *estar en garda.*

**avvocato** *s.* **Avogado -a, letrado -a.** L'avvocato difensore ha già interrogato i testimoni. *O avogado defensor xa interrogou as testemuñas.* # **avvocato delle cause perse** (*fam.*): *avogado das causas perdidas; avvocato di ufficio:* *avogado de oficio; avvocato di un'opinione / di un'idea:* *defensor dunha opinión / dunha idea.* **OBS.:** *en italiano adóitase empregarlo s.m. tamén referido á muller; aínda que tamén existen os termos avvocatata e avvocatessa.*

**avvocatura** *s.f.* **1 Avogacía.** Da quando esercita l'avvocatura ha vinto importanti processi giudiziari. *Desde que exerce a avogacía gañou importantes procesos xudiciais.* **2 Colexio de avogados.** Bisogna iscriversi all'Avvocatura per poter esercitare la professione. *Hai que inscribirse no colexio de avogados para poder exerce-la profesión.* # **avvocatura dello Stato:** *corpo de avogados do Estado.*

**avvolgere** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Enrolar, envolver.** Adesso devi avvolgere tutta quella lana per fare un gomitolo. *Agora tes que enrolar toda aquela la para facer un nobelo.* **2 Envolver, empaquetar.** Per favore, mi può avvolgere il pacco in una carta da regalo? *Por favor, ¿pódeme envolver-lo paquete nun papel de regalo?* **3 (fig.) Envolver.** Il mistero avvolge molti aspetti della sua vita. *O misterio envolve moitos aspectos da súa vida.* Le fiamme avvolgevano il palazzo. *As lapas envolvan o edificio.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Envolverse.** Appena usciti dalla piscina si sono avvolti negli accappatoi per asciugarsi un po'. *A penas saíron da piscina envolveronse nos albornos para secárense un pouco.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 11.*

**avvoltoio** *s.m.* **Voitre.** L'avvoltoio è un uccello rapace che si alimenta soprattutto di carogne. *O voitre é unha ave rapaz que se alimenta sobre todo de preas.* # **essere un avvoltoio:** *ser unha persoa que obtén proveito das desgracias dos demais.*

**azalea** *s.f.* **Azalea.** L'azalea è una pianta ornamentale con grandi fiori bianchi, rossi o rosa. *A azalea é unha planta ornamental con grandes flores brancas, vermellas ou rosas.*

**azienda** *s.f.* **Empresa.** Tutti i figli lavorano nell'azienda familiare fondata dal padre quaranta anni fa. *Tódolos fillos traballan na empresa familiar fundada polo pai fai corenta anos.*

**azione** *s.f.* **1 Acción, acto, feito.** Hai commesso un'azione indegna e dovrai assumerne le conseguenze. *Cometiches unha acción indigna e terás que asumir-las consecuencias.* **2 Acción.** L'erosione si deve all'azione sul terreno degli agenti atmosferici e delle acque. *A erosión débese á acción sobre o terreo dos axentes atmosféricos e das augas.* L'azione di quel romanzo si svolge nel Medioevo. *A acción daquela novela desenvólvese na Idade Media.* I danneggiati hanno intrapreso azioni legali contro l'azienda. *Os damnificados emprenderon accións legais contra a empresa.* Hanno investito in azioni di quella prestigiosa banca. *Investiron en accións daquel prestixioso banco.* # **passare all'azione:** *pasar á acción; uomo d'azione:* *home de acción.*

**azoto** *s.m.* **Azote, nitróxeno.** L'azoto è il principale componente dell'aria dell'atmosfera. *O azote é o principal compoñente do aire da atmosfera.*

**azzardare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Arriscar, aventurar, expoñer.** Ha azzardato tutto il suo patrimonio in una grande operazione economica. *Arriscou todo o seu patrimonio nunha grande operación económica.* **2 Arriscar, aventurar.** Hanno azzardato troppo e hanno perso la partita. *Arriscaron demasiado e perderon o partido.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Arriscarse, aventurarse.** Si sono azzardati a uscire in barca malgrado il temporale. *Arriscáronse a saír en barca a pesar do temporal.* # **azzardare un'ipotesi / una domanda / una risposta:** *aventurar unha hipótese / unha pregunta / unha resposta.*

**azzardo** *s.m.* **Azar (sorte).** Con quel rischioso investimento si sono troppo esposti all'azzardo. *Con aquel arriscado investimento expuxéronse demasiado ó azar.* # **giochi d'azzardo:** *xogos de azar.*

**azzeccare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Acertar, atinar.** Ci siamo molto allenati per azzeccare il tiro. *Adestrámonos moito para acertar-lo tiro.* **2 Acertar, adiviñar.** Ho azzeccato le risposte. *Acertei as respostas.* # **non azzeccarne una** (*fam.*): *non dar unha.* **OBS.:** *io azzecco, tu azzecchi; v. irreg. V. táboa 5.*

**azzurro -a** **I** *adx.* **1 Azul.** Sua sorella ha dei bellissimi occhi azzurri. *A súa irmá ten uns preciosos ollos azuis.* **2 (Dep.) Pertencente ó equipo nacional italiano.** **II** *s.* **1 (m. sing.) Azul.** L'azzurro è il colore del cielo sereno. *O azul é a cor do ceo sereno.* **2 (Dep.) Xogador -ora do equipo nacional italiano.** # **pesce azzurro:** *peixe azul; principe azzurro:* *principe azul.*



# B

**babbo** *s.m. (fam.) Papá.* Babbo! Mi aiuti con i compiti? ¡Papá! ¿Axúdame cos deberes? # **Babbo Natale:** Papá Noel.

**baby-sitter** *loc. s. inv. Canguro.* Ha affidato i bambini alla baby-sitter. *Confioulle os nenos á canguro.* **OBS.:** pronúnciase /'bebi'sitter/.

**baccalà** *s.m. inv. 1 Bacallao.* Bisogna mettere a bagno il baccalà per fargli perdere il sale. *Hai que poñer a remollo o bacallao para facerlle perde-lo sal. 2 (fig.) Parvo -a, estúpido -a, bobo -a.* Non stare lì fermo come un baccalà. *Non esteas aí parado coma un parvo.*

**baccano** *s.m. Barullo, alboroto, boureo.* Con la finestra aperta si sente un gran baccano. *Coa fiestra aberta séntese un gran barullo.*

**bacchetta** *s.f. 1 Batuta.* Il direttore d'orchestra usa la bacchetta per indicare il tempo ai musicisti. *O director de orquestra usa a batuta para indicárllle-lo tempo ós músicos. 2 Punteiro (pao longo).* La maestra indicava con una bacchetta i disegni sulla lavagna. *A mestra indicaba cun punteiro os debuxos do encerado. 3 Vara (de calquera material).* Colpi il tavolo con la bacchetta per chiedere silenzio. *Golpeou a mesa coa vara para pedir silencio.* # **bacchetta magica:** varíña máxica; **bacchette del tamburo:** baquetas do tambor; **comandare a bacchetta:** mandar de modo autoritario.

**buonuscita** s.f. *Indemnización* (por despido). Quando ha lasciato il lavoro ha ricevuto una generosa buonuscita. *Cando deixou o traballo recibiu unha xenerosa indemnización.*

**burattino** s.m. *Monicreque, marioneta* (tamén fig.). Siamo andati a vedere uno spettacolo di burattini. *Fomos ver un espectáculo de monicreques.* Era un burattino nelle mani della sua ragazza. *Era un monicreque nas mans da súa moza.* # **piantare baracca e burattini:** *deixalo todo de súpeto.*

**burbero -a** *adx.* **Arisco -a, esquivo -a.** Il mio amico potrà apparirti burbero, ma è molto buono. *O meu amigo poderá parecerche arisco, pero é moi bo.*

**burino -a I** *s.* **Pailán -ana, badoco -a, pailaroco -a.** Sei un ignorante, un burino. *Es un ignorante, un pailán.* **II** *adx.* **Pailán -ana, badoco -a, pailaroco -a.** Che gente burina! *¡Que xente pailana!*

**burla** *s.f.* **Burla, moca.** I monelli hanno fatto una burla alla maestra. *Os falcatrueros fixéronlle unha burla á mestra.*

**burlare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Burlarse, facer burla.** Ha burlato l'amico e questi si è arrabbiato. *Burlouse do amigo e este enfadouse.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Burlarse, facer burla.** Si burla di tutti, ma non sopporta che lo prendano in giro. *Búrlase de todos, pero non soporta que lle tomen o pelo.*

**burocratico -a** *adx.* **Burocrático -a.** Bisogna riempire questi moduli per ragioni burocratiche. *Hai que cubrir estes impresos por razóns burocráticas.* Ha scritto la lettera in tono burocratico. *Escribiu a carta en estilo burocrático.* **OBS.:** *m. pl.* burocratici, *f. pl.* burocratiche.

**burocrazia** *s.f.* **Burocracia.** Per fare il progetto, l'incarico maggiore sarà la burocrazia. *Para face-lo proxecto, a traba maior será a burocracia.*

**burrasca** *s.f.* **1 Borrasca, temporal.** È pericoloso navigare in mezzo a una burrasca. *É perigoso navegar no medio dunha borrasca.* **2** (*fig.*) **Tempestate, tormenta.** Abbiamo superato la burrasca economica di marzo. *Superámo-la tempestate económica de marzo.* **OBS.:** *pl.* burrasche.

**burro** *s.m.* **1 Manteiga** (*da tona do leite*). Per fare questa torta occorre molto burro. *Para facer esta torta precisase moita manteiga.* **2** (*fig.*) **Moi brando -a.** Questa carne è burro. *Esta carne é moi branda.* **# al burro:** *feito con manteiga; avere le mani di burro:* *romper todo o que cae nas mans; burro di cacao:* *manteiga de cacao.* ♦ *Para referirse ó 'burro, asno' en italiano emprégase o termo asino.*

**burrone** *s.m.* **Barranco, barranca, precipicio.** Attento a non sporgerti troppo su quel burrone! *¡Ten*

*coidado de non te asomar demasiado a ese barranco!*

**bussare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Petar** (*á porta*). Vai ad aprire! Stanno bussando alla porta. *¡Vai abrir! Están petando á porta.* **# bussare a quattrini:** *pedir cartos prestados.*

**bussola** *s.f.* **Compás** (*aparello cunha agulla imantada*). Prima di entrare nel bosco assicuriamoci di aver portato con noi la bussola. *Antes de entrar no bosque asegúremonos de levar connosco o compás.* **# perdere la bussola:** *perde-lo norte.*

**busta** *s.f.* **1 Sobre** (*de papel*). La busta va affrancata con il francobollo. *O sobre hai que franquealo co selo.* **2 Funda** (*cuberta*). I disegni sono nella busta di plastica. *Os debuxos están na funda de plástico.* **# a busta chiusa:** *en sobre pechado.*

**busto** *s.m.* **1 Busto.** Camminare con il busto eretto fa bene alla schiena. *Camiñar co busto ergueito faille ben ó lombo.* Al museo ho visto il busto di bronzo di Cellini. *No museo vin o busto en bronce de Cellini.* **2 Xustillo.** In quella vetrina espongono deliziosi busti di pizzo. *Naquel escaparate expoñen uns preciosos xustillos de encaixe.*

**buttare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Botar** (*tirar*). Il bambino ha buttato il piatto per terra. *O neno botou o prato ó chan.* **2 Botar, despedir, desprender.** La teiera messa al fuoco buttava del vapore. *A teteira posta ó lume botaba vapor.* **3** (*fig.*) **Desperdicar, malgastar, estragar.** Non buttare il tempo con queste sciocchezze. *Non desperdicie-lo tempo con estas parvadas.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Botarse.** Si è buttato tra le mie braccia piangendo. *Botouse ós meus brazos chorando.* **# buttare giù** (*tamén fig.*): *abater, tragar, escribir dúas liñas; buttare giù la pasta:* *poñe-la pasta a ferver; buttare via:* *desperdicar, desbotar, tirar; essere da buttare:* *non valer para nada.*



# C

**cabina** s.f. **1 Cabina.** Il pilota dell'aereo si sedette in cabina. *O piloto do avião sentou na cabina.* **2 Camarote.** Ho prenotato una cabina di prima classe per la crociera. *Reservei un camarote de primeira classe para o cruzeiro.* # **cabina elettorale:** cabina electoral; **cabina telefonica:** cabina telefónica.

**cacao** s.m. **Cacao.** La pianta del cacao proviene dall'America. *A planta do cacao provén de América.* Il cacao è il principale ingrediente del cioccolato. *O cacao é o principal ingrediente do chocolate.*

**cacare** *V. cagare.*

**cacca** s.f. **Caca.** Mamma, devo fare la cacca! *¡Mamá, teño que facer caca!* (ext.) Buttalo via, è cacca! *¡Tírao, é caca!* **OBS.:** pl. cacche.

**caccia** s.f. **Caza.** Hanno addestrato i cani per la caccia alla lepre. *Adestraron os cans para a caza da lebre.* # **andare a caccia:** ir de caza; **battuta di caccia:** batida de caza; **caccia alla volpe:** caza do raposo; **dare la caccia a:** dar caza a; **divieto di caccia:** prohibición de cazar; **riserva di caccia:** couto de caza; **stagione della caccia:** tempada de caza. **OBS.:** pl. cacce.

**cacciare** *I v. tr. [aux. avere]* **1 Cazar.** Gli antichi cacciavano gli animali selvaggi. *Os antigos cazaban animais salvaxes.* **2 Botar** (expulsar). Il padre l'ha cacciato di casa. *O pai botouno da casa.* **3 (fam.) Sacar, tirar** (extraer). Caccia fuori i soldi che mi devi! *¡Saca para fóra os cartos que me debes!* **4 (fam.) Meter.** L'hanno cacciato in cella con la forza. *Metérono na cela á forza.* **II v. refl. [aux. essere] (fig.) Meterse.** Si è cacciato nei guai. *Meteuse en problemas.* Dopo tanto lavoro, dove ti sei cacciato! *Despois de tanto traballo, ¿onde te metiches!* # **cacciar via la tristezza / la malinconia:** escorrenta-la tristezza / a melancolía; **cacciare le mani in tasca:** mete-las mans nos petos; **cacciare un urlo:** botar un berro. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 2.*

**cacciatore -trice** s. **Cazador -ora.** Ha ereditato dal padre, che era cacciatore, l'arte della caccia. *Herdou*

*do pai, que era cazador, a arte da caza.* # **cacciato-re di frodo:** cazador furtivo; **cacciatore di taglie:** cazarrecompensas. ♦ *Para referirse á 'cazadora (peza de roupa)' en italiano emprégase o termo giubbotto.*

**cacciavite** s.m. inv. **Desaparafusador.** Ho cercato di allentare la vite con il cacciavite, ma non ci sono riuscito perché è arrugginita. *Tentei de afrouxa-lo parafuso co desaparafusador, pero non o conseguín porque estaba enferruxado.*

**cacio** s.m. (rexion.) **Queixo.** Il cacio è ottimo per condire la pasta al sugo. *O queixo é estupendo para condimenta-la pasta con prebe.* # **essere alto come un soldo di cacio:** ser moi baixo; **essere come il cacio sui maccheroni:** ser moi apropiado. ♦ *Para referirse ó 'cacho, pedazo' en italiano emprégase o termo pezzo.*

**cactus** s.m. inv. **Cacto.** Il deserto era pieno di cactus. *O deserto estaba cheo de cactos.*

**cadavere** s.m. **Cadáver.** Il cadavere fu trasportato all'obitorio. *O cadáver foi levado ó tanatorio.*

**cadente** *adx. Ruinoso -a (decrépito -a).* Era un palazzo cadente. *Era un edificio ruinoso.* # **stella cadente:** estrela fugaz; **vecchio cadente:** vello decrépito.

**cadenza** s.f. **1 Cadencia, ritmo.** Quando parlava annoiava tutti, perché aveva una cadenza monotona. *Cando falaba aburriaos a todos porque tiña unha cadencia monótona.* **2 Acento** (entoación). Ho riconosciuto che era di Palermo per la sua forte cadenza siciliana. *Decateime de que era de Palermo polo seu mercado acento siciliano.* # **battere la cadenza:** marca-lo paso.

**cadere** v. intr. [aux. essere] **1 Caer** (tamén fig.). Cadendo da cavallo si è rotto una gamba. *Ó caer do cabalo rompeu unha perna.* Dopo il fallimento della ditta, cadde in miseria. *Despois da creba da empresa, caeu na miseria.* **2 Caer, morrer, perecer.** Durante la sparatoria sono caduti due agenti di polizia. *Durante o tiroteo caeron dous axentes de poli-*

*cia*. **3 Caer, cadrar.** Quest'anno il mio onomastico cade di sabato. *Este ano o meu santo cadra en sábado.* **4 Sentar, quedar.** Il cappotto che ti sei fatto fare ti cade a pennello. *O abrigo que fixeches séntache de marabilla.* # **al cadere del sole / della notte:** *ó poñerse o sol / a noite*, **cadere in contraddizione:** *caer en contradición*; **cadere in piedi:** *caer de pé*; **cadere la linea (del telefono):** *cortarse a liña (telefónica)*; **far cadere le braccia:** *desanimarse*. **OBS.:** v. irreg. V. táboa 29.

**caduco -a** *adx.* **Caduco -a.** Il castagno è un albero dalle foglie caduche. *O castiñeiro é unha árbore de follas caducas.* **OBS.:** m. pl. caduchi, f. pl. caduche.

**caduta** *s.f.* **Caida.** Mi hanno consigliato un prodotto contro la caduta dei capelli. *Recomendáronme un produto contra a caída do cabelo.* ♦ *Para referirse á 'caída, baixada' en italiano emprégase o termo discesa, para 'caída da bolsa' calo.*

**caffè** *s.m. inv.* **1 Café.** Ho voglia di prendermi una bella tazza di caffè. *Teño gana de tomar unha boa cunca de café.* **2 Café, cafeteria.** Abbiamo passato la mattina al caffè. *Pasámo-la mañá no café.* # **caffè corretto:** *café cun pouco de licor*; **caffè d'orzo / di cicoria:** *sucedáneo de café (feito con cebada / con chicoria)*; **caffè espresso:** *café expreso*; **caffè in grani:** *café en gran*; **caffè lungo:** *café longo*; **caffè macchiato:** *café cortado*; **caffè macinato:** *café moído*; **caffè ristretto:** *café negro*; **chicco di caffè:** *gran de café*; **surrogato di caffè:** *sucedáneo de café.*

**caffettiera** *s.f.* **Cafeteira.** Ho comprato una caffettiera nuova. *Comprei unha cafeteira nova.*

**cafone -a** *s.* **Paifoco -a, pailán -ana, pailaroco -a.** Si comporta proprio come un cafone! *¡Compórtase xustamente como un paifoco!*

**cagare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Cagar.** Chissà che schifezza ho mangiato: ho cagato tutta la notte! *Quen sabe que porcallada comín: ¡estiven cagando toda a noite!* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] *fig.* **Cagar por sí.** Si è cagato dalla paura! *¡Cagou por si de medo!* # **ma va a cagare!:** *¡vai cagar!*; **non cagare qualcuno:** *non tragar a alguén.* **OBS.:** io cago, tu caghi; v. irreg. V. táboa 5.

**cagna** *V. cane.*

**calabrese I** *adx.* **Calabrés -a.** Mi piace molto il salame calabrese. *Gústame moito o salchichón calabrés.* **II** *s.* **1 Calabrés -a (persoa).** Sono calabresi e vengono da Cosenza. *Son calabreses e veñen de Cosenza.* **2 (m. sing.) Calabrés (dialecto).** Il calabrese appartiene al gruppo dei dialetti meridionali. *O calabrés pertence ó grupo dos dialectos do sur.*

**calabrone** *s.m.* **Abellón, abáboro, abázcaro.** La punta del calabrone può essere pericolosa. *A picadura do abellón pode ser perigosa.*

**calamaio** *s.m.* **Tinteiro.** Sulla scrivania c'erano la penna stilografica, il calamaio e il tagliacarte di suo nonno. *Sobre o escritorio estaban a pluma estilográfica, o tinteiro e o abrecartas do seu avó.*

**calamaro** *s.m.* **Lura.** A me piacciono molto i calamari fritti. *A min gústanme moito as luras fritas.*

**calamita** *s.f.* **1 Imán.** Usò una calamita per raccogliere gli spilli caduti. *Usou un imán para recolle-los alfinetes caídos.* **2 (fig.) Atracción (persoa ou cousa que atrae).** I gioielli erano per lei una grande calamita. *As xoias eran para ela unha grande atracción.*

**calamità** *s.f. inv.* **1 Calamidade, desastre, catástrofe.** Le guerre civili sono la peggiore calamità per una nazione. *As guerras civís son a peor calamidade para unha nación.* **2 (fig.) Calamidade.** Sei una vera calamità, hai rovinato tutto. *Es unha auténtica calamidade, estragáchelo todo.* # **calamità naturale:** *desastre natural.*

**calare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Baixar.** Calò la poltrona dalla finestra con una fune. *Baixou a cadeira de brazos pola fiestra cunha corda.* **2 (ext.) Baixar, abaratar.** A gennaio caleremo i prezzi. *En xaneiro baixarémo-los prezos.* **II** *v. intr.* [*aux.* essere] **Baixar (caer).** Stanotte è calata la nebbia. *Esta noite baixou a néboa.* **2 Baixar, adelgazar.** Sono calato di due chili in una settimana. *Baixei dous quilos nunha semana.* **III** *v. refl.* [*aux.* essere] **Baixar, descender.** I due alpinisti si calarono dalla vetta della montagna. *Os dous alpinistas baixaron do cume da montaña.* # **calare le vele:** *arria-las velas*; **il calare del sole:** *a posta de sol.*

**calcagno** *s.m.* **Calcaño, calcañar.** Il serpente mi ha morso il calcagno. *A serpe mordeume o calcaño.* # **avere qualcuno alle calcagna:** *ter alguén pegado ós talóns*; **mostrare / voltare / battere le calcagna:** *sair pitando.* **OBS.:** o pl. è calcagni, *aínda que nalgunhas locucións fai o pl. f. calcagna.*

**calce** *s.f. (Quím.) Cal.* I muratori hanno preparato la calce per il muro. *Os obreiros prepararon o cal para o muro.* # **in calce:** *ó pé de paxina.*

**calcestruzzo** *s.m.* **Formigón.** Hanno gettato il calcestruzzo delle fondamenta. *Botaron o formigón dos alicerces.*

**calciatore -trice** *s.* **Futbolista.** I calciatori entrarono in campo acclamati dai propri tifosi. *Os futbolistas entraron no campo aclamados polos seus seareiros.*

**calcio** *s.m.* **1 Patada.** Per la rabbia diede un calcio alla porta. *Coa rabia deulle unha patada á porta.* **2 Patada, couce.** Attenzione a questo cavallo, perché tira calci. *Coidado con este cabalo, porque dá patadas.* **3 Fútbol.** Gioca a calcio e appartiene a una squadra locale. *Xoga ó fútbol e pertence a un equipo local.* **4 Saque.** La partita di calcio comincia con il calcio d'inizio. *O partido de fútbol comeza co*

*saque de centro. 5 Culata (dunha arma). Il calcio del mio fucile da caccia è di legno. A culata da miña escopeta de caza é de madeira. 6 Calcio. Il simbolo del calcio è Ca. O símbolo do calcio é Ca. # calcio-balilla: fútbolin; calcio d'angolo: saque de esquina; (calcio di) punizione: falta; (calcio di) rigore: penalti; (calcio di) rinvio: saque de portería; dare un calcio a qualcuno / trattare a calci qualcuno: tratar alguén a patadas; dare un calcio a qualcuno: darlle a patada a alguén; dare un calcio alla fortuna: desbotar unha boa oportunidade; tirare calci all'aria: enfadarse inutilmente.*

**calcistico -a** *adx. Futbolístico -a.* La stagione calcistica si è conclusa con partite mediocri. *A tempada futbolística rematou con partidos mediocres. OBS.: m. pl. calcistici, f. pl. calcistiche.*

**calco** *s.m. Calco (copia, lingüístico).* Hanno realizzato un calco di gesso di quella statua. *Realizaron unha copia de xeso daquela estatua.* La forma italiana 'fine settimana' è un calco dell'inglese 'week-end'. *A forma italiana 'fine settimana' é un calco da inglesa 'week-end'. OBS.: pl. calchi.*

**calcolare** *v. tr. [aux. avere] Calcular.* Devi calcolare la superficie del cerchio. *Tes que calcula-la superficie do círculo.* Prima di prendere una decisione così importante devi calcolare tutti i rischi possibili. *Antes de tomar unha decisión tan importante debes calcular tódolos riscos posibles. OBS.: io calcolo; v. irreg. V. táboa 1.*

**calcolatrice** *s.f. Calculadora.* Per eseguire queste difficili operazioni matematiche ho bisogno della calcolatrice. *Para realizar estas difíciles operacións matemáticas necesito a calculadora.*

**calcolo** *s.m. 1 (Mat., Med.) Cálculo.* Non sono molto bravo a fare i calcoli a memoria. *Non son moi bo facendo cálculos de memoria.* I calcoli renali sono molto fastidiosi. *Os cálculos renais son moi molestos. 2 Avaliación, valoración.* È difficile per il momento fare il calcolo della situazione. *É difícil polo momento face-la avaliación da situación. # fare i propri calcoli: actuar por interese.*

**caldaia** *s.f. Caldeira.* La caldaia del riscaldamento non funziona. *A caldeira da calefacción non funciona.*

**caldo -a I** *adx. 1 Quente.* A me la minestra piace calda. *A min a sopa gústame quente. 2 (fig.) Fogoso -a.* Ha un temperamento caldo. *Ten un temperamento fogoso. 3 (fig.) Cariñoso -a, agarimoso -a.* La nonna mi ha ricevuto con un caldo abbraccio. *A avoa recibíume cun cariñoso abrazo. II s.m. Calor.* Quest'estate il caldo è soffocante. *Este verán a calor é sufocante. # a caldo: en quente; arrivare il caldo: chega-lo verán; avere il sangue caldo: te-lo sangue quente; non fare né caldo né freddo: non importar; notizia calda calda: noticia fresca; pren-*

*dersela calda: toma-lo a peito; tenere in caldo: reservar; tenere qualcuno in caldo: facer desexar; testa calda: cabeza tola. ♦ Para referirse ó 'caldo' en italiano emprégase o termo brodo.*

**calendario** *s.m. Calendario.* Il calendario europeo e quello arabo non coincidono nel computo degli anni. *O calendario europeo e o árabe non coinciden no cómputo dos anos.* Il calendario scolastico non prevede ponti per il mese prossimo. *O calendario escolar non prevé pontes para o vindeiro mes.*

**calibrare** *v. tr. [aux. avere] Calibrar (tamén fig.).* Devi calibrare il diametro del tubo. *Debes calibrar-lo diámetro do tubo.* Bisogna calibrare bene la situazione. *É necesario calibrar ben a situación. OBS.: io calibro; v. irreg. V. táboa 1.*

**calibro** *s.m. Calibre (tamén fig.).* I fucili da caccia grossa non sono di piccolo calibro. *Os fusís de caza maior non son de calibre pequeno.* Per misurare le dimensioni dei pezzi meccanici si usa il calibro. *Para medi-las dimensións das pezas mecánicas úsase o calibre.* È un politico di grosso calibro. *É un político de gran calibre.*

**calice** *s.m. 1 Copa.* Mi hanno regalato un servizio di calici di cristallo pregiato. *Regaláronme un xogo de copas de cristal de calidade. 2 Cáliz.* Il sacerdote sollevò il calice. *O sacerdote alzou o cáliz. # a calice: en forma de cáliz, levare i calici: brindar.*

**calligrafia** *s.f. 1 Letra (forma di scrittura).* Scusa la mia calligrafia, non so se si capisce. *Perdoa a miña letra, non sei se se entende. 2 Caligrafía.* Quel ragazzo scrive con una bellissima calligrafia. *Ese rapaz escribe cunha caligrafía moi bonita.*

**calligrafico -a** *adx. Caligráfico -a.* La pubblica accusa richiede una perizia calligrafica. *A fiscalía solicitou unha proba pericial caligráfica. OBS.: m. pl. calligrafici, f. pl. calligrafiche.*

**callista** *s. Calista.* Il callista ha levato le callosità dai piedi. *O calista quitou as calosidades dos pés. OBS.: m. pl. callisti.*

**callo** *s.m. Calo.* Mi fa molto male un callo che ho in un piede. *Dóeme moito un calo que teño nun pé. # fare il callo a qualcosa: acostumarse a algo; pestare i calli a qualcuno: amolar alguén.*

**calma** *s.f. Calma.* In certe situazioni bisogna mantenere la calma. *En certas situacións cómpre mante-la calma.* Ho bisogno di un momento di calma. *Necesito un momento de calma.* Il lago è in calma. *O lago está en calma. # calma e sangue freddo!: ¡tranquilidade!; prendersela con calma: tomalo con calma.*

**calmante I** *s.m. Calmante.* Ha preso un calmante perché non sopportava più il dolore. *Tomou un calmante porque xa non soportaba a dor. II adx. Calmante.*

Questa tisana ha delle proprietà calmanti. *Esta infusión ten propiedades calmantes.*

**calmare I** v. tr. [aux. avere] **1 Calmar, acougar, tranquilizar.** Cerca di calmarlo perché è molto nervoso. *Tenta calmarlo porque está moi nervioso.* **2 Calmar, aliviar, mitigar.** Queste pastiglie calmano il dolore. *Estas pastillas calman a dor.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Calmarse, aquietar.** Prima calmati, e poi cercheremo di parlare. *Primeiro cálmate, e despois tentaremos falar.* Il mare si è calmato. *Calmouse o mar.*

**calmo -a** adx. **Calmo -a, tranquilo -a, quedo -a.** È una persona calma. *É unha persoa tranquila.* Il mare è calmo. *O mar está calmo.*

**calo** s.m. **1 Diminución, descenso, reducción.** È previsto un calo dei prezzi. *Prevese un descenso dos prezos.* **2 Caída, baixada.** Il calo della Borsa ha provocato l'allarme. *A caída da Bolsa provocou a alarma.* # **essere in calo (una persona):** *perder prestixio.*

**calore** s.m. **1 Calor (tamén fig.).** Si riscaldava al calore del caminetto. *Quantábase á calor da cheminea.* Parlava con calore, difendendo le sue idee. *Falaba con calor defendendo as súas ideas.* **2 Celso (dos animais).** La gatta era in calore. *A gata estaba en celo.* **OBS.:** *no uso máis común, o italiano emprega o termo caldo.*

**caloria** s.f. **Caloría.** Se vuoi dimagrire devi evitare i prodotti ricchi di calorie. *Se queres adelgazar tes que evita-los productos ricos en calorías.*

**caloroso -a** adx. (fig.) **Caloroso -a, cálido -a.** I suoi amici lo ricevettero con un'accoglienza calorosa. *Os seus amigos recibírono cun caloroso acollemento.*

**calpestare** v. tr. [aux. avere] **Pisar (tamén fig.).** Faccia attenzione: non si può calpestare il prato! *Teña coitado: ¡non se pode pisa-lo prado!* Non puoi calpestare i sentimenti altrui con tanta indifferenza! *¡Non podes pisa-los sentimentos alleos con tanta indiferencia!*

**calunnia** s.f. **Calumnia.** Ciò che ti ha detto sul mio conto non è altro che una calunnia. *O que che dixó sobre min non é máis ca unha calumnia.*

**calunniare** v. tr. [aux. avere] **Calumniar.** L'hanno calunniato su tutti i giornali. *Calumniárono en tódolos xornais.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 7.*

**calvizie** s.f. **Calvicie.** Mi hanno detto che questo prodotto è contro la calvizie. *Dixéronme que este produto é contra a calvicie.*

**calvo -a I** adx. **Calvo -a.** Ha la testa calva. *Ten a cabeza calva.* **II** s. **Calvo -a.** Questo medico è specializzato nel trapianto di capelli ai calvi. *Este médico está especializado no transplante de cabelo ós calvos.*

**calza** s.f. **1 Calcetín, peúgo.** Infilandomi la calza, mi sono accorto che era bucata. *Ó poñe-lo calcetín, dinme conta de que estaba furado.* **2 Media (ata o xeonllo).** Si è comprata delle calze. *Comprou unhas medias.* # **calze da donna:** *medias;* **calze da uomo:** *calcetíns;* **fare la calza:** *calcetar;* **ferri da calza:** *agullas de calcetar.*

**calzare I** v. tr. [aux. avere] **1 Poñer (meter).** Provò a calzare dei guanti, ma erano troppo stretti. *Tentou poñer unhas luvas, pero eran demasiado estreitas.* **2 Calzar.** Calza le scarpe. *Calza os zapatos.* **II** v. intr. [aux. avere] **1 Sentar, quedar.** Questo vestito ti calza perfettamente. *Este vestido séntache perfectamente.* **2 Ser apropiado -a.** La tua risposta calza poco. *A túa resposta é pouco apropiada.*

**calzatura** s.f. (espec. en pl.) **Calzado.** Entrò in un negozio di calzature, ma non trovò le scarpe che cercava. *Entrou nunha tenda de calzados, pero non atopou os zapatos que buscaba.*

**calzino** s.m. **Calcetín, peúgo.** Ho comprato dei calzini di lana. *Comprei uns calcetíns de la.*

**calzolaio** s.m. **Zapateiro (persoa).** Ho portato le scarpe dal calzolaio per farmi cambiare i tacchi. *Leveille os zapatos ó zapateiro para que lles cambiara os tacóns.*

**calzone** s.m. **1 (pl.) Pantalón.** Quando era piccolo portava i calzoni corti. *Cando era neno levaba pantalóns curtos.* **2 Tipo particolare di pizza, pregada á metade e rechea.**

**camaleonte** s.m. **Camaleón.** Il camaleonte può cambiare il colore della pelle. *O camaleón pode cambiar-la cor da pel.* # **essere un camaleonte:** *ser un camaleón.*

**cambiale** s.f. **Letra (de cambio).** Gli furono protestate le cambiali. *Protestáronlle as letras.*

**cambiamento** s.m. **Cambio, troco (acción de cambiar).** Prima di traslocare dovresti comunicare il cambiamento di indirizzo. *Antes de te mudar deberías comunica-lo cambio de enderezo.*

**cambiare I** v. tr. [aux. avere] **1 Cambiar.** Cambia idea troppo spesso. *Cambia de idea demasiado a miúdo.* Quando arrivi sulla salita devi cambiare marcia. *Cando chegues á costa tes que cambiar de marcha.* **2 Cambiar, trocar.** Ho cambiato la macchina vecchia con una nuova. *Cambiei o coche vello por un novo.* Cambiò mezzo milione di lire in sterline. *Cambiou medio millón de liras en libras esterlinas.* **3 Cambiar, mudar, modificar.** Le sofferenze l'hanno cambiato. *Os sufrimentos cambiárono.* **II** v. intr. [aux. essere] **Cambiar.** Dopo il temporale il tempo è cambiato. *Despois da tormenta o tempo cambiou.* **III** v. refl. [aux. essere] **Mudarse.** Mi cambio dopo la doccia. *Múdome despois da ducha.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 7.*

**cambio** *s.m.* **1 Cambio.** A Londra siamo andati a vedere il cambio della guardia. *En Londres fomos ve-lo cambio da garda.* **2 (Com.) Cambio, troco.** Qual'è oggi il cambio della lira? *¿Cal é hoxe o cambio da lira?* Non ho spiccioli, mi può dare il cambio di centomila lire? *Non teño solto, ¿poderíame da-lo cambio de cen mil libras?* **3 (Mec.) Cambio.** Mi si è guastato il cambio, devo portare la macchina dal meccanico. *Avariouseme o cambio, teño que leva-lo coche ó mecánico.* # **cambio a mano / automatico / sincronizzato:** *cambio manual / automático / sincronizado*; **fare un cambio / a cambio:** *intercambiar*; **in cambio di:** *a cambio de*; **leva del cambio:** *panca de cambio.*

**camelia** *s.f.* **Camelia.** La camelia che hai nel giardino è fiorita. *A camelia que tes no xardín floreceu.* Il fiore che preferisco è la camelia. *A flor que prefiro é a camelia.*

**camera** *s.f.* **1 Cuarto, peza.** Abbiamo spostato i mobili di questa camera. *Movémo-los mobles deste cuarto.* **2 Conxunto dos mobles e da decoración dun cuarto.** **3 Cámara (organismo oficial).** Ho presentato i moduli alla Camera di Commercio. *Presentei os impresos na Cámara de Comercio.* # **camera a gas:** *cámara de gas*; **camera ardente:** *capela ardente*; **camera blindata:** *cámara de seguridade*; **camera d'aria:** *cámara (dunha roda)*; **camera da letto:** *dormitorio*; **camera degli ospiti:** *cuarto de invitados*; **camera di sicurezza:** *calabozo*; **camera matrimoniale:** *peza de matrimonio*; **fare / rifare la camera:** *ordena-lo propio dormitorio*; **la Camera / la Camera dei deputati:** *a Cámara dos deputados*; **le Camere:** *as Cámaras (Parlamento e Senado)*; **musica da camera:** *música de cámara.*

**camerata** *s.* **1 Camarada, compañeiro.** Mi ha presentato un suo vecchio camerata della naia. *Presentoume un seu vello camarada da mili.* **2 (f.) Dormitorio colectivo.** **OBS.:** *en sentido absoluto significa fascista (oposto a compagno, comunista); m. pl. camerati.*

**cameratismo** *s.m.* **Camaradería, compañeirismo.** Il cameratismo di quegli atleti li ha portati alla vittoria. *A camaradería deses atletas levounos á victoria.*

**cameriere -a** *s.* **Camareiro -a.** Il cameriere ci servì due caffè. *O camareiro serviunos dous cafés.*

**camerino** *s.m.* **Camerino.** L'attrice si stava truccando nel camerino. *A actriz estaba a maquillarse no camerino.* # **camerino di prova:** *probador (dunha tenda).*

**camice** *s.m.* **Bata (de traballo).** Il chirurgo indossò il camice prima di iniziare l'operazione. *O cirurxián puxo a bata antes de empeza-la operación.*

**camiccetta** *s.f.* **Blusa, chombra.** Mia sorella ha comprato una camiccetta a quadri. *A miña irmá comprou*

*unha blusa de cadros.* ♦ *Para referirse á 'camiseta (interior)' emprégase o termo canottiera, para 'camiseta (de verán)' maglietta.*

**camicia** *s.f.* **Camisa.** Le camicie che ho provato mi vanno strette. *As camisas que probei quédanme estreitas.* # **camicia da notte:** *camisón*; **camicia nera:** *fascista*; **esser nato con la camicia:** *nacer co pan debaixo do brazo*; **in maniche di camicia:** *en mangas de camisa*; **sudare sette camicie:** *traballar arreo*; **uova in camicia:** *ovos escalfados.*

**camino** *s.m.* **Cheminea.** Mi piace scaldarmi davanti al camino. *Gústame quentarme diante da cheminea.* ♦ *Para referirse ó 'camiño' en italiano emprégase o termo cammino.*

**camion** *s.m. inv.* **Camión.** Per il trasloco dovremo affittare un camion. *Para a mudanza deberemos alugar un camión.*

**camionista** *s.* **Camioneiro -a.** Faceva il camionista per una ditta di trasporti. *Traballaba de camioneiro para unha empresa de transportes.* **OBS.:** *m. pl. camionisti.*

**cammello -a** *s.* **1 Camelo -a.** Il cammello ha due gobbe. *O camelo ten dúas xibas.* **2 (m.) Pelo de camelo (tecido).** Ho comprato una giacca di cammello. *Comprei unha chaqueta de pelo de camelo.*

**cammeo** *s.m.* **Camafeo.** Portava nel risvolto della giacca un cammeo d'avorio. *Levaba na solapa da chaqueta un camafeo de marfil.*

**camminare** *v. intr.* [*aux. avere*] **1 Camiñar, andar.** Se vogliamo arrivare in tempo dobbiamo camminare più in fretta. *Se queremos chegar a tempo, temos que camiñar máis á presa.* **2 Andar, funcionar.** L'orologio è caduto e non cammina più. *O reloxo caeu e xa non anda.* # **cammina!:** *¡vaite!*; **cammina cammina:** *andando moito*; **camminare diritto:** *portarse ben*, **camminare sul sicuro:** *ir sobre seguro.*

**camminata** *s.f.* **Camiñada.** Abbiamo fatto una bella camminata in montagna. *Demos unha boa camiñada pola montaña.*

**cammino** *s.m.* **Camiño.** Abbiamo chiesto quale fosse il cammino per arrivare al paese. *Preguntamos cal era o camiño para chegar á vila.* # **aprirsi il cammino:** *abrirse camiño*; **essere in cammino:** *estar en camiño*; **far molto cammino:** *traballar moito, facer carreira*; **mettersi in cammino:** *poñerse en camiño.*

**camomilla** *s.f.* **Macela.** Prima di andare a dormire beveva sempre una camomilla. *Antes de ir durmir tomaba sempre unha macela.*

**camorra** *s.f.* **Camorra (organización criminal napoletana).** La camorra ha avuto uno sviluppo parallelo a quello della mafia. *A camorra tivo un desenvolvemento paralelo ó da mafia.*

**camorrista** *s.* **Camorrista.** Le indagini ci hanno portato all'arresto di un noto camorrista. *As indagacións leváronnos ó arresto dun coñecido camorrista.* **OBS.:** *m. pl.* camorristi.

**camoscio** *s.m.* **1 Gamo.** Un piatto tipico delle zone di montagna dell'Italia del nord è il camoscio con la polenta. *Un prato típico das zonas de montaña da Italia do norte é o gamo con polenta.* **2 Ante.** Le scarpe di camoscio si sporcano facilmente. *Os zapatos de ante ensúciense facilmente.*

**campagna** *s.f.* **1 Campo.** Questo fine settimana andrò in campagna a fare un picnic. *Esta fin de semana irei ó campo para facer un picnic.* **2 Campaña** (*acción bélica*). La campagna di Russia fu per Napoleone una grande sconfitta. *A campaña de Rusia foi para Napoleón unha gran derrota.* **# campagna elettorale, pubblicitaria:** *campaña electoral, publicitaria;* **gente di campagna:** *xente simple.*

**campagnolo -a** *adx.* **Rústico -a, campestre, rural.** Mi piace la vita campagnola. *Gústame a vida rústica.*

**campana** *s.f.* **1 Campá, sino.** La campana del duomo suonava a messa. *A campá da catedral tocaba a misa.* **2 Campá.** L'esperimento fu eseguito utilizzando una campana di vetro. *O experimento realizouse utilizando unha campá de vidro.* **# essere sordo come una campana:** *estar como unha tapia;* **tenere qualcosa / qualcuno sotto una campana di vetro:** *protexer algo / alguén excesivamente.*

**campanaccio** *s.m.* **Choca, chocallo, cinzarra.** Nella valle risuonavano i campanacci delle mucche. *No val resoaban as chocas das vacas.*

**campanello** *s.m.* **1 Timbre** (*da porta*). Suonò il campanello ma nessuno gli aprì. *Tocou o timbre, pero non lle abriu ningún.* **2 Campaiña** (*campá pequena*). Il malato aveva un campanello per chiamarci. *O enfermo tiña unha campaiña para chamarnos.* **# campanello d'allarme:** *timbre de alarma.*

**campanile** *s.m.* **Campanario.** Il chierichetto è andato nel campanile per suonare le campane. *O acólito foi ó campanario para facer soa-las campás.*

**campare** *v. intr.* [*aux.* essere] (*pop.*) **Sobrevivir.** Dopo essere rimasto al verde, campava come poteva. *Despois de quedar sen un peso, sobrevivía como podía.* **# campa cavallo che l'erba cresce:** *aínda queda moito para acada-la meta;* **campare alla giornata:** *vivir ó día;* **campare di rendita:** *vivir de rendas;* **si campa!:** *jimos tirando!*

**campeggiare** *v. intr.* [*aux.* avere] **1 Acampar.** Abbiamo campeggiato vicino al fiume. *Acampamos preto do río.* **2 Destacar, resaltar.** Il blasone campeggiava nello stendardo. *O brasón destacaba no estandarte.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 4.*

**campeggio** *s.m.* **1 Cánting.** Ho telefonato al campeggio per fare la prenotazione. *Telefonei ó cámping*

*para face-la reserva.* **2 Cánting, acampada.** Abbiamo trascorso le ultime vacanze in campeggio. *Pasámo-las últimas vacacións de cámping.*

**camper** *s.m. inv.* **Caravana** (*camión coa parte traseira adaptada como habitáculo*). Per viaggiare il camper è il mezzo più comodo. *Para viaxar a caravana é o medio máis cómodo.*

**campestre** *adx.* **Campestre, agreste.** Ho raccolto dei fiori campestri. *Collín flores campestres.*

**campionario** *s.m.* **Mostraxe.** Il rappresentante mi ha fatto vedere il campionario di stoffe. *O representante ensinoume a mostraxe de tecidos.*

**campionato** *s.m.* **Campionato.** Spero che quest'anno la mia squadra preferita vinca il campionato di calcio. *Espero que este ano o meu equipo preferido gañe a liga de fútbol.*

**campione -essa** *s.* **1 Campión -ona, gañador -ora, vencedor -ora.** Il campione del mondo di sci ha perso il titolo. *O campión do mundo de esquí perdeu o título.* **2 (m.) Mostra** (*pequena parte*). Mi ha portato un campione della stoffa che vorrei comprare. *Tróuxome unha mostra do tecido que quereda comprar.* **# campione in carica:** *campión actual;* **che / un bel campione!** (*iron.*): *¡que espécime!;* **essere un campione di / in qualcosa:** *se-lo mellor en algo.*

**campo** *s.m.* **1 Leira, agro, eido.** Hanno arato il campo per seminare. *Araron a leira para sementar.* **2 Campo.** Mi rilassa vedere i campi di grano maturo. *Reláxame ve-los campos de trigo maduro.* Hanno costruito un nuovo campo di calcio. *Construíron un novo campo de fútbol.* Dopo il combattimento il campo era disseminato di cadaveri. *Despois do combate o campo estaba diseminado de cadáveres.* Dobbiamo misurare il campo magnetico di questa calamita. *Temos que medi-lo campo magnético deste imán.* **3 Campo, ámbito, eido.** È uno dei migliori specialisti nel campo della critica letteraria. *É un dos mellores especialistas no campo da crítica literaria.* **# abbandonare il campo:** *retirarse;* **avere campo libero:** *ter campo libre;* **campo da / di tennis, pallacanestro, pallavolo...:** *cancha de tenis, baloncesto, voleibol...;* **lasciare libero il campo:** *retirarse;* **mettere in campo:** *combater, aceptar un desafío;* **morire sul campo:** *morir coas botas postas;* **rimanere padrone del campo:** *dominar;* **scendere in campo:** *combater, aceptar un desafío.*

**camuffare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Disfrazar.** L'hanno camuffato, ma è stato riconosciuto. *Disfrazárono, pero foi recoñecido.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Disfrazarse.** Per carnevale si è camuffato da pagliaccio. *No entroido disfrazouse de pallaso.*

**canadese** **I** *adx.* **Canadense.** D'inverno il clima canadese è molto freddo. *No inverno o clima canadense é moi frío.* **II** *s.* **1 Canadense** (*persoa*). Le lingue

ufficiali dei canadesi sono l'inglese e il francese. *As linguas oficiais dos canadenses son o inglés e o francés.* **2 (f.) Tenda canadense.** Nella canadese possono dormire soltanto due persone. *Na tenda canadense só poden durmir dúas persoas.*

**canaglia** *s.f.* **Canalla, ruín, miserable.** Non ti fidare troppo di lui: è una vera canaglia! *Non te fies moito del: ¡é un verdadeiro canalla!*

**canale** *s.m.* **1 Canle, canal.** I canali di Venezia sono navigabili. *As canles de Venecia son navegables.* **2 Canle, cal, quenlla.** Il terreno era solcato da piccoli canali di irrigazione. *O terreo estaba sulcado de pequenas canles de irrigación.* **3 (fig.; Telecom.) Canle.** Risolveranno l'incidente internazionale attraverso i canali diplomatici. *Resolverán o incidente internacional a través das canles diplomáticas.* Hanno trasmesso la partita sul secondo canale. *Transmitiron o partido pola segunda canle.*

**canalizzare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Canalizar** (*tamén fig.*). La zona paludosa è stata canalizzata. *Canalizaron a zona pantanosa.* Se vuoi raggiungere gli obiettivi che ti sei proposto, devi canalizzare le tue energie. *Se queres alcanza-los obxectivos que te propuxeches, debes canaliza-las túas enerxías.*

**canarino** *s.m.* (*Zool.*) **Canario.** Quel canarino mi piace per i suoi colori sgargianti. *Aquel canario góstame polas súas cores rechamantes.* # **mangiare come un canarino:** *comer pouco, comer como un paxariño.*

**cancellare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Borrar.** Mi piace scrivere con la matita perché posso cancellare quando sbaglio. *Gústame escribir con lapis porque podo borrar cando me engano.* **2 Borrar, riscar.** Ha cancellato con la biro le frasi sbagliate. *Borrou co boli-grafo as frases equivocadas.* **3 (fig.) Cancelar, anular.** Hanno cancellato tutti i voli per Roma a causa dello sciopero dei piloti. *Cancelaron tódolos voos a Roma a causa da folga dos pilotos.*

**cancellata** *s.f.* **Peche, cerrado.** Vorrei recitare la mia villetta con una cancellata di ferro. *Querería cerca-lo meu chalé cun peche de ferro.*

**cancellazione** *s.f.* **Cancelación, anulación.** Richiese la cancellazione del prestito. *Solicitou a cancelación do préstamo.*

**cancelleria** *s.f.* **Chancelería.** Le cancellerie italiane del Quattrocento utilizzavano il latino e il volgare. *As chancelerías italianas do século XV utilizaban o latín e o vulgar.* La cancelleria tedesca sta analizzando la possibilità di fare riforme. *A chancelería alemana está analizando a posibilidade de facer reformas.* # **materiale / oggetti / articoli di cancelleria:** *material / obxectos / artigos de oficina;* # **spese di cancelleria:** *gastos de oficina.*

**cancelliere** *s.m.* **Chanceler.** Andrò dal cancelliere per vedere se il mio passaporto è stato vistato. *Irei xunto do chanceler para ver se o meu pasaporte foi visado.*

**cancello** *s.m.* **Cancela.** I cani abbaivano al cancello e non mi lasciavano entrare. *Os cans ladraban na cancela e non me deixaban entrar.*

**cancrena** *s.f.* **Gangrena** (*tamén fig.*). Quando non esisteva la penicillina era forte il rischio di cancrena dopo le operazioni chirurgiche. *Cando non existía a penicilina o risco de gangrena era alto despois das operacións cirúrxicas.* La corruzione è la cancrena della società. *A corrupción é a gangrena da sociedade.*

**cancro** *s.m.* **1 Cancro** (*tamén fig.*). È morto di cancro. *Morreu de cancro.* La droga è un cancro per la gioventù. *A droga é un cancro para a mocidade.* **2 (Astrol.) Cáncer, Cangrexo.** Se sei nata il 4 luglio, sei del Cancro. *Se naciche-lo 4 de xullo, es Cáncer.*

**candeggina** *s.f.* **Lixivia.** Mise la candeggina per lavare la biancheria. *Puxo a lixivia para lava-la roupa branca.*

**candeggio** *s.m.* **Branqueo.** Aggiunse la liscivia per il candeggio del bucato. *Engadiu a lixivia para o branqueo da bogada.*

**candela** *s.f.* **Candea.** Accese la candela. *Acendeu a candela.* # **a lume di candela:** *á luz da candea;* # **struggersi come una candela:** *derreterse.*

**candelabro** *s.m.* **Candelabro.** Ha comprato un candelabro a tre bracci. *Comprou un candelabro de tres brazos.*

**candidare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Presentar a alguén como candidato.** **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Presentarse como candidato.** **OBS.:** io candidato; *v. irreg. V. táboa 1.*

**candidato -a** *s.* **Candidato -a.** Si sono presentati tre candidati per la carica di sindaco. *Presentáronse tres candidatos para o cargo de alcalde.*

**candidatura** *s.f.* **Candidatura.** Ha ritirato la sua candidatura al Senato per motivi familiari. *Retirou a súa candidatura ó Senado por motivos familiares.*

**candido -a** *adx.* **1 Cándido -a** (*tamén fig.*). Il medico indossava un camice candido. *O médico levaba unha bata cándida.* Una persona candida e pura come lei non può fare del male a nessuno. *Unha persoa cándida e pura coma ela non pode facerlle dano a ninguén.* **2 (fig.) Cándido -a, inocente, inxenno -a.** Il tuo modo di pensare è proprio candido. *O teu xeito de pensar é realmente cándido.*

**candore** *s.m.* **1 Candidez** (*tamén fig.*). Il candore della tua camicia abbaglia. *A candidez da túa camisa cega.* Ha ancora un po' di quel candore angelico della sua infanzia. *Aínda ten un pouco daquela can-*

*didez anxelical da súa infancia. 2 (fig.) Candidez, inocencia, inxenuidade.* Mi sorprende il candore delle tue idee. *Sorpréndeme a candidez das tuas ideas.*

**cane** *s.* **Can cadela.** Il cane è il migliore amico dell'uomo. *O can é o mellor amigo do home.* # **essere come cane e gatto:** *levarse coma o can e o gato;* **essere solo come un cane:** *estar só coma un can;* **essere un cane:** *ser malísimo (referido a actores ou cantantes);* **morire solo come un cane:** *morrer só coma un can;* **non trovare un cane:** *non atopar a ninguén;* **sentirsi come un cane bastonato:** *sentirse afflictido;* **trattare qualcuno come un cane:** *tratar a alguén como a un can;* **vita da cani:** *mala vida.* **OBS.:** *f. irreg. cagna.*

**canestro** *s.m.* **1 Paxe (cesta).** Sono andato a raccogliere le ciliegie e ne ho riempito un canestro. *Fun recoller cereixas e enchín un paxe. 2 (Dep.) Canastra.* Il giocatore all'ultimo minuto ha fatto canestro. *O xogador no derradeiro minuto meteu unha canastra.*

**canfora** *s.f.* **Alcanfor.** Mise nell'armadio la canfora contro le tarme. *Puxo no armario alcanfor contra a couza.*

**canguro** *s.m.* **Canguro.** Il canguro è un marsupiale. *O canguro é un marsupial. ♦ Para referirse á 'persoa que coida nenos' en italiano emprégase o termo baby-sitter.*

**canile** *s.m.* **1 Caseta (do can).** Ho chiuso il mio cane da caccia nel canile. *Pechei o meu can de caza na caseta. 2 Canceira.* L'accalappiacani rinchiude i cani randagi nel canile. *O laceiro pecha os cans vagabundos na canceira.*

**canino -a** **I adx. Canino -a, cairo -a, cabeiro -a.** Domani vado a vedere il concorso canino. *Mañá vou ve-lo concurso canino.* Al bambino è caduto un dente canino. *Ó neno caeulle un dente canino. II s.m. Canino, cairo, cabeiro.* Ho un canino cariato. *Teño un canino con carie.* # **avere una fame canina:** *ter unha fame negra;* **rosa canina:** *rosa silvestre;* **tosse canina:** *tose ferina.*

**canna** *s.f.* **1 Cana (planta).** Tagliarono le canne per pulire il prato. *Cortaron as canas para limpa-lo prado. 2 (pop.) Porro (droga).* Si stava facendo una canna. *Estaba facendo un porro.* # **canna da passeggiò:** *bastón de paseò;* **canna fumaria:** *tiro da cheminea;* **essere come una canna al vento:** *cambiar de opinión moi facilmente;* **povero in canna:** *pobre de nacemento;* **tremare come una canna:** *tremar coma unha vara verde.*

**cannella** *s.f.* **Canela.** Sparse la cannella in polvere sulla torta. *Botou canela en po por riba da torta. ♦ Para referirse á 'canela (óso ou parte da perna)' en*

*italiano emprégase o termo stinco, para 'canela (da máquina de coser)' spola.*

**cannelloni** *s.m. pl. Canelóns.* I cannelloni possono essere farciti di carne o verdura. *Os canelóns poden estar recheos de carne ou verduras.*

**cannibale** *s.* **Canibal.** La zona era anticamente abitata da cannibali. *Antigamente a zona estaba habitada por canibales.*

**cannocchiale** *s.m. Prismático que combina as lentes nun único cilindro. # fucile a / con cannocchiale:* *fusil con mira telescópica.*

**cannonata** *s.f.* **1 Canonazo.** Delle cannonate annunciavano l'arrivo del generale. *Uns canonazos anunciaban a chegada do xeneral. 2 (col.) Marabilla.* Questa moto è una cannonata! *¡Esta moto é unha marabilla!*

**cannone** *s.m.* **1 Canón.** La roccaforte era difesa da grossi cannoni. *A fortaleza estaba defendida por grandes canóns. 2 (col.) Marabilla.* In matematica sei un vero cannone. *En matemáticas es unha verdadeira marabilla.*

**cannuccia** *s.f.* **Palla (para beber).** Ho chiesto al cameriere una cannuccia per la limonata. *Pedinlle ó camareiro unha palla para a limoada. OBS.: pl. cannuce.*

**canoa** *s.f.* **1 Canoa.** Alcuni popoli primitivi usavano canoe fatte di alberi. *Algúns pobos primitivos usaban canoas feitas con árbores. 2 Piragua.* Le canoe erano pronte per la gara. *As piraguas estaban listas para a competición.*

**canone** *s.m. Canon (artístico, económico, musical).* Quel pittore non tiene conto dei canoni classici. *Aquel pintor non ten en conta os canons clásicos.* Tra pochi giorni dobbiamo pagare il canone di abbonamento alla televisione. *Dentro de poucos días temos que paga-lo canon do abono á televisión.* Mi piace tantissimo quel canone di Vivaldi. *Gústame moitísimo aquel canon de Vivaldi. # equo canone:* *lei que regula o aluguer de terreos urbanos.*

**canonico -a** **adx. I Canonico -a.** Quando dipingo, mi attengo al modello canonico. *Cando pinto, aténome ó modelo canónico.* Ha superato l'esame di diritto canonico. *Aprobou o exame de dereito canónico. II s. 1 (m.) Còengo.* I canonici della cattedrale erano riuniti. *Os cóengos da catedral estaban reunidos. 2 (f.) Rectoral, abadía.* Il parroco ha fatto ristrutturare la canonica. *O párroco fixo arranxa-la rectoral. OBS.: m. pl. canonici, f. pl. canoniche.*

**canonizzare** *v. tr. [aux. avere] Canonizar, santificar.* Canonizzeranno i due beati in una cerimonia solenne. *Canonizarán os dous beatos nunha cerimonia solemne.*



**canoro -a** *adx.* **1 Cantareiro -a.** Aveva una voce canora. *Tiña unha voz cantareira.* **2 Canoro -a.** Dal prato sentiva il verso degli uccelli canori. *Desde o prado escoitaba o canto dos paxaros canoros.*

**canottaggio** *s.m.* **Remo** (*deporte*). La nostra squadra di canottaggio ha vinto la medaglia d'oro. *O noso equipo de remo gañou a medalla de ouro.*

**canottiera** *s.f.* **Camiseta** (*interior*). D'inverno porta la canottiera di lana. *No inverno leva a camiseta de la.*

**canotto** *s.m.* **Lancha.** I naufraghi furono ritrovati in un canotto. *Os naufragos foron atopados nunha lancha.* # **canotto di salvataggio:** *lancha de salvamento;* # **canotto pneumatico:** *lancha pneumática.*

**canovaccio** *s.m.* **1** (*Lit.*) **Guión.** Gli attori della Commedia dell'Arte improvvisavano su un canovaccio prestabilito. *Os actores da Comedia da Arte improvisaban sobre un guión preestablecido.* **2 Trapo, pano.** Puoi darmi quel canovaccio per pulire i vetri? *¿Podes dar-me aquel trapo para limpa-los cristais?*

**cantante** *s.* **Cantante.** Dopo il concerto, il cantante rilasciò numerosi autografi. *Despois do concerto, o cantante firmou numerosos autógrafos.*

**cantare I** *v. intr.* [*aux. avere*] **1 Cantar, chiar, piar.** Gli uccellini cantavano sull'albero. *Os paxariños cantaban na árbore.* **2** (*fig.*) **Confesar.** Dopo un lungo interrogatorio, ha cantato. *Despois dun longo interrogatorio, confesou.* **II** *v. tr.* [*aux. avere*] **Cantar.** Il soprano ha cantato un'aria famosa. *A soprano cantou unha aria famosa.* Dante cantò Beatrice. *Dante cantoulle a Beatriz.* # **cantarla chiara a qualcuno:** *canta-las coarenta a alguén;* # **carta canta:** *o que se pon por escrito non se pode negar.*

**canterino -a** *adx.* **Cantareiro -a.** Teneva in una gabbietta un grillo canterino. *Tiña nunha gaioliña un grilo cantareiro.*

**canticchiare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Cantaruxar.** Passeggiava canticchiando l'aria di un'opera. *Paseaba cantaruxando a aria dunha ópera.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**cantiere** *s.m.* **Obra** (*construcción e reparación*). L'intera via era in cantiere. *Toda a rúa estaba en obras.* # **avere in cantiere qualcosa** (*fig.*): *ter en fase de elaboración algo;* # **cantiere edile:** *obra de construcción;* # **cantiere navale:** *estaleiro.* ♦ *Para referirse á 'canteira' en italiano emprégase o termo cava.*

**cantilena** *s.f.* **Cantilena** (*tamén fig.*). Mi ricordo ancora delle cantilene della mia infanzia. *Ainda lembro as cantilenas da miña infancia.* Si lamentava sempre e ripeteva la solita cantilena. *Lamentábase sempre e repetía a mesma cantilena.*

**cantina** *s.f.* **1 Adega, bodega, cava.** Conservo il vino in cantina. *Conservo o viño na adega.* **2 Soto.** Le cantine di questo palazzo sono infestate dai topi. *Os sotos deste edificio están infestados de ratos.* # **cantina sociale:** *cooperativa de viticultores.* ♦ *Para referirse á 'cantina' en italiano emprégase o termo osteria.*

**canto** *s.m.* **1 Canto.** Gli alpini intonavano allegri canti. *Os soldados alpinos entoaban alegres cantos.* La Divina Commedia è divisa in cento canti. *A "Divina Comedia" está dividida en cen cantos.* **2 Canto, currunchio, recunchio.** Stava rannicchiato in un canto della stanza. *Estaba anicado nun canto do cuarto.* # **dal mio / tuo ... canto:** *pola miña / túa ... parte;* # **d'altro canto:** *por outra banda, sen embargo.*

**cantore -ora** *s.* **Cantor -ora.** Fu scelto come cantore per il coro della parrocchia. *Escollérono como cantor para o coro da parroquia.*

**canuto -a** *adx.* **Cano -a.** È un vecchio canuto, ma si tiene in forma. *É un vello cano, pero mantense en forma.* # **essere canuto:** *te-lo pelo cano.*

**canzonare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Burlarse.** Gli amici lo canzonano per il suo modo di vestire. *Os amigos búrlanse del polo seu xeito de vestir.*

**canzonatura** *s.f.* **Burla, moca.** Il tuo sorriso mi sa di canzonatura. *O teu sorriso sóame a burla.*

**canzone** *s.f.* **Canción, cantar, cantiga.** Canticchiava una canzone d'amore. *Cantaruxaba unha canción de amor.*

**caos** *s.m. inv.* **Caos.** La caduta del governo provocò il caos in Borsa. *A caída do goberno provocou o caos na Bolsa.*

**caotico -a** *adx.* **Caótico -a.** Il tuo modo di ragionare è più che confuso, è caotico. *O teu xeito de razoar é máis que confuso, é caótico.* **OBS.:** *m. pl. caotici, f. pl. caotiche.*

**capace** *adx.* **Capaz** (*que está capacitado*). È capace di preparare il pranzo per tutti noi. *É capaz de prepara-lo xantar para todos nós.* # **essere capace di** (*en canto ó volume, a amplitude ou os postos dispoñibles*): *ter capacidade para;* # **essere capace di** (*referido a persoa*): *ser capaz de.*

**capacità** *s.f. inv.* **1 Capacidade, cabida.** La bottiglia ha una capacità di due litri. *A botella ten unha capacidade de dous litros.* **2 Capacidade, aptitude.** È una persona di grandi capacità. *É unha persoa de grandes capacidades.*

**capanna** *s.f.* **Cabana, chabola, casopa.** I contadini anticamente vivevano in capanne fatte di paglia e fango. *Antigamente os campesiños vivían en cabanas feitas de palla e lama.* # **due cuori e una capanna:** *contigo pan e cebola;* # **pancia mia fatti capanna!:** *autoexhortación a comer moito.*

**capannone** *s.m.* *Nave (construcción)*. In questo capannone industriale si fabbricano macchine. *Nesta nave industrial fabricanse coches.*

**caparbietà** *s.f. inv. Obstinación, teimosía*. La tua testardaggine in quest'affare è sintomo di una caparbietà assurda. *A tua porfia neste asunto é sintoma dunha obstinación absurda.*

**caparbio -a** *adx. Obstinado -a, teimoso -a, pertinaz*. Il tuo modo di pensare è rigido e caparbio. *O teu xeito de pensar é rixido e obstinado.*

**caparra** *s.f. Fianza (como garantía nun contrato)*. Per affittare l'appartamento ho dovuto versare una caparra. *Para aluga-lo piso tiven que depositar unha fianza.*

**capello** *s.m.* **1** *Pelo, cabelo*. Hai un capello sulla giacca. *Tes un pelo na chaqueta.* **2** (*pl.*) *Pelo, cabelo (cabeleira)*. Ho i capelli biondi. *Teño o pelo louro.* # **avere un diavolo per capello**: *estar enfadadísimo*; **averne fin sopra i capelli**: *estar farto (de algo)*; **far venire i capelli bianchi**: *facen envellecer (a alguén) a disgustos*; **mettersi le mani nei capelli**: *desesperarse, repena-los cabelos*; **non torcere un capello**: *non facer ningún dano*; **perdere i capelli**: *quedar calvo*; **prendersi per i capelli**: *pelexar*; **sentire drizzarsi i capelli**: *asustarse moito*; **spaccare il capello in quattro**: *ser moi preciso*; **tirare qualcuno a fare qualcosa per i capelli**: *obrigar alguén a facer algo.*

**capellone** *s.m. Melenudo*. Fino all'anno scorso era un capellone, ma adesso preferisce portare i capelli corti. *Ata o ano pasado era un melenudo, pero agora prefire leva-lo pelo curto.*

**capezzolo** *s.m. Mamila*. Il neonato succhia il capezzolo della mamma. *O acabado de nacer zuga a mamila da nai.*

**capillare I** *adx. 1 Capilar*. Aveva i vasi capillari delle gambe molto visibili. *Tiña os vasos capilares das pernas moi visibles.* **2** (*fig.*) *Pormenorizado -a, detallado -a*. Hanno fatto un'analisi capillare del prodotto. *Fixeron unha análise pormenorizada do produto.* **II** *s.m. Capilar*. Ha presentato uno studio sui capillari. *Presentou un estudio sobre os capilares.*

**capire I** *v. tr. [aux. avere] Entender, comprender*. Non capisco ciò che dici. *Non entendo o que dis.* **2 Entender, comprender**. Tu sì che mi capisci! *¡Ti si que me entendes!* **II** *v. refl. recip. [aux. essere] Entenderse, comprenderse*. Ci siamo capiti al primo incontro. *Entendémonos desde o primeiro encontro.* # **capirai!**: *¡imáxinate!*; **capire al volo**: *collelas no aire*; **capire fischi per fiaschi**: *confundirse, entender unha cousa por outra*; **non capire un fico secco / un accidente / un tubo / un'acca**: *non*

*entender nada*; **(non) capirci**: *(non) entender*; **si capisce!**: *¡por suposto!* **OBS.:** io capisco, tu capisci.

**capitale I** *adx. Capital, primordial, esencial*. È di capitale importanza che mi consegni il lavoro al più presto. *É de capital importancia que me entregue-lo traballo o antes posible.* **II** *s. 1 (f.) Capital*. Roma è la capitale d'Italia. *Roma é a capital de Italia.* **2** (*m.*) *Capital, fortuna*. In pochi anni ha accumulato un capitale. *En poucos anos acumulou un capital.*

**capitalista I** *s. Capitalista*. Alcuni capitalisti hanno finanziato la ricostruzione del teatro. *Algúns capitalistas financiaron a reconstrucción do teatro.* **II** *adx. Capitalista*. Oggi viviamo in una società capitalista. *Hoxe vivimos nunha sociedade capitalista.* **OBS.:** *m. pl. capitalisti.*

**capitanare** *v. tr. [aux. avere] Capitanear*. Decisero che fosse proprio lui a capitanare il partito. *Decidiron que fose el quen capitanease o partido.*

**capitano -a** *s. Capitán -ana*. Il capitano ordinò ai soldati di attaccare la posizione nemica. *O capitán ordenoulles ós soldados ataca-la posición inimiga.* Lui era il capitano della squadra di calcio. *El era o capitán do equipo de fútbol.* # **capitano di ventura**: *capitán de mercenarios.*

**capitare** *v. intr. [aux. essere] 1 Chegar (de repente e por casualidade)*. Capiti in un brutto momento. *Chegas nun mal momento.* **2 Cadrar, coincidir**. Se ti capita di passare da queste parti vieni a farci visita. *Se che cadra de pasar por aquí, ven facernos unha visita.* **3 Succeder, pasar, ocorrer**. Ti racconterò il guaio che mi è capitato. *Contareiche a desgracia que me sucedeu.* # **capitare in mano / tra le mani**: *vir (algo) ás mans.* **OBS.:** io capito; *v. irreg. V. táboa 1.*

**capitolo** *s.m. Capítulo*. Questo libro è diviso in dodici capitoli. *Este libro está dividido en doce capítulos.*

**capo** *s.m.* **1 Cabeza**. Mi fa male il capo. *Dóeme a cabeza.* **2 Xefe**. Mi hanno presentato il capo del reparto. *Presentáronme o xefe de sección.* **3 Cabeza, res**. Hanno comprato un gregge di cento capi. *Compraron un rabaño de cen cabezas.* **4 Peza (de vestiario)**. Ho comprato alcuni capi di vestiario. *Comprei algunhas pezas de roupa.* **5 (Xeogr.) Cabo**. Su quel capo c'è un faro antico. *Naquel cabo hai un faro antigo.* # **cosa fatta capo ha**: *o que está feito, feito está*; **da capo / daccapo**: *desde o principio*; **essere a capo di qualcosa**: *estar ó mando de algo*; **essere a capo tavola**: *ocupa-la cabeceira da mesa*; **far capo in qualcosa**: *desembocar, terminar*; **in capo a un mese / una settimana**: *nun mes / nunha semana*; **in capo a**: *sobre, encima*; **in capo al mondo**: *na fin do mundo*; **mettere il capo a partito**: *senta-la cabeza*; **non avere né capo né coda**: *non ter nin pés nin cabeza*; **per sommi capi**: *en*

*liñas xerais; (punto) a capo: punto e aparte; rompersi il capo: escornarse (matinar); scegliere capo per capo: escoller / cousa a cousa; scoprirsi il capo: quita-lo sombreiro (en sinal de respecto ou admiración); scuotere il capo: abanea-la cabeza (mostrando desgusto ou desaprobación); tra capo e collo: de repente; venire a capo di qualcosa: solucionar algo.*

**capodanno** *s.m. Primeiro de ano.* Per capodanno andremo a pranzo da mia sorella. *Para primeiro de ano iremos xantar á casa da miña irmá. # festa di capodanno: festa de fin de ano. OBS.: mentres en galego existe o termo 'aninovo' para aludir ós primeiros días do ano, en italiano capodanno refírese só ó 1 de xaneiro; pl. capodanni ou (raro) capidanno.*

**capofamiglia** *s. Cabeza de familia.* Il capofamiglia ha delle precise responsabilità nei confronti dei figli. *O cabeza de familia ten unhas responsabilidades concretas en relación ós fillos. OBS.: m. pl. capifamiglia, f. pl. capofamiglia.*

**capolavoro** *s.m. Obra mestra.* Gli affreschi della Cappella Sistina sono il capolavoro di Michelangelo. *Os frescos da Capela Sixtina son a obra mestra de Miguel Anxo. # bel capolavoro! (íron.): ¡vaia obra mestra! OBS.: pl. capolavori.*

**capolinea** *s.m. Derradeira ou primeira parada, en percorridos circulares, dunha liña de autobuses ou de metro. OBS.: pl. capilinea.*

**caporale** *s.m. 1 (Mil.) Cabo.* Fu promosso a caporale dopo qualche mese. *Foi ascendido a cabo despois dalgúns meses. 2 Capataz.* Il caporale fece radunare i braccianti. *O capataz fixo reuni-los braceiros.*

**capostazione** *s. Xefe de estación.* Questo capostazione dirige una stazione molto movimentata. *Este xefe de estación dirixe unha estación con moito movemento. OBS.: m. pl. capistazione, f. pl. capostazione.*

**capovolgere I** *v. tr. [aux. avere] Inverter (tamén fig.).* Il temporale ha capovolto la zattera. *O temporal inverteu a balsa.* È riuscito a capovolgere la situazione a suo favore. *Conseguíu inverte-la situación ó seu favor. II v. intr. pron. [aux. essere] Envorcar, abocar.* Il camion si capovolsse nell'incidente. *O camión envorcou no accidente. OBS.: v. irreg. V. táboa 11.*

**cappa** *s.f. 1 Capa (roupa).* Indossava una cappa di velluto. *Vestía unha capa de veludo. 2 Cambota.* Il fumo sale nella cappa del camino. *O fume sobe pola cambota da cheminea. # cappa del cielo: bóveda celeste; film / romanzi di cappa e spada: filmes / novelas de capa e espada. OBS.: refírese a un tipo de capa luxosa, usada antigamente por cabaleiros e persoas ilustres. ♦ Para referirse á 'capa (peza de abrigo)' en italiano emprégase o termo mantello.*

**cappella** *s.f. Capela (igreja).* Abbiamo visitato una cappella rinascimentale. *Visitamos unha capela renacentista.*

**cappello** *s.m. Chapeo, sombreiro.* Ho comprato un cappello di paglia. *Comprei un chapeo de palla. # cavarsi il cappello / far tanto di cappello: saudar quitando o sombreiro.*

**cappotto** *s.m. Abrigo, gabán.* Questo cappotto mi piace, ma mi va un po' stretto. *Este abrigo gústame, pero quédame un pouco estreito.*

**cappuccino 1 Cappuccino.** Fa il cappuccino con molta schiuma e un po' di cacao in polvere. *Fai o cappuccino con moita espuma e un pouco de cacao en po. 2 Capuchino.* Abbiamo visitato un convento di cappuccini. *Visitamos un convento de capuchinos.*

**cappuccio** *s.m. 1 Capucho, capucha.* Tirò su il cappuccio perché faceva molto freddo. *Subiu o capucho porque ía moito frío. 2 Capuchón.* Ho perso il cappuccio della penna. *Perdín o capuchón da pluma.*

**capra** *s.f. Cabra.* La capra allatta i capretti. *A cabra aleita os cabuxos. # salvare capra e cavoli: salvar unha situación difícil.*

**capretto** *s.m. 1 Cabrito, añagoto.* Il capretto non ha ancora finito il periodo dell'allattamento. *O cabrito aínda non rematou o período de lactación. 2 Cabuxo -a.* È andato con i capretti al prato. *Foi cos cabuxos ó prato.*

**capriccio** *s.m. 1 Capricho, antollo.* Mi sono comprato un vestito nuovo per capriccio. *Comprei un vestido novo por capricho. 2 Namoramento temporal e pouco profundo. # fare i capricci: ser caprichoso.*

**capriccioso -a** *adx. Caprichoso -a, antolladizo -a.* È un bambino molto capriccioso e maleducato. *É un neno moi caprichoso e maleducado. # insalata capricciosa: tipo de ensalada rusa con varios ingredientes; pizza capricciosa: pizza de xamón, salchicha, ovo cocido e outros ingredientes.*

**capricorno** *s.m. Capricornio.* Il mio figlioccio è del Capricorno perché è nato il 9 gennaio. *O meu afillado é Capricornio porque naceu o 9 de xaneiro.*

**capriola** *s.f. Pirueta, viravolta, cambadela.* I bambini facevano le capriole sul prato. *Os nenos facían piruetas no prado.*

**capriolo** *s.m. Corzo.* Il capriolo è noto per la sua agilità. *O corzo é coñecido pola súa axilidade. # saltare come un capriolo: choutar coma un corzo, moi axilmente.*

**capsula** *s.f. 1 Cápsula.* Il medico mi ha prescritto delle capsule da prendere dopo i pasti. *O médico receitoume unhas cápsulas para tomar despois das comidas. 2 Funda (dental).* Il dentista mi ha messo una capsula. *O dentista púxome unha funda.*

**capoluogo** *s.m.* *Capital dunha rexión ou dunha provincia.* **OBS.:** *fai o pl. capoluoghi ou capiluoghi.*

**carabiniere** *s.* *Membro do corpo de policía militarizada italiana similar á Garda civil.* # **essere un carabiniere** (*fig.*): *comportarse de xeito excesivamente severo e autoritario.*

**caraffa** *s.f.* *Xerra.* Versò il vino in una caraffa di cristallo. *Botou o viño nunha xerra de cristal.* ♦ *Para referirse á 'garrafa' en italiano emprégase o termo damigiana.*

**caramella** *s.f.* *Caramelo.* Mi piacciono le caramelle alla menta. *Gústanne os caramelos de menta.*

**carattere** *s.m.* **1** *Carácter, temperamento.* Ha un pessimo carattere, ma quando vuole sa essere simpatico. *Ten un pésimo carácter, pero cando quere sabe ser simpático.* **2** *Carácter.* Non so leggere i caratteri ebraici. *Non sei le-los caracteres hebreos.* È una visita di carattere ufficiale. *É unha visita de carácter oficial.* # **essere in carattere (con qualcosa):** *ser axeitado para algo; essere una persona di carattere: ter carácter; non avere / essere senza / essere privo di carattere: non ter carácter.* **OBS.:** *no pl. non se desplaza o acento tónico (caratteri).*

**caratteristico -a** **I** *adx.* *Característico -a, propio -a, particular.* Mi parlò degli usi caratteristici del suo paese. *Faloume dos costumes característicos do seu país.* **II** *s.f.* *Característica.* È una caratteristica del suo stile. *É unha característica do seu estilo.* **OBS.:** *m. pl. caratteristici, f. pl. caratteristiche.*

**caratterizzare** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] *Caracterizar.* La carestia ha caratterizzato numerosi periodi del Medioevo. *A carestía caracterizou moitos períodos da Idade Media.* Ha saputo caratterizzare con grande maestria il personaggio. *Soubo caracterizar con gran mestría o seu personaxe.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] *Caracterizarse.* Le zone marittime si caratterizzano per il clima mite. *As zonas marítimas caracterízanse polo clima suave.*

**caravan** *s.m. inv.* *Caravana (remolque habitable arrastrado por un coche).* La mia macchina ha così poca potenza che non può trainare un caravan. *O meu coche ten tan pouca potencia que non pode arrastrar unha caravana.*

**carbone** *s.m.* *Carbón.* Ho caricato la stufa con il carbone. *Carguei a estufa co carbón.* # **carta carbone:** *papel carbón; essere / stare sui carboni accessi: estar impaciente.*

**carbonizzare** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] *Carbonizar.* Il fuoco carbonizzò in poco tempo la legna. *O lume carbonizou en pouco tempo a leña.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] *Carbonizarse.* Ho lasciato l'arrosto nel forno e si è carbonizzato. *Deixei o asado no forno e carbonizou.*

**carburante** *s.m.* *Carburante.* I carburanti più utilizzati derivano dal petrolio. *Os carburantes máis utilizados derivan do petróleo.*

**carcassa** *s.f.* **1** *Carcasa (osamenta).* Ho preparato un brodo con una carcassa di pollo. *Preparei un caldo cunha carcasa de polo.* **2** (*fig.*) *Carraca.* La tua auto è una vera carcassa. *O teu coche é unha auténtica carraca.*

**carcerazione** *s.f.* *Encarceramento.* La carcerazione di una persona è sempre una tragedia per la sua famiglia. *O encarceramento dunha persoa sempre é unha traxedia para a súa familia.*

**carcere** *s.m.* *Cárcere, cadea (tamén fig.).* Il delinquente è stato portato in carcere. *O delincuente foi levado ó cárcere.* Per me l'ufficio è un carcere. *Para min a oficina é un cárcere.* **OBS.:** *fai o pl. f. le carceri.*

**carciofo** *s.m.* *Alcachofa.* Alcuni tipi di carciofo hanno le spine. *Algúns tipos de alcachofa teñen espiñas.* # **sei proprio un carciofo!:** *¡non serves para nada!*

**cardellino** *s.m.* *Xilgaro, pintasilgo, picardos.* In quella gabbia ci sono due cardellini. *Naquela gaiola hai dous xilgaros.*

**cardiaco -a** *adx.* *Cardíaco -a.* È morto per un collasso cardiaco. *Morreu por un colapso cardíaco.* **OBS.:** *m. pl. cardiaci, f. pl. cardiache.*

**cardinale** **I** *adx.* **1** *Fundamental, principal, básico -a.* Questi sono i principi cardinali della teoria. *Estes son os principios fundamentais da teoría.* **2** (*Mat., Xeogr.*) *Cardinal.* Uno, due, tre sono numeri cardinali. *Un, dous, tres son números cardinais.* Il nord è un punto cardinale. *O norte é un punto cardinal.* **II** *s.m.* *Cardeal.* I cardinali sono nominati dal Papa. *Os cardeais son nomeados polo Papa.* # **le virtù cardinali:** *as virtudes cardinais.*

**cardine** *s.m.* **1** *Bisagra, gonzo.* I cardini della porta cigolano perché si stanno arrugginendo. *As bisagras da porta renxen porque se están enferruxando.* **2** (*fig.*) *Eixe.* La fede è il cardine della religione. *A fe é o eixe da relixión.*

**carezza** *s.f.* *Carencia, falta, falla.* Il tuo atteggiamento dimostra un'assoluta carezza di scrupoli. *A túa actitude demostra unha absoluta carencia de scrúpulos.*

**carestia** *s.f.* *Escaseza (penuria).* Nel secoli passati le guerre provocavano carestia e peste. *Nos séculos pasados as guerras provocaban escaseza e peste.*

**carezza** *s.f.* *Caricia, aloumiño.* Diede una carezza al gatto. *Fixolle unha caricia ó gato.*

**carica** *s.f.* **1** *Cargo, posto.* Ha accettato la carica di direttore. *Aceptou o posto de director.* **2** *Carga (enerxía; ataque).* Hai misurato la carica di quella

batteria? *¿Mediche-la carga desa batería? Il comandante ordenou una carica alla baionetta. O comandante ordenou unha carga coas baionetas. # dare la carica a qualcosa: cargar algo; dare la carica a qualcuno: animar, incentivar; dare la carica all'orologio: dar corda ó reloxo; essere in carica: estar encargado de algo; suonare la carica: tocar ó ataque. OBS.: pl. cariche.*

**caricare I** v. tr. [aux. avere] **1 Cargar.** Devo caricare le valigie sulla macchina. *Teño que carga-las maletas no coche.* Mi hanno caricato di lavoro. *Cargáronme de traballo.* Sta caricando la batteria della macchina. *Está cargando a batería do coche.* **2 Cargar (contra).** La fanteria caricò diverse volte i nemici. *A infantería cargou varias veces contra os inimigos.* **3 Dar corda (a un reloxo).** Ogni mattina caricava l'orologio. *Tódalas mañás dáballle corda ó reloxo.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Ir cargado -a.** Quando faccio la spesa mi carico di borse. *Cando fago a compra vou cargado de bolsas.* **OBS.:** io carico, tu carichi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**caricatura** s.f. *Caricatura (tamén fig.).* Ha disegnato una caricatura del professore. *Debuxou unha caricatura do profesor.* Quell'opera è solo la caricatura di un romanzo. *Esa obra é só a caricatura dunha novela.*

**carico -a I** adx. *Cargado -a.* Abbiamo visto un autobus carico di passeggeri. *Vimos un autobús cargado de pasaxeiros.* **II** s.m. **1 Cargamento.** È arrivato un carico di merci. *Chegou un cargamento de mercadorías.* **2 Carga (cargamento).** Il camion viaggiava a pieno carico. *O camión viaxaba coa carga completa.* # **avere qualcuno a carico: estar a cargo de alguén; caffè carico: café cargado; carico di coscienza: cargo de conciencia; farsi a carico di qualcuno / qualcosa: facerse cargo de alguén / de algo; persona a carico: persoa que depende de alguén; testimone a carico: testemuña (nun xuízo).** **OBS.:** m. pl. carichi, f. pl. cariche.

**carie** s.f. inv. *Carie.* Il dentista mi ha trovato una carie in un dente. *O dentista atopoume unha carie nun dente.*

**carisma** s.m. *Carisma.* È un politico dotato di grande carisma. *É un político dotado dun gran carisma.* **OBS.:** pl. carismi.

**carismatico -a** adx. *Carismático -a.* È un leader carismatico con una personalità proprio attraente. *É un líder carismático cunha personalidade realmente atraente.* **OBS.:** m. pl. carismatici, f. pl. carismatiche.

**carità** s.f. inv. **1 Caridade.** Hai dimostrato di avere un animo pieno di carità. *Demostraches que tiñas un ánimo cheo de caridade.* **2 Caridade, esmola.** Chiedeva la carità sulla porta della chiesa. *Pedía*

*caridade na porta da igrexa. # per carità!: ¡por favor!*

**carnagione** s.f. *Pel, cute.* Non prendere troppo il sole perché sei di carnagione delicata. *Non tomes demasiado o sol porque es de pel delicada.*

**carnale** adx. **1 Carnal, sensual.** La sua grande spiritualità lo allontanava dall'amore carnale. *A súa grande espiritualidade afastábao do amor carnal.* **2 Carnal.** Sono cugini carnali. *Son primos carnaís.*

**carne** s.f. **1 Carne (tamén fig.).** Per la ferita gli si vedeva la carne viva del braccio. *Pola ferida víase-lle a carne viva do brazo.* Mi piace molto la carne di maiale. *Gústame moito a carne de porco.* È difficile resistere ai piaceri della carne. *É difícil resistirse ós praceres da carne.* **2 Carne, polpa.** Queste pesche hanno poca carne. *Estes pexegos teñen pouca carne.* # **carne affumicata: carne afumada; carne battezzata (pop.): os cristiáns; carne da macello / da cannone: carne de canón; carne dei poveri: os legumes; mettere molta carne al fuoco: empezar moitas cousas ó mesmo tempo; non essere né carne né pesce: non ser carne nin peixe; trafficante di carne umana: mercader de escravos.**

**carnefice** s. *Verdugo -a.* Il carnefice decapitò il condannato. *O verdugo decapitou o condenado.*

**carneficina** s.f. *Masacre, matanza.* Quell'incidente stradale ha provocato una carneficina. *Ese accidente de tráfico provocou unha masacre.*

**carnevale** s.m. *Entroido, carnaval.* Per carnevale mi travestirò da arlecchino. *No entroido disfrazareime de arlequín.*

**carnevalesco -a** adx. *Carnavalesco -a.* Per le strade si sentiva l'allegria carnevalesca. *Polas rúas sentíase a alegría carnavalesca. (ext.)* Il suo modo di vestire è carnevalesco. *O seu xeito de vestir é carnavalesco.* **OBS.:** m. pl. carnevaleschi, f. pl. carnevalesche.

**carnivoro -a I** adx. *Carnívoro -a.* Il leone è un animale carnivoro. *O león é un animal carnívoro.* **II** s.m. pl. *Carnívoros (orde destes mamíferos).* I carnivori sono dotati di grandi canini. *Os carnívoros están dotados de grandes caninos.*

**carnoso -a** adx. *Carnoso -a.* È un frutto dalla polpa carnosa. *É unha froita de polpa carnosa.*

**caro -a I** adx. **1 Querido -a, amado -a.** Ti presento un mio caro amico. *Preséntoche un querido amigo meu.* **2 Caro -a.** Ho comprato un vestito molto caro. *Compri un vestido moi caro.* **II** adv. **Caro.** Le macchine costano caro. *Os coches custan caro.* **III** s.m. pl. *Achegados, familiares, parentes.* Quando sono lontano ricordo sempre i miei cari. *Cando estou lonxe lembro sempre os meus achegados.* # **pagare / costare caro qualcosa: pagar / costar caro algo.**

**carota** *s.f.* **Cenoria.** La carota contiene molte vitamine. *A cenoria contém moitas vitaminas.* # **essere pel di carota:** *te-lo cabelo rubio e pencas na pel.*

**carovana** *s.f.* **Caravana** All'oasi arrivò una carovana di beduini. *Ó oasis chegou unha caravana de beduínos.* Le macchine viaggiavano in carovana. *Os coches viaxaban en caravana.*

**carpa** *s.f.* **Carpa** (*peixe*). La carpa è un pesce di acqua dolce. *A carpa é un peixe de auga doce.*

**carreggiata** *s.f.* **Carril** (*de circulación*). In Inghilterra le macchine circolano sulla carreggiata sinistra. *En Inglaterra os coches circulan polo carril esquerdo.* # **mettersi in carreggiata** (*fig.*): *comezar a actuar ben*; **rimettersi in carreggiata** (*fig.*): *volver a actuar correctamente*; **uscire di carreggiata** (*fig.*): *desviarse do bo camiño.*

**carrello** *s.m.* **1 Carro** (*de supermercado, bandexa con rodas*). Quando faccio la spesa al supermercato preferisco usare il carrello. *Cando fago a compra no supermercado prefiro usa-lo carro.* Ieri a cena mi hanno servito i piatti su un carrello. *Onte á cea servíronme os pratos nun carro.* **2 Tren de atteraxo.** L'aereo non poteva atterrare per un guasto al carrello. *O avión non podía aterrarse por unha avaría no tren de atteraxo.*

**carriera** *s.f.* **Carreira** (*profesional*). Ha sacrificato la famiglia per la sua carriera. *Sacrificou a familia pola súa carreira.* ♦ **Para riferirsi á 'carreira** (*corrida ou competición*) 'en italiano *emprégase o termo corsa, para 'carreira, corredoira' viottolo, para 'carreira (estudio)' corso di laurea.*

**carro** *s.m.* **Carro** (*vehículo de tracción animal*). Il cavallo non riusciva a trainare il carro. *O cabalo non era quen de arrastra-lo carro.* # **carro armato:** *tanque*; **carro attrezzi:** *coche-vindastre*; **carro funebre:** *coche fúnebre*; **carro merci:** *vagón de mercancías*; **essere l'ultima ruota del carro:** *se-lo menos valorado*; **Gran Carro:** *Carro Grande (constelación da Osa Maior)*; **mettere il carro davanti ai buoi:** *poñe-lo carro diante dos bois*; **Piccolo Carro:** *Carro Pequeno (constelación da Osa Menor).*

**carrozza** *s.f.* **1 Vagón.** Quella carrozza era piena zeppa. *Aquel vagón estaba abarrotado.* **2 Carruaxe.** Una volta andare in carrozza era simbolo di ricchezza. *Noutrora ir en carruaxe era símbolo de riqueza.* # **mozzarella in carrozza:** *prato feito con mozzarella e pan*; **signori, in carrozza!:** *¡viaxeiros ó tren!*

**carrozzella** *s.f.* **1 Carriño** (*para leva-los nenos pequenos*). Quando nascerà nostro figlio dovremo comprargli una carrozzella. *Cando naza o noso fillo teremos que comprarlle un carriño.* **2 Carruaxe.** A Roma i turisti possono fare un giro in carrozzella. *En Roma os turistas poden dar un paseo en carrua-*

*xe.* **3 Cadeira de rodas.** Dopo quell'incidente il mio amico è costretto a usare la carrozzella. *Despois do accidente o meu amigo ten que usar unha cadeira de rodas.*

**carrozzeria** *s.f.* **1 Carrocería.** Alcune macchine sportive hanno la carrozzeria in lega leggera. *Algúns coches deportivos teñen unha carrocería de aliaxe lixeira.* **2 Taller** (*especializado na reparación das carrocerías dos coches*). Dopo l'incidente ho dovuto portare la macchina in carrozzeria. *Despois do accidente tiven que leva-lo coche ó taller.*

**carrozzina** *s.f.* **Carriño** (*para leva-los nenos pequenos*). La giovane coppia spingeva la carrozzina. *A parella nova empuxaba o carriño.*

**carta** *s.f.* **1 Papel.** Puoi darmi un pezzo di carta per lasciare un biglietto a mia madre? *¿Podes dar-me un anaco de papel para deixarlle unha nota a miña nai?* **2 Mapa.** Non riuscivo a trovare quel paese sulla carta. *Non era quen de atopar aquela vila no mapa.* **3 Carta, naipes.** Mi piace molto giocare a carte. *Gústame moito xogar ás cartas.* # **avere buone carte in mano** (*fig.*): *estar nunha situación favorable*; **avere le carte in regola:** *te-los papeis en regra, te-la capacidade para desenvolver unha función*; **carta bollata / da bollo:** *papel timbrado*; **carta costituzionale:** *carta magna*; **carta d'identità:** *documento de identidade*; **carta da lettere:** *papel de carta*; **carta da parati:** *papel de empapela-las paredes*; **carta di credito:** *tarxeta de crédito*; **carta igienica:** *papel hixiénico*; **carta protocollo:** *papel dobre (A4)*; **carta riciclata:** *papel reciclado*; **carta velina:** *papel de seda*; **carta vetrata:** *papel de lixa*; **cartamoneta:** *papel moeda*; **dare / avere carta bianca:** *dar / ter carta branca*; **fare carte false:** *facere de todo para conseguir algo*; **fare un castello di carte** (*tamén fig.*): *facere castelos de naipes, facere castelos no aire*; **fare una partita a carte:** *xogar unha partida de cartas*; **giocare a carte scoperte** (*fig.*): *actuar abertamente*; **giocare l'ultima carta** (*fig.*): *xoga-la derradeira carta*; **leggere / fare le carte:** *le-las cartas*; **mazzo di carte:** *baralla*; **mettere le carte in tavola** (*fig.*): *declara-lo propio pensamento*; **mettere sulla carta:** *poñer por escrito.* ♦ **Para riferirsi á 'carta, misiva' en italiano emprégase o termo lettera.**

**carteggio** *s.m.* **Correspondencia** (*relación por carta*). Hanno pubblicato il carteggio fra Leopardi e Ranieri. *Publicaron a correspondencia entre Leopardi e Ranieri.*

**cartella** *s.f.* **1 Carpeta.** Ho messo tutti i fogli nella cartella. *Metín tódolos folios na carpeta.* # **cartella (clinica):** *folla clínica*. **2 Carteira** (*do colexio*). Dentro la cartella portava i libri e i quaderni per la scuola. *Dentro da carteira levaba os libros e os cadernos para a escola.*

**cartellino** *s.m.* *Carteliño, a xeito de etiqueta, usado principalmente para indica-lo prezo dun productu.*  
# **cartellino dei libri:** *etiqueta dos libros*; **cartellino orario:** *tarxeta de fichar no traballo.*

**cartello** *s.m.* *Letreiro.* Abbiamo sbagliato strada perché non abbiamo visto il cartello. *Equivocámonos de estrada porque non vimo-lo letreiro.*

**cartellone** *s.m.* *Cartel (grande).* Avevano collocato sulla facciata del palazzo un enorme cartellone. *Colocaran sobre a fachada do edificio un cartel enorme.*

**cartina** *s.f.* **1** *Mapa (pequeno).* Mi indicò la strada sulla cartina. *Indicoume a estrada no mapa.* **2** *Papel de lear.* Arrotolò il tabacco nella cartina. *Enrolou o tabaco no papel de lear.*

**cartoleria** *s.f.* *Papelería.* Sono andato in cartoleria a comprare le cartucce della penna. *Fun á papelería compra-los recambios da pluma.*

**cartolina** *s.f.* *Postal, tarxeta postal.* Quando sono in vacanza spedisco cartoline a tutti i miei amici. *Cando estou de vacacións envíolles postais a tódolos meus amigos.* ♦ *Para referirse á 'cartolina (papel)' emprégase o termo cartoncino.*

**cartoncino** *s.m.* *Cartolina.* I bambini hanno fatto un collage incollando le foto su un cartoncino rosso. *Os nenos fixeron unha colaxe pegando as fotos nunha cartolina vermella.*

**cartone** *sm.* *Cartón (material).* Conservava tutte le sue lettere in una vecchia scatola di cartone. *Gardaba tódalas súas cartas nunha vella caixa de cartón.* # **cartoni animati:** *debuxos animados.*

**cartuccia** *s.f.* *Cartucho.* Devo cambiare la cartuccia della penna. *Teño que cambia-lo cartucho da pluma.* Il cacciatore sparò tutte le cartucce. *O cazador disparou tódolos cartuchos.* # **essere una mezza cartuccia:** *ser unha persoa pequena ou de pouco valor*; **sparare l'ultima cartuccia** (*fig.*): *queima-lo derradeiro cartucho.* **OBS.:** *pl. cartucce.* ♦ *Para referirse ó 'cartucho (de papel)' en italiano emprégase o termo cartoccio.*

**casa** *s.f.* **1** *Casa.* Ho comprato una casa in campagna. *Comprei unha casa no campo.* Non tornare tardi a casa. *Non volvas tarde á casa.* Hanno trasferito la sede della Casa Comunale. *Cambiaron a sede da Casa do Concello.* Saluti a casa vostra! *¡Saúdos na vosa casa!* La casa discografica di questo cantante è molto famosa. *A casa discográfica deste cantante é moi famosa.* **2** *Casa, familia.* La casa Savoia regnò in Italia fino al 1946. *A casa dos Savoia reinou en Italia ata 1946.* # **cambiare casa:** *cambiar de casa*; **casa chiusa / di tolleranza:** *prostíbulo*; **casa da gioco:** *casino*; **casa dello studente:** *colexio maior*; **casa di appuntamenti:** *casa de citas*; **casa di cura:** *casa de curas*; **casa di Dio:** *casa de Deus, igrexa*;

**casa di pegno:** *casa de peñor*; **casa di ricovero / di riposo:** *asilo*; **casa editrice:** *editorial*; **cercare casa:** *buscar casa / piso*; **donna di casa:** *ama de casa*; **essere tutto casa e chiesa:** *ser moi familiar e devoto*; **fare gli onori di casa:** *exercer de anfitrión*; **fare vita di casa:** *ser moi caseiro*; **fatto in casa:** *feito na casa*; **giocare in casa / fuori casa** (*Dep.*): *xogar na casa / fóra da casa*; **lavori di casa:** *labores domésticos*; **mandar via di casa:** *botar da casa*; **mandare / tirare avanti la casa:** *manter / sacar adiante a familia*; **mettere su casa:** *crear unha familia*; **padrone di casa:** *cabeza de familia*; **pensare a casa:** *pensar na familia*; **riportare la pelle a casa:** *salva-lo pelexo*; **sentirsi / essere a casa propria:** *sentirse / estar como na casa*; **tieni le mani a casa!:** *¡as mans quedas!*; **vivere a casa del diavolo:** *vivir no quinto inferno.*

**casalingo -a** *adx.* *Caseiro -a.* Preferisco la cucina casalinga. *Prefiro a comida caseira.* È una persona casalinga: non esce quasi mai. *É unha persona caseira: non sae case nunca.* **II s.** *Ama de casa.* Lavora in ufficio: non vuole fare la casalinga. *Traballa nunha oficina: non quere ser ama de casa.* # **alla casalinga:** *de xeito caseiro*; **negozio di casalinghi:** *bazar de obxectos para a casa.* **OBS.:** *m. pl. casalinghi, f. pl. casalinghe.*

**cascare** *v. intr.* [*aux.* essere] *Caer.* È cascato dalle scale e si è rotto una gamba. *Caeu polas escaleiras e rompeu unha perna.* # **cascarci:** *picar (nun enredo)*; **cascare a pezzi:** *caer a anacos*; **cascare addosso:** *ocorrer*; **cascare dal sonno / dalla stanchezza / dalla fame:** *morir de sono / de cansazo / de fame*; **cascare dalle nuvole:** *caer das nubes*; **cascare in piedi:** *caer de pé*; **non casca il mondo!:** *¡non é tan importante!*; **qui casca l'asino!:** *¡velaqui está o problema!* **OBS.:** *io casco, tu caschi; v. irreg. V. táboa 5.*

**cascata** *s.f.* *Catarata.* Quest'estate andremo a vedere le cascate dell'Iguazú. *Este verán iremos ve-las cataratas do Iguazú.*

**cascina** *s.f.* *Casal, casario.* La cascina si raccoglie attorno a un'aia. *O casal distribúese ó redor dunha eira.*

**casella** *s.f.* **1** *Casa (espacio cuadrangular).* Sto cercando la parola del cruciverba che occupa sei caselle. *Estou buscando a palabra do encrucillado que ocupa seis cascas.* **2** *Compartimento (dun mobile ou obxecto).* Ho riposto i documenti nell'apposita casella. *Volvin poñe-los documentos no compartimento axeitado.* # **casella postale:** *apartado de correos.*

**casereccio -a** *adx.* *Caseiro -a.* Mi piace il pane casereccio. *Gústame o pan caseiro.*

**casino** *s.m.* **1** *Rebumbio, barullo, lea.* La tua stanza è un casino, mettila a posto. *O teu cuarto é un rebumbio, ordénao.* **2** *Bordel, prostíbulo.* Hanno chiuso il

casino vicino alla stazione. *Pecharon o bordel preto da estación. 3 Casa de campo.* La contessa fece costruire un casino in montagna. *A condessa mandou construír unha casa de campo na montaña. # fare / piantare casino: montar unha lea.*

**casinò** *s.m. inv. Casino (casa de xogo).* Ha perso un patrimonio al casinò. *Perdeu un capital no casino.*

**caso** *s.m. 1 Casualidade, azar.* È stato un caso che ci siamo ritrovati qui. *Foi unha casualidade que nos atopamos de novo aquí. 2 Caso, asunto.* Non mi sorprende la sua preoccupazione: è un caso disperato. *Non me sorprende a súa preocupación: é un caso desesperado. 3 Caso.* Le autorità sanitarie hanno riscontrato alcuni casi di colera. *As autoridades sanitarias detectaron algúns casos de cólera.* In questo caso dovresti andarlo a trovare. *Neste caso deberías ir buscalo. # affidarsi al caso: confiar na sorte; fare al caso: vir a conto; in ogni caso: de calquera xeito, parlare / agire a caso: falar / actuar sen reflexiónar; per (puro) caso: por (pura) casualidade.*

**casomai** *conx. 1 No caso de que.* Casomai tu lo vedessi, ricordagli di telefonarmi. *No caso de que o vexas, lémbralle que me telefone. 2 Por se.* Portati dietro l'ombrello, casomai piovesse. *Leva o parau-gas por se chove. OBS.: tamén se di caso mai.*

**cassa** *s.f. 1 Caixa (recipiente).* Per fare il trasloco hanno utilizzato delle casse di legno. *Para face-la mudanza utilizaron caixas de madeira. 2 Caixa (de cobros e pagamentos).* Per favore, per ritirare il denaro passi alla cassa. *Por favor, para recolle-lo diñeiro pase pola caixa. # cassa di risparmio: caixa de aforros; cassa toracica: caixa torácica; essere in cassa integrazione: estar en situación de regulación de emprego temporal.*

**cassaforte** *s.f. Caixa forte.* Custodiscono gioielli e denaro in cassaforte. *Gardan as xoias e o diñeiro na caixa forte. OBS.: pl. casseforti.*

**casseruola** *s.f. Tarteira, cazola.* Ho preparato lo spezzatino nella casseruola. *Preparei o guiso na tarteira.*

**cassetta** *s.f. 1 Caixa.* Comprò per il collegio quattro cassette di frutta. *Comprou para o colexio catro caixas de froita. 2 Casete.* Ho registrato una cassetta del mio cantante preferito. *Gravei unha casete do meu cantante preferido. # cassetta degli arnesi: caixa da ferramenta; cassetta delle elemosine: peto para as esmolos; cassetta di sicurezza: caixa de seguridade; cassetta per le lettere: caixa do correo; pane a cassetta: pan de molde.*

**cassetto** *s.m. Caixón, estoxo, gabeta.* Ho riposto la biancheria nel cassetto dopo averla stirata. *Metín a roupa branca no caixón despois de pasarlle o ferro.*

**castagna** *s.f. Castaña.* Per mangiare le castagne bisogna toglierle dal riccio. *Para come-las castañas cómpre quitárle-lo ourizo. # prendere in castagna:*

*coller nas patacas a alguén; togliere / cavare le castagne dal fuoco a qualcuno: quitarlle as castañas do lume a alguén.*

**castagno** *s.m. Castiñeiro, castaño.* Hanno abbattuto due castagni. *Cortaron dous castiñeiros. ♦ Para referirse ó 'castaño (cor)' en italiano emprégase o termo castano.*

**castano -a I** *adx. Castaño -a, marrón.* Ho i capelli e gli occhi castani. *Teño o pelo e os ollos castaños. II s.m. Castaño (cor).* Il castano dei tuoi occhi mi piace molto. *O castaño dos teus ollos gústame moito.*

**castello** *s.m. Castelo.* Le costruzioni difensive più diffuse nel Medio Evo erano i castelli. *As construcións defensivas máis difundidas na Idade Media eran os castelos. # castello di carte: castelo de naipes; fare castelli in aria: face-las contas da vella; letto a castello: liteira (dun cuarto).*

**castigare** *v. tr. [aux. avere] Castigar.* L'hanno castigato perché si è comportato male. *Castigárono porque se comportou mal. OBS.: io castigo, tu castighi; v. irreg. V. táboa 6.*

**castigo** *s.m. Castigo.* Gli fu inflitto un castigo esemplare. *Foille imposto un castigo exemplar. # essere in castigo: estar castigado; mettere in castigo: poñer un castigo. OBS.: pl. castighi.*

**castità** *s.f. inv. Castidade.* I sacerdoti fanno voto di castità. *Os sacerdotes fan voto de castidade.*

**casto -a** *adx. Casto -a.* Provava un amore casto per lei. *Sentía un amor casto por ela.*

**castrare** *v. tr. [aux. avere] Capar, castrar.* Se non si castrano i maiali, la loro carne non ha un buon sapore. *Se non se capan os porcós, a súa carne non ten un bo sabor.*

**castrato I** *adx. m. Capado, castrado.* Il bue è un animale castrato. *O boi é un animal castrado. II s.m. Cordeiro castrado.*

**casuale** *adx. Casual, fortuito, accidental.* Il loro incontro è stato casuale. *O seu encontro foi casual.*

**casualità** *s.f. inv. Casualidade, azar, coincidência.* Ci siamo rivisti per una semplice casualità. *Vímonos de novo por unha simple casualidade.*

**cataclisma** *s.m. Cataclismo (tamén fig.).* Il cataclisma ha causato numerose vittime. *O cataclismo causou numerosas vítimas.* Le dimissioni del ministro hanno provocato un cataclisma. *A dimisión do ministro provocou un cataclismo. OBS.: pl. cataclismi.*

**catalogare** *v. tr. [aux. avere] Catalogar.* Bisogna catalogare i libri nuovi. *Cómpre cataloga-los libros novos. OBS.: io catálogo, tu cataloghi; v. irreg. V. táboas 1 e 6.*



**catalogo** *s.m.* **Catálogo.** Il catalogo della mostra conteneva molte fotografie dei quadri esposti. *O catálogo da exposición contiña moitas fotografías dos cadros expostos.* **OBS.:** *pl.* cataloghi.

**cataratta** *s.f.* **1 (Med.) Catarata.** L'hanno operato di cataratta. *Operárono de cataratas.* **2 Fervenza, abanqueiro, salto.** Abbiamo visitato le cataratte delle Marmore. *Visitámo-las fervenzas das Mármoreas.* ♦ *Para referirse á 'catarata (de auga)' en italiano emprégase o termo cascata.*

**catasta** *s.f.* **Montón, morea.** Ho dovuto mettere in ordine una catasta di legna. *Tiven que poñer en orde un montón de leña.*

**catastrofe** *s.f.* **Catástrofe, desastre, calamidade.** Il crollo del ponte provocò una catastrofe. *O derrubamento da ponte provocou unha catástrofe.* La cattiva amministrazione portò la ditta alla catastrofe. *A mala administración da empresa levouna á catástrofe.*

**catastrofico -a** *adx.* **Catastrófico -a, desastroso -a, dramático -a.** Il terremoto fu catastrofico. *O terremoto foi catastrófico.* Le previsioni del direttore erano catastrofiche. *As previsións do director eran catastróficas.* **OBS.:** *m. pl.* catastrofici, *f. pl.* catastrofiche.

**categoria** *s.f.* **1 Categoría.** Appartengono alla stessa categoria professionale. *Pertencen á mesma categoría profesional.* È un hotel di prima categoria. *É un hotel de primeira categoría.* **2 (Dep.) División.** La mia squadra di calcio gioca in seconda categoria. *O meu equipo de fútbol xoga en segunda división.*

**categorico -a** *adx.* **1 Categórico -a, preciso -a, tallante.** Gli diede un ordine categorico. *Deulle unha orde categórica.* **2 Categórico -a, indiscutibile, inequivoco -a.** Ha fatto una dimostrazione categorica. *Fixo unha demostración categórica.* **OBS.:** *m. pl.* categorici, *f. pl.* categoriche.

**catena** *s.f.* **1 Cadea.** Hanno chiuso il cancello con la catena. *Pecharon a cancela cunha cadea.* **2 (fig.) Cadea (suxeición).** Il matrimonio è diventato per me una catena. *O matrimonio converteuse para min nunha cadea.* **3 Cadea (serie, grupo).** Questa ditta di abbigliamento ha una catena di negozi in tutto il mondo. *Esta empresa de roupa ten unha cadea de tendas por todo o mundo.* # **catena dell'orologio:** *cadea do reloxo;* **catena della bicicletta:** *cadea da bicicleta;* **catena di montaggio:** *cadea de montaxe;* **catena montuosa:** *cadea de montañas;* **catene (da neve):** *cadeas (para a neve);* **reazione a catena:** *reacción en cadea.*

**cateratta** *V.* **cataratta.**

**catrame** *s.m.* **Alcatrán, chapapote, piche.** In spiaggia mi sono macchiato i pantaloni di catrame. *Na praia manchei os pantalóns de alcatrán.*

**cattedra** *s.f.* **Cátedra.** La cattedra era vicino alla lavagna. *A cátedra estaba cerca do encerado.* Era famosa la cattedra di letteratura di quell'università. *Era famosa a cátedra de literatura daquela universidade.* # **stare / sedere in cattedra:** *facerse o entendido.*

**cattedrale** *s.f.* **Catedral.** I pellegrini entrarono nella cattedrale. *Os peregrinos entraron na catedral.*

**cattiveria** *s.f.* **Maldade.** Non è mai stato buono e la sua cattiveria non ha limiti. *Nunca foi bo e a súa maldade non ten límites.*

**cattivo -a** *adx.* **1 Malo -a, mao má, daniño -a.** Si è rovinato frequentando cattive compagnie. *Arruinouse por andar con malas compañías.* **2 Malo -a, mao má (traveso).** Sei un bambino cattivo, smettila di fare monellerie! *Es un neno malo, ¡deixa de facer trasnadas!* **3 Malo -a, mao má, cativo -a.** È un cattivo professore, non si preoccupa affatto degli studenti. *É un mal profesor, non se preocupa en absoluto polos estudantes.* Se fossi in te non lo farei: è una cattiva idea. *Se eu fose ti non o faría: é unha mala idea.* **4 Malo -a, mao má (deteriorado).** Questo cibo ha un cattivo sapore. *Esta comida ten mal sabor.* # **cattiva memoria:** *mala memoria;* **cattiva notizia:** *mala noticia;* **cattivo incontro:** *mal encontro;* **cattivo tempo:** *mal tempo;* **essere di cattivo umore:** *estar de mal humor;* **essere nato sotto una cattiva stella:** *nacer con mala sorte;* **fare il cattivo:** *portarse mal (os nenos);* **farsi cattivo sangue:** *alterárselle a un o sangue.* ♦ *Para referirse ó 'cattivo, neno' en italiano pódese emprega-lo termo piccolo, bambino.*

**cattolicesimo** *s.m.* **Catolicismo.** Decise di convertirsi al cattolicesimo. *Decidiu converterse ó catolicismo.*

**cattolico -a I** *adx.* **Católico -a.** È di religione cattolica. *É de relixión católica.* **II s.** **Católico -a.** È cattolico praticante. *É católico practicante.* **OBS.:** *m. pl.* cattolici, *f. pl.* cattoliche.

**cattura** *s.f.* **Captura, apresamento.** Dopo la cattura, il cinghiale fu finito. *Despois da captura, o xabarán foi rematado.*

**catturare** *v. tr.* [aux. avere] **Capturar, apresar.** Hanno catturato il leone scappato dallo zoo. *Capturaron o león escapado do zoo.*

**caucciù** *s.m. inv.* **Caucho.** Il caucciù è usato nella fabbricazione degli pneumatici. *O caucho úsase na fabricación dos pneumáticos.*

**causa** *s.f.* **1 Causa, motivo.** Non mi ha spiegato la causa della sua partenza. *Non me explicou a causa da súa marcha.* **2 Preito, xuízo, causa.** Non mi ha voluto pagare i danni, per cui gli ho fatto causa. *Non me quixo paga-los danos, por iso lle puxen un preito.* # **avvocato delle cause perse:** *avogado das causas perdidas;* **concorso di cause:** *concorrencia de*

*circunstancias*; **chiamare qualcuno in causa**: *involver a alguém nunha discusión*; **far causa comune**: *uni-las forzas*; **tradire una causa**: *traizoar un ideal*.

**causare** v. tr. [*aux.* avere] **Causar, ocasionar, producir**. Il terremoto ha causato numerosi danni. *O terremoto causou numerosos danos*.

**cautela** s.f. **Cautela, prudencia, precaución**. Dobbiamo agire con cautela se non vogliamo che gli altri lo sappiano. *Temos que actuar con cautela se non queremos que os outros o saiban*.

**cautelare** v. tr. [*aux.* avere] **Protexer, preservar**. Dovete cautelare i vostri interessi. *Debedes protexer-vos os vosos intereses*. **OBS.:** io cautelo.

**cauto -a** adx. **Cauto -a, prudente, precavido -a**. La situazione è difficile: dobbiamo essere cauti. *A situación é difícil: temos que ser cautos*.

**cava** s.f. **Canteira**. Sono famose le cave di marmo di Carrara. *Son famosas as canteiras de mármore de Carrara*. # **vena cava**: *vea cava*. ♦ *Para referirse á 'cava, adega' en italiano emprégase o termo cantina*.

**cavalcare I** v. tr. [*aux.* avere] **Cabalgar**. I fantini cavalcano purosangue. *Os xinetes cabalgan cabalos de pura raza*. **II** v. intr. [*aux.* avere] **Cabalgar**. Gli indiani cavalcavano a pelo. *Os indios cabalgaban a pelo*. **OBS.:** io cavalco, tu cavalchi; v. irreg. *V. táboa 5*.

**cavaliere** s.m. **I Cabaleiro, xinete**. Monta a cavallo da quando era bambino: è un vero cavaliere. *Monta a cabalo desde que era neno: é un verdadeiro cabaleiro*. **2 Cabaleiro**. I cavalieri parteciparono al torneo. *Os cabaleiros participaron no torneo*. Come è educato: è un perfetto cavaliere. *Que educado é: é un perfecto cabaleiro*. # **cavaliere errante**: *cabaleiro andante*.

**cavalleria** s.f. **I Cabalería**. La cavalleria inseguì le truppe nemiche in fuga. *A cabalería perseguiu as tropas inimigas en fuga*. Il feudatario seguiva scrupolosamente le regole della cavalleria. *O señor feudal respectaba escrupulosamente as regras da cabalería*. **2 Cortesía, corrección, finura**. Si è comportato con cavalleria e mi ha lasciato passare. *Comportouse con cortesía e deixoume pasar*.

**cavalletta** s.f. **Lagosta (insecto)**. Le cavallette rovinano il raccolto. *As lagostas estragan a colleita*.

**cavalletto** s.m. **Cabalete** (*soporte de tres ou catro patas*). Il pittore appoggia la tela sul cavalletto. *O pintor apoia a tea no cabalete*.

**cavallo -a** s. **I Cabalo egua**. Il cavallo nitrisce. *O cabalo rincha*. La cavalla ha partorito un puledro bianco. *A egua partiu un poldro branco*. **2 Cabalo** (*do xadrez e dos naipes*). Se muovi il cavallo ti darò

scacco matto. *Se móve-lo cabalo, dareiche xaque mate*. Giocando a scopa, il cavallo vale nove. *Xogando á escoba, o cabalo vale nove*. **3 Cabalo** (*aparato de ximnasia*). L'atleta si è fatto male alla gamba saltando il cavallo. *O atleta mancouse nunha perna saltando o cabalo*. **4 Entreporna dos pantalóns**. Gli si è scucito il cavallo. *Descoséuselle a entreporna dos pantalóns*. **5 Cabalo** (*de vapor*). Quanti cavalli ha la tua macchina?. *¿Cantos cabalos ten o teu coche?* # **a ferro di cavallo**: *con forma de ferradura*; **cavallo a dondolo**: *cabaliño de balancín*; **cavallo di battaglia**: *especialidade*; **dose da cavallo**: *dose de cabalo*; **essere a cavallo**: *estar a salvo*; **febbre da cavallo**: *febre de cabalo*. ♦ *Para referirse ó 'cabalo do demo' en italiano emprégase o termo libellula*.

**cavare** v. tr. [*aux.* avere] **1 Quitar, sacar**. Il dentista mi ha cavato un molare. *O dentista quitoume unha moa*. **2 Sacar, tirar** (*obter*). Da lui non riuscirai a cavare niente di buono. *Del non conseguirás sacar nada bo*. # **cavarsela**: *arranxarse, apañarse*; **cavarsi di impiccio**: *librarse dunha situación difícil*; **non cavare un ragno dal buco**: *non obter nada*.

**cavatappi** s.m. inv. **Sacarrollas**. Prendi il cavatappi per aprire la bottiglia. *Colle o sacarrollas para abrir-la botella*.

**caverna** s.f. **Caverna, cova, espenuca**. Gli speleologi entrarono in una caverna sotterranea. *Os espeleólogos entraron nunha caverna subterránea*. Gli uomini primitivi abitavano nelle caverne. *Os homes primitivos vivían nas cavernas*.

**caviale** s.m. **Caviar**. Per la festa ho preparato delle tartine al caviale. *Para a festa preparei uns canapés de caviar*.

**caviglia** s.f. **Nocello, tornecelo, nortello**. Quest'anno sono di moda le gonne alla caviglia. *Este ano están de moda as saias ata o nocello*.

**cavità** s.f. inv. **Cavidade, concavidade, oco**. Si sono nascosti in una cavità della roccia. *Agacháronse nunha cavidade da rocha*.

**emendamento** *s.m.* **Emenda**. L'opposizione ha proposto un emendamento alla nuova legge fiscale che si sta discutendo in parlamento. *A oposición propuxo unha emenda á nova lei fiscal que se está discutindo no parlamento.*

**emendare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Emendar, corrixir**. Il governo ha emendato la nuova legge sanitaria. *O goberno emendou a nova lei sanitaria.*

**emergenza** *s.f.* **Emerxencia**. In caso di emergenza rompere il vetro. *En caso de emerxencia rompe-lo cristal.*

**emergere** *v. intr.* [*aux.* essere] **1 Emerxer (tamén fig.)**. Il sommozzatore emerse dall'acqua dopo pochi minuti. *O submarinista emerxeu da auga despois de poucos minutos.* Durante la riunione sono emerse proposte interessanti. *Durante a reunión emerxeron propostas interesantes.* **2 (fig.) Sobresair, destacar**. La sua ultima pubblicazione l'ha fatto emergere nel mondo accademico. *A súa última publicación fíxoo sobresair no mundo académico.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.*

**emettere** *v. tr.* [*aux.* avere] **Emitir**. Il lupo emise un lungo ululato. *O lobo emitiu un longo ouveo.* Lo Stato ha emesso delle nuove banconote da centomila lire. *O Estado emitiu novos billetes de cen mil liras.* Il tribunale ha emesso la sentenza. *O tribunal emitiu a sentenza.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50.*

**emigrante** *s.* **Emigrante**. Gli emigranti scesero dalla nave. *Os emigrantes descenderon do barco.*

**emigrare** *v. intr.* [*aux.* essere / avere] **Emigrar**. Mio nonno è emigrato in Svizzera prima della guerra. *Meu avó emigrou a Suíza antes da guerra.* **OBS.:** *cando se emprega con valor absoluto úsase o aux. avere.*

**emigrazione** *s.f.* **Emigración**. Questa regione si è spopolata a causa dell'emigrazione. *Esta rexión despoboouse a causa da emigración.*

**eminente** *adx.* **Eminente, ilustre, insigne**. In quella riunione erano presenti eminenti personalità. *Naquela reunión estaban presentes eminentes persoeros.*

**eminenza** *s.f.* **Eminencia**. Prese la parola Sua Eminenza il cardinale. *Tomou a palabra a Súa Eminencia o cardeal.* L'eminenza del suo ingegno stupiva gli altri scienziati. *A eminencia do seu enxeño sorprendía os outros científicos.*

**emisfero** *s.m.* **Hemisferio**. Il globo terrestre si divide in due emisferi. *O globo terrestre divide-se en dous hemisferios.* L'emorragia cerebrale colpì l'emisfero sinistro del cervello. *O derrame cerebral afectoulle ó hemisferio esquerdo do cerebro.*

**emissario -a** *s.* **Emisario -a**. L'ONU ha inviato un emissario nella zona del conflitto. *A ONU enviou un emisario á zona de conflito.*

**emissione** *s.f.* **Emisión**. Il nodulo alle corde vocali rendeva difficile l'emissione della voce. *O nódulo nas cordas vocais facía difícil a emisión da voz.* L'hanno denunciato per l'emissione di alcuni assegni a vuoto. *Denunciárono pola emisión dalgúns cheques sen fondos.*

**emorragia** *s.f.* **Hemorragia**. Il malato si è aggravato a causa di una emorragia interna. *O enfermo agravouse a causa dunha hemorragia interna.*

**emotività** *s.f. inv.* **Emotividade**. È una persona che non riesce a controllare la sua emotività. *É unha persoa que non é quen de controla-la súa emotividade.*

**emotivo -a** *adx.* **Emotivo -a**. È un bambino sensibile ed emotivo. *É un neno sensible e emotivo.*

**emozionante** *adx.* **Emocionante**. La gita turistica è stata emozionante. *A excursión turística foi emocionante.*

**emozionare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Emocionar**. È un film che emoziona. *É un filme que emociona.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Emocionarse**. Quando ascolta quella canzone si emoziona sempre. *Cando escoita aquela canción emocionase sempre.*

**emozione** *s.f.* **Emoción**. Per me è stata una grande emozione rivederlo dopo tanti anni. *Para min foi unha grande emoción volver velo despois de tantos anos.*

**emulare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Emular**. Ha sempre cercato di emulare suo fratello. *Intentou sempre emula-lo seu irmán.* **OBS.:** *io* *emulo*; *v. irreg. V. táboa 1.*



**enciclopedia** *s.f.* **Enciclopedia.** Ho comprato un'enciclopedia della musica. *Merquei unha enciclopedia de música.*

**energetico -a** *adx.* **Enerxético -a.** Il sole è una potente fonte energetica. *O sol é unha poderosa fonte enerxética.* I cereali a colazione sono energetici. *Os cereais no almorzo son enerxéticos.* **OBS.:** *m. pl.* energetici, *f. pl.* energetiche.

**energia** *s.f.* **1 Enerxía.** L'energia atomica è molto pericolosa. *A enerxía atómica é moi perigosa.* **2 Enerxía, forza, vigor** (*tamén fig.*). È un uomo pieno di energia. *É un home cheo de enerxía.* Non ha l'energia necessaria per comandare. *Non ten a enerxía necesaria para dar ordes.*

**energico -a** *adx.* **Enérxico -a.** È stato un discorso veramente energico; nessuno ha osato contraddirlo. *Foi un discurso verdadeiramente enérxico; ninguén ousou contradicilo.* **OBS.:** *m. pl.* energici, *f. pl.* energiche.

**enfasi** *s.f. inv.* **Énfase.** Pronunciò il discorso con molta enfasi. *Pronunciou o discurso con moita énfase.*

**enfatico -a** *adx.* **Enfático -a.** Parla in modo ricercato ed enfatico. *Fala de maneira rebuscada e enfática.* **OBS.:** *m. pl.* enfatici, *f. pl.* enfatiche.

**enfaticzare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Salientar, destacar, subliñar.** I giornali hanno enfaticzato la notizia. *Os xornais salientaron a noticia.*

**enigma** *s.m.* **1 Enigma** (*adiviña*). Mi ha proposto un enigma molto difficile da risolvere. *Propúxome un enigma moi difícil de resolver.* **2** (*fig.*) **Enigma, misterio, incógnita.** Quella donna per me è un enigma, non riesco a capirla. *Aquela muller para min é un enigma, non consigo entendela.* **OBS.:** *pl.* enigmi.

**enigmatico -a** *adx.* **Enigmático -a.** Mi ha fatto un discorso enigmatico e non sono riuscito a capire quello che voleva dire. *Fixome un comentario enigmático e non fun capaz de entende-lo que quería dicir.* **OBS.:** *m. pl.* enigmatici, *f. pl.* enigmatiche.

**enorme** *adx.* **Enorme, colosal, descomunal** (*tamén fig.*). Hanno comprato una casa enorme. *Mercaron unha casa enorme.* Ha dovuto fare uno sforzo enorme per mantenere la famiglia. *Debeu facer un esforzo enorme para mante-la familia.*

**enormità** *s.f. inv.* **1 Enormidade.** L'enormità della sua biblioteca stupisce tutti. *A enormidade da súa biblioteca sorprende a todo o mundo.* **2** (*fig.*) **Barbaridade.** Mi piace quella macchina ma costa un'enormità. *Gústame aquel coche pero custa unha barbaridade.*

**ente** *s.m.* **1 Ente.** Ha proposto una riforma degli enti pubblici. *Propuxo unha reforma dos entes públicos.* **2 Entidade** (*compañía*). Lavorava per un ente priva-

to. *Traballaba para unha entidade privada.* ♦ *Para referirse ó 'ente, ser' en italiano emprégase espec. o termo essere.*

**entità** *s.f. inv.* **Entidade.** Il terremoto ha causato danni di notevole entità. *O terremoto causou danos de notable entidade.* ♦ *Para referirse á 'entidade (compañía)' en italiano emprégase o termo ente.*

**entrambi -e I** *adx. num.* **Entrambos-as.** Entrambe le sorelle studiano letteratura italiana. *Entrámbalas dúas irmás estudian literatura italiana.* **II** *pron. num.* **Entrambos -as.** Entrambi avevano fatto i compiti. *Entrambos fixeran os deberes.*

**entrare** *v. intr.* [*aux.* essere] **1 Entrar.** Aprì la porta ed entrò. *Abriu a porta e entrou.* Entrò nell'esercito a 18 anni. *Entrou no exército ós 18 anos.* **2 Entrar, caber, coller.** Tutti questi vestiti non entrano nella valigia. *Todos estes vestidos non entran na maleta.* # **entrarci:** *ter que ver;* **entrare in azione:** *entrar en acción;* **entrare in carica:** *tomar posesión;* **entrare in contatto:** *entrar en contacto;* **entrare in gioco / in ballo:** *entrar no xogo, intervir;* **entrare in vigore:** *entrar en vigor;* **entrare nella parte:** *meterse no papel (un actor).*

**entrata** *s.f.* **1 Entrada** (*tamén fig.*). L'ora di entrata a scuola è cambiata. *A hora de entrada na escola cambiou.* Il nuovo dizionario bilingue ha 30.000 entrate. *O novo dicionario bilingüe ten 30.000 entradas.* **2 Entrada, acceso.** Abbiamo acceso i fari all'entrata del tunnel. *Acendémo-los faros á entrada do túnel.* **3** (*Econ.; pl.*) **Entradas.** Le entrate del negozio sono state eccellenti. *As entradas do negocio foron excelentes.* # **entrata libera:** *entrada libre.*

**entusiasmare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Entusiasmar.** La sua bellezza entusiasma tutti. *A súa beleza entusiasmaos a todos.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Entusiasmarse.** Si è entusiasmata quando ha saputo di avere vinto la lotteria. *Entusiasmouse cando soubo que lle tocara a lotería.*

**entusiasmo** *s.m.* **Entusiasmo.** Agisce sempre con molto entusiasmo. *Actúa sempre con moito entusiasmo.*

**entusiasta** *adx.* **1 Entusiasta.** Una giovane entusiasta si avvicinò al compositore per salutarlo. *Unha moza entusiasta achegouse ó compositor para saudalo.* **2 Entusiasmado -a.** Eravamo entusiasti del viaggio. *Estabamos entusiasmados coa viaxe.* **OBS.:** *m. pl.* entusiasti.

**enumerare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Enumerar.** Mi ha enumerato ad uno ad uno tutti i suoi progetti. *Enumeroume un por un tódolos seus proxectos.* **OBS.:** io enumero; *v. irreg. V. táboa 1.*

**enumerazione** *s.f.* **Enumeración.** Mi ha fatto l'enumerazione di tutti i difetti del marito. *Fixome a enumeración de tódolos defectos do seu home.*

**enunciare** v. tr. [aux. avere] **Enunciar**. Ha enunciato un nuovo teorema. *Enunciou un novo teorema*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.

**enunciato** s.m. **Enunciado**. Analizzate sintatticamente il seguente enunciato. *Analizade sintacticamente o seguinte enunciado*.

**epatite** s.f. **Hepatitis**. È stato ricoverato in ospedale per un'epatite virale. *Foi ingresado no hospital por unha hepatitis virica*.

**epico -a** I **ad.** **Épico -a**. La poesia epica canta temi e leggende eroiche. *A poesía épica canta temas e lendas heroicas*. II **s.f.** **Épica**. L'epica è un genere letterario che racconta le prodezze di un eroe. *A épica é un xénero literario que narra as fazañas dun heroe*. **OBS.:** m. pl. epici, f. pl. epiche.

**epidemia** s.f. (Med.) **Epidemia**. L'epidemia di colera è stata debellata. *A epidemia de cólera foi controlada*.

**episodico -a** **ad.** **Episódico -a**. La sua boccatura è un fatto episodico; è sempre stata una bravissima studentessa. *O seu suspenso é un feito episódico; foi sempre unha estudante excelente*. **OBS.:** m. pl. episodici, f. pl. episodiche.

**episodio** s.m. **Episodio**. Questo romanzo è diviso in molti episodi. *Esta novela está dividida en moitos episodios*. # **film a episodi:** filme por episodios.

**epiteto** s.m. **Epíteto**. L'epiteto qualifica un nome indicandone le caratteristiche. *O epíteto cualifica un nome indicando as súas características*.

**epoca** s.f. **Época**. Studiava l'epoca della Rivoluzione russa. *Estudiaba a época da Revolución rusa*. Finalmente è venuta l'epoca delle vacanze. *Por fin chegou a época das vacacións*. **OBS.:** pl. epoche.

**epopea** s.f. **Epopéa**. L'Eneide è l'epopea più famosa di Virgilio. *A 'Eneida' é a epopea máis famosa de Virxilio*.

**equanime** **ad.** **Ecuánime, imparcial**. Il professore è stato equanime nel correggere gli esami. *O profesor foi ecuanime ó corrixi-los exames*.

**equanimità** s.f. inv. **Ecuanimidade**. I beni del nonno furono divisi fra i nipoti con equanimità. *Os bens do avó foron repartidos entre os netos con ecuanimidade*.

**equatore** s.m. **Ecuador**. L'equatore divide la Terra in due emisferi. *O ecuador divide a Terra en dous hemisferios*.

**equatoriale** **ad.** **Ecuatorial**. Non resistette alle temperature del clima equatoriale. *Non resistiu as temperaturas do clima ecuatorial*.

**equestre** **ad.** **Ecuestre**. L'altro giorno è andata a un'esibizione equestre. *O outro día foi a unha exhibición ecuestre*.

**equilibrare I** v. tr. [aux. avere] **Equilibrar**. Cerca di equilibrare il peso se non vuoi cadere dalla bicicletta. *Intenta equilibra-lo peso se non queres caer da bicicleta*. II v. refl. recip. [aux. essere] **Equilibrarse**. Questi argomenti si equilibrano perfettamente. *Estes temas equilibranse perfectamente*. **OBS.:** io equilibrio.

**equilibrato -a** **part. pas. de** equilibrare e **ad.** **Equilibrado -a** (tamén fig.). Questa bilancia non è equilibrata. *Esta balanza non está equilibrada*. Questo ragazzo si mostra sempre molto equilibrato nelle sue azioni. *Este rapaz móstrase sempre moi equilibrado nas súas accións*.

**equilibrio** s.m. **Equilibrio** (tamén fig.). Questo tavolo ha un equilibrio instabile. *Esta mesa ten un equilibrio inestable*. In Europa si tende all'equilibrio economico. *En Europa téndese ó equilibrio económico*.

**equilibrista** s. **Equilibrista**. Fin da piccolo voleva fare l'equilibrista in un circo. *Dende pequeno quería ser equilibrista nun circo*. **OBS.:** m. pl. equilibristi.

**equino -a** **ad.** **Equino -a**. Siccome sono anemica il medico mi ha consigliato di mangiare carne equina. *Como estou anémica o médico aconselloume que comera carne equina*.

**equipaggio** s.m. **Tripulación**. Il capitano della nave ha salutato l'equipaggio. *O capitán do barco saudou a tripulación*. ♦ *Para referirse á 'equipaxe, bagaxe' en italiano emprégase o termo bagaglio*.

**équipe** s.f. inv. **Equipo** (persoas). La sua équipe di collaboratori è molto competente. *O seu equipo de colaboradores é moi competente*. **OBS.:** pronúnciase /e'kip/.

**equitazione** s.f. **Equitación**. Per imparare a cavalcare sono andato a scuola di equitazione. *Para aprender a cabalgar fun a unha escola de equitación*.

**equivalente** **ad.** **Equivalente**. I sinonimi sono parole quasi equivalenti. *Os sinónimos son palabras case equivalentes*.

**equivalenza** s.f. **Equivalencia**. Ci convinse dell'equivalenza delle due scelte. *Convenceunos da equivalencia das dúas eleccións*.

**equivalere I** v. intr. [aux. essere ou avere] **Equivaler**. Questa proposta equivale a un insulto. *Esta proposta equivale a un insulto*. II v. refl. recip. [aux. essere] **Ser equivalentes**. Queste due offerte si equivalgono. *Estas dúas ofertas son equivalentes*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 75*.

**equivoco -a** **ad.** I **Equívoco -a** (tamén fig.). Si spiogò in modo equivoco e non ci capimmo. *Explicouse de maneira equívoca e non nos entendemos*. Pareva avesse delle intenzioni equivoche. *Parecía que tiña equívocas intencións*. II s.m. **Equívoco, malentendido**.

**dido.** Non hai capito il mio messaggio, c'è stato un equivoco. *Non entendíche-la miña mensaxe, houbo un equivoco.* # **a scanso di equivoci:** para que non haxa equívocos. **OBS.:** m. pl. equivoci, f. pl. equivoches.

**era** s.f. **Era.** L'era cristiana. *A era cristiá.* Le ere geologiche si dividono in età. *As eras xeolóxicas divídense en idades.*

**erba** s.f. **1 Herba.** Si è seduta sull'erba. *Sentouse na herba.* **2 Pasto.** Dato che aveva due pecore, teneva quel terreno a erba. *Dado que tiña dúas ovellas, mantiña aquel terreo para pasto.* # **alle erbe:** ás finas herbas; **erbe aromatiche / medicinali:** herbas aromáticas / medicinais; **fare l'erba:** sega-la herba; **in erba** (fig.): *inexperto, novato*; **l'erba del vicino è sempre più verde:** *as cousas dos demais sempre parecen mellores*; **l'erba voglio non cresce nemmeno nel giardino del re:** *ninguén o ten todo.*

**erbivoro -a** I **adx. Herbívoro -a.** La pecora è un animale erbivoro. *A ovella é un animal herbívoro.* **II** s.m. pl. **Herbívoros.** Gli erbivori non mangiano carne. *Os herbívoros non comen carne.*

**erboristeria** s.f. **Herboristería.** Ho comprato un ricostituente in erboristeria. *Comprei un reconstituínte na herboristería.*

**erede** s. **Herdeiro -a.** Dopo la sua morte, gli eredi hanno venduto la casa. *Despois da súa morte, os herdeiros venderon a casa.*

**eredità** s.f. inv. **Herdanza, herdo.** Lo zio ha lasciato una grossa eredità ai suoi nipoti. *O tío deixoulles unha importante herdanza ós seus sobriños.* # **eredità genetica:** *herdanza xenética.*

**ereditare** v. tr. [aux. avere] **Herdar** (tamén fig.). Alla morte di mia nonna ho ereditato i suoi gioielli. *Á morte da miña avoa herdei as súas xoias.* Ho ereditato questo grande naso da mio padre. *Herdei este gran nariz do meu pai.* **OBS.:** io eredito; v. irreg. *V. táboa 1.*

**ereditario -a** **adx. Hereditario -a.** I due fratelli si sono rivolti all'avvocato per intraprendere una causa ereditaria. *Os dous irmáns dirixíronse ó avogado para interpor unha causa hereditaria.* Il diabete è spesso una malattia ereditaria. *A diabete é a miúdo unha enfermidade hereditaria.*

**eremita** s. **Eremita, anacoreta.** Vive isolato come un eremita. *Vive illado coma un eremita.* **OBS.:** m. pl. eremiti.

**eresia** s.f. **Herexía** (tamén fig.). Fu condannato al rogo per eresia. *Foi condenado á fogueira por herexía.* Non dire eresia! *¡Non digas herexías!*

**erezione** s.f. **Erección.** Hanno assistito all'erezione del monumento. *Asistíron á erección do monumento.* L'impotenza sessuale si manifesta con l'assenza

di erezione. *A impotencia sexual maniféstase coa ausencia de erección.*

**ergastolano -a** s. **Recluso condenado a cadea perpetua.**

**ergastolo** s.m. **Cadea perpetua.** Il giovane fu condannato all'ergastolo per omicidio. *O mozo foi condenado a cadea perpetua por homicidio.*

**erica** s.f. **Carrasca, queiroa.** Quel monte è pieno di erica. *Ese monte está cheo de carrasca.* **OBS.:** pl. eriche.

**erigere I** v. tr. [aux. avere] **Erixir, alzar.** Hanno eretto un monumento in suo onore. *Erixíron un monumento na súa honra.* **II** v. refl. [aux. essere] **Erixirse.** Si è eretto a giudice senza l'appoggio della commissione. *Erixíuse xuíz sen o apoio da comisión.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 1.*

**ermellino** s.m. **Armiño.** La pelliccia di ermellino è molto pregiata. *A pel do armiño é moi apreciada.*

**ermetico -a** **adx. Hermético -a** (tamén fig.). Quell'uomo parla in modo ermetico, è difficilissimo capire il vero senso di ciò che dice. *Aquel home fala dun modo hermético, é difícilísimo entende-lo verdadeiro sentido do que di.* Questo recipiente si chiude in modo ermetico. *Este recipiente cerra de forma hermética.* **OBS.:** m. pl. ermetici, f. pl. ermetiche.

**eroe -ina** s. **1 Heroe heroína, semideus semideusa.** Gli eroi della mitologia greca. *Os heroes da mitoloxía grega.* **2 Heroe heroína** (persoa valorosa). Ha salvato molte persone dall'incendio; è stato un eroe. *Salvou moitas persoas do incendio; foi un heroe.* **OBS.:** fai o f. irreg. eroina.

**eroico -a** **adx. Heroico -a.** Quelli erano tempi eroici. *Aqueles eran tempos heroicos.* Il poema eroico era frequente nella letteratura greca. *O poema heroico era frecuente na literatura grega.* **OBS.:** m. pl. eroici, f. pl. eroiche.

**erosione** s.f. **Erosión.** L'erosione di queste rocce è dovuta alla pioggia. *A erosión destas rochas débese á choiva.*

**erotismo** s.m. **Erotismo.** Domani incomincia un seminario sull'erotismo nella letteratura. *Mañá comeza un seminario sobre o erotismo na literatura.*

**errare** v. intr. [aux. avere] **1 Errar, deambular, vagar.** Errava per la città senza una meta precisa. *Erraba pola cidade sen unha meta precisa.* **2 Errar, fallar.** Se non erro la fermata dell'autobus è qui. *Se non erro a parada do autobús é aquí.*

**erroneo -a** **adx. Erróneo -a.** Hanno attribuito un significato erroneo alle mie parole. *Atribuíron un significado erróneo ás miñas palabras.*

**errore** s.m. **1 Erro, error.** Nel tuo esame ci sono molti errori. *No teu exame hai moitos erros.* **2 Erro, error,**

**desatino.** Ha espiato i suoi errori giovanili. *Expiou os seus erros de xuventude.*

**erudito -a** *adx.* **Erudito -a.** È una filologa molto erudita. *É unha filóloga moi erudita.*

**erudizione** *s.f.* **Erudición.** Era noto per la sua erudizione. *Era coñecido pola súa erudición.*

**eruzione** *s.f.* **Erupción.** L'eruzione del vulcano non ha provocato danni. *A erupción do volcán non provocou danos.* L'eruzione cutanea era stata causata dai medicinali. *A erupción cutánea fora causada polas medicinas.*

**esagerare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Esaxerar.** Non dargli retta perché di solito esagera la realtà. *Non lle fagas caso porque normalmente esaxera a realidade.* **II** *v. intr.* [*aux. avere*] **Pasarse (esaxerar).** Non esagerare con il whisky. *Non te pases co whisky.* **OBS.:** io esagero; *v. irreg. V. táboa 1.*

**esagerazione** *s.f.* **Esaxeración.** Raccontò l'episodio con molte esagerazioni. *Contou o episodio con moitas esaxeracións.*

**esalare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Exhalar, despedir.** Il fiore esalava un forte profumo. *A flor exhalaba un forte aroma.* **II** *v. intr.* [*aux. essere*] **Emanar (olor).** Un forte odore di bruciato esalava dalla cucina. *Un forte olor a queimado emanaba da cociña.* # **esalare l'ultimo respiro:** *exhala-lo espírito.*

**esalazione** *s.f.* **Exhalación.** Sono stati intossicati dalle esalazioni della stufa. *Foron intoxicados polas exhalacións da estufa.*

**esaltare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Exaltar, eloxiar, enxalzar.** Hanno esaltato il suo valore. *Exaltaron o seu valor.* **2 Exaltar, acender, inflamar.** Le loro parole esaltarono la folla. *As súas palabras exaltaron a multitude.* **II** *v. refl. e intr. pron.* [*aux. essere*] **1 Enxalzarse.** Chi si esalta sarà umiliato e chi si umilia sarà esaltato. *Quen se enxalza será humillado e quen se humilla será enxalzado.* **2 Exaltarse, acenderse, inflamarse.** Si è esaltata per un'idea che l'ha ossessionata tutta la vita. *Exaltouse por unha idea que a obsesionou toda a vida.*

**esaltazione** *s.f.* **1 Exaltación, gabanza, loanza.** Ci ha colpiti l'esaltazione dei tuoi meriti fatta dal professore. *Impresionounos a exaltación dos teus méritos que fixo o profesor.* **2 Exaltación.** Era in uno stato di forte esaltazione a causa di tutte le novità che gli stavano capitando. *Estaba nun estado de forte exaltación por tódalas novidades que lle estaban acontecendo.*

**esame** *s.m.* **1 Exame, análise, estudio.** Hanno fatto un esame approfondito del problema. *Fixeron un exame profundo do problema.* **2 Exame.** Oggi pomeriggio ho l'esame di matematica. *Hoxe pola tarde teño o exame de matemáticas.* # **esame del sangue:** *análise de sangue.*

**esaminare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Examinar, analizar, estudar.** Hanno esaminato tutte le possibilità. *Examinaron tódalas posibilidades.* **2 Examinar.** Ha esaminato gli studenti. *Examinou os estudantes.* **OBS.:** io esamino; *v. irreg. V. táboa 1.*

**esasperare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Exasperar, enervar, irritar.** Mi esaspera il suo atteggiamento così cinico. *Exaspérame o seu comportamento tan cínico.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Exasperarse, irritarse.** Si esaspera al solo sentirlo parlare. *Exaspérase con só sentilo falar.* **OBS.:** io esaspero; *v. irreg. V. táboa 1.*

**esasperazione** *s.f.* **Exasperación.** Si mise a urlare dall'esasperazione. *Púxose a gritar coa exasperación.*

**esattezza** *s.f.* **Exactitude, precisión.** Ha risposto alle domande dell'esame con assoluta esattezza. *Respondeu as preguntas do exame con absoluta exactitude.*

**esatto -a** *adx.* **Exacto -a, xusto -a.** I suoi calcoli sono sempre esatti. *Os seus cálculos son sempre exactos.* Puoi darmi l'ora esatta? *¿Pódesme da-la hora exacta?* # **scienze esatte:** *ciencias exactas.*

**esaudire** *v. tr.* [*aux. avere*] **Satisfacer (unha súplica).** Grazie, avete esaudito un mio grande desiderio. *Gracias, satisfixestes un desexo meu moi grande.* **OBS.:** io esaudisco, tu esaudisci.

**esaurimento** *s.m.* **Esgotamento.** Hanno venduto la merce fino al suo esaurimento. *Venderon a mercancia ata o seu esgotamento.* È in uno stato di grave esaurimento fisico. *Está nun estado de grave esgotamento físico.* # **esaurimento nervoso:** *esgotamento nervioso.*

**esaurire I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Esgotar.** Hanno esaurito tutte le provviste che avevano. *Esgotaron tódalas provisións que tiñan.* **2 (fig.) Esgotar, extenuar.** Quel lavoro l'ha esaurita. *Este traballo esgotouna.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Esgotarse (tamén fig.).** Si è esaurita la prima edizione del romanzo. *Esgotouse a primeira edición da novela.* Ha troppe cose da fare e finirà per esaurirsi. *Ten demasiadas cousas que facer e rematará por esgotarse.* **OBS.:** io esaurisco, tu esaurisci.

**esausto** *adx.* **Exhausto.** È esausto a causa del troppo lavoro. *Está exhausto por mor do exceso de traballo.*

**esca** *s.f.* **Cebo, engado, carnada.** Per pescare questo tipo di pesce è necessaria una grossa esca. *Para pescar este tipo de peixe é necesario un cebo grande.* **OBS.:** *pl. esche.*

**eschimese I** *adx.* **Esquimó.** Le case eschimesi sono gli igloo. *As vivendas esquimós son os iglús.* **II** *s. 1* **Esquimó (persoa).** Gli eschimesi abitano nelle regioni artiche. *Os esquimós viven nas rexións árticas.* **2 (m. sing.) Esquimó (lingua).** L'eschimese è la

lingua parlata nelle regioni artiche. *O esquimó é a lingua que se fala nas rexións árticas.*

**esclamare** v. tr. [aux. avere] **Exclamar.** Tacì!, esclamò. ¡Cala!, exclamou.

**esclamazione** s.f. **Exclamación.** Tutti si sono voltati quando hanno sentito le sue esclamazioni di rabbia. *Todos deron a volta cando sentiron as súas exclamacións de rabia.*

**escludere I** v. tr. [aux. avere] **Excluir, eliminar, rexeitar.** L'hanno escluso dal concorso perché non aveva tutti i documenti. *Excluírono da oposición porque non tiña tódolos documentos.* Escludo questa possibilità. *Exclúo esta posibilidade.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 31.*

**esclusione** s.f. **Exclusión.** La sua esclusione dalla partita è dovuta a una lesione. *A súa exclusión do partido é debida a unha lesión.*

**esclusivo -a** adx. **1 Selecto -a, escollido -a, escollei-to -a.** È un locale molto esclusivo: si può entrare solo se si è soci. *É un local moi selecto: soamente se pode entrar se un é socio.* **2 Exclusivo -a, específico -a.** La mensa universitaria è d'uso esclusivo per gli studenti. *O comedor universitario é de uso exclusivo para os estudantes.*

**escremento** s.m. **Excremento.** Raccolse gli escrementi del cane con una paletta. *Recolleu os excrementos do can cunha pa.*

**escursionista** s. **Excursionista.** Gli escursionisti arrivarono al rifugio dopo molte ore di cammino. *Os excursionistas chegaron ó refuxio despois de moitas horas de camiño.* **OBS.:** m. pl. escursionisti.

**esecutore -trice** s. **1 Executor -ora.** È stato lui l'esecutore materiale del delitto. *Foi el o executor material do delicto.* **2 (Mús.) Intérprete.** Questo pianista è considerato il migliore esecutore di Mozart. *Este pianista está considerado o mellor intérprete de Mozart.* # **esecutore testamentario:** *testamenteiro.*

**esecuzione** s.f. **1 Execución, realización.** È un progetto di difficile esecuzione. *É un proxecto de difícil execución.* **2 (Mús.) Interpretación, execución.** La sua esecuzione dell'adagio è stata perfetta. *A súa execución do adagio foi perfecta.* **3 Execución.** L'esecuzione del condannato avverrà domani. *A execución do condenado será mañá.* # **esecuzione capitale:** *pena de morte.*

**eseguire** v. tr. [aux. avere] **1 Executar, realizar.** Hanno eseguito molto bene il loro lavoro. *Executaron moi ben o seu traballo.* **2 (Mús.) Interpretar, executar.** L'orchestra eseguì il concerto per clarinetto di Mozart. *A orquestra interpretou o concerto para clarinete de Mozart.* **OBS.:** io eseguisco / esegui, tu eseguisco / esegui.

**esempio** s.m. **Exemplo.** Fare gli esercizi secondo l'esempio. *Face-los exercicios segundo o exemplo.* Quella donna è un esempio di virtù. *Aquela muller é un exemplo de virtude.* # **per / ad esempio:** *por exemplo.*

**esemplare I** adx. **Exemplar.** Tuo figlio ha un comportamento esemplare a scuola. *O teu fillo ten un comportamento exemplar na escola.* **II** s.m. **1 Exemplar.** Questo libro è l'unico esemplare che abbiamo. *Este libro é o único exemplar que temos.* **2 Exemplar, espécime.** Stanno analizzando un raro esemplare di alga asiatica. *Están analizando un raro exemplar de alga asiática.*

**esemplificare** v. tr. [aux. avere] **Exemplificar.** Ha esemplificato il suo discorso con degli schemi. *Exemplificou o seu discurso cuns esquemas.* **OBS.:** io esemplifico, tu esemplifici; v. irreg. V. *táboas 1 e 5.*

**esente** adx. **Exento -a.** È stato dichiarato esente dal servizio militare a causa della sua malattia. *Foi declarado exento do servizo militar a causa da súa enfermidade.*

**esenzione** s.f. **Exención.** Ha chiesto l'esenzione dal pagamento delle tasse. *Solicitou a exención do pagamento dos impostos.*

**esequie** s.f. pl. **Exequias, honras fúnebres.** Molti ministri parteciparono alle esequie dell'anziano senatore. *Moitos ministros participaron nas exequias do ancián senador.*

**esercitare I** v. tr. [aux. avere] **1 Exercitar (adestrar).** I cantanti lirici devono esercitare la voce. *Os cantantes líricos deben exercita-la voz.* **2 Exercer.** Esercitava il potere con molta autorità. *Exercía o poder con moita autoridade.* **3 Exercer, profesar.** Quel medico non può più esercitare la sua professione perché è troppo anziano. *Aquel médico xa non pode exerce-la súa profesión porque é demasiado vello.* **II** v. refl. [aux. essere] **Exercitarse, adestrar-se.** I soldati si sono esercitati per il combattimento. *Os soldados exercitáronse para o combate.* **OBS.:** io esercito; v. irreg. V. *táboa 1.*

**esercitazione** s.f. **Adestramento.** Nel cortile della caserma stanno facendo un'esercitazione militare. *No patio do cuartel están facendo un adestramento militar.*

**esercito** s.m. **Exército.** Hanno deciso di costituire un esercito professionale. *Decidiron formar un exército profesional.*

**esercizio** s.m. **Exercicio.** L'esercizio fisico fa bene alla salute. *O exercicio físico é bo para a saúde.* L'esercizio della medicina richiede molti sacrifici. *O exercicio da medicina require moitos sacrificios.* Gli esercizi di grammatica sono stati molto difficili. *Os exercicios de gramática foron moi difíciles.* I

costi d'esercizio della nostra ditta sono stati elevati. *Os custos do exercicio da nosa empresa foron elevados.* # **essere fuori esercizio:** *estar desadestrado, faltar de práctica.*

**esibire I** v. tr. [aux. avere] **Mostrar, amosar** (documentos). I poliziotti chiesero all'uomo di esibire il permesso di soggiorno. *Os policías pedíronlle ó home que mostrara o permiso de residencia.* **II** v. refl. [aux. essere] **Exhibirse**. Nella piazza del municipio si esibirà un acrobata del circo. *Na praza do concello exhibirase un acróbata de circo.* **OBS.:** io esibisco, tu esibisci.

**esibizione** s.f. **Exhibición**. Abbiamo assistito a un'esibizione ginnica. *Asistimos a unha exhibición ximnástica.*

**esigente** adx. **Esixente**. Il professore di matematica è molto esigente. *O profesor de matemáticas é moi esixente.* # **esser pieno di esigenze:** *pedir demasiado.*

**esigenza** s.f. **Esixencia**. Per soddisfare le esigenze degli studenti è stata aperta una nuova sala di lettura. *Para satisfacer-las esixencias dos estudantes abriuse unha nova sala de lectura.*

**esigere** v. tr. [aux. avere] **1 Esixir**. Esigo una spiegazione. *Esixo unha explicación.* **2 Esixir, requirir**. La grave situazione esige un'immediata dichiarazione del ministro. *A grave situación esixe unha inmediata declaración do ministro.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 42.

**esilarante** adx. **Hilarante**. Questa situazione è divertentissima, esilarante. *Esta situación é divertidísima, hilarante.*

**esile** adx. **1 Delgado -a, fraco -a**. Ha un corpo esile e le gambe lunghe. *Ten un corpo delgado e as pernas longas.* **2 Débil, feble**. Parlò con voce esile. *Falou con voz débil.*

**esiliare** v. tr. [aux. avere] **Exiliar, desterrar, expatriar**. L'hanno esiliato per motivi politici. *Exiliárono por motivos políticos.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 7.

**esilio** s.m. **Exilio, desterro**. Fu condannato all'esilio durante la dittatura fascista. *Foi condenado ó exilio durante a dictadura fascista.* È morta in esilio. *Morreu no exilio.*

**esistenza** s.f. **Existencia**. Alcuni scienziati credono nell'esistenza di vita extraterrestre. *Algúns científicos cren na existencia de vida extraterrestre.* Ha dedicato tutta la sua esistenza alla lotta contro le dittature. *Dedicou toda a súa existencia á loita contra as dictaduras.*

**esistenziale** adx. **Existencial**. Tutti i miei amici mi raccontano i loro problemi esistenziali. *Tódolos meus amigos me contan os seus problemas existenciais.*

**esistere** v. intr. [aux. essere] **1 Existir, vivir**. Gli ha detto che l'uomo esiste per volontà divina. *Dixolle que o home existe por vontade divina.* **2 Existir**. Non esiste nessun libro su questo argomento. *Non existe ningún libro sobre este argumento.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 43.

**esitare** v. intr. [aux. avere] **Dubidar, vacilar, titubear**. Ha esitato molto prima di darci una risposta. *Dubidou moito antes de darnos unha resposta.* **OBS.:** io esito; v. irreg. V. táboa 1.

**esito** s.m. **Resultado, consecuencia, efecto**. Sono andato a ritirare l'esito delle analisi. *Fun recolle-lo resultado das análises.* ♦ *Para referirse ó 'éxito' en italiano emprégase o termo successo.*

**esodo** s.m. **Éxodo**. Durante il loro esodo gli israeliti attraversarono il deserto. *Durante o seu éxodo os israelitas atravesaron o deserto.* L'esodo estivo ha provocato molti incidenti automobilistici. *O éxodo do verán provocou moitos accidentes automobilísticos.*

**esortare** v. tr. [aux. avere] **Exhortar, animar**. Lo esortò a proseguire gli studi. *Exhortouno a continua-los estudos.*

**esortazione** s.f. **Exhortación**. Dopo l'esortazione dell'allenatore la squadra giocò con più determinazione. *Despois da exhortación do adestrador o equipo xogou con máis determinación.*

**esotico -a** adx. **Exótico -a**. Le donne orientali hanno una bellezza esotica per gli occidentali. *As mulleres orientais teñen unha beleza exótica para os occidentais.* **OBS.:** m. pl. esotici, f. pl. esotiche.

**esotismo** s.m. **Exotismo**. Quello stilista è conosciuto per l'esotismo dei suoi modelli. *Aquel deseñador é coñecido polo exotismo dos seus modelos.*

**espandere I** v. tr. [aux. avere] **Expandir, estender**. Hanno deciso di espandere l'area dei servizi del nuovo centro commerciale. *Decidiron expandi-la área de servicios do novo centro comercial.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Expandirse, estenderse**. La macchia di petrolio si espandeva nel mare. *A mancha de petróleo expandíase no mar.* # **espandere la memoria del computer:** *amplia-la memoria do ordenador.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 44.

**espansione** s.f. **Expansión (auxe)**. Quell'azienda è in fase di espansione. *Aquela empresa está en fase de expansión.*

**espellere** v. tr. [aux. avere] **1 Expulsar**. Il ragazzo è stato espulso dalla scuola per colpa del suo comportamento. *O rapaz foi expulsado da escola por culpa do seu comportamento.* **2 Expeler, expulsar**. Queste tubature sono adibite ad espellere i gas delle cucine. *Estes tubos están destinados a expele-los gases das cociñas.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 61.

**esperienza** *s.f.* **Experiencia**. Ha molta esperienza nel domare i cavalli. *Ten moita experiencia na doma de cabalos*. In quegli anni ho fatto delle esperienze incredibili. *Naqueles anos tiven experiencias increíbles*.

**esperimento** *s.m.* **Experimento**. L'ultimo esperimento di quel laboratorio ha avuto un grande successo. *O último experimento daquel laboratorio tivo un grande éxito*.

**esperto -a I s.** **Experto -a**. È un'esperta in biologia. *É unha experta en bioloxía*. **II adx.** **Experto -a**. È uno studioso particolarmente esperto in epigrafia. *É un estudioso particularmente experto en epigrafía*.

**espiaire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Expiar, purgar**. Ha espiato le sue colpe con lunghi anni di sofferenza. *Expiou as súas culpas con longos anos de sufrimento*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 8. ♦ Para referirse a 'espiair, asexar' en italiano emprégase o termo spiare*.

**espiazione** *s.f.* **Expiación**. Gesù morì sulla croce per l'espiazione dei nostri peccati. *Xesús morreu na cruz para a expiación dos nosos pecados*.

**esplicito -a adx.** **Explícito -a, claro -a**. Ha espresso le sue idee in modo molto esplicito. *Expresou as súas ideas dun modo moi explícito*.

**esplodere I v. intr.** [*aux.* essere] **Estalar** (*tamén fig.*). È esplosa una bomba nel centro della città. *Estalou unha bomba no centro da cidade*. L'emanazione di quella legge fece esplodere la rabbia dei cittadini. *A promulgación daquela lei fixo estala-la rabia dos cidadáns*. **II v. tr.** [*aux.* avere] **Disparar**. Hanno esploso un colpo di cannone. *Dispararon un tiro de canón*. # **è esplosa l'estate / è esploso il caldo:** *chegou o verán / a calor*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31*.

**esplorare v. tr.** [*aux.* avere] **Explorar** (*un lugar*). Hanno esplorato l'Antartide. *Exploraron a Antártida*.

**esploratore -trice s.** **Explorador -ora**. Gli esploratori si sono persi sulla montagna. *Os exploradores perdéronse na montaña*.

**esplorazione** *s.f.* **Exploración**. L'esplorazione dell'isola non diede i risultati sperati. *A exploración da illa non deu os resultados esperados*.

**esplosione** *s.f.* **1 Explosión, detonación**. Ieri sera abbiamo sentito una forte esplosione. *Onte pola noite escoitamos unha forte explosión*. **2 (fig.) Explosión**. Devi controllare le tue esplosioni di collera. *Tes que controla-las túas explosións de cólera*.

**esplosivo -a I adx.** **Explosivo -a** (*tamén fig.*). Hanno mescolato vari composti esplosivi. *Mesturaron varios compostos explosivos*. È stata una notizia esplosiva. *Foi unha noticia explosiva*. **II s.m.** **Explosivo**. Hanno usato diversi esplosivi per fare

saltare la miniera. *Usaron diferentes explosivos para facer estala-la mina*.

**esporre I v. tr.** [*aux.* avere] **Expoñer, expor**. Ha esposto i suoi quadri in una galleria d'arte. *Expuxo os seus cadros nunha galería de arte*. Ha esposto la pellicola alla luce e l'ha rovinata. *Expuxo o negativo á luz e estragouno*. Espone le sue idee con molta chiarezza. *Expón as súas ideas con moita claridade*. **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Expoñerse, exporse, arriscarse**. Si è esposto al pericolo senza necessità. *Expúxose ó perigo sen necesidade*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 17*.

**esportare v. tr.** [*aux.* avere] **Exportar**. Esportano vino in Germania. *Exportan viño a Alemaña*.

**esportazione** *s.f.* **Exportación**. Quest'anno è aumentata l'esportazione di arance. *Este ano aumentou a exportación de laranxas*.

**esposizione** *s.f.* **1 Exposición**. Dopo aver preso questa medicina è meglio evitare l'esposizione ai raggi solari. *Despois de tomar esta medicina é mellor evita-la exposición ós raios solares*. Anche se il tema era complicato la sua esposizione è stata molto chiara. *Ainda que o tema era complicado a súa exposición foi moi clara*. **2 Exposición, mostra**. Oggi andiamo a un'esposizione di libri antichi. *Hoxe imos a unha exposición de libros antigos*.

**espressione** *s.f.* **Expresión**. Il suo viso ha un'espressione molto dolce. *O seu rostro ten unha expresión moi doce*. Hanno tentato di impedirgli la libera espressione delle sue idee. *Intentaron impedirlle a libre expresión das súas ideas*. È un'espressione colloquiale, non puoi usarla in questo contesto. *É unha expresión coloquial, non podes usala neste contexto*.

**espressivo -a adx.** **Expressivo -a**. Il suo sguardo era molto espressivo. *A súa mirada era moi expresiva*.

**espresso -a I part. pas. de esprimere e adx.** **Espresso -a**. Non farò nulla senza il vostro espresso consenso. *Non farei nada sen o voso consenso expreso*. È in arrivo il treno espresso per Siena. *Está a chegar o tren expreso para Siena*. **II s.m.** **1 Carta urgente**. Le ho spedito un espresso. *Envieille unha carta urgente*. **2 Espresso (tren)**. È in partenza l'espresso delle 10. *Está a saír o expreso das 10*. # **caffè espresso:** *café só e concentrado*.

**esprimere I v. tr.** [*aux.* avere] **Expresar, manifestar, amosar**. La sua poesia esprime alla perfezione il suo mondo interiore. *A súa poesía expresa á perfección o seu mundo interior*. **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Expresarse**. Il professore si esprime con molta chiarezza. *O profesor exprésase con moita claridade*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 33. ♦ Para referirse a 'espremer, premer' en italiano emprégase o termo spremere*.

**espulsione** *s.f.* **Expulsión.** L'espulsione del portiere fu determinante per il risultato della partita. *A expulsión do porteiro foi determinante para o resultado do partido.* L'espulsione del calcolo gli ha risparmiato l'intervento chirurgico. *A expulsión do cálculo librouno da operación cirúrxica.*

**espulso -a** **I** *part. pas. de espellere e adx.* **Expulsado -a.** I giocatori espulsi non giocheranno la prossima partita. *Os xogadores expulsados non xogarán o próximo partido.* **II** *s.* **Expulsado -a.** Gli espulsi sono andati dal preside per chiedere perdono. *Os expulsados foron onda o director do instituto para pedir perdón.*

**essenza** *s.f.* **Esencia.** L'essenza del suo intervento è molto chiara. *A esencia da súa intervención é moi clara.* Mi piace l'essenza di lavanda. *Gústame a esencia de lavanda.*

**essenziale** **I** *adx.* **Esencial, básico -a, fundamental.** Dobbiamo affrontare due questioni essenziali. *Temos que afrontar dúas cuestións esenciais.* **II** *s.m.* **Esencial.** L'essenziale è che tu abbia capito bene. *O esencial é que ti o entenderas ben.*

**essere** **I** *v. intr.* [*aux.* essere] **1 Ser.** È un uomo molto gentile. *É un home moi amable.* Non so che sarà di lui. *Non sei qué será del.* Quando sarò vecchia mi dedicherò a viaggiare. *Cando sexa vella dedicarei-me a viaxar.* È Natale. *É Nadal.* **2 Estar.** Dov'eri domenica scorsa? *¿Onde estaba-lo domingo pasado?* **II** *s.m.* **Ser.** Gli esseri viventi. *Os seres vivos.* È un essere insopportabile. *É un ser insoportable.* **# c'era una volta:** *había unha vez;* **ci sono / siamo:** *estou / estamos preparados;* **cosa c'è?:** *¿qué pasa?;* **esserci:** *haber, estar;* **essere alle solite:** *estar nas andadas;* **essere dalla parte di:** *estar a favor de;* **essere nei guai:** *estar / meterse en leas;* **essere in pensione:** *estar xubilado;* **essere / non essere simpatico:** *caer ben / caer mal.* **OBS.:** *o v. essere úsase como aux. para as formas compostas dalgúns v. (fundamentalmente intr.) e para forma-la voz pasiva.*

**esso -a** *pron. pers. m.* **1 (sing.) El ela.** Ho comprato una macchina nuova e con essa consumo meno benzina. *Comprei un coche novo e con el consumo menos gasolina.* **OBS.:** *refírese a cousas ou animais.* **2 (pl.) Eles -as.** Abbiamo incontrato Mario e Roberto e con essi siamo andati al cinema. *Atopamos a Mario e a Roberto e con eles fomos ó cine.* **OBS.:** *refírese a persoas, animais ou cousas; no italiano actual é substituído por loro con moita frecuencia.*

**est** *s.m. inv.* **Leste, levante, oriente.** Venezia è ad est. *Venecia está ó leste.*

**estasi** *s.f. inv.* **Éxtase, rapto.** È in uno stato di estasi da quando si è innamorato. *Está nun estado de éxtase desde que se namorou.*

**estate** *s.f.* **Verán.** D'estate mi piace andare in spiaggia. *No verán gústame ir á praia.*

**estendere** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Estender.** Hanno esteso le loro proprietà fino al fiume. *Estenderon as súas propiedades ata o río.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **1 Estenderse.** Dopo la guerra i confini di alcuni paesi si estesero. *Despois da guerra os confíns dalgúns países estendéronse.* **2 Estenderse, difundirse, espallarse.** L'epidemia si estese velocemente. *A epidemia estendeuse rapidamente.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 26.*

**estensione** *s.f.* **Extensión.** La proprietà che hanno comprato ha una grande estensione. *A propiedade que compraron ten unha grande extensión.*

**estenuare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Extenuar, esgotar.** La troppa tensione l'ha estenuato. *O exceso de tensión extenuouno.* **OBS.:** *io estenuo; v. irreg. V. táboa 1.*

**esteriore** *adx.* **Exterior, esterno -a.** A giudicare dall'aspetto esteriore, la casa sembra in rovina. *A xulgar polo aspecto exterior, a casa parece en ruínas.* La sua sincerità è soltanto esteriore, non fidarti di lei. *A súa sinceridade é soamente exterior, non te fies dela.*

**esteriorizzare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Exteriorizar, expresar, manifestar.** Non riesce a esteriorizzare i suoi sentimenti. *Non consegue exterioriza-los seus sentimentos.*

**esterno -a** **I** *adx.* **Externo -a, exterior.** Le mura esterne del collegio sono molto rovinate. *Os muros externos do colexio están moi estragados.* **II** *s.m.* **Exterior.** La casa è bella soltanto dall'esterno. *A casa é bonita soamente dende o exterior.*

**estero -a** **I** *adx.* **Estranxeiro -a.** Si occupa di politica estera. *Encárgase da política estranxeira.* **II** *s.m.* **Estranxeiro, exterior.** Abbiamo passato le vacanze all'estero. *Pasámo-las vacacións no estranxeiro.*

**esteso -a** *adx.* **Extenso -a, grande, vasto.** Ha scritto un saggio molto esteso. *Escribiu un ensaio moi extenso.*

**estetico -a** *adx.* **Estético -a.** È un oggetto funzionale, ma non molto estetico. *É un obxecto funcional, pero non moi estético.* **OBS.:** *m. pl. estetici, f. pl. estetiche.*

**estinguere** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Extinguir.** I pompieri hanno estinto l'incendio. *Os bombeiros extinguiron o incendio.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Extinguirse.** Il fuoco si estinse da solo. *O lume extinguíuse só.* Alcune specie animali si stanno estinguendo a causa dell'inquinamento. *Algunhas especies animais estanse extinguindo por mor da contaminación.* **# estinguere un debito:** *saldar unha débeda.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 39.*

**estintore** *s.m.* **Extintor.** Hanno spento le fiamme con degli estintori. *Apagaron as lapas cuns extintores.*



**estinzione** *s.f.* **Extinción**. Molti mezzi sono stati adoperati per l'estinzione dell'incendio. *Empregáronse moitos medios para a extinción do incendio*. Si tratta di una specie animale che è ormai in via d'estinzione. *Trátase dunha especie animal que está en vías de extinción*.

**estivo -a** *adx.* **De verán**. Ho comprato un vestito estivo. *Merquei un vestido de verán*.

**estorsione** *s.f.* **Extorsión**. Il commerciante ha subito un'estorsione da parte della malavita organizzata. *O comerciante sufríu unha extorsión por parte da delincuencia organizada*.

**estraneo -a I** *adx.* **Estraño -a** (*anómalo*). Gli extraterrestri sono individui estranei al nostro mondo. *Os extraterrestres son individuos estraños ó noso mundo*. **II** *s.* **Estraño -a** (*alleo, descoñecido*). Ieri sera sono arrivati a casa mia due estranei. *Onte pola noite chegaron á miña casa dous estraños*.

**estrarre** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Extraer, arrancar**. Mi hanno estratto un dente del giudizio. *Extraéronme unha moa do xuízo*. **2 Extraer, obter**. Il carbone si estrae dalla miniera. *O carbón extráese da mina*. **3** (*Mat.*) **Extraer**. Estrarre la radice del numero 15. *Extrae-la raíz cadrada do número 15*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 16*.

**estratto -a I** *part. pas. de estrarre e adx.* **Extraído -a**. Il numero estratto fu il 10. *O número extraído foi o 10*. **II** *s.m.* **1 Concentrado** (*extracto*). Per preparare questo sugo uso l'estratto di carne. *Para preparar esta salsa uso un concentrado de carne*. **2 Extracto, resumo**. Abbiamo letto un estratto del libro. *Lemos un extracto do libro*. **3 Separata**. Mi hanno mandato l'estratto dell'ultimo articolo che ho scritto per la rivista. *Mandáronme a separata do último artigo que escribín para a revista*. # **estratto conto**: *extracto da conta*; **estratto di nascita**: *partida de nacemento*.

**estrazione** *s.f.* **Extracción**. Hanno vietato l'estrazione di petrolio in quella zona. *Prohibiron a extracción de petróleo naquela zona*. Ho assistito all'estrazione dei numeri della lotteria. *Asistín á extracción dos números da lotería*.

**estremismo** *s.m.* **Extremismo**. L'estremismo delle sue idee politiche mi sembra anacronistico. *O extremismo das súas ideas políticas paréce-me anacrónico*.

**estremità** *s.f. inv.* **1** (*Zool., Anat.; espec. en pl.*) **Extremidade**. Non resisto a questo freddo, ho le estremità congelate. *Non aturo este frío, teño as extremidades conxeladas*. **2** (*fig.*) **Extremo, estremidade, cabo**. Si sedette all'altra estremità del tavolo. *Sentouse no outro extremo da mesa*.

**estremo -a I** *adx.* **Extremo -a**. Se non cambierà comportamento dovremo adottare misure estreme. *Se non cambia o seu comportamento teremos que*

*adoptar medidas extremas*. **II** *s.m.* **Extremo**. Abita all'altro estremo della città. *Vive no outro extremo da cidade*. # **all'estremo**: *ó final*; **essere agli estremi**: *estar nun apuro*; **estrema unzione**: *extrema unción*; **gli estremi onori**: *honras fúnebres*; **partiti estremi**: *partidos radicais*.

**estro** *s.m.* **Inspiración** (*creatividade*). Gli è venuto l'estro di ridipingere l'alloggio. *Veulle a inspiración de volver pinta-la vivenda*.

**estromettere** *v. tr.* [*aux.* avere] **Expulsar** (*excluir*). L'hanno estromesso dall'associazione perché era troppo violento. *Expulsárono da asociación porque era demasiado violento*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50*.

**estroso -a** *adx.* **Orixinal, singular**. Le sue idee sono innovative ed estrose. *As súas ideas son innovadoras e orixinais*.

**estroverso -a** *adx.* **Extravertido -a**. È un ragazzo molto estroverso e divertente. *É un rapaz moi extravertido e divertido*.

**estuario** *s.m.* (*Xeol.*) **Estuario, esteiro**. Hanno fotografato l'estuario della Senna. *Fotografaron o estuario do Sena*.

**esuberante** *adx.* **Exuberante**. Questa attrice è una donna veramente esuberante. *Esta actriz é unha muller realmente exuberante*.

**esuberanza** *s.f.* **Exuberancia**. L'esuberanza rende spesso i giovani eccessivi. *A exuberancia a miúdo volve os mozos esaxerados*.

**esule** *s.* **Exiliado -a**. È un anziano esule argentino che vive a Parigi da molti anni. *É un vello exiliado arxentino que vive en París dende hai moitos anos*.

**età** *s.f. inv.* **1 Idade**. È diventato professore all'età di trent'anni. *Fixose profesor á idade de trinta anos*. Nell'età di Dante Firenze aveva centomila abitanti circa. *Na idade de Dante Florencia tiña uns cen mil habitantes*. Età del bronzo. *Idade do bronce*. # **mezza età**: *madurez*; **tenera età**: *nenez, infancia*; **terza età**: *terceira idade*.

**eternità** *s.f. inv.* **Eternidade** (*tamén fig.*). Vuole passare all'eternità senza colpe. *Quere pasar á eternidade sen culpas*. La conferenza è durata un'eternità. *A conferencia durou unha eternidade*.

**eterno -a** *adx.* **1 Eterno -a, imperecedoiro -a, immortale**. La sua fama sarà eterna. *A súa fama será eterna*. **2** (*fig.*) **Eterno -a, interminabile**. La gita turistica è stata così noiosa che mi è sembrata eterna. *A excursión turística foi tan aburrida que me pareceu eterna*.

**eterogeneo -a** *adx.* **Heteroxéneo -a**. Il gruppo dei miei amici è molto eterogeneo. *O grupo dos meus amigos é moi heteroxéneo*.

**etichetta** *s.f.* **Etiqueta**. Per sapere quanti gradi ha questo vino devi guardare l'etichetta. *Para saberes cantos graos ten este viño tes que mira-la etiqueta*. È una cerimonia in cui deve essere rispettata l'etichetta. *É unha cerimonia na que se ten que respecta-la etiqueta*.

**etico -a** **I** *adx.* **Ético -a**. Questa decisione ci pone davanti a un grave problema etico. *Esta decisión sitúanos ante un grave problema ético*. **II** *s.f.* **Ética**. Ha pubblicato un trattato di etica. *Publicou un tratado de ética*. Quel medico è totalmente privo di etica professionale. *Aquel médico carece totalmente de ética profesional*. **OBS.:** *m. pl.* etici, *f. pl.* etiche.

**etnia** *s.f.* **Etnia**. Appartiene a un'etnia africana. *Pertence a unha etnia africana*.

**etnico -a** *adx.* **Étnico -a**. Mi piace la musica etnica. *Gústame a música étnica*. **OBS.:** *m. pl.* etnici, *f. pl.* etniche.

**eucalipto** *s.m.* **Eucalipto**. Hanno piantato degli eucalipti nel bosco. *Plantaron eucaliptos no bosque*.

**euforia** *s.f.* **Euforia**. È in uno stato di euforia da quando ha passato il concorso. *Está nun estado de euforia dende que aprobou as oposicións*.

**europeo -a** **I** *adx.* **Europeo -a**. Il parlamento europeo ha sede a Bruxelles. *O parlamento europeo ten a súa sede en Bruxelas*. **II** *s.* **Europeo -a**. Gli europei condividono interessi economici e culturali. *Os europeos comparten intereses económicos e culturais*.

**evacuare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Evacuar, desaloxar, desocupar**. Hanno evacuato l'edificio dopo la minaccia di bomba. *Evacuaron o edificio despois da ameaza de bomba*. **2 Evacuar, defecar**. I medici gli diedero un lassativo perché evacuasse prima dell'operazione. *Os médicos déronlle un laxante para que evacuase antes da operación*. **OBS.:** io *evacuo*.

**evacuazione** *s.f.* **1 Evacuación**. La polizia procedette all'evacuazione della gente. *A policía procedeu á evacuación da xente*. **2 Evacuación, defecación, excreción**. I cibi integrali favoriscono l'evacuazione. *Os alimentos integrais favorecen a evacuación*.

**evadere** **I** *v. intr.* [*aux.* essere] **Evadirse** (*tamén* *fig.*). Il criminale era evaso dal carcere. *O criminal evadírase do cárcere*. Fare una gita il fine settimana mi aiuta ad evadere dalle preoccupazioni. *Facer unha excursión a fin de semana axúdame a evadirme das preocupacións*. **II** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 (Econ.) Evadir**. Non ho mai evaso le tasse. *Nunca evadin os impostos*. **2 Despachar** (*asuntos, xestións*). Evadere una pratica. *Despachar unha xestión*. **OBS.:** *v. irreg.* *V. táboa 31*.

**evaporare** *v. intr.* [*aux.* essere] **Evaporarse**. L'acqua è evaporata e la minestra sta per bruciarsi. *A auga*

*evaporouse e a sopa está a piques de queimarse*. **OBS.:** io *evaporo*; *v. irreg.* *V. táboa 1*.

**evaporazione** *s.f.* **Evaporación**. Se al liquido aggiungiamo questo gas si produce un'immediata evaporazione. *Se ó líquido lle engadimos este gas prodúcese unha evaporación inmediata*.

**evasione** *s.f.* **1 Evasión, fuga**. I due delinquenti vennero arrestati pochi giorni dopo l'evasione dal carcere. *Os dous delinquentes foron arrestados poucos días despois da evasión do cárcere*. **2 (fig.) Evasión**. Per me andare al cinema è la migliore evasione dai problemi quotidiani. *Para min ir ó cine é a mellor evasión dos problemas cotiáns*. **3 (Econ.) Evasión**. È stata proposta una legge per diminuire l'evasione fiscale. *Propúxose unha lei para diminuí-la evasión fiscal*. # **cinema / letteratura d'evasione:** *cine / literatura de evasión*; **dare evasione a una pratica:** *despachar unha dilixencia*.

**evasivo -a** *adx.* **Evasivo -a**. Quando gli hanno chiesto dov'era andato si è mostrato evasivo. *Cando lle preguntaron onde fora mostrouse evasivo*.

**evaso -a** **I** *part. pas.* *de evadere* e *adx.* **Evadido -a**. La polizia ricerca un detenuto evaso. *A policía busca un detido evadido*. **II** *s.* **Evadido -a**. A tre giorni dalla fuga, le evase non sono state rintracciate. *Tres días despois da fuga, as evadidas non foron atopadas*.

**evasore -trice** *s.* **Evasor -ora**. È aumentata la percentuale degli evasori del fisco. *Aumentou a porcentaxe de evasores do fisco*. **OBS.:** *fai o f. irreg.* *evaditrice*.

**evento** *s.m.* **Evento, suceso, acontecemento**. La visita di quello scienziato è stata un evento memorabile. *A visita dese científico foi un evento memorable*.

**eventuale** *adx.* **Eventual** (*posible*). Gli studenti verranno avvisati di ogni eventuale cambiamento di orario. *Os estudantes serán avisados de calquera cambio eventual no horario*.

**eventualità** *s.f. inv.* **Eventualidade**. Smise di andare nei locali che frequentavano insieme per evitare l'eventualità di incontrarla. *Deixou de ir ós locais que frecuentaban xuntos para evita-la eventualidade de atopala*.

**evidente** *adx.* **Evidente, claro -a, obvio -a**. Il suo nervosismo era evidente: non riusciva a stare fermo. *O seu nerviosismo era evidente: non conseguía estar quedo*.

**evidenza** *s.f.* **Evidencia**. È stata colpa tua, non puoi negare l'evidenza. *Foi culpa túa, non podes negar-la evidencia*. # **mettere / porre in evidenza:** *deixar / pór claro*; **mettersi in evidenza:** *chama-la atención, facerse notar*. ♦ *Para referirse a 'deixar en evidencia' en italiano emprégase a expresión* *mettere in ridicolo*.

**evidenziatore** *s.m.* **Rotulador fluorescente.**  
Sottolinea gli aggettivi con l'evidenziatore. *Subliña os adxectivos co rotulador fluorescente.*

**evitare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Evitar.** Non ho potuto evitare di rimproverarlo. *Non puiden evitar reprendelo.* Il medico gli ha consigliato di evitare i dolci. *O médico aconselloulle que evitara os doces.* Gli ho telefonato e così gli ho evitato il viaggio. *Chameino por teléfono e así eviteille a viaxe.* **II** *v. refl. recip.* [*aux.* essere] **Evitar atoparse.** Si evitano perché non si sopportano. *Evitan atoparse porque non se aturan.* **OBS.:** io evito; *v. irreg. V. táboa 1.*

**evocare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Evocar, lembrar, recordar.** Abbiamo evocato insieme gli amici della scuola. *Evocamos xuntos os amigos do colexio.* **OBS.:** io evoco, tu evochi; *v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**evoluzione** *s.f.* **Evolución.** L'hanno ricoverato perché i medici vogliono seguire l'evoluzione della malattia. *Ingresárono porque os médicos queren seguir-la evolución da enfermidade.* Questo libro analizza l'e-

voluzione della scienza. *Este libro analiza a evolución da ciencia.*

**evolversi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Evolucionar.** La società spagnola si è evoluta molto negli ultimi ven-

t'anni. *A sociedade española evolucionou moito nos últimos vinte anos.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 45.*

**evviva** *interx.* **Viva.** Evviva l'Italia! *¡Viva Italia!*



# F

**fabbrica** s.f. *Fábrica*. In quella fabbrica di tessuti lavorano cinquanta operai. *Nesa fábrica de tecidos traballan cincuenta obreiros*. **OBS.:** pl. fabbriche.

**fabbricare** v. tr. [aux. avere] **1 Construír, edificar**. Su quel terreno stanno fabbricando la nuova facoltà di Giornalismo. *Naquel terreo están construíndo a nova facultade de Xornalismo*. **2 Fabricar** (producir; tamén fig. inventar). In questo capannone fabbricano latte per prodotti alimentari. *Nesta nave fabrican latas para productos alimenticios*. Hanno fabbricato notizie false per incolparlo. *Fabricaron noticias falsas para culpalo*. **OBS.:** io fabbrico, tu fabbrichi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.

**fabbricazione** s.f. *Fabricación*. La fabbricazione delle automobili è quasi tutta automatizzata. *A fabricación dos automóviles está case toda automatizada*.

**fabbro** s.m. *Ferreiro*. Il fabbro lavora con incudine e martello. *O ferreiro traballa con engr e martelo*.

**faccenda** s.f. **1 Asunto** (actividade). Devo andare in città a sbrigare alcune faccende di lavoro. *Teño que ir á cidade despachar algúns asuntos de traballo*. **2 Tarefa, angueira, quefacer**. Non mi piacciono le faccende domestiche. *Non me gustan as tarefas domésticas*. # **una brutta faccenda:** un mal asunto.

♦ *Para referirse ó correspondente do 'Ministerio de Facenda' en italiano emprégase a expresión Ministerio delle Finanze.*

**facchino** s.m. *Carrexador*. In stazione chiese l'aiuto di un facchino per trasportare le valigie. *Na estación pediu a axuda dun carrexador para transporta-las maletas*.

**faccia** s.f. **1** (Anat.) *Cara, faciana, rostro*. Hai la faccia riposata di chi ha dormito bene. *Te-la cara descansada de quen durmiu ben*. **2 Cara, cariz** (tamén fig.). A sentire questi discorsi ha fatto una faccia strana. *Ó sentir estas conversacións puxo unha cara estraña*. Da quando è arrivata la nuova direttrice, la nostra situazione ha cambiato faccia. *Desde que chegou a nova directora, a nosa situación cambiou*

*de cara*. **3 Lado, cara** (cara oposta dun obxecto). Su una faccia delle monete italiane è riportata la scritta 'Repubblica italiana'. *Nun lado das moedas italianas aparece a inscrición 'Repubblica italiana'*. **4** (Xeom.) *Cara*. Il cubo è un solido a sei facce. *O cubo é un sólido con seis caras*. # **alla faccia tua:** na túa cara; **faccia a faccia:** cara a cara; **faccia di bronzo / faccia tosta:** cara lavada; **in faccia / sulla faccia:** na cara; **l'altra faccia della medaglia:** a outra cara da moeda; **mostrare / perdere / salvare la faccia:** mostrar / perder / salva-la propia dignidade; **non guardare in faccia nessuno:** non ter preferencia por ninguén; **ridere / gettare in faccia:** rir na cara; **voltare la faccia:** renegar. **OBS.:** pl. facce.

**facciata** s.f. *Fachada* (tamén fig.). La facciata del Duomo è stata restaurata. *A fachada da catedral foi restaurada*. La sua correttezza è di facciata, in realtà è un despota. *A súa corrección é de fachada, en realidade é un déspota*.

**facezia** s.f. *Ocorrencia, saida*. Ci fa sempre ridere con le sue facezie. *Fainos rir sempre coas súas ocorrencias*.

**facile** adx. **1 Fácíl, doado -a**. È stato un esame facile e siamo stati tutti promossi. *Foi un exame fácil e aprobamos todos*. **2 Fácíl**. È una persona dall'amizizia facile. *É unha persoa de amizade fácil*. # **di facili costumi:** lixeiro de cascos; **è facile che:** è posible que; **essere facile al riso / alla collera / alle promesse:** ter facilidade para a risa / a cólera / para facer promesas; **facili guadagni:** ganancias fáciles; **fare tutto facile:** simplificar demasiado.

**facilità** s.f. inv. *Facilidade* (facilidade). Impara le lingue con gran facilità. *Aprende as linguas con gran facilidade*. # **con facilità:** con facilidade; **facilità di parola:** facilidade de palabra.

**facoltà** s.f. inv. **1 Facultade**. Hai le facoltà sufficienti a realizzare un buon lavoro. *Te-las facultades suficientes para realizar un bo traballo*. L'Università di Roma comprende numerose facoltà. *A Universidade de Roma comprende numerosas facultades*.

**2 Facultade, potestade.** Ha la facoltà di fare testamento a beneficio dei fratelli. *Ten a facultade de facer testamento en beneficio dos irmáns.* # **facoltà mentali:** *facultades mentais*; **perdere l'uso delle facoltà:** *perde-lo uso das facultades.*

**facoltativo -a** *adx.* **Facultativo -a, potestativo -a, volontario -a.** Ci sono esami obbligatori e facoltativi. *Hai exames obrigatorios e facultativos.* # **fermata facoltativa:** *parada previa petición.*

**faggio** *s.m.* **Faia.** Un grande faggio stendeva la sua ombra sulla casa. *Unha gran faia estendía a súa sombra sobre a casa.*

**fagiano** *s.m.* **Faisán.** Il fagiano è una pregiata preda di caccia. *O faisán é unha apreciada presa de caza.*

**fagiolino** *s.m.* **Feixón verde.** Hanno servito un'insalata di fagiolini e patate. *Serviron unha ensalada de feixóns verdes e patacas.*

**fagiolo** *s.m.* **Feixón, faba.** I fagioli si mangiano specialmente d'inverno. *Os feixóns cómense especialmente polo inverno.* # **andare / capitare a fagiolo:** *chegar no momento xusto.*

**fagotto** *s.m.* **1 Fardo.** Gli emigranti poveri partivano con un piccolo fagotto sulle spalle. *Os emigrantes pobres partían cun pequeno fardo ó lombo.* **2 (Mús.) Fagot.** Questo brano musicale comprende un assolo di fagotto. *Este fragmento musical inclúe un solo de fagot.* # **fare fagotto:** *marchar de súpeto.*

**falce** *s.f.* **Fouce, fouciño, gadaño.** I contadini usavano la falce per mietere il grano. *Os campesiños usaban a fouce para sega-lo trigo.*

**falciare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Segar.** Ogni mese falcio l'erba del giardino. *Tódoos meses sego a herba do xardín.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 2.*

**falco** *s.m.* **Falcón.** Il falco è un uccello rapace. *O falcón é unha ave rapaz.* # **avere occhi di falco:** *ter unha mirada penetrante*; **essere un falco:** *ser astuto.* **OBS.:** *pl. falchi.*

**falda** *s.f.* **1 Capa.** Le falde della roccia mostravano la sua eterogeneità. *As capas da rocha mostraban a súa heteroxeneidade.* **2 Faldrón** (*dunha peza de roupa*). Bisognava stirare le falde del frac. *Había que pasárlle-lo ferro ós faldróns do frac.* **3 Faldra, aba, pé** (*dunha montaña*). Il paesino sorgeva alle falde di un monte. *A pequena vila xurdía nas faldras dun monte.* # **falda d'acqua / acquifera:** *bolsa subterránea de auga*; **una falda di neve:** *unha foleirpa.* ♦ *Para referirse á 'faldra, saia' en italiano emprégase o termo gonná.*

**falegname** *s.m.* **Carpinteiro.** Il falegname costruisce mobili di legno. *O carpinteiro constrúe mobles de madeira.*

**fallace** *adx.* **Falaz.** Non lasciarti ingannare da fallaci promesse. *Non te deixes enganar por falaces promesas.*

**fallimento** *s.m.* **1 Fracaso.** La spedizione alpinistica fu un vero fallimento per le condizioni meteorologiche ostili. *A expedición alpina foi un verdadeiro fracaso polas condicións meteorolóxicas hostís.* **2 Creba, quebra** (*dunha empresa*). Hanno dichiarato il fallimento di quella ditta. *Declararon a creba daquela empresa.* # **andare in fallimento:** *crebar (unha empresa).*

**fallire I** *v. intr.* [*aux. essere / avere*] **1 Fracasar, fallar, frustrarse.** Il tentativo di raggiungere un accordo è fallito. *O intento de chegar a un acordo fracasou.* **2 Crebar, quebrar.** Quell'industria è fallita per mancanza di investimenti. *Aquela industria crebou por falta de investimentos.* **II** *v. tr.* [*aux. avere*] **Fallar, errar.** Il franco tiratore fallì il colpo. *O francotirador fallou o tiro.* **OBS.:** *io fallisco, tu fallisci.*

**fallo** *s.m.* **1 (Dep.) Falta.** Il fallo del portiere fu punito con un calcio di rigore. *A falta do porteiro castigouse cun penalti.* **2 Fallo, defecto, falla.** Le tazze di questo servizio hanno tutte un piccolo fallo di fabbricazione. *As cuncas deste xogo teñen todas un pequeno fallo de fabricación.* **3 Falò.** Il membro virile è chiamato anche fallo. *O membro viril chámase tamén fallo.*

**falò** *s.m. inv.* **Fogueira, cacharela, larada.** Verso sera si accesero i falò nell'accampamento. *Ó cae-la tardiña acendéronse as fogueiras no campamento.* # **fare un falò:** *destruír co lume.*

**falsare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Falsear.** Spesso il ricordo falsa la realtà. *Con frecuencia o recordo falsea a realidade.* **2 Terxiversar, falsear.** Un cambiamento nella punteggiatura può falsare il senso del testo. *Un cambio na puntuación pode terxiversa-lo sentido do texto.*

**falsificare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Falsificar, contrafacere.** L'hanno sorpreso a falsificare banconote. *Sorprendérono falsificando billetes.* **OBS.:** *io falsifico, tu falsifichi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**falsificazione** *s.f.* **Falsificación.** Quella banconota è il frutto di un'abile falsificazione. *Aquel billete é o froito dunha hábil falsificación.*

**falsità** *s.f. inv.* **Falsidade.** L'avvocato dimostrò la falsità delle accuse. *O avogado demostrou a falsidade das acusacións.* Questi pettegolezzi sono una falsità. *Estas rexoubas son unha falsidade.*

**falso -a I** *adx.* **Falso -a.** Una falsa notizia aveva seminato il panico fra la popolazione. *Unha falsa noticia sementara o pánico entre a poboación.* Sono in circolazione molte banconote false. *Circulan moitos billetes falsos.* La sua falsa gentilezza nasconde un interesse personale. *A súa falsa amabilidade escon-*

de un interesse persoal. **II s.m. 1 Falsidade.** Non sempre è facile distinguere il falso dal vero. *Non sempre é fácil distinguir-la falsidade da verdade.*

**2 Falsificación** (*dunha obra de arte*). Nel mercato d'arte bisogna stare molto attenti ai falsi. *No mercado da arte cómpre estar moi atentos ás falsificacións.* # **falsa modestia:** *falsa modestia*; **falso allarme:** *falsa alarma*; **falso magro:** *persoa que semella delgada pero que non o é*; **giurare il falso:** *xurar en falso*; **mettere sotto falsa luce:** *falar mal, falsamente de alguén*; **oro falso** (*fig.*): *ouropel*.

**fama** s.f. **1 Fama, prestixio, sona.** La fama dona l'immortalità, dicono i poeti. *A fama dá a inmortalidade, din os poetas.* **2 Fama, reputación.** Quel tuo amico ha una brutta fama. *Aquel amigo teu ten mala fama.* # **lasciare fama di sé:** *deixar fama de si mesmo.*

**fame** s.f. **1 Fame, apetito.** Dopo tutta questa fatica mi è venuta fame. *Despois de todo este esforzo veume a fame.* **2** (*ext.*) **Fame.** Il cattivo raccolto di quest'anno porterà tanta fame. *A cativa colleita deste ano traerá moita fame.* **3** (*fig.*) **Sede.** Dopo tante umiliazioni ha fame di giustizia. *Despois de tantas humillacións ten sede de xustiza.* # **brutto come la fame:** *máis feo ca un croio*; **fame da lupo:** *moita fame*; **lungo come la fame:** *moi longo*; **morire di fame:** *morrer coa fame*; **soffrire la fame:** *pasar fame.*

**famiglia** s.f. **Familia** (*tamén fig.*). È una famiglia composta da genitori e quattro figli. *É unha familia composta polos pais e catro fillos.* Al matrimonio furono invitate solo le famiglie degli sposi. *Á voda invitaron só as familias dos noivos.* L'italiano appartiene alla famiglia delle lingue neolatine. *O italiano pertence á familia das linguas neolatinas.* Le balene appartengono alla famiglia dei cetacei. *As baleas pertencen á familia dos cetáceos.* # **essere di famiglia:** *ser da familia*; **essere tutto casa e famiglia:** *ser unha persoa caseira*; **farsi una famiglia:** *casar*; **la Sacra Famiglia:** *a Sagrada Familia*; **stato di famiglia:** *libro de familia.*

**familiare** *adx. Familiar.* Devo discutere alcune questioni familiari con i miei fratelli. *Teño que discutir algunhas cuestións familiares cos meus irmáns.* Questo luogo mi è familiare. *Este lugar éme familiar.* In quella trattoria ti servono in modo familiare. *Naquela casa de comidas sêrvete de xeito familiar.*

**familiarità** s.f. *inv. Familiaridade, confianza* (*intimitadade*). Lavoriamo insieme da anni e abbiamo un rapporto di familiarità. *Traballamos xuntos dende hai anos e temos unha relación de familiaridade.*

**familiarizzarsi** v. *intr. pron.* [*aux. essere*] **Familiarizarse.** Ci siamo familiarizzati con i vicini di casa. *Familiarizámonos cos veciños da casa.*

Prima o poi si familiarizzerà con il nuovo computer. *Antes ou despois familiarizarase co novo ordenador.*

**famoso -a** *adx. 1 Famoso -a* (*glorioso*). La storia tramanda i nomi dei personaggi famosi. *A historia transmite os nomes das personaxes famosas.* **2 Famoso -a, célebre, lembrado -a.** Ti ricordi quel famoso viaggio in Grecia che abbiamo fatto tanti anni fa? *¿Recordas aquela famosa viaxe a Grecia que fixemos hai tantos anos?*

**fanale** s.m. (*Autom.*) **Faro.** Di notte la luce dei fanali può abbagliare gli altri conducenti. *De noite a luz dos faros pode cega-los outros conductores.*

**fanatico -a I** *adx. Fanático -a.* Adorava l'attrice con un fervore fanatico. *Adoraba a actriz cun fervor fanático.* (*ext.*) Si sentivano le urla dei ragazzini fanatici del calcio. *Escoitábanse os berros dos rapaciños fanáticos do fútbol.* **II s. Fanático -a.** Una setta di fanatici religiosi ha compiuto un attentato. *Unha secta de fanáticos relixiosos realizou un atentado.* (*ext.*) Quei ragazzi sono dei fanatici della musica. *Aqueles rapaces son uns fanáticos da música.* **OBS.:** *m. pl. fanatici, f. pl. fanatiche.*

**fanatismo** s.m. **Fanatismo.** Il fanatismo religioso si manifesta spesso con l'intolleranza e la violenza. *O fanatismo relixioso maniféstase con frecuencia coa intolerancia e a violencia.* (*ext.*) A volte la passione sportiva si trasforma in fanatismo di massa. *Ás veces a paixón deportiva transfórmase en fanatismo de masas.*

**fanciullo -a** s. **1 Rapaz -aza, neno -a, cativo -a.** È ingenuo come un fanciullo. *É inxenuo coma un rapaz.* **2 Rapaz -aza** (*mozo*). Queste fanciulle sono innamorate del loro compagno. *Estas rapazas están namoradas do seu compañeiro.*

**fandonia** s.f. **Argallada.** Ma chi ci crede alle sue fandonie? *Pero ¿quen cre as súas argalladas?*

**fanfarone -a** s. **Fanfurriñeiro -a, fantoche.** È un fanfarone, si vanta sempre di quello che non ha. *É un fanfurriñeiro, alardea sempre do que non ten.*

**fango** s.m. **Lama, bulleiro, lodo.** Le tue scarpe erano piene di fango. *Os teus zapatos estaban cheos de lama.* # **cadere nel fango:** *caer no máis baixo*; **fango termale:** *lodo termal*. **OBS.:** *pl. fanghi.*

**fangoso -a** *adx. 1 Lamacento -a, lameiro -a.* Hanno dovuto attraversare un terreno molto fangoso. *Tiveron que atravesar un terreo moi lamacento.* **2 Enlamado -a, embarrado -a.** Devi pulirti le scarpe perché sono fangose. *Tes que limpa-los zapatos porque están enlamados.*

**fannullone -a** s. **Lacazán -ana, folgazán -ana, lerchán -ana.** È un fannullone, dorme tutto il giorno. *É un lacazán, dorme todo o día.*

**fantasia** s.f. **1 Fantasia** (*facultade*). Si è lasciato portare dalla fantasia e vive in un mondo irreal. *Deixouse levar pola fantasia e vive nun mundo irreal.* **2 Fantasia, imaxinación** (*resultado*). Devi dimenticare queste tue fantasie e pensare alla realtà. *Tes que esquecer estas fantasias túas e pensar na realidade.* # **avere fantasia di fare qualcosa:** *dexar facer algo*; **gioiello (di) fantasia:** *xoia de imitación*; **tessuto (di) fantasia:** *tecido estampado.*

**fantasma** s.m. **Fantasma, pantasma, espectro.** Il racconto descriveva un castello abitato dai fantasmi. *O conto describía un castelo habitado por fantasmas.* Lo tormentavano i fantasmi della coscienza. *A tormentábano os fantasmas da conciencia.* **OBS.:** pl. fantasmi.

**fantasticare** v. tr. e intr. [*aux. avere*] **Fantasiar.** Che cosa stai fantasticando? *¿Que estás a fantasiar?* Fantasticare troppo sul futuro è una perdita di tempo. *Fantasiar demasiado sobre o futuro é unha perda de tempo.* **OBS.:** io fantástico, tu fantastichi; v. irreg. V. *táboas 1 e 5.*

**fantasticheria** s.f. **Fantasia, cousa fantástica.** Il suo non è un progetto sensato, ma una fantasticheria. *O seu non é un proxecto sensato, senón unha fantasía.* # **perdersi in fantasticherie:** *perderse en fantasias.*

**fantastico -a** adx. **1 Fantástico -a, ficticio -a, imaxinario -a.** Ho sognato un mondo fantastico di fate e folletti. *Soñei cun mundo fantástico de fadas e tramos.* **2 (fam.) Fantástico -a, magnífico -a, estupendo -a.** Abbiamo visto uno spettacolo fantastico. *Vimos un espectáculo fantástico.* **OBS.:** m. pl. fantastici, f. pl. fantastiche.

**fante** s.m. **1 Infante, soldado de infantería.** I fanti compongono le truppe a piedi dell'esercito. *Os infantes compoñen as tropas de a pé do exército.* **2 Sota.** A briscola il fante vale meno del re. *Na brisca a sota vale menos có rei.* # **scherza coi fanti e lascia stare i santi:** *non se deben tratar á lixeira as cousas importantes.*

**fantoccio** s.m. **1 Boneco, moneco** (*de gran tamaño*). Il bambino giocava con un fantoccio di stracci. *O nenxo gaba cun boneco de trapo.* **2 (fig.) Fantoche, monicreque, monifate** (*persoa*). È un fantoccio nelle mani dei suoi compagni. *É un fantoche nas mans dos seus compañeiros.* # **governo fantoccio:** *governo que non detenta o poder.*

**farabutto -a** s. **Canalla, miserable.** È un farabutto capace di qualunque malvagità. *É un canalla capaz de calquera maldade.*

**farcire** v. tr. [*aux. avere*] **Reencher.** Abbiamo farcito la torta di crema e cioccolato. *Reenchímo-la torta de crema e chocolate.* **OBS.:** io farcisco, tu farcisci.

**fardello** s.m. **1 Fardo, atado.** I profughi partirono con i loro fardelli sulle spalle. *Os refuxiados partiron*

*cos seus fardos ó lombo.* **2 (fig.) Carga** (*lastre*). Certe responsabilità sono fardelli pesanti da portare. *Certas responsabilidades son cargas pesadas de levar.*

**fare I** v. tr. [*aux. avere*] **1 Facer.** Ho fatto un maglione di lana. *Fixen un xersei de la.* Quanto fa sette per cinque? *¿Canto é sete por cinco?* Che cosa hai fatto ieri? *¿Que fixeches onte?* Vi facevo a Milano. *Faciavos en Milán.* La cena mi ha fatto male. *A cea fixome mal.* Aveva fatto tanti soldi. *Fixera moitos cartos.* Mi fanno la vita impossibile. *Fanme a vida imposible.* La nostra casa fa angolo. *A nosa casa fai esquina.* **2 Facer, construír.** La cicogna aveva fatto il nido sul campanile. *A cegoña fixera o niño sobre o campanario.* **3 Facer, compoñer.** Ti ha fatto un sonetto. *Fíxoche un soneto.* **4 Facer, preparar** (*cociñar*). Domani faremo arrosto di vitello. *Mañá faremos asado de tenreira.* **5 Ter** (*reunir, agrupar*). Questa città fa centomila abitanti. *Esta cidade ten cen mil habitantes.* **6 Facer de** (*actuar*). Farò il Re Magio a Natale. *Farei de Rei Mago polo Nadal.* **7 Ser** (*profesión*). Mio padre fa il marinaio. *O meu pai é mariñeiro.* **8 (col.) Dicir.** Si avvicinò e mi fece: hai ragione. *Achegouse e díxome: tes razón.* **9 Nomear, designar.** Il Papa fece cardinale un vescovo gallego. *O Papa nomeou cardeal un bispo galego.* **II** v. intr. [*aux. avere*] **1 Ir** (*ser axeitado*). Il ritmo della città non fa per me. *O ritmo da cidade non me vai.* **2 Sentar** (*ben ou mal*). Un po' di vacanza ti farà proprio bene. *Unhas poucas vacacións sentaranche realmente ben.* **III** v. intr. *impers.* [*aux. avere*] **1 Facer** (*haber*). Fanno cinque mesi che è partito. *Fai cinco meses que marchou.* **2 Facer, ir.** Fa caldo. *Fai calor.* **IV** v. intr. *pron. e refl.* [*aux. essere*] **1 Facerse.** In poco tempo si è fatto un uomo. *En pouco tempo fixose un home.* Si è fatta cattolica. *Fixose católica.* **2 (xerg.) Drogarse.** Quel tipo si fa. *Ese tipo drógase.* # **avere da fare:** *ter que facer*; **cosa fatta capo ha:** *o feito, feito está*; **chi la fa l'aspetti:** *o que a fai páгаа*; **darsi da fare:** *preocuparse, molestarse*; **far fuori / fare la pelle a qualcuno:** *matar a alguén*; **farcela:** *ser capaz, resolver*; **fare a meno di:** *prescindir de*; **fare a metà:** *compartir*; **fare a pugni / a calci / a coltellate** (*tamén fig.*): *empredela a puñadas / a patadas / a coiteladas, ter unha boa agarrada*; **fare bella / brutta figura:** *quedar ben / mal visto*; **fare benzina:** *botarlle gasolina ó coche*; **fare colpo:** *impresionar*; **fare coraggio:** *dar ánimos*; **fare e disfare** (*fig.*): *gobernar*; **fare fuoco:** *disparar*; **fare i capelli:** *corta-lo pelo*; **fare il bravo:** *portarse ben*; **fare il furbo:** *facerse o listo*; **fare il muso:** *estar enfurruñado*; **fare il verso** (*tamén fig.*): *imitar, toma-lo pelo*; **fare la barba:** *afeitarse*; **fare la bella vita:** *darse boa vida*; **fare la fame:** *pasar fame*; **fare la parte di:** *interpreta-lo papel de*; **fare le ore piccole:** *durmir pouco*; **fare le smorfie:** *estar encabuxado*; **fare lezione:** *dar clase*;



**fare notizia:** *dar que falar*; **fare paura:** *dar medo*; **fare piano:** *falar baixo*; **fare presto:** *apurar*; **fare schifo:** *dar noxo*; **fare silenzio:** *calar*; **fare tardi:** *atrasarse*; **fare tesoro di:** *levar no corazón*; **fare un colpo:** *roubar*; **fare un prezzo:** *axustar un prezo*; **fare un sogno:** *soñar*; **fare una figuraccia:** *quedar mal ante os demais*; **farla finita** (*tamén fig.*): *acabar, suicidarse*; **farla franca:** *sair ben parado*; **farla in barba a tutti:** *facermos mofa de todos*; **farne di tutti i colori:** *facermos mil tolerias*; **farsela con qualcuno** (*pop.*): *deitarse con alguén*; **farsi in quattro:** *moles-tarse moito por alguén*; **farsi strada:** *abrirse cami-ño*; **farsi vivo:** *poñerse en contacto*; **non fa niente:** *non importa*; **non fare motto / parola:** *non dar un chío*; **tra il dire e il fare c'è di mezzo il mare:** *do dito ó feito hai un bo treito*. **OBS.:** *seguido de inf. asume valor causativo: fammi pensare: déixame pensar; far credere, vedere ecc.: facer, crer, ver, etc.; far piangere, ridere, ecc.: facer chorar, rir, etc.; a forma inv. fa úsase nos compl. de tempo pasado: sette anni fa: fai sete anos; v. irreg. V. táboa 24.*

**farfalla** *s.f.* **Bolboretta, papoia.** Le farfalle hanno ali colorate. *As bolboretas teñen ás de cores.* # **correre dietro alle farfalle:** *perde-lo tempo en cousas inútiles.*

**farfugliare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Balbuicir.** Farfugliò qualche parola di scusa e se ne andò. *Balbuicir algunhas palabras de escusa e marchou.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**farina** *s.f.* **Fariña.** Con la farina si fa il pane. *Coa fariña faise o pan.* # **farina gialla:** *fariña de millo*; **la farina del diavolo va in crusca:** *as ganancias deshonestas non se gozan con tranquilidade*; **non è farina del tuo sacco:** *non é idea / obra túa.*

**farmacia** *s.f.* **Farmacia.** Per favore, vai in farmacia a comprarmi le medicine. *Por favor, vai á farmacia comprarme as medicinas.* È laureata in farmacia. *É licenciada en farmacia.*

**farmacista** *s.* **Farmacéutico -a.** Il farmacista mi ha consigliato delle pillole contro il mal di testa. *O farmacéutico aconselloume unhas pilulas contra a dor de cabeza.* **OBS.:** *m. pl. farmacisti.*

**farneticare** *v. intr.* [*aux. avere*] **Delirar, desvariar.** La febbre alta lo fa farneticare. *A febre alta faino delirar.* Usa la ragione invece di farneticare in questo modo! *¡Usa a razón en vez de delirar dese modo!* **OBS.:** *io farnetico, tu farnetichi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**faro** *s.m.* **1 Faro.** La luce del faro segnala il porto alle navi in mare. *A luz do faro sinalalle-lo porto ás naves no mar.* Nelle gallerie bisogna accendere i fari. *Nos túneles hai que acende-los faros.* **2 (fig.) Guida** (*que dirixe ou orienta*). La figura di Gandhi rimarrà un faro per il pacifismo mondiale. *A figura*

*de Gandhi permanecerá como unha guía para o pacifismo mundial.* # **guardiano del faro:** *fareiro.*

**farsa** *s.f.* **1 Farsa.** Quell'attore ha interpretato diverse farse. *Aquel actor interpretou varias farsas.* **2 Farsa, argallada, comedia.** Smettila con queste farse e di la verità. *Acaba con estas farsas e di a verdade.* # **fare la farsa:** *facermos comedia.*

**fascia** *s.f.* **1 Faixa.** Indossava un vestito bianco con una fascia celeste in vita. *Levaba un vestido branco cunha faixa celeste na cintura.* Voleva sembrare più snella e usava una fascia. *Quería parecer máis delgada e usaba unha faixa.* **2 Banda** (*fita de tea*). Il sindaco indossava una fascia tricolore. *O alcalde levaba unha banda tricolor.* **3 Tira.** Ha messo una fascia di carta ai documenti. *Púxolles unha tira de papel ós documentos.* **4 (Xeogr.) Franxa.** La frontiera corre lungo una fascia di territorio desertico. *A fronteira corre a través dunha franxa de territorio desértico.* # **fascia elastica:** *venda elástica*; **fascia oraria:** *franxa horaria.* **OBS.:** *pl. fasce.*

**fasciare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Vendar.** Prima di fasciare la ferita, disinfettala bene. *Antes de venda-la ferida, desinfectaa ben.* **2 Cinguir** (*apertar*). Quella ragazza aveva un vestito che la fasciava troppo. *Aquella rapaza tiña un vestido que a cinguía demasiado.* # **fasciarsi il capo prima di romperselo:** *preocuparse por algo que aínda non aconteceu.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 3.*

**fascicolo** *s.m.* **1 Fascículo** (*entrega*). Questa enciclopedia esce a fascicoli nelle edicole. *Esta enciclopedia sae en fascículos nos quioscos.* **2 Atado** (*de papeis*). Il fascicolo dei documenti segreti era in cassaforte. *O atado dos documentos secretos estaba na caixa forte.*

**fascino** *s.m.* **Encanto, atractivo, feitizo.** Roma è una città ricca di fascino per i suoi monumenti storici. *Roma é unha cidade chea de encanto polos seus monumentos históricos.*

**fascio** *s.m.* **1 Feixe, gavela.** Ho preso un fascio d'erba per la mucca. *Collín un feixe de herba para a vaca.* **2 (fig.) Feixe, fato** (*de cousas*). Tornò a casa con un fascio di libri sotto il braccio. *Volveu á casa cun feixe de libros baixo o brazo.* # **fare di tutte le erbe un fascio:** *non distingui-lo bo do malo*; **fasci muscolari:** *feixes de fibras musculares*; **fascio di luce:** *feixe luminoso*; **il Fascio:** *o partido fascista.*

**fase** *s.f.* **1 Fase, stadio, período.** La guerra mondiale ebbe diverse fasi di sviluppo prima di concludersi. *A guerra mundial tivo diversas fases de desenvolvemento antes de concluir.* **2 (Astr.) Fase.** Domani inizia una nuova fase lunare. *Mañá comeza unha nova fase lunar.* # **essere fuori fase:** *non estar en forma.*

**fastidio** *s.m.* **Fastío, noxo.** È un fastidio doversi svegliare sempre presto la mattina. *É un fastío ter que despertar sempre cedo pola mañá.* # **dare fastidio:** molestar; **togliersi il fastidio:** librase dunha preocupación.

**fastidioso -a** *adx.* **Molesto -a.** Ha la fastidiosa abitudine di telefonare sempre all'ora di pranzo. *Ten o molesto costume de telefonar sempre á hora de comer.*

**fata** *s.f.* **Fada.** Il paese delle fate si trova nella nostra immaginazione. *O país das fadas atópase na nosa imaxinación.* # **avere le mani di fata:** ter habilidades nos labores de costura e similares; **essere una fata:** ser unha muller moi fermosa e caritativa.

**fatale** *adx.* **1 Inevitable.** È fatale che gli errori prima o poi si paghino. *É inevitable que os erros antes ou despois se paguen.* **2 Fatal, fatídico -a.** Nelle scalate la minima imprudenza può essere fatale. *Nas escaladas a mínima imprudencia pode ser fatal.* **3 (fig.) Irresistibile (moi atractivo).** Con il suo fascino fatale conquista tutti gli uomini. *Co seu encanto irresistible conquista tódolos homes.* # **ora fatale:** a hora da morte.

**fatalità** *s.f. inv.* **1 Fatalidade, destino, fado.** La fatalità ha voluto che ci incontrassimo proprio oggi. *A fatalidade quixo que nos encontrásemos xusto hoxe.* **2 Fatalidade.** Non è colpa di nessuno; è stata una fatalità. *Non é culpa de ninguén; foi unha fatalidade.*

**fatica** *s.f.* **1 Fatiga, cansazo, canseira.** Dopo il tragico sentivano una grande fatica. *Despois da mudanza sentían unha gran fatiga.* **2 (fig.) Esforzo.** Questo lavoro si fa senza fatica. *Este traballo faise sen esforzo.* # **a fatica:** a penas; **fare fatica:** custar ferro e fariña. **OBS.:** pl. fatiche.

**faticare** *v. intr.* [*aux.* avere] **1 Traballar arreo.** Fatico dalla mattina alla sera. *Traballo arreo da mañá á noite.* **2 (fig.) Custar traballo.** Ha faticato tanto per ottenere quel premio. *Custoulle moito traballo obter aquel premio.* **OBS.:** io fatico, tu faticchi; *v. irreg. V. táboa 5.*

**faticoso -a** *adx.* **Fatigoso -a, cansado -a.** Il mestiere di minatore è molto faticoso. *O oficio de mineiro é moi fatigoso.*

**fato** *s.m.* **Fado, destino, fatalidade.** Non c'è niente da fare, il fato ha voluto così. *Non hai nada que facer, o fado quixoo así.* ♦ *Para referirse a 'fato (grupo)' en italiano emprégase o termo branco, para 'fato, parvo' scemo.*

**fattezze** *s.f. pl.* **Faccións.** Ha dipinto con precisione le fattezze del tuo volto. *Pintou con precisión as faccións do teu rostro.*

**fatto -a** **I part. pas. de fare e adx.** **1 Feito -a, preparato -a.** C'è della pasta fatta in casa. *Hai pasta feita*

*na casa.* Hanno consegnato un lavoro ben fatto. *Entregaron un traballo ben feito.* **2 Feito -a, entrego -a.** Tuo figlio è ormai un uomo fatto. *O teu fillo xa é un home feito.* **II s.m.** **1 Feito, suceso, acontecimento.** Raccontami come si sono svolti i fatti. *Cóntame cómo se desenvolveron os feitos.* **2 (Der.) Feito, acto.** Questo è un fatto illecito condannato dalla legge. *Este é un feito ilícito penado pola lei.* # **abito fatto su misura:** vestido feito á medida; **dal detto al fatto c'è un gran tratto:** do dito ó feito vai un bo trecho; **detto fatto:** meu dito, meu feito; **ecco fatto:** xa está feito; **il fatto è fatto:** o feito, feito está; **passare / scendere a vie di fatto:** chegar ás mans; **venire al fatto:** ir ó conto.

**fattoria** *s.f.* **Granxa.** Ha una fattoria con animali da stalla e da cortile. *Ten unha granxa con animais de corte e de curral.*

**fattura** *s.f.* **1 Factura, nota.** Bisogna pagare queste fatture. *Hai que pagar estas facturas.* **2 Factura, fattura.** Questo abito è di pessima fattura. *Este traxe é de pésima factura.* **3 Meigallo, feitizo, maleficio.** Quel mago ti ha fatto una fattura. *Aquel mago fixoche un feitizo.*

**fatturare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Facturar (en vendas).** Quell'azienda fattura molti miliardi l'anno. *Esa empresa factura moitos miles de millóns ó ano.*

**fatuo -a** *adx.* **Frivolo -a, van va.** Noi eravamo in pensiero, invece lui parlava di cose fatue e incongrue. *Nós estabamos preocupados, en cambio el falaba de cousas frívolas e incongruentes.* # **fuochi fatui:** fogos fatuos. ♦ *Para referirse a 'fatuo, fachendoso' en italiano emprégase o termo presuntuoso.*

**fauna** *s.f.* **Fauna.** La fauna alpina è protetta in riserve e parchi naturali. *A fauna alpina está protexida en reservas e parques naturais.*

**fava** *s.f.* **Faballón.** La fava è un legume simile ad un grosso fagiolo. *O faballón é un legume semellante a un feixón grande.* # **prendere due piccioni con una fava:** matar dous paxaros dun tiro. ♦ *Para referirse á 'faba, feixón' en italiano emprégase o termo fagiolo.*

**favilla** *s.f.* **Faisca.** Dal fuoco scoppiettante si alzavano faville. *Do lume crepitante levantábanse faíscas.* # **fare faville:** ser brillante (unha persoa); **mandare faville dagli occhi (fig.):** chispearlle a alguén os ollos.

**favola** *s.f.* **1 Fábula.** La favola della tartaruga e la lepre mostra che la costanza vale più della rapidità. *A fábula da tartaruga e a lebre mostra que a constancia vale máis cá rapidez.* **2 Fábula (conto, relato).** Ti racconterò la favola di Cappuccetto rosso. *Contareiche a fábula de Carapuchiña vermella.* **3 Fábula, conto, historia.** Non crederci, sono solo favole. *Non o creas, só son fábulas.*

**favore** *s.m.* **Favor**. Godiamo del favore di persone influenti. *Gozamos do favor de persoas influentes*. Un amico mi ha fatto il favore di accompagnarmi a casa in automobile. *Un amigo fixome o favor de acompañarse á casa en automóbil*. # **a** / **in favore di**: *en favor de*; **per favore**: *por favor*; **prezzo di favore**: *prezo de amigo*.

**favorevole** *adx.* **1 Favorable**. Ci ha molto aiutato l'opinione favorevole del segretario. *Axudounos moito a opinión favorable do secretario*. **2 Favorable, oportuno -a, propicio -a**. Ha aspettato il momento favorevole per chiederti i soldi. *Esperou o momento favorable para pedirche os cartos*.

**favorire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Favorecer** (*beneficiar*). Gli investimenti favoriscono lo sviluppo economico. *Os investimentos favorecen o desenvolvemento económico*. # **favorire i documenti**: *face-lo favor de mostra-los documentos*; **favorire un caffè** (*a nivel formal*): *aceptar un café*. **OBS.**: io favorisco, tu favorisci.

**fazzoletto** *s.m.* **Pano da man**. Con questo raffreddore mi porto sempre dietro qualche fazzoletto. *Con este catarro levo sempre comigo algúns panos da man*.

**febbraio** *s.m.* **Febreiro**. A febbraio ce ne andremo al carnevale di Venezia. *En febreiro iremos ó carnaval de Venecia*.

**febbre** *s.f.* **1 Febre, quentura**. La febbre molto alta lo faceva delirare. *A febre moi alta facíao delirar*. **2 (fig.) Febre, ansia**. Gli è venuta una vera e propria febbre per le automobili. *Entroulle unha auténtica febre polos automóviles*. # **febbre da cavallo**: *febre moi alta*.

**febrile** *adx.* **Febril** (*tamén fig.*). Il suo stato febbrile sta migliorando. *O seu estado febril está mellorando*. La concorrenza ci obbliga a lavorare a un ritmo febbrile. *A competencia obríganos a traballar a un ritmo febril*.

**feci** *s.f. pl.* **Feces, excrementos**. L'analisi delle feci fornisce molte informazioni sulla salute di un paziente. *A análise das feces proporciona moitas informacións sobre a saúde dun paciente*.

**fecondare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Fecundar** (*tamén fig.*). I fiori sono fecondati dal polline. *As flores son fecundadas polo pole*. Le acque del Nilo fecondano le campagne egiziane. *As augas do Nilo fecundan os campos exipcios*.

**fecondazione** *s.f.* **Fecundación**. Non avevano figli e decisero di ricorrere alla fecondazione artificiale. *Non tiñan fillos e decidiron recorrer á fecundación artificial*.

**fecondità** *s.f. inv.* **1 Fecundidade, fertilidade** (*tamén fig.*). La fecondità femminile varia con il ciclo mestruale. *A fecundidade feminina varía co ciclo menstrual*. La fecondità di quell'artista durò pochi anni.

*A fecundidade daquel artista durou poucos anos*. **2 (fig.) Fecundidade, feracidade, fertilidade**. Il valore dei terreni agricoli è determinato dalla loro fecondità. *O valor dos terreos agrícolas está determinado pola súa fecundidade*.

**fecondo -a** *adx.* **1 Fecundo -a**. Le vacche di quell'allevamento sono le più feconde della regione. *As vacas daquela granxa son as máis fecundas da rexión*. **2 (fig.) Fecundo -a, feraz, fértil**. Questi campi di grano sono molto fecondi. *Estes campos de trigo son moi fecundos*. Gli ideali trovano terreno fecondo nei giovani. *Os ideais encontran terreo fecundo nos mozos*.

**fedè** *s.f.* **1 Fe**. Aveva perso la fede nella giustizia. *Perdera a fe na xustiza*. I cristiani sono fratelli nella fede. *Os cristiáns son irmáns na fe*. **2 Alleanza** (*anel de voda*). Gli sposi si sono scambiati le fedi. *Os noivos intercambiaron as alianzas*. # **agire in buona/mala fede**: *actuar de boa/mala fe*; **fare atto di fede**: *facer acto de fe*; **fare fede**: *dar fe*; **in fede**: *dou fe* (*nos documentos*); **mantenere / tenere fede alla parola data**: *mante-la fidelidade á palabra dada*.

**fedele I** *adx.* **1 Fiel, leal**. Il cane è l'amico più fedele dell'uomo. *O can é o amigo máis fiel do home*. **2 Fiel, exacto -a**. Questo dipinto è il tuo ritratto fedele. *Esta pintura é o teu fiel retrato*. **II s.** **Fiel** (*crente*). I fedeli di tutte le religioni hanno pregato insieme per la pace nel mondo. *Os fieis de tódalas relixións rezaron xuntos pola paz no mundo*. # **fedele alle promesse**: *fiel ás promesas*; **marito / moglie fedele**: *marido / muller fiel*; **traduzione fedele**: *traducción fiel*.

**fedeltà** *s.f. inv.* **1 Fidelidade, lealdade**. È il mio migliore amico e mi ha dimostrato la sua fedeltà tante volte. *É o meu mellor amigo e demostroume a súa fidelidade moitas veces*. **2 Fidelidade** (*exactitude*). La fedeltà di questa traduzione è garantita dall'autore. *A fidelidade desta traducción está garantida polo autor*. # **alta fedeltà** (*Mús.*): *alta fidelidade*; **fedeltà coniugale**: *fidelidade conxugal*.

**federa** *s.f.* **Funda da almofada**. Le lenzuola di questi letti sono gialle e le federe bianche. *As sabas destas camas son amarelas e as fundas das almofadas brancas*.

**federale** *adx.* **1 Federal**. Gli Stati Uniti sono una repubblica federale. *Os Estados Unidos son unha república federal*. **2 (Dep.) Federado -a**. Nelle partite ufficiali ci sono gli arbitri federali. *Nos partidos oficiais hai árbitros federados*.

**federazione** *s.f.* **Federación**. I sindacati hanno deciso di unirsi in una federazione nazionale. *Os sindicatos decidiron unirse nunha federación nacional*. La Svizzera è una federazione di stati. *Suíza é unha federación de estados*. # **federazione sportiva**: *federación deportiva*.

**fegato** s.m. *Figado, fégado* (tamén fig.). Il fegato filtra le sostanze nutritive. *O figado filtra as substancias nutritivas*. Bisogna avere del fegato per fare il bagno in una vasca così sporca. *Hai que ter figado para bañarse nunha bañeira tan sucia*. # **mangiar-si / rodersi il fegato**: *rabear*.

**felce** s.f. *Fento, fieito, folgueira*. Nella zona più ombrosa del bosco c'erano molte felci. *Na zona máis sombriza do bosque había moitos fentos*.

**felice** adx. **1 Feliz, ditoso -a, alegre**. Erano così felici che gli brillavano gli occhi. *Eran tan felices que lles brillaban os ollos*. I suoi anni più felici sono stati quelli dell'infanzia. *Os seus anos máis felices foron os da infancia*. **2 Feliz, ditoso -a, oportuno -a**. Hai fatto una scelta felice, sei proprio fortunata. *Fixeches unha elección feliz, es realmente afortunada*. # **avere la mano felice**: *saber elixir ben*; e **vissero felici e contenti**: *e viviron felices e contentos*; **felice come una Pasqua**: *contento coma un cuco*.

**felicità** s.f. inv. **1 Felicidade**. Finalmente ha capito che il denaro non fa la felicità. *Finalmente entendeu que o diñeiro non dá a felicidade*. **2 Felicidade, alegría, ledicia**. Ti auguro ogni sorta di felicità nella tua nuova vita. *Deséxoches todo tipo de felicidade na túa nova vida*.

**felino -a I** adx. *Felino -a*. L'atleta fece un salto con agilità felina. *O atleta fixo un salto con axilidade felina*. **II** s.m. pl. *Felinos*. I felini sono animali carnivori, appartenenti alla famiglia dei felidi. *Os felinos son animais carnívoros, pertencentes á familia dos félidos*. # **andatura felina**: *andar de gato*.

**femmina I** s.f. **1 Femia** (de sexo feminino). Le femmine hanno un forte istinto di difesa dei loro cuccioli. *As femias teñen un forte instinto de defensa das súas crías*. **2 Muller**. Hanno due figli: un maschio e una femmina. *Teñen dous fillos: un home e unha muller*. **II** adx. inv. *Femia*. Hanno liberato sei scoiattoli femmina. *Liberaron seis esquíos femia*. (ext.) Ci vuole una spina femmina. *Fai falta un enchufe femia*.

**femminile** adx. *Feminino -a*. La squadra femminile della nostra scuola ha vinto la gara. *O equipo feminino da nosa escola gañou a competición*. Il sostantivo 'casa' è di genere femminile. *O substantivo 'casa' é de xénero feminino*. Lodavano la delicatezza femminile dell'attrice. *Loaban a delicadeza feminina da actriz*.

**femore** s.m. *Fémur*. È stato operato per una frattura al femore. *Foi operado por unha fractura no fémur*.

**fendere I** v. tr. [aux. avere] *Fender* (tamén fig.). Il contadino fendeva la terra con l'aratro. *O labrego fendía a terra co arado*. Il transatlantico fendeva maestoso le onde dell'oceano. *O transatlántico fendía maxestoso as ondas do océano*. **II** v. intr. pron.

[aux. essere] *Fender*. La roccia si sta fendendo a causa dell'erosione dell'acqua. *A rocha está a fender por mor da erosión da auga*.

**fenomeno** s.m. **1 Fenómeno**. La scienza studia i fenomeni naturali. *A ciencia estudia os fenómenos naturais*. L'avvento dell'informatica è un fenomeno recente. *A chegada da informática é un fenómeno recente*. **2** (fam.) *Fenómeno, portento, prodixio*. Quell'atleta è un fenomeno. *Ese atleta é un fenómeno*.

**gabbiano** s.m. *Gaivota, gavota*. I gabbiani sono grandi uccelli acquatici dal caratteristico piumaggio bianco. *As gaivotas son grandes aves acuáticas cunha característica plumaxe branca*. ♦ *Para referirse ó 'gabián' en italiano emprégase o termo sparviero*.

**gabinetto** s.m. **1 Gabinete, governo**. Il presidente cambierà due ministri del gabinetto. *O presidente cambiará dous ministros do gabinete*. **2 Baño, toilette, váter**. Vado al gabinetto a lavarmi le mani. *Vou ó baño lava-las mans*. **3 Váter**. Dobbiamo chiamare l'idraulico perché il gabinetto si è otturato. *Temos que chama-lo fontaneiro porque o váter atououse*.

**gaio -a** adx. **1 Alegre, divertido -a**. Tuo cugino ha un carattere gaio e ottimista. *Teu curmán ten un carácter alegre e optimista*. **2 (fig.) Alegre, vivo -a**. L'ambiente della festa era gaio, divertente. *O ambiente da festa era alegre, divertido*.

**gala** s.f. *Gala (celebración)*. Gli invitati alla cena di gala erano tutti elegantissimi. *Os invitados á cea de gala estaban todos moi elegantes*. # **abito di gala**: *traxe / vestido de gala*; **pranzo di gala**: *comida de gala*; **serata di gala**: *noite de gala*.

**galante** adx. *Galante, cortés*. È una persona molto galante, bacia sempre la mano alle signore. *É unha persoa moi galante, sempre lles bica a man ás señoras*.

**galanteria** s.f. *Galantería, cortesía*. È sempre un piacere uscire con lui; è un uomo di una galanteria squisita. *É sempre un pracer saír con el; é un home dunha galantería exquisita*.

**galantuomo** s.m. *Cabaleiro*. Ti puoi fidare pienamente di lui; è un vero galantuomo. *Pódeste fiar plenamente del; é un auténtico cabaleiro*. # **il tempo è galantuomo**: *o tempo dirá*; **parola di galantuomo**:

*palabra de honor; vivere da galantuomo: vivila vida*. **OBS.:** pl. galantuomini.

**galassia** s.f. *Galaxia*. La nostra galassia si chiama Via Lattea. *A nosa galaxia chámase Vía Láctea*.

**galateo** s.m. **1 Boa educación**. Conviene comportarsi sempre secondo le norme del galateo. *Convén comportarse sempre segundo as normas da boa educación*. **2 Conxunto das normas de cortesia que regulan as relacións sociais**.

**galera** s.f. *Cárcere, cadea, prisión*. Ha commesso un delitto e perciò dovrà andare in galera. *Cometeu un delito e por iso terá que ir ó cárcere*. # **avanzo di galera / pezzo da galera**: *delincuente*.

**galla (a -)** loc. adv. *Na superficie da auga*. Eravamo sulla spiaggia quando abbiamo visto una bottiglia a galla. *Estabamos na praia cando vimos unha botella na superficie da auga*. # **rimanere a galla**: *conseguir salvarse nas situacións críticas*; **stare a galla**: *flotar*; **tenersi a galla**: *ir tirando*; **venire a galla**: *descubrirse, saír á luz*.

**galleggiante I** adx. *Flotante, que flota*. Le boe sono segnalazioni galleggianti per le navi. *As boias son sinais flotantes para os barcos*. **II s.m. Boia, flotador**. I galleggianti indicavano ai bagnanti il limite da non oltrepassare. *As boias indicábanlles ós bañistas o límite que non podían sobrepasar*. Le reti da pesca si tengono nell'acqua grazie ai galleggianti. *As redes de pesca mantéñense na auga gracias ás boias*.

**galleggiare** v. intr. [aux. avere] *Flotar, aboiar*. Il sughero galleggia sull'acqua. *A cortiza flota na auga*. **OBS.:** io galleggio, tu galleggi; v. irreg. *V. táboa 4*.

**gallego -a I** adx. *Galego -a*. Il clima gallego è atlantico. *O clima galego é atlántico*. **II s. 1 Galego -a (persoa)**. È proverbiale la nostalgia dei galleggi lontani dalla loro terra. *É proverbial a nostalxia dos galegos lonxe da súa terra*. **2 (m. sing.) Galego -a (lingua)**. Il gallego ed il portoghese sono lingue affini. *O galego e o portugués son linguas afíns*. **OBS.:** m. pl. galleggi, f. pl. galleghe.

**galleria** s.f. **1 Túnel.** Mentre il treno passava in galleria, hanno acceso le luci nel vagone. *Mientras o tren pasaba polo túnel, acenderon as luces no vagón.* **2 Galería, túnel.** C'è stata un'esplosione nella galleria: due minatori sono rimasti sepolti. *Houbo unha explosión na galería: dous mineiros quedaron sepultados.* **3 Galería (de arte).** Ho comprato questo quadro in una nuova galleria d'arte. *Comprei este cuadro nunha nova galería de arte.* **4 Anfiteatro (dos cines e teatros).** I biglietti per la galleria costano meno degli altri. *As entradas de anfiteatro costan menos cáas outras.* ♦ *Para referirse á 'galería (dunha casa)' en italiano emprégase o termo veranda.*

**gallicismo** s.m. **Galicismo.** I gallicismi sono prestiti linguistici di origine galloromanza. *Os galicismos son préstamos lingüísticos de orixe galorrománica.*

**gallina** s.f. **Galiña, pita.** La gallina aveva tre pulcini sotto l'ala. *A galiña tiña tres pitos baixo da á.* # **andare a letto con le galline:** ir para a cama coas galiñas; **cervello di gallina:** persoa pouco intelixente; **zampe di gallina:** patas de galo.

**gallo** s.m. **Galo.** I galli cantano all'alba. *Os galos cantan á alba.* # **al canto del gallo:** á alba; **essere il gallo del pollaio:** se-lo preferido das mulleres; **fare il gallo:** ensoberbecerse; **gallo cedrone:** pita do monte.

**galoppare** v. intr. [aux. avere] **Galopar.** Il cavallo galoppava nella pianura. *O cabalo galopaba pola chaira.*

**galoppo** s.m. **Galope.** Il cavallo correva al galoppo. *O cabalo corría ó galope.* # **al galoppo / di galoppo:** ó galope.

**gamba** s.f. **1 (Anat.) Perna.** Con questa gonna così lunga non ti si vedono quasi le gambe. *Con esta saia tan longa case non se che ven as pernas.* **2 Pata (dos mobles).** Preferisco i tavoli a una sola gamba perché sono più comodi. *Prefiro as mesas cunha soa pata porque son máis cómodas.* **3 Perneira.** I pantaloni mi sono un po' stretti di gamba. *Os pantalóns quédanme un pouco estreitos de perneira.* # **andarsene con la coda fra le gambe:** marchar co rabo entre as pernas; **darsela a gambe:** liscar; **essere in gamba:** (fam.) ser un bo tipo, cheo de calidades; **fare il passo più lungo della gamba:** estira-lo brazo máis do que dá a manga; **rimettersi in gamba (fam.):** recuperarse dunha enfermidade. ♦ *Para referirse á 'gamba (crustáceo)' en italiano emprégase o termo gamberetto.*

**gamberetto** s.m. **Gamba.** I gamberetti sono piccoli crostacei dal corpo allungato. *As gambas son pequenos crustáceos de corpo alongado.*

**gambero** s.m. **Crustáceo mariño ou de auga doce que abarca varias especies.** # **camminare / fare come i gamberi:** andar cara atrás (espec. en senso fig.); **diventare rosso come un gambero:** pór(se)

*rubio;* **gambero di mare:** lumbricante; **gambero imperiale:** lagostino; **gambero rosso:** gamba vermella.

**gambo** s.m. **1 Talo.** Il gambo sostiene le foglie e i fiori. *O talo sostén as follas e as flores.* **2 Rabo (da froita, da folla).** I frutti sono uniti ai rami dell'albero dal gambo. *Os froitos están unidos ás pólas das árbores polo rabo.*

**gamma** s.f. **1 Gama, escala (cromática).** In questo bosco si può vedere tutta la gamma dei verdi. *Neste bosque pódese ver toda a gama dos verdes.* **2 Gama.** Questo concessionario offre un'ampia gamma di automobili usate. *Este concesionario ofrece unha ampla gama de automóviles usados.*

**gancio** s.m. **Gancho.** Nelle macellerie si appende la carne ai ganci. *Nas carnicerías cólgase a carne nos ganchos.* # **i gancetti del reggisenò:** os corchetes do suxeitador.

**gara** s.f. **Competición.** Per le feste ci sarà una gara ciclistica nel paese. *Polas festas haberá unha competición ciclista na vila.* # **fare a gara:** competir; **fuori gara:** fóra de competición; **gara d'appalto:** concurso / poxa.

**garage** s.m. inv. **Garaxe.** Lui lascia la macchina nel garage sotto casa sua. *El deixa o coche no garaxe debaixo da súa casa.* **OBS.:** pronúnciase /ga'raz/.

**garantire** v. tr. [aux. avere] **Garantir (dar por segu-ro).** Non hanno garantito il buon esito dell'operazione economica. *Non garantiron o bo resultado da operación económica.* **OBS.:** io garantisco, tu garantisci.

**garanzia** s.f. **Garantía (tamén fig.).** Il forno ha una garanzia di due anni. *O forno ten unha garantía por dous anos.* Quest'attore è una garanzia di successo per lo spettacolo. *Este actor é unha garantía de éxito para o espectáculo.*

**garbato -a** adx. **Xentil, cortés.** È un ragazzo molto garbato che ci saluta sempre con educazione. *É un rapaz moi xentil que sempre nos saúda con educación.*

**garbo** s.m. **Xentileza, cortesia, amabilidade.** È molto educato, tratta tutti con garbo. *É moi educado, trata a todos con xentileza.* ♦ *Para referirse ó 'garbo, xeito' en italiano emprégase o termo stile.*

**garbuglio** s.m. **Maraña, lea (tamén fig.).** Davanti alla presa c'è un garbuglio di fili. *Diante do enchufe hai unha maraña de cables.* Finalmente è riuscito a mettere ordine in quel garbuglio di sentimenti. *Finalmente conseguiu poñer orde naquela maraña de sentimentos.*

**gardenia** s.f. **Gardenia.** La gardenia è un arbusto originario dell'Asia. *A gardenia é un arbusto orixinario dell'Asia.*



rio de Asia. Le gardenie sono fiori bianchi e profumati. *As gardenias son flores brancas e perfumadas.*

**gareggiare** v. intr. [*aux.* avere] **1 Competir, rivalizar.** I due attori gareggiano in professionalità. *Os dous actores compiten en profesionalidade.* **2 Participar nunha competición.** I migliori ciclisti hanno gareggiato sabato. *Os mellores ciclistas participaron nunha competición o sábado.* **OBS.:** io gareggio, tu gareggi; v. irreg. *V. táboa 4.*

**garofano** s.m. **1 Caravel, caraveleira.** Il garofano è una pianta ornamentale. *O caravel é unha planta ornamental.* **2 Caravel.** Ho fatto un bel mazzo di garofani rossi e bianchi. *Fixen un bonito ramo de caraveis vermellos e brancos.* # **chiodi di garofano: cravos (especia).**

**garza** s.f. (*Med.*) **Gasa.** Mi hanno coperto la ferita con una garza. *Cubríronme a ferida cunha gasa.* ♦ *Para referirse á 'garza' en italiano emprégase correntemente o termo airone.*

**gas** s.m. inv. **Gas.** Spegni il gas prima di andare a letto. *Apaga o gas antes de deitarte.* # **a tutto gas: a todo gas; dare gas: acelera-lo motor.**

**gasolio** s.m. **Gasóleo.** Ha comprato una macchina diesel perché il gasolio è più economico della benzina. *Comprou un coche diesel porque o gasóleo é máis barato cá gasolina.*

**gassosa** s.f. **Gasosa.** D'estate ci piace bere vino con gassosa. *No verán gústanos beber viño con gasosa.*

**gastronomia** s.f. **Gastronomía.** È un appassionato di gastronomia e gli piace mangiare bene. *É un apaixonado da gastronomía e gústalle comer ben.*

**gastronomico -a** adx. **Gastronómico -a.** La pasta e la pizza sono specialità gastronomiche italiane. *A pasta e a pizza son especialidades gastronómicas italianas.* **OBS.:** m. pl. gastronomici, f. pl. gastronomiche.

**gatto -a** s. **Gato -a (animal).** Ai gatti non piace l'acqua. *Os gatos non lles gusta a auga.* # **essere come cani e gatti: levarse coma o can e o gato; essere in quattro gatti: ser catro gatos; far la gatta morta: facerse a gata morta; prendersi una gatta da pelare: meterse en historias; qui gatta ci cova: aquí hai gato encerrado. ♦ *Para referirse ó 'gato mecánico' en italiano emprégase o termo cric ou cricco.***

**gazza** s.f. **Pega.** La gazza è un uccello che ha l'abitudine di nascondere gli oggetti luccicanti. *A pega é unha ave que acostuma esconde-los obxectos brillantes.*

**gazzella** s.f. **Gacela.** La gazzella è un ruminante africano molto agile e veloce. *A gacela é un ruminante africano moi áxil e veloz.*

**gelare I** v. tr. [*aux.* avere] **Conxelar** (*unha parte do corpo polo frío*). Questo vento mi gela la faccia. *Este frío conxélame a cara.* **II** v. intr. e intr. pron.

[*aux.* essere] **1 Conxelarse.** D'inverno nei paesi freddi i laghi gelano. *Polo inverno nos países fríos os lagos conxélanxe.* Ho dimenticato i guanti e mi si sono gelate le mani. *Esquecín os guantes e conxeláronseme as mans.* **2 Xear.** Questa notte è gelato. *Esta noite xeou.* # **sentirsi gelare il sangue (nelle vene): sentir un medo ou un horror terrible.**

**gelata** s.f. **Xeada.** Le gelate delle ultime notti hanno danneggiato i raccolti. *As xeadas das últimas noites danaron as colleitas.*

**gelataio -a** s. **Xeadeiro -a.** D'estate lavora come gelataio. *No verán traballa como xeadeiro.*

**gelateria** s.f. **Xeadería.** Questa gelateria fa i migliori gelati della città. *Esta xeadería fai os mellores xeados da cidade.*

**gelato -a I** part. pas. de gelare e adx. **Xeado -a.** I venti gelati del nord hanno abbassato moltissimo le temperature. *Os ventos xeados do norte baixaron moitísimo as temperaturas.* **II** s.m. **Xeado.** Vorrei un gelato alla fragola con panna. *Quero un xeado de amorodo con nata.*

**gelido -a** adx. **1 Xélido -a, glacial.** Con quest'aria gelida mi si sono screpolate le labbra. *Con este aire xélido gretáronseme os labios.* **2 (fig.) Xélido -a, glacial.** L'accoglienza che le hanno fatto non è stata cordiale, anzi, direi gelida. *A acollida que lle fixeron non foi cordial, aínda máis, diría que foi xélida.*

**gelo** s.m. **Frío intenso** (*con temperaturas inferiores ós cero graos*). Il gelo dell'inverno ha rovinato le piante del giardino. *O frío intenso do inverno estragou as plantas do xardín.* ♦ *Para referirse ó 'xeo' en italiano emprégase o termo ghiaccio.*

**gelosia** s.f. **1 Celos.** Suo figlio provava gelosia per il fratellino piccolo. *O seu fillo tiña celos do irmanción pequeno.* **2 Envexa.** Tra i compagni di lavoro a volte c'è un po' di gelosia. *Entre os compañeiros de traballo ás veces hai un pouco de envexa.* **3 Celosía.** Hanno messo le gelosie alle finestre del pianterreno. *Puxéronlles celosías ás fiestras da planta baixa.*

**geloso -a** adx. **1 Celoso -a** (*que sente celos*). Ha un marito troppo geloso che quasi non la lascia uscire da sola. *Ten un marido demasiado celoso que case non a deixa saír soa.* **2 Envexoso -a.** È molto geloso dei successi dei suoi colleghi. *É moi envexoso dos éxitos dos seus compañeiros.*

**gelsomino** s.m. **Xasmín.** Il gelsomino si coltiva soprattutto per l'essenza che se ne estrae. *O xasmín cultivase sobre todo pola esencia que se extrae del.* I gelsomini sono fiori molto usati nell'industria dei profumi. *Os xasmíns son unhas flores moi usadas na industria dos perfumes.*

**gemello -a I** adx. **Xemelgo -a** (*tamén fig.*). Ti confondo sempre con la tua sorella gemella. *Sempre te confundo coa túa irmá xemelga.* Abbiamo comprato

due letti gemelli per la camera degli ospiti. *Compramos dúas camas xemelgas para o cuarto dos hóspedes.* **II s. 1 Xemelgo -a.** I gemelli non sempre si assomigliano. *Os xemelgos non sempre se parecen.* **2 (en pl.; Astrol.) Xémini, xemelgos.** Il tuo segno zodiacale è Gemelli perché sei nato il quattro giugno. *O teu signo zodiacal é Xémini porque nacíche-lo catro de xuño.*

**gemere** v. intr. [aux. avere] **1 Xemer, lairse.** Il ferito gemeva di dolore. *O ferido xemía de dor.* **2 (fig.) Xemer.** Si sentivano gli alberi gemere per il vento. *Sentíanse xeme-las árbores co vento.*

**gemito** s.m. **Xemido.** Sentire quei gemiti di dolore mi angosciava. *Sentir aqueles xemidos de dor angustiábame.*

**gemma** s.f. **1 Xema, abrocho, gromo.** Da questa gemma si svilupperà il fiore della pianta. *Desta xema desenvolverase a flor da planta.* **2 Xema, pedra preciosa.** Ho un amico che importa gemme. *Teño un amigo que importa xemas.*

**generale** I adx. **1 Xeral.** Ogni quattro anni ci sono le elezioni generali. *Cada catro anos hai eleccións xerais.* **2 Xeral, común.** Le nuove misure del governo hanno provocato un malcontento generale. *As novas medidas do goberno ocasionaron un descontento xeral.* **II s.m. (Mil.) Xeneral.** L'hanno promosso a generale. *Ascendérono a xeneral.* # **generale di brigata / di divisione:** *xeneral de brigada / de división.*

**generalità** s.f. inv. **1 Xeneralidade.** La generalità di questo principio fa sì che possa essere applicato a tutti i casi. *A xeneralidade deste principio fai que poida ser aplicado a tódolos casos.* **2 Xeneralidade, maioría.** La generalità degli operai parteciperà allo sciopero. *A xeneralidade dos obreiros participará na folga.* **3 (espec. en pl.) Xeneralidades.** Ha cominciato il suo intervento commentando certe generalità sull'argomento. *Comezou a súa intervención comentando algunhas xeneralidades sobre o tema.* **4 (pl.) Conxunto de datos para a identificación dunha persoa.**

**generalizzare** v. tr. e intr. [aux. avere] **Xeneralizar.** Cercano di generalizzare l'impiego di questo farmaco per debellare la malattia. *Tratan de xeneraliza-lo emprego deste fármaco para erradica-la enfermidade.* Quando dici che spendiamo troppo in vestiti, generalizzi. *Cando dis que gastamos demasiado en roupa, xeneralizas.*

**generare** v. tr. [aux. avere] **1 Xerar, concibir, procrear.** Adamo generò Caino e Abele. *Adán xerou a Cain e Abel.* **2 (fig.) Xerar, producir, orixinar.** Generare elettricità. *Xerar electricidade.* Generare confusione. *Xerar confusión.* Generare passioni. *Xerar paixóns.* **OBS.:** io **genero;** v. irreg. V. *táboa 1.*

**generazione** s.f. **Xeración.** La generazione è il processo per cui gli esseri viventi si riproducono. *A xeración é o proceso polo cal os seres vivos se reproducen.* L'attuale generazione ha problemi che non avevano quelle precedenti. *A actual xeración ten problemas que non tiñan as anteriores.*

**genere** s.m. **1 Xénero, clase, tipo.** In questo locale viene gente di ogni genere. *A este local vén xente de todo xénero.* Questo genere di scherzi non mi piace. *Este xénero de bromas non me gusta.* **2 (Lit.; Mús.; Bot.; Zool.; Gram.) Xénero.** Le opere teatrali appartengono al genere drammatico. *As obras teatrais pertencen ó xénero dramático.* **3 (Bot. / Zool. / Gram.) Xénero.** Il cane appartiene al genere dei canidi. *O can pertence ó xénero dos cánidos.* 'Libro' è un sostantivo di genere maschile. *'Libro' é un substantivo de xénero masculino.* # **del genere:** *semellante, análogo -a;* # **il genere umano:** *o xénero humano;* # **in genere:** *en xeral;* # **nel suo genere:** *no seu estilo.*

**generico -a** adx. **Xenérico -a.** Sii più concreto, la tua risposta è troppo generica. *Se máis concreto, a túa resposta é demasiado xenérica.* # **medico generico:** *médico de familia.* **OBS.:** m. pl. *generici,* f. pl. *generiche.*

**genero** s.m. **Xenro.** Oggi vengono a pranzo mia figlia e mio genero. *Hoxe veñen come-la miña filla e o meu xenro.*

**generosità** s.f. inv. **1 Xenerosidade.** Gli perdonarono la colpa in un atto di generosità. *Perdoáronlle a culpa nun acto de xenerosidade.* **2 Xenerosidade, largueza.** L'hanno ricompensato con generosità per aver restituito l'anello. *Recompensárono con xenerosidade por devolve-lo anel.*

**generoso -a** adx. **1 Xeneroso -a.** Sei stato molto generoso a perdonargli ciò che ti aveva fatto. *Fuches moi xeneroso perdoándolle o que che fixera.* **2 Xeneroso -a, espléndido -a.** È molto generoso e divide sempre con noi quello che ha. *É moi xeneroso e sempre comparte conosco o que ten.* # **mancia generosa:** *propina xenerosa;* # **terra generosa:** *terra xenerosa.*

**genesi** s.f. inv. **Xénese, creación.** La genesi dell'umanità. *A xénese da humanidade.* La genesi di un'opera d'arte. *A xénese dunha obra de arte.* # **Genesi / II Genesi:** *Libro da Xénese.*

**gingiva** s.f. **Enxiva.** Devo andare dal dentista perché ho un'infezione alle gengive. *Debo ir ó dentista porque teño unha inflamación nas enxivas.*

**geniale** adx. **Xenial, extraordinario -a, sensacional.** Ha avuto un'idea geniale che tutti hanno accettato entusiasti. *Tivo unha idea xenial que todos aceptaron entusiasmados.*

**genio** *s.m.* **1 Dote, talento, aptitude.** Il genio militare di questo generale è ammirato da tutti. *Todos admiran as dotes militares deste xeneral.* **2 Xenio** (*persoa moi intelixente*). Einstein è stato un genio. *Einstein foi un xenio.* # **andare a genio:** *resultar simpático*; **essere di mio / nostro...** **genio:** *ser do meu / noso... agrado*; **uomo di genio:** *home de gran talento.*

**genitale I** *adx. Xenital.* Ha dato una conferenza sulle malattie degli organi genitali. *Deu unha conferencia sobre as enfermidades dos órganos xenitais.* **II** *s.m. pl. Xenitais.* Gli organi sessuali esterni vengono chiamati genitali. *Os órganos sexuais externos son chamados xenitais.*

**genitore** *s.m. (espec. en pl.) Pai* (*o pai e a nai*). Devi sempre rispettare i tuoi genitori. *Tes que respectar sempre os teus pais.*

**gennaio** *s.m. Xaneiro.* Gennaio è il primo mese dell'anno. *Xaneiro é o primeiro mes do ano.*

**genovese I** *adx. Xenovés -esa.* Il porto genovese è uno dei più importanti d'Europa. *O porto xenovés é un dos máis importantes de Europa.* **II** *s. 1 Xenovés -esa* (*persoa*). I genovesi sono i cittadini di Genova. *Os xenoveses son os cidadáns de Xénova.* **2** (*m. sing.*) *Xenovés (dialecto).* Non l'ho capito perché mi parlava in genovese. *Non o entendín porque me falaba en xenovés.* # **alla genovese:** *feito á maneira xenovesa.*

**gente** *s.f. Xente.* Non si poteva camminare perché la piazza era piena di gente. *Non se podía camiñar porque a praza estaba chea de xente.* # **brava gente:** *boa xente*; **che razza di gente:** *que tipo de xente*; **gente di teatro / di toga / di chiesa:** *xente de teatro / de leis / de igrexa.* **OBS.:** *pl. genti.*

**gentile** *adx. Amable, atento -a, xentil.* Mi piace frequentare persone educate e gentili. *Gústame andar con persoas educadas e amables.* Ho ricevuto un invito molto gentile ad andare alla festa. *Recibín unha invitación moi amable para ir á festa.*

**gentilezza** *s.f. 1 Amabilidade, xentileza* (*calidade*). Mi piace comprare lì perché mi trattano con molta gentilezza. *Gústame comprar alí porque me tratan con moita amabilidade.* **2 Xentileza, amabilidade, atención** (*feito*). Ha avuto la gentilezza di accompagnarmi a casa. *Tivo a xentileza de acompañarme á casa.* # **fare la gentilezza:** *face-lo favor*; **per gentilezza:** *por favor.*

**gentiluomo** *s.m. 1 Xentilhome.* Nel castello abitava un gentiluomo. *No castelo vivía un xentilhome.* **2 Cabaleiro.** Si è dimostrato un gentiluomo aiutando quell'anziana. *Demostrou ser un cabaleiro ó axudarlle a aquela anciá.* **OBS.:** *pl. gentiluomini.*

**genuino -a** *adx. Xenuíno -a, auténtico -a, lexítimo -a.* È una marmellata di fragole genuina e naturale. *É unha marmelada de amorodos xenuína e natural.*

**geografia** *s.f. Xeografía.* La geografia è una scienza che si occupa della descrizione della Terra. *A xeografía é unha ciencia que se ocupa da descrición da Terra.*

**geografico -a** *adx. Xeográfico -a.* Oggi abbiamo studiato i fiumi europei sulla cartina geografica. *Hoxe estudiamo-los ríos europeos no mapa xeográfico.* **OBS.:** *m. pl. geografici, f. pl. geografiche.*

**geologia** *s.f. Xeoloxía.* La geologia studia l'origine e la costituzione della crosta terrestre. *A xeoloxía estudia a orixe e a constitución da codia terrestre.*

**geometria** *s.f. Xeometría.* La geometria è un ramo delle matematiche che studia le figure, le linee e i corpi solidi. *A xeometría é unha rama das matemáticas que estudia as figuras, as liñas e os corpos sólidos.*

**geranio** *s.m. Xeranio.* Abbiamo messo i gerani sul balcone perché sono piante molto resistenti. *Puxémo-los xeranios no balcón porque son plantas moi resistentes.*

**gerarchia** *s.f. Xerarquía.* La Chiesa e l'Esercito sono organizzati in gerarchie molto rigide. *A Igrexa e o Exército están organizados en xerarquías moi rixidas.*

**gerarchico -a** *adx. Xerárquico -a.* L'esercito ha una struttura gerarchica. *O exército ten unha estrutura xerárquica.* **OBS.:** *m. pl. gerarchici, f. pl. gerarchiche.*

**gerente** *s. Xerente.* La nuova gerente della società ha presieduto la riunione. *A nova xerente da sociedade presidiu a reunión.*

**gergo** *s.m. 1* (*Ling.; pex.*) *Xerga.* Ha appena pubblicato un libro con i suoi studi sui gerghi. *Acaba de publicar un libro cos seus estudos sobre as xergas.* Certi gruppi sociali utilizzano il gergo per non farsi capire. *Algúns grupos sociais utilizan a xerga para que non os entendan.* **2 Argot** (*dun oficio ou profesión*). Quando i medici cominciano a parlare il loro gergo nessuno li capisce. *Cando os médicos comezan a fala-lo seu argot ninguén os entende.* # **gergo della malavita:** *xerga / argot dos delinquentes.* **OBS.:** *pl. gerghi.*

**germe** *s.m. 1 Xerme* (*microorganismo*). Devi disinfettare bene la ferita per eliminare tutti i germi. *Tes que desinfectar ben a ferida para eliminar tódolos xermes.* **2 Xerme, xermolo** (*tamén fig.*). Il germe di grano contiene molte vitamine. *O xerme de trigo contén moitas vitaminas.* Quella forte discussione è stata il germe della discordia fra di loro. *Aquela forte discusión foi o xerme da discordia entre eles / elas.*

**germogliare** v. intr. [aux. essere / avere] *Xermolar, xerminar*. I semi che abbiamo piantato hanno già cominciato a germogliare. *As sementes que plantamos xa comezaron a xermolar*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.

**germoglio** s.m. **1 Xermolo, grelo**. Il germoglio è il primo stadio di sviluppo di una pianta. *O xermolo é o primeiro estado de desenvolvemento dunha planta*. **2 Gromo, abrocho, botón**. In primavera i rami degli alberi si riempiono di germogli. *Na primavera as pólas das árbores énchense de gromos*. **OBS.:** pl. germogli.

**geroglifico** s.m. *Xeroglifo, xeroglífico*. I geroglifici sono i caratteri della scrittura degli antichi egizi. *Os xeroglifos son os caracteres da escritura dos antigos exipcios*. **OBS.:** pl. geroglifici.

**gerundio** s.m. *Xerundio*. La forma 'cantando' è il gerundio del verbo 'cantare'. *A forma 'cantando' é o xerundio do verbo 'cantar'*.

**gesso** s.m. **1 Xeso**. Il gesso è un minerale bianco. *O xeso é un mineral branco*. **2 Xiz**. Il gesso si utilizza a scuola per scrivere sulla lavagna. *O xiz utilízase na escola para escribir no encerado*.

**gesticolare** v. intr. [aux. avere] *Xesticular, acenar*. Il mimo gesticolava imitando un ciarlatano. *O mimo xesticulaba imitando un charlatán*. **OBS.:** io gesticolo; v. irreg. *V. táboa 1*.

**gestione** s.f. *Xestión, administración, dirección*. Da quando ha assunto la gestione, l'azienda è cresciuta molto. *Dende que asumiu a xestión, a empresa creceu moito*.

**gestire** v. tr. [aux. avere] **1 Dirixir, administrar**. Hanno aperto un albergo e lo gestiscono insieme. *Abriron un hotel e dirixeno xuntos*. **2 Xestionar, tramitar**. La responsabile del personale ha gestito l'assunzione di nuovi impiegati. *A responsable do persoal xestionou a contratación de novos empregados*. **OBS.:** io gestisco, tu gestisci.

**gesto** s.m. **1 Xesto, aceno**. Non poteva parlare e me l'ha spiegato a gesti. *Non podía falar e explicoumo con xestos*. **2 (fig.) Xesto, trazo**. È stato un bel gesto da parte tua aiutarlo. *Foi un bonito xesto pola túa parte axudalo*.

**gestuale** adx. *Xestual*. I sordi comunicano con un linguaggio gestuale. *Os xordos comunicanse cunha linguaxe xestual*.

**gettare I** v. tr. [aux. avere] *Tirar, botar, lanzar*. Mi hanno gettato le chiavi dalla finestra. *Tiráronme as chaves desde a fiestra*. **II** v. refl. [aux. essere] *Tirarse, botarse, lanzarse*. Si è gettato in acqua per salvare il bambino. *Tirouse á auga para salvarlo neno*. # **gettare il denaro:** *tira-los cartos*; **gettare l'ancora:** *bota-la áncora*; **gettare la rete:** *bota-la rede*; **gettare le armi:** *renderse*.

**getto** s.m. *Chorro*. Dal pozzo uscì un getto di petrolio. *Do pozo saíu un chorro de petróleo*.

**gettone** s.m. *Ficha (telefónica)*. Chi mi può prestare un gettone per fare una telefonata? *¿Quen me pode deixar unha ficha para facer unha chamada telefónica?* **OBS.:** *esta ficha, que logo foi perdendo a súa función inicial, equivalía a 200 liras e usábase como moeda*.

**ghepardo** s.m. *Guepardo*. Il ghepardo è un felino simile al leopardo ma più piccolo e veloce. *O guepardo é un felino semellante ó leopardo pero máis pequeno e veloz*.

**ghetto** s.m. *Gueto*. Gli ebrei erano costretti ad abitare nei ghetti. *Os xudeus estaban obrigados a vivir nos guetos*.

**ghiacciaio** s.m. *Glaciar*. I ghiacciai sono grandi masse di ghiaccio che si formano in alta montagna. *Os glaciares son grandes masas de xeo que se forman no alto da montaña*.

**ghiacciare I** v. intr. e intr. pron. [aux. essere] *Conxelarse*. L'acqua ghiaccia a zero gradi. *A auga conxélase a cero graos*. Lo stagno ha cominciato a ghiacciare per il freddo. *O estanque comezou a conxelarse co frío*. **II** v. tr. [aux. avere] *Conxelar (tamén fig.)*. Le basse temperature hanno ghiacciato l'acqua della fontana. *As baixas temperaturas conxelaron a auga da fonte*. Il freddo mi ha ghiacciato le mani. *O frío conxeloume as mans*. **OBS.:** io ghiaccio, tu ghiacci; v. irreg. *V. táboa 2*.

**ghiaccio** s.m. *Xeo*. Siamo andati a pattinare sul ghiaccio. *Fomos patinar sobre o xeo*. # **essere di ghiaccio:** *ser de pedra*; **rompere il ghiaccio:** *rompe-lo xeo*.

**ghiaia** s.f. *Grava, grixo*. Hanno cosparso di ghiaia i sentieri del parco. *Esparexeron grava polas sendas do parque*.

**ghianda** s.f. *Landra, belota*. La ghianda è il frutto della quercia. *A landra é o froito do carballo*.

**ghiandola** s.f. *Glándula*. Il sudore viene prodotto dalle ghiandole sudorifere. *A suor é producida polas glándulas sudoriparas*.

**ghiotto -a** adx. *Lambón -ona, larpeiro -a, lambeteiro -a*. I bambini sono ghiotti e mangiano molti dolci. *Os nenos son lambóns e comen moitos doces*. # **essere ghiotto di dolci / di funghi:** *devecer polos doces / polos cogomelos*.

**ghiottone** s.m. *Comellón -ona, papón -ona, lambón -ona*. È ingrassato molto perché è un ghiottone. *Engordou moito porque é un comellón*.

**ghiottoneria** s.f. **1 Gula**. La sua ghiottoneria è incredibile, non si stanca mai di mangiare. *A súa gula é increíble, non se cansa nunca de comer*. **2 Lambonada, larpeirada, lamberetada**. Questo

piatto è una vera ghiottoneria. *Este prato é unha auténtica lambonada.* **3 Manxar.** Queste pernici arrosto sono una vera ghiottoneria. *Estas perdices asadas son un auténtico manxar.*

**ghirlanda** s.f. **Grilanda.** La sposa portava sulla testa una ghirlanda di fiori bianchi. *A noiva levaba na cabeza unha grilanda de flores brancas.* Per capodanno avevano arredato il salone con ghirlande colorate. *Para fin de ano decoraran o salón con ghirlandas de cores.*

**ghiro** s.m. **Lirio, leirón.** Il ghiro è un piccolo mammifero di colore grigio che d'inverno va in letargo. *O lirio é un pequeno mamífero de cor gris que no inverno entra en letargo.* # **dormire come un ghiro:** *dormir moito.*

**già** adv. **Xa.** È già notte. *Xa é de noite.* Quel libro l'ho già letto due volte. *Aquel libro xa o lin dúas veces.*

**giacca** s.f. **Chaqueta.** Ho comprato un completo giacca e gonna in saldo. *Comprei un conxunto de chaqueta e saia nas rebaixas.* # **giacca a doppio petto:** *chaqueta cruzada;* **giacca a vento:** *anorak acolchado.* **OBS.:** pl. giacche.

**giaccone** s.m. **Chaquetón.** Fa freddo; mettili il giaccone di lana. *Vai frío; pon o chaquetón de la.*

**giacere** v. intr. [*aux.* essere] **1** (cult.) **Xacer, descansar, repousar.** I suoi resti mortali giacciono nel cimitero del suo paese. *Os seus restos mortais xacen no cemiterio da súa vila.* **2** (cult.) **Estar** (situado). La città giace ai piedi delle montagne. *A cidade está ó pé das montañas.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 12.

**giacimento** s.m. (*Xeol.*) **Depósito.** I paesi arabi sono ricchi di giacimenti di petrolio. *Os países árabes son ricos en depósitos de petróleo.*

**giacinto** s.m. **Xacinto.** Il giacinto è una pianta dai fiori molto odorosi. *O xacinto é unha planta cunhas flores moi recedentes.* Mi ha portato un mazzo di giacinti bianchi del suo giardino. *Tróuxome un ramo de xacintos brancos do seu xardín.*

**giada** s.f. **Xade.** Le figurine di giada sono molto costose. *As figuríñas de xade son moi caras.*

**giaguaro** s.m. **Xaguar.** I giaguari sono felini dell'America. *Os xaguares son felinos de América.*

**giallo -a** **I** adv. **1 Amarelo -a, marelo -a.** D'autunno le foglie di alcuni alberi diventano gialle. *No outono as follas dalgunhas árbores víranse amarelas.* **2 Amarelo -a, esbrancuxado -a, pálido -a** (persoa). Aveva la faccia gialla, come se fosse malato. *Tiña a cara amarela, coma se estivese enfermo.* **II** s.m. **1 Amarelo, marelo** (cor). Non mi piace il giallo di queste mele cotogne. *Non me gusta o amarelo destes marmelos.* **2 Novela policial.** Agatha Christie scrisse molti gialli. *Agatha Christie escribiu moitas novelas policiais.* **OBS.:** *tamén é aplicable ós filmes.*

# **il giallo dell'uovo:** *a xema (do ovo);* **razza gialla:** *raza amarela.*

**giapponese** **I** adv. **Xaponés -esa, nipón -ona.** La tecnologia giapponese è molto avanzata. *A tecnoloxía xaponesa é moi avanzada.* **II** s. **1 Xaponés -esa, nipón -ona** (persoa). I giapponesi vengono sempre di più in Europa per fare investimenti. *Os xaponeses veñen cada vez máis a Europa para facer investimentos.* **2** (m. sing.) **Xaponés** (lingua). Il giapponese è una lingua difficile per gli occidentali anche perché ha un sistema di scrittura diverso. *O xaponés é unha lingua difícil para os occidentais mesmo porque ten un sistema de escritura diferente.*

**giardinaggio** s.m. **Xardinaxe, xardinería.** Questo libro di giardinaggio spiega quando si devono seminare le piante. *Este libro de xardinaxe explica cándo se deben sementa-las plantas.*

**giardiniere -a** s. **Xardineiro -a.** Il parco della città è bellissimo da quando hanno assunto il nuovo giardiniere. *O parque da cidade está precioso dende que contrataron o novo xardineiro.*

**giardino** s.m. **Xardín.** In primavera i giardini si riempiono di fiori. *Na primavera os xardíns échense de flores.* # **giardino all'inglese:** *xardín inglés;* **giardino botanico:** *xardín botánico;* **giardino d'infanzia:** *parvulario;* **giardino pensile:** *xardín colgante;* **giardino pubblico:** *xardín público.*

**gigante** **I** s.m. **Xigante** (*tamén fig.*). I giganti sono personaggi mitologici di straordinaria statura. *Os xigantes son personaxes mitolóxicas de extraordinaria estatura.* Leonardo da Vinci è un gigante della cultura italiana. *Leonardo da Vinci é un xigante da cultura italiana.* **II** adv. **Xigante.** Ai tropici crescono piante giganti. *Nos trópicos crecen plantas xigantes.*

**gigantesco -a** adv. **Xigantesco -a, enorme.** Nelle grandi città hanno costruito palazzi giganteschi. *Nas grandes cidades construíron edificios xigantescos.* **OBS.:** m. pl. giganteschi, f. pl. gigantesche.

**giglio** s.m. **1 Lirio, lis.** Il giglio è una pianta dalle moltissime varietà. *O lirio é unha planta con moitísimas variedades.* Il giglio è un fiore bianco e profumato. *O lirio é unha flor branca e perfumada.* **2** (fig.) **Persoa que destaca pola súa pureza.**

**gilè** s.m. inv. **Chaleco.** Per la cerimonia si è comprato un abito a tre pezzi: giacca, pantalone e gilè. *Para a cerimonia comprou un traxe de tres pezas: chaqueta, pantalón e chaleco.*

**ginnasio** s.m. **Primeira etapa do ensino secundario que dá acceso ó bacharelato de letras e, por extensión, o edificio no que se imparte.** ♦ *Para referirse ó 'ximnasio' en italiano emprégase o termo palestra.*

**ginnasta** s. **Ximnasta.** I ginnasti della squadra nazionale si preparano per le Olimpiadi. *Os ximnastas do*

*equipo nacional preparáranse para as Olimpíadas.*  
OBS.: m. pl. ginnasti.

**ginnastica** s.f. *Ximnasia*. A scuola i bambini fanno ginnastica per diventare più agili. *Na escola os nenos fan ximnasia para ser máis áxiles.* OBS.: pl. ginnastiche.

**ginnico -a** adx. *Ximnástico -a*. L'atleta si esibisce negli esercizi ginnici. *O atleta móstrase nos exercicios ximnásticos.* OBS.: m. pl. ginnici, f. pl. ginniche.

**ginocchio** s.m. *Xeonllo*. È caduto e si è fatto male al ginocchio. *Caeu e mancouse no xeonllo.* # **in ginocchio**: *de xeonllos.* OBS.: pl. ginocchi e tamén ginochia, referíndose este último ós dous xeonllos dunha persoa.

**giocare I** v. intr. [aux. avere] **1 Xogar, brincar, enredar**. I bambini giocavano in giardino. *Os nenos xogaban no xardín.* **2 Xogar**. È molto alto e perciò gioca a pallacanestro. *É moi alto e por iso xoga a baloncesto.* **3 Xogar, apostar, apoñer**. Ha giocato troppo al lotto e si è quasi rovinato. *Xogou demasiado á lotería e case se arruinou.* **II** v. tr. [aux. avere] **1 Xogar, tirar**. Ha giocato l'asso e ha vinto la partita. *Xogou o ás e ganou a partida.* **2 Xogar, apostar, apoñer**. Giocheremo trenta mila lire su questo cavallo. *Xogaremos trinta mil liras por este cabalo.* **3** (fig.) **Arriscar, poñer en perigo**. Con quell'atteggiamento in ufficio si sta giocando il posto. *Con esa actitude na oficina está a arrisca-lo posto.* **4** (fig.) **Enganar, burlar**. Ti ha giocato perché è molto furbo. *Enganoute porque é moi pillo.* # **giocare a carte**: *xogar ás cartas*; **giocare a carte scoperte**: *declarar abertamente as propias intencións*; **giocare a nascondino**: *xogar ás agachadas*; **giocare a mosca cieca**: *xogar á pita cega*; **giocare tutte le carte**: *xogar tódalas cartas, intentar algo de tódolos xeitos posibles*; **giocare un brutto tiro a qualcuno**: *xogar unha mala pasada a alguén.* OBS.: io gioco, tu giochi; v. irreg. V. táboa 9.

**giocatore -trice** s. *Xogador -ora*. Questa partita l'ha persa il giocatore straniero. *Esta partida perdeuna o xogador estranxeiro.*

**giocattolo** s.m. *Xoguete, enredo*. La bambina ha la stanza piena di bambole e di altri giocattoli. *A nena ten o cuarto cheo de monecas e outros xoguetes.*

**gioco** s.m. *Xogo*. I ragazzi si divertono con i loro giochi. *Os rapaces divírtense cos seus xogos.* Prendi il gioco degli scacchi e cominciamo la partita. *Colle o xogo de xadrez e comecemos-la partida.* # **avere un buon gioco**: *ter un bo xogo*; **conoscere il gioco**: *saber cómo están as cousas*; **entrare in gioco**: *entrar en xogo*; **essere fortunato al gioco**: *ser afortunado no xogo*; **giochi d'azzardo**: *xogos de azar*; **fare buon viso a cattivo gioco**: *a mal tempo boa cara*; **farsi / prendersi gioco di qualcuno**: *toma-lo pelo a alguén.* OBS.: pl. giochi.

**giogo** s.m. **1 Xugo, canga**. Ha messo il giogo ai buoi perché tirassero il carro. *Púxolle-lo xugo ós bois para que tirasen do carro.* **2** (fig.) **Xugo**. Il paese viveva sotto il giogo del tiranno. *O país vivía baixo o xugo do tirano.* OBS.: pl. gioghi.

**gioia** s.f. *Ledicia, alegría, felicidade* (tamén fig.). È pazzo di gioia perché ha finito il corso con ottimi voti. *Está tolo de ledicia porque rematou o curso con moi boas notas.* Questa bambina è la gioia della casa. *Esta nena é a ledicia da casa.* ♦ *Para referirse á 'xoia' en italiano emprégase o termo gioiello.*

**gioielleria** s.f. *Xoiería*. Sono andato a una mostra di gioielleria internazionale. *Fun a unha mostra de xoiería internacional.* Ho comprato un anello in questa gioielleria. *Comprei un anel nesta xoiería.*

**gioiello** s.m. *Xoia, alfaia* (tamén fig.). Fra tutti i gioielli, questo braccialetto è il mio favorito. *Entre tódalas xoias, esta pulseira é a miña favorita.* Questi libri antichi sono dei veri gioielli. *Estes libros antigos son unhas verdadeiras xoias.*

**gioioso -a** adx. *Alegre, ledó -a, feliz*. Il suo carattere gioioso lo rende sempre di buon umore. *O seu carácter alegre faino estar sempre de bo humor.*

**giornalaio -a** s. *Vendedor -ora de xornais*. Chiedi al giornalaio se sono già arrivate le riviste letterarie. *Pregúntalle ó vendedor de xornais se xa chegaron as revistas literarias.*

**giornale** s.m. **1 Xornal, periódico, diario**. Legge ogni giorno due giornali per essere ben informata. *Le cada día dous xornais para estar ben informada.* **2 Revista, publicación periódica**. Vado in biblioteca a consultare un giornale scientifico. *Vou á biblioteca consultar unha revista científica.*

**giornaliero -a** adx. *Diario -a, cotián cotiá*. Da quando lavoro non posso fare la spesa giornaliera e la faccio una volta alla settimana. *Dende que traballo non podo face-la compra diaria e fágoo unha vez á semana.*

**giornalismo** s.m. *Xornalismo, periodismo*. Gli è piaciuto da sempre il giornalismo e perciò lavora in una rivista. *Gustoulle desde sempre o xornalismo e por iso traballa nunha revista.*

**giornalista** s. *Xornalista, periodista*. I giornalisti ci informano ogni giorno. *Os xornalistas infórmanos cada día.* OBS.: m. pl. giornalisti.

**giornalistico -a** adx. *Xornalístico -a, periodístico -a*. Il linguaggio giornalistico ha caratteristiche particolari. *A linguaxe xornalística ten características particulares.* OBS.: m. pl. giornalistici, f. pl. giornalistiche.

**giornata** s.f. **1 Xornada, xeira**. Dopo una giornata di lavoro sono stanchissimo. *Despois dunha xornada de traballo estou cansadísimo.* **2 Día**. È stata una

giornata particolarmente felice. *Foi un dia particularmente feliz.* # **alla giornata:** *dia a dia*; **giornata lavorativa:** *xornada de traballo*; **in giornata:** *no dia / dentro do mesmo dia*; **la giornata della Croce Rossa:** *o dia da Cruz Vermella*; **lavorare a giornata:** *traballar a xornal*; **vivere alla giornata:** *vivir ó dia.*

**giorno** *s.m.* **Día.** Il giorno ha ventiquattro ore. *O dia ten vinte e quatro horas.* Il giorno della mamma. *O dia da nai.* # **al / il giorno:** *ó dia / cada dia*; **alla luce del giorno:** *á luz do dia / diante de todo o mundo*; **buon giorno:** *bos dias*; **da un giorno all'altro:** *de repente*; **di giorno in giorno:** *dun dia para outro, cada dia*; **giorno e notte:** *dia e noite / todo o tempo*; **giorno feriale:** *dia de traballo*; **giorno festivo:** *dia festivo*; **giorno per giorno:** *dia a dia*; **l'altro giorno:** *o outro dia*; **oggi giorno / al giorno d'oggi:** *hoxe en dia*; **sul far del giorno:** *ó abri-lo dia / ó raia-lo dia.*

**giostra** *s.f.* **Carrusel.** Mentre la giostra girava, si sentiva una musicchetta allegra. *Mentres o carrusel xiraba, escoitábase unha musiquiña alegre.*

**giovane I** *adx.* **Mozo -a, novo -a.** Mio padre ha viaggiato molto quando era giovane. *Meu pai viaxou moito cando era mozo.* **II s. 1 Mozo -a.** Questo giovane mi sembra molto assennato. *Este mozo parécese moi sensato.* **2 (m. pl.) Mocidade, xuventude (os novos).** La conferenza era indirizzata ai giovani. *A conferencia estaba dirixida á mocidade.* # **vino giovane:** *viño novo.*

**giovanile** *adx.* **Xuvenil.** Musica giovanile. *Música xuvenil.* Errori giovanili. *Errores xuvenís.* Aspetto giovanile. *Aspecto xuvenil.*

**giovare I** *v. intr.* [*aux.* avere / essere] **1 Servir (ser útil).** Quell'osservazione non è giovata a nulla. *Aquela amoestación non serviu para nada.* **2 Ser bo / boa, ser beneficioso -a.** Lo sport giova alla salute. *O deporte é bo para a saúde.* **OBS.:** *emprégase o aux.* essere cando o *sux.* è inanimato. **II v. intr.** [*aux.* essere] **Servirse de, valerse de, axudarse de.** Si sono giovati dei mezzi e degli strumenti disponibili. *Servíronse dos medios e dos instrumentos dispoñibles.*

**giovedì** *s.m. inv.* **Xoves.** Il giovedì precede il venerdì. *O xoves vai antes có venres.* # **Giovedì Santo:** *Xoves Santo.*

**gioventù** *s.f. inv.* **Xuventude, mocidade.** Hai venti anni, sei nel fiore della gioventù. *Tes vinte anos, estás na flor da xuventude.* Questo è uno spettacolo per la gioventù. *Este é un espectáculo para a xuventude.*

**gioviiale** *adx.* **Xovial.** È una persona molto gioviiale e allegra. *É unha persoa moi xovial e alegre.*

**gioviialità** *s.f. inv.* **Xovialidade.** Ci hanno trattati con gioviialità e gentilezza. *Tratáronnos con xovialidade e xentileza.*

**giovinezza** *s.f.* **Xuventude, mocidade (idade).** Alcuni considerano la giovinezza come l'età più felice. *Algúns consideran a xuventude como a idade máis feliz.*

**giradischi** *s.m. inv.* **Tocadiscos.** Ho un vecchio giradischi, ma è guasto. *Teño un vello tocadiscos, pero está estragado.*

**giraffa** *s.f.* **Xirafa.** La giraffa è un mammifero dal collo molto lungo. *A xirafa é un mamífero que ten o pescozo moi longo.*

**girare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Xirar, virar.** Hanno girato la chiave nella serratura. *Xiraron a chave na pechadura.* **2 Volver (unha parte do corpo).** Ogni volta che ci incontriamo gira la testa dall'altra parte. *Cada vez que nos atopamos volve a cabeza cara ó outro lado.* **3 Percorrer, correr.** Girerò l'intera città a piedi. *Percorrerei toda a cidade a pé.* **4 (Cine) Rodar.** Hanno girato in America gli esterni del film. *Rodaron en América os exteriores do filme.* **II v. intr.** [*aux.* avere / essere] **1 Xirar, virar.** La ballerina girava su se stessa. *A bailarina xiraba sobre si mesma.* **2 Dar voltas (camiñar).** Per trovare casa tua ho girato più di un'ora. *Para atopar a túa casa dei voltas durante máis dunha hora.* **3 Xirar, torcer, virar (de dirección).** Gira a destra e cerca di parcheggiare. *Xira á dereita e tenta aparcar.* **4 (fig.) Circular (información, cartos, mercadorías...).** Girano tante notizie su questo argomento. *Circulan moitas noticias sobre este tema.* **III v. refl.** [*aux.* essere] **1 Virarse, revolverse, volverse.** Si è girato e ti ha guardato con sorpresa. *Virouse e mirouse con sorpresa.* **2 Dar voltas, rebulir.** Si girava nel letto perché non poteva dormire. *Daba voltas na cama porque non podía durmir.* # **cosa ti gira?:** *¿que estás matinando?;* **faccio come mi gira:** *fago como me peta;* **far girare le scatole (fam.):** *facer perde-la paciencia;* **far girare la testa:** *marear, facer perde-lo sentido;* **gira e rigira (fam.):** *ó final;* **giralà come vuoi:** *dálle as voltas que queiras;* **girare attorno:** *rodear;* **girare a vuoto:** *dar voltas sen dar pancada;* **girare al largo (tamén fig.):** *rodear / andar con ollo;* **mi gira la testa:** *estou mareado / teño vertixe;* **girare il discorso:** *vira-las tornas;* **girare un titolo di credito, una cambiale, un assegno (Der.):** *xirar un bono, unha letra, un cheque;* **secondo come gli gira:** *segundo lle pete.*

**girasole** *s.m.* **Xirasol, mirasol, tornasol.** I semi di girasole sono commestibili e se ne ricava olio. *As sementes de xirasol son comestibles e delas extráese aceite.*

**girevole** *adx.* **Xiratorio -a.** La macchina era su una piattaforma girevole. *O coche estaba sobre unha plataforma xiratoria.*

**giro** *s.m.* **1 Revolución, xiro.** Disco a 45 giri. *Disco a 45 revolucions.* Aumentare i giri del motore. *Aumenta-las revolucions do motor.* **2 Volta, xiro.** Il giro del mondo. *A volta ó mundo.* Dare un giro di chiave. *Dar unha volta á chave.* **3 (fig.) Paseo, volta.** Abbiamo fatto un giro in paese. *Demos un paseo pola vila.* **4 (fig.) Ambiente, atmosfera, medio.** È entrato nel giro del teatro perché vuole diventare attore. *Entrou no ambiente do teatro porque quere chegar a ser actor.* # **andare in giro:** *ir / dar voltas; fare un giro:* *dar unha volta / pasear;* **giro d'affari:** *facturación;* **giro di parole:** *circunloquio;* **giro di vite:** *endurecemento dunha sanción;* **il giro degli amici:** *o grupo de amigos;* **in giro:** *por aí / arredor;* **mettere in giro:** *poñer en circulación;* **nel giro di:** *no prazo de (tempo);* **prendere in giro qualcuno:** *tomarlle o pelo a alguén;* **presa in giro:** *tomadura de pelo.*

**gironzolare** *v. intr.* [*aux. avere*] **1 Deambular, vagar, errar.** Ha gironzolato qua e là l'intera mattina e non ha fatto nulla. *Deambulou de acó para aló toda a mañá e non fixo nada.* **2 Dar voltas (sospeitosamente).** Gironzolano intorno alla tua macchina chissà a quale scopo. *Dan voltas arredor do teu coche quen sabe con qué intención.* **OBS.:** io gironzolo; *v. irreg. V. táboa 1.*

**girovagare** *v.intr.* [*aux. avere*] **Deambular, vagar, errar.** Girovagava per le strade senza sapere dove andare. *Deambulaba polas rúas sen saber ónde ir.* **OBS.:** io girovago, tu girovaghi; *v. irreg. V. táboas 1 e 6.*

**gita** *s.f.* **Excursión, viaxe.** Vogliono fare una gita in Portogallo. *Queren facer unha excursión a Portugal.*

**giù** *adv.* **Abaixo, embaixo.** Il vino è giù in cantina. *O viño está abaixo na adega.* # **andare giù (tamén fig.):** *baixar, diminuí-lo valor / prezo, deprimirse;* **andare su e giù:** *subir e baixar, andar adiante e atrás;* **buttar giù:** *abater / derrubar;* **buttarsi giù:** *abaterse / desanimarse;* **da giù:** *desde abaixo;* **essere giù (fam.):** *estar baixo de ánimos / forzas;* **giù di lì / su per giù:** *máis ou menos;* **in giù:** *cara abaixo;* **mandar giù (tamén fig.):** *tragar, soportar;* **mettere giù:** *pousar;* **non mi va (né su né) giù (tamén fig.):** *non son capaz de o tragar (alimento), non o soporito.*

**giubbotto** *s.m.* **Cazadora.** Mi piace il tuo giubbotto impermeabile. *Gústame a túa cazadora impermeable.* # **giubbotto antiproiettile:** *chaleco antibalas;* **giubbotto salvagente / di salvataggio:** *chaleco salvavidas.*

**giudaismo** *s.m.* **Xudaísmo.** La sinagoga è il centro di culto del giudaismo. *A sinagoga é o centro de culto do xudaísmo.*

**ignorante I** adx. **1 Ignorante** (*profano*). È così ignorante di botanica che non riconosce le piante più comuni. *É tan ignorante en botánica que non reconece as plantas máis comúns.* **2 Ignorante, inculto -a**. Non è affatto ignorante, legge moltissimo. *Non é en absoluto ignorante, le moitísimo.* **II** s. **Ignorante, inculto -a**. Soltanto gli ignoranti sono convinti di sapere tutto. *Só os ignorantes están convencidos de sabelo todo.*

**ignoranza** s.f. **Ignorancia, incultura**. Lo scopo della scuola è combattere l'ignoranza. *A finalidade da escola é combate-la ignorancia.*

**ignorare** v. tr. [aux. avere] **1 Ignorar, descoñecer**. Ignoravamo che fosse all'estero fino al giorno in cui è tornato. *Ignorabamos que estivese no estranxeiro ata o día que volveu.* **2 Ignorar** (*non prestar atención*). Dal giorno della lite, suo cugino l'ignora completamente. *Desde o día da discusión, o seu curmán ignórao completamente.* **OBS.:** io ignoro.

**ignoto -a I** adx. **Descoñecido -a**. Gli esploratori partivano per paesi ignoti. *Os exploradores partían cara a países descoñecidos.* **II** s.m. sing. **Descoñecido**. Non gli piacciono i cambiamenti; ha

sempre avuto paura dell'ignoto. *Non lle gustan os cambios; sempre tivo medo do descoñecido.*

**il art. det. m. sing. O, lo**. Il bambino ha perso l'orologio. *O neno perdeu o reloxo.* Devi finire il lavoro oggi. *Debes remata-lo traballo hoxe.* **OBS.:** *emprégase diante de palabras m. sing. que non empecen por gn, pn, ps, s líquido, sc, x, y, z ou vocal (neses casos úsase a forma do art. lo ou l').*

**illecito -a I** adx. **Ilícito -a**. Si trattava di un rapporto illecito, perché lei era sposata. *Tratábase dunha relación ilícita, porque ela estaba casada.* **II** s.m. **Delicto**. La frode fiscale è un illecito. *A fraude fiscal é un delicto.* # **illecito civile**: *delicto civil*; **illecito penale**: *delicto penal*.

**illegale** adx. **Ilegal**. Si dedicava all'esportazione illegale di opere d'arte. *Dedicábase á exportación ilegal de obras de arte.*

**illegalità** s.f. inv. **Ilegalidade**. I contrabbandieri si trovano in una situazione d'illegalità. *Os contrabandistas atópanse nunha situación de ilegalidade.*

**illeggibile** adx. **Ilexible**. Ha una scrittura difficile da capire, anzi illeggibile. *Ten unha escritura difícil de entender; aínda máis, ilexible.*

**illegittimo -a** adx. **Ilexítimo -a**. Ha dovuto rinunciare alle sue illegittime pretese di potere. *Tivo que desistir das súas ilexítimas pretensións ó poder.* # **figlio illegittimo**: *fillo ilexítimo*.

**ileso -a** adx. **Ileso -a, indemne**. Pochi sono usciti ilesi dall'incendio dell'ospedale. *Poucos saíron ilesos do incendio do hospital.*

**illogico -a** adx. **Ilóxico -a, absurdo -a**. Ha fatto dei ragionamenti così illogici che non ho capito nulla. *Fixo uns razoamentos tan ilóxicos que non entendín nada.* **OBS.:** m. pl. illogici, f. pl. illogiche.

**illudere I** v. tr. [aux. avere] **Enganar** (*suscitar esperanzas vas*). L'illudeva dicendogli che la sua malattia non era grave. *Enganába dicíndolle que a súa enfermidade non era grave.* **II** v. refl. [aux. essere] **Facerse ilusiones**. Smetti d'illuderti e riconosci che non ci riuscirai. *Deixa de facerte ilusións e reconece que non o conseguirás.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 31.

**illuminare I** v. tr. [aux. avere] **1 Iluminar, alumear**. La luce dei lampioni illuminava la piazza. *A luz dos farois iluminaba a praza.* **2** (*fig.*) **Iluminar**. Quando gli dettero la notizia, un grande sorriso illuminò il suo volto. *Cando lle deron a nova, un gran sorriso iluminou o seu rostro.* Tutt'a un tratto, il ricordo di quello che suo nonno gli aveva detto illuminò la sua mente. *De súpeto, o recordo do que o seu avó lle dixera iluminou a súa mente.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Iluminarse** (*tamén fig.*). S'illuminarono le valli quando uscì il sole. *Ilumináronse os vales cando saíu o sol.* Il suo sguardo s'illuminò all'arri-

vo della figlia. *A súa mirada iluminouse coa chegada da filla.* **OBS.:** io illumino; v. irreg. *V. táboa 1.*

**illuminazione** s.f. *Iluminación* (tamén fig.). Questa finestra permette una buona illuminazione della stanza. *Esta fiestra permite unha boa iluminación do cuarto.* Non si vedeva niente perché non avevano ancora installato l'illuminazione. *Non se vía nada porque aínda non instalaran a iluminación.* Un'improvvisa illuminazione mi ha fatto vedere la via d'uscita al nostro problema. *Unha repentina iluminación fíxome ve-la saída ó noso problema.*

**illusione** s.f. **1** *Ilusión* (percepción enganosa dos sentidos). Quando si viaggia in treno si ha l'illusione che il paesaggio si muova. *Cando se viaxa en tren tense a ilusión de que a paisaxe se move.* **2** *Ilusión, quimera.* Vive nell'illusione che un giorno i suoi quadri piaceranno a un grande critico d'arte. *Vive coa ilusión de que un día os seus cadros lle gustarán a un gran crítico de arte.* ♦ *Para referirse á 'ilusión, felicidade' en italiano emprégase o termo entusiasmo e para 'ilusión, aspiración' sogno.*

**illuso -a** **I** part. pas. de illudere e adx. **Illuso -a.** Neanche le persone più illuse crederebbero alle tue promesse. *Nin sequera as persoas máis ilusas crerían nas túas promesas.* **II** s. **Illuso -a.** Se veramente pensi che lo convincerai sei un'illusa. *Se realmente pensas que o convencerás es unha ilusa.*

**illustrare** v. tr. [aux. avere] **1** *Ilustrar.* L'autrice ha illustrato il libro con disegni fatti da lei stessa. *A autora ilustrou o libro con debuxos feitos por ela mesma.* **2** *Ilustrar, aclarar.* Il professore illustra la sua spiegazione con molti esempi. *O profesor ilustra a súa explicación con moitos exemplos.*

**illustrazione** s.f. *Ilustración, imaxe, figura.* I libri per bambini hanno molte illustrazioni a colori. *Os libros para nenos teñen moitas ilustracións en color.*

**illustre** adx. *Ilustre, insigne, egregio -a.* Ariosto è un illustre scrittore italiano del '500. *Ariosto é un illustre escritor italiano do século XVI.*

**imbarazzante** adx. *Embarazoso -a.* Io cercavo di evitare l'argomento perché era veramente imbarazzante. *Eu tentaba evita-lo tema porque era realmente embarazoso.*

**imbarazzare** v. tr. [aux. avere] *Facer sentir incómodo -a.* La presenza del direttore mi imbarazza. *A presenza do director faime sentir incómodo.*

**imbarazzo** s.m. *Apuro, embarazo.* Era così timida che provava imbarazzo a parlare in pubblico. *Era tan tímida que sentía apuro ó falar en público.* # **essere, trovarsi, sentirsi in imbarazzo:** sentirse incómodo -a; **mettere in imbarazzo:** facer sentir incómodo -a. ♦ *Para referirse ó 'embarazo, gravidez' en italiano emprégase o termo gravidanzaa.*

**imbarcare** **I** v. tr. [aux. avere] **1** *Embarcar.* Hanno già imbarcato le provviste per navigare una settimana. *Xa embarcaron as provisións para navegar unha semana.* **2** (fig.) *Embarcar, meter* (en empresas perigosas, arriscadas ou difíciles). Aveva imbarcato la ditta in un'operazione troppo rischiosa e la fece fallire. *Embarcara a empresa nunha operación demasiado arriscada e fíxoa crebar.* **II** v. refl. [aux. essere] **1** *Embarcar.* Ci imbarcheremo a Livorno e arriveremo a Barcellona. *Embarcaremos en Livorno e chegaremos a Barcelona.* **2** (fig.) *Embarcarse, meterse* (en empresas perigosas, arriscadas ou difíciles). Non imbarcarti in affari che non conosci bene. *Non te embarques en asuntos que non coñeces ben.* **OBS.:** io imbarco, tu imbarchi; v. irreg. *V. táboa 5.*

**imbarcazione** s.f. *Barca, embarcación menor.* Andavamo spesso al porto per vedere le imbarcazioni da pesca. *Iamos a miúdo ó porto para ve-las barcas de pesca.*

**imbecille** **I** adx. *Imbécil, idiota, estúpido -a.* Saresti così imbecille da non approfittare di un'occasione così buona? *¿Serías tan imbécil para non aproveitar unha ocasión tan boa?* **II** s. *Imbécil, idiota, estúpido -a.* Soltanto un imbecille non capirebbe questo concetto. *Só un imbécil non entendería este concepto.*

**imbecillità** s.f. inv. *Imbecilidade, idiotiez, estupidez.* Con questo atteggiamento intollerante ha dimostrato la sua imbecillità. *Con esta actitude intolerante demostrou a súa imbecilidade.*

**imbestialire** **I** v. tr. [aux. avere] *Poñer como unha fera, enfurecer.* Quelle accuse l'hanno imbestialito. *Aquelas acusacións puxérono como unha fera.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Poñerse como unha fera, enfurecerse.* Quando gli dirò che ho rotto quel vaso s'imbestialirà. *Cando lle diga que rompín aquel vaso poñerase como unha fera.* **OBS.:** io imbestialisco, tu imbestialisci.

**imbiancare** **I** v. tr. [aux. avere] *Branquear, albear.* Le montagne si confondono con le nuvole perché la neve le ha imbiancate. *As montañas confúndense coas nubes porque a neve branqueounas.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Branquear, embranquear, encanecer.* Anche se è giovane, i suoi capelli si sono già imbiancati. *Inda que é novo, os seus cabelos xa branquearon.* # **imbiancare (il cielo):** albea-lo día; **imbiancare in volto:** palidecer. **OBS.:** io imbianco, tu imbianchi; v. irreg. *V. táboa 5.*

**imbianchino -a** s. *Pintor -ora* (de albanelería). Gli imbianchini stanno mescolando i colori. *Os pintores están mesturando as cores.*

**imbizzarrirsi** v. intr. pron. [aux. essere] *Desbocarse* (cabalo). Il cavallo si è imbizzarrito a causa dei

tuoni. *O cabalo desbocouse por mor dos tronos.*  
**OBS.:** io imbizzarrisco, tu imbizzarrisci.

**imboccare** v. tr. [aux. avere] **1 Da-la comida na boca.** Il bambino non mangia ancora da solo e bisogna imboccarlo. *O neno ainda non come só e hai que darlle a comida na boca.* **2 Coller, meterse por** (unha estrada, unha rúa...). Imboccherai la prima strada a destra e troverai la stazione. *Collera-la primeira rúa á dereita e atopara-la estación.* **OBS.:** io imbocco, tu imbocchi; v. irreg. V. táboa 5.

**imbottigliamento** s.m. **1 (fig.) Atoamento.** C'era un imbottigliamento perché il semaforo era guasto. *Había un atoamento porque o semáforo estaba estragado.* **2 Embotellamento.** Quest'impresa si occupa dell'imbottigliamento di acqua minerale. *Esta empresa dedicase ó embotellamento de auga mineral.*

**imbottigliare** v. tr. [aux. avere] **Embotellar.** Quando abbiamo visitato quella cantina di Chianti stavano imbottigliando il vino. *Cando visitamos aquela adega de Chianti estaban embotellando o viño.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 7.

**imbranato -a I** adx. **Torpe.** Prendi tu il vassoio perché io sono un po' imbranato e posso rovesciarlo. *Colle ti a bandexa porque eu estou un pouco torpe e podo tirala.* **II s. Torpe.** Preferisco che non mi aiuti perché è un imbranato. *Prefiro que non me axude porque é un torpe.*

**imbrogliare** v. tr. [aux. avere] **1 (fig.) Embrollar, enlear.** Avevo le idee chiare, ma le sue domande me le hanno imbrogliate. *Tiña as ideas claras, pero as súas preguntas embrolláronmas.* **2 (fig.) Enganar.** Lo imbroglierà perché glielo venda a buon mercato. *Enganarao para que llo venda barato.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 7.

**imbroglio** s.m. **1 (fig.) Lea, enredo.** Come avete fatto a organizzare un tale imbroglio? *¿Como fixestes para organizar tal lea?* **2 (fig.) Calote.** Ho l'impressione che questo affare sia un imbroglio. *Teño a impresión de que este asunto é un calote.* # **cacciar-si in un imbroglio:** meterse nunha lea.

**imbroglione -a I** s. **Caloteiro -a.** Gli imbroglioni sanno ingannare la gente. *Os caloteiros saben enganar-la xente.* **II** adx. **Caloteiro -a.** Non fidarti di lui: è un imbroglione. *Non te fies del: é un caloteiro.*

**imbrunire I** v. intr. [aux. essere] **Escurecer.** D'autunno il cielo imbrunisce presto. *No outono o ceo escurece cedo.* **II** v. intr. impers. [aux. essere] **Escurecer, anoitecer.** Dobbiamo ritornare a casa prima che imbrunisca. *Temos que volver á casa antes de que escureza.* **III** s.m. **Anoitecer, noitiña, bocanoite.** L'imbrunire è il momento posteriore al tramonto e precedente alla notte. *O anoitecer é o*

*momento posterior á posta do sol e anterior á noite.*  
**OBS.:** io imbrunisco, tu imbrunisci.

**imbucare** v. tr. [aux. avere] **Botar** (ó correo). Ho già imbucato tutte le lettere alla Posta. *Xa botei tódalas cartas en correos.* **OBS.:** io imbucò, tu imbuchi; v. irreg. V. táboa 5.

**imbutò** s.m. **Funil, embude.** Abbiamo bisogno di un imbutò per versare il vino nella bottiglia. *Precisamos un funil para bota-lo viño na botella.*

**imitare** v. tr. [aux. avere] **Imitar.** I suoi genitori le dicevano sempre d'imitare quella bambina così educata. *Os seus pais dicíanlle sempre que imitase aquela nena tan educada.* Ha imitato la voce del suo amico per non essere riconosciuto. *Imitou a voz do seu amigo para non ser recoñecido.* Bembo proponeva ai prosatori di imitare Boccaccio. *Bembo propoñíalles ós prosistas que imitasen a Boccaccio.* **OBS.:** io imito.

**imitazione** s.f. **Imitación.** L'ammirazione per suo padre lo portava alla sua imitazione. *A admiración polo seu pai levábao á súa imitación.*

**immacolato -a** adx. **Inmaculado -a** (tamén fig.). La cameriera portava un vestito nero e un grambiule immacolato. *A camareira levaba un vestido negro e un mandil inmaculado.* Quel politico ha dietro di sé una carriera immacolata. *Aquel político ten tras de si unha carreira inmaculada.*

**immaginare** v. tr. [aux. avere] **1 Imaxinar, figurarse.** Immagina che scoppi una guerra. *Imaxina que esta-la unha guerra.* **2 Imaxinar** (crer, pensar). Immagino che abbia preso questa decisione a causa dei suoi problemi familiari. *Imaxino que tomou esta decisión por mor dos seus problemas familiares.* **OBS.:** *pódese utilizar en forma pron. como resposta de cortesía ou afirmación absoluta.* La mia valigia la disturba? S'immagini! *¿A miña maleta moléstao (a vostede)?* *¿En absoluto!* Te ne ricorderai? *Immaginati!* *¿Acordaraste diso?* *¿Claro!*; io immagino; v. irreg. V. táboa 1.

**immaginario -a I** adx. **Imaxinario -a, ficticio -a, irreal.** Vede difficoltà dove non ci sono; infatti, sono problemi immaginari. *Ve dificultades onde non as hai; de feito, son problemas imaxinarios.* **II** s.m. sing. **Conxunto das fantasías, mitos e símbolos correspondentes a un individuo ou a unha colectividade.**

**immaginazione** s.f. **Imaxinación.** L'immaginazione dei bambini è superiore a quella degli adulti. *A imaxinación dos nenos é superior á dos adultos.*

**immagine** s.f. **Imaxe.** Narciso era innamorato della propria immagine. *Narciso estaba namorado da súa propia imaxe.* Hanno scoperto un'immagine di Sant'Antonio fatta da un famoso scultore. *Descubriron unha imaxe de Santo Antonio feita por*

*un famoso escultor.* Questa ragazza è la viva immagine dell'allegria: canta sempre. *Esta rapaza é a viva imaxe da alegría: sempre canta.*

**immatricolare I** v. tr. [aux. avere] **Matricular.** Prima che le macchine possano circolare, bisogna immatricolarle. *Antes de que os coches poidan circular hai que matricularlos.* **II** v. refl. [aux. essere] **Matricularse no primeiro ano dos estudos universitarios.** (aprox.) **Matricularse.** Quella ragazza si è immatricolata alla facoltà di medicina. *Aquela rapaza matriculouse na facultade de medicina.* **OBS.:** io immatricolo; v. irreg. V. *táboa 1.*

**immaturità** s.f. inv. **Inmaturidade.** L'immaturità di quel ragazzo si vede dal suo modo spensierato di agire. *A inmaturidade daquel rapaz vese no seu modo despreocupado de actuar.*

**immaturo -a I** adx. **Inmaturo -a.** Disse: -Se la democrazia non funziona bene è perché siamo un popolo immaturo. *Dixo: -Se a democracia non funciona ben é porque somos un pobo immaturo.* **II** s. **Inmaturo -a.** È un'immatura perché non vuole affrontare il problema. *É unha inmatura porque non quere afrontar o problema.*

**immediato -a** adx. **Inmediato -a** (tamén fig.). Abito nelle immediate vicinanze del duomo e posso vederlo dalla mia finestra. *Vivo nas proximidades inmediatas da catedral e podo vela dende a miña fiestra.* Il suo immediato successore nella direzione della ditta fu il fratello. *O seu inmediato sucesor na dirección da empresa foi o irmán.* La mia reazione immediata è stata di rimprovero, ma adesso capisco perché l'ha fatto. *A miña reacción inmediata foi de reproche, pero agora comprendo por qué o fixo.*

**immensità** s.f. inv. **Inmensidade.** L'uomo si sente piccolo di fronte all'immensità dell'universo. *O home sintese pequeno fronte á inmensidade do universo.*

**immenso -a** adx. **1 Inmenso -a, infindo -a.** Il mare ci sembra immenso perché non vediamo i suoi confini. *O mar parécenos inmenso porque non vémo-los seus límites.* **2 Inmenso -a, enorme.** Quest'edificio è immenso: ci si può perdere. *Este edificio é inmenso: pódese perder un nel.*

**immergere I** v. tr. [aux. avere] **Somerxer, mergullar.** Per pulirlo devi immergerlo nell'acido per un minuto. *Para limpalo tes que somerxelo en ácido durante un minuto.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Somerxerse, mergullarse.** Si è immersa nel mare e poco dopo è riemersa in un altro punto. *Somerxeuse no mar e pouco despois volveu á superficie noutro punto.* **2 (fig.) Mergullarse.** Mi sono immerso nella lettura di questo romanzo e l'ho finito in due ore. *Mergulleime na lectura desta novela e remateina en dúas horas.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 31.*

**immersione** s.f. **Inmersión.** Dopo l'immersione del sottomarino il mare è rimasto calmo. *Trala inmersión do submarino o mar quedou calmo.* # **linea d'immersione:** *liña de inmersión;* **navigare in immersione:** *navegar en inmersión.*

**immigrante I** s. **Inmigrante.** Molti immigranti africani venivano in Italia in cerca di lavoro. *Moitos inmigrantes africanos viñan a Italia en busca de traballo.* **II** adx. **Inmigrante.** La popolazione immigrante è in continua crescita. *A poboación inmigrante está en continuo crecemento.*

**immigrare** v. intr. [aux. essere] **Inmigrar.** Le grandi città accolgono molte persone che immigrano in cerca di lavoro. *As grandes cidades acollen moitas persoas que inmigran en busca de traballo.*

**immigrato -a I** s. **Inmigrado -a.** Nelle città del nord dell'Italia ci sono molti immigrati. *Nas cidades do norte de Italia hai moitos inmigrados.* **II** adx. **Inmigrado -a.** I lavoratori immigrati sono spesso assunti per svolgere lavori pesanti. *Os traballadores inmigrados a miúdo son contratados para desenvolver traballos pesados.*

**immigrazione** s.f. **Inmigración.** L'immigrazione è la conseguenza dello squilibrio economico esistente. *A inmigración é a consecuencia do desequilibrio económico existente.*

**imminente** adx. **Inminente.** Quando ho saputo che il tuo arrivo era imminente ho avvertito gli amici. *Cando souben que a túa chegada era imminente avisei os amigos.*

**imminenza** s.f. **Inminencia.** Era molto nervoso nell'imminenza dell'esame. *Estaba moi nervioso ante a inminencia do exame.*

**immischiare I** v. tr. [aux. avere] **Involucrar, envolver, implicar.** L'ha immischiato in un affare poco chiaro. *Involucrouno nun asunto pouco claro.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Inmiscirse, entremeterse.** Non voglio immischiarmi nei vostri problemi. *Non quero inmiscirme nos vosos problemas.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 7.*

**immobile I** adx. **1 Inmóbil, quedo -a, quieto -a.** Il cane è rimasto immobile accanto alla sedia del suo padrone. *O can permaneceu inmóbil a carón da cadeira do seu amo.* **2 Inmóble.** Un terreno è un bene immobile. *Un terreo é un ben inmóble.* **II** s.m. **Inmóble.** Hanno costruito un immobile di fronte a casa mia. *Construíron un inmóble fronte á miña casa.*

**immobiliare** adx. **Inmobiliario -a.** Le hanno proposto di partecipare ad un affare immobiliare. *Propuxéronlle que participase nun negocio inmobiliario.*

**immobilità** s.f. inv. **Inmobilidade.** Da quando si era rotto la gamba era costretto all'immobilità assoluta.

*Desde que rompera a perna estaba obrigado á inmovilidade absoluta.*

**immobilizzare** v. tr. [aux. avere] **1 Immobilizar.** La dottoressa gli ha immobilizzato la gamba prima di portarlo in ospedale. *A doutora immobilizoule a perna antes de levalo ó hospital.* **2 Investir en bens imóveis.** Penso di immobilizzare una parte importante del mio capitale. *Penso investir en bens imóveis unha parte importante do meu capital.*

**immodestia** s.f. **Inmodestia.** Si vanta con immodestia del lavoro che fa. *Presume con inmodestia do traballo que fai.*

**immodesto -a** adx. **Inmodesto -a.** Le persone immodeste ostentano le loro qualità. *As persoas inmodestas fan ostentación das súas calidades.*

**immondizia** s.f. (espec. en pl.) **1 Lixo** (desperdicios). Dopo la festa hanno raccolto tutte le immondizie in una borsa di plastica. *Despois da festa recolleron todo o lixo nunha bolsa de plástico.* **2 Lixo, porcellada, sucidade.** Come fai a vivere in una camera così piena di immondizie? *¿Como fas para vivir nun cuarto tan cheo de lixo?* # **secchio delle immondizie:** caldeiro do lixo.

**immorale** adx. **Inmoral.** È immorale approfittare così della debolezza di una persona. *É inmoral aproveitarse así da debilidade dunha persoa.*

**immoralità** s.f. inv. **Inmoralidade.** L'immoralità del suo comportamento è innegabile. *A inmoralidade do seu comportamento é innegable.*

**immortalare** v. tr. [aux. avere] **Immortalizar.** Il pittore immortalò sua figlia in un quadro. *O pintor immortalizou a súa filla nun cadro.*

**immortale** adx. **1 Inmortal.** Gli angeli sono immortali. *Os anxos son inmortalais.* **2** (fig.) **Inmortal, imperecedoiro -a, inmorredoiro -a.** La fama immortale di Petrarca è dovuta al Canzoniere. *A fama inmortal de Petrarca débese ó 'Cancioneiro'.*

**immortalità** s.f. inv. **Inmortalidade** (tamén fig.). Molte religioni affermano l'immortalità dell'anima. *Moitas relixións afirman a inmortalidade da alma.* La scoperta dell'America ha dato l'immortalità a Cristoforo Colombo. *O descubrimento de América deulle a inmortalidade a Cristovo Colón.*

**immune** adx. **1 Exento -a.** Certe persone sono immuni da questo pagamento. *Certas persoas están exentas deste pagamento.* **2 Libre.** Io sono immune da colpa: non ho fatto niente. *Eu estou libre de culpas: non fixen nada.* **3** (Med.) **Inmune.** I vaccini ci rendono immuni da certe malattie. *As vacinas vólvennos inmunes a certas enfermidades.*

**immunità** s.f. inv. **1 Exención.** Non gli è stata concessa l'immunità dal servizio militare. *Non lle concederon a exención do servizo militar.* **2** (Med.)

**Inmunidade.** C'è un vaccino che garantisce l'immunità dal colera. *Hai unha vacina que garante a inmunidade ó cólera.* # **immunità diplomatica:** *inmunidade diplomática;* **immunità ecclesiastica:** *inmunidade eclesiástica;* **immunità parlamentare:** *inmunidade parlamentaria.*

**impaccio** s.m. **1 Torpeza.** Mostra un certo impaccio a guidare perché ha la patente da poco tempo. *Mostra unha certa torpeza conducindo porque ten o permiso de conducir dende hai pouco tempo.* **2 Apuro, aperto.** Mi trovo in un impaccio e soltanto tu puoi aiutarmi. *Atópome nun apuro e só ti podes axudarme.* ♦ Para referirse ó 'empacho' en italiano emprégase o termo indigestione.

**impadronirsi** v. intr. pron. [aux. essere] **1 Appropriarse, apoderarse.** S'impadronirà facilmente della direzione del progetto. *Apropiarase facilmente da dirección do proxecto.* **2** (fig.) **Adquiri-lo dominio** (dunha lingua, materia ou técnica). Ho approfittato del mio soggiorno a Lisbona per impadronirmi del portoghese. *Aproveitei a miña estancia en Lisboa para adquirir-lo dominio do portugués.* **OBS.:** io mi impadronisco, tu ti impadronisci.

**impalcatura** s.f. **Estada.** Hanno già installato le impalcature per realizzare i lavori di restauro della cattedrale. *Xa instaláron as estadas para face-los traballos de restauración da catedral.*

**impallidire** v. intr. [aux. essere] **Palidecer.** Quando si sentiva male impallidiva, ma non si lagnava. *Cando se sentía mal palidecía, pero non se queixaba.* **OBS.:** io impallidisco, tu impallidisci.

**imparare** v. tr. [aux. avere] **Aprender, deprender.** Devi andare a scuola per imparare a leggere e a scrivere. *Tes que ir á escola para aprender a ler e a escribir.*

**imparentarsi** v. intr. pron. [aux. essere] **Emparentar.** Con quelle nozze s'imparentava con un famoso generale. *Con aquela voda emparentaba cun famoso xeneral.*

**imparziale** adx. **Imparcial, obxectivo -a, neutral.** Questa professoressa è giusta e imparziale. *Esta profesora é xusta e imparcial.*

**imparzialità** s.f. inv. **Imparcialidade, obxectividade, neutralidade.** L'arbitro deve decidere con imparzialità. *O árbitro debe decidir con imparcialidade.*

**impassibile** adx. **Impasible, imperturbable, impertérrito -a.** Non potete restare impassibili di fronte a questa ingiustizia. *Non podedes quedar impasibles fronte a esta inxustiza.*

**impastare** v. tr. [aux. avere] **Amasar.** Puoi sciogliere il burro mentre impasto la farina con le uova. *Podes derrete-la manteiga mentres amaso a farinha cos ovos.* # **impastare i colori:** *mestura-las cores* (para



*pintar*). ♦ *Para referirse a 'empastar (Med.)' en italiano emprégase o termo otturare.*

**impasto** *s.m.* **Masa**. Ha fatto l'impasto per la pasta sfoglia. *Fixo a masa para o follado*. ♦ *Para referirse ó 'empaste (Med.)' en italiano emprégase o termo otturazione.*

**impatto** *s.m.* **1 Impacto, choque**. L'impatto della freccia fece oscillare il bersaglio. *O impacto da frecha fixo oscila-lo albo*. **2 (fig.) Impacto**. Le loro dichiarazioni hanno avuto un forte impatto sull'ambiente politico nazionale. *As súas declaracións tiveron un forte impacto no ambiente político nacional*. ♦ *Para referirse ó 'empeate' en italiano emprégase o termo pareggio*.

**impaurire** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Asustar, amedrentar**. Ti hanno impaurito affinché non raccontassi nulla. *Asustáronte para que non contases nada*. **II** *v. intr. e intr. pron.* [*aux. essere*] **Asustarse, amedrentarse**. Impauriscono facilmente. *Asústanse facilmente*. Mi sono impaurito quando ho sentito quegli strani rumori. *Asusteime cando sentín aqueles estraños ruidos*. **OBS.:** io impaurisco, tu impaurisci.

**impaziente** *adx.* **1 Impaciente (que perde a paciencia)**. Era troppo impaziente e ha fatto tutto in anticipo. *Estaba demasiado impaciente e fixoo todo antes de tempo*. **2 Impaciente, ansioso -a**. È così simpatico che sono impaziente di rivederlo. *É tan simpático que estou impaciente por volvelo ver*.

**impazientirsi** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Impacientarse**. Non devi impazientirti, vedrai che tutto si sistemerà. *Non debes impacientarte, verás cómo todo se arranxará*. **OBS.:** io mi impazientisco, tu ti impazientisci.

**impazienza** *s.f.* **1 Impaciencia (falta de paciencia)**. Devi essere più tollerante e non lasciarti dominare dall'impazienza. *Tes que ser máis tolerante e non deixarte dominar pola impaciencia*. **2 Impaciencia, inquietude**. Camminavano velocemente per l'impazienza. *Camiñaban velozmente pola impaciencia*.

**impazzata (all'-'-)** *loc. adv.* **Á toa, ás toas, a treo**. Correvano all'impazzata cercando di raggiungere l'autobus. *Corrían á toa tentando alcanza-lo autobús*.

**impazzire** *v. intr.* [*aux. essere*] **1 Tolear, enlouquecer**. Dopo la morte di sua moglie credette d'impazzire. *Trala morte da súa muller creu tolear*. **2 (fig.) Louquear, tolear**. Ogni volta che ti vede impazzisce, perde la testa. *Cada vez que te ve louquea, perde a cabeza*. **OBS.:** io impazzisco, tu impazzisci.

**impedimento** *s.m.* **Impedimento, atranco, difficoltà**. Riusciremo a finire in tempo, se non sorgerà nessun impedimento. *Conseguiremos rematar a tempo, se non xorde ningún impedimento*.

**impedire** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Impedir (prohibir ou obstaculizar)**. I sequestratori gli hanno impedito di fuggire. *Os secuestradores impedironlle escapar*. La pioggia impedisce la visibilità. *A chuvia impide a visibilidade*. **2 Impedir, evitar**. La tua prudenza ha impedito che l'incidente stradale fosse più grave. *A túa prudencia impediu que o accidente de tráfico fora máis grave*. **OBS.:** io impedisco, tu impedisci.

**impegnare** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Empeñar, peñorar**. Ha dovuto impegnare l'orologio per avere un po' di soldi. *Tivo que empeña-lo reloxo para ter uns poucos cartos*. **II** *v. refl.* [*aux. essere*] **1 Esforzarse**. S'impegna nello studio perché vuole finire il corso di laurea. *Esfórzase no estudio porque quere remata-la carreira*. **2 Comprometerse (obrigarse)**. Mi sono impegnato a portarle i mobili domani. *Comprometinme a levarlle os mobles mañá*. **# impegnarsi a fondo:** *afanarse*. ♦ *Para referirse a 'empeñarse, obcecar-se' en italiano emprégase o termo ostinarsi*.

**impegnativo -a** *adx.* **Difícil, duro -a, custoso -a**. Il suo lavoro nel carcere è molto impegnativo. *O seu traballo no cárcere é moi difícil*. **# promessa impegnativa:** *promesa que compromete*.

**impegnato -a** *part. pas. de impegnare e adx.* **1 Ocupado -a (que ten unha ocupación)**. Lavora molto, è sempre impegnata. *Traballa moito, está sempre ocupada*. **2 Comprometido -a**. Sono impegnato a fare la parte manuale del lavoro. *Estou comprometido a face-la parte manual do traballo*. **3 Empeñado -a, peñorado -a**. I soldi ottenuti dai gioielli impegnati sono stati di grande aiuto. *Os cartos obtidos das xoias empeñadas foron de grande axuda*.

**impegno** *s.m.* **1 Compromiso (obriga, responsabilidade ideolóxica, social...)**. Assumo l'impegno d'inviarvi la merce entro la fine del mese. *Asumo o compromiso de vos envia-la mercancia antes de fin de mes*. Ha tanti impegni che non la trovi mai in casa. *Ten tantos compromisos que nunca a atopas na casa*. Potremmo dire che questi romanzi mostrano un evidente impegno politico. *Poderíamos dicir que estas novelas amosan un evidente compromiso político*. **2 Afán, ansia**. Da quando è stato promosso, lavora con impegno ed entusiasmo. *Desde que foi ascendido, traballa con afán e entusiasmo*. **# senza impegno:** *sen compromiso (de comprar)*. ♦ *Para referirse ó 'empeño, obceación' en italiano emprégase o termo ostinazione*.

**impensabile** *adx.* **Impensable**. La possibilità che lei sia colpevole mi sembra impensabile. *A posibilidade de que ela sexa culpable paréceme impensable*.

**impensierire** **I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Preocupar, inquietar, desacougar**. Questo problema impensierisce noi tutti. *Este problema preocupanos a todos nós*. **II** *v.*

*intr. pron. [aux. essere] Preocuparse, inquietarse, desacogarse.* Quando ho visto che era tardi e non arrivavi mi sono molto impensierito. *Cando vin que era tarde e non chegabas preocupame moito.* **OBS.:** io impensierisco, tu impensierisci.

**imperare** *v. intr. [aux. avere] 1 Imperar.* Roma imperò su gran parte dell'Europa. *Roma imperou sobre gran parte de Europa.* **2 (fig.) Imperar, dominar, predominar.** In questa stanza impera il disordine. *Neste cuarto impera a desorde.* **OBS.:** io impero.

**imperativo -a I** *adx. Imperativo -a.* Non usare quel tono imperativo perché non ti darò ascolto. *Non uses ese ton imperativo porque non che prestarei atención.* **II s.m. (Gram.) Imperativo (modo).** 'Prendilo' e 'non cantare' sono due imperativi. *'Cólleo' e 'non cantes' son dous imperativos.*

**imperatore -trice** *s. Emperador -triz.* Gli imperatori del Giappone sono molto rispettati dai loro sudditi. *Os emperadores de Xapón son moi respectados polos seus súditos.*

**impercettibile** *adx. Imperceptible, inapreciable.* La differenza tra questi gemelli è quasi impercettibile. *A diferencia entre estes xemelgos é case imperceptible.*

**imperdonabile** *adx. Imperdoable, inescusable, irremisibile.* Questo errore è troppo grave, imperdonabile. *Este erro é demasiado grave, imperdoable.*

**imperfetto -a I** *adx. Imperfecto -a, defectuoso -a.* Questo apparecchio è imperfetto: l'abbiamo usato una volta e non funziona più. *Este aparello é imperfecto: usámolo unha vez e xa non funciona.* **II s.m. (Gram.) Imperfecto (tempo).** 'Venivate' è l'imperfetto d'indicativo del verbo 'venire'. *'Viñades' é o imperfecto de indicativo do verbo 'vir'.*

**imperfessione** *s.f. Imperfección, defecto, falta.* Lavora fino ad eliminare ogni imperfessione dall'opera. *Traballa ata eliminar toda imperfección da obra.*

**imperiale** *adx. Imperial.* La corona imperiale è stata rubata dal museo. *A coroa imperial foi roubada do museo.*

**imperioso -a** *adx. Imperioso -a (autoritario).* Ci indicò la porta con un gesto imperioso. *Indicóuno-la porta cun xesto imperioso.*

**impermeabile I** *adx. Impermeable.* C'era uno strato impermeabile di terra che non lasciava passare l'acqua agli strati più profondi. *Había unha capa impermeable de terra que non deixaba pasa-la auga ás capas máis profundas.* **II s.m. Gabardina.** Qui piove così poco che raramente si usa l'impermeabile. *Aquí chove tan pouco que raras veces se usa a gabardina.*

**impero** *s.m. Imperio.* Una parte dell'Italia settentrionale è appartenuta all'Impero austro-ungarico.

*Unha parte da Italia do norte pertenceu ó Imperio austro-húngaro.*

**impersonale** *adx. Impersoal.* Dobbiamo studiare i verbi impersonali. *Temos que estudia-los verbos impersoais.* Queste sono accuse impersonali, non sono rivolte a nessuno in particolare. *Estas son acusacións impersoais, non van dirixidas a ninguén en concreto.* Il loro stile è impersonale, monotono, comune. *O seu estilo é impersoal, monótono, común.*

**impertinente I** *adx. Impertinente.* Ci è sembrato un ragazzo impertinente e maleducato. *Pareceunos un rapaz impertinente e maleducado.* Quei commenti impertinenti ci hanno messo in imbarazzo. *Aqueles comentarios impertinentes fixéronnos sentir incómodos.* **II s. Impertinente.** Sei un'impertinente! Smettila di dire insolenze. *¡Es unha impertinente! Deixa de dicir insolencias.*

**impertinenza** *s.f. Impertinencia.* La vostra impertinenza e il vostro orgoglio mi sembrano insopportabili. *A vosa impertinencia e o voso orgullo parécenme insoportables.* Non tollererò un'altra impertinenza. *Non tolerarei outra impertinencia.*

**impeto** *s.m. 1 Ímpeto, violencia, enerxía.* L'impeto delle acque ha trascinato le macchine e i camion. *O impeto das augas arrastrou os coches e os camiões.* **2 (fig.) Arranque, arrebatato.** In un impeto d'ira se n'è andato e non ci ha più telefonato. *Nun arranque de ira marchou e non nos chamou máis por teléfono.*

**impetuoso -a** *adx. 1 Impetuoso -a, enérxico -a.* Un vento impetuoso ha abbattuto gli alberi del giardino. *Un vento impetuoso abateu as árbores do xardín.* **2 Impetuoso -a (fogoso).** Ha un carattere troppo impetuoso e irreflessivo. *Ten un carácter demasiado impetuoso e irreflexivo.*

**impiantare** *v. tr. [aux. avere] 1 Montar (instalar).* Devono ancora impiantare i motori della nuova macchina. *Ainda teñen que monta-los motores da nova máquina.* **2 Instalar, establecer.** Impianteremo nuovi uffici in altri paesi dell'Europa. *Instalaremos novas oficinas noutros países de Europa.*

**impianto** *s.m. Instalación.* A quanto ammonteranno le spese d'impianto per la nuova cucina? *¿A canto ascenderán os gastos de instalación para a nova cociña?* L'impianto elettrico di questa casa è troppo vecchio. *A instalación eléctrica desta casa é demasiado vella.* # **impianti sanitari:** *instalacións sanitarias;* **impianto di riscaldamento:** *calefacción;* **impianto idraulico:** *canos (dunha casa);* **impianto industriale:** *instalacións industriais;* **impianto sportivo:** *instalacións deportivas.*

**impiccare I** *v. tr. [aux. avere] Aforcar, colgar, enfor-car.* L'hanno impiccato a un albero per simulare un suicidio. *Aforcárono dunha árbore para simular un*

*suicidio*. **II** v. refl. [aux. essere] *Aforcarse, colgarse, enforcarse*. Si è impiccato in un momento di pazzia. *Aforcouse nun momento de loucura*. **OBS.:** io impiccoco, tu impicchi; v. irreg. *V. táboa 5*.

**impicciare I** v. tr. [aux. avere] *Estorbar (en)*. Queste sedie impicciano, bisogna spostarle. *Estas cadeiras estorban, hainas que mover*. **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Meterse, entremeterse*. S'impiccia sempre delle faccende di suo figlio. *Sempre se mete nos asuntos do seu fillo*. # **impicciati degli affari tuoi:** *métete nos teus asuntos*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 2*.

**impiccio** s.m. **1** *Estorbo, atranco*. Queste scatole in corridoio sono un vero impiccio. *Estas caixas no corredor son un verdadeiro estorbo*. **2** (fig.) *Enredo, lea, problema*. Si è messo in un impiccio. *Meteuse nun enredo*. # **essere in un impiccio:** *estar nunha lea*. **OBS.:** pl. impicci.

**impiccione -a** s. *Entremetido -a, metido -a, indiscreto -a*. Sei un impiccione! Bada ai fatti tuoi. *¡Es un entremetido! Métete nos teus asuntos*.

**impiegare I** v. tr. [aux. avere] **1** *Empregar, usar, utilizar*. Hai impiegato bene i soldi della famiglia. *Empregaches ben os cartos da familia*. **2** *Empregar, colocar*. Voleva impiegare sua cugina in un negozio di alimentari. *Quería emprega-la súa curmá nunha tenda de comestibles*. **II** v. refl. [aux. essere] *Empregar, colocarse*. Si sono impiegati nello studio di un avvocato. *Empregáronse no bufete dun avogado*. **OBS.:** io impiego, tu impieghi; v. irreg. *V. táboa 6*.

**impiegato -a I** part. pas. de impiegare e adx. **1** *Empregado -a, usado -a, utilizado -a*. Considero perdute le ore impiegate a spiegarti il funzionamento di questo apparecchio. *Considero perdidas as horas empregadas en explicarche o funcionamento deste aparato*. **2** *Empregado -a, colocado -a*. Il ragazzo impiegato sembra abbastanza efficiente. *O rapaz empregado parece bastante eficiente*. **II** s. *Empregado -a (traballador)*. Il nuovo impiegato della ditta viene dall'estero. *O novo empregado da empresa vén do estranxeiro*. # **impiegato pubblico:** *funcionario*.

**impiego** s.m. **1** *Emprego, uso, utilización*. L'impiego di questo materiale ci permetterà di impermeabilizzare la casa. *O emprego deste material permitiranos impermeabiliza-la casa*. **2** *Emprego, colocación, ocupación*. Sto cercando un impiego nel settore privato. *Estou buscando un emprego no sector privado*. **OBS.:** pl. impieghi.

**implicare** v. tr. [aux. avere] **1** *Implicar, significar, supoñer*. Il fatto di essere d'accordo non implica che siano amici. *O feito de estar de acordo non implica que sexan amigos*. **2** *Implicar, involucrar, envolver*. Vi hanno implicato in un brutto affare.

*Implicáronvos nun mal asunto*. **OBS.:** io implico, tu implichi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5*.

**implicazione** s.f. *Implicación*. Queste dichiarazioni hanno gravi implicazioni politiche. *Estas declaracións teñen graves implicacións políticas*.

**implicito -a** adx. *Implicito -a*. Nella condanna della violenza è implicito il rifiuto del terrorismo. *Na condena da violencia é implícito o rexeitamento do terrorismo*. # **proposizione implicita:** *proposición subordinada co v. en infinitivo, xerundio ou participio*.

**implorare** v. tr. [aux. avere] *Implorar, suplicar, rogar*. Il condannato implorava perdono. *O condenado imploraba perdón*.

**imponente** adx. *Impoñente*. Il paesaggio di queste montagne è imponente. *A paisaxe destas montañas é imponente*.

**impopolare** adx. *Impopular*. L'imposizione di nuove tasse sarà impopolare. *A imposición de novos impostos vai ser impopular*. È impopolare tra i propri compagni perché arriva sempre in ritardo. *É impopular entre os seus propios compañeiros porque sempre chega tarde*.

**imporre I** v. tr. [aux. avere] *Impoñer, impor (sobrepoñer ou aplicar)*. Cerca sempre d'imporre la propria volontà. *Sempre tenta impoñe-la súa vontade*. Hanno imposto un limite di velocità e dobbiamo rispettarlo. *Impuxeron un límite de velocidade e témo-lo que respectar*. **II** v. refl. e intr. pron. [aux. essere] *Impoñerse, imporse*. Durante la lite, tuo padre si è imposto a tutti. *Durante a rifa, teu pai impúxose a todos*. S'impone una modifica importante. *Imponse unha modificación importante*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 17*.

**importante I** adx. *Importante*. Dobbiamo pensarci bene perché la decisione è importante. *Temos que pensalo ben porque a decisión é importante*. Queste persone sono molto importanti e bisogna trattarle bene. *Estas persoas son moi importantes e hainas que tratar ben*. **II** s.m. sing. *Importante*. L'importante è risolvere questo problema, poi si vedrà. *O importante é resolver este problema, logo se verá*.

**importanza** s.f. *Importancia*. Questo piccolo incidente non ha nessuna importanza. *Este pequeno accidente non ten ningunha importancia*. # **darsi importanza:** *darse importancia*.

**importare I** v. tr. [aux. avere] (*Econ.*) *Importar*. Questa ditta importa banane dalle Canarie. *Esta empresa importa plátanos das Canarias*. **II** v. intr. e intr. impers. [aux. essere] *Importar, contar*. Ai tuoi genitori importa molto quello che pensi. *Ós teus pais impórtalles moito o que pensas*. Ciò che posso-

no fare non mi importa. *O que poidan facer non me importa.*

**importazione** *s.f.* **Importación.** Questa frutta è cara perché è merce d'importazione. *Esta froita é cara porque é mercancia de importación.*

**importo** *s.m.* **Importe.** Quale è l'importo totale di queste spese? *¿Cal é o importe total destas compras?*

**importunare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Importunar.** Non importunarmi con pettegolezzi. *Non me importunes con rexoubas.*

**imposizione** *s.f.* **Imposición** (*de obrigas ou normas*). Hanno fatto una manifestazione contro l'imposizione di nuove tasse. *Fixeron unha manifestación contra a imposición de novos impostos.*

**impossessarsi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **1 Apoderarse, apropiarse.** Non è riuscita a impossessarsi dei tuoi averi. *Non conseguiu apoderarse das túas pertenzas.* **2** (*fig.*) **Adquiri-lo dominio** (*dunha lingua, materia ou técnica*). A poco a poco si è impossessato dell'arte dell'oreficeria. *Pouco a pouco adquiriu o dominio da arte da ourivería.*

**impossibile** **I** *adx.* **Imposible.** Questo progetto è umanamente impossibile. *Este proxecto é humanamente imposible.* Da quando è malato ha un carattere impossibile. *Desde que está enfermo ten un carácter imposible.* **II** *s.m. sing.* **Imposible.** È così ambizioso che pretende l'impossibile. *É tan ambicioso que pretende o imposible.* # **fare l'impossibile:** *face-lo imposible.*

**impossibilità** *s.f. inv.* **Imposibilidade.** Mi trovo nell'impossibilità di rispondere alle loro domande. *Atópome na imposibilidade de responder ás súas preguntas.*

**imposta** *s.f.* **1 Contra, contraventá.** Puoi accostare un po' le imposte della finestra? *¿Podes entornar un pouco as contras da fiestra?* **2** (*Der.*) **Tributo, imposto.** Hanno dovuto pagare le imposte ipotecarie. *Tiveron que paga-los tributos hipotecarios.*

**impostare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Formular.** Deve impostare il problema in dieci minuti. *Ten que formula-lo problema en dez minutos.*

**impotente** **I** *adx.* **1 Impotente, incapaz.** Mi sento impotente di fronte a questa ingiustizia. *Síntome impotente fronte a esta inxustiza.* **2** (*Med.*) **Impotente.** È impotente, ma segue le prescrizioni del medico. *É impotente, pero segue as prescricións do médico.* **II** *s.m. (Med.) Impotente.* Questo medicinale è adatto per gli impotenti. *Esta medicina é axeitada para os impotentes.*

**impotenza** *s.f.* **1 Impotencia, incapacidade.** Sentivano con rabbia l'impotenza di non poterci aiutare. *Sentían con rabia a impotencia de non poder-*

*nos axudar.* **2** (*Med.*) **Impotencia.** Ha un grave problema d'impotenza sessuale. *Ten un grave problema de impotencia sexual.* # **ridurre all'impotenza:** *reducir (alguén) ata a impotencia.*

**impoverimento** *s.m.* **Empobrecemento** (*tamén fig.*). La guerra provocò l'impoverimento economico della regione. *A guerra provocou o empobrecemento económico da rexión.* La mancanza di scrittori contribuì all'impoverimento culturale. *A falta de escritores contribúe ó empobrecemento cultural.*

**impoverire** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Empobrecer** (*tamén fig.*). Le tasse troppo alte hanno impoverito la popolazione. *Os impostos demasiado altos empobrece-ron a poboación.* L'assenza di opere importanti impoverisce l'arte scenica. *A carencia de obras importantes empobrece a arte escénica.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Empobrecer(se).** Ha perso tanto al gioco che si è impoverito. *Perdeu tanto no xogo que (se) empobreceu.* Le tradizioni popolari s'impoveriscono a poco a poco. *As tradicións populares empobrecen(se) pouco a pouco.* **OBS.:** io impoverisco, tu impoverisci.

**imprecisione** *s.f.* **Imprecisión, vaguidade.** L'imprecisione di questa espressione vi ha portati a un fraintendimento. *A imprecisión desta expresión levouvos a un malentendido.*

**impreciso -a** *adx.* **Impreciso -a, vago -a, confuso -a.** Il suo scritto era impreciso, poco chiaro. *O seu escrito era impreciso, pouco claro.*

**impregnare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Impregnar, embeber, imbuír.** Impregnò un batuffolo di cotone in acetone per togliersi lo smalto. *Impregnou un algodón en acetona para quita-lo esmalte.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Impregnarse.** Lo straccio si è completamente impregnato di acqua e sapone. *O trapo impregnouse completamente en agua e xabón.*

**imprenditore -trice** *s.* **Empresario -a.** Questo imprenditore ha fondato la sua fabbrica trentaquattro anni fa. *Este empresario fundou a súa fábrica fai trinta e catro anos.*

**impresa** *s.f.* **1 Empresa** (*acción ou proxecto*). Questo affare è un'impresa rischiosa e poco sicura. *Este negocio é unha empresa arriscada e pouco segura.* **2 Empresa, industria.** Gestisce un'impresa che produce materiali da costruzione. *Dirixe unha empresa que produce materiais de construción.* **3 Empresa, compañía.** Avete lavorato in un'impresa di trasporti? *¿Traballastes nunha empresa de transportes?* # **è più la spesa che l'impresa:** *vai dar máis gasto que beneficio.*

**imprescindibile** *adx.* **Imprescindible, indispensable, necesario -a.** Questo libro è imprescindibile per lo studio della critica letteraria. *Este libro é imprescindible para o estudio da crítica literaria.*

**impressionante** *adx.* **Impresionante.** Ho visto un incidente impressionante. *Vin un accidente impresionante.*

**impressionare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Impresionar** (*causar boa ou mala impresión*). Il suo fidanzato ha impressionato favorevolmente i nostri genitori. *O seu noivo impresionou favorablemente os nosos pais.* **OBS.:** normalmente *o v. vai acompañado dun adv. que especifica a impresión positiva ou negativa.* **2 Impresionar, conturbar.** Questo film sulla guerra ha impressionato il pubblico. *Este filme sobre a guerra impresionou o público.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Impresionarse, conturbarse.** Mi sono fortemente impressionato quando ho visto che erano morti. *Impresioneime fortemente cando vin que estaban mortos.* # **impressionare una lastra, una pellicola:** *impresionarse unha placa, unha película.*

**impressione** *s.f.* **Impresión.** La scena dell'incidente gli ha fatto una forte impressione. *A escena do accidente causoulle unha forte impresión.* Le prime impressioni non sono definitive. *As primeiras impresións non son definitivas.* Avevano l'impressione che le cose sarebbero finite male. *Tiñan a impresión de que as cousas rematarían mal.* # **fare impressione:** *causar impresión;* **impressione di freddo:** *sensación de frío;* **l'impressione di un sigillo:** *a impresión dun selo.*

**imprevisto -a I** *adx.* **Imprevisto -a, inesperado -a.** Quell'incontro imprevisto l'ha messo in imbarazzo. *Aquel encontro imprevisto fixoo sentir incómodo.* **II** *s.m.* **Imprevisto.** Sarò da te dopodomani, salvo imprevisti. *Estarei na túa casa pasadomañá, salvo imprevistos.*

**imprigionare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Encarcarar.** Hanno imprigionato i soldati nemici. *Encarceraron os soldados inimigos.* **2 (fig.) Bloquear** (*deixar atrapado nun lugar*). La neve vi ha imprigionati nel rifugio. *A neve bloqueouvos no refuxio.*

**imprimere** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Imprimir, gravar, estampar.** Imprimeremo il nostro marchio su tutte queste scatole di legno. *Imprimiremo-la nosa marca en todas estas caixas de madeira.* **2 (fig.) Gravar** (*na mente*). Ho impresso nella mia memoria il suo viso. *Gravei na miña memoria o seu rostro.* **3 (fig.) Imprimir** (*transmitir*). Perché funzioni l'orologio devi imprimere movimento al pendolo. *Para que funcione o reloxo tes que lle imprimir movemento ó péndulo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 33.*

**improbabile** *adx.* **Improbable.** Sono partiti in ritardo, quindi è abbastanza improbabile che arrivino in tempo. *Sairon con atraso, polo tanto é bastante improbable que cheguen a tempo.*

**impronta** *s.f.* **1 Pegada, pasada, pisada.** Ha lasciato le sue impronte sul cemento. *Deixou as súas pegadas no cemento.*

**2 Marca, sinal, pegada** (*tamén fig.*). Sulla sabbia si vedevano ancora le impronte delle scarpe. *Sobre a area aínda se vían as marcas dos zapatos.* Questo romanzo porta l'impronta del tuo talento. *Esta novela leva a marca do teu talento.* # **impronta digitale:** *impresión dixital.*

**improprietà** *s.f. inv.* **Impropiedade.** Pensa bene ciò che dici, non parlare con improprietà. *Pensa ben o que dis, non fales con impropiedade.*

**improprio -a** *adx.* **Impropio -a, inadecuado -a, inaxeitado -a.** L'uso di questo termine è improprio, ne cercherò un altro più adatto. *O uso deste termo é impropio, buscarei outro máis axeitado.*

**instabile** *adx.* **Inestable.** Non appoggiarti a quella tavola perché sembra vecchia e instabile. *Non te apoies naquela mesa porque parece vella e inestable.* Questa primavera abbiamo avuto un tempo molto instabile. *Esta primavera tivemos un tempo moi inestable.* Ha un carattere instabile: può essere gentilissimo o insopportabile. *Ten un carácter inestable: pode ser moi amable ou insoportable.*

**installare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Instalar** (*unha persoa nun aloxamento*). Abbiamo installato i nonni al primo piano. *Instalámo-los avós no primeiro piso.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Instalarse.** Adesso mi installo qui e più tardi cercherò un posto migliore. *Agora instálome aquí e máis tarde buscarei un lugar mellor.*

**instaurare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Instaurar.** I militari presero il potere e instaurarono una dittatura. *Os militares tomaron o poder e instauraron unha dictadura.*

**insù (all’-)** *loc. adv.* **Cara a arriba.** Guardava all’insù cercando la luna dietro le nuvole. *Miraba cara a arriba buscando a lúa detrás das nubes.* # **naso all’insù:** *nariz coa punta un pouco levantada.*

**insubordinazione** *s.f.* **Insubordinación.** Non tollera l’insubordinazione dei dipendenti. *Non tolera a insubordinación dos empregados.*

**insuccesso** *s.m.* **Fracaso.** L’insuccesso dell’opera ha provocato gravi problemi economici alla compagnia teatrale. *O fracaso da obra provocoulle graves problemas económicos á compañía de teatro.*

**insudiciare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Ensuciar, lixar, manchar.** I tuoi stivali sporchi di fango hanno insudiciato il pavimento. *As túas botas manchadas de lama ensuciaron o chan.* **OBS.:** io insudicio; *v. irreg. V táboas 1 e 2.*

**insufficiente** *adx.* **Insuficiente.** Il tempo che dedichi a studiare è insufficiente per superare l’esame. *O tempo que dedicas a estudar é insuficiente para aproba-lo exame.* # **voto insufficiente:** *suspenso.*

**insufficienza** *s.f.* **1 Insuficiencia, escaseza.** L’insufficienza di vitamina C provoca lo scorbuto. *A insuficiencia de vitamina C provoca o escorbuto.* **2 Suspenso.** Non volevi farci vedere la pagella perché avevi un’insufficienza in matematica. *Non querías deixarnos ve-lo caderno de notas porque tiñas un suspenso en matemáticas.*

**insultare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Insultar.** L’ha insultata chiamandola stupida. *Insultouna chamándolle estúpida.*

**insulto** *s.m.* **Insulto.** Quando si è arrabbiato ha cominciato a rivolgerci insulti. *Cando se enfadou comezou a dirixirnos insultos.*

**insuperabile** *adx.* **1 (fig.) Insuperable, insalvable, invencible.** I problemi sembrano insuperabili mentre non si affrontano. *Os problemas parecen insuperables mentres non se afrontan.* **2 (fig.) Insuperable, inmellorable.** L’autore di questo romanzo è eccellente, insuperabile. *O autor desta novela é excelente, insuperable.*

**insurrezione** *s.f.* **Insurrección, levantamento, rebelión.** L’insurrezione del popolo fu provocata dagli agitatori. *A insurrección do pobo provocárona os axitadores.*

**intaccare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Corroer.** La ruggine ha intaccato a poco a poco le panchine del giardino. *A ferruxe corroeu pouco a pouco os bancos do xardín.* **2 (fig.) Consumir (esgotar).** Non intaccheremo le provviste prima dell’estate. *Non consumirémo-las provisións antes do verán.* **OBS.:** io intacco, tu intacchi; *v. irreg. V táboa 5.*

**intanto** *adv.* **1 Mentres, namentres, entrementes.** Noi leggevamo le bozze e lui intanto faceva le correzioni. *Nós liámo-las probas e el mentres facía as correccións.* **2 Pero.** Promettono sempre di farci visita, intanto non vengono mai. *Sempre prometen que nos farán unha visita, pero nunca veñen.*

**intasare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Atascar, atoar, atuir.** Un pezzo di cotone ha intasato lo scolo della vasca da bagno. *Un anaco de algodón atascou o desaugadoiro da bañeira.* **2 (fig.) Atrancar, atascar.** L’incidente



intaserà il traffico almeno per mezz'ora. *O accidente atrancarà o tráfico polo menos durante media hora.*

**intatto -a** *adx.* **1 Intacto -a** (*non tocado*). Hanno mangiato così tanto che il dolce è rimasto intatto. *Comeron tanto que a sobremesa quedou intacta.* **2 Intacto -a, indemne.** Dopo il terremoto nessuna casa delle vicinanze era intatta. *Tralo terremoto ningunha casa dos arredores estaba intacta.*

**integrale** *adx.* **Integral, completo -a, total.** Hanno appena pubblicato l'edizione integrale delle sue poesie. *Acaban de publica-la edición integral das súas poesías.* # **pane integrale:** *pan integral.*

**integrare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Completar.** Hanno integrato lo studio della materia con un ciclo di conferenze. *Completaron o estudio da materia cun ciclo de conferencias.* **2 Integrar, introducir.** Non sono riusciti a integrarla nel nuovo ambiente di lavoro. *Non conseguiron integrala no novo ambiente de traballo.* **OBS.:** io *integró*; *v. irreg. V. táboa 1.*

**integrazione** *s.f.* **Integración.** Questo programma ha come scopo l'integrazione dei malati di AIDS nella comunità. *Este programa ten como finalidade a integración dos enfermos de Sida na comunidade.* # **cassa integrazione:** *fondo de garantía salarial.*

**integrità** *s.f. inv.* **Integridade** (*tamén fig.*). Due poliziotti dovevano difendere l'integrità del testimone. *Dous policías tiñan que defende-la integridade da testemuña.* L'integrità e il senso del dovere di questo professionista non ammettono dubbi. *A integridade e o sentido do deber deste profesional non admiten dúbidas.*

**integro -a** *adx.* **1 Íntegro -a.** Dopo l'assalto nessuna camera del palazzo è rimasta integra. *Tralo asalto ningunha estancia do palacio quedou íntegra.* **2 (fig.) Íntegro -a, cabal, recto -a.** Ti puoi fidare di lei: è integra, onesta e discreta. *Pódeste fiar dela: é íntegra, honesta e discreta.*

**intelletto** *s.m.* **Intelecto** (*facultade*). Il professore venuto da Milano è un uomo di grande intelletto. *O profesor que veu de Milán é un home de grande intelecto.*

**intellettuale I** *adx.* **Intelectual.** Le sue facoltà intellettuali sono manifeste. *As súas facultades intelectuais son manifestas.* **II s. Intelectual.** Per questo programma di dibattito invitano sempre gli intellettuali più famosi. *Para este programa de debate sempre invitan os intelectuais máis famosos.*

**intelligente** *adx.* **Intelixente.** Sono molto intelligenti e ricaveranno subito la soluzione. *Son moi intelixentes e deducirán rapidamente a solución.*

**intelligenza** *s.f.* **Intelixencia, intelecto, entendemento.** Era una donna di straordinaria intelligenza e le sue ricerche superarono gli studi precedenti. *Era*

*unha muller dunha intelixencia extraordinaria e as súas investigacións superaron os estudos anteriores.*

**intendere I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Pretender, querer.** Intendono costruire una scuola qui. *Pretenden construír unha escola aquí.* **2 Entender, comprender.** Ha parlato velocemente e non l'hanno inteso. *Falou velozmente e non o entenderon.* **3 Entender** (*interpretar, xulgar*). Che cosa intendete per 'filosofia'? *¿Que entendedes por 'filosofía'?* **II v. refl. recip.** [*aux. essere*] **Entenderse, comprenderse.** Intendiamoci bene, non penso di accompagnarti. *Entendámonos ben, non penso acompañarte.* # **dare a intendere:** *dar a entender; intendersela con qualcuno:* *estar de acordo con alguén, entenderse; siamo intesi?:* *¿entendido?* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 26.*

**intenditore -trice** *s.* **Entendido -a** (*experto*). Vorrei andare alla mostra con lei perché è una vera intenditrice d'arte. *Querería ir á exposición con ela porque é unha auténtica entendida en arte.* # **a buon intenditore poche parole:** *a bo entendedor poucas palabras.*

**intenerire I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Entenrecer.** I vostri lamenti l'hanno intenerito. *As vosas queixas entenrecérono.* **II v. intr. pron.** [*aux. essere*] **Entenrecerse.** Quando l'hanno visto piangere si sono inteneriti. *Cando o viron chorar entenrecéronse.* **OBS.:** io *intenerisco*, tu *intenerisci*.

**intensificare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Intensificar.** Hanno intensificato la vigilanza, ma non hanno trovato il mafioso. *Intensificaron a vixilancia, pero non atoparon o mafioso.* **II v. intr. pron.** [*aux. essere*] **Intensificarse.** Il dolore s'intensificava quando passava l'effetto del medicinale. *A dor intensificábase cando pasaba o efecto do medicamento.* **OBS.:** io *intensifico*, tu *intensifichi*; *v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**intensità** *s.f. inv.* **Intensidade.** L'intensità del vento non ci permetteva di avanzare. *A intensidade do vento non nos permitía avanzar.*

**intensivo -a** *adx.* **Intensivo -a.** Mi sono iscritto a un corso intensivo di informatica. *Inscribinme nun curso intensivo de informática.*

**intenso -a** *adx.* **Intenso, forte.** Il freddo è stato così intenso che ha rovinato le colture. *O frío foi tan intenso que estragou os cultivos.* Mi piacciono i colori intensi. *Gústanne as cores intensas.*

**intenzione** *s.f.* **Intención, propósito, idea.** Non aveva intenzione di mantenere la sua promessa. *Non tiña intención de cumprir-la súa promesa.* # **la via dell'inferno è lastricata di buone intenzioni:** *non basta a intención para obrar ben.*

**intercalare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Intercalar.** Per migliorare la composizione dovrete intercalare alcuni segni

d'interpunzione. *Para mellora-la redacción deberías intercalar algúns signos de puntuación.*

**intercedere** v. intr. [aux. avere] **Interceder, avogar, mediar.** I professori hanno interceduto per lui e la preside l'ha perdonato. *Os profesores intercederon por el e a directora do instituto perdonouno.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 62.

**interessante** adx. **Interesante.** Le sue idee erano così interessanti che hanno attirato l'attenzione degli altri interlocutori. *As súas ideas eran tan interesantes que chamaron a atención dos outros interlocutores.*

**interessare I** v. tr. [aux. avere] **Interesar, atanguer, afectar.** Questo argomento interessa te particolarmente, perché hai letto molto al riguardo. *Este tema interésache a ti especialmente, porque liches moito ó respecto.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Interesarse.** Questi ragazzi s'interessano alla musica folcloristica. *Estes rapaces interésanse pola música folclórica.*

**interesse** s.m. **1 Xuro.** Deve pagare il mutuo più gli interessi. *Ten que paga-lo crédito e mailos xuros.* **2 Interesse, beneficio, proveito.** Ci aiuta per il suo interesse, pensando al profitto che ne trarrà. *Axúdanos polo seu interese, pensando no proveito que sacará.* **3 Interesse (atención, importancia).** Ti ascoltano con molto interesse. *Escóitante con moito interese.* Queste dichiarazioni non sono prive d'interesse. *Estas declaracións non carecen de interese.*

**interiezione** s.f. **Interxección.** L'interiezione 'ahi' esprime un sentimento di dolore. *A interxección 'ahi' expresa un sentimento de dor.*

**interiore** adx. **Interior (espiritual).** Il suo mondo interiore era pieno di fantasia. *O seu mundo interior estaba cheo de fantasías.* ♦ *Para referirse ós 'interiores (dunha casa)' en italiano emprégase o termo interni.*

**interiorizzare** v. tr. [aux. avere] **Interiorizar.** Quando ha interiorizzato quell'ideologia ha avuto molti dubbi. *Cando interiorizou aquela ideoloxía tivo moitas dúbidas.*

**interlocutore -trice** s. **Interlocutor -ora (parte nun diálogo).** Non sapeva che uno degli interlocutori fosse straniero. *Non sabía que un dos interlocutores fose estranxeiro.*

**intermediario -a I** adx. **Intermediario -a.** L'imprenditore commerciale svolge una funzione intermediaria. *O empresario comercial desenvolve unha función intermediaria.* **II** s. **Intermediario -a, mediador -ora.** Ha fatto da intermediaria nel nostro affare. *Fixo de intermediaria no noso negocio.*

**intermedio -a** adx. **Intermedio -a, medio -a.** Sto studiando il periodo intermedio fra l'unificazione dell'Italia e la prima guerra mondiale. *Estou estu-*

*diando o período intermedio entre a unificación de Italia e a primeira guerra mundial.*

**internazionale** adx. **Internacional.** Hanno firmato un accordo internazionale per difendere l'ambiente. *Firmaron un acordo internacional para protexe-lo ambiente.*

**internet** s.m. inv. **Internet.** Ho trovato molti riferimenti bibliografici tramite internet. *Atopei moitas referencias bibliográficas por medio de internet.*

**interno -a I** adx. **Interno -a, interior.** Le parti interne di questo palazzo sono da rifare. *Hai que volver face-las partes internas deste edificio.* **II** s.m. **Interior.** L'interno della cassa è foderato di velluto rosso. *O interior da caixa está forrado con veludo vermello.* # **alunno interno; alunno interno; gli interni (Cine): os interiores; ministro dell'interno / degli interni: ministro de interior.**

**intero -a** adx. **1 Enteiro -a, intatto -a.** Il bicchiere è caduto per terra, ma è ancora intero. *O vaso caeu ó chan, pero está aínda enteiro.* **2 Enteiro -a, completo -a, integro -a.** È rimasta un intero anno a lavorare in Turchia. *Quedou un ano enteiro a traballar en Turquía.* # **latte intero: leite enteiro; numero intero: número enteiro; per intero: por enteiro.**

**interpretare** v. tr. [aux. avere] **Interpretar.** Questa poesia di Montale è difficile da interpretare. *Esta poesía de Montale é difícil de interpretar.* Ho interpretato male le tue parole. *Interpretei mal as túas palabras.* Questa compagnia di teatro interpreterà una tragedia classica. *Esta compañía de teatro interpretará unha traxedia clásica.* **OBS.:** io interpreto; v. irreg. V. táboa 1.

**interpretazione** s.f. **Interpretación.** La sua interpretazione ha aggiunto nuove prospettive alla comprensione del testo. *A súa interpretación engadiu novas perspectivas á comprensión do texto.* Quest'interpretazione dell'avarò di Molière mi sembra pessima. *Esta interpretación do avaro de Molière paréceme pésima.*

**interprete** s. **Intérprete.** È un ottimo interprete dell'opera petrarchesca. *É un boísimo intérprete da obra de Petrarca.* Lavora come interprete di tedesco in una ditta. *Traballa como intérprete de alemán nunha empresa.* Gli interpreti di questa commedia sono degli attori giovanissimi. *Os intérpretes desta comedia son uns actores novísimos.*

**interpunzione** s.f. **Puntuación (ortográfica).** I segni di interpunzione determinano le pause nel testo scritto. *Os signos de puntuación determinan as pausas no texto escrito.*

**interrogare** v. tr. [aux. avere] **1 Interrogar.** La polizia ha interrogato il testimone sulla fisionomia del ladro. *A policía interrogou a testemuña sobre o aspecto físico do ladrón.* **2 Examinar oralmente.** Il

professore ha interrogato il primo studente su Dante. *O profesor examinou oralmente o primeiro estudante sobre Dante.* **3 Preguntar** (ós alumnos). Aveva paura di essere interrogato in matematica. *Tiña medo de que lle preguntaran de matemáticas.* **OBS.:** io interrogo, tu interrogghi; v. irreg. *V. táboas 1 e 6.*

**interrogativo -a I adx. Interrogativo -a.** Gli avverbi interrogativi introducono una frase interrogativa diretta. *Os adverbios interrogativos introducen unha frase interrogativa directa.* **II s.m. Interrogante, interrogación, pregunta.** Avevate molti interrogativi senza risposta. *Tiñades moitos interrogantes sen resposta.* # **punto interrogativo:** signo de interrogación.

**interrogatorio s.m. Interrogatorio.** L'imputato è stato sottoposto a un interrogatorio. *Someteron o acusado a un interrogatorio.*

**interrogazione s.f. Exame oral (do profesor).** La professoressa ha fatto un'interrogazione di storia che nessuno di noi si aspettava. *A profesora fixo un exame oral de historia que ninguén de nós esperaba.* # **interrogazione retorica:** pregunta retórica.

**interrompere I v. tr. [aux. avere] 1 Interromper, suspender, cortar.** Hanno interrotto il viaggio e sono tornati a casa. *Interromperon a viaxe e volveron a casa.* **2 Interromper, cortar.** Mi interrompe ogni volta che comincio a parlare. *Interrómpeme cada vez que comezo a falar.* Una valanga di neve ha interrotto la strada. *Unha avalancha de neve interrompeu a estrada.* **II v. intr. pron. [aux. essere] Interromperse, cortarse.** Quest'oratore s'interrompe ogni volta che sente parlare la gente. *Este orador interrómtese cada vez que sente fala-la xente.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 66.*

**interruttore s.m. Interruptor, chave.** L'interruttore della luce è guasto. *O interruptor da luz está avariado.*

**interruzione s.f. 1 Interrupción, suspensión.** L'interruzione dei lavori è dovuta alla mancanza di soldi. *A interrupción dos traballos débese á falta de cartos.* **2 Interrupción.** Lo studente ha finito di leggere senza interruzioni dei suoi compagni. *O estudante acabou de ler sen interrupcións dos seus compañeiros.* Il crollo del ponte provocò l'interruzione della strada. *O derrubamento da ponte provocou a interrupción da estrada.*

**intervallo s.m. Intervalo, distancia.** Puoi lasciare un intervallo più ampio fra i due brani? *¿Podes deixar un intervalo máis amplo entre os dous parágrafos?* # **l'intervallo di un'opera di teatro:** o entreacto dunha obra de teatro.

**intervenire v. intr. [aux. essere] 1 Intervir (mediar).** È intervenuta nel dibattito per moderare gli interlocu-

tori. *Interveu no debate para modera-los interlocutores.* **2 Intervir, participar.** Se interverrò alla cerimonia dovrò conoscere prima i particolari. *Se vou intervir na cerimonia terei que coñecer antes os detalles.* **3 (Med.) Intervir, operar.** I medici sono intervenuti d'urgenza per salvargli la vita. *Os médicos interviñérono urxentemente para salvarlle a vida.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 32.*

**intervento s.m. 1 Intervención.** Il pronto intervento del bagnino evitò che i bambini annegassero. *A rápida intervención do socorrista evitou que afogasen os nenos.* **2 Intervención, participación.** L'intervento del ministro è stato molto polemico. *A intervención do ministro foi moi polémica.* **3 (Med.) Intervención, operación.** È stata sottoposta a un lungo intervento chirurgico. *Sometérona a unha longa intervención cirúrxica.*

**intervista s.f. Entrevista.** Il giornalista ha finito l'intervista con alcune domande personali. *O xornalista rematou a entrevista con algunhas preguntas persoais.*

**intesa s.f. Acordo, pacto, tratado.** L'intesa fra il Portogallo e l'Inghilterra favorì il commercio tra i due paesi. *O acordo entre Portugal e Inglaterra favoreceu o comercio entre os dous países.* # **agire d'intesa con qualcuno:** actuar de común acordo; **essere d'intesa:** estar de acordo.

**intestare v. tr. [aux. avere] Poñer a nome de (facer titular).** Hanno intestato ai loro figli il libretto di risparmio. *Puxeron a nome dos seus fillos a libreta de aforros.*

**intestino s.m. Intestino.** L'intestino tenue e l'intestino crasso fanno parte dell'apparato digerente. *O intestino delgado e o intestino goso forman parte do aparato dixestivo.*

**intiepidire v. tr. [aux. avere] Temperar, amornar, mornear.** Il sole ha intiepidito l'acqua della piscina. *O sol temperou a auga da piscina.* **OBS.:** io intiepidisco, tu intiepidisci.

**intimare v. tr. [aux. avere] Intimar, cominar, invitar.** Il vigile urbano intimò al pedone di fermarsi. *O policía municipal intimou o peón a pararse.* # **intimare la guerra:** declara-la guerra. **OBS.:** io intimo / intimo; v. irreg. *V. táboa 1.* ♦ *Para referirse a 'intimar, coller confianza' en italiano emprégase a expresión prender confidenza.*

**intimidire v. tr. [aux. avere] 1 Intimidar, acovardar.** La tua presenza l'ha intimidito e non ha più parlato. *A túa presenza intimidouno e non falou máis.* **2 Atemorizar, amedrentar.** Non devi lasciare che ti intimidiscano le sue minacce. *Non debes deixar que te atemorizen as súas ameazas.* **OBS.:** io intimidisco, tu intimidisci.

**intimità** s.f. inv. **Intimidade**. Dice di non avere intimità perché i suoi fratelli frugano nelle sue cose. *Di que non ten intimidade porque os seus irmáns lle revolven nas súas cousas.*

**intimo -a I** adx. **Íntimo -a**. Siamo intimi amici e ci raccontiamo tutto. *Somos íntimos amigos e contámonolo todo.* **II** s.m. **Parte interna ou secreta** (xeralmente fig.). # **biancheria intima**: roupa interior; **nell'intimo del cuore**: no fondo do corazón; **parti intime**: partes pudendas.

**intitolare I** v. tr. [aux. avere] **Titular**. Non mi piace come hanno intitolato il film: è una frase davvero brutta. *Non me gusta cómo titularon o filme: é unha frase realmente fea.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Titularse**. Come s'intitola il romanzo più conosciuto di D'Annunzio? *¿Como se titula a novela máis coñecida de D'Annunzio?* **OBS.:** io intitolo; v. irreg. *V. táboa 1.*

**intollerabile** adx. **1 Intolerable, inaceptable, inadmissible**. Il tuo comportamento mi sembra intollerabile e non sono disposto ad accettarlo. *O teu comportamento paréceme intolerable e non estou disposto a aceptalo.* **2 Intolerable, inaguantable, insopportabile**. Quel dolore era intollerabile e persi conoscenza. *Aquela dor era intolerable e perdín o coñecemento.*

**intollerante** adx. **Intolerante**. Dice che non vuole discutere con te perché sei molto intollerante. *Di que non quere discutir contigo porque es moi intolerante.*

**intolleranza** s.f. **1 Intolerancia, intransixencia**. Nella nostra società dobbiamo lottare contro l'intolleranza. *Na nosa sociedade debemos loitar contra a intolerancia.* **2 Intolerancia**. La reazione allergica si deve all'intolleranza a questo medicinale. *A reacción alérxica débese á intolerancia a esta medicina.*

**intonare I** v. tr. [aux. avere] **Entoar**. Prima della partita intonarono l'inno nazionale. *Antes do partido entoaron o himno nacional.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Entoar** (estar en harmonía). Questo comò è molto bello, ma non si intona con gli altri mobili della stanza. *Esta cómoda é moi bonita, pero non entoa cos outros mobles do cuarto.* ♦ *Para referirse a 'entoarse, animarse' en italiano pódense empregar-los termos tirarsi ou animarsi.*

**intonazione** s.f. **Entoación**. Ha recitato la poesia con l'intonazione giusta. *Recitou a poesía coa entoación xusta.*

**intontire I** v. tr. [aux. avere] **Embobar, aparvar**. I bambini si lasciano intontire dalla televisione. *Os nenos déixanse embobar pola televisión.* **II** v. intr. e intr. pron. [aux. essere] **Embobarse, aparvarse, atrosarse**. (Si) è intontito davanti a quello spetta-

colo. *Embobouse diante daquel espectáculo.* **OBS.:** io intontisco, tu intontisci.

**intorno I** adv. **Arredor**. Aveva sempre intorno moltissimi amici. *Tiña sempre arredor moitísimos amigos.* **II** adx. inv. **Do arredor**. Mi piace fare delle gite nei paesi intorno. *Gústame facer excursións ás vilas do arredor.* # **intorno a**: arredor de; **levarsi qualcuno d'intorno**: librarse de alguén; **levati d'intorno!**: ¡vajte de aí!

**intossicare I** v. tr. [aux. avere] **Intoxicar**. A quanto pare, è stata intossicata dai gas velenosi. *Polo que parece, intoxicárona os gases venenosos.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Intoxicarse**. Si sono intossicati con delle vongole. *Intoxicáronse cunhas ameixas.* **OBS.:** io intossico, tu intossichi; v. irreg. *V. táboa 1 e 5.*

**intossicazione** s.f. **Intoxicación**. L'hanno ricoverato a causa di un'intossicazione alimentare. *Hospitalizárono a causa dunha intoxicación alimentaria.*

**intransigente** adx. **Intransixente, inflexible**. Suo padre era troppo intransigente e non lo lasciava mai uscire la sera. *O seu pai era demasiado intransixente e nunca o deixaba saír pola noite.*

**intransigenza** s.f. **Intransixencia**. La sua intransigenza lo portava a non accettare altre possibilità. *A súa intransixencia levávalo a non aceptar outras posibilidades.*

**intraprendente** adx. **Emprendedor -ora**. Ha aperto un nuovo negozio, è un uomo molto intraprendente. *Abriu un novo negocio, é un home moi emprendedor.*

**intraprendere** v. tr. [aux. avere] **Emprender**. Dopo tutti i preparativi intrapresero il viaggio. *Despois de tódolos preparativos emprenderon a viaxe.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 26.*

**intrattenere I** v. tr. [aux. avere] **Entreter, distraer, divertir**. Hanno contrattato un pagliaccio per intrattenere i bambini alla festa. *Contrataron un pallaso para entrete-los nenos na festa.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Entreterse, distraerse, divertirse**. Quando ha tempo libero si intrattiene giocando a carte. *Cando ten tempo libre entreterense xogando ás cartas.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 73.*

**intravedere** v. tr. [aux. avere] **Entrever, enxergar, albiscar**. In fondo alla strada, tra la nebbia, intravide il paese. *Ó fondo da estrada, entre a néboa, entreviu a vila.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 76.*

**intrecciare** v. tr. [aux. avere] **Trenzar** (tamén fig.). Da piccola le intrecciavano i capelli. *De nena trenzábanlle o pelo.* Hanno intrecciato una ghirlanda di fiori. *Trenzaron unha grilanda de flores.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 2.*

**intreccio** *s.m.* **1** *Trenzado*. Ha fatto una borsa con lavori d'intreccio. *Fixo un bolso con labores de trezado*. **2** (*fig.*) *Trama, intriga*. Quello che mi è più piaciuto del romanzo è stato l'intreccio. *O que máis me gustou da novela foi a trama*. # **commedia d'intreccio**: *comedia de enredo*.

**intrigante** *adx.* *Intrigante*. È un ragazzo molto intrigante; sta sempre tramando qualche imbroglio. *É un rapaz moi intrigante; sempre está tramando algún embrollo*.

**intrigo** *s.m.* *Intriga, conspiración, maquinación*. Il dittatore s'impadronì del potere mediante intrighi. *O dictador apoderouse do poder mediante intrigas*. **OBS.:** *pl.* intrighi.

**introdurre** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1** *Introducir*. Ho introdotto la chiave nella toppa. *Introducín a chave na pechadura*. È stato il fidanzato ad introdurla nel mondo della droga. *Foi o noivo quen a introduciu no mundo da droga*. **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **1** *Introducirse, penetrar*. Nella nostra società si sono introdotte alcune abitudini americane. *Na nosa sociedade introducíronse algúns costumes americanos*. **2** *Introducirse, integrarse*. Si è introdotto nel nostro gruppo di lavoro. *Introduciuse no noso grupo de traballo*. **3** *Introducirse, entrar* (*furtivamente*). Si introdurrà nella casa mentre loro intrattengono il padrone. *Introducírase na casa mentres eles entreteñen o dono*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 18*.

**introduzione** *s.f.* *Introducción, limiar, prólogo*. Ho letto l'introduzione del libro per conoscere più dettagli sull'autore e la sua opera. *Lin a introducción do libro para coñecer máis detalles sobre o autor e a súa obra*.

**intromettersi** *v. refl.* [*aux.* essere] *Entremeterse, inmischirse, interferirse*. È un'impiccione che cerca sempre di intromettersi negli affari altrui. *É un indiscreto que sempre tenta entremeterse nos asuntos dos demais*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50*.

**introverso -a** *adx.* *Introvertido -a*. Il suo carattere è chiuso e introverso; non è facile essere suo amico. *O seu carácter é pechado e introvertido; non é fácil se-lo seu amigo*.

**intruso -a** *s.* *Intruso -a*. Hanno arrestato gli intrusi che avevano occupato la casa. *Detiveron os intrusos que ocuparan a casa*.

**intuire** *v. tr.* [*aux.* avere] *Intuír, adiviñar, presentir*. I cani intuirono il terremoto prima che si producesse. *Os cans intuiron o terremoto antes de que se producese*. **OBS.:** io intuisco, tu intuisci.

**intuito** *s.m.* *Intuición (instinto)*. Tua madre sapeva per intuito che quella gente non era affidabile. *Túa nai sabía por intuición que aquela xente non era fiable*.

**intuizione** *s.f.* *Intuición (instinto)*. Ha un'intuizione incredibile e avverte subito quando stanno cercando d'ingannarlo. *Ten unha intuición increíble e percibe rapidamente cándoo están tentando enganalo*.

**inumidire** *v. tr.* [*aux.* avere] *Humedecer*. Aveva inumidito la tovaglia prima di stirarla. *Humedecera o mantel antes de pasarlle o ferro*. **OBS.:** io inumidisco, tu inumidisci.

**inutile** *adx.* *Inútil*. Tutti i suoi sforzi sono stati inutili, non ha ottenuto niente. *Tódolos seus esforzos foron inútiles, non conseguíu nada*.

**invadente** *adx.* *Entremetido -a, metido -a, indiscreto -a*. Il suo ragazzo è molto invadente: cerca di sapere tutto di tutti. *O seu mozo é moi entremetido: intenta sabelo todo de todos*.

**invadere** *v. tr.* [*aux.* avere] *Invadir*. L'esercito nemico invase una regione del nord del paese. *O exército inimigo invadiu unha rexión do norte do país*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31*.

**invalidità** *s.f. inv.* *Invalidez*. Dopo l'incidente le è rimasta una pensione di invalidità permanente. *Tralo accidente quedoulle unha pensión por invalidez permanente*. # **assicurazione per l'invalidità e la vecchiaia**: *seguro de invalidez e vellez*.

**invalido -a I** *adx.* *Inválido -a*. Suo cugino è rimasto invalido e non può lavorare. *O seu curmán quedou inválido e non pode traballar*. **II** *s.* *Inválido -a*. Sull'autobus ci sono dei posti a sedere riservati agli invalidi. *No autobús hai asentos reservados para os inválidos*.

**invano** *adv.* *En van, inutilmente, en balde*. Ti sei affaticato invano: il treno è già partito. *Fatigácheste en van: o tren xa partiu*. # **essere invano**: *ser inútil (non haber nada que facer)*.

**invariato -a** *adx.* *Sen cambios*. Il prezzo rimane invariato dall'anno scorso: non sale né scende. *O prezo permanece sen cambios desde o ano pasado: non sobe nin baixa*.

**invasione** *s.f.* *Invasión*. Le invasioni barbariche furono una delle cause della caduta dell'Impero Romano. *As invasións bárbaras foron unha das causas da caída do Imperio Romano*.

**invecchiamento** *s.m.* *Envellecemento*. L'eccesso di sole accelera l'invecchiamento della pelle. *O exceso de sol acelera o envellecemento da pel*.

**invecchiare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] *Envellecer*. La morte del figlio l'ha invecchiato moltissimo; dimostra dieci anni di più. *A morte do fillo envelleceuno moitísimo; aparenta dez anos máis*. **II** *v. intr.* [*aux.* essere] *Envellecer*. In questi anni è invecchiata rapidamente. *Nestes anos envelleceu rapidamente*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7*.

**invece** *adv.* **En cambio, polo contrario.** Mi avevi promesso la tua assistenza e invece non sei venuto. *Prometérasme a túa asistencia e en cambio non viñeches.* # **invece di:** *no canto de.*

**inventare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Inventar, ensinar, idear.** Graham Bell inventò il telefono. *Graham Bell inventou o teléfono.* **2 Inventar.** Non fa altro che inventare scuse per non andare a scuola. *Non fai máis que inventar escusas para non ir á escola.* # **inventare l'acqua calda:** *inventa-la pólvora.*

**invenzione** *s.f.* **1 Invención.** L'invenzione della stampa è stata fondamentale per la diffusione dei libri. *A invención da imprenta foi fundamental para a difusión dos libros.* **2 Invento, invención.** La bussola è stata un'invenzione molto importante. *O compás foi un invento moi importante.* **3 (fig.) Mentira, embuste, trola.** Quel giornale non pubblica altro che invenzioni, non dice mai la verità. *Ese xornal non publica máis que mentiras, nunca di a verdade.*

**invernale** *adx.* **Invernal.** Anche se siamo in primavera abbiamo un tempo invernale. *Ainda que estamos en primavera temos un tempo invernal.*

**inverno** *s.m.* **Inverno.** L'inverno è la stagione più fredda dell'anno. *O inverno é a estación máis fría do ano.*

**inverosimile** *adx.* **Inverosímil, increíble.** Questa storia è del tutto inverosimile, non ti crederà nessuno. *Esta historia é totalmente inverosímil, non te crerá ningún.*

**inversione** *s.f.* **Inversión.** L'inversione di rotta è dovuta alle pessime condizioni climatologiche. *A inversión da ruta debeuse ás pésimas condicións climatolóxicas.* # **inversione di marcia:** *cambio de sentido.*

**inverso -a** *adx.* **Inverso -a.** Abbiamo messo i libri in ordine inverso, adesso il primo è l'ultimo. *Puxémo-los libros en orde inversa, agora o primeiro é o último.* # **in senso inverso:** *en sentido contrario.*

**invertire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Inverter.** Hai invertito il senso della frase; io volevo dire proprio il contrario. *Invertíche-lo sentido da frase; eu quería dicir xusto o contrario.* # **invertire la marcia:** *cambiar de sentido (dirección).*

**invertito -a** **I part. pas. de invertire e adx. Invertido -a.** Nello specchio vediamo le immagini invertite. *No espello vémo-las imaxes invertidas.* **II s. Invertido -a, homosexuale.** Mi hanno detto che è un invertito, che non gli piacciono le ragazze. *Dixéronme que é un invertido, que non lle gustan as rapazas.*

**investigatore -trice** *s.* **Investigador -ora.** Gli investigatori hanno scoperto una nuova sostanza chimica. *Os investigadores descubriron unha nova substancia química.* # **investigatore privato:** *detective privado.*

**investimento** *s.m.* **1 Atropelo.** Abbiamo evitato per miracolo un investimento mortale. *Evitamos de milagre un atropelo mortal.* **2 Investimento.** Ha realizzato un grande investimento economico. *Realizou un grande investimento económico.*

**investire** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Atropelar, coller, pillar.** La macchina investì il pedone, che aspettava accanto al semaforo. *O coche atropelou o peón, que esperaba xunto ó semáforo.* **2 Investir.** Ha perso tutti i soldi che aveva investito in quell'affare. *Perdeu tódolos cartos que investira naquel negocio.*

**inviare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Enviar, mandar.** Mi è già arrivato il pacco che mi avevi inviato per posta. *Xa me chegou o paquete que me enviaras por correo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 8.*

**invidia** *s.f.* **Envexa, denteira.** Prova invidia per il fratello perché ha vinto alla lotteria. *Sente envexa do seu irmán porque gañou á lotería.* # **crepare d'invidia:** *morrer de envexa;* **portare invidia a qualcuno:** *envexar a alguén.*

**invidiare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Envexar.** I suoi colleghi gli invidiano i successi. *O seus colegas envéxanlle os éxitos.* # **non avere niente da invidiare:** *non ter nada que envexar.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**invidioso -a** *adx.* **Envexoso -a.** La gente invidiosa soffre per il benessere altrui. *A xente envexosa sofre co benestar dos demais.*

**invio** *s.m.* **Envío.** Non rimandare oltre l'invio del pacco. *Non adíes máis o envío do paquete.* È arrivato il tuo invio, ma la merce non era quella che ti avevo ordinato. *Chegou o teu envío, pero a mercancia non era a que che encargara.*

**invisibile** *adx.* **Invisible.** Molti corpi celesti sono invisibili senza il telescopio. *Moitos corpos celestes son invisibles sen o telescopio.*

**invitare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Invitar, convidar.** Mi hanno invitato al battesimo, ma non so se ci potrò andare. *Invitáronme ó bautizo, pero non sei se poderéi ir.* **2 Invitar.** Dopo aver detto quelle stupidagini lo invitarono ad abbandonare la sala. *Despois de dicir aquelas estupideces invitárono a abandona-la sala.* **3 (fig.) Invitar, incitar.** Era un posto così tranquillo che invitava alla meditazione. *Era un lugar tan tranquilo que invitaba á meditación.*

**invitato -a** **I part. pas. de invitare e adx. Invitado -a.** Le persone invitate erano nella hall dell'albergo. *As persoas invitadas estaban no recibidor do hotel.* **II s. Invitado -a, convidado -a.** L'ospite è arrivato prima degli invitati. *O anfitrión chegou antes cós invitados.*

**invito** *s.m.* **Invitación.** Ho dovuto declinare il vostro invito a cena. *Tiven que rexeita-la vosa invitación a cear.* Spedire gli inviti. *Manda-las invitacións.*

**invocare** v. tr. [aux. avere] **1 Invocar** (chamar). Nelle preghiere invocava Dio con fervore. *Nas oraciões invocaba a Deus com fervor.* **2 Invocar, alegar.** L'avvocato invocava davanti al giudice il diritto del suo cliente a vedere i figli. *O advogado invocaba ante o juiz o direito do seu cliente a ve-los fillos.* **OBS.:** io invoco, tu invochi; v. irreg. V. *táboa* 5.

**invogliare** v. tr. [aux. avere] **Estimular, incitar.** Da sempre hanno invogliato i loro figli allo studio. *Dende sempre estimularon os seus fillos ó estudio.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa* 7.

**inzuppare** v. tr. [aux. avere] **1 Empapar, enchoupar, embeber.** Gli piace inzuppare i biscotti nel latte. *Gústalle empapa-las galletas no leite.* **2 (ext.) Empapar, enchoupar.** La pioggia ha inzuppato le mie scarpe. *A chuva empapou os meus zapatos.*

**io** **I** pron. pers. sing. **Eu.** Io voglio uscire, ma tu no. *Eu quero sair, pero ti non. Ve lo dico io. Dígovolo eu.* **OBS.:** xeralmente omítese cando a pers. é claramente indicada polo v. a menos que se queira enfatizar; aparece en cambio cando o v. vai en subxuntivo para evita-la ambigüidade; cando vai posposto ó v. ou ó final da frase expresa ameaza, desexo, etc. **II s.m. inv. O proprio ser na conciencia que ten de si.**

**ioyurt** V. yogurt.

**iperbole** s. f. **Hipérbole.** L'esagerazione in letteratura riceve il nome di iperbole. *A esaxeración en literatura recibe o nome de hipérbole.* Il professore ha chiesto all'alunno di tracciare un'iperbole sulla lavagna. *O profesor pediulle ó alumno que trazase unha hipérbole no encerado.*

**ipermercato** s.m. **Hipermercado.** Siamo andati all'ipermercato a fare la spesa settimanale. *Fomos ó hipermercado face-la compra semanal.*

**ipermetropia** s.f. **Hipermetropía.** L'ipermetropia è il difetto dell'occhio opposto alla miopia. *A hipermetropía é o defecto do ollo oposto á miopía.*

**ipertensione** s.f. **Hipertensión.** L'aumento anomalo della pressione sanguigna viene denominato ipertensione. *O aumento anormal da presión sanguínea denominase hipertensión.*

**ipnosi** s.f. inv. **Hipnose.** L'ipnosi è uno stato psicofisico simile al sonno, provocato artificialmente. *A hipnose é un estado psicofísico semellante ó sono, provocado artificialmente.*

**ipnotizzare** v. tr. [aux. avere] **1 Hipnotizar.** L'hanno ipnotizzato per indagare il suo inconscio. *Hipnotizárono para indagar no seu inconsciente.* **2 (fig.) Hipnotizar, cativar, enfeitizar.** Si è lasciato ipnotizzare dai begli occhi di quella ragazza. *Deixouse hipnotizar polos bonitos ollos daquela rapaza.*

**ipocrisia** s.f. **Hipocrisía.** Non mi piace a causa della sua ipocrisia, non è per niente sincero. *Non me gusta a causa da súa hipocrisía, non é para nada sincero.*

**ipocrita** **I** adx. **Hipócrita.** Mi ha ricevuto con quel sorriso ipocrita pieno di falsità. *Recíbiume con aquel sorriso hipócrita cheo de falsidade.* **II s. Hipócrita.** È una vera ipocrita, non ti fidare di lei. *É unha auténtica hipócrita, non te fies dela.* **OBS.:** m. pl. ipocriti, f. pl. ipocrite.

**ipotesi** s.f. inv. **1 Hipótese, conxectura, suposición.** Basandosi sull'ipotesi che la terra fosse una sfera, Colombo cercava verso l'ovest una via per l'India. *Baseándose na hipótese de que a terra era unha esfera, Colón buscaba cara ó oeste un camiño para a India.* **2 Hipótese, cábala, especulación.** Non fare ipotesi, prima bisogna vedere come vanno a finire le cose. *Non fagas hipóteses, antes hai que ver cómo van acaba-las cousas.* **# nella migliore / peggiore delle ipotesi: no mellor / peor dos casos; nell'ipotesi che: no caso de que.**

**ippica** s.f. (spec. en sing.) **Hípica.** Da quando s'interessa d'ippica, ha comprato un cavallo. *Desde que se interesa pola hípica, comprou un cabalo.*

**ippodromo** s.m. **Hipódromo.** Negli ippodromi si disputano le gare ippiche. *Nos hipódromos disputanse os concursos hípicos.*

**ippopotamo** s.m. **Hipopótamo.** L'ippopotamo è un grande mammifero erbivoro. *O hipopótamo é un gran mamífero herbívoro.*

**ira** s.f. **Ira, cólera, furia.** In uno scatto d'ira gli diede uno schiaffo. *Num ataque de ira deulle unha bofetada.* **# accendersi / ardere / avvampare / infiammarsi d'ira: acenderse / arder / inflamarse de ira.**

**irascibile** adx. **Irascible, iracundo -a, irado -a.** Ha un carattere troppo irascibile e collerico. *Ten un carácter demasiado irascible e colérico.*

**irlandese** **I** adx. **Irlandés -esa.** La musica irlandese è molto conosciuta. *A música irlandesa é moi coñecida.* **II s. 1 Irlandés -esa (persoa).** Gli irlandesi hanno lottato molto per la loro indipendenza. *Os irlandeses loitaron moito pola súa independencia.* **2 (m. sing.) Irlandés (lingua).** L'irlandese è una lingua celtica. *O irlandés é unha lingua céltica.*

**ironia** s.f. **Ironía.** Ho colto subito l'ironia delle sue parole. *Captei rapidamente a ironía das súas palabras.* **# sguardo pieno d'ironia: mirada chea de ironía.**

**ironico -a** adx. **Irónico -a.** Parla spesso in tono ironico, dicendo il contrario di quello che pensa. *Fala a miúdo en ton irónico, dicindo o contrario do que pensa.* **OBS.:** m. pl. ironici, f. pl. ironiche.

**ironizzare** v. intr. [aux. avere] **Ironizar**. Ironizza spesso su di noi, ma non accetta le critiche. *A miúdo ironiza sobre nós, pero non acepta as críticas.*

**irraggiungibile** adx. **Inalcanzable**. Ha raggiunto il suo obiettivo, quando ormai sembrava irraggiungibile. *Conseguiu o seu obxectivo, cando xa parecía inalcanzable.*

**irrazionale** adx. **Irracional** (sen razón ou lóxica). Gli animali sono esseri irrazionali. *Os animais son seres irracionais.* Il tuo comportamento non ha nessuna logica, è del tutto irrazionale. *O teu comportamento non ten ningunha lóxica, é totalmente irracional.*

**irreale** adx. **Irreal, ideal, imaxinario -a**. La sua pazzia gli ha fatto inventare un mondo irreale. *A súa tolemia fixolle inventar un mundo irreal.*

**irregolare** adx. **Irregular**. Il direttore ci ha parlato della tua condotta irregolare a scuola. *O director falounos da túa conducta irregular na escola.* Devo studiare i verbi irregolari per domani. *Teño que estudar os verbos irregulares para mañá.*

**irregolarità** s.f. inv. **1 Irregularidade**. L'irregolarità del suo polso indicava che aveva un'afezione cardiaca. *A irregularidade do seu pulso indicaba que tiña unha afección cardíaca.* **2 Irregularidade, anomalía**. Non hanno firmato il contratto perché c'era un'irregolarità nel documento. *Non firmaron o contrato porque había unha irregularidade no documento.*

**irremovibile** adx. **Inflexible, rigoroso -a, ríxido -a**. Si è mostrato irremovibile davanti alle pressioni e ha rifiutato l'accordo. *Mostrouse inflexible ante as presións e rexeitou o acordo.*

**irreparabile** adx. **Irreparable, irremediabile**. Dopo l'irreparabile perdita del figlio non sono più gli stessi. *Despois da irreparable perda do fillo xa non son os mesmos.*

**irrequieto -a** adx. **1 Inquedo -a, inquieto -a, intranquilo -a**. Mi sento irrequieto a pensare che forse ho sbagliato le risposte. *Sintome inqueda ó pensar que ó mellor me equivoquei nas respostas.* **2 Inquedo -a, inquieto -a, buldeiro -a**. È un bambino troppo irrequieto che non si ferma un attimo. *É un neno demasiado inquedo que non para un momento.*

**irresistibile** adx. **Irresistible** (atraente). Nessuno rimane indifferente davanti al suo irresistibile sorriso. *Ninguén queda indiferente ante o seu irresistible sorriso.*

**irresponsabile I** adx. **Irresponsable** (alocado). È molto irresponsabile da parte tua non allacciare la cintura di sicurezza. *É moi irresponsable pola túa parte non abrocha-lo cinto de seguridade.* A sua sorella non piace che esca con quel ragazzo tanto irresponsabile e incosciente. *A súa irmá non lle gusta que ande con ese rapaz tan irresponsable e*

*inconsciente.* **II s. Irresponsable** (persoa). Siete degli irresponsabili! Avete lasciato la macchina aperta con le valigie dentro. *¡Sodes uns irresponsables! Deixáste-lo coche aberto coas maletas dentro.*

**irreversibile** adx. **Irreversible**. Dopo questa lesione irreversibile non potrà più giocare a tennis. *Despois desta lesión irreversible xa non poderá xogar ó tenis.*

**irricoscibile** adx. **Irrecoñecible**. Si era mascherato così bene da essere irricoscibile. *Disfrazárase tan ben que era irrecoñecible.*

**irrigare** v. tr. [aux. avere] **Irrigar, regar**. Hanno installato una rete di canali per irrigare i campi. *Instalaron unha rede de canles para irriga-los campos.* **OBS.:** io irriigo, tu irrighi; v. irreg. *V. táboa 6.*

**irrigazione** s.f. **Irrigación, rega**. Faremo l'irrigazione dei coltivi mediante canali. *Faremo-la irrigación dos cultivos mediante canles.* **# irrigazione per aspersione:** *rega por aspersión.*

**irrigidire I** v. tr. [aux. avere] **Deixar / poñer ríxido -a**. Il freddo mi ha irrigidito le dita. *O frío deixoume ríxidos os dedos.* **II v. intr. pron.** [aux. essere] **1 Agarrotarse**. Gli si sono irrigidite le membra per l'umidità. *Agarrotáronse os membros pola humidade.* **2 (fig.) Obstinarse, empeñarse, teimar**. Non ti irrigidire in questa decisione, cerca di ragionare. *Non te obstines nesta decisión, intenta razónar.* **OBS.:** io irrigidisco, tu irrigidisci.

**irrelevante** adx. **Irrelevante**. Per fortuna i danni occasionati nell'incidente sono stati irrilevanti. *Por fortuna os danos ocasionados no accidente foron irrelevantes.*

**irrimediabile** adx. **1 Irremediabile, irreparable**. Abbiamo comprato un altro computer quando abbiamo visto che i danni erano irrimediabili. *Compramos outro ordenador cando vimos que os danos eran irremediabes.* **2 Irremediabile, inevitabile**. Il ritardo del treno sarà irrimediabile a causa dello sciopero. *O atraso do tren será irremediabile a causa da folga.*

**irripetibile** adx. **Irrepetible**. All'estero ha vissuto delle esperienze irripetibili. *No estranxeiro viviu unhas experiencias irrepetibles.* Mi ha assalito con imprecazioni irripetibili. *Agredíume con imprecacións irrepetibles.*

**irrisolto -a** adx. **Sen resolver**. Quel problema rimase irrisolto per anni, finché trovarono una soluzione soddisfacente. *Aquel problema quedou sen resolver durante anos, ata que atoparon unha solución satisfactoria.*

**irritabile** adx. **Irritable**. Non farlo arrabbiare, ha un carattere facilmente irritabile. *Non o fagas enfadar; ten un carácter facilmente irritable.* Il freddo le fa male al viso perché ha una pelle molto irritabile. *O*



*frío faille dano na cara porque ten unha pel moi irritable.*

**irritare I** v. tr. [aux. avere] **1 Irritar, acender, alporizar.** L'ha irritato il tuo atteggiamento superbo. *Irritouno a túa actitude soberbia.* **2 Irritar.** Ho toccato un'alga che mi ha irritato la pelle. *Toquei unha alga que me irritou a pel.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Irritarse, acenderse, alporizarse.** Mi sono irritato per la sua ipocrisia. *Irriteime pola súa hipocrisia.* **OBS.:** io irrito; v. irreg. V. táboa 1.

**irritazione** s.f. **1 Irritación, carraxe, rabia.** Scusa, la mia irritazione è dovuta alla loro irresponsabilità. *Perdoa, a miña irritación debeuse á súa irresponsabilidade.* **2 (Med.) Irritación.** Il fumo dell'incendio gli ha provocato un'irritazione agli occhi. *O fume do incendio provocoulle unha irritación nos ollos.*

**irrompere** v. intr. **Irromper (tamén fig.).** La folla dei manifestanti irruppe nella sala del consiglio. *A multitude dos manifestantes irrompeu na sala do consello.* Quando la vidi, i ricordi irrupero nella mia mente con più forza di prima. *Cando a vin, os recordos irromperon na miña mente con máis forza que antes.* **OBS.:** non se empregan o part. pas. nin os tempos compostos; v. irreg. V. táboa 66.

**irruzione** s.f. **Irrupción.** La rapina in banca si concluse con l'irruzione della polizia. *O atraco no banco rematou coa irrupción da policía.*

**iscrivere I** v. tr. [aux. avere] **Inscribir, anotar, apuntar.** Hanno iscritto il figlio all'Anagrafe. *Inscribiron o fillo no Rexistro Civil.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Matricularse (nun curso).** L'anno prossimo s'iscriverà a un corso di lingue. *O ano que vén matricularase nun curso de linguas.* **2 Inscríbirse, anotarse, apuntarse.** La mia squadra si è iscritta alla gara regionale. *O meu equipo inscribiuse na competición rexional.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 69.

**iscrizione** s.f. **1 Inscrición.** Invierò per posta i moduli d'iscrizione al corso. *Enviarei por correo os impresos de inscrición ó curso.* Il piedistallo della statua aveva un'iscrizione. *O pedestal da estatua tiña unha inscrición.* **2 Matricula (do curso).** Sono andato in facoltà per fare l'iscrizione. *Fun á facultade para face-la matrícula.* **# pagare le tasse d'iscrizione:** *paga-la matrícula.*

**islam** s.m. sing. **Islam, islamismo.** L'islam è la religione monoteistica fondata da Maometto. *O islam é a relixión monoteísta fundada por Mahoma.*

**isola** s.f. **IIIIa.** Hanno passato la luna di miele su un'isola greca. *Pasaron a lúa de mel nunha illa grega.* **# isola pedonale:** *zona peonil correspondente ó centro histórico dunha cidade.*

**isolamento** s.m. **Illamento.** Vive lontano dalla città, in totale isolamento. *Vive afastado da cidade, en total illamento.* Hanno fatto l'isolamento acustico

del salotto. *Fixeron o illamento acústico do salón.* **# reparto d'isolamento in un ospedale:** *zona de illamento nun hospital.*

**isolare I** v. tr. [aux. avere] **1 Illar, acantoar, acurrunchar (unha persoa).** Dopo quel brutto affare i suoi amici lo isolarono e non uscirono più con lui. *Despois daquel mal asunto os seus amigos illárono e non saíron máis con el.* **2 Illar, incomunicar (un lugar).** La forte nevicata ha isolato molti paesi di montagna. *A forte nevada illou moitas vilas da montaña.* **II** v. refl. [aux. essere] **Illarse.** Dopo la morte di sua moglie si è completamente isolato. *Trala morte da súa muller illouse completamente.* **OBS.:** io isolo; v. irreg. V. táboa 1.

**ispanismo** s.m. **Hispanismo.** Gli anglicismi e gli ispanismi, tra altri prestiti linguistici, sono presenti nell'italiano odierno. *Os anglicismos e os hispanismos, entre outros préstamos lingüísticos, están presentes no italiano actual.*

**ispettore -trice** s. **Inspector -ora.** Suo cognato è ispettore di polizia. *O seu cuñado é inspector de policía.*

**ispeziare** v. tr. [aux. avere] **Inspeccionar, revisar.** Hanno ispezionato le macchine e hanno trovato un guasto. *Inspeccionaron as máquinas e atoparon unha avaría.*

**ispezione** s.f. **Inspección.** La direzione ha ordinato un'ispezione per scoprire le irregolarità. *A dirección ordenou unha inspección para descubri-las irregularidades.*

**ispirare I** v. tr. [aux. avere] **Inspirar (suscitar).** Il suo atteggiamento ispira fiducia. *A súa actitude inspira confianza.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Inspirarse.** Per scrivere quell'opera si è ispirato ai classici. *Para escribir aquela obra inspirouse nos clásicos.*

**ispirazione** s.f. **Inspiración (idea).** Finalmente trovò l'ispirazione per comporre quella poesia. *Finalmente atopou a inspiración para compoñer aquela poesía.*

**istantaneo -a** adv. **Instantáneo -a, súbito -a.** L'effetto del medicinale per via endovenosa è stato istantaneo. *O efecto da medicina por vía intravenosa foi instantáneo.*

**istante** s.m. **Instante, momento.** È arrivato un istante dopo di noi e ci siamo incontrati sulle scale. *Chegou un instante despois de nós e atopámonos nas escaleiras.* **# all'istante / sull'istante:** *nun instante, nun momento.*

**isteria** s.f. **Histeria (tamén fig.).** L'isteria è una grave malattia psichica. *A histeria é unha grave enfermidade psíquica.* Quando la squadra uscì allo stadio si scatenò l'isteria dei tifosi. *Cando o equipo saíu ó estadio desencadeouse a histeria dos seareiros.*

**isterico -a I** *adx.* **Histérico -a** (*tamén fig.*). Ha patito una crisi isterica. *Padeceu unha crise histórica.* Prima degli esami diventa isterico. *Antes dos exames vólvese histórico.* **II s.** **Histérico -a** (*tamén fig.*). È un'isterica e ha bisogno di aiuto psicologico. *É unha histórica e necesita axuda psicolóxica.* Quell'isterico di tuo fratello ci ha fatto innervosire. *Ese histórico do teu irmán fixonos poñer nerviosos.* **OBS.:** *m. pl.* isterici, *f. pl.* isteriche.

**istintivo -a I** *adx.* **Instintivo -a, impulsivo -a.** È un bambino molto istintivo che agisce secondo l'impulso. *É un neno moi instintivo que actúa segundo o impulso.* **II s.** **Persoa instintiva ou impulsiva.**

**istinto** *s.m.* **1 Instinto.** Gli animali agiscono d'istinto. *Os animais actúan por instinto.* **2 Instinto, intuición.** Ha molto istinto per gli affari. *Ten moito instinto para os negocios.*

**istituire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Instituír, implantar.** Hanno istituito un reparto di neurologia nel nuovo ospedale provinciale. *Instituíron unha unidade de neuroloxía no novo hospital provincial.* **OBS.:** io istituisco, tu istituisci.

**istituto** *s.m.* **1 Entidade, institución.** Abbiamo chiesto il prestito a un istituto di credito. *Pedímo-lo préstamo a unha entidade de crédito.* **2 Departamento** (*da universidade*). Il vostro lavoro si svolge nell'Istituto di lingue slave. *O voso traballo desenvólvese no Departamento de linguas eslavas.* # **consiglio d'istituto:** *consello escolar;* **istituto di bellezza:** *instituto de beleza;* **istituto magistrale:** *escola de maxisterio;* **istituto tecnico professionale:** *instituto de formación profesional.*

**istituzione** *s.f.* **1 Institución.** Il matrimonio è l'istituzione su cui si fonda la famiglia. *O matrimonio é a institución sobre a que se basea a familia.* **2 Institución, entidade.** Ha legato i suoi beni a un'istituzione di beneficenza. *Legou tódolos seus bens a unha institución de beneficencia.*

**istruire I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Instruír, educar, formar.** I buoni maestri istruiscono bene i bambini. *Os bos mestres instrúen ben os nenos.* **II v. refl.** [*aux.* essere] **Instruírse, educarse.** Suo nonno non era quasi andato a scuola, ma si era istruito leggendo. *O seu avó case non fora á escola, pero instruírasedo lendo.* **OBS.:** io istruisco, tu istruisci.

**istruttore -trice** *s.* **Instructor -ora.** Si potrebbe dire che ha vinto la gara perché ha un eccellente istruttore. *Poderíase dicir que gañou a competición porque ten un excelente instructor.*

**istruzione** *s.f.* **1 Instrucción, educación.** Attualmente in Italia l'istruzione obbligatoria va dai sei ai quattordici anni. *Actualmente en Italia a instrucción obrigatoria vai dos seis ós catorce anos.*

**2 Instrucción, formación.** L'istruzione dei ragazzi che escono da quella scuola è ottima. *A instrucción dos rapaces que saen desa escola é moi boa.*

**3 (pl.) Instrucciones.** Se segui le istruzioni per l'uso non avrai nessun problema. *Se segues as instruccións de uso non terás ningún problema.*

# **istruzione pubblica / privata:** *educación pública / privada;* **ministero della pubblica istruzione:** *ministerio italiano de educación.*

**italiano -a I** *adx.* **Italiano -a.** La pasta è uno dei piatti più conosciuti della cucina italiana. *A pasta é un dos pratos máis coñecidos da cociña italiana.*

**II s.** **1 Italiano -a** (*persoa*). Gli italiani raggiunsero l'unità nazionale nella seconda metà del diciannovesimo secolo. *Os italianos acadaron a unidade nacional na segunda metade do século dezanove.* **2 (m. sing.) Italiano** (*lingua*). L'italiano odierno è nato dal bisogno di comunicazione fra i popoli dell'Italia. *O italiano actual naceu da necesidade de comunicación entre os pobos de Italia.*

**itinerario** *s.m.* **Itinerario, percorrido, ruta.** L'itinerario del viaggio includeva la visita di Firenze e Siena. *O itinerario da viaxe incluía a visita de Florencia e Siena.*

# J

**jazz** I *s.m. inv.* **Jazz.** Il jazz è un genere musicale di origine afro-americana. *O jazz é un xénero musical de orixe afro-americana.* **OBS.:** pronúnciase /dzaez/.

**jeans** I *s.m. inv.* **Tea vaqueira.** Ho comprato una gonna di jeans. *Merquei unha saia de tea vaqueira.*  
II *s.m. pl.* **Pantalón vaqueiro, vaqueiro.** Ai ragazzi piacciono molto i jeans. *Ós rapaces gústalles moito o pantalón vaqueiro.* **OBS.:** pronúnciase /'dʒi:nz/.

**jeep** *s.f. inv.* **Jeep.** Hanno fatto un safari in jeep. *Fixeron un safari en jeep.* **OBS.:** pronúnciase /'dʒi:p/.

**judo** *s.m. sing.* **Judo.** Vado a lezioni di judo perché è un buon sistema di difesa personale. *Vou a clases de*

*judo porque é un bo sistema de defensa persoal.* **OBS.:** pronúnciase /dz'u:do/.

**juke-box** *loc. s. m. inv.* **Aparato automático instalado en locais públicos, que contén discos e que se fai funcionar introducindo unha moeda.** **OBS.:** pronúnciase /'dʒu:k boks/.

**junior** *adx. inv.* **1 Júnior.** Lo chiamamo Alberto Martini junior per differenziarlo dal padre, che ha lo stesso nome. *Cháman-lle Alberto Martini junior para diferencialo do pai, que ten o mesmo nome.*  
**2 (Dep.) Que pertence a unha categoría inferior pola idade.** **OBS.:** na acep. 2 fai o pl. juniiores.



# K

**karatè** *s.m. inv.* **Karate.** Il karatè è una tecnica di lotta giapponese molto conosciuta in Occidente. *O karate é unha técnica de loita xaponesa moi coñecida en Occidente.*

**ketchup** *s.m. inv.* **Salsa de tomate con vinagre e especias.** **OBS.:** pronúnciase /ˈkɛtʃap/.

**killer** *s. inv.* **Asasino -a a soldo, sicario -a.** Nel film il killer finisce in carcere. *Na película o asasino a soldo acaba no cárcere.*

**kiwi** *s.m. inv.* **Kiwi.** Il kiwi è un frutto molto ricco di vitamina C. *O kiwi é un froito moi rico en vitamina C.*

**koala** *s.m. inv.* **Koala, coala.** Il koala è un piccolo mammifero caratteristico dell'Australia. *O koala é un pequeno mamífero característico de Australia.*



# L

**l' V. la, lo.**

**la I art. det. f. sing. A / la.** La mucca mangia l'erba. *A vaca come a herba.* Voglio dipingere la cucina. *Quero pinta-la cociña.* **OBS.:** *úsase a forma l' cando o s. ó que acompaña comeza por vocal: l'alba, a alba; l'ora, a hora.* **II pron. pers. f. sing. 1 A / la / na.** Non la vedo da anni. *Non a vexo dende hai anos.* Questa lezione è importante, devi studiarla bene. *Esta lección é importante, tes que estudiala ben.* Vogliono portarla in spiaggia. *Quérena levar á praia.* **OBS.:** *úsase a forma l' cando o pron. se antepón a unha forma verbal que comece por vocal ou h: l'abbiamo incontrata, atopámola; l'ho vista, vira.* **2 O a, lo la, no na (vostede).** Scusi, signore. Posso aiutarla? *Perdoe, señor. ¿Podo axudalo?* **OBS.:** *esta forma de cortesia emprégase con significado m. e f.* **# averla vinta:** *sair coa dum; chi la fa l'aspetti:* *quen a fai pága; darla vinta:* *concede-la victoria; farcela / non farcela:* *dar / non dar feito; farla finita:* *rematar; suicidarse; farla lunga:* *alongar unha explicación dándolle voltas; pagarla:* *pagalas; prendersela a male:* *tomar algo a mal; saperla lunga:* *saber moito.*

**là adv. 1 Alí.** Siamo stati là, a casa sua, tutto il fine settimana. *Estivemos alí, na súa casa, toda a fin de semana.* **2 Alí.** Dove l'hai messo? L'ho messo là, nell'armadio. *¿Onde o metiches? Metino aí, no armario.* **3 Alá, aló, alí** (cando indica movimento). Dove andate? Andiamo là, al paese dei miei genitori. *¿Onde ides? Imos alá, á vila dos meus pais.* **OBS.:** *unido ó pron. e adx. quello ten valor determinativo e de reforzo: chi è quella là? ¿Quen é aquela de alí?* **# altolà:** *¡alto!; chi va là?: ¿quen vai?; essere in là con gli anni:* *ser de idade avanzada; farsi / tirarsi in là:* *botarse a un lado; ma va' là!:* *¿non me digas?; per di là:* *por aí / por ese lugar; più in là:* *máis alá.*

**labbro s.m. Labio, beizo.** Aveva le labbra viola dal freddo. *Tiña os labios morados polo frío.* **# leccarsi le labbra:** *lambe-los fociños / o bico; mordersi le*

**labbra:** *morde-la lingua (para non dicir algo inconveniente).* **OBS.:** *fai o pl. f. labbra.*

**labirinto s.m. Labirinto.** L'interno di quel palazzo è un labirinto; bisogna conoscerlo bene per non perdersi. *O interior daquel edificio é un labirinto; hai que coñecelo ben para non perderse.*

**laboratorio s.m. 1 Laboratorio.** Lo scienziato faceva le sue ricerche nel laboratorio. *O científico facía as súas investigacións no laboratorio.* **2 Taller, obradoiro** (dun comercio, onde se reparan obxectos). Sono entrato nel laboratorio dell'orologiaio. *Entreí no taller do reloxeiro.*

**laborioso -a adx. Laborioso -a, trabaloso -a.** Le indagini sono state laboriose e molto complicate. *As indagacións foron laboriosas e moi complicadas.*

**lacca s.f. Laca** (do pelo). Comprami della lacca per i capelli. *Cómprame laca para o pelo.* **OBS.:** *pl. lacche. ♦ Para referirse á 'laca de uñas' en italiano emprégase o termo smalto (da unghie).*

**laccare v. tr. [aux. avere] Laccar.** Abbiamo laccato di bianco le porte di casa. *Lacamos en branco as portas da casa.* **OBS.:** *io lacco, tu lacchi; v. irreg. V. táboa 5.*

**laccio s.m. Amalló, cordón, amalloa.** Si è comprato delle scarpe con i lacci. *Comprou uns zapatos de amallós.* **# prendere (un animale) al laccio** (tamén fig.): *atrapar (un animal) co lazo.*

**lacerare I v. tr. [aux. avere] Esgazar, esguizar, rachar.** Cadendo ha lacerato la camicia. *Ó caer esgazou a camisa.* **II v. intr. pron. [aux. essere] Rachar, resgar.** La tenda si è lacerata a causa del vento. *A cortina rachou a causa do vento.* **OBS.:** *io lacerero; v. irreg. V. táboa 1.*

**lacrime s.f. Bágao, bagulla, lágrima.** Dai! Asciugati le lacrime e non piangere più. *¡Veña! Seca as bagoas e non chores máis.* **# frenare / ingoiare le lacrime:** *conte-las bagoas; rompere / scoppiare in lacrime:* *poñerse a chorar de improviso.*

**lacuna** *s.f.* **Lagoa, omisión.** In questo manoscritto c'è una lacuna di almeno due versi. *Neste manuscrito hai unha lagoa de polo menos dous versos.* ♦ *Para referirse á 'lagoa (de auga doce)' en italiano emprégase o termo lago, V. laguna.*

**ladro -a** *I s.* **Ladrón -ona / -oa / -a.** La polizia ha arrestato il ladro che aveva rapinato la banca. *A policía arrestou o ladrón que roubara o banco.* **II adx.** **Ladrón -ona / -oa / -a.** È venuto un gatto ladro e si è portato via una sardina. *Veu un gato ladrón e levou unha sardiña.* # **al ladro!;** **ladro di cuori:** (*fig.*) **conquistador;** **ladro di strada:** **salteador de camiños;** **ladro matricolato:** **un verdadeiro ladrón.**

**laggiù** *adv.* **Alá abaixo.** Ha comprato una casa laggiù, ai piedi della collina. *Comprou unha casa alá abaixo, ó pé do outeiro.*

**lagnarsi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Laiarse, queixarse, lamentarse.** Non è mai contento, si lagna di tutto. *Nunca está contento, láise por todo.*

**lago** *s.m.* **1 Lago.** Quest'estate visiteremo i famosi laghi svizzeri. *Este verán visitaremos los famosos lagos suízos.* **2 (fig.) Gran cantidade de líquido derramado.** **OBS.:** *pl.* laghi.

**laguna** *s.f.* **Lagoa litoral.** La laguna più famosa è quella di Venezia. *A lagoa litoral máis famosa é a de Venecia.* ♦ *Para referirse á 'lagoa (de auga doce)' en italiano emprégase o termo lago, para 'lagoa, omisión' lacuna.*

**laico -a** *I adx.* **Laico -a, leigo -a.** Lei preferisce studiare in una scuola laica piuttosto che in una religiosa. *Ela prefere estudar nunha escola laica máis ca nunha relixiosa.* **II s.** **Laico -a, leigo -a.** In questa parrocchia c'è un gruppo di laici che organizza diverse attività. *Nesta parroquia hai un grupo de laicos que organiza diversas actividades.* **OBS.:** *m. pl.* laici, *f. pl.* laiche.

**lama** *s.f.* **Folla (de instrumentos e armas cortantes).** Bisogna affilare la lama di questi coltelli. *Hai que afía-la folla destes coitelos.* ♦ *Para referirse á 'lama, lodo' en italiano emprégase o termo melma.*

**lamentarsi** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Queixarse, laiarse, lamentarse.** Si lamentava per il dolore. *Queixábase da dor.* Lamentarsi di un'ingiustizia. *Queixarse dunha incustiza.*

**lamento** *s.m.* **Lamento, laio, queixa.** Quei lamenti di dolore mi stringevano il cuore. *Aqueles lamentos de dor encollíanme o corazón.*

**lametta** *s.f.* **Coitela, folla (de afeitar).** Devo comprare delle lamette da barba. *Teño que comprar coitelas para a máquina de afeitar.*

**lampada** *s.f.* **Lámpada.** Accendi la lampada che è sul tavolo. *Acende a lámpada que está na mesa.* # **lam-**

**pada a gas:** **lámpada de gas;** **lampada a petrolio:** **lámpada de petróleo;** **lampada a braccio:** **lámpada (de mesa, de estudio ou de traballo);** **lampada a stelo:** **lámpada de pé;** **lampada fluorescente:** **lámpada fluorescente;** **lampada da tavolo:** **lámpada de mesa.**

**lampadario** *s.m.* **Lámpada (de teito, con varias luces).** Hanno comprato un bel lampadario a otto bracci per il salone. *Compraron unha boa lámpada de oito brazos para o salón.*

**lampadina** *s.f.* **Lámpada, bombilla.** Vado a comprare una lampadina da 100 watt. *Vou mercar unha lámpada de 100 watt.* # **lampadina tascabile:** **lanterna.**

**lampante** *adx.* **Evidente, claro -a.** Una verità lampante come questa non ha bisogno di prove. *Unha verdade evidente coma esta non precisa probas.* In maniera lampante. *De xeito evidente.*

**lampeggiare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Lostregar, alustrar, relampar (tamén fig.).** Durante la tempesta il cielo lampeggiava. *Durante a tempestade o ceo lostregaba.* I suoi occhi lampeggiano di rabbia. *Os seus ollos lostregan de rabia.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 4.*

**lampione** *s.m.* **Farol (da rúa).** I lampioni illuminano la città di notte. *Os farois iluminan a cidade de noite.*

**lampeo** *I s.m.* **1 Lóstrego, alustro, relampo.** Abbiamo visto un lampeo e subito dopo si è sentito il tuono. *Vimos un lóstrego e xusto despois oíuse o trono.* **2 Resplendor.** I fotografi mi accecarono con i lampi dei flash. *Os fotógrafos cegáronme cos resplandores dos flashes.* **II adx.** **De duración moi breve.** # **chiusura lampeo:** **cremalleira;** **come un lampeo:** **coma un lóstrego;** **essere un lampeo:** **ser un lóstrego.**

**lampone** *s.m.* **Framboesa.** Il lampone è un frutto simile alla mora. *A framboesa é un froito semellante á mora.*

**lana** *s.f.* **La.** La lana è molto richiesta nell'industria tessile. *A la está moi solicitada na industria téxtil.* Un cappotto di lana. *Un abrigo de la.*

**lancetta** *s.f.* **Agulla (dos reloxos e doutros instrumentos de precisión).** Le lancette dell'orologio segnavano l'una e un quarto. *As agullas do reloxo marcaban a unha e cuarto.*

**lancia** *s.f.* **Lanza.** Anticamente i guerrieri lottavano con lance e spade. *Antigamente os guerreiros loitaban con lanzas e espadas.* **OBS.:** *pl.* lance.

**lanciare** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Lanzar, ceibar, tirar.** Quel ragazzo mi ha lanciato un sasso. *Aquel rapaz lanzoume unha pedra.* **2 (fig.) Lanzar.** Ha lanciato un grido, ma non l'abbiamo sentito. *Lanzou un grito, pero non o oímos.* Hanno lanciato il nuovo modello di questa macchina. *Lanzaron o novo modelo deste coche.* **II v. refl.** [*aux.* essere]



**Lanzarse.** In un atto di coraggio si è lanciato contro il ladro. *Num acto de valor lanzouse contra o ladrón.*  
OBS.: v. irreg. V. táboa 2.

**lancio** s.f. **Lanzamento** (*tamén fig.*). Il lancio di una bomba. *O lanzamento dunha bomba.* Il lancio del disco. *O lanzamento do disco.* Il lancio di un nuovo cantante. *O lanzamento dun novo cantante.*

**languore** s.m. **Decaemento, abatemento, debilitación.** Dopo la malattia è caduta in uno stato di profondo languore. *Logo da enfermidade caeu nun estado de profundo decaemento.* # **languore di stomaco:** *sensación de baleiro no estómago.*

**lanterna** s.f. **Farol** (*pequeno*). Anticamente, in casa, ci si illuminava con le lanterne. *Antigamente, na casa, iluminábase con farois.* ♦ *Para referirse á 'lanterna' en italiano emprégase o termo lampadina tascabile.*

**lapide** s.f. **1 Lápida.** Sulla lapide hanno messo il nome e la data di morte. *Na lápida puxeron o nome e a data da morte.* **2 Placa commemorativa.** All'inaugurazione del monumento il sindaco ha scoperto una lapide. *Na inauguración do monumento o alcalde descubriu unha placa conmemorativa.*

**lapsus** s.m. inv. **Lapso.** Scusa, ma sono troppi gli sbagli per attribuirli a un lapsus. *Perdoa, pero son demasiados os erros para atribuílos a un lapso.*

**lardo** s.m. **Touciño, lardo** (*do xamón*). Il lardo si può usare in cucina come grasso. *O touciño pódese usar na cociña como graxa.*

**larghezza** s.f. **Anchura, largura, ancho.** La larghezza di ogni corsia è di circa tre metri. *A anchura de cada carril é de arredor de tres metros.* # **giudicare con larghezza:** *xulgar con indulxencia;* **larghezza di vedute:** *amplitude de miras.*

**largo -a I** adv. **Ancho -a, largo -a.** È un fiume molto largo e non so se potrai attraversarlo a nuoto. *É un río moi ancho e non sei se poderás cruzalo a nado.* **II** s.m. **Pequena praza no cruzamento de varias rúas.** # **avere le spalle larghe:** *ter moito aguante;* **essere di manica larga:** *ser de manga ancha;* **in lungo e in largo:** *o longo e ó ancho;* **navigare / nuotare al largo:** *navegar / nadar mar adentro;* **prendere il largo:** *afastarse da costa;* **stare alla larga:** *afastarse.* OBS.: m. pl. larghi, f. pl. larghe.

**larva** s.f. (*fig.*) **Espectro.** Quella grave malattia l'ha ridotto a una larva. *Aquela grave enfermidade reduciuno a un espectro.* ♦ *Para referirse á 'larva' en italiano emprégase o termo bruco.*

**lasagna** s.f. (*espec. en pl.*) **Lasaña.** Le lasagne si preparano sovrapponendo le sfoglie di pasta. *A lasaña prepárase sobrepoñendo as láminas de pasta.*

**lasciare I** v. tr. [*aux. avere*] **1 Deixar, abandonar.** Lasciò il paese e se ne andò a lavorare all'estero.

*Deixou a vila e foi traballar ó estranxeiro.* **2 Deixar, legar.** Morendo ha lasciato i suoi quadri al museo della città. *Ó morrer deixoulle os seus cadros ó museo da cidade.* **3 Deixar, esquecer.** Non posso leggere perché ho lasciato gli occhiali in ufficio. *Non podo ler porque deixei as lentes na oficina.* **4 Deixar, permitir, consentir.** Sono arrivato in ritardo e non mi hanno lasciato entrare. *Cheguei tarde e non me deixaron entrar.* **II** v. refl. recip. [*aux. essere*] **Deixarse, separarse.** Dopo un lungo matrimonio si sono lasciati. *Despois dun longo matrimonio deixáronse.* # **lasciare il mondo:** *deixa-la vida / morrer;* **lasciare in bianco:** *deixar en branco;* **lasciare la tonaca:** *colga-los hábitos;* **lasciare stare qualcuno:** *deixar de molestar a alguén;* **lasciare stare / perdere:** *renunciar, deixar estar;* **lasciarsi andare:** *deixarse ir / abandonarse.* OBS.: v. irreg. V. táboa 3.

**laser** s.m. inv. **Láser.** Attualmente, il laser è molto usato in chirurgia. *Actualmente, o láser úsase moito en cirurxía.*

**lassù** adv. **Alá arriba.** Vedi quell'edificio lassù sulla collina? È un albergo. *¿Ves ese edificio alá arriba no outeiro? É un hotel.*

**lastra** s.f. **1 Placa, prancha.** Il lago è coperto da una lastra di ghiaccio. *O lago está cuberto por unha placa de xeo.* **2 (fam.) Radiografia.** Le hanno fatto una lastra per vedere se si è rotta la gamba. *Fixéronlle unha radiografía para ver se rompeu a perna.* ♦ *Para referirse á 'lastra, laxe' en italiano emprégase o termo lastra di pietra, para 'lastra, chaga' piaga.*

**laterale** adv. **Lateral.** L'attore è uscito da una porta laterale del palcoscenico. *O actor saíu por unha porta lateral do escenario.*

**latino -a I** adv. **Latino -a.** L'influenza della civiltà latina è stata fondamentale. *O influxo da civilización latina foi fundamental.* **II** s.m. sing. **1 Latín.** Le lingue che derivano dal latino sono chiamate neolatine o romanze. *As linguas que derivan do latín chámanse neolatinas ou románicas.*

**latitudine** s.f. (*Xeog.*) **Latitude.** La coordinata geografica che prende come punto di riferimento l'equatore si chiama latitudine. *A coordenada xeográfica que toma como punto de referencia o ecuador chámase latitude.*

**lato** s.m. **1 (Mat.) Lado.** Il triangolo ha tre lati. *O triángulo ten tres lados.* **2 Lado, parte.** Gli inglesi guidano sul lato sinistro della strada. *Os ingleses conducen polo lado esquerdo da estrada.* **3 (fig.) Lado, aspecto.** Dobbiamo studiare la questione da tutti i lati. *Temos que estudia-la cuestión desde tódolos lados.*

**latrato** *s.m. Ouveo (do can)*. I latrati del cane non mi hanno lasciato dormire. *Os ouveos do can non me deixaron durmir*.

**latta** *s.f. Lata*. Ho aperto una latta di sardine. *Abrín unha lata de sardiñas*. La latta è un metallo duttile. *A lata é un metal dúctil*.

**lattajo -a** *s. Leiteiro -a*. Oggi non ci sono quasi più lattai perché il latte si vende in molti negozi. *Hoxe xa case non hai leiteiros porque o leite véndese en moitas tendas*.

**lattante** *s. Lactante*. Il pediatra ci ha parlato delle malattie dei lattanti. *O pediatra falounos das enfermidades dos lactantes*.

**latte** *s.m. Leite*. Prima di andare a dormire beve sempre un bicchiere di latte. *Antes de ir durmir bebe sempre un vaso de leite*. # **denti di / da latte**: *dentés de leite*; **far venire il latte alle ginocchia**: *aburrir*; **fior di latte**: *queixo mozzarella*; **latte detergente**: *leite limpiador (de cosmética)*; **latte intero / pastorizzato / scremato**: *leite enteiro / pasteurizado / descremado*.

**lattina** *s.f. Lata, bote (de refresco, de cervexa...)*. Abbiamo comprato quattro lattine di birra. *Compramos catro latas de cervexa*.

**lattuga** *s.f. Leituga*. Ha preparato un'insalata buonissima con lattuga, pomodori, asparagi, uova e olive. *Preparou unha ensalada boísima con leituga, tomates, espárragos, ovos e olivas*. **OBS.:** pl. lattughe.

**laurea** *s.f. Licenciatura*. Finalmente ha ottenuto la laurea in Medicina. *Por fin acadou a licenciatura en Medicina*. # **corso di laurea**: *carreira (universitaria)*; **tesi, esame di laurea**: *memoria de licenciatura, exame de licenciatura (no sistema universitario italiano, necesarios para acaba-la carreira)*.

**laurearsi** *v. intr. pron. [aux. essere] Licenciarse*. Dopo molti anni di studio è riuscito a laurearsi in Giurisprudenza. *Despois de moitos anos de estudio conseguiu licenciarse en Dereito*. **OBS.:** io mi laureo.

**laureato -a** *s. Licenciado -a*. Hanno assunto un laureato in Economia per svolgere quel lavoro. *Contrataron un licenciado en Economía para facer aquel traballo*.

**lava** *s.f. Lava*. La città che era ai piedi del vulcano fu distrutta da un fiume di lava. *A cidade que estaba ós pés do volcán foi destruída por un río de lava*.

**lavabo** *s.m. Lavabo*. Non lasciare il lavabo sporco dopo esserti fatto la barba. *Non déixe-lo lavabo sucio despois de afeitarte*. **OBS.:** pl. lavabi ou lavabo.

**lavaggio** *s.m. Lavado, lavadura*. Dopo un buon lavaggio, la macchina è diventata come nuova. *Despois dun bo lavado, o coche quedou coma novo*.

**lavagna** *s.f. Encerado*. Sono allergica al gesso e perciò non posso scrivere alla lavagna. *Son alérxica ó xiz e por iso non podo escribir no encerado*.

**lavanda** *s.f. Lavanda*. La lavanda è una pianta molto usata in profumeria. *A lavanda é unha planta moi usada en perfumería*.

**lavanderia** *s.f. Lavandería*. Ho portato il piumone in lavanderia perché è troppo grande per metterlo in lavatrice. *Levei o edredón á lavandería porque é demasiado grande para metelo na lavadora*.

**lavandino** *s.m. Lavabo*. È finito il sapone che c'era sul lavandino. *Acabouse o xabón que había sobre o lavabo*.

**lavare I** *v. tr. [aux. avere] Lavar*. Ha lavato la frutta prima di mangiarla. *Lavou a froita antes de comela*. **II** *v. refl. [aux. essere] Lavarse*. Ti sei già lavato? *¿Xa te lavaches?* # **lavare a secco**: *lavar en seco*; **lavare il capo a qualcuno**: *gritarlle a alguén*; **lavarsene le mani**: *lava-las mans*.

**lavastoviglie** *s.f. inv. Lavalouza*. Ha riempito la lavastoviglie di piatti, bicchieri e pentole. *Encheu a lavalouza de pratos, vasos e potas*.

**lavatrice** *s.f. Lavadora*. Aspetterò che finisca la lavatrice per stendere il bucato. *Esperarei que remate a lavadora para tende-la bogada*.

**lavorare** *v. tr. e intr. [aux. avere] Traballar*. Sono stanco perché oggi ho lavorato troppo. *Estou cansa porque hoxe traballei demasiado*. Questi artigiani lavorano il ferro. *Estes artesáns traballan o ferro*. # **lavorare a un quadro**: *traballar nun cadro*; **lavorare da falegname**: *traballar como carpinteiro*; **lavorare giorno e notte**: *traballar día e noite*; **lavorarsi qualcuno**: *enganar a alguén para obter vantaxes*.

**lavoratore -trice** *s. Traballador -ora*. Il primo maggio è il giorno dei lavoratori. *O primeiro de maio é o día dos traballadores*.

**lavorazione** *s.f. Elaboración*. La lavorazione a mano fa aumentare il prezzo del prodotto. *A elaboración á man fai aumenta-lo prezo do produto*.

**lavoro** *s.m. 1 Traballo (actividade; realización)*. Domani avrò molto lavoro e perciò non ti potrò accompagnare. *Mañá terei moito traballo e por iso non te poderei acompañar*. Abbiamo assistito alla presentazione degli ultimi lavori di quel pittore. *Asistimos á presentación dos últimos traballos daquel pintor*. **2 Traballo, emprego**. Il lavoro che ti hanno offerto è molto pericoloso. *O traballo que che ofreceron é moi perigoso*. # **datore di lavoro**: *empresario*; **essere pieno di lavoro**: *ter moito traballo*; **incidente sul lavoro**: *accidente de traballo*; **lavori domestici**: *tarefas do fogar*; **lavori forzati**: *traballos forzados*; **lavori in corso**: *estamos en obras*; **lavori pubblici**: *obras públicas*; **mettersi al**

**lavoro:** *poñerse a traballar*; **stanza da lavoro:** *cuarto de traballo*.

**le I art. det. f. pl. As / las.** Le ragazze sono arrivate ieri. *As rapazas chegaron onte*. Hai lavato le camicie. *Laváche-las camisas*. **II pron. pers. f. pl. As / las / nas.** Queste mele sono buone, le ho già assaggiate. *Estas mazás están boas, xa as probei*. Sono arrivate le tue cugine. Le hai salutate? *Chegarón as túas curmás. ¿Saudáchelas?* Le ha prese con la mano. *Colleunas coa man*. **III pron. pers. f. sing. 1 Lle (a ela).** Le ho detto di venire alla festa. *Dixenlle que viñera á festa*. **2 Lle (a vostede).** Signore, Le spediremo questi documenti al più presto. *Señor, enviarémoslle estes documentos o antes posible*. **OBS.:** *esta forma de cortesia é de significado m. e f.*

**leale adx. Leal, fiel.** Devi essere leale con gli amici e non tradirli mai. *Tes que ser leal cos amigos e non traizoalos nunca*.

**lealtà s.f. inv. Lealdade, honestidade, honradez.** Sapevo che non mi avresti tradito e confidavo nella tua lealtà. *Sabía que non me traizoarias e confiaba na túa lealdade*.

**leccare v. tr. [aux. avere] Lamber (pasa-la lingua).** Il mio cane mi lecca sempre le mani. *O meu can lámbe-me sempre as mans*. # **leccare il culo:** *lambe-lo cu*; **leccare i piedi:** *lambe-los pés*; **leccarsi le dita / leccarsi i baffi / leccarsi le labbra:** *lambe-lo bico / lambe-los focíños / lambe-los peteiros*. **OBS.:** *io lecco, tu lecchi; v. irreg. V. táboa 5*.

**lecito -a adx. 1 Lícito -a.** L'occupazione dei terreni è lecita. *A ocupación dos terreos é lícita*. **2 Lícito -a, lexitímo -a.** È lecito chiedere un anticipo sullo stipendio. *É lícito pedir un anticipo sobre o soldo*.

**lega s.f. 1 Alianza, coalición, liga.** Nel Quattrocento le Signorie italiane formavano spesso delle leghe. *No século XV as Señorías italianas a miúdo formaban alianzas*. **2 (Quím.) Aliaxe.** L'acciaio è una lega di ferro e carbonio. *O aceiro é unha aliaxe de ferro e carbono*. **OBS.:** *pl. leghe*.

**legale I adx. Legal.** Cercherò un avvocato che si occupi delle questioni legali. *Buscarei un avogado que se ocupe das cuestións legais*. **II s. Avogado -a.** Devo consultare il tema della donazione con il mio legale. *Teño que consulta-lo tema da doazón co meu avogado*. # **medicina legale:** *medicina legal*.

**legalità s.f. inv. Legalidade.** I tribunali sorvegliano l'adempimento della legalità. *Os tribunais vixían o cumprimento da legalidade*.

**legalizzare v. tr. [aux. avere] 1 Legalizar, autenticar, legitimar.** Il notaio ha legalizzato la firma. *O notario legalizou a sinatura*. **2 Legalizar.** È stata approvata una legge che legalizza la situazione degli immigrati. *Aprobouse unha lei que legaliza a situación dos inmigrantes*.

**legame s.m. 1 (fig.) Vínculo, relación.** Sono uniti da uno stretto legame affettivo. *Están unidos por un estreito vínculo afectivo*. **2 (fig.) Relación lóxica.** Le idee che ha esposto non hanno nessun legame. *As ideas que expuxo non teñen ningunha relación lóxica*. # **legame di parentela:** *vínculo de parentesco*.

**legare v. tr. [aux. avere] 1 Atar.** I rapinatori hanno legato le mani agli impiegati della banca. *Os ladróns atáronlle-las mans ós empregados do banco*. Ho già legato il cane con la catena. *Xa atei o can coa cadea*. **2 (fig.) Ligar, unir.** Lo legava alla città un forte affetto. *Ligábao á cidade un grande afecto*. # **legare in matrimonio:** *unir en matrimonio*; **legare mani e piedi a qualcuno:** *impedir a alguén que actúe*; **pazzo da legare:** *louco de atar*. **OBS.:** *io lego, tu legghi; v. irreg. V. táboa 6*.

**legge s.f. 1 Lei.** In democrazia la legge è uguale per tutti. *Na democracia a lei é igual para todos*. Le leggi della fisica. *As leis da física*. **2 (Cienc.) Dereito, xurisprudencia.** Si è laureato in Legge perché vuole fare l'avvocato. *Licenciouse en Dereito porque quere traballar de avogado*. **3 Autoridade xudicial.** Se occupano le mie proprietà ricorrerò alla legge. *Se ocupan as miñas propiedades recorrerei á autoridade xudicial*. # **a norma / a termini di legge:** *segundo o que prescribe a lei*; **essere fuori legge:** *estar fóra da lei*; **fatta la legge, trovato l'inganno:** *quen fai a lei fai a trampa*.

**leggenda s.f. Lenda.** Il nonno mi raccontava tutte le leggende che sapeva. *O avó contábame tódalas lendas que sabía*.

**leggendaro -a adx. 1 Lendaro -a, fabuloso -a, fantástico -a.** Le fate sono personaggi leggendari. *As fadas son personaxes lendarios*. **2 Extraordinario -a.** Oggi ci hanno spiegato la leggendaria storia della scoperta dell'America. *Hoxe explicáronno-la extraordinaria historia do descubrimento de América*.

**leggere v. tr. [aux. avere] Ler.** Ho letto un bellissimo romanzo. *Lin unha novela boísima*. Mi hanno letto la mano. *Léronme a man*. # **leggere a voce alta:** *ler en voz alta*; **leggere nel pensiero:** *le-lo pensamento*. **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 49*.

**leggerezza s.f. Lixeireza (tamén fig.).** La ballerina si muoveva con leggerezza sul palcoscenico. *A bailarina movíase con lixeireza polo escenario*. Se continui a parlare con tanta leggerezza avrai dei problemi. *Se segues falando con tanta lixeireza terás problemas*.

**leggero -a adx. 1 Lixeiro -a, leve (de pouco peso, intensidade ou importancia).** Il pacco è leggero, non pesa molto. *O paquete é lixeiro, non pesa moito*. Una brezza leggera. *Unha brisa lixeira*. Un leggero mal di testa. *Unha lixeira dor de cabeza*. **2 Pequeno -a, módico -a.** Chiederò un leggero aumento di sti-

pendio. *Pedirei un pequeno aumento de soldo.*  
**3 Lixeiro -a, delicado -a.** Questa colonia ha un leggero odore di violetta. *Esta colonia ten un lixeiro olor a violetas.*  
**4 Lixeiro -a, livián -a (actitude).** È un ragazzo un po' leggero, agisce senza riflettere. *È un rapaz un pouco lixeiro, actúa sen reflexionar.*  
**# alla leggera:** á lixeira; **avere il passo leggero:** te-lo paso lixeiro; **sonno leggero:** sono lixeiro; **vino leggero:** viño de pouca graduación; **una ferita leggera:** unha ferida leve.

**legislativo -a** *adx.* **Lexislativo -a.** Il potere legislativo è esercitato dai deputati e dai senatori. *O poder lexislativo é exercido polos deputados e os senadores.*

**legislatura** *s.f.* **Lexislatura.** Durante la sua legislatura il governo cercherà di risolvere questi problemi. *Durante a súa lexislatura o goberno tentará resolver estes problemas.*

**legislazione** *s.f.* **Lexislación.** È in atto una riforma della legislazione scolastica. *Estase facendo unha reforma da lexislación escolar.*

**legittimo -a** *adx.* **Lexítimo -a.** Le sue rivendicazioni sono legittime. *As súas reivindicacións son lexítimas.*  
**# legittima difesa:** lexítima defensa.

**legna** *s.f. inv.* **Leña.** Portami un po' di legna per il camino. *Tráeme un pouco de leña para a cheminea.*  
**# aggiungere legna al fuoco:** botarlle leña ó lume;  
**far legna:** recoller leña no bosque; **forno a legna:** forno de leña.

**legno** *s.m.* **Madeira.** Il legno di pino è di colore chiaro. *A madeira de piñeiro é de cor clara.* Questa casa ha le travi di legno. *Esta casa ten as vigas de madeira.*

**legumi** *s.m. pl.* **Legumes.** I ceci e i piselli sono legumi. *Os garavanzos e os chícharos son legumes.*

**lei** *pron. pers. f. sing.* **1 Ela.** Il marito è un tipo pigro, ma lei è una donna molto vitale. *O marido é un tipo lacazán, pero ela é unha muller moi vital.* Dobbiamo parlare con lei. *Temos que falar con ela.* Stavamo pensando proprio a lei. *Estabamos pensando precisamente nela.*  
**2 A ela.** Abbiamo chiamato soltanto lei. *Chamámola só a ela.*  
**3 Vostede.** Mi dica Lei cosa devo fare. *Dígame vostede o que debo facer.*  
**OBS.:** emprégase como forma de cortesía para xénero m. e f. **# dare del lei a qualcuno:** tratar de vostede a alguén.

**lente** *s.f.* **Lente.** La lente della tua macchina fotografica ha un piccolo graffio. *A lente da túa máquina fotográfica ten unha pequena rabuñadura.* Le lenti si sono rotte, ma potrò usare la montatura. *As lentes romperon, pero poderei usa-la montura.*  
**# lente d'ingrandimento:** lente de aumento / lupa; **lenti a contatto:** lentes de contacto. ♦ Para referirse á

'lentes, anteollos' en italiano emprégase o termo occhiali.

**lentezza** *s.f.* **Lentitude, cachaza.** Gli ho detto di affrettarsi un po', ma cammina con molta lentezza. *Dixenlle que se apresurase un pouco, pero camiña con moita lentitude.*

**lenticchia** *s.f.* **Lentella.** Hanno piantato delle lenticchie. *Plantaron unhas lentellas.* Bisogna mangiare lenticchie una volta alla settimana perché sono ricche di ferro. *Hai que comer lentellas unha vez á semana porque son ricas en ferro.*

**lentiggine** *s.f.* **Penca, marxa.** Non le piaceva prendere il sole perché le venivano molte lentiggini. *Non lle gustaba toma-lo sol porque lle saían moitas pen-cas.*

**lento -a** *adx.* **1 Lento -a.** Questo ragazzo è molto lento, non ha mai fretta. *Este rapaz é moi lento, nunca ten présa.*  
**2 Frouxo -a (pouco apertado ou axustado).** Le viti di questa porta sono lente, bisognerebbe stringerle un po'. *Os parafusos desta porta están frouxos, habería que apertalos un pouco.*

**lenza** *s.f.* **Tanza, sedela.** L'anguilla aveva già abboccato, ma la lenza si è rotta. *A anguía xa picara, pero a tanza rompeu.*

**lenzuolo** *s.m.* **Saba.** Eccoti le lenzuola per cambiare il letto. *Aquí te-las sabas para muda-la cama.*  
**OBS.:** *pl. lenzuoli, en sentido xeral; pl. f. lenzuola, referido á parella de sabas que se usan nunha cama.*

**leone -essa** *s.* **1 León -ona / -oa.** Il leone si distingue dalla leonessa perché ha una folta criniera. *O león distínguese da leona porque ten unha espesa melena.*  
**2 (m.; Astrol.) León.** Se sei nato il 31 luglio sei del Leone. *Se naciche-lo 31 de xullo es León.*

**leopardo** *s.m.* **Leopardo, pantera.** Il leopardo è un felino dal pelo giallo con macchie nere. *O leopardo é un felino de pelo amarelo con manchas negras.*

**lepre** *s.f.* **Lebre.** La lepre è velocissima nella corsa. *A lebre é velocísima na carreira.*

**lesbica** *s.f.* **Lesbiana.** Le lesbiche si sentono attratte da altre donne. *As lesbianas séntense atraídas por outras mulleres.*  
**OBS.:** *pl. lesbiche.*

**lesione** *s.f.* **Lesión.** Dopo l'incidente, i medici temevano che avesse una lesione interna. *Tralo accidente, os médicos temían que tivese unha lesión interna.*

**lessare** *v. tr. [aux. avere]* **Cocer, ferver (un alimento).** Per fare il puré bisogna lessare le patate. *Para face-lo puré hai que coce-las patacas.*

**lessico** *s.m.* **Léxico, vocabulario.** Stanno realizzando uno studio sul lessico giovanile. *Están realizando un estudio sobre o léxico xuvenil.*  
**OBS.:** *pl. lessici.*

**lesso -a I** *adx. Cocido -a, fervido -a.* Vorrei una bistecca con patate lesse. *Querería un bisté con patacas cocidas.* **II s.m. Carne cocida.** Avete mangiato il lesso con piselli e patate. *Coméste-la carne cocida con chicharos e patacas.*

**letale** *adx. Letal.* Quando si supera la dose consigliata, questo medicinale diventa letale. *Cando se supera a dose aconsellada, este medicamento convértese en letal.*

**letamaio** *s.m. Esterqueira (lugar).* Hanno raccolto lo sterco dalla stalla per portarlo al letamaio. *Recolleron o esterco da corte para levalo á esterqueira.*

**letame** *s.m. Esterco.* Il letame si usa per concimare i terreni. *O esterco úsase para fertiliza-los terreos.*

**letargo** *s.m. Letargo.* Gli orsi d'inverno cadono in letargo. *Os osos caen en letargo no inverno.* **OBS.:** *pl. letarghi.*

**lettera** *s.f. 1 Letra.* Il bambino ha già imparato le lettere dell'alfabeto. *O neno xa aprendeu as letras do alfabeto.* **2 Carta.** Ho appena spedito una lettera per annunciargli la morte di sua nonna. *Acabo de enviar unha carta para lle anuncia-la morte da súa avoa.* **3 (pl.) Letras (estudio humanístico).** Studiano Lettere presso l'Università di Padova. *Estudian Letras na Universidade de Padua.* **OBS.:** *refírese particularmente á carreira equivalente a Filoloxía. # alla lettera: literalmente. ♦ Para referirse á 'letra (dunha canción)' en italiano emprégase o termo testo, para 'letra (estilo de escritura)' grafía ou calligrafía e para 'letra (de cambio)' cambiale.*

**letterale** *adx. Literal.* Forse intendeva dire altro, ma voi l'avete capito in senso letterale. *Ó mellor pretendía dicir outra cousa, pero vós entendéste-lo en sentido literal.*

**letterario -a** *adx. Literario -a.* Hanno pubblicato di recente un nuovo studio sui generi letterari. *Publicaron recentemente un novo estudio sobre os xéneros literarios.* **OBS.:** *m. pl. letterari, f. pl. letterarie.*

**letteratura** *s.f. 1 Literatura.* Tuo fratello è un vero conoscitore della letteratura francese. *Teu irmán é un verdadeiro coñecedor da literatura francesa.* Ha una biblioteca molto completa in letteratura giuridica. *Ten unha biblioteca moi completa en literatura xurídica.* **2 Bibliografía.** Questa è una sindrome raramente descritta nella letteratura medica. *Esta é unha síndrome raramente descrita na bibliografía médica.*

**letto** *s.m. 1 Cama.* I bambini saltavano sul letto perché non volevano dormire. *Os nenos saltaban sobre a cama porque non querían durmir.* **2 Leito (dun río, canle...).** L'acqua era così limpida che si vedeva il letto del fiume. *A auga estaba tan limpa que se vía*

*o leito do río. # andare a letto: ir durmir; andare a letto con le galline: ir para a cama coas galiñas; andare a letto con qualcuno: deitarse con alguén; cambiare il letto: muda-la cama; divano letto: sofá cama; letto a castello: liteira; letto a un posto / a una piazza: cama dunha praza; letto ribaltabile: cama de encarte.*

**lettore -trice** *s. Lector -ora.* Quanti lettori avrà questa rivista? *¿Cantos lectores terá esta revista?*

**lettura** *s.f. Lectura (acción de ler).* Nonostante un'attenta lettura del brano, non è riuscito a capirne il contenuto. *A pesar de facer unha atenta lectura do parágrafo, non conseguiu entende-lo contido.* **# dare lettura di qualcosa: dar lectura a algo.**

**leva** *s.f. Panca.* Hanno usato una leva per sollevare gli oggetti pesanti. *Usaron unha panca para levanta-los obxectos pesados.* **# fare leva: incentivar; leva del cambio: panca do cambio; soldato di leva: soldado de recrutamento.**

**levante** *s.m. sing. Levante, nacente, oriente.* Il sole spunta a levante e tramonta a ponente. *O sol sae polo levante eponse polo poñente.*

**levare** *v. tr. [aux. avere] 1 Levantar, alzar, erguer.* Mentre ascoltava i rimproveri non osò levare gli occhi. *Mentres escoitaba os reproches non ousou levanta-los ollos.* **2 Quitar, sacar.** Ha levato la macchia d'olio dalla cravatta. *Quitou a mancha de aceite da gravata.* **# levare l'ancora: levanta-la áncora; levarsi di mezzo / dai piedi: quitarse de diante. ♦ Para referirse a 'levar' en italiano emprégase o termo portare.**

**levigare** *v. tr. [aux. avere] Alisar (volver liso).* Prima hanno tagliato le pietre e adesso le stanno levigando. *Primeiro cortaron as pedras e agora estanas alisando.* **OBS.:** *io levigo, tu levighi; v. irreg. V. táboas I e 6.*

**lezione** *s.f. 1 Lección (nocións ensinadas).* Devo ancora studiare la lezione per domani. *Aínda teño que estudia-la lección para mañá.* **2 Clase (acción de ensinar).** Sono andate a lezione di spagnolo. *Foron a clase de español.* **3 Lección (ensinanza non académica).** Il suo atteggiamento è una lezione di tolleranza per tutti noi. *A súa actitude é unha lección de tolerancia para todos nós.* **4 Lección, escarmento.** Le ha dato una lezione e, davvero, se la meritava. *Deulle unha lección e, realmente, merecíaa.* **# frequentare le lezioni di una materia: asistir ás clases dunha materia.**

**li I** *pron. pers. m. pl. Os / los / nos.* Li hai visti? *¿Víchelos?* Non li voglio più vedere. *Non os quero ver máis.* Dove sono i libri? Li ha presi tuo fratello. *¿Onde están os libros?* *Colleunos teu irmán.* **II art. det. m. pl. A.** Roma, li 30 settembre. *Roma, a 30 de setembro.* **OBS.:** *emprégase no canto dos art. i ou gli*

*para indica-la data, especialmente en documentos oficiais.*

**li** *adv.* **Alí.** Dove hai lasciato il cappello? Lì, nell'armadio. *¿Onde deixáche-lo sombreiro? Alí, no armario.* # **da / di li:** *por / desde aquel lugar;* **giù di li:** *por aí, aproximadamente;* **lì per li:** *no momento.*

**libellula** *s.f.* **Libélula, cabalo do demo.** Ci siamo avvicinati al fiume e abbiamo visto molte libellule. *Achegámonos ó río e vimos moitas libélulas.*

**liberale** *adx.* **1 Liberal, xeneroso -a, espléndido -a.** È una persona liberale, ma forse spende troppo. *É unha persoa liberal, pero ó mellor gasta demasiado.* **2 Liberal (tolerante).** Ha ricevuto un'educazione liberale e rispetta il pensiero altrui. *Recibiu unha educación liberal e respecta o pensamento dos demais.*

**liberalizzare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Liberalizar.** Volevano liberalizzare l'uso della droga. *Querían liberaliza-lo uso da droga.*

**liberare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Liberar, ceibar, soltar.** Cessate le ostilità, hanno liberato tutti i prigionieri. *Despois de que cesaran as hostilidades, liberaron tódolos prisioneiros.* **OBS.:** io **lìbero;** *v. irreg. V. táboa 1.*

**liberazione** *s.f.* **Liberación (tamén fig.).** La liberazione dell'ostaggio era imminente. *A liberación do refén era imminente.* Quando ho finito quella prova, ho sentito una grande liberazione. *Cando rematei aquela proba, sentín unha gran liberación.*

**libero -a** *adx.* **1 Libre.** Sono libero di fare ciò che mi pare più adeguato. *Son libre de face-lo que me pareza máis axeitado.* **2 Libre, ceibo -a.** Dopo tanti mesi di sequestro, è finalmente libero. *Despois de tantos meses de secuestro, finalmente é libre.* # **dare libero corso alla fantasia:** *dar renda solta á fantasía;* **ingresso libero:** *entrada libre;* **posto libero:** *sitio libre (asento).*

**libertà** *s.f. inv.* **Liberdade.** Credeva che a diciotto anni avrebbe avuto la libertà di fare ciò che voleva. *Cría que ós dezaoitto anos tería a liberdade de face-lo que quería.* # **libertà provvisoria:** *liberdade provisional;* **prendersi delle libertà con qualcuno:** *tomar liberdades con alguén.*

**libertinaggio** *s.m.* **Libertinaxe.** L'abuso della libertà diventa libertinaggio. *O abuso da liberdade convértese en libertinaxe.*

**libertino -a I** *adx.* **Libertino -a, disoluto -a, licencioso -a.** Questa ragazza ha delle abitudini libertine e immorali. *Esta rapaza ten uns costumes libertinos e inmoraís.* **II s.** **Libertino -a, licencioso -a.** È libertino, pigro e disordinato. *É libertino, langrán e desordenado.*

**libidine** *s.f.* **Lascivia, luxuria, concupiscencia.** Il desiderio, anzi la libidine è la sua grande ossessione. *O desexo, aínda máis, a lascivia é a súa grande obsesión.*

**libidinoso -a** *adx.* **Libidinoso -a, lascivo -a, lujurioso -a.** Aveva un'espressione libidinosa che mi metteva in imbarazzo. *Tiña unha expresión libidinosa que me facía sentir incómodo.*

**libraio -a s.** **Libreiro -a.** Presenterà il suo romanzo in questa libreria perché è amico del libraio. *Presentará a súa novela nesta librería porque é amigo do libreiro.*

**libreria** *s.f.* **1 Librería (tenda).** Sono andato in libreria per comprare un dizionario di greco. *Fun á librería para mercar un dicionario de grego.* **2 Librería, estante.** La libreria del salotto è piena di album, dischi e libri. *A librería da sala está chea de álbumes, discos e libros.*

**libro** *s.m.* **Libro.** Questo libro appartiene alla biblioteca comunale. *Este libro pertence á biblioteca municipal.*

**licenza** *s.f.* **1 Licencia (autorización oficial).** Ho la licenza di caccia e pesca. *Teño a licencia de caza e pesca.* **2 Licencia (militar).** Questi soldati avranno una licenza di quindici giorni. *Estes soldados terán unha licencia de quince días.* **3 Diploma.** Ha ottenuto la licenza elementare a undici anni. *Obtivo o diploma da escola primaria ós once anos.* **OBS.:** *o termo italiano aplicase especialmente ós diplomas obtidos na escola primaria, na secundaria e nos estudos preuniversitarios.* **4 Licencia (liberdade).** Si è preso la licenza di dirmi quello che dovevo fare. *Tomou a licencia de dicirme o que tiña que facer.*

**licenziamento** *s.m.* **Despedimento.** Il licenziamento di quindici operai ha provocato la protesta dei sindacati. *O despedimento de quince obreiros provocou a protesta dos sindicatos.*

**licenziare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Despedir (dun traballo).** L'hanno licenziato perché non faceva nulla. *Despedirono porque non facía nada.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Dimitir (dun cargo).** Si sono licenziate dal loro incarico. *Dimitiron do seu cargo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.* ♦ *Para referirse a 'licenciarse (nunha carreira)' en italiano emprégase o termo laurearsi.*

**liceo** *s.m.* **Escola media superior, equivalente ó bacharelato, que dá acceso á Universidade e, por extensión, o liceo (edificio no que se imparte).** **OBS.:** *o liceo artistico, classico, linguístico e científico corresponden respectivamente ó ensino predominante do debuxo e as belas artes, das ciencias humanísticas, das linguas estranxeiras modernas e das ciencias da natureza.*

**lido** *s.m.* **Zona de praia preparada para o turismo.**

**lieto -a** *adx.* **1 Ledo -a, alegre, contento -a.** Sono molto lieta di ospitarti a casa mia. *Estou moi leda de aloxarte na miña casa.* **2 Alegre** (*que dá alegría*). È stata una giornata lieta e divertente. *Foi unha xornada alegre e divertida.* # **lieto di conoscerLa:** *encantado de coñecelo-a;* **lieto fine:** *final feliz.*

**lieve** *adx.* **Leve, lixeiro -a.** Ha avuto un lieve aumento della febbre. *Tivo un leve aumento da febre.* Il dottore ha esercitato una lieve pressione sul ginocchio del paziente. *O doutor exerceu unha leve presión sobre o xeonllo do paciente.*

**lievitare** *v. intr.* [*aux.* essere] **Levedar, fermentar, aformigar.** Bisogna far lievitare la pasta per un'ora. *Hai que deixar leveda-la masa durante unha hora.* **OBS.:** io lievito; *v. irreg. V. táboa 1.*

**lievito** *s.m.* **Lévedo, fermento.** Si è dimenticato di aggiungere il lievito all'impasto. *Esqueceuse de engadirlle o lévedo á masa.*

**ligure I** *adx.* **Lígur.** Quest'estate hanno visitato la riviera ligure. *Este verán visitarón a costa lígur.* **II s. 1 Lígur** (*persoa*). Queste ragazze liguri sono nate vicino a Genova. *Estas rapazas lígures nacerón preto de Xénova.* **2 Lígur** (*dialecto*). Il ligure è un dialetto settentrionale. *O lígur é un dialecto do norte.*

**lilla** *adx. inv.* **Lila** (*cor*). Ha comprato una camicetta di color lilla. *Comprou unha blusa de cor lila.*

**lillà** *s.m. inv.* **Lila** (*planta*). Il gradevole odore dei lillà attraeva le api. *O agradable olor das lilas atraía as abellas.*

**lima** *s.f.* **Lima** (*utensilio*). Abbiamo bisogno di una lima per levigare questo pezzo di metallo. *Precisamos unha lima para alisar este anaco de metal.* ♦ *Para referirse á 'lima das uñas' en italiano emprégase o termo limetta.*

**limare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Limar** (*traballar coa lima*). Il prigioniero ha limato le sbarre della cella. *O prisioneiro limou os barrotos da cela.*

**limitare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Limitar, restrinxir.** Sarebbe conveniente che limitassi le tue ambizioni. *Sería conveniente que limitáse-las túas ambicións.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Limitarse, restrinxirse.** Mi limito a fare il mio lavoro. *Limitome a face-lo meu traballo.* **OBS.:** io limito; *v. irreg. V. táboa 1.*

**limitazione** *s.f.* **Limitación.** La limitazione delle spese di produzione migliorerà l'economia della ditta. *A limitación dos gastos de produción mellorará a economía da empresa.*

**limite** *s.m.* **Límite** (*tamén fig.; confin, barreira, tope*). I limiti dell'orto. *Os límites da horta.* Limite di velocità. *Limite de velocidade.* Limite di età. *Limite de idade.* Il limite della pazienza. *O limite da paciencia.* # **caso limite:** *caso límite.*

**limitrofo -a** *adx.* **Limitrofe.** La Svizzera e l'Italia sono paesi limitrofi. *Suíza e Italia son países limitrofes.*

**limonata** *s.f.* **Limoada.** Beve sempre una limonata o una spremuta di pompelmo. *Sempre bebe unha limoada ou un zume de pomelo.*

**limone** *s.m.* **1 Limoeiro.** Il limone è un albero che si coltiva nei paesi caldi. *O limoeiro é unha árbore que se cultiva nos países cálidos.* **2 Limón.** La spremuta di limone è molto ricca di vitamina C. *O zume de limón é moi rico en vitamina C.*

**limpido -a** *adx.* **1 Limpo -a, claro -a, transparente.** Sono saliti fino ad arrivare alla limpida sorgente di un ruscello. *Subiron ata chegar ó limpo manancial dun arroyo.* **2 Limpo -a** (*son*). La voce della soprano era limpida e chiara. *A voz da soprano era limpa e clara.*

**lince** *s.f.* **Lince.** La lince è un mammifero predatore dal pelo grigio con macchie scure. *O lince é un mamífero depredador de pelo gris con manchas escuras.* # **essere una lince:** *ser un lince;* **occhi di lince:** *ollos / vista de lince.*

**linciaggio** *s.m.* **Linchamento.** I poliziotti hanno impedito il linciaggio dei due mafiosi da parte della popolazione. *Os policías impediron o linchamento dos dous mafiosos por parte da poboación.*

**linciare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Linchar.** Non hanno linciato il violentatore, ma l'hanno consegnato alla giustizia. *Non lincharon o violador, senón que o entregaron á xustiza.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 2.*

**linea** *s.f.* **1 Liña, raia.** Linea diagonale. *Liña diagonal.* Le linee della mano. *As liñas da man.* **2 Liña** (*tamén fig.*). Mantenere la linea facendo sport. *Mante-la liña facendo deporte.* Linea di battaglia. *Liña de batalla.* Linea elettrica. *Liña eléctrica.* Linea di condotta. *Liña de conducta.* Linee aeree. *Liñas aéreas.* **3 Estilo** (*referido á roupa*). Ha comprato un abito dalla linea classica. *Comprou un vestido de estilo clásico.* # **avere qualche linea di febbre:** *ter algunhas décimas de febre;* **essere in prima linea:** *estar en primeira liña.*

**lineamenti** *s.m. pl.* **Faccións.** Ha un viso dai lineamenti molto regolari. *Ten un rostro de faccións moi regulares.*

**lineare** *adx.* **1 Lineal.** Il grafico lineare mostra il mantenimento della situazione economica. *O gráfico lineal mostra o mantemento da situación económica.* **2** (*fig.*) **Lóxico -a.** È un ragionamento lineare che non ammette discussioni. *É un razoamento lóxico que non admite discusións.*

**linfa** *s.f.* **1** (*Bot.*) **Zume.** La linfa circola nei vasi vegetali e nutre la pianta. *O zume circula polos vasos vexetais e nutre a planta.* **2** (*Med.*) **Linfa.** I linfociti

circolano nella linfa. *Os linfocitos circulan pola linfa.*

**linfatico -a** *adx. Linfático -a.* Un'infezione può provocare un ingrossamento delle ghiandole linfatiche. *Unha infección pode provocar unha inchazón dos ganglios linfáticos.* **OBS.:** *m. pl.* linfatici, *f. pl.* linfatiche.

**lingotto** *s.m. Lingote.* Hanno trasportato i lingotti di oro in un furgone blindato. *Transportaron os lingotes de ouro nun furgón blindado.*

**lingua** *s.f. 1 Lingua (tamén fig.).* Si è scottato la lingua perché la zuppa era troppo calda. *Queimou a lingua porque a sopa estaba demasiado quente.* Una lingua di terra unisce le due isole. *Unha lingua de terra une a dúas illas.* **2 Lingua, idioma.** La sua lingua materna è l'ungherese. *A súa lingua materna é o húngaro.* **3 (en pl.) Idiomas (conxunto das linguas).** Prima ha fatto Giurisprudenza e adesso studia Lingue. *Primeiro fixo Dereito e agora estudia Idiomas.* # **avere la lingua lunga:** *ser un lingoreteiro.*

**linguaggio** *s.m. Linguaxe.* Il linguaggio si sviluppa velocemente fin dalla nascita. *A linguaxe desenvólvese velozmente desde o nacemento.* Il linguaggio dei delfini è molto complesso. *A linguaxe dos delfíns é moi complexa.*

**linguistica** *s.f. Lingüística.* La linguistica è la scienza che studia il linguaggio. *A lingüística é a ciencia que estudia a linguaxe.* **OBS.:** *pl.* linguistiche.

**linguistico -a** *adx. Lingüístico -a.* Questa rivista si occupa di studi linguistici. *Esta revista está dedicada a estudos lingüísticos.* **OBS.:** *m. pl.* linguistici, *f. pl.* linguistiche.

**lino** *s.m. Liño (planta e tecido).* Si sono messe a filare il lino. *Puxéronse a fia-lo liño.* Questa gonna di lino è molto fresca. *Esta saia de liño é moi fresca.*

**liquefare I** *v. tr. [aux. avere] 1 Licuar.* Come esperimento, oggi abbiamo liquefatto l'ozono. *Como experimento, hoxe licuámo-lo ozono.* **2 (fig.) Derreter, fundir.** Il sole ha liquefatto il ghiaccio delle montagne. *O sol derreteu o xeo das montañas.* **II v. intr. pron. [aux. essere] 1 Licuarse. L'ossigeno si liquefà in determinate condizioni. *O osíxeno licúase baixo determinadas condicións.* **2 (fig.) Derreterse, fundirse.** La neve si è rapidamente liquefatta sul palmo della tua mano. *A neve derreteuse rapidamente sobre a palma da túa man.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 24.***

**liquefazione** *s.f. Licuefacción, licuación.* La condensazione ha prodotto la liquefazione del vapore. *A condensación produciu a licuefacción do vapor.*

**liquidare** *v. tr. [aux. avere] 1 (Econ.) Liquidar.* Voglio liquidare il mio conto per andare in un'altra banca. *Quero liquida-la miña conta para ir a outro banco.*

**2 Liquidar, saldar.** Liquideremo il nostro debito oggi stesso. *Liquidarémo-la nosa débeda hoxe mesmo.* **3 (fig.) Liquidar (resolver).** Prima di partire, vuole liquidare le questioni in sospeso. *Antes de marchar, quere liquida-las cuestións pendentes.* **4 (fig.) Desfacer.** Dobbiamo liquidare questa società perché non è redditizia. *Temos que desfacer esta sociedade porque non é rendible.* **5 (fig.) Liquidar, matar.** Hanno liquidato l'unico testimone che li poteva incolpare. *Liquidaron a única testemuña que os podía culpar.* **OBS.:** *io liquido; v. irreg. V. táboa 1.*

**liquidazione** *s.f. 1 Liquidación, pagamento, pago.* Siamo stati presenti alla liquidazione del credito. *Estivemos presentes na liquidación do crédito.* **2 Liquidación (no emprego).** Questi lavoratori riceveranno una somma di denaro corrispondente alla liquidazione. *Estes traballadores recibirán unha suma de cartos correspondente á liquidación.* **3 Saldo (venda a baixo prezo).** Hanno messo in liquidazione tutti i capi di vestiario della stagione passata. *Puxeron de saldo tódalas pezas de roupa da temporada pasada.*

**liquido -a I** *adx. Líquido -a (tamén fig.).* Il mercurio è un metallo liquido. *O mercurio é un metal líquido.* Hanno guadagnato trecentomila lire liquide. *Gañaron trescentas mil liras líquidas.* **II s.m. 1 Líquido.** L'unità di misura dei liquidi è il litro. *A unidade de medida dos líquidos é o litro.* **2 Liquidez (financeira).** Non posso pagarti: non dispongo di liquidi. *Non che podo pagar: non dispoño de liquidez.*

**liquirizia** *s.f. Regalicia.* Ci piacciono molto le caramelle alla liquirizia. *Gústannos moito os caramelos de regalicia.*

**liquore** *s.m. Licor.* Di solito prende un liquore dopo pranzo. *Normalmente toma un licor despois do xantar.*

**lira** *s.f. 1 (Econ.) Lira.* La lira è la moneta dell'Italia. *A lira é a moeda de Italia.* **2 (en pl.; fig.) Cartos.** Avremmo bisogno di molte lire per pagare questi mobili. *Precisariamos moitos cartos para pagar estes mobles.* # **non avere una lira:** *non ter un peso;* # **non valere una lira:** *non valer un pataco.*

**lirica** *s.f. Lírica.* La lirica è uno dei tre grandi generi letterari classici. *A lírica é un dos tres grandes xéneros literarios clásicos.* Sua moglie è cantante di lirica. *A súa muller é cantante de lírica.* **OBS.:** *pl.* liriche.

**lirico -a I** *adx. Lírico -a.* Questa edizione raccoglie tutti i componimenti lirici di Leopardi. *Esta edición recolle tódalas composicións líricas de Leopardi.* **II s.m. Lírico.** L'influsso dei lirici classici è presente nella letteratura europea. *O influxo dos líricos clásicos está presente na literatura europea.* **OBS.:** *m. pl.* lirici, *f. pl.* liriche.



**lisca** s.f. *Espiña* (do peixe). Il gatto ha divorato il pesce, lasciando soltanto le lische. *O gato devorou o peixe, deixando só as espiñas.* **OBS.:** pl. lische.

**lisiare** v. tr. [aux. avere] *Alisar* (quitar asperezas). L'ebanista deve ancora lisciare questo legno. *O ebanista aínda ten que alisar esta madeira.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa* 3.

**liscio -a** adx. **Liso -a** (sen desniveis nin engurras). Guarda com'è liscio questo marmo. *Mira o liso que é este mármore.* # **acqua liscia:** *auga sen gas;* **andare tutto liscio:** *saír todo facilmente;* **ballo liscio:** *baile agarrado;* **passarla liscia:** *saír ben para-do.* **OBS.:** m. pl. lisci, f. pl. lisce.

**lista** s.f. *Lista, listaxe, relación.* È meglio fare la lista delle cose che dobbiamo comprare. *È mellor face-la lista das cousas que temos que comprar.*

**listino** s.m. *Catálogo* (de prezos). Ho comprato questo servizio da tè a prezzo di listino. *Comprei este xogo de té a prezo de catálogo.*

**lite** s.f. *Rifa, discusión.* La lite è cominciata quando hanno insultato suo fratello. *A rifa comezou cando insultaron o seu irmán.*

**litigare** v. intr. [aux. avere] *Rifar, discutir, berrar.* Perché litigate? Parliamo con tranquillità. *¿Por que rifades? Falemos con tranquilidade.* **OBS.:** io litigo, tu litighi; v. irreg. V. *táboas* 1 e 6.

**litigata** s.f. *Rifa, discusión.* Le continue litigate mi fanno innervosire. *As continuas rifas põñenme nervioso.*

**litigio** s.m. *Discusión, rifa.* Il litigio è iniziato per una sciocchezza senza importanza. *A discusión empezou por unha parvada sen importancia.*

**litorale I** s.m. *Litoral, costa.* Abbiamo fatto un bel viaggio lungo il litorale gallego. *Fixemos unha bonita viaxe polo litoral galego.* **II** adx. *Litoral, costeiro -a, mariñán -á.* La loro villetta si trova in una zona litorale molto rocciosa. *A súa casa atópase nunha zona litoral moi rochosa.*

**litro** s.m. *Litro.* Sono andati a comprare un litro di vino. *Foron comprar un litro de viño.*

**liturgia** s.f. *Liturxia.* La celebrazione del Natale è propria della liturgia cristiana. *A celebración do Nadal é propia da liturxia cristiá.* **OBS.:** pl. liturgie.

**livellamento** s.m. *Nivelación* (tamén fig.). Il livellamento del terreno precede le opere edilizie. *A nivelación do terreo precede as obras de construción.* Avete lottato tanto per il livellamento degli stipendi. *Loitastes moito pola nivelación dos soldos.*

**livellare I** v. tr. [aux. avere] **1** *Nivelar, igualar, achaiar.* Non è necessario livellare le corsie di emergenza. *Non é necesario nivela-las beiravías.* **2** (fig.) *Nivelar, equilibrar, equiparar.* Hanno livellato

le opportunità di promozione nel lavoro. *Nivelaron as oportunidades de ascenso no traballo.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Nivelar, equilibrar.* I piatti della bilancia non sono stati livellati. *Os pratos da balanza non se nivelaron.*

**livello** s.m. *Nível* (tamén fig.). Siamo a 1.000 metri sul livello del mare. *Estamos a 1.000 metros sobre o nivel do mar.* Il livello del lago è sceso di 50 centimetri negli ultimi quindici anni. *O nivel do lago baixou en 50 centímetros nos últimos quince anos.* Il livello di sviluppo di questo paese è ancora troppo basso. *O nivel de desenvolvemento deste país aínda é demasiado baixo.* # **ad alto livello:** *de alto nivel;* **a livello di:** *a nivel de;* **livello di vita:** *nivel de vida.*

**livido -a I** adx. **1** *Lívido -a.* Aveva la faccia livida dal freddo. *Tiña a cara lívida polo frío.* **2** (fig.) *Lívido -a* (gris). Guardavo le acque livide del fiume. *Miraba as augas lívidas do río.* **II** s.m. *Mazadura.* È caduto e si è fatto un livido sul braccio destro. *Caeu e fixo unha mazadura no brazo dereito.*

**lo I** art. det. m. sing. **O / lo.** Lo zio è arrivato in ritardo. *O tío chegou tarde.* Hai messo lo spillo nel portacenere. *Puxéche-lo alfinete no cinceiro.* **OBS.:** úsase, no canto de il, diante das consoantes gn, pn, ps, s líquido, x, y e z. *Aparece coa forma l' diante de vocal: l'armadio è chiuso, o armario está pechado.* **II** pron. pers. m. sing. **O / lo / no.** Non lo faccio perché non ho tempo. *Non o fago porque non teño tempo.* Il pavimento è sporco, bisogna pulirlo. *O chan está sucio, hai que limpalo.* Lo conoscevano tutti. *Coñecían todos.* **OBS.:** *emprégase a forma l' cando o pron. se antepón a unha forma verbal que comece por vocal ou h: l'avete fatto? ¿Fixéste-lo?; l'ho comprato, compreino.*

**locale I** adx. **Local** (propio dun lugar). La stampa locale ha dato la notizia dell'incidente. *O xornal local deu a noticia do accidente.* **II** s.m. **1** *Local.* Questo locale ha un arredamento classico. *Este local ten unha decoración clásica.* **2** *Sala.* Mi sembra il locale adatto per dare un concerto. *Paréceme a sala axeitada para dar un concerto.* **3** *Cuarto, peza.* Hanno comprato un appartamento di cinque locali. *Compraron un piso con cinco cuartos.*

**località** s.f. inv. **Localidade** (poboación). Abita in una località vicina alla capitale. *Vive nunha localidade veciña á capital.* ♦ *Para referirse á 'localidade (billete)' en italiano emprégase o termo biglietto, para 'localidade (asento)' posto a sedere.*

**localizzare** v. tr. [aux. avere] *Localizar, atopar, encontrar.* Hanno già localizzato la macchina rubata. *Xa localizaron o coche roubado.*

**locanda** s.f. *Fonda* (pensión). Prima della guerra avevano una locanda. *Antes da guerra tiñan unha fonda.*

**locomotiva** *s.f.* **Locomotorora**. La locomotiva del vecchio treno era ancora in funzionamento. *A locomotora do vello tren aínda estaba en funcionamento.*

**locuzione** *s.f.* **Locución**. L'espressione 'a poco a poco' è una locuzione. *A expresión 'pouco a pouco' é unha locución.*

**lodare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Loar, eloxiar**. Ha lodato la tua sincerità davanti a tutti. *Loou a túa sinceridade diante de todos.*

**lode** *s.f.* **1 Loanza, eloxio**. Il suo atteggiamento nei confronti degli altri è degno di lode. *A súa actitude respecto dos demais é digna de loanza.* **2 Matrícula de honor** (*na Universidade*). Ha studiato tantissimo, ma non ha avuto la lode. *Estudou moitísimo, pero non obtivo a matrícula de honor.* **OBS.:** *na 2ª acep., aplícase tamén ó grao obtido na licenciatúra ou no doutoramento, equivalente ó noso 'cum laude'.*

**logica** *s.f.* **Lóxica**. Il vostro ragionamento, pur non essendo privo di logica, non mi convince. *O voso razoamento, aínda que non carece de lóxica, non me convence.* **OBS.:** *pl. logiche.*

**logico -a** *adx.* **Lóxico -a**. È logico che ti chiedano prove delle tue affermazioni. *É lóxico que che pidan probas das túas afirmacións.* **OBS.:** *m. pl. logici, f. pl. logiche.*

**logorare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Gastar, desgastar, luír** (*tamén fig.*). L'uso continuato aveva logorato i gradini della scalinata. *O uso continuado gastara os chanzos da escalinata.* In pochi anni ha logorato le sue forze lavorando come un matto. *En poucos anos gastou as súas forzas traballando coma un tolo.* **2 Estragar**. Ha logorato la propria salute. *Estragou a súa saúde.* **# logorarsi la vista:** *gasta-la vista.* **OBS.:** *io logoro; v. irreg. V. táboa 1.*

**logoro -a** *adx.* **1 Gastado -a, desgastado -a, luído -a**. I tacchi di queste scarpe sono un po' logori. *Os tacóns destes zapatos están un pouco gastados.* **2 (fig.) Superado -a**. Le idee che ci ha dato sono ormai logore. *As ideas que nos deu xa están superadas.*

**lombardo -a** *adx.* **Lombardo -a**. Il tuo amico lombardo è di Milano o di Pavia? *¿O teu amigo lombardo é de Milán ou de Pavia?*

**longevità** *s.f. inv.* **Lonxevidade**. La longevità di Matusalemme è proverbiale. *A lonxevidade de Matusalén é proverbial.*

**longevo -a** *adx.* **Lonxevo -a**. Dicono che in questo paese di montagna siano tutti molto longevi. *Din que nesta vila de montaña son todos moi lonxevos.*

**longilineo -a** *adx.* **Alongado -a** (*persoa*). Era un uomo snello, longilineo, asciutto. *Era un home delgado, alongado, seco.*

**longitudine** *s.f.* (*Xeog.*) **Lonxitude**. Longitudine e latitudine determinano una posizione sul globo terrestre. *Lonxitude e latitude determinan unha posición no globo terrestre.*

**lontananza** *s.f.* **1 Distancia**. La lontananza non ha impedito loro di mantenere i contatti. *A distancia non lles impediú mante-los contactos.* **2 Ausencia, falta**. La sua lontananza si fece sentire alcuni giorni più tardi. *A súa ausencia notouse algúns días máis tarde.* **# in lontananza:** *na distancia.*

**lontano -a I** *adx.* **1 Afastado -a, arredado -a** (*no espacio*). Anche le città lontane dalla costa ricevono il pesce ogni mattina. *Tamén as cidades afastadas da costa reciben o peixe cada mañá.* **2 Que está lonxe**. Penso spesso agli amici lontani. *Penso a miúdo nos amigos que están lonxe.* **3 Distante, afastado -a** (*no tempo*). In un futuro non troppo lontano avremo una villetta vicino al mare. *Nun futuro non demasiado distante teremos unha casa preto do mar.* **4 (fig.) Remoto -a** (*indeterminado*). Ho il lontano sospetto che lui non abbia detto la verità. *Teño a remota sospeita de que el non dixo a verdade.* **II adv.** **Lonxe**. Non andrete molto lontano con una gomma forata. *Non iredes moi lonxe cunha roda picada.* **# alla lontana:** *de xeito impreciso;* **andare lontano:** *chegar lonxe (na vida);* **da / di lontano** (*tamén fig.*): *de lonxe;* **essere ben lontano dal fare / dire / pensare qualcosa:** *estar lonxe de facer / dicir / pensa-las mesmas cousas;* **essere lontano da / di:** *estar lonxe de;* **lontano dagli occhi lontano dal cuore:** *lonxe da vista, lonxe do corazón;* **un lontano parente:** *un parente non achegado;* **vedere lontano:** *prever acontecementos.*

**lontra** *s.f.* **Lontra, londra**. Le lontre vivono in riva ai fiumi. *As lontras viven na ribeira dos ríos.*

**loquace** *adx.* **Locuaz**. La nostra vicina di casa è una ragazza loquace e allegra. *A nosa veciña é unha rapaza locuaz e alegre.*

**lordo** *adx.* **Bruto** (*peso ou importe*). Devi detrarre la tara dal peso lordo. *Tes que resta-la tara do peso bruto.*

**loro I** *adx. pos. pl.* **Seu súa / seus súas** (*deles*). Il loro atteggiamento era un po' sospetto. *A súa actitude era un pouco sospeitosa.* La loro macchina è parcheggiata fuori. *O seu coche está aparcado fóra.* I loro genitori mi hanno detto di aspettare. *Os seus pais dixéronme que esperase.* Le loro parole sono state una rivelazione. *As súas palabras foron unha revelación.* **OBS.:** *o adx. pos. vai sempre acompañando do art. e ámbolos dous concordan en xénero e número co s. ó que acompañan.* **II pron. pos. pl.** **Seu súa / seus súas**. I vostri libri sono sullo scaffale, i loro sono nel cassetto. *Os vosos libros están no estante, os seus están no caixón.* **OBS.:** *pódese empregar en contrucións elípticas: siete dalla loro*

(parte) ? *¿Estades da súa parte?* Prima o poi daranno la loro (opinione). *Antes ou despois darán a súa opinión.* **III pron. pers. pl. 1 Eles elas.** Sono loro i responsabili. *Son eles os responsables.* Alcune di loro sanno dov'è andato. *Algunhas delas saben ónde foi.* Vado con loro, ma torno subito. *Vou con eles / elas, pero volvo de seguida.* **2 A eles / a elas.** Ho salutato proprio loro, che non ci parlavano da un anno. *Saudeinos -as precisamente a eles / elas, que non nos falaban desde había un ano.* **3 Lles.** Puoi dire loro che non andremo. *Podes dicirlles que non iremos.*

**lotta** s.f. **Loita** (tamén fig.). Il litigio fra i due giovani si trasformò in lotta. *A discusión entre os dous mozos transformouse en loita.* La lotta politica fra i partiti è diventata più accesa. *A loita política entre os partidos volveuse máis acesa.* # **fare la lotta:** *loitar;* **lotta libera:** *loita libre.*

**lottare** v. intr. [aux. avere] **Loitar** (tamén fig.). Dopo aver finito le munizioni, hanno lottato corpo a corpo. *Logo de acaba-las municións, loitaron corpo a corpo.* Quest'associazione lotta per i diritti umani. *Esta asociación loita polos dereitos humanos.*

**lotteria** s.f. **Lotería.** Hanno vinto due milioni di lire alla lotteria. *Gañaron dous millóns de liras na lotería.*

**lotto** s.m. **Lotería primitiva.** Ogni settimana gioca al lotto. *Cada semana xoga á lotería primitiva.*

**lozione** s.f. **Loción.** Ho comprato una lozione per i capelli. *Comprei unha loción para o pelo.* # **lozione antiforfora:** *loción anticaspá;* **lozione dopobarba:** *loción para despois do afeitado;* **lozione struccante:** *loción desmaquilladora.*

**lubrificante** s.m. **Lubricante, lubricante.** Il lubrificante evita che si logorino le parti del motore. *O lubricante evita que se deteriorenen as partes do motor.*

**lucchetto** s.m. **Cadeado.** Ho chiuso la valigia con un lucchetto. *Pechei a maleta cum cadeado.*

**luccicare** v. intr. [aux. essere / avere] **1 Brillar, relucir, resplandecer.** L'anello d'oro luccicava al sole. *O anel de ouro brillaba ó sol.* **2 (fig.) Brillar, lucir, relucir.** I tuoi occhi luccicano per l'emozione. *Os teus ollos brillan coa emoción.* **OBS.:** io **luccico**, tu **luccichi**; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**lucciola** s.f. **Vagalume, vella, lucecú.** La lucciola è un piccolo insetto che emette una luce intermittente. *O vagalume é un pequeno insecto que emite unha luz intermitente.*

**luce** s.f. **1 Luz.** La luce del giorno. *A luz do día.* Luce elettrica. *Luz eléctrica.* La bolletta della luce. *O recibo da luz.* **2 Luz, claridade.** Queste finestre lasciano entrare molta luce. *Estas fiestras deixan entrar moita luz.* # **accendere / spegnere la luce:**

*acender / apaga-la luz;* **alla luce del sole:** *abertamente;* **fare luce su qualcosa:** *botar luz sobre un asunto;* **luci di arresto:** *luz de freo;* **luci di posizione:** *luz de posición;* **luci di retromarcia:** *luz de marcha atrás.*

**lucertola** s.f. **Lagarta** (*lagarto pequeno*). Il bambino ha preso la lucertola che si muoveva in mezzo all'edera del muro. *O neno colleu a lagarta que se movía entre a hedra do muro.*

**lucidare** v. tr. [aux. avere] **Lustrar, abrillantar, brunir.** Lucida sempre le scarpe prima di uscire. *Sempre lustra os zapatos antes de saír.* # **lucidare con la cera:** *encerar.* **OBS.:** io **lucido**; v. irreg. *V. táboa 1.*

**lucidatrice** s.f. **Enceradora.** Dopo aver usato la lucidatrice, il pavimento brillava. *Logo de usa-la enceradora, o chan brillaba.*

**lucidità** s.f. inv. **Lucidez, clarividencia.** Nonostante l'età avanzata, dimostra una notevole lucidità. *A pesar da idade avanzada, aparenta unha notable lucidez.* # **lucidità mentale:** *lucidez mental.*

**lucido -a I** adx. **1 Brillante, resplandecente.** Le piastrelle sono pulite e lucide. *os azulexos están limpos e brillantes.* **2 (fig.) Lúcido -a.** Ha fatto una lucida analisi della situazione in cui ci troviamo. *Fixo unha lúcida análise da situación na que nos atopamos.* **II s.m. 1 Abrillantador** (*de chan, mobles...*). Questo lucido per i mobili ha un odore troppo forte. *Este abrillantador para os mobles ten un olor demasiado forte.* **2 Transparencia** (*diapositiva*). Durante la conferenza ha mostrato diversi lucidi. *Durante a conferencia amosou varias transparencias.* # **lucido per le / da scarpe:** *betume (para os zapatos); carta lucida:* *papel cebola;* **lucido come uno specchio:** *limpo coma unha patena;* **non essere lucido:** *non estar ben da cabeza;* **occhi lucidi:** *ollos chorosos;* **pelle lucida:** *pel graxenta.*

**luglio** s.m. **Xullo, (mes de) Santiago.** In luglio siamo andati a vedere il palio di Siena. *En xullo fomos ve-lo palio de Siena.*

**lugubre** adx. **Lúgubre, sepulcral, tétrico -a.** La casa abbandonata aveva un aspetto lugubre. *A casa abandonada tiña un aspecto lúgubre.*

**lui** pron. pers. m. sing. **El.** Ho mangiato con lui. *Comín con el.* Siamo interessati a lui e al suo lavoro. *Estamos interesados nel e no seu traballo.* Ho conosciuto proprio lui. *Coñecino precisamente a el.* Lui è il responsabile. *El é o responsable.* **OBS.:** *úsase en función de sux. e compl.*

**lumaca** s.f. **Lesma, limacha.** La lumaca è molto dannosa per le coltivazioni. *A lesma é moi danosa para os cultivos.* # **a passo di lumaca:** *ó paso do boi;* **essere una lumaca:** *ser unha persoa pachorrenta.* **OBS.:** pl. lumache.

**luminosità** *s.f. inv. Luminosidade (tamén fig.)*. La luminosità delle stelle cadenti lasciò i bambini a bocca aperta. *A luminosidade das estrelas fugaces deixou os nenos coa boca aberta*. La luminosità del suo sorriso mi affascina. *A luminosidade do seu sorriso fasciname*.

**luminoso -a** *adx. Luminoso -a*. La stanza è grande e luminosa. *O cuarto é grande e luminoso*.

**luna** *s.f. Lúa*. L'uomo è arrivato sulla Luna per la prima volta nel 1969. *O home chegou á Lúa por primeira vez no 1969*. # **abbaiare alla luna**: *berrar en van*; **avere le lune / la luna di traverso**: *estar de lúa*; **gobba a ponente luna crescente, gobba a levante luna calante**: *cando a Lúa está arredondada polo poñente está crescendo, cando está arredondada polo levante está minguando*; **luna calante**: *cuarto minguante*; **luna crescente**: *cuarto crecente*; **luna di miele**: *lúa de mel*; **luna nuova**: *lúa nova*; **luna piena**: *lúa chea*; **vivere / essere nel mondo della luna**: *estar / vivir na lúa*.

**luna park** *loc. subs. m. inv. Parque de atraccións*. Mia figlia vuole andare al luna park e salire sulle montagne russe. *A miña filla quere ir ó parque de atraccións e subir na montaña rusa*.

**lunatico -a I** *adx. Lunático -a, aluado -a*. Il suo atteggiamento lunatico è inquietante. *A súa actitude lunática é inquietante*. **II s. Lunático -a, aluado -a**. È un lunatico, non si sa mai di quale umore sarà. *É un lunático, nunca se sabe de qué humor vai estar*. **OBS.:** *m. pl. lunatici, f. pl. lunatiche*.

**lunedì** *s.m. inv. Luns, segunda feira*. In Italia molti negozi chiudono il lunedì mattina. *En Italia moitos comercios pechan o luns pola mañá*.

**lunghezza** *s.f. 1 Lonxitude, longo, longura*. Prima di cucire le tende devi misurare la lunghezza della stoffa. *Antes de cose-las cortinas tes que medi-la lonxitude da tea*. **2 Duración**. Mi ha sorpreso la lunghezza dell'ultimo film che ho visto. *Sorprendeume a duración do último filme que vin*. # **lunghezza d'onda**: *lonxitude de onda*.

**lungo -a I** *adx. Longo -a*. Questo corridoio non è lungo. *Este corredor non é longo*. Preferisce i capelli corti ai capelli lunghi. *Prefire o pelo curto ó pelo longo*. Mi ha raccontato una lunga storia. *Contoume unha longa historia*. **II prep. Ó longo de**. Hanno camminato lungo la recinzione, ma non sono entrati nel potere. *Camiñaron ó longo do cercado, pero non entraron na facenda*. Lungo quel periodo non eravamo in grado di gestire i nostri affari. *Ó longo daquel período non eramos capaces de administrar os nosos negocios*. # **a lunga scadenza**: *a longo prazo*; **a lungo**: *durante moito tempo*; **a lungo andare**: *co paso do tempo*; **avere la lingua lunga**: *te-la lingua longa*; **avere la vista lunga**: *ter boa vista*; **avere le mani lunghe**: *ser hábil no roubo*; **caffè**

**lungo**: *café con moita auga*; **da / di lunga data**: *desde hai moito tempo*; **durare a lungo**: *ir para longo*; **farla lunga**: *atrasar algo a propósito*; **mandare / tirare qualcosa per le lunghe**: *atrasar algo a propósito*; **saperla lunga**: *saber moito*. **OBS.:** *m. pl. lunghi, f. pl. lunghe*.

**lungomare** *s.m. Paseo marítimo*. Abbiamo fatto un giro per il lungomare di Rimini. *Demos unha volta polo paseo marítimo de Rimini*.

**luogo** *s.m. Lugar, sitio*. In questo luogo costruiranno il nuovo museo. *Neste lugar construírán o novo museo*. Le autorità del luogo sono venute a riceverlo. *As autoridades do lugar viñeron para o recibir*. # **fuori luogo**: *fóra de lugar*; **in ogni luogo**: *en todas as partes*; **in primo luogo**: *en primeiro lugar*; **luogo comune**: *lugar común*. **OBS.:** *pl. luoghi*.

**lupo -a s. Lobo -a**. La notte scorsa un lupo si è mangiato due pecore del nostro gregge. *A noite pasada un lobo comeu dúas ovellas do noso rabaño*. # **cane lupo**: *pastor alemán*; **chi pecora si fa, il lupo se la mangia**: *o forte aprovétase do que se fai débil*; **gridare al lupo**: *berrar que vén o lobo*; **il lupo perde il pelo, ma non il vizio**: *pódense cambia-las actitudes, pero non a propia natureza*; **in bocca al lupo!**: *¡boa sorte! (emprégase dirixido a unha persoa que vai pasar unha proba. Contéstase 'Crepí il lupo!', no canto de '¡gracias!')*; **lupo di mare**: *lobo de mar*; **lupo mannaro**: *lobishome*; **mangiare come un lupo**: *comer coma un lobo*; **tempo da lupi**: *tempo de cans*.

**lurido -a** *adx. Sucio -a (tamén fig.)*. La casa disabitata era buia, lurida e umida. *A casa deshabitada era escura, sucia e húmida*. Le persone di quell'ambiente mi sembrano luride e disoneste. *As persoas daquel ambiente parécenme sucias e deshonestas*.

**lusinga** *s.f. Afago*. Non dare retta alle loro lusinghe, stanno cercando di ingannarti. *Non fagas caso dos seus afagos, están tentando enganarte*. **OBS.:** *pl. lusinghe*.

**lusingare** *v. tr. [aux. avere] Afagar, adular*. L'ha lusingata per ore, ma non è riuscito a convincerla. *Afagouna durante horas, pero non conseguiu convencela*. **OBS.:** *io lusingo, tu lusinghi; v. irreg. V. táboa 6*.

**lusinghiero -a** *adx. Afagador -ora, adulator -ora (acción, palabra...)*. Quelle parole lusinghiere lo avevano sedotto. *Aquelas palabras afagadoras seducíranlo*. # **complimento lusinghiero**: *piropo afagador*.

**lusso** *s.m. 1 Luxo, fasto*. Il lusso e l'opulenza della corte mandarono il regno in rovina. *O luxo e a opulencia da corte levaron o reino á ruína*. **2 Luxo (exceso)**. Il telefono cellulare per noi è un lusso. *O teléfono móbil para nós é un luxo*.

**lussuoso -a** *adx.* **Luxoso -a, fastoso -a.** Ci ha fatto passare in un salotto molto lussuoso, con due lampade di cristallo. *Fixonos pasar a unha sala moi luxosa, con dúas lámpadas de cristal.*

**lussuria** *s.f.* **Luxuria, lascivia, concupiscencia.** La lussuria è uno dei sette peccati capitali. *A luxuria é un dos sete pecados capitais.*

**lussurioso -a** *adx.* **Luxurioso -a, lascivo -a.** I pensieri lussuriosi la tormentavano. *Os pensamentos luxuriosos atormentábana.*

**lutto** *s.m.* **Loito.** Quella donna in lutto dev'essere la vedova del tuo amico. *Aquela muller de loito debe se-la viüva do teu amigo.*

**luttuoso -a** *adx.* **Luctuoso -a.** Quando venne a conoscere i particolari di quel luttuoso avvenimento, diventò triste. *Cando chegou a coñece-los detalles daquel luctuoso acontecemento, púxose triste.*



# M

**ma** *conx.* **1 Pero, mais, agora que.** È molto intelligente ma non ha studiato ed è stata bocciata. *É moi intelixente pero non estudou e suspendérona.* **2 Senón.** Il vestito non è nero ma grigio scuro. *O vestido non é negro senón gris escuro.* **3 Senón que.** Non solo gliel'ho prestato, ma gliel'ho anche dato. *Non só llo prestei, senón que tamén llo dei.*

**macabro -a** *adx.* **Macabro -a.** Quella foto mostrava la macabra scena dei campi di sterminio. *Aquela foto amosaba a macabra escena dos campos de exterminio.*

**macché** *interx.* **O qué** (indica incredulidade ou negación). Sei riuscito a finire il lavoro? Macché, questo durerà a lungo. *¿Conseguiches remata-lo traballo? O qué, isto vai para longo.*

**maccheroni** *s.m. pl.* **Macarróns.** Ha preparato uno squisito piatto di maccheroni alla bolognese. *Preparou un prato exquisito de macarróns á boloñesa.*

**macchia** *s.f.* **1 Mancha.** C'è una macchia di caffè sul tappeto. *Hai unha mancha de café sobre a alfombra.* Ha una macchia di nascita sulla spalla destra. *Ten unha mancha de nacemento no ombro dereito.* **2 (fig.) Mancha, tacha.** Questo impiegato ha una carriera senza macchia. *Este empregado ten unha carreira sen mancha.*

**macchiare** *v. tr. [aux. avere]* **1 Manchar, ensuciar, lixar.** Hai macchiato la camicia di succo di pomodoro. *Mancháche-la camisa de salsa de tomate.* **2 (fig.) Manchar, macelar, ensuciar.** Quelle dichiarazioni non macchieranno la tua reputazione. *Esas declaracións non mancharán a túa reputación.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**macchiato -a** *part. pas. de macchiare e adx.* **Manchado -a, sucio -a, porco -a.** I pantaloni sono macchiati di vernice. *Os pantalóns están manchados de verniz.* # **caffè macchiato:** *café cortado;* **latte macchiato:** *un vaso de leite cun pouco café.*

**macchina** *s.f.* **1 Coche.** Si è comprato una macchina ultimo modello a sedici valvole. *Comprou un coche último modelo de dezaseis válvulas.* **2 Máquina.** L'aiuto delle macchine semplifica il lavoro. *A axuda das máquinas simplifica o traballo.* # **andare in macchina:** *publicarse (no xornal);* **macchina agricola:** *máquina agrícola;* **macchina da presa:** *cámara de cine;* **macchina da scrivere:** *máquina de escribir;* **macchina fotografica:** *máquina fotográfica.*

**macedonia** *s.f.* **Macedonia.** Ho tagliato la frutta a pezzetti per fare la macedonia. *Cortei a froita en pedaciños para face-la macedonia.*

**macellaio -a** *s.* **1 Carniceiro -a, cortador -ora.** Suo padre è macellaio al mercato. *O seu pai é carniceiro no mercado.* **2 (m.) Matachín, matador, matón.** Il macellaio è quello che uccide le bestie destinate all'alimentazione. *O matachín é o que mata os animais destinados á alimentación.* **3 (fig.) Carniceiro -a (cirurxián chafalleiro).** Questo traumatologo ha fama d'essere un autentico macellaio. *Este traumatólogo ten fama de ser un auténtico carniceiro.*

**macellare** *v. tr. [aux. avere]* **Sacrificar** (un animal para o consumo). All'alba hanno macellato i vitelli per il mercato rionale. *Ó amencer sacrificaron os vitelos para o mercado do barrio.*

**macelleria** *s.f.* **Carnicería, cortadoría.** La carne che vendono in questa macelleria è di ottima qualità. *A carne que venden nesta carnicería é de moi boa calidade.*

**macello** *s.m.* **1 Matadoiro.** Questi maiali sono da portare al macello. *Estes porcos son para levar ó matadoiro.* **2 (fig.) Matanza, masacre.** L'operazione militare finì con un autentico macello di civili. *A operación militar rematou cunha auténtica matanza de civís.* **3 (fig., irón.) Desastre, desfeita.** I bambini hanno fatto un macello in cucina. *Os nenos fixeron un desastre na cociña.* # **carne da macello:** *carne de matadoiro (persoa).*

**macerare I** v. tr. [aux. avere] **Macerar**. Ho messo la carne a macerare con vino. *Puxen a carne a macerar con viño*. **OBS.:** io macero; v. irreg. V. táboa I.

**macerie** s.f. pl. **Cascallos, entullos, cascotes**. Il terremoto ha lasciato la regione piena di rovine e macerie. *O terremoto deixou a rexión chea de ruínas e cascallos*.

**macinacaffè** s.m. inv. **Muiño de café**. Compro il caffè macinato perché non abbiamo più il macinacaffè. *Compro o café moído porque xa non témo-lo muiño de café*.

**macinare** v.tr. [aux. avere] **Moer** (triturar). Nei mulini macinavano il grano. *Nos muiños moían o trigo*. **OBS.:** io macino; v. irreg. V. táboa I.

**macrobiotica** s.f. **Macrobiótica**. La macrobiotica è un tipo di alimentazione vegetariana. *A macrobiótica é un tipo de alimentación vexetariana*. **OBS.:** pl. macrobiotiche.

**madonna** s.f. (Relix.) **Virxe**. La Madonna è la madre di Gesù. *A Virxe é a nai de Xesús*.

**madornale** adx. (fig.) **Criminal** (grave). Quell'errore madornale gli è costato il posto di lavoro. *Aquel erro criminal custoulle o posto de traballo*.

**madre** s.f. **1 Nai, mai**. Somigli a tuo padre e hai il carattere di tua madre. *Paréceste ó teu pai e te-lo carácter da túa nai*. **2** (Relix.) **Madre**. La madre superiora era una donna al tempo stesso dolce e decisa. *A madre superiora era unha muller ó mesmo tempo doce e decidida*. # **ragazza madre:** nai solteira.

**madrelingua I** s. inv. **1 Nativo -a**. La traduzione è stata corretta da un madrelingua. *A traducción foi corrixida por un nativo*. **2** (f.) **Lingua materna**. Per imparare bene l'idioma va a lezione con un professore di madrelingua inglese. *Para aprender ben o idioma vai a clase cun profesor de lingua materna inglesa*. **II** adx. inv. **Nativo -a**. La scuola offre corsi impartiti da professori madrelingua. *A escola ofrece cursos impartidos por profesores nativos*. **OBS.:** pl. madrelingue ou madri lingue.

**madreperla** s.f. **Nácara, madreperla**. La madreperla è la parte interna di certe conchiglie. *A nácara é a parte interna de certas cunchas*.

**madrina** s.f. **Madriña**. La nonna è stata la mia madrina il giorno della cresima. *A avoa foi a miña madriña o día da confirmación*.

**maestà** s.f. inv. **Maxestade** (tratamento a reis e emperadores). È arrivata Sua Maestà la regina di Spagna. *Chegou a Súa Maxestade a raíña de España*.

**maestoso -a** adx. **Maxestoso -a, grandioso -a, magnifico -a**. Le cattedrali sono templi maestosi. *As catedrais son templos maxestosos*.

**maestro -a** s. **Mestre -a** (tamén fig.). Il maestro esercita l'insegnamento elementare. *O mestre exerce o ensino primario*. È molto abile nello sci e potrebbe essere il tuo maestro. *É moi hábil no esquí e podería se-lo teu mestre*. I grandi maestri della musica da camera. *Os grandes mestres da música de cámara*. # **colpo maestro / da maestro:** acción feita con pericia; **maestro muratore:** mestre albanel.

**mafia** s.f. **Mafia**. La mafia è un'organizzazione criminale nata in Sicilia. *A mafia é unha organización criminal nada en Sicilia*. (ext.) Il mercato della droga è dominato dalla mafia del narcotraffico. *O mercado da droga está dominado pola mafia do narcotráfico*.

**mafioso -a I** adx. **Mafioso -a**. Oggi ha dichiarato nel processo un famoso capo mafioso. *Hoxe declarou no xuízo un famoso xefe mafioso*. **II** s. **Mafioso -a**. Tutti sapevano che lui era un mafioso. *Todos sabían que el era un mafioso*.

**magari I** interx. **Oxalá**. Ti piacerebbe vincere quel premio? Magari! *¿Gustaríache gañar ese premio? ¡Oxalá!* **II** conx. **Oxalá**. Magari tutto andasse bene! *¡Oxalá todo saíse ben!* **III** adv. **1 Quizá, quizais, quizabes**. Magari non sapeva ancora nulla. *Quizá non sabía nada aínda*. **2 Mesmo, incluso, aínda**. Saresti magari capace di negarlo! *¡Serías capaz mesmo de negalo!*

**magazzino** s.m. **Almacén**. L'impiegato è andato a cercare la merce nel magazzino. *O empregado foi busca-la mercancia ó almacén*. # **grande magazzino:** grandes almacéns.

**maggio** s.m. **Maio** (mes). Maggio è il quinto mese del nostro calendario. *Maio é o quinto mes do noso calendario*.

**maggioranza** s.f. **Maioría**. La maggioranza dei lavoratori ha fatto sciopero. *A maioría dos traballadores fixo folga*. È facile governare in maggioranza. *É fácil gobernar en maioría*. # **maggioranza assoluta:** maioría absoluta.

**maggiore I** adx. **Maior**. In questo villaggio l'area boschiva è maggiore di quella prativa. *Nesta aldeia a área de bosque é maior cá das praderías*. Pubblicheranno una raccolta con le opere dei maggiori scrittori del Novecento. *Publicarán unha colección coas obras dos maiores escritores do século XX*. Si sono sposati davanti all'altare maggiore. *Casaron diante do altar maior*. Le mie sorelle sono maggiori di me. *As miñas irmáns son maiores ca min*. **II** s. (Mil.) **Maior**. Il maggiore comandò l'attacco. *O maior mandou o ataque*.

**maggiorenne I** s. **Maior de idade**. I maggiorenni hanno piena capacità di agire giuridicamente. *Os maiores de idade teñen plena capacidade para actuar xuridicamente*. **II** adx. **Maior de idade**. Per



esercitare il diritto di voto bisogna essere maggiorenne. *Para exercer-lo dereito ó voto é necesario ser maior de idade.*

**maggioritario -a** *adx. Maioritario -a.* Il parere maggioritario va accettato. *O parecer maioritario debe ser aceptado.* # **sistema maggioritario** (Pol.): *sistema maioritario.*

**magia** *s.f. Maxia (tamén fig.).* Le streghe realizzano riti di magia. *As meigas realizan ritos de maxia.* È rimasta incantata dalla magia del tuo sorriso. *Quedou encantada pola maxia do teu sorriso.*

**magico -a** *adx. Máxico -a (tamén fig.).* Rimase ammaliato dai poteri magici dello stregone. *Quedou ameigado polos poderes máxicos do bruxo.* Quel consiglio ebbe su di lei un effetto magico. *Aquel consello tivo sobre ela un efecto máxico.* **OBS.:** *m. pl. magici, f. pl. magiche.*

**magistero** *s.m. Maxisterio (do mestre).* Ha esercitato il magistero in un collegio durante trent'anni. *Exerceu o maxisterio nun colexio durante trinta anos.* # **facoltà di Magistero:** *facultade universitaria de estudos literarios e pedagóxicos.*

**magistrale** *adx. Maxistral.* Abbiamo assistito a un magistrale concerto di pianoforte. *Asistimos a un maxistral concerto de piano.* # **istituto magistrale:** *centro de estudos de maxisterio orientado á ensinanza primaria;* **scuola magistrale:** *centro de ensino de maxisterio orientado á educación infantil.*

**magistrato -a** *s. Maxistrado -a (xuíz).* Il magistrato ha ordinato la libertà provvisoria dell'accusato. *O maxistrado ordenou a liberdade provisional do acusado.*

**magistratura** *s.f. 1 Maxistratura.* Quel giudice ha esercitato la magistratura durante quarant'anni. *Ese xuíz exerceu a maxistratura durante corenta anos.* **2 Xustiza** (*conxunto de órganos do poder xudicial*). Dovrà ricorrere alla magistratura. *Deberá recorrer á xustiza.*

**maglia** *s.f. 1 Punto (do tecido).* Con l'uncinetto si lavora maglia per maglia. *Coa agulla de gancho trabállase punto por punto.* Indossava un vestito di maglia. *Levaba un vestido de punto.* **2 Elo** (*dunha cadea*). Mi si è rotta una maglia della catena d'oro. *Rompeume un elo da cadea de ouro.* **3 Camiseta.** Devo comprare una maglia per l'inverno. *Teño que comprar unha camiseta para o inverno.* # **maglia azzurra:** *camiseta deportiva da selección italiana;* **maglia di lana / di cotone:** *camiseta de la / de algodón;* **maglia di una squadra:** *camiseta dun equipo;* **maglia intima:** *camiseta interior;* **maglia rosa:** *camiseta que leva o primeiro clasificado no Giro d'Italia.* ♦ *Para referirse á 'malla (dos cereais e sim.)' en italiano emprégase o termo trebbiatura.*

**maglietta** *s.f. Camiseta (non interior).* La maglietta che hai comprato ti sta benissimo con i jeans. *A camiseta que compraches estache moi ben cos vaqueiros.*

**maglione** *s.m. Xerseí.* Se hai freddo mettiti questo maglione di lana. *Se tes frío pon este xerseí de la.*

**magnate** *s.m. Magnate.* Un magnate dell'industria ha comprato la maggioranza delle azioni. *Un magnate da industria mercou a maioría das accións.*

**magnetico -a** *adx. Magnético -a (tamén fig.).* L'ago magnetico della bussola indica sempre il Nord. *A agulla magnética do compás indica sempre o Norte.* Uno sguardo magnetico. *Unha mirada magnética.* # **campo magnetico:** *campo magnético;* **nastro magnetico:** *fita magnética;* **scheda magnetica:** *tarxeta magnética.* **OBS.:** *m. pl. magnetici, f. pl. magnetiche.*

**magnetismo** *s.m. Magnetismo (tamén fig.).* Il magnetismo della calamita fa sì che attiri gli oggetti di ferro. *O magnetismo do imán fai que atraia os obxectos de ferro.* Il magnetismo del suo sorriso. *O magnetismo do seu sorriso.*

**magnificenza** *s.f. Magnificencia.* Mi ha impressionato la magnificenza del palazzo imperiale. *Impresionoume a magnificencia do pazo imperial.*

**magnifico -a** *adx. Magnífico -a, espléndido -a, excelente.* Ha pubblicato un magnifico libro di poemi, di straordinario livello. *Publicou un magnífico libro de poemas, de extraordinario nivel.* **OBS.:** *m. pl. magnifici, f. pl. magnifiche.*

**magnolia** *s.f. 1 Magnolia.* La magnolia è un fiore grande e bianco di intenso profumo. *A magnolia é unha flor grande e branca de intenso perfume.* **2 Magnolio.** Tra gli alberi che abbiamo in giardino c'è un'antichissima magnolia. *Entre as árbores que temos no xardín hai un antiquísimo magnolio.*

**magò -a** *s. 1 Mago -a, bruxo -a, meigo -a.* Il mago è riuscito a fare l'incantesimo. *O mago conseguiu face-lo encantamento.* **2 Mago -a** (*ilusionista*). Il mago fece uscire due colombe dal cappello. *O mago fixo saír dúas pombas do sombreiro.* **OBS.:** *m. pl. maghi, f. pl. maghe.*

**magro -a** *adx. 1 Delgado -a, fraco -a, magro -a.* Queste modelle sono eccessivamente magre. *Estas modelos están excesivamente delgadas.* **2 Magro -a** (*sen graxa*). Le carni magre sono più sane. *As carnes magras son máis sanas.* **3 (fig.) Escaso -a, exiguo -a.** La siccità è la causa del magro raccolto. *A seca é a causa da escasa colleita.* **4 (fig.) Malo -a, cativo -a, ruín.** Mi hanno dato una magra scusa che non mi ha convinto affatto. *Déronme unha mala escusa que non me convenceu en absoluto.* # **fare una magra figura:** *quedar mal visto;* **yogurt magro:** *iogur desnatado;* **latte magro:** *leite desnatado.*

**mah** *interx.* **1 Non che sei.** Avrà detto la verità? Mah! *¿Diría a verdade? ¡Non che sei!* **2 Vaia** (*espressa un xuízo negativo ou resignación*). Sfortunatamente non c'è soluzione. Mah! *Desafortunadamente non hai solución. ¡Vaia!* **OBS.:** *emprégase tamén a forma ma, coincidente coa conxunción.*

**mai** *adv.* **1 Nunca, endexamais, xamais.** Non ho mai visto una casa così bella. *Nunca vin unha casa tan bonita.* Oggi, più che mai, so di essermi sbagliato. *Hoxe, máis que nunca, sei que me equivoquei.* **2 Algunha vez.** Hai mai sentito una cosa simile? *¿Oíches algunha vez unha cousa semellante?* **# caso mai: en todo caso; mai e poi mai: xamais; mai più: nunca máis; mai sentito: non o oín nunca; mai visto: non o vin nunca; non si sa mai!: ¡nunca se sabe!**

**maiale** *s.m.* **1 Porco, cocho, marrán.** Abbiamo un allevamento di maiali. *Temos unha granxa de porcos.* **2 (Carne de) porco.** Come secondo abbiamo bracirole di maiale oppure arrosto di vitello. *De segundo temos costeletas de porco ou ben asado de tenreira.* **3 (fig.) Porco, merdeiro, porcallán.** È un maiale, non si lava mai. *É un porco, nunca se lava.*

**maiolica** *s.f.* **Tipo de louza con esmalte metálico.** **OBS.:** *pl. maioliche.*

**maionese** *s.f.* (**Salsa**) **maionesa.** La maionese si prepara con olio, uovo e un po' di limone. *A maionesa prepárase con aceite, ovo e un pouco de limón.*

**mais** *s.m. inv.* **Millo, maínzo.** Adesso usiamo l'olio di mais invece di quello di oliva. *Agora usámo-lo aceite de millo en vez do de oliva.*

**maiuscolo -a I** *adx.* **Maiúsculo -a (letra).** Se scrivi con lettere maiuscole la tua grafia risulta più chiara. *Se escribes con letras maiúsculas a túa caligrafía resulta máis clara.* **II s.f.** **Maiúscula.** Dio si scrive con la maiuscola. *Deus escribese con maiúscula.*

**malanno** *s.m.* **Achaque, alifafe.** Il nonno si lamentava dei suoi malanni. *O avó lamentábase dos seus achaques.* **# prendere un malanno: poñerse mal.**

**malaticcio -a** *adx.* **Enfermizo -a, débil, delicado -a.** È una ragazza malaticcia, con molti problemi di salute. *É unha rapaza enfermiza, con moitos problemas de saúde.* **OBS.:** *m. pl. malaticci, f. pl. malaticce.*

**malato -a I** *adx.* **1 Enfermo -a, doente.** Mio padre non può fare sforzi perché è malato di cuore. *O meu pai non pode facer esforzos porque está enfermo do corazón.* **2 (fig.) Cego.** Era malato di invidia. *Estaba cego de envexa.* **II s.** **Enfermo -a, doente.** I malati aspettano la visita dei medici nelle loro stanze. *Os enfermos esperan a visita dos médicos nos seus cuartos.*

**malattia** *s.f.* **Enfermidade, doenza.** Gli hanno scoperto una strana malattia allo stomaco. *Descubríronlle unha estraña enfermidade no estómago.*

**malavita** *s.f. sing.* **Grupo de persoas que se adican á delincuencia.**

**maldicente** *adx.* **Maledicente.** È un maldicente, parla sempre male di tutti. *É un maledicente, sempre fala mal de todos.*

**maldicenza** *s.f.* **Maledicencia.** La maldicenza è un terribile difetto. *A maledicencia é un terrible defecto.* Non fa altro che dire maldicenze, non darle retta. *Non fai máis que dicir maledicencias, non lle fagas caso.*

**male I** *adv.* **Mal.** L'hai trattato male e adesso non ti parla. *Tratáchelo mal e agora non che fala.* Abbiamo dormito male a causa del caldo. *Durmimos mal a causa da calor.* Questo videoregistratore funziona male. *Este vídeo funciona mal.* **II s.m.** **1 Mal.** Alla sua età sa distinguere il bene dal male. *Á súa idade sabe distingui-lo ben do mal.* **2 Dano, mal.** Lascia che ti aiutino, non vogliono farti del male. *Deixa que che axuden, non queren facerche dano.* **3 Dor.** Da quando abbiamo mangiato, ho mal di stomaco. *Desde que comemos, teño dor de estómago.* **# andare a male: estragarse; avere un brutto male: ter cancro; aversela a male: tomar algo a mal; bene o male: dun xeito ou doutro; di male in peggio: de mal en peor; fare male qualcosa a qualcuno: doar algo a alguén; mal di mare: mareo (no mar); non c'è male: non está nada mal; non tutti i mali vengono per nuocere: non hai mal que por ben non veña.**

**maledetto -a I** *part. pas.* **de maledire e adx. Maldito -a.** Maledetti assassini! *¡Malditos asasininos!* Non c'è nessuno che sappia risolvere questo maledetto problema. *Non hai ninguén que saiba resolver este maldito problema.* **II s.** **Maldito -a.** Se n'è già andato quel maledetto? *¿Marchou xa ese maldito?*

**maledire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Maldicir.** Malediceva il giorno in cui l'aveva conosciuta. *Maldicía o día no que a coñecera.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 82.*

**maledizione** *s.f.* **Maldición.** La maledizione era ricaduta su chi l'aveva mandata. *A maldición recaera sobre quen a mandara.* Il cattivo tempo è stato un'autentica maledizione per il raccolto. *O mal tempo foi unha auténtica maldición para a colleita.*

**maleducato -a I** *adx.* **Maleducado -a.** Era così maleducata che non salutava mai nessuno. *Era tan maleducada que nunca saudaba a ninguén.* **II s.** **Maleducado -a.** Sei un maleducato, lasciami finire la frase. *Es un maleducado, déixame remata-la frase.*

**maleducazione** *s.f.* **Mala educación.** Non sopporto la maleducazione e la mancanza di rispetto. *Non soporto a mala educación e a falta de respecto.*

**maleficio** *s.m.* **Maleficio, feitizo, meigallo.** La maga si liberò dal maleficio dello stregone. *A maga libe-rouse do maleficio do bruxo.*

**malessere** *s.m.* **Malestar.** È andato dal dottore perché sentiva un malessere generale. *Foi ó doutor porque sentía un malestar xeral.* Le nuove tasse hanno suscitato il malessere dei cittadini. *As novas taxas suscitaron o malestar dos cidadáns.*

**malevolo -a** *adx.* **Malévolo -a.** Non dare retta alle malevole critiche degli invidiosi. *Non fagas caso das malévolas críticas dos envexosos.*

**malformazione** *s.f.* **Malformación.** È nato con una malformazione al cuore e l'hanno operato. *Naceu cunha malformación no corazón e operárono.*

**malgrado I** *prep.* **A pesar de, pese a.** Malgrado tutte le difficoltà sono riusciti a sposarsi. *A pesar de tódalas dificultades lograron casar.* **II** *conx.* **A pesar de que, pese a que, aínda que.** Malgrado piovesse è uscito a fare la spesa. *A pesar de que chovía saíu face-la compra.* # **mio / tuo / suo / nostro... malgrado:** *ó meu / teu / seu / noso... pesar.*

**malignità** *s.f. inv.* **1 Malicia (no vulgar ós demais).** Anche se era quasi un insulto, l'ha detto senza malignità. *Aínda que era case un insulto, díxoo sen malicia.* **2 Maldade (cousa feita ou dita).** Questo brutto scherzo mi sembra una malignità. *Esta broma pesada parécese unha maldade.*

**maligno -a I** *adx.* **1 Malévolo -a.** Tieniti lontano da questa donna maligna e dai suoi intrighi. *Mantente lonxe desta muller malévola e das súas intrigas.* Un riso maligno. *Un riso malévolo.* **2 (Med.) Maligno -a.** Mi hanno asportato un tumore maligno. *Extirpáronme un tumor maligno.* **II s.** **Persoa malévola.** Non dare retta ai commenti dei maligni. *Non fagas caso dos comentarios das persoas malévolas.* # **il Maligno:** *o Demo.*

**malinconia** *s.f.* **Melancolía.** Sente un po' di malinconia quando pensa agli amici lontani. *Sente un pouco de melancolía cando pensa nos amigos que están lonxe.*

**malinconico -a** *adx.* **Melancólico -a.** Non mi piacciono le malinconiche giornate di pioggia. *Non me gustan os melancólicos días de chuvia.* **OBS.:** *m. pl. malinconici, f. pl. malinconiche.*

**malincuore (a-)** *loc. adv.* **De mala gana, a desgusto, sen gana.** L'hanno chiamato dal lavoro e ha dovuto interrompere a malincuore le vacanze. *Chamárono do traballo e tivo que interromper de mala gana as vacacións.*

**malinteso -a I** *adx.* **Mal entendido -a, mal comprendido -a.** Regalava i libri di sua sorella per un malinteso senso della proprietà. *Regalaba os libros da súa irmá por un mal entendido sentido da propiedade.* **II s.m.** **Malentendido.** Dobbiamo chiarire questo

malinteso; io non ti ho mai promesso niente. *Temos que aclarar este malentendido; eu nunca che prometín nada.*

**malizia** *s.f.* **1 Malicia.** L'ha fatto senza malizia, è ancora un bambino. *Fíxoo sen malicia, é aínda un neno.* **2 Malicia, picardía.** Mi guardò con occhi pieni di malizia. *Miroume con ollos cheos de malicia.*

**malizioso -a** *adx.* **Malicioso -a.** Non rispose alla maliziosa domanda. *Non respondeu á pregunta maliciosa.* Sembra un ragazzo malizioso, un po' birichino. *Parece un rapaz malicioso, un pouco trasno.*

**malocchio** *s.m.* **Mal de ollo.** Attribuiva al malocchio la sua sfortuna. *Atribuíaalle ó mal de ollo a súa mala sorte.* # **fare il malocchio a qualcuno:** *botarlle o mal de ollo a alguén.*

**maltrattare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Maltratar.** Maltrattava gli animali. *Maltrataba os animais.* Non maltrattare questo pacco; è fragile. *Non maltrates este paquete; é fráxil.*

**malvagio -a I** *adx.* **Malvado -a, pérfido -a, perverso -a.** È un uomo malvagio, senza scrupoli. *É un home malvado, sen escrípulos.* **II s.** **Malvado -a, pérfido -a, perverso -a.** I malvagi come lei non temono la giustizia. *Os malvados coma ela non temen a xustiza.*

**malvagità** *s.f. inv.* **Maldade.** La sua malvagità la spingeva a essere crudele. *A súa maldade empuxábaa a ser cruel.* Spettegolare sugli amori falliti di un collega è una malvagità. *Cotifar sobre os amores fracasados dun compañeiro é unha maldade.*

**malvivente** *s.* **Delincuente, facinoroso -a, malfeitor -ora.** Hanno preso una banda di malviventi che spacciava droga. *Colleron unha banda de delinquentes que vendía droga.*

**mamma** *s.f.* **Mamá.** Era così piccola che sapeva dire soltanto mamma e papà. *Era tan pequena que sabía dicir só mamá e papá.* # **mamma mia!:** *¡caramba!*

**mammella** *s.f.* **1 Mama.** Il capezzolo si trova al centro della mammella. *A mamila atópase no centro da mama.* **2 Ubre.** Il vitello succhiava il latte dalle mammelle della madre. *O vitelo chuchaba o leite do ubre da nai.*

**mammifero -a I** *adx.* **Mamífero -a.** Il gatto è un animale mammifero. *O gato é un animal mamífero.* **II s.m. pl.** **Mamíferos.** I mammiferi sono gli animali che hanno ghiandole mammarie. *Os mamíferos son os animais que teñen glándulas mamarias.*

**mancanza** *s.f.* **1 Falla, falta.** Non c'erano i soldi nel cassetto, ma nessuno notò la loro mancanza. *Non estaban os cartos no caixón, pero ninguén notou a súa falla.* **2 Falla, falta, carencia.** La mancanza di

letti all'ospedale è molto preoccupante. *A falla de camas no hospital é moi preocupante.* **3 Ausencia.** Non sopporta la mancanza della sua ragazza. *Non soporta a ausencia da súa moza.* **4 Falla, fallo.** Ha presentato un documento perfetto, senza neanche una mancanza. *Presentou un documento perfecto, sen sequera unha falla.*

**mancare** v. intr. [aux. essere / avere] **1 Fallar, faltar.** Il documento è a posto, manca soltanto la tua firma. *O documento está listo, falla só a túa firma.* **2 Faltar, quedar, restar.** Quanto tempo manca alla cena? *¿Canto tempo falta para a cea?* **3 Faltar (non asistir).** È mancato all'appuntamento perché si è svegliato tardi. *Faltou á cita porque espertou tarde.* **4 Estrañar (senti-la falta).** Durante il tuo soggiorno all'estero mi sei molto mancato. *Durante a túa estancia no estranxeiro estrañeite moito.* **5 (eufem.) Morrer.** È mancato un anno fa, in un incidente stradale. *Morreu hai un ano, nun accidente de tráfico.* **6 Carecer.** Se avesse mancato di valore, non avrebbe mai affrontato tanti problemi. *Se carecese de valor, nunca afrontaría tantos problemas.* **7 Deixar de.** Non mancherò di avvertirti se ci sono novità. *Non deixarei de avisaros se hai novidades.* # **gli manca un venerdì / un giovedì:** *está un pouco tolo;* **mancare di parola:** *faltar á palabra;* **mancare di rispetto:** *faltar ó respecto;* **(non) ci mancherebbe altro!:** *¡faltaría máis!* **OBS.:** *emprégase o aux. essere nas acep. 1, 2, 3, 4 e 5 e o aux. avere nas acep. 6 e 7;* io manco, tu manchi; v. irreg. V. táboa 5. ♦ *Para referirse a 'mancar, magoar' en italiano pódese empregar-la expresión fare del male.*

**mancato -a** part. pas. de mancare e adx. **1 Errado -a, fallado -a.** Dopo tre tentativi mancati ha colpito il bersaglio. *Despois de tres intentos errados deu no albo.* **2 Frustrado -a** (que non realizou as súas aspiracións). Si sente un'artista mancata e dipinge solo per gli amici. *Séntese unha artista frustrada e pinta só para os amigos.*

**mancia** s.f. **Propina.** Al ristorante lascia sempre una mancia per i camerieri. *No restaurante deixa sempre unha propina para os camareiros.* **OBS.:** pl. mance. ♦ *Para referirse á 'mancha' en italiano emprégase o termo macchia.*

**mancino -a** I adx. **Zurdo -a, manicho -a, xergo -a.** Il goal è stato segnato con la sinistra da un giocatore mancino. *O gol foi marcado coa esquerda por un xogador zurdo.* II s. **Zurdo -a, manicho -a, xergo -a.** Una volta obbligavano i mancini a scrivere con la destra. *Un tempo obrigaban os zurdos a escribir coa dereita.*

**mandare** v. tr. [aux. avere] **1 Mandar, enviar.** Ti ho mandato la lettera ieri. *Mandeiche a carta onte.* Manderanno i figli a studiare all'estero. *Mandarán os fillos a estudar ó estranxeiro.* **2 Emitir, emanar.** Quella lampadina manda troppa luce. *Aquela lám-*

*pada emite demasiada luz.* **3 Mandar (lanzar).** I ragazzi mandarono il pallone fuori. *Os rapaces mandaron o balón fóra.* # **mandare a picco / a fondo:** *botar a pique, afundir;* **mandare all'aria / a monte qualcosa:** *botar a perder, desbaratar;* **mandare avanti qualcosa:** *sacar algo adiante;* **mandare giù:** *tragar (tamén fig.);* **mandare in onda:** *transmitir por radio ou TV;* **mandare in pezzi qualcosa:** *romper algo en pedazos;* **mandare in rovina:** *arruinar;* **mandare qualcuno al diavolo / a quel paese:** *mandar alguén á merda / ó inferno;* **mandare qualcuno all'altro mondo:** *asasinar a alguén;* **mandare via qualcuno:** *botar a alguén.*

**mandarino** s.m. **1 Mandarin.** In autunno maturano i mandarini. *En outono maduran as mandarinas.* **2 Árbore que dá mandarinas.**

**mandibola** s.f. **Mandibula.** Un bambino colpì l'altro con un pugno alla mandibola. *Un neno golpeou a outro cunha puñada na mandíbula.*

**mandorla** s.f. **Amêndoa.** La mandorla è un frutto molto usato per fare dolci. *A amêndoa é un froito moi usado para facer doces.* # **latte di mandorle:** *leite de amêndoas;* **occhi a mandorla:** *ollos amendoados.*

**mandorlo** s.m. **Amendoeira.** I fiori del mandorlo sono piccoli e bianchi. *As flores da amendoeira son pequenas e brancas.*

**mandria** s.f. **1 Manda.** La mandria di cavalli correva e sollevava una nuvola di polvere. *A manda de caballos corria e levantaba unha nube de po.* **2 (fig., despec.) Fato, grupo.** Nel Foro Romano c'era una mandria di turisti che fotografava persino i cestini. *No Foro Romano había un fato de turistas que fotografaba ata as papeleiras.*

**maneggevole** adx. **Manexable (de uso fácil).** Si è comprato una macchina piccola e maneggevole. *Comprou un coche pequeno e manexable.*

**maneggiare** v. tr. [aux. avere] **Manexar, usar, utilizar.** Sta ancora cominciando a dipingere, ma maneggia bene i pennelli. *Está aínda empezando a pintar, pero manexa ben os pinceis.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**maneggio** s.m. **1 Manexo, uso, utilización.** Tuo fratello è molto abile nel maneggio dei computer. *O teu irmán é moi hábil no manexo dos ordenadores.* **2 (fig.) Manexo, intriga.** L'hanno fatto dimettersi per i suoi maneggi politici. *Fixérono dimitir polos seus manexos políticos.* # **maneggio di cavalli:** *picadeiro.*

**manette** s.f. pl. **Esposas.** Gli ha messo le manette per portarlo in questura. *Púxolle as esposas para levalo á comisaría.*

**mangiare** v. tr. [aux. avere] **1 Comer, tomar.** A lui non piace mangiare la carne, preferisce il pesce. *A el non lle gusta comer carne, prefire o peixe.* **2 (ext.)**

**Comer, desgastar.** La ruggine mangia il ferro. *O óxido come o ferro.* **3 (fig.) Comer, gastar.** In pochi anni ha mangiato tutto il patrimonio che aveva ereditato. *En poucos anos comeu todo o patrimonio que herdara.* # **far da mangiare:** *face-la comida;* **mangiare alle spalle di qualcuno:** *facerse manter por alguén;* **mangiare di magro (Relix.):** *gardar vixilia;* **mangiare in bianco:** *comer en branco;* **mangiare per tre / per quattro:** *comer por tres / por catro;* **mangiarsi le mani:** *rabexar por ter perdido unha boa ocasión;* **mangiarsi le unghie:** *morde-las unllas;* **mangiarsi il fegato / il cuore:** *rabexar.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa 4.*

**manja s.f. 1 Manía (obsesión).** La mania suicida è ovviamente pericolosa. *A manía suicida é obviamente perigosa.* **2 Manía, teima.** A causa della mania dell'ordine è difficile convivere con lei. *A causa da manía pola orde é difícil conviver con ela.* **3 (ext.) Afección (paixón por algo).** Questi ragazzi hanno la mania del ballo e della musica forte. *Estes rapaces teñen a afección do baile e da música alta.* # **mania di persecuzione:** *manía persecutoria.*

**manjaco -a I adx. 1 Maniaco -a.** Ha dei disturbi maniaci che fanno soffrire l'intera famiglia. *Ten uns trastornos maníacos que fan sufrir a toda a familia.* **2 Maniático -a, maniaco -a.** È una brava persona, ma un po' maniaca della pulizia. *É unha boa persoa, pero un pouco maniática da limpeza.* **3 (ext.) Fanático -a (aficionado afervoadado).** È una ragazza maniaca del calcio e si arrabbia se non può vedere la partita. *É unha rapaza fanática do fútbol e anóxase se non pode ve-lo partido.* **II s. 1 Maniaco -a.** Cerchiamo di non dare troppi medicinali ai maniaci. *Tentamos non darlles demasiadas medicinas ós maníacos.* **2 Maniático -a, maniaco -a.** Quel maniacco di tuo fratello chiude sempre tutte le porte. *O maniático do teu irmán pecha sempre tódalas portas.* **3 (ext.) Fanático -a (aficionado afervoadado).** Non voleva salire sulla tua macchina perché pensa che sei una maniaca della velocità. *Non quería subir ó teu coche porque pensa que es unha fanática da velocidade.* **OBS.:** m. pl. maniaci, f. pl. maniache.

**manica s.f. Manga (da roupa).** Questa camicia mi sta lunga di maniche, bisognerebbe aggiustarla. *Esta camisa quédame longa de mangas, habería que arranxala.* # **avere qualcuno nella manica:** *ter debilidade por alguén;* **è un altro paio di maniche!:** *xiso é outro cantar!;* **essere in maniche di camicia:** *estar en mangas de camisa;* **tirarsi su / rimbocarsi le maniche (tamén fig.):** *remangarse para traballar;* **comezar a facer algo con entusiasmo.** **OBS.:** pl. maniche.

**manichino s.m. Manequín (figura).** Il manichino della sarta. *O manequín da modista.* I manichini della vetrina. *Os manequíns do escaparate.*

**manico s.m. 1 Mango, rabo.** Con i bambini in cucina, non lascio mai il manico della padella verso l'esterno. *Cos nenos na cociña, nunca deixo o mango da tixola cara a fóra.* **2 Mango, cabo.** Il manico della falce era logorato dall'uso. *O mango do fouciño estaba desgastado polo uso.* **3 Asa.** Sulla credenza c'era una caraffa di cristallo con il manico d'argento. *Sobre o aparador había unha xerra de vidro coa asa de prata.* **OBS.:** pl. manici / manichi.

**manicomio s.m. 1 Manicomio.** Soffre di disturbi mentali e l'hanno ricoverato in un manicomio. *Sofre trastornos mentais e ingresárono nun manicomio.* **2 (fig.; fam.) Lugar cheo de ruído e confusión.**

**maniera s.f. Maneira, xeito, modo.** Ognuno di noi la pensa in maniera diversa su questo argomento. *Cada un de nós pensa de maneira diferente sobre este asunto.* # **alla maniera romana, genovese...:** *ó estilo romano, xenovés...;* **c'è modo e maniera di rispondere / di trattare qualcuno...:** *hai modos e modos de contestar / de tratar a alguén...;* **che maniera è questa / belle maniere! / che maniere!:** *¡que modos son estes!;* **fuor di maniera:** *esaxeradamente;* **in ogni maniera / in tutte le maniere:** *de calquera maneira / de todas maneiras;* **persona di buone maniere:** *persoa de boas maneiras.*

**manifattura s.f. Manufactura (actividade e establecemento).** Questa ditta è dedicata alla manifattura di prodotti artigianali. *Esta empresa está dedicada á manufactura de productos artesanais.* Lavora in una manifattura di calzature. *Traballa nunha manufactura de calzados.*

**manifestare I v. tr. [aux. avere] 1 Manifestar, dichiarar, expresar.** Alcuni lavoratori hanno manifestato i loro dubbi sul successo dello sciopero. *Algúns traballadores manifestaron as súas dúbidas sobre o éxito da folga.* **2 Manifestar, amosar, exteriorizar.** Non ha bisogno di parlare, l'espressione del viso manifesta il suo disinteresse. *Non precisa falar, a expresión do rostro manifesta o seu desinterese.* **II v. intr. [aux. avere] Manifestarse (participar nunha manifestación).** Gli studenti manifestavano contro la politica culturale del governo. *Os estudantes manifestábanse contra a política cultural do goberno.* **III v. refl. [aux. essere] Manifestarse, expresarse.** Quell'artista si manifesta attraverso i suoi dipinti. *Ese artista maniféstase a través dos seus cadros.*

**manifestazione s.f. 1 Manifestación, demostración, mostra.** Una delle prime manifestazioni del rafferdo è lo starnuto. *Unha das primeiras manifestacións do arrefriado é o esbirro.* Non gli piacciono le manifestazioni pubbliche di affetto. *Non lle gustan as manifestacións públicas de afecto.* **2 Manifestación (na rúa).** I sindacati hanno convocato una manifestazione. *Os sindicatos convocaron unha manifestación.* **3 Espectáculo destinado a un gran público.**

**manifesto -a I** *adx. Manifesto -a, claro -a, evidente.* Gli stava antipatico e lo trattava con manifesta ostilità. *Caíalle mal e tratábaos con manifesta hostilidade.* **II s.m. 1 Anuncio.** Perché non metti dei manifesti? Forse qualcuno ha trovato il vostro cane. *¿Por que non pos uns anuncios? Quizá alguén atopou o voso can.* **2 Cartel.** Hanno affisso dei manifesti per annunciare lo spettacolo. *Pegaron uns carteis para anunciar-lo espectáculo.* **3 Manifesto.** Pubblicarono un manifesto per esprimere le loro idee sul rinnovamento artistico. *Publicaron un manifesto para expresa-las súas ideas sobre a renovación artística.* **# manifesto del comune:** bando do concello; **manifesto elettorale:** programa electoral; **manifesto pubblicitario:** anuncio publicitario.

**maniglia s.f. 1 Picaporte, manubrio.** Si è rotta la maniglia della porta e adesso non possiamo aprire. *Rompeu o picaporte da porta e agora non podemos abrir.* **2 Tirador, pomo.** Le maniglie dei cassetti erano di metallo dorato. *Os tiradores dos caixóns eran de metal dourado.* **3 Asa.** Prendi il baule per le maniglie. *Colle o baúl polas asas.*

**manipolare v. tr. [aux. avere] 1 Manipular.** Per questo esperimento manipoleranno a distanza i diversi elementi. *Para este experimento manipularán a distancia os distintos elementos.* **2 (ext.) Adulterar (alimentos).** Manipolavano il vino per ottenere più benefici. *Adulteraban o viño para obter máis beneficios.* **3 (fig.) Manipular (falsear).** Ha manipolato la notizia e presentato dei dati falsi. *Manipulou a noticia e presentou datos falsos.* **OBS.:** io manipolo; v. irreg. *V. táboa 1.*

**manipolazione s.f. 1 Manipulación (tamén fig.).** La manipolazione di prodotti chimici è pericolosa. *A manipulación de productos químicos é perigosa.* Hanno denunciato la manipolazione dei risultati elettorali. *Denunciaron a manipulación dos resultados electorais.* **2 (ext.) Adulteración (alimentaria).** Il latte sottoposto a manipolazione non supererà il controllo di qualità. *O leite sometido a adulteración non superará o control de calidade.*

**mano s.f. 1 Man (tamén fig.).** Scrive con la mano sinistra perché è mancino. *Escribela coa man esquerda porque é zurdo.* Hanno dovuto dare due mani di vernice al tavolo. *Tiveron que darlle dúas mans de verniz á mesa.* **2 (Xog.) Man, xogo.** Lei ha vinto la prima mano della partita. *Ela gañou a primeira man da partida.* **# a mano:** de man, portátil; **a mano a mano / man mano:** pouco a pouco; **alzare le mani su qualcuno:** levantarlle a man a alguén; **avere le mani lunghe:** ter tendencia a roubar; **avere qualcosa per le mani:** ter algo entre mans; **col cuore in mano:** co corazón na man; **dare una mano a qualcuno:** axudar a alguén; **darsi / stringersi la mano:** choca-la man / da-la man; **di prima / seconda mano:** de primeira / segunda man; **essere largo di**

**bocca e stretto di mano:** prometer moito e logo non cumprir; **fuori mano:** a desmán; **giochi di mano:** xogos de man; **imbrattarsi / sporcarsi le mani:** mancha-las mans; **lasciarsi uscire / sfuggire di mano:** descoidar algo ou perdelo; **lavorato / fatto a mano:** feito á man; **mettere le mani adosso a qualcuno:** pegarlle a alguén; **stare con le mani in mano:** estar man sobre man; **stropicciarsi / fregarsi le mani:** refrega-las mans; **uomo alla mano:** home cordial e sinxelo.

**manodopera s.f. sing. Man de obra.** Hanno aumentato la richiesta di manodopera qualificata. *Aumentaron a demanda de man de obra cualificada.*

**manopola s.f. 1 Manopla.** Le manopole sono un tipo di guanti con il dito pollice separato. *As manoplas son un tipo de guantes co dedo polgar separado.* **2 Botón (dun aparello).** Ho girato le manopole della radio, ma si sentiva male lo stesso. *Xirei os botóns da radio, pero escoitábase mal o mesmo.*

**manoscritto -a I** *adx. Manuscrito -a.* Il testo manoscritto era in pergamena. *O texto manuscrito estaba en pergamino.* **II s.m. Manuscrito.** Hanno appena trovato un manoscritto di Petrarca con due poemi inediti. *Acaban de atopar un manuscrito de Petrarca con dous poemas inéditos.*

**manovale s.m. Peón (traballador).** I due manovali hanno portato su i mattoni che c'erano al pianterreno. *Os dous peóns subiron os ladrillos que había na planta baixa.*

**manovella s.f. Manivela, manubrio.** Devi avere forza per girare la manovella del cric. *Debes ter forza para xira-la manivela do gato.*

**manovra s.f. Manobra.** Ho dovuto fare manovra per parcheggiare la macchina. *Tiven que facer manobra para aparca-lo coche.* Quel corpo militare era specializzato in manovre tattiche e strategiche. *Ese corpo militar estaba especializado en manobras tácticas e estratéxicas.* (ext.) Tutte quelle manovre finanziarie l'hanno portata in prigione. *Todas aquelas manobras financeiras levárona ó cárcere.*

**manovrare I v. tr. [aux. avere] 1 Manobrar con.** Ho manovrato il veliero con l'aiuto di un abile navigatore. *Manobrei co veleiro coa axuda dun hábil navegante.* **2 (fig.) Manexar (referido a persoas).** Non lo manovrerà nessuno, perché ha un carattere molto forte. *Non o manexará ninguén, porque ten un carácter moi forte.* **II v. intr. [aux. avere] 1 (Mil.) Manobrar.** Le truppe manovravano preparandosi all'attacco. *As tropas manobraban preparándose para o ataque.* **2 (fig.) Urdir unha trama.** Aveva manovrato per sbarazzarsi dei suoi concorrenti. *Urdira unha trama para desfacerse dos seus competidores.*

**mansarda s.f. Faiado habilitado como vivenda.**

**mansione** *s.f.* **Tarefa, angueira.** In mia assenza, un altro impiegato ha svolto le mie mansioni. *Na miña ausencia, outro empregado realizou as miñas tarefas.* ♦ *Para referirse á ‘mansión’ en italiano pódese empregar-la expresión casa grande.*

**mansueto -a** *adx.* **Manso -a, dócil.** È un cane mansueto che non ha mai attaccato nessuno. *É un can manso que nunca atacou a ninguén.* (ext.) Sembra un ragazzo paziente e mansueto. *Parece un rapaz manso e paciente.*

**mansuetudine** *s.f.* **Mansedume.** Le mucche sono note per la loro mansuetudine. *As vacas son famosas pola súa mansedume.* (ext.) La mansuetudine e la bontà del suo carattere rendono facile la convivenza. *A mansedume e a bondade do seu carácter fan fácil a convivencia.*

**mantello** *s.m.* **Capa (peza de roupa).** Anticamente si portava il mantello invece del cappotto. *Antigamente poñíase a capa en vez do abrigo.*

**mantenere I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Manter, conservar.** Voleva mantenere l'ordine e farci stare zitti. *Quería mante-la orde e facernos estar calados.* **2 Manter, soster (economicamente; unha idea ou opinión).** Dopo la morte dei genitori, ha mantenuto i fratelli. *Trala morte dos pais, mantivo os irmáns.* Manterrai la tua promessa? *¿Mantera-la túa promesa?* **3 Financiar (patrocinar).** Lo stato mantiene questa istituzione. *O estado financia esta institución.* **II** *v. refl.* [aux. essere] **Manterse, conservarse.** Non è più un giovanotto, ma si mantiene in forma. *Xa non é un mocíño, pero mantense en forma.* Il tempo si manterrà sereno per tutta la settimana. *O tempo manterase sereno durante toda a semana.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 73.*

**mantenimento** *s.m.* **1 Mantemento, conservación.** Ha sempre lottato per il mantenimento delle tradizioni popolari. *Loitou sempre polo mantemento das tradicións populares.* **2 Mantemento, defensa.** Siamo tenaci nel mantenimento delle nostre idee. *Somos tenaces no mantemento das nosas ideas.* **2 Mantemento, mantenza, manutención.** Guadagnavano abbastanza per il mantenimento dei figli. *Gañaban bastante para o mantemento dos fillos.*

**manto** *s.m.* **Manto.** La regina d'Inghilterra porta ancora il manto nelle cerimonie solenni. *A raíña de Inglaterra aínda leva o manto nas cerimonias solemnes.* L'erba era coperta da un manto di neve. *A herba estaba cuberta por un manto de neve.*

**manuale I** *adx.* **Manual.** I lavori manuali sono ben pagati. *Os traballos manuais están ben pagados.* **II** *s.m.* **Manual.** Mi hanno regalato un bel manuale di storia dell'arte. *Regaláronme un bo manual de historia da arte.* # **da manuale:** *perfecto no seu xénero.*

**manzo** *s.m.* **1 Boi (touro castrado para sacrificar).** Questi manzi sono da portare al macello. *Hai que levar estes bois ó matadoiro.* **2 (ext.) (Carne de) boi.** Non mi piace il manzo, preferisco il vitello. *Non me gusta o boi, prefiro a tenreira.*

**mappa** *s.f.* **Mapa.** Hanno appena pubblicato una mappa aggiornata della nostra regione. *Acaban de publicar un mapa actualizado da nosa rexión.*

**maratona** *s.f.* **Maratón.** La maratona è una prova olimpica che richiede una grande resistenza. *O maratón é unha proba olímpica que existe unha gran resistencia.* Ci siamo iscritti a una maratona di ballo. *Inscribímonos nun maratón de baile.*

**marca** *s.f.* **1 Marca.** Si è comprato uno shampoo di marca sconosciuta. *Comprou un xampú de marca descoñecida.* **2 Resguardo (para retirar-los obxectos dun guardarroupa, dunha consigna, etc.).** Che guaio! Ho perso la marca del guardaroba. *¡Que mal! Perdí o resguardo do guardarroupa.* # **marca da bollo:** *póli-za.* **OBS.:** *pl. marche.*

**marcare** *v. tr.* [aux. avere] **1 Marcar (poñer unha marca).** Le hanno marcato la biancheria prima che entrasse in collegio. *Marcáronlle a roupa branca antes de que entrara no colexio.* **2 Marcar, sinalar (poñer unha marca).** Ho marcato i passaggi più interessanti del romanzo. *Marquei as pasaxes máis interesantes da novela.* **3 Marcar (acentuar).** Il disegno era un abbozzo: aveva marcato soltanto i contorni. *O debuxo era un esbozo: soamente marcara os contornos.* **4 (Dep.) Marcar.** La squadra avversaria ha marcato un goal al penultimo minuto. *O equipo contrario marcou un gol no penúltimo minuto.* **OBS.:** *io marco, tu marchi; v. irreg. V. táboa 5.*

**marchese -a** *s.* **Marqués -esa.** Non ricordo bene se fosse duca o marchese, ma aveva un titolo nobiliare. *Non recordo ben se era duque ou marqués, pero tiña un título nobiliario.*

**marchio** *s.m.* **Marca (sigla, cifra, símbolo).** Il marchio del bestiame. *A marca do gando.* Il marchio di fabbrica. *A marca de fábrica.* Marchio di qualità. *Marca de calidade.*

**marcia** *s.f.* **Marcha (xeito de camiñar; deportiva; musical; do coche).** Abbiamo fatto una lunga marcia. *Fixemos unha longa marcha.* Ha vinto la gara di marcia. *Gañou a competición de marcha.* Hanno suonato una marcia militare. *Tocaron unha marcha militar.* Per parcheggiare qui preferisco fare marcia indietro. *Para aparcar aquí prefiro dar marcha atrás.* **OBS.:** *pl. marce.*

**marciapiede** *s.m.* **Beirarrúa.** Devi camminare per il marciapiede se non vuoi che ti investa una macchina. *Debes camiñar pola beirarrúa se non queres que te atropele un coche.*

**marciare** v. intr. [aux. avere] **Marchar** (avanzar). Le truppe marciavano in colonna. *As tropas marchaban en columna.* **OBS.:** v. irreg. V. *táboa* 2.

**marcio -a** I **adx.** 1 **Podre.** Devi buttare quella frutta perché è marcia. *Debes tirar esa froita porque está podre.* 2 (fig.) **Corrupto -a.** La società in cui viveva era marcia. *A sociedade na que vivía era corrupta.* II **s.m.** 1 **Parte podre** (de algo). Togli il marcio e mangiati il resto della pera. *Quita a parte podre e come o resto da pera.* 2 (fig.) **Corrupción.** Si era deciso ad eliminare il marcio dalla società. *Decidírase a elimina-la corrupción da sociedade.* # **aver torto marcio:** equivocarse de cheo; **esserci del marcio** (fig.): cheirar a corrupción. **OBS.:** f. pl. marce.

**marcire** v. intr. [aux. essere] 1 **Podreecer, corromperse, descompoñerse.** Questa frutta marcisce perché fa troppo caldo. *Esta froita podrece porque vai demasiada calor.* 2 (fig.) **Consumirse, ensumirse.** Il malato marciva nell'ospedale. *O enfermo consumíase no hospital.* **OBS.:** io marcisco, tu marcisci.

**mare** s.m. 1 **Mar** (tamén fig.). L'acqua del mare è salata. *A auga do mar é salgada.* Il Tevere sfocia nel mare Tirreno. *O Tiber desemboca no mar Tirreno.* Avevamo davanti a noi un mare giallo di grano. *Tiñamos diante de nós un mar amarelo de trigo.* Non so cosa fare: sono in un mare di dubbi. *Non sei qué facer: estou nun mar de dúbidas.* 2 (fig.) **Montón, morea.** Non disturbarmi, ho un mare di problemi. *Non me molestes, teño un montón de problemas.* # **alto mare:** mar a fóra; **cercare per terra e per mare:** buscar por tódalas partes; **essere in alto mare** (fig.): estar lonxe da conclusión (dun problema, traballo,...); **frutti di mare:** marisco; **lupo di mare:** lobo de mar; **mal di mare:** mareo (provocada polas embarcacións); **mare costiero / litorale / territoriale:** augas xurisdiccionais; **mare magno:** mare magnum; **portare acqua al mare:** botar auga no mar; **promettere mari e monti:** prometer montes e moreas; **un porto di mare:** un lugar do que entra e sae xente continuamente; **una goccia nel mare:** insignificante.

**marea** s.f. 1 **Marea.** Con la bassa marea possiamo camminare fino a quella roccia. *Coa marea baixa podemos camiñar ata aquela rocha.* 2 (fig.) **Montón, morea.** Una marea di fans aspettava l'arrivo del cantante. *Un montón de fans esperaba a chegada do cantante.* # **alta, bassa marea:** marea chea, baixa.

**mareggiata** s.f. **Marusía.** Ieri non siamo potuti uscire in mare a causa di una forte mareggiata. *Onte non puidemos sair ó mar por mor dunha forte marusía.*

**maremoto** s.m. **Maremoto.** Il maremoto ha provocato grandi danni. *O maremoto provocou grandes danos.*

**maresciallo** s.m. 1 **Brigada.** Il maresciallo ordinò al sergente di radunare i soldati. *O brigada ordenoulle ó sarxento que reunise os soldados.* 2 **Mariscal.** Aveva ottenuto il grado di maresciallo nella Prima Guerra Mondiale. *Obtivera o grao de mariscal na Primeira Guerra Mundial.*

**margarina** s.f. **Margarina.** La margarina è più digeribile del burro. *A margarina é máis dixerible cá manteiga.*

**margherita** s.f. **Margarida, margarita.** Sfogliava una margherita dicendo: "mi ama, non mi ama". *Esfollaba unha margarida dicindo: "quéreme, non me quere".* # **pizza margherita:** pizza con mozzarella e tomate.

**marginale** **adx.** 1 **Marxinal** (que está na marxe). Ho aggiunto delle osservazioni marginali al testo. *Engadinlle unhas observacións marxinais ó texto.* 2 **Marxinal, secundario -a.** Hanno trascurato gli aspetti marginali della questione. *Omitiron os aspectos marxinais da cuestión.*

**marginè** s.m. 1 **Marxe** (tamén fig.). Lasciate un margine largo nella parte sinistra del foglio per le correzioni. *Deixade unha marxe larga na parte esquerda da folla para as correccións.* I margini di guadagno non erano molto alti. *As marxes de beneficio non eran moi altas.* Ho poco margine di tempo, ma arriverò all'ora esatta. *Teño pouca marxe de tempo, pero chegarei á hora xusta.* 2 **Beira, bordo, marxe.** Abbiamo incontrato la sua macchina sul margine della strada. *Atopámo-lo seu coche na beira da estrada.* # **al margine di / in margine a** (fig.): á marxe de.

**marina** s.f. 1 **Beiramar, ribeira.** Abbiamo fatto una passeggiata sulla marina. *Demos un paseo pola beiramar.* 2 **Mariña, costa.** Abitano vicino alle spiagge della marina pisana. *Viven preto das praias da mariña pisana.* 3 **Mariña** (armada). Adesso entra nel porto una nave della marina greca. *Agora entra no porto un barco da mariña grega.*

**marinaio** s.m. **Mariñeiro** (persoa que traballa no mar). Faceva il marinaio su una nave tedesca. *Era mariñeiro nun barco alemán.* # **giuramenti, promesse da / di marinaio:** xuramentos, promesas que non se cumprirán; **marinaio d'acqua dolce:** mariñeiro de auga doce.

**marinare** v. tr. [aux. avere] **Poñer en escabeche.** Per conservare le cozze puoi marinarle. *Para conserva-los mexillóns podes poñelos en escabeche.* # **marinare la scuola:** latar ás clases.

**marinaro -a** **adx.** **Mariñeiro -a** (do mar). È un villaggio marinaro che vive soprattutto di pesca. *É unha aldea mariñeira que vive sobre todo da pesca.* # **alla marinara:** á mariñeira.



**marino -a** *adx.* **Mariño -a, marítimo -a.** Le correnti marine hanno spinto il banco di pesci verso la costa. *As correntes mariñas empuxaron o banco de peixes cara á costa.* # **colore blu marino:** *color azul mariño;* **vento marino:** *vento mareiro.*

**marionetta** *s.f.* **Marioneta, monicreque, monifate** (*tamén fig.*). I bambini seguivano attenti lo spettacolo di marionette. *Os nenos seguían atentos o espectáculo de marionetas.* Se agisci sempre secondo la loro volontà, diventerai una marionetta. *Se actúas sempre segundo a súa vontade, converteraste nunha marioneta.*

**marito** *s.m.* **Marido.** Si è sposata due anni fa, ma non conosco ancora suo marito. *Casou hai dous anos, pero aínda non coñezo o seu marido.* # **prendere marito:** *casar (unha muller).*

**marittimo -a** *I adx.* **Marítimo -a.** È una zona di intenso traffico marittimo. *É unha zona de intenso tráfico marítimo.* **II s.m.** **Mariñeiro** (*da mariña mercante*). Due marittimi hanno avvertito il capitano della tempesta. *Dous mariñeiros advertiron o capitán da tempestade.*

**marmellata** *s.f.* **Marmelada.** A colazione, con il caffè prendo pane, burro e marmellata. *Ó almorzo, co café tomo pan, manteiga e marmelada.*

**marmo** *s.m.* **Mármore.** Il duomo di Firenze è rivestito di marmi di diversi colori. *A catedral de Florencia está revestida de mármore de distintas cores.* Negli scavi archeologici sono stati trovati marmi del periodo ionico. *Nas escavacións arqueolóxicas atopáronse mármore de período xónico.* # **avere un cuore di marmo:** *non ter corazón;* **essere di marmo:** *ser de pedra;* **essere freddo come il marmo:** *estar frío coma o xeo.*

**marmotta** *s.f.* **Marmota** (*tamén fig.*). La marmotta è un roditore che vive sulle montagne. *A marmota é un roedor que vive nas montañas.* È una marmotta: dormirebbe volentieri fino a mezzogiorno. *É unha marmota: de boa gana durmiría ata o mediodía.*

**marocchino -a** *I adx.* **Marroquí.** Marrakesch è una delle città marocchine più importanti. *Marrakesch é unha das cidades marroquis máis importantes.* **II s.** **Marroquí.** I marocchini professano maggioritariamente la religione islamica. *Os marroquis profesan maioritariamente a relixión islámica.*

**marrone** *adx. inv.* **Marrón, castaño -a.** Le castagne sono di colore marrone. *As castañas son de cor marrón.*

**martedì** *s.m. inv.* **Martes, terceira feira.** Martedì prossimo vado a vedere i miei nonni. *O martes próximo vou ve-los meus avós.* # **martedì grasso:** *martes de Entroido.*

**martellare** **I v. tr.** [*aux. avere*] **1 Martelar.** Il maniscalco martellava il ferro da cavallo rovente. *O ferrador*

*martelaba na ferradura candente.* **2 Golpear, apancar.** Martellò la tavola con la mano per fare silenzio. *Golpeou a mesa coa man para facer silencio.* **3 (fig.) Disparar repetidamente.** I nemici hanno martellato le nostre linee per due giorni e non abbiamo potuto resistere. *Os inimigos disparáronles repetidamente ás nosas liñas durante dous días e non podemos resistir.* **II v. intr.** [*aux. avere*] (*fig.*) **Bater, latexar con forza.** Sentiva che il cuore gli martellava nel petto per lo sforzo. *Sentía que o corazón lle batía no peito polo esforzo.* # **martellare (qualcuno) di domande:** *acosar (a alguén) con preguntas.*

**martello** *s.m.* **Martelo.** Non hai un martello e un chiodo per riparare la sedia? *¿Non tes un martelo e unha punta para repara-la cadeira?* # **martello dell'uscio:** *chamador.*

**martire** *s.* **Mártir** (*tamén fig.*). I martiri della Chiesa subirono ogni tortura per non rinnegare la loro fede. *Os mártires da Igrexa sufriron tódalas torturas por non renegar da súa fe.* Il filosofo italiano Giordano Bruno fu un martire delle proprie idee. *O filósofo italiano Giordano Bruno foi un mártir das propias ideas.* Non ci sono martiri nella famiglia: tutti collaboriamo alle faccende domestiche. *Non hai mártires na familia: todos colaboramos nos traballos domésticos.* # **fare il martire:** *face-lo mártir.*

**martirio** *s.m.* **1 Martirio.** Il martirio di San Sebastiano è stato spesso rappresentato pittoricamente. *O martirio de San Sebastián a miúdo foi representado pictoricamente.* **2 (fig.) Martirio, tormento, tortura.** Questo lavoro è un vero martirio! *¡Este traballo é un verdadeiro martirio!*

**martirizzare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Martirizar.** Molti cristiani delle origini furono martirizzati. *Moitos cristiáns das orixes foron martirizados.* **2 (fig.) Martirizar, atormentar, torturar.** La gelosia del marito la martirizzava. *Os celos do marido martirizábana.*

**marzo** *s.m.* **Marzo.** Alla fine di marzo incomincia la primavera. *A finais de marzo comeza a primavera.* # **marzo pazzarello, vedi il sole e prendi l'ombrello:** *marzo marzolas, torbón e raiolas.*

**mascalzone -a** *s.* **Loubán -ana, pícaro -a, pillo -a.** Se io fossi in te, non farei affari con quel mascalzone. *Se eu estivese no teu lugar, non faría negocios con ese loubán.*

**mascarpone** *s.m.* **Queixo cremoso feito coa nata do leite de vaca.**

**mascella** *s.f.* **Mandíbula, queixada.** Il pugile ha ricevuto un forte colpo alla mascella. *O púxil recibiu un golpe forte na mandíbula.* # **lavorare di mascelle:** *comer con avidez.*

**maschera** *s.f.* **Máscara, carauta.** Al carnevale veneziano si vedono belle maschere. *No Entroido vene-*

ciano vense máscaras bonitas. **2 Máscara** (persoa disfrazada). Due maschere mi hanno parlato ma non le ho riconosciute. *Dúas máscaras faláronme pero non as recoñecín.* (ext.) Questa allegria era solo una maschera per non far notare la sua preoccupazione. *Esta alegría era só unha máscara para non facer nota-la súa preocupación.* **3 Personaxe.** Arlecchino è una maschera di servo della Commedia dell'Arte. *Arlequin é un personaxe de criado da Commedia dell'Arte.* **4 Acomodador -ora.** Troverai il tuo posto senza l'aiuto della maschera. *Atopara-lo teu asento sen a axuda do acomodador:* # **ballo in maschera:** baile de disfraces; **levarsi / togliersi la maschera:** descubri-la verdadeira personalidade (dun mesmo); **maschera antigas, da carnevale, da chirurgo, da scherma:** máscara antigás, para anestesiarse, de Entroido, de cirurxián, de esgrima; **maschera subacquea:** anteollos de mergullar; **mettersi in maschera:** disfrazarse.

**mascherare I** v. tr. [aux. avere] **1 Disfrazar** (poñer un disfrace). La madre ha mascherato la bambina da fata per la festa della scuola. *A nai disfrazou a nena de fada para a festa da escola.* **2** (ext.) **Disfrazar, disimular.** Ho dovuto mascherare la mia sorpresa. *Tiven que disfrazo-la miña sorpresa.* **3 Agachar.** Perché non mascheri la figura rotta tra quelle piante? *¿Por que non agácha-la figura rota entre esas plantas?* **II** v. refl. [aux. essere] **Disfrazarse.** Il prossimo carnevale ci maschereremo e nessuno ci riconoscerà. *O próximo Entroido disfrazarémonos e ningún nos recoñecerá.* **OBS.:** io maschero; v. irreg. V. táboa 1.

**maschile I** adx. **Masculino -a.** Abbiamo creato una squadra di calcio maschile e un'altra femminile. *Creamos un equipo de fútbol masculino e outro feminino.* In italiano "fiore" è un sostantivo maschile. *En italiano "flor" é un substantivo masculino.* **II** s.m. **Masculino** (xénero). Il latino ha tre generi: maschile, femminile e neutro. *O latín ten tres xéneros: masculino, feminino e neutro.*

**maschilismo** s.m. **Machismo.** Ha un maschilismo esagerato e non collabora alle faccende domestiche. *Ten un machismo esaxerado e non colabora nas tarefas domésticas.*

**maschilista I** adx. **Machista.** Non sopporto i suoi discorsi maschilisti sull'inferiorità della donna. *Non soporto os seus discursos machistas sobre a inferioridade da muller.* **II** s. **Machista.** È un maschilista: dice che non è compito suo occuparsi dei bambini. *É un machista: di que non é tarefa súa ocuparse dos nenos.* **OBS.:** m. pl. maschilisti.

**maschio I** s.m. **1 Macho.** Il maschio di molti uccelli è più vistoso della femmina. *O macho de moitos paxaros é máis vistoso cá femia.* **2 Home.** Ha quattro bambini: due maschi e due femmine. *Ten catro fillos: dous homes e dúas mulleres.* **II** adx. **Macho.**

Hanno trovato una foca maschio sulla spiaggia. *Atoparon unha foca macho na praia.* # **figlio maschio:** home.

**masochismo** s.m. **Masoquismo.** Il masochismo e il sadismo sono due perversioni. *O masoquismo e o sadismo son dúas perversións.* Nel tuo caso non si può parlare di pazienza, ma di masochismo. *No teu caso non se pode falar de paciencia, senón de masoquismo.*

**masochista** adx. **Masoquista.** Questo psicologo ha scritto un libro sui comportamenti masochisti. *Este psicólogo escribiu un libro sobre os comportamentos masoquistas.* Perché permetti che ti trattino così? Sei masochista? *¿Por que permites que te traten así? ¿Es masoquista?* **OBS.:** m. pl. masochisti, f. pl. masochiste.

**masa** s.f. **Masa.** Ha trasformato una massa informe di argilla in una scultura bellissima. *Transformou unha masa informe de arxila nunha escultura moi bonita.* Dopo l'incidente, la macchina era una massa di rottami. *Despois do accidente, o coche era unha masa de chatarra.* Questo tipo di film rientra nella cultura di massa. *Este tipo de película inscribese dentro da cultura de masas.* # **far massa** (electr.): *facermasa;* **in massa:** *en masa;* **le masse:** *as masas;* **le masse contadine, operaie:** *os labregos, os obreiros;* **masa atomica / molecolare:** *masa atómica / molecular;* **masa cerebrale:** *masa cerebral.*

**massacrare** v. tr. [aux. avere] **1 Masacrare.** Nelle guerre, molti innocenti sono massacrati. *Nas guerras, moitos inocentes son masacrados.* **2** (fig.) **Estragar.** Cosa hai fatto? Hai massacrato la moto! *¿Que fixeches? ¿Estragáche-la moto!* **3** (fig.) **Extenuar, esgotar.** Il direttore ci massacrà con tanto lavoro. *O director extenuanos con tanto traballo.* # **massacrare di colpi / di botte:** *mallar nunha persoa.*

**massacro** s.m. **1 Masacre, matanza, hecatombe.** L'esplosione della bomba atomica può provocare un massacro. *A explosión da bomba atómica pode provocar unha masacre.* **2** (fig.) **Desastre, desfeita.** Che massacro! Il gatto ha lasciato il divano pieno di graffi. *¿Que desastre! O gato deixou o sofá cheo de rabuñaduras.*

**massaggiare** v. tr. [aux. avere] **Dar unha masaxe.** Massaggiava la gamba del calciatore lesionato. *Dáballe unha masaxe á perna do futbolista lesionado.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**massaggio** s.m. **Masaxe.** I massaggi fanno bene ai muscoli. *As masaxes fan ben para os músculos.*

**massiccio -a I** adx. **Macizo -a.** È una sfera d'oro massiccio. *É unha esfera de ouro macizo.* Sembrava un uomo alto e massiccio. *Parecía un home alto e macizo.* **OBS.:** f. pl. massice. **II** s.m. **Macizo.** Un massiccio è un insieme montagnoso differenziato dal

rilievo dei dintorni. *Un macizo é un conxunto montañoso que se distingue polo relevo dos contornos.*

**massificare** v. tr. [aux. avere] **Masificar**. Credi che la televisione massifichi la società? *¿Cres que a televisión masifica a sociedade?* **OBS.:** io massifico, tu massifichi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**massificazione** s.f. **Masificación**. Nei tempi moderni assistiamo alla massificazione dei comportamenti. *Nos tempos modernos asistimos á masificación dos comportamentos.*

**massima** s.f. **1 Máxima**. La massima di suo padre è che si deve parlare soltanto di ciò che si conosce. *A máxima do seu pai é que se debe falar só do que se coñece.* **2 Máxima, aforismo, sentenza**. Nelle opere di Oscar Wilde si trovano molte massime divertenti. *Nas obras de Oscar Wilde atópanse moitas máximas divertidas.* **# di / in linea di / in massima:** *en xeral.*

**massimo -a I** adx. **Máximo -a**. Il bambino portava i piatti con la massima cura per non romperli. *O neno levaba os pratos co máximo coidado para non rompelos.* Questo materiale può sopportare una temperatura massima di 200°C. *Este material pode soporatar unha temperatura máxima de 200°C.* **II s. 1 (m.) Máximo**. Non ne poteva più: i suoi nervi erano al massimo della tensione. *Non podía máis: os seus nervios estaban ó máximo da tensión.* **2 (f.) Máxima** (temperatura ou tensión arterial). Le temperature oscilleranno tra i trenta gradi di massima e i ventitré di minima. *As temperaturas oscilarán entre os trinta graos de máxima e os vintetrés de mínima.*

**mass media** loc. s.m. pl. **Medios de comunicación**. I mass media hanno molta importanza nella società attuale. *Os medios de comunicación teñen moita importancia na sociedade actual.*

**masticare** v. tr. [aux. avere] **1 Mastigar**. Mastica bene il cibo prima di mandarlo giù. *Mastiga ben a comida antes de tragala.* **2 (fig.) Rosmar, fungar, refungar**. Quando gli chiese aiuto masticò qualcosa, ma poi l'aiutò. *Cando lle pediu axuda rosmou algo, pero logo axudoulle.* **3 (fig.) Chapurrear**. Mastico il russo. *Chapurreo o ruso.* **OBS.:** io mastico, tu mastichi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**matassa** s.f. **Madeixa, mea, meada**. Con queste matasse di lana faremo un maglione. *Con estas madeixas de la faremos un xersei.* **# arruffare la matassa:** *complica-lo problema;* **cercare, trovare il bandolo della matassa:** *buscar, atopa-la solución do problema;* **dipanare / sbrogliare la matassa:** *resolve-lo problema.*

**matematico -a I** adx. **Matemático -a** (tamén fig.). In questo caso bisogna applicare una formula matematica. *Neste caso hai que aplicar unha fórmula matemática.* La cosa è matematica: se non gli rispondi smetterà di parlarti. *A cousa é matemática: se non*

**passeggiare** *v. intr. [aux. avere] Pasear.* Se non hai voglia di passeggiare, ci sediamo un attimo. *Se non tes ganas de pasear, sentamos un momento.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 4.*

**passeggiata** *s.f.* **Paseo (volta).** La mattina potremo fare delle passeggiate sulla spiaggia. *Pola mañá poderemos dar uns paseos pola praia.* # **essere una passeggiata** (*fig.*): *ser doado.*

**passellino** *s.m.* **Cadeira con rodas, usada para saca-los nenos pequenos de paseo.**

**passerella** *s.f.* **Pasarela.** In passerella stanno sfilando i modelli della collezione autunno-inverno. *Na pasarela están desfilando os modelos da colección outono-inverno.*

**passero** *s.m.* **Gorrión, pardal.** Il balcone si riempie di passerotti ogni volta che scuoti la tovaglia. *O balcón énchese de gorrións cada vez que sacóde-lo mantel.* ♦ *Para referirse ó 'paxaro' en italiano emprégase o termo uccello.*

**passionale** *adx.* **Pasional.** Il suo temperamento passionale la faceva vivere intensamente. *O seu temperamento pasional facíaa vivir intensamente.*

**passione** *s.f.* **Paixón.** Si amano con passione. *Ámanse con paixón.* Ha sempre avuto una passione per il mare. *Sempre tivo paixón polo mar.* Leggiamo insie-

me la Passione secondo San Giovanni. *Leamos xuntos a Paixón segundo San Xoán.*

**passivo -a** *I adx.* **Passivo -a.** Ha un temperamento passivo e preferisce che siano gli altri a decidere per lui. *Ten un temperamento pasivo e prefire que sexan os outros os que decidan por el.* La lezione di oggi riguarda la forma passiva del verbo. *A clase de hoxe refírese á forma pasiva do verbo.* **II s.m. 1 Voz pasiva.** L'esercizio chiede di coniugare il verbo al passivo. *O exercicio pide que se conxugue o verbo en voz pasiva.* **2 (Econ.) Pasivo.** L'azienda ha chiuso con un passivo di decine di miliardi. *A empresa pechou cun pasivo de decenas de millóns.* # **bilancio in passivo:** *balance con saldo pasivo.*

**passo** *s.m. 1 Paso, pasada.* Ho sentito dei passi in corridoio. *Escoítei uns pasos no corredor.* Ha i passi troppo lunghi. *Ten os pasos demasiado longos.* **2 (fig.) Paso (decisión).** Non eravamo pronti per un passo così importante. *Non estabamos preparados para un paso tan importante.* **3 Paso, pasaxe.** Lasciate libero il passo. *Deixade libre o paso.* **4 Porto (paso de montaña).** Il passo è ancora chiuso per neve. *O porto aínda está pechado pola neve.* # **a pari passo:** *ó mesmo tempo*; **essere a un passo da:** *estar a piques de*; **fare due / quattro passi:** *dar un paseo*; **fare il passo più lungo della gamba:** *estira-la manta máis de onde chega o pé*; **fare un passo falso:** *dar un paso en falso*; **stare al passo con i tempi:** *ir de acordo cos tempos.*

**pasta** *s.f. 1 Pasta (alimenticia; substancia densa).* La pasta va cotta al dente. *A pasta debe cocerse no seu punto.* Mescolando l'argilla con l'acqua si ottiene una pasta malleabile. *Mesturando a arxila coa auga obtense unha pasta maleable.* **2 Masa.** Sto facendo la pasta per il pane. *Estou facendo a masa para o pan.* # **avere le mani in pasta:** *participar en algo que se coñece ben*; **essere una pasta:** *ser de boa pasta*; **pasta da tè:** *pasta de té*; **pasta frolla:** *masa quebrada*; **pasta sfoglia:** *follado*; **tirare la pasta:** *estira-la pasta.*

**pastasciutta** *s.f. Pasta fervida en agua salgada, escorrida e condimentada.* **OBS.:** *pl. pastasciutte / paste asciutte.*

**pasticceria** *s.f. 1 Pastelería, confeitaría, docería.* Le specialità di questa pasticceria sono le torte al cioccolato. *As especialidades desta pastelería son as tortas de chocolate.* **2 Pasteis.** Ho ordinato mezzo chilo di pasticceria assortita. *Pedin medio quilo de pasteis surtidos.*

**pasticciere -a** *s.* **Pasteleiro -a.** Era così golosa che si fermava sempre dal pasticciere. *Era tan larpeira que paraba sempre na do pasteleiro.*

**pasticcino** *s.m. Pastel (pequeno).* Con il caffè ha servito dei pasticcini alla crema e alla frutta. *Co café serviu uns pasteis de crema e de froita.*

**pasticcio** *s.m.* **1 Desastre, calamidade** (desorde). Guarda che pasticcio hai combinato, adesso dovrò riordinare tutto. *Mira que desastre fixeches, agora terei que volvelo ordenar todo.* **2 Lea, enredo, leria.** Ha combinato un bel pasticcio: adesso vediamo come ne viene fuori. *Armou unha boa lea: agora veremos cómo sae dela.* **3 Pastel de carne picada, verdura e pasta.** # **essere nei pasticci:** *andar en leas*; # **fare pasticci:** *crear desastres*; # **mettere qualcuno / mettersi nei pasticci:** *meter a alguén / meterse en leas.*

**pastiglia** *s.f.* **Pastilla, comprimido.** Ho finito le pastiglie per la tosse. *Acabei as pastillas para a tose.* # **pastiglie dei freni:** *pastillas dos freos.* ♦ *Para referirse á 'pastilla de chocolate' en italiano pódese emprega-lo termo tavoletta, para a 'pastilla de xabón' saponetta.*

**pasto** *s.m.* **Comida** (acción e alimento). La colazione è il primo pasto della giornata. *O almoço é a primeira comida do día.* Ci ha offerto un pasto molto abbondante. *Ofreceunos unha comida moi abundante.* # **dare in pasto:** *dar a coñecer (sen escrúpulo).* ♦ *Para referirse ó 'pasto' en italiano emprégase o termo xenérico erba.*

**pastore -a** *s.* **1 Pastor -ora, pегureiro -a.** Il pastore seguiva il suo gregge di pecore. *O pastor seguía o seu rabaño de ovelas.* **2 Pastor -ora** (sacerdote). Ai pastori protestanti è consentito il matrimonio. *Os pastores protestantes permíteselle-lo matrimonio.* # **cane pastore:** *can pastor*; # **pastore tedesco:** *pastor alemán.*

**pastorizia** *s.f.* **Pastoreo.** La pastorizia è una delle risorse dei popoli nomadi. *O pastoreo é un dos recursos dos pobos nómadas.*

**patata** *s.f.* **Pataca.** La coltivazione della patata si diffuse in Europa alla fine del '700. *O cultivo da pataca difúndese en Europa a finais do século XVIII.* # **essere un sacco di patate:** *ser un saco de patacas (referido a persoa)*; # **patate novelle:** *patacas novas.*

**patente** *s.f.* **Permiso de conducir.** Ha la patente ma non ha quasi mai guidato. *Ten o permiso de conducir pero case nunca conduciu.* # **prendere la patente:** *saca-lo carné de conducir.*

**paternità** *s.f. inv.* **Paternidade.** Faranno la prova del DNA per dimostrare la paternità. *Faranlle a proba do ADN para demostra-la paternidade.*

**paterno -a** *adx.* **1 Paterno -a.** I suoi nonni paterni sono molto anziani. *Os seus avós paternos son moi maiores.* **2 (fig.) Paternal.** Ha un atteggiamento paterno e protettivo nei confronti della sorella. *Ten unha actitude paternal e protectora respecto da irmá.*

**patetico -a** *I adx.* **Patético -a.** Il povero uomo era in uno stato patetico. *O pobre home estaba nun estado patético.* **II s.m. sing.** **Patético.** Spesso la stampa cade nel patetico. *A miúdo a prensa cae no patético.* **OBS.:** *m. pl. patetici, f. pl. patetiche.*

**patire** *I v. tr.* [*aux. avere*] **Padecer, sufrir.** La casa non aveva il riscaldamento e abbiamo patito il freddo. *A casa non tiña calefacción e padecémo-lo frío.* **II v. intr. [*aux. avere*] **Sufrir, padecer.** Pativa per le continue umiliazioni, ma non si lamentava. *Sufría polas continuas humillacións, pero non se lamentaba.* # **patire le pene dell'inferno:** *padecer moito.* **OBS.:** *io patisco, tu patisci.***

**patria** *s.f.* **Patria.** Gli esuli sono ritornati in patria. *Os exiliados volveron á patria.* # **amor di patria:** *amor pola patria.*

**patriarca** *s.m.* **Patriarca** (tamén fig.). Noè, Abramo e Giacobbe erano patriarchi ebrei. *Noé, Abrahán e Xacobe eran patriarcas xudeus.* Nella foto appare circondato da figli e nipoti, come un vero patriarca. *Na foto aparece rodeado dos fillos e dos netos, coma un verdadeiro patriarca.* **OBS.:** *pl. patriarchi.*

**patriarcale** *adx.* **Patriarcal.** In una società patriarcale, il capofamiglia è il punto di riferimento di tutti i discendenti. *Nunha sociedade patriarcal, o cabeza de familia é o punto de referencia de tódolos descendentes.*

**patrigno** *s.m.* **Padrasto, padrastro.** Ha perso il padre e ora vive con la madre e con il patrigno. *Perdeu o pai e agora vive coa nai e co padrasto.*

**patrimonio** *s.m.* **Patrimonio** (tamén fig.). Vive con la rendita di un piccolo patrimonio. *Vive coa renda dun pequeno patrimonio.* L'Italia ha un grande patrimonio artistico da valorizzare. *Italia ten un gran patrimonio artístico para valorar.* # **imposta sul patrimonio:** *imposto sobre o patrimonio*; # **spendere un patrimonio:** *desbaldar.*

**patriota** *s.* **Patriota.** Un monumento ricorda i patrioti caduti in difesa del proprio paese. *Un monumento lembra os patriotas caídos en defensa do propio país.* **OBS.:** *m. pl. patrioti.*

**patriottismo** *s.m.* **Patriotismo.** Il canto invitava al patriottismo. *O canto invitaba ó patriotismo.*

**patrono -a** *s.* **Patrón patroa -ona, padroeiro -a.** Il patrono d'Italia è San Francesco d'Assisi. *O patrón de Italia é San Francisco de Asís.*

**pattinaggio** *s.m.* (Dep.) **Patinaxe.** Abbiamo visto una magnifica esibizione di pattinaggio su ghiaccio. *Vimos unha magnífica exhibición de patinaxe sobre xeo.* # **pattinaggio a rotelle / artistico:** *patinaxe sobre rodas / artístico*; # **pista di pattinaggio:** *pista de patinaxe.*

**pattinare** v. intr. [aux. avere] (Dep.) *Patinar*. Se non nevica troppo, potremo pattinare sul lago ghiacciato. *Se non neva demasiado, poderemos patinar sobre o lago xeadó.* **OBS.:** io pattino; v. irreg. V. táboa 1.

**pattino** s.m. *Patín* (calzado). La prima volta che hai messo i pattini sei caduto. *A primeira vez que puxéche-los patíns caíches.* # **andare sui pattini:** *ir en patíns;* **pattini a rotelle:** *patíns de rodas.*

**patto** s.m. *Pacto, acordo, convenio*. Facciamo un patto: io ti aiuto in matematica e tu mi aiuti in latino. *Fagamos un pacto: eu axúdoche en matemáticas e ti axúdasme en latín.* # **a patto che:** *a condición de que;* **patti chiari amicizia lunga:** *amiguíños si, pero a vaca polo que vale;* **scendere a patti:** *verse obrigado a chegar a un acordo;* **stringere un patto:** *axustar un pacto;* **venire a patti:** *chegar a un acordo;* **venire meno ai patti:** *non cumpri-los pactos.* ♦ *Para referirse ó 'pato, parrulo' en italiano emprégase o termo papiro ou anatra.*

**pattuglia** s.f. *Patrulla*. Alcune pattuglie di militari controllano la zona. *Algunhas patrullas de militares controlan a zona.*

**pattumiera** s.f. *Caldeiro do lixo*. La frutta era quasi tutta marcia e ho dovuto gettarla nella pattumiera. *A froita estaba case toda podre e tiven que tirala ó caldeiro do lixo.*

**paura** s.f. *Medo*. Molti bambini hanno paura del buio. *Moitos nenos teñen medo da escuridade.* Ho paura di aver dimenticato le chiavi. *Teño medo de ter esquecido as chaves.* # **battere i denti per la paura:** *tremar de medo;* **brutto da far paura:** *feo como a morte;* **fare / mettere paura a qualcuno:** *dar / meterlle medo a alguén.*

**pauroso -a** adx. **1 Medroso -a.** Suo figlio, pauroso di essere sgridato, non voleva tornare a casa. *O seu fillo, medroso de que lle berrasen, non quería volver á casa.* **2 Espantoso -a, tremendo -a.** Un camion ha provocato un incidente pauroso. *Un camión provocou un accidente espantoso.*

**pausa** s.f. **1 Pausa.** Facciamo una pausa per riposarci. *Fagamos unha pausa para descansar.* **2 Descanso, intermedio.** Tra il primo e il secondo tempo c'è una pausa di un quarto d'ora. *Entre o primeiro e o segundo tempo hai un descanso dun cuarto de hora.*

**pavimento** s.m. **1 Pavimento** (piso). Tutti i pavimenti dell'alloggio sono in legno, eccetto quelli del bagno e della cucina. *Tódolos pavimentos da vivenda son de madeira, excepto os do baño e da cociña.* **2 Chan** (solo). Il pavimento della camera da letto era allagato. *O chan do cuarto de durmir estaba alagado.*

**pavone** s.m. *Pavón*. Il pavone maschio apre le penne della coda per sedurre la femmina. *O pavón macho abre as plumas da cola para seduci-la femia.* # **fare**

**il pavone:** *ser presumido;* **farsi bello con le penne del pavone:** *aparentar a costa dos demais.*

**pavoneggiarsi** v. intr. pron. [aux. essere] *Alardear, presumir*. Per tutta la festa si è pavoneggiato nel suo vestito nuovo. *Durante toda a festa alardeou do seu vestido novo.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**paziente I** adx. *Paciente*. Ha una moglie dolce e paziente. *Ten unha muller doce e paciente.* **II s. Paciente, enfermo -a.** La paziente è ancora in prognosi riservata. *A paciente aínda está en pronóstico reservado.*

**pazienza** s.f. *Paciencia*. Ha sempre sopportato tutto con infinita pazienza. *Soportou sempre todo con infinita paciencia.* # **avere / portare pazienza:** *ter paciencia;* **gioco di pazienza:** *xogo que require cachaza;* **perdere la pazienza:** *perde-la paciencia.*

**pazzesco -a** adx. *De tolos*. Non so come tu possa vivere in questo disordine pazzesco. *Non sei cómo podes vivir nesta desorde de tolos.* **OBS.:** m. pl. pazzeschi, f. pl. pazzesche.

**pazzia** s.f. *Tolemia, loucura, demencia* (tamén fig.). Il dolore insopportabile la portò alla pazzia. *A dor insoportable levouna á tolemia.* Non dire pazzi! *¡Non digas tolemias!* # **fare pazzie:** *facer tolemias.*

**pazzo -a** s. *Tolo -a, louco -a, chalado -a* (tamén fig.). La disgrazia l'aveva fatto diventare pazzo. *A desgracia fixéao volver tolo.* Gridava come un pazzo. *Berraba coma un tolo.* # **andare pazzo per qualcosa / qualcuno:** *tolear por algo / por alguén;*  **cose da pazzi!:** *¡cousas de tolos!*; **essere pazzo di qualcuno:** *tolear por alguén;* **fare il pazzo:** *facer coma quen non oe;* **pazzo di gioia:** *toló de contento;* **tempo pazzo:** *tempo tolo.*

**peccare** v. intr. [aux. avere] *Pecar*. Hanno peccato di presunzione. *Pecaron de presunción.* (ext.) La sua risposta peccava di ambiguità. *A súa resposta pecaba de ambigüidade.* **OBS.:** io pecco, tu pecchi; v. irreg. V. táboa 5.

**peccato** s.m. **1 Pecado.** Provava rimorso per i peccati commessi. *Sentía remordemento polos pecados cometidos.* **2 Pena, mágoa.** Che peccato perdere per un solo punto! *¡Que pena perder por un só punto!* È un peccato che non possiate venire alla festa. *É unha pena que non poidades vir á festa.* # **chi è libero di peccato, scagli la prima pietra:** *quen estea libre de pecado, que tire a primeira pedra.*

**pecora** s.f. *Ovella*. Il pastore guidava il suo gregge di pecore. *O pastor guiaba o seu rabaño de ovellas.* # **chi pecora si fa, il lupo se la mangia:** *o forte aprovéitase do que se fai débil;* **essere una pecora:** *ser excesivamente submiso;* **la pecora nera della famiglia:** *a ovella negra da familia;* **meglio un giorno da leone che cento da pecora:** *mellor un momento*



de valentía que moito tempo de submisión; **pecorella smarrita**: ovella perdida.

**peculiarità** s.f. inv. **Peculiaridade, particularidade**. Il gusto amaro è la peculiarità di questo vino. *O gusto amargo é a peculiaridade deste viño.*

**pedalare** v. intr. [aux. avere] **1 Pedalear**. Pedalare in salita l'ha sfinito. *Pedalear costa arriba esgotouno.* **2** (fig., fam.) **Bulir, apurar, xurdir**. Adesso pedala, non abbiamo più tempo. *Agora bule, xa non temos tempo.*

**pedale** s.m. **Pedal**. Cadendo ha storto il pedale della bici. *Ó caer torceu o pedal da bici.* # **pedale dell'acceleratore, del freno, della frizione**: *pedal do acelerador, do freo, do embrague.*

**pedante I** adx. **Pedante**. È una ragazza abbastanza pedante, soprattutto con i suoi compagni. *É unha rapaza bastante pedante, sobre todo cos seus compañeiros.* **II** s. **Pedante**. Sei un pedante! E poi... non sei così colto come credi. *¡Es un pedante! E ademais... non es tan culto como cres.*

**pedanteria** s.f. **Pedantería**. Si fa apprezzare perché ha una grande cultura e non la mostra con pedanteria. *Faise apreciar porque ten unha gran cultura e non a mostra con pedantería.*

**pedata** s.f. **Patada**. Ha rovesciato la sedia con una pedata. *Derrubou a cadeira dunha patada.*

**pedina** s.f. **1 Ficha** (no xogo das damas). Sulla scacchiera le pedine erano preparate per la partita a dama. *No taboleiro as fichas estaban preparadas para a partida de damas.* **2** (fig.) **Marioneta, monicreque**. Ti hanno usato come una pedina per il loro gioco. *Usáronte coma unha marioneta para o seu xogo.*

**pedonale** adx. **Peonil**. Non puoi entrare in macchina nel centro storico: è diventato zona pedonale. *Non podes entrar co coche no centro histórico: converteuse en zona peonil.* # **isola pedonale**: *zona peonil*; **passaggio pedonale**: *paso de peóns.*

**pedone** s.m. **1 Peón, viandante**. Le auto parcheggiate sul marciapiede infastidiscono i pedoni. *Os coches aparcados na beirarrúa molestan os peóns.* **2 Peón** (do xogo). Nel gioco degli scacchi i pedoni sono schierati in prima fila. *No xogo do xadrez os peóns están aliñados en primeira fila.*

**peggio I** adv. **Peor**. Oggi mi sento peggio di ieri. *Hoxe sintome peor ca onte.* **II** adx. compar. inv. **Peor**. È peggio di suo fratello. *É peor ca seu irmán.* # **alla peggio**: *no peor dos casos*; **andar di male in peggio**: *ir de mal en peor*; **avere la peggio**: *perder*; **peggio che andar di notte**: *peor ca isto non hai nada*; **peggio per te**: *peor para ti.*

**peggioremento** s.m. **Empeoramento**. Visto il peggioramento del tempo, abbiamo rinunciato alla gita.

*Visto o empeoramento do tempo, renunciámos á excursión.*

**peggiore I** v. tr. [aux. avere] **Empeorar**. Arrabbiandoti hai peggiorato la situazione. *Enfadándote empeoráche-la situación.* **II** v. intr. [aux. essere] **Empeorar**. La mia salute è peggiorata nonostante le cure. *A miña saúde agravouse a pesar dos coidados.* Mio figlio ha peggiorato nel rendimento scolastico. *O meu fillo empeorou no rendimento escolar.*

**peggiore I** adx. compar. e superlat. rel. **Peor**. Non studia niente e ha fatto l'esame peggiore della classe. *Non estudia nada e fixo o peor exame da clase.* Il suo peggior difetto è l'invidia. *O seu peor defecto é a envexa.* **II** s. **Peor**. Non è tra i migliori ma nemmeno tra i peggiori. *Non está entre os mellores, pero tampouco entre os peores.* # **nella peggiore delle ipotesi / nel peggiore dei casi**: *no peor dos casos.*

**pegno** s.m. **1 Proba** (demostración). Gli sposi si scambiano le fedie come pegno del loro amore e della loro fedeltà. *Os noivos intercámbianse as alianzas como proba do seu amor e da súa fidelidade.* **2 Peñor** (no xogo). Chi perde paga pegno. *Quen perde paga un peñor.* # **banco dei pegni**: *monte de piedade.*

**pelare** v. tr. [aux. avere] **1 Pelar, mondar, parar**. Aiutami a pelare le patate. *Axúdame a pela-las patacas.* **2** (fig.) **Pelar**. Fa un freddo che pela. *Vai un frío que pela.* L'acqua è troppo calda, pela. *A auga está demasiado quente, pela.* # **pelare qualcuno** (fig.): *deixar a alguén sen cartos*; **una gatta da pelare**: *duro de roer.*

**pelato -a I** part. pas. de pelare e adx. **Pelado -a, calvo -a**. Ancora giovane mi sono ritrovato con la testa pelata come una palla da biliardo. *Ainda mozo atopéime coa cabeza pelada coma unha bóla de billar.* **II** s.m. (espec. en pl.). **Tomates pelados**. Il sugo è migliore se invece dei pelati usi pomodori freschi. *A salsa é mellor se no canto dos tomates pelados usas tomates frescos.*

**pelle** s.f. (Zool.) **Pel**. Chi ha la pelle delicata non può esporsi a lungo al sole. *Quen ten a pel delicada non pode exporse moito ó sol.* Gli indumenti di pelle sono spesso difficili da smacchiare. *Nas pezas de pel a miúdo son difíciles de limpa-las manchas.* # **amici per la pelle**: *amigos íntimos*; **avere la pelle d'oca**: *te-la pel de galiña*; **avere la pelle dura**: *te-la pel dura*; **essere pelle e ossa**: *ser todo ósos*; **fare la pelle a qualcuno**: *matar a alguén*; **lasciarci la pelle**: *deixa-la pel*; **non stare più nella pelle**: *non caber de alegría*; **pelle di foca**: *pel branda*; **provarlo sulla propria pelle**: *sufrilo na propia pel*; **rischiare la pelle**: *xoga-la pel*; **salvare la pelle**: *salva-la pel*; **vendere cara la pelle**: *non deixarse abater facilmente.*

**pellegrinaggio** *s.m.* **Peregrinación**. Sono andati in pellegrinaggio a Gerusalemme. *Foron en peregrinación a Xerusalén.*

**pellegrino -a** *s.* **Peregrino -a**. Migliaia di pellegrini hanno percorso il Cammino di Santiago. *Milheiros de peregrinos percorreron o Camiño de Santiago.*

**pelliccia** *s.f.* **1 Pel** (*pelame longo*). L'orso polare ha una pelliccia candida. *O oso polar ten unha pel candida.* **2 Abrigo de pel.** Le hanno rubato la pelliccia. *Roubáronlle o abrigo de pel.* **OBS.:** *pl.* pellicce.

**pelo** *s.m.* **1 Pelo, cabelo** (*do corpo*). I peli superflui si possono eliminare con creme depilatorie. *Os pelos superfluos pódense eliminar con cremas depilatorias.* **2 Pelo, pelame.** Il persiano è un gatto dal pelo lungo. *O persa é un gato de pelo longo.* # **al pelo:** a pelo; **cercare il pelo nell'uovo:** *mirar con detalle excesivo;* **contropelo:** *a contrapelo;* **non avere peli sulla lingua:** *non ter pelos na lingua;* **per un pelo:** *por un pelo.* ♦ *Para referirse ó 'pelo da cabeza' en italiano emprégase o termo capello.*

**peloso -a** *adx.* **Peludo -a.** I bruni di solito sono più pelosi dei biondi. *Os morenos normalmente son máis peludos cós louros.*

**peluria** *s.f.* **1 Lanuxe.** La buccia della pesca è coperta da una leggera peluria. *A casca do pexego está cuberta por unha lixeira lanuxe.* **2 Peluxe.** Cominciava a crescergli la peluria sul labbro superiore. *Comezaba a crecerlle a peluxe sobre o labio superior.*

**pena** *s.f.* **1 Pena** (*castigo*). La difesa ha ottenuto una riduzione della pena per l'imputato. *A defensa obtivo unha redución da pena para o imputado.* **2 Pena, tristeza, mágoa.** Ci ha fatto molta pena vederla soffrire così. *Deunos moita pena vela sufrir así.* # **a mala pena:** *con dificultade;* **essere in pena per qualcuno:** *estar preocupado por alguén;* **far pena:** *dar pena;* **non valere la pena:** *non paga a pena;* **pena capitale / di morte:** *pena capital / de morte;* **soffrire le pene dell'inferno:** *pasar moitas.*

**penalizzare** *v. tr.* [*aux.* avere] (*Dep.*) **Penalizar.** Hanno penalizzato il giocatore che ha commesso l'irregolarità. *Penalizaron o xogador que cometeu a falta.*

**penare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Penar.** Ha penato un mese con la gamba ingessata. *Penou un mes coa perna escaiolada.*

**pendenza** *s.f.* **Pendente, desnivel.** La strada scende a valle con una pendenza del 5%. *A estrada baixa ata o val cunha pendente do 5%.*

**pendere** *v. intr.* [*aux.* avere] **1 Pender, colgar, pendurar.** Un grande lampadario pendeva dal soffitto. *Unha gran lámpada pendía do teito.* **2 Estar inclinado -a.** La torre di Pisa pende. *A torre de Pisa está inclinada.* # **pendere dalle labbra di qualcuno:**

*escoitar con verdadeira devoción a alguén;* **pendere su qualcuno un pericolo:** *ameazar a alguén un perigo.*

**pendio** *s.m.* **Pendente** (*costa*). I bambini scendevano in slitta lungo il pendio. *Os nenos baixaban en zorra ó longo da pendente.* **OBS.:** *pl.* pendii.

**pendolare** *adx.* **1 Pendular.** Seguiva ipnotizzato il lento movimento pendolare. *Seguía hipnotizado o lento movemento pendular.* **2 Que traballa nunha localidade distinta á de residencia.** **II s.** **Persoa que traballa nunha localidade distinta á de residencia.**

**pendolo** *s.m.* **Péndulo.** Il movimento del pendolo ha un effetto ipnotico. *O movemento do péndulo ten un efecto hipnótico.*

**pene** *s.m.* **Pene.** Il pene è l'organo esterno dell'apparato urogenitale maschile. *O pene é o órgano externo do aparato uroxenital masculino.*

**penetrante** *adx.* **1 Penetrante, forte, intenso -a.** Nell'ambulatorio c'era un odore penetrante di disinfettante. *No ambulatorio había un cheiro penetrante a desinfectante.* **2** (*fig.*) **Agudo -a, penetrante, perspicaz.** Ammiro le sue osservazioni penetranti. *Admiro as súas agudas observacións.*

**penetrare** **I** *v. intr.* [*aux.* avere / essere] **Penetrar, introducirse.** La freccia gli penetrò nella spalla. *A frecha penetroulle no ombreiro.* **II** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Perforar.** La punta del trapano penetra la parete. *A punta do trade perfora a parede.* **2** (*fig.*) **Penetrar.** Ha uno sguardo che penetra. *Ten unha mirada que penetra.* **OBS.:** *io* **penetro;** *v. irreg.* *V. táboa 1.*

**penetrazione** *s.f.* **Penetración** (*tamén fig.*). Uno strato di granito rendeva difficile la penetrazione della trivella. *Un estrato de granito facía difícil a penetración da barrena.* I suoi commenti rivelano una grande capacità di penetrazione. *Os seus comentarios revelan unha gran capacidade de penetración.*

**penisola** *s.f.* **Península.** L'Italia è una penisola. *Italia é unha península.*

**penitenza** *s.f.* **1 Penitencia** (*mortificación*). Il digiuno è una pratica di penitenza. *O xexún é unha práctica de penitencia.* **2 Peñor** (*no xogo*). Per penitenza ho dovuto portare delle piume sulla testa. *Como peñor tiven que levar unhas plumas na cabeza.* # **fare la penitenza** (*no xogo*): *pagar un peñor.*

**penitenziario** *s.m.* **Prisión, cárcere, cadea.** I capi mafiosi sono incarcerati in penitenziari di massima sicurezza. *Os xefes mafiosos están encarcerados en prisións de máxima seguridade.*

**penna** *s.f.* **1 Pluma.** Gli indiani d'America si adornavano i capelli con penne di uccelli. *Os indios de América adornaban o pelo con plumas de paxaros.* **2 Pluma stilográfica.** Il maestro corregge gli errori con la penna rossa. *O mestre corrixe os erros coa*

*pluma estilográfica vermella.* **3 Macarrón alongado, oco e de corte diagonal.** # **lasciarci le penne:** morrer, perdelo todo; **lasciare qualcosa nella penna:** deixar algo no tinteiro; **penna stilografica:** pluma estilográfica.

**pennarello** *s.m.* **Rotulador.** Ho regalato a mia figlia una scatola di pennarelli e un album da disegno. *Regaleille á miña filla unha caixa de rotuladores e un album de debuxo.*

**pennello** *s.m.* **1 Pincel.** Quando ho finito di dipingere mi sono messo a lavare i pennelli. *Cando rematei de pintar púxenme a lava-los pinceis.* **2 Brocha.** Siete state così rapide a dipingere il corridoio e a partire che avete dimenticato i pennelli qui. *Fostes tan rápidas pintando o corredor e marchando que esquecéste-las brochas aquí.* # **pennello da barba:** brocha de afeitar; **pennello da imbianchino:** brocha de pintor; **stare / andare / calzare a pennello:** vir que nin pintado.

**penombra** *s.f.* **Penumbra.** Restava a lungo in penombra senza accendere la luce. *Permanecía durante moito tempo en penumbra sen acende-la luz.*

**penoso -a** *adx.* **Penoso -a.** Vivono in una casa oscura, in condizioni penose. *Viven nunha casa escura, en condicións penosas.* Alla domanda seguì un silenzio penoso. *Á pregunta seguiu un silencio penoso.*

**pensare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Pensar (en).** Ha deciso in fretta, senza pensare alle conseguenze. *Decidiu de prèsa, sen pensar nas consecuencias.* Vi penso sempre con affetto. *Sempre penso en vós con cariño.* **2 Ocuparse, encargarse.** Alle bibite ci penso io. *Das bebidas ocúpome eu.* **II** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Pensar, opinar.** Gli ho chiesto cosa pensava. *Pregunteille qué pensaba.* **2 Pensar.** Come potevamo pensare una cosa simile? *¿Como podíamos pensar unha cousa semellante?* # **pensarci su:** meditar sobre o falado; **pensare ai fatti propri:** pensar no de un; **pensarla:** ter unha opinión; **una ne fa e cento ne pensa:** tramar.

**pensiero** *s.m.* **1 Pensamento.** La lettura e la meditazione arricchiscono il pensiero. *A lectura e a meditación enriquecen o pensamento.* Mi è passato uno strano pensiero per la testa. *Pasoume un pensamento estraño pola cabeza.* **2 Preocupación.** Scusa se non parlo, ho troppi pensieri. *Desculpa se non falo, teño moitas preocupacións.* **3 Regalo, obsequio.** Le ha portato un piccolo pensiero dal Portogallo. *Tróuxolle un pequeno regalo de Portugal.* # **andare col pensiero a qualcuno / a qualcosa:** pensar en alguén / en algo; **dare pensieri a qualcuno:** preocupar a alguén; **essere in pensiero per qualcuno:** estar preocupado por alguén; **essere sopra pensiero:** estar despistado; **non darsi pensiero di qualcuno / di qualcosa:** non preocuparse por ninguén /

*por nada;* **pensiero fisso:** idea fixa; **viola del pensiero** (Bot.): pensamento.

**pensieroso -a** *adx.* **Pensativo -a.** È molto preoccupata e ultimamente la vedo pensierosa. *Está moi preocupada e ultimamente véxoa pensativa.*

**pensionato -a** *s.* **1 Xubilado -a, retirado -a.** Ha smesso di lavorare e ora si gode la vita da pensionato. *Deixou de traballar e agora goza da vida de xubilado.* **2 (m.) Residencia.** I nonni trascorrono l'estate in un pensionato per anziani. *Os avós pasan o verán nunha residencia para anciáns.* Per anni è vissuta in un pensionato e tornava a casa solo per le vacanze. *Durante anos viviu nunha residencia e volvíu á casa só polas vacacións.*

**pensione** *s.f.* **1 Pensión, paga.** Allo sportello per riscuotere le pensioni c'è una lunga coda. *No portelo para cobra-las pensións hai unha longa cola.* **2 Pensión (hospedaxe).** Ha passato le ferie in una pensione tranquilla, a pochi minuti dalla spiaggia. *Pasou as vacacións nunha pensión tranquila, a poucos minutos da praia.* # **andare / essere in pensione:** xubilarse / estar xubilado; **pensione anticipata:** xubilación anticipada; **pensione di anzianità:** pensión de vellez; **pensione di invalidità:** pensión de invalidez; **pensione di reversibilità:** pensión de viuvez; **piano di pensione:** plan de xubilación.

**pentimento** *s.m.* **Arrepentimento.** Provava pentimento per il male che aveva fatto. *Sentía arrepentimento polo mal que fixera.*

**pentirsi** *v. intr. pr.* [*aux.* essere] **Arrepentirse.** Si pentì dei propri peccati. *Arrepentiuse dos seus pecados.* Adesso si pentono di non aver comprato quella casa. *Agora arrepintense de non ter comprado aquela casa.*

**pentito -a I** *part. pas. de pentirsi e adx.* **Arrepentido -a.** I ragazzi sono sinceramente pentiti e chiedono perdono per l'accaduto. *Os rapaces están sinceramente arrepentidos e piden perdón polo sucedido.* **II** *s.* **Terrorista ou criminal arrepentido.**

**pentola** *s.f.* **Pota, ola.** Sul gas c'è una pentola con la zuppa. *No lume hai unha pota coa sopa.* # **pentola a pressione:** pota a presión.

**penultimo -a I** *adx.* **Penúltimo -a.** Nell'alfabeto italiano, la 'v' è la penultima lettera. *No alfabeto italiano, o 'v' é a penúltima letra.* **II** *s.* **Penúltimo -a.** I nostri ragazzi sono proprio in fondo alla classifica: ultimi o penultimi. *Os nosos rapaces están xusto ó final da clasificación: últimos ou penúltimos.*

**pepe** *s.m.* **Pementa.** Ho ordinato un filetto al pepe verde. *Pedín un filete con pementa verde.* # **essere tutto pepe:** ser moi agudo (referido a persoas); **granello di pepe:** gran de pementa; **pepe macinato:** pementa moída.

**peperoncino** *s.m.* **Chile.** Il peperoncino si usa per preparare salse piccanti. *O chile úsase para preparar salsas picantes.*

**peperone** *s.m.* **Pemento.** I peperoni possono essere gialli, rossi o verdi. *Os pementos poden ser amarelos, vermellos ou verdes.* # **essere rosso come un peperone:** *estar colorado coma un pemento.*

**per** *prep.* **1 Por.** Ho fatto un giro per la città. *Dei unha volta pola cidade.* Cosa ti passa per la testa? *¿Que che pasa pola cabeza?* Non dirglielo per telefono. *Non llo digas por teléfono.* L'abbiamo avuto per due milioni di lire. *Obtivémolo por dous millóns de liras.* È stato punito per aver mentito. *Foi castigado por mentir.* Per amor del Cielo scendi di lì, è pericoloso! *Por amor de Deus baixa de aí, jé perigoso!* Sei per otto fa quarantotto. *Seis por oito fai corenta e oito.* **2 Por, a causa de.** È diventato rosso per l'imbarazzo. *Píxose vermello pola vergoña.* **3 A.** Lunedì partiamo per l'Inghilterra. *O luns marchamos a Inglaterra.* **4 En.** Ci siamo sdraiati per terra. *Tumbámonos no chan.* **5 Para.** C'è della posta per te. *Hai correo para ti.* Le ho scritto per darle il nuovo indirizzo. *Escribinlle para darlle o novo enderezo.* È abbastanza grande per poter viaggiare da sola. *É bastante maior para poder viaxar soa.* Ho fatto una passeggiata per rilassarmi. *Dei un paseo para relaxarme.* **6 Para, a.** Le ho fissato un appuntamento per le cinque. *Fixeille unha cita para as cinco.* **7 Durante.** Ha piovuto per tutto il giorno. *Choveu durante todo o día.* **8 De.** Non voleva offenderti, l'ha detto per scherzo. *Non quería ofenderte, díxoo de broma.* **9 En, ó longo de, durante.** La strada è interrotta per cinque chilometri. *A estrada está interrompida en cinco quilómetros.* **10 Por, como.** Alessandro Magno ebbe per maestro Aristotele. *Alexandre Magno tivo por mestre a Aristóteles.* # **cinque per cento:** *cinco por cento;* **per Bacco / perbacco!:** *¡por Baco!;* **per Dio!:** *¡por Deus!;* **per caso:** *casualmente;* **per Giove!:** *¡por Xúpiter!;* **per di più:** *a maiores;* **per il momento:** *polo momento;* **per l'appunto:** *xustamente;* **per ora:** *polo de agora;* **per poco:** *por pouco;* **per sempre:** *para sempre;* **stare per:** *estar a punto de;* **uno / due... per volta:** *un / dous... de cada vez.*

**pera** *s.f.* **Pera.** Come dessert ci hanno servito delle pere al forno bagnate nel cioccolato. *Como sobremesa servíronnos unhas peras ó forno bañadas en chocolate.*

**percentuale** *s.f.* **Porcentaxe.** Oltre allo stipendio fisso, avrà una percentuale sulle vendite. *Ademais do soldo fixo, terá unha porcentaxe sobre as vendas.*

**percepire** *v. tr.* [aux. avere] **Percibir.** Percepiva in lei un certo imbarazzo. *Percibía nela un certo apuro.* Lavorano moltissimo e non percepiscono uno stipendio adeguato. *Traballan moitísimo e non perci-*

*ben un soldo adecuado.* **OBS.:** io percepisco, tu percepisci.

**percezione** *s.f.* **Percepción.** Ho avuto una chiara percezione di pericolo. *Tiven unha clara percepción de perigo.*

**perché I** *adv.* **Por que.** Perché arrivi così tardi? *¿Por que chegas tan tarde?* Vorrei sapere perché lo fa. *Querería saber por qué o fai.* **II conx. Porque.** Non si è presentato perché ha avuto paura. *Non se presentou porque tivo medo.* **III s.m. inv. Porqué, motivo, causa.** Ha voluto che gli spiegassi il perché della mia decisione. *Quixo que lle explicase o porqué da miña decisión.*

**perciò** *conx.* **Por iso.** Ha mangiato troppo, perciò è stato male. *Comeu demasiado, por iso estivo mal.*

**percorrere** *v. tr.* [aux. avere] **Percorrer.** Ogni giorno percorre dieci chilometri a piedi. *Cada día percorre dez quilómetros a pé.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 35.*

**percorso** *s.m.* **Percorrido, traxecto.** Il percorso tra casa e ufficio è sempre molto trafficato. *O percorrido entre a casa e o despacho ten sempre moito tráfico.* Ogni giorno fa lo stesso percorso. *Cada día fai o mesmo percorrido.*

**percossa** *s.f.* **Golpe (contusión).** Aveva ancora sulla schiena i segni delle percosse. *Tiña aínda no lombo os sinais dos golpes.*

**percuotere** *v. tr.* [aux. avere] **Golpear (bater).** Percuoteva il tamburo con ritmo straordinario. *Golpeaba o tambor cun ritmo extraordinario.* Un bambino ha percossa l'altro. *Un neno golpeou o outro.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 64.*

**percussione** *s.f.* **Percusión.** Il tamburo è uno strumento a percussione. *O tambor é un instrumento de percusión.*

**perdere I** *v. tr.* [aux. avere] **1 Perder, extraviar.** Ho perso i guanti. *Perdin os guantes.* **2 Perder (tamén fig.).** Se non ti sbrighi, perderai il treno. *Se non apuras, perdera-lo tren.* Abbiamo perso la partita. *Perdémola partida.* Hanno perso il padre in un incidente. *Perderon o pai nun accidente.* **II v. intr.** [aux. avere] **Perder (deixar saí-lo contido).** Il rubinetto perde. *A billa perde.* **III v. intr. pron.** [aux. essere] **Perderse, extraviarse.** I ragazzini si sono persi dopo essersi allontanati dal gruppo. *Os rapaciños perdéronse despois de afastarse do grupo.* # **lasciar perdere:** *non dar importancia;* **non aver nulla da perdere:** *non ter nada que perder;* **perdere il filo del discorso:** *perde-lo fío da conversación, do tema;* **perdere la bussola:** *perde-la orientación;* **perdere la pazienza:** *perde-la paciencia;* **perdere la testa per qualcuno:** *tolear por alguén;* **perdere la vita:** *morrer;* **perdere le staffe:** *perde-los nervios;* **perdersi d'animo:** *deprimirse;* **perdersi di vista:** *per-*

*derse de vista; perdersi in un bicchier d'acqua: afogar nun vaso de auga. OBS.: v. irreg. V. táboa 56.*

**perdita** *s.f.* **Perda.** Il bagaglio è assicurato contro perdita o furto. *A equipaxe está asegurada contra perda ou roubo.* La perdita dell'amico l'ha colpito profondamente. *A perda do amigo impresionouno profundamente.* Il crollo della borsa ha provocato perdite ingenti. *A caída da bolsa provocou perdas enormes.* # **a perdita l'occhio: ata onde alcanza a vista; perdita di gas: fuga de gas.**

**perdonare** *v. tr.* [aux. avere] **Perdoar, desculpar, escusar.** Questa non te la perdono. *Esta non cha perdo.* # **mi perdoni (en fórmulas de cortesía): perdón.**

**perdono** *s.m.* **Perdón.** Era profondamente pentito ed ha chiesto perdono. *Estaba profundamente arrependido e pediu perdón.*

**perenne** *adx.* **Perenne.** In una parte del giardino crescono piante perenni. *Nunha parte do xardín medran plantas perennes.*

**perfetto -a** *adx.* **Perfecto -a.** Hanno fatto un lavoro ottimo, quasi perfetto. *Fixeron un traballo estupendo, case perfecto.* # **un delitto perfetto: un crime perfecto; un perfetto imbecille: un perfecto imbecil.**

**perfezionare** *v. tr.* [aux. avere] **Perfeccionar.** Parla abbastanza bene l'inglese, ma dovrebbe perfezionare la pronuncia. *Fala bastante ben o inglés, pero debería perfecciona-la pronuncia.*

**perfezione** *s.f.* **Perfección.** La perfezione assoluta è quasi impossibile perché ci saranno sempre difetti o lacune. *A perfección absoluta é case imposible porque sempre habrá defectos ou lagoas.* # **alla perfezione: á perfección.**

**perfino** *adv.* **Incluso, ata, mesmo.** Era cambiato completamente: perfino gli amici stentavano a riconoscerlo. *Cambiara completamente: incluso ós amigos custáballes traballo recoñecelo.* **OBS.:** existe tamén a variante persino.

**perforare** *v. tr.* [aux. avere] **Perforar, furar, afurarar.** Per appendere il quadro abbiamo perforato la parete. *Para colga-lo cadro perforámo-la parede.*

**perforazione** *s.f.* **Perforación.** Gli hanno detto che aveva una perforazione del timpano. *Dixéronlle que tiña unha perforación do tímpano.*

**pergamena** *s.f.* **Pergameo.** Srotolò la pergamena e mostrò uno scritto sbiadito. *Desenrolou o pergameo e amosou un escrito borroso.*

**pergola** *s.f.* **Emparrado (alto e ornamental).** D'estate pranzano nel giardino, sotto la pergola. *No verán comen no xardín, debaixo do emparrado.*

**pericolante** *adx.* **Inestable (cambaleante; tamén fig.).** Non passare là sotto, quel balcone è pericolante. *Non pases por ali abaixo, aquel balcón está inestable.* La nostra situazione lavorativa è alquanto pericolante. *A nosa situación laboral é un tanto inestable.*

**pericolo** *s.m.* **Perigo.** Si è sentito in pericolo e ha chiamato la polizia. *Sentiuse en perigo e chamou a policía.* # **a proprio rischio e pericolo: pola súa conta e risco; correre il pericolo di: corre-lo perigo de; essere fuori pericolo: estar fóra de perigo.**

**pericoloso -a** *adx.* **Perigoso -a.** Tornate indietro, è pericoloso nuotare in quella zona. *Volvede para atrás, é perigoso nadar nesa zona.*

**periferia** *s.f.* **Periferia, arredores, aforas.** Gli affitti troppo alti del centro inducono la gente a spostarsi in periferia. *Os alugueres demasiado altos do centro inducen a xente a trasladarse á periferia.*

**periferico -a** *adx.* **Periférico -a.** Le zone periferiche sono spesso mal servite dai mezzi pubblici. *As zonas periféricas a miúdo están mal servidas polos medios públicos.* **OBS.:** *m. pl. periferici, f. pl. periferiche.*

**perifrasi** *s.f. inv.* **Perifrase.** Di le cose come sono, senza tante perifrasi. *Di as cousas como son, sen tantas perifrases.*

**perimetro** *s.m.* **Perímetro.** Il perimetro del rettangolo si ottiene moltiplicandone la base per l'altezza. *O perímetro do rectángulo obtense multiplicando a base deste pola altura.*

**periodico -a I** *adx.* **Periódico -a.** La zona è soggetta a inondazioni periodiche. *A zona está sometida a inundacións periódicas.* **II** *s.m.* **Periódico, xornal (semanal ou mensual).** Sono abbonati a un periodico letterario. *Están subscritos a un periódico literario.* # **numero periodico: número periódico.** ♦ *Para referirse ó 'periódico diario' en italiano emprégase o termo giornale.*

**periodo** *s.m.* **1 Período.** In questo periodo dell'anno la temperatura scende spesso sotto lo zero. *Neste período do ano a temperatura descende a miúdo baixo cero.* Analizzate le proposizioni che compongono il periodo. *Analizade as proposicións que compoñen o período.* **2 Período, época, fase.** Attraversiamo un buon periodo. *Atravesamos un bo período.*

**peripezie** *s.f. pl.* **Peripecias.** Dopo mille peripezie i due personaggi si ritrovano. *Logo de mil peripecias os dous personaxes vólvense atopar.*

**perire** *v. intr.* [aux. essere] **Perecer.** Il ministro perì in circostanze misteriose. *O ministro pereceu en circunstancias misteriosas.* **OBS.:** io perisco, tu perisci.

**perizia** *s.f.* **1 Pericia, habilidade.** Lavora con grande perizia. *Traballa con gran pericia.* **2 Proba pericial.**

La difesa ha chiesto una perizia psichiatrica per l'imputato. *A defesa pediu unha proba pericial psiquiátrica para o acusado.*

**perla** *s.f.* **1 Perla.** Le hanno rubato una collana di perle. *Roubáronlle un colar de perlas.* **2 (fig.) Xoia, alfaia.** Questo uomo è una perla. *Este home é unha xoia.*

**permaloso -a** *adx.* **Susceptible, puntilloso -a.** Sono così permalosi da offendersi per un nonnulla. *Son tan susceptibles que se ofenden por nada.*

**permanente I** *adx.* **Permanente.** L'esposizione permanente è chiusa per restauri. *A exposición permanente está pechada polas restauracións.* **II** *s.f.* **Permanente.** Ti preferisco con i capelli lisci che con la permanente. *Preferíote co pelo liso antes que coa permanente.*

**permanenza** *s.f.* **Permanencia, estancia, estadia.** L'albergatore ci ha accompagnato alla stanza augurandoci una buona permanenza. *O hostaleiro acompañounos ó cuarto desexándonos unha boa permanencia.*

**permesso** *s.m.* **1 Permiso, autorización, licencia.** Prima di entrare devi chiedere permesso. *Antes de entrar debes pedir permiso.* **2 Permiso (descanso).** Non stava bene e ha chiesto due giorni di permesso. *Non estaba ben e pediu dous días de permiso.* # **con permesso:** con permiso; **è permesso?:** ¿pódese pasar?; **permesso di caccia / di lavoro / di soggiorno:** permiso de caza / de traballo / de residencia.

**permettere I** *v. tr.* [aux. avere] **Permitir, deixar.** Permettono di visitare i malati solo un'ora al giorno. *Permiten visita-los enfermos só unha hora ó día.* **II** *v. intr. pron.* [aux. essere] **1 Atereverse, ousar.** Non ti permettere di parlarmi così. *Non te atrevas a falar-me así.* **2 Permitirse.** Mi permetto di ricordarti che dobbiamo cominciare. *Permitome lembrarche que temos que comezar.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50.*

**pernice** *s.f.* **Perdiz.** Per gli amanti della selvaggina, la pernice è un piatto prelibato. *Para os amantes da caza, a perdiz é un prato exquisito.* # **occhio di pernice:** ollo de galo (do pé).

**pernottare** *v. intr.* [aux. avere] **Facer noite (nun sitio).** Durante il viaggio abbiamo pernottato in begli alberghi. *Durante a viaxe fixemos noite en bos hoteis.*

**pero** *s.m.* **Pereira.** Nell'orto hanno piantato un pero e un melo. *Na horta plantaron unha pereira e unha maceira.* ♦ *Para referirse a 'pero, mais' en italiano empréganse os termos ma e però.*

**però** *conx.* **1 Pero, agora que, mais.** Te lo dico, però non parlarne con nessuno. *Digocho, pero non fales disto con ninguén.* **2 Sen embargo, con todo, así e todo.** Non avrei dovuto arrabbiarmi così tanto, ma

però lo scherzetto era pesante. *Non debería anoxarme tanto, pero sen embargo a bromiña era pesada.* **OBS.:** o termo però ten un valor adversativo máis marcado cá ma.

**perpetuare** *v. tr.* [aux. avere] **Perpetuar.** I figli perpetuarono le tradizioni dei genitori. *Os fillos perpetuaron as tradicións dos pais.* **OBS.:** io perpetuo; *v. irreg. V. táboa 1.*

**perpetuo -a** *adx.* **Perpetuo -a.** La sua perpetua indecisione lo danneggia. *A súa perpetua indecisión prexudícao.* # **calendario perpetuo:** calendario perpetuo; **moto perpetuo:** movemento continuado.

**perplexità** *s.f. inv.* **Perplexidade, estupor.** I genitori accolsero con perplexità l'annuncio di matrimonio del figlio. *Os pais acolleron con perplexidade o anuncio da voda do fillo.*

**perplesso -a** *adx.* **Perplexo -a, estupefacto -a, atónico -a.** Mentre raccontavo l'accaduto mi guardava perplesso. *Mentres contaba o sucedido mirábame perplexo.*

**perseguire** *v. tr.* [aux. avere] **1 Perseguir.** Gli usurai lo perseguitano con la richiesta di pagamento. *Os usureiros perségueno coa petición de pago.* **2 (fig.) Agoniare, angustiar.** Lo perseguitavano delle idee ossessive. *Agoniábano ideas obsesivas.* **OBS.:** io perseguito; *v. irreg. V. táboa 1.*

**perseveranza** *s.f.* **Perseveranza, constancia, tenacità.** La sua perseveranza e il suo sforzo sono stati premiati. *A súa perseveranza e o seu esforzo foron premiados.*

**perseverare** *v. intr.* [aux. avere] **Perseverar.** Tende a rinunciare davanti alle difficoltà anziché a perseverare. *Tende a renunciar ante as dificultades en vez de perseverar.* **OBS.:** io persevero; *v. irreg. V. táboa 1.*

**persistente** *adx.* **Persistente, pertinaz.** Mi serve un detersivo contro le macchie persistenti. *Preciso un deterxente contra as manchas persistentes.*

**persona** *s.f.* **Persoa.** È la persona più generosa che conosco. *É a persoa máis xenerosa que coñezo.* La prima persona plurale del presente indicativo di 'volere' è 'vogliamo'. *A primeira persoa do plural do presente de indicativo de 'querer' é 'queremos'.* # **a persona:** por persoa; **conoscere di persona:** coñecer persoalmente; **essere in virtù in persona:** se-la virtude personificada; **in / di persona:** en persoa.

**personaggio** *s.m.* **1 Personaxe (de ficción).** Achille e Agamennone sono personaggi dell'Iliade. *Aquiles e Agamenón son personaxes da 'Iliada'.* **2 Personaxe, personalità.** È un personaggio politico di primo piano. *É un personaxe político de primeiro plano.* **3 Tipo -a.** Che personaggio, tuo cugino! Con lui non si rischia di annoiarsi. *¡Que tipo, teu curmán! Con el non hai risco de aburrirse.*

**personale I** *adx.* **Personal, particular.** Non voglio annoiarti con i miei problemi personali. *Non quero aburrirte cos meus problemas persoais.* **II s. 1 (m.) Personal, quadro de persoal.** Prevedono una riduzione del personale. *Prevén unha redución do persoal.* **2 (f.) Exposición retrospectiva dun artista que está vivo.** # **invito personale:** *invitación persoal*; **personale di terra, di bordo:** *persoal de terra, de a bordo.*

**personalità** *s.f. inv.* **Personalidade.** Ha sempre dimostrato una forte personalità. *Mostrou sempre unha forte personalidade.* Le prime file sono riservate alle personalità. *As primeiras filas están reservadas para as personalidades.*

**perspicace** *adx.* **Perspicaz, agudo -a, sagaz.** È perspicace, risulta impossibile nascondergli qualcosa. *È perspicaz, resulta imposible esconderlle algo.*

**persuadere I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Persuadir, convencer.** L'abbiamo persuasa ad accettare il lavoro. *Convencémola para que aceptase o traballo.* **II v. refl. [*aux.* essere] **1 Decidirse** (*convencerse*). Si è persuasa ad intervenire. *Decidiuse a intervir.* **2 Decatarse, darse conta.** Mi sono persuaso di essermi sbagliato. *Decateime de que me equivocara.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.***

**persuasione** *s.f.* **Persuasión.** Dovrete usare tutta la vostra capacità di persuasione per convincerli. *Deberedes usar toda a vosa capacidade de persuasión para convencelos.*

**persuasivo -a** *adx.* **Persuasivo -a.** Una parola persuasiva è servita più delle minacce. *Unha palabra persuasiva serviu máis cás ameazas.*

**perturbazione** *s.f.* **Perturbación atmosférica.** Il servizio meteorologico ha annunciato una perturbazione a nord della penisola. *O servizo meteorolóxico anunciou unha perturbación atmosférica no norte da península.*

**peruviano -a I** *adx.* **Peruano -a.** Stiamo sorvolando le Ande peruviane. *Estamos sobrevoando os Andes peruanos.* **II s.** **Peruano -a.** I peruviani residenti a Lima sono circa dieci milioni. *Os peruanos residentes en Lima son arredor de dez millóns.*

**perversione** *s.f.* **Perversión.** La pederastia è una perversione. *A pederastia é unha perversión.* # **perversione sessuale:** *perversión sexual.*

**perverso -a** *adx.* **Perverso -a, revirado -a, malvado -a.** Bisogna avere una mente perversa per aver architettato quel piano. *Hai que ter unha mente perversa para proxectar aquel plan.*

**sconsideatezza** *s.f.* **Desconsideración**. La tua sconsideatezza ha causato gravi problemi a tutta la famiglia. *A túa desconsideración causoulle graves problemas a toda a familia*.

**sconsiderato -a I** *adx.* **Desconsiderado -a**. Le sue sconsideate dichiarazioni aggravarono la sua situazione. *As súas desconsideradas declaracións agravaron a súa situación*. **II s.** **Desconsiderado -a**. È uno sconsiderato, non ascolta nessun consiglio. *É un desconsiderado, non escoita ningún consello*.

**sconsigliare** v. tr. [*aux. avere*] **Desaconsellar**. Mi ha sconigliato i vini di quel ristorante. *Desaconselloume os viños daquel restaurante*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.

**sconsolato -a** *adx.* **Desconsolado -a**. Era sconsolato perché lei non gli aveva telefonato. *Estaba desconsolado porque ela non o chamara por teléfono*.

**scontare** v. tr. [*aux. avere*] **1 Descontar**. Hanno scontato il dieci per cento dal prezzo. *Descontaron o dez por cento do prezo*. **2 Expiar, purgar**. Ha scontato duramente i propri errori. *Expiou duramente os seus erros*.

**scontato** -a *part. pas. de scontare e adx.* **1 Dado -a por descontado -a.** Il risultato di questo affare era scontato. *O resultado deste negocio era dado por descontado.* **2 Descontado -a.** Il debito scontato non è indicato sulla ricevuta. *A débeda descontada non vai indicada no recibo.* # **dare per scontato:** dar por descontado; **prezzo scontato:** desconto no prezo.

**scontentare** v. tr. [aux. avere] **Descontentar.** Con la sua indecisione finisce per scontentare tutti. *Coa súa indecisión acaba por descontentar a todos.*

**scontento** -a *adx.* **Descontento -a.** È sempre scontento di tutto. *Sempre está descontento con todo.*

**sconto** s.m. **Desconto.** Durante i saldi fanno fino al 50% di sconto. *Durante os saldos fan ata un 50% de desconto.*

**scontrarsi I** v. intr. pron. [aux. essere] **1 Chocar, topar, bater.** L'automobile si è scontrata con la moto. *O automóbil chocou coa moto.* **2 (fig.) Chocar.** Si è scontrato con il suo capo perché non condivide il suo modo di organizzare il lavoro. *Chocou co xefe porque non comparte o seu modo de organiza-lo traballo.* **II** v. refl. recíp. [aux. essere] **1 Chocar, topar, bater.** I due camion si sono scontrati. *Os dous camiões chocaron.* **2 Enfrontarse.** I due eserciti si scontrarono all'alba. *Os dous exércitos enfrontáronse ó amencer.* **3 (fig.) Chocar.** Hanno entrambi un carattere forte e spesso si scontrano. *Os dous teñen un carácter forte e chocan a miúdo.*

**scontrino** s.m. **Ticket.** È necessario ritirare lo scontrino alla cassa prima di chiedere la consumazione. *É necesario retirar-lo ticket na caixa antes de pedi-la consumición.*

**scontro** s.m. **1 Choque, colisión.** Ho assistito a uno scontro frontale tra due automobili. *Presenciei un choque frontal entre dous automóviles.* **2 (fig.) Choque, tropezo.** Ha avuto uno scontro con il direttore perché si è rifiutato di aumentargli lo stipendio. *Tivo un choque co director porque se negou a aumentarlle o soldo.* **3 Enfrontamento.** Ci sono stati scontri tra polizia e manifestanti. *Houbo enfrontamentos entre a policía e os manifestantes.*

**scontroso** -a *adx.* **Arisco -a, insociable, intratable.** È così scontroso che non ha quasi amici. *É tan arisca que case non ten amigos.*

**sconveniente** *adx.* **Inconveniente.** Dice sempre delle cose sconvenienti che mettono tutti in imbarazzo. *Sempre di cousas inconvenientes que poñen a todos en situacións embarazosas.*

**sconvolgente** *adx.* **Estarrecedor -ora, arrepiente.** È stata un'esperienza veramente sconvolgente. *Foi unha experiencia verdadeiramente estarrecedora.*

**sconvolgere** v. tr. [aux. avere] **1 Estarrecer, arrepiar.** La notizia sconvolse tutta la famiglia. *A noticia esta-*

*rreceu a toda a familia.* **2 Desbaratar (desordenar).** Il nuovo direttore ha sconvolto tutti i miei progetti. *O novo director desbaratou tódolos meus proxectos.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 11.*

**sconvolgimento** s.m. **Trastorno.** Il cambio di orario causò un grande sconvolgimento tra gli operai. *O cambio de horario causou un gran trastorno entre os obreiros.*

**scopa** s.f. **1 Vasoira.** Come è sporco questo pavimento! Passami la scopa. *¡Que sucio está este chan! Pásame a vasoira.* **2 Escoba (xogo).** Quando gioco a scopa con mio nonno perdo sempre. *Cando xogo á escoba co meu avó perdo sempre.*

**scopare** v. tr. [aux. avere] **1 Varrer.** Devi scopare prima di lavare il pavimento. *Tes que varrer antes de frega-lo chan.* **2 (fig., vulg.) Foder.** Non vuole solo scopare, sta cercando una relazione seria. *Non quere só foder, está buscando unha relación seria.*

**scoperta** s.f. **Descubrimiento, descuberta, achado.** La scoperta di questi batteri è importante per la medicina. *O descubrimento destas bacterias é importante para a medicina.* # **bella scoperta!** (iron.): ¡que descubrimento!

**scoperto** -a *part. pas. de scoprire e adx.* **Descuberto -a (destapado).** Se dormi tutto scoperto prenderai un raffreddore. *Se dormes todo descuberto collerás un arrefriado.* # **andare a capo scoperto:** andar sen sombreiro; **assegno, conto corrente scoperto:** cheque, conta corrente en descuberto.

**scopo** s.m. **Obxectivo, finalidade, propósito.** Farebbe qualsiasi cosa pur di raggiungere il suo scopo. *Faria calquera cousa con tal de acada-lo seu obxectivo.* # **avere uno scopo:** ter unha meta; **prefiggersi uno scopo:** fixar un obxectivo.

**scoppiare** v. intr. [aux. essere] **1 Estoupar, rebentar.** È scoppiata una bomba. *Estoupou unha bomba.* **2 (fig.) Estalar.** La guerra scoppiò nonostante i tentativi di evitarla. *A guerra estalou a pesar das tentativas para evitala.* **3 (fig.) Romper a.** Scoppiò a piangere senza motivo. *Rompeu a chorar sen motivo.* **4 (fig.) Rebentar.** Devo parlargli altrimenti scoppio. *Teño que falarlle senón rebento.* # **mangiare fino a scoppiare:** comer ata rebentar; **scoppiare dal caldo:** morrer coa calor; **scoppiare dalla rabbia / dall'invidia:** morrer coa rabia / coa envexa; **scoppiare dal ridere:** rebentar coa risa; **scoppiare di salute:** ter moita saúde. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7.*

**scoppio** s.m. **1 Estoupido.** Il crollo dell'edificio è stato causato dallo scoppio di una bomba. *O derrubamento do edificio foi causado polo estoupido dunha bomba.* **2 (fig.) Estalido.** Il suo scoppio di collera era dovuto alla brutta notizia. *O seu estalido de cólera era debido á mala noticia.* Per evitare lo scoppio dei disordini sono state prese molte misure

di sicurezza. *Para evita-lo estalido das desordes tomáronse moitas medidas de seguridade.*

**scoprire I** v. tr. [aux. avere] **1 Descubrir, destapar.** Le scopri una spalla con una carezza. *Descubriuille un ombro cunha caricia.* **2 (fig.) Descubrir, desvelar, revelar.** Non scoprirà per ora i suoi piani. *Non descubrirá polo de agora os seus plans.* **3 Descubrir.** Colombo scopri l'America. *Colón descubriu América.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Descubrirse, destaparse.** Non ti scoprire perché fa freddo. *Non te descubras porque vai frío.* **2 (fig.) Pronunciarse, manifestarse (mostra-lo que se pensa).** Non ti dirà quello che pensa perché non vuole scoprirsi. *Non che dirá o que pensa porque non quere pronunciarse.* # **scoprire l'acqua calda:** *descubri-la pólvora;* **scoprire le proprie carte:** *mostra-las verdadeiras intencións.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 85.

**scoraggiamento** s.m. **Desalento, desazo, desánimo.** Dopo il cattivo risultato dell'esame gli è venuto un forte scoraggiamento. *Despois do mal resultado do exame veulle un forte desalento.*

**scoraggiare I** v. tr. [aux. avere] **Desalentar, desanimar.** La sconfitta scoraggiò i giocatori. *A derrota desanimou os xogadores.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Desalentarse, desanimarse.** Si sono scoraggiati quando hanno saputo che la malattia era incurabile. *Desalentáronse cando souberon que a enfermidade era incurable.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**scorciatoia** s.f. **Atallo.** Se prendete quella scorciatoia arriverete più in fretta. *Se colledes aquel atallo chegaredes máis rapidamente.*

**scordare I** v. tr. [aux. avere] **Esquecer.** Ho scordato il suo indirizzo. *Esquecín o seu enderezo.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **1 Esquecerse.** Mi sono scordata di comprare il pane. *Esquecínme de merca-lo pan.* **2 Desafinarse (un instrumento).** La chitarra si è scordata. *A guitarra desafínouse.* ♦ *Para referirse a 'escordar (sacar do sitio un óso)' en italiano emprégase a expresión prendere una storta.*

**scorgere** v. tr. [aux. avere] **Albiscar, divisar.** Si scorge l'isola in lontananza. *Albiscase a illa ó lonxe.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 11.

**scorpione** s.m. **1 Escorpión, alacrán.** Lo scorpione è un aracnide velenoso. *O escorpión é un arácnido velenoso.* **2 (Astrol.) Escorpión.** È nata sotto il segno dello Scorpione. *Naceu baixo o signo de Escorpión.*

**scorrere I** v. intr. [aux. essere] **Fluír.** L'acqua scorre nel torrente. *A auga flúie polo torrente.* **II** v. tr. [aux. avere] **Follear.** Ho scorso velocemente le pagine di questo libro e mi sembra interessante. *Folleei rapidamente as páxinas deste libro e paréceme interesante.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 35.

**scorrettezza** s.f. **Incorrección.** Questa tesi è piena di scorrettezze. *Esta tese está chea de incorreccións.*

**scorretto -a** adx. **Incorrecto -a.** Hai organizzato la tua relazione in modo scorretto. *Organizáche-la túa comunicación de forma incorrecta.* Hai agito in modo scorretto. *Actuaches de forma incorrecta.*

**scorrevole** adx. **Corredizo -a, corredío -a.** Hanno installato delle pareti scorrevoli. *Instalaron unhas paredes corredizas.*

**scorso -a** part. pas. de scorrere e adx. **Pasado -a (que xa pasou).** Il mese scorso sono andato a Parigi. *O mes pasado fun a París.*

**scorta** s.f. **1 Escolta.** Il trasporto del missile veniva protetto da una scorta militare. *O transporte do mísil viña protexido por unha escolta militar.* **2 Provisión, reserva.** Per il fine settimana in montagna dobbiamo portare una buona scorta di viveri. *Para a fin de semana na montaña temos que levar unha boa provisión de víveres.* # **ruota di scorta:** *roda de reposito.*

**scortese** adx. **Desatento -a, descortés.** Non vado più in quel negozio perché la padrona è piuttosto scortese. *Non vou máis a aquel comercio porque a propietaria é bastante desatenta.*

**scortesia** s.f. **1 Desconsideración.** La sua scortesia mi ha offeso. *A súa descortesía ofendeume.* **2 Descortesía.** È stata una scortesia lasciarlo lì da solo. *Foi unha descortesía deixalo alí só.*

**scorza** s.f. **Monda, casca, tona.** Bisogna grattugiare la scorza del limone. *Hai que rela-la monda do limón.*

**scossa** s.f. **Sacudida.** Ha dato una scossa all'albero per far cadere i frutti maturi. *Deulle unha sacudida á árbore para facer cae-las froitas maduras.* # **scossa di terremoto:** *tremor de terra;* **scossa elettrica:** *descarga eléctrica.*

**scostare I** v. tr. [aux. avere] **Apartar, afastar.** Per favore, scosta le tende, c'è poca luce. *Por favor, aparta as cortinas, hai pouca luz.* **II** v. refl. [aux. essere] **Apartarse, afastarse.** Scostati dal muro, è stato appena verniciato. *Apártate do muro, acabano de pintar.*

**scotch** s.m. inv. **Celo.** Ho bisogno dello scotch per attaccare questo avviso sulla porta. *Necesito celo para pegar este aviso na porta.*

**scottare I** v. tr. [aux. avere] **Queimar, pelar.** Il sole gli ha scottato la pelle. *O sol queimoulle a pel.* **II** v. refl. e intr. pron. [aux. essere] **1 Queimarse.** Mi sono scottato una mano con l'acqua bollente. *Queimei unha man con auga fervendo.* **2 (fig.) Sufrir un desengano.** Si è già scottato una volta con i colleghi di lavoro. *Sufriu xa un desengano cos colegas de traballo.* **III** v. intr. [aux. avere] **Queimar.** Attenzione, l'acqua scotta! *¡Atención, a auga queima!* # **la situazione scotta (fig.):** *a situación está que arde.*

**scottatura** *s.f.* **Queimadura**. Il farmacista gli ha dato una pomata per le scottature. *O boticario deulle unha pomada para as queimaduras.*

**screpolare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Gretar, lañar**. Il freddo mi screpola le labbra. *O frío grétame os labios.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Gretarse, lañarse**. Mi si sono screpolate le mani. *Gretáronseme as mans.* **OBS.:** io screpolo; *v. irreg. V. táboa 1.*

**screpolatura** *s.f.* **Greta, laña**. Quando sorrideva le faceva male la screpolatura del labbro. *Cando sorría facíalle dano a greta do labio.*

**scricchiolare** *v. intr.* [*aux. avere*] **1 Renxer, rechar, rinchar**. Ho sentito scricchiolare il pavimento. *Sentín renxe-lo chan.* **2** (*fig.*) **Resentirse** (*empezar a debilitarse*). Il loro matrimonio ha cominciato a scricchiolare dopo un paio d'anni. *O seu matrimonio comezou a resentirse despois dun par de anos.* **OBS.:** io scricchiolo; *v. irreg. V. táboa 1.*

**scricchiolio** *s.m.* **Acción de renxer.**

**scritto -a I** *part. pas. de scrivere e adx.* **Escrito -a**. Si tratta di una norma della lingua scritta. *Trátase dunha norma da lingua escrita.* **II** *s. 1* (*m.*) **Escrito**. Abbiamo trovato scritti inediti di questo autore. *Atopamos uns escritos inéditos deste autor.* **2** (*f.*) **Pintada, graffiti**. Il muro era pieno di scritte. *O muro estaba cheo de pintadas.* **3** (*f.*) **Inscrición** (*escrito*). Sulla lapide c'era una scritta. *Sobre a lápida había unha inscrición.* # **scritta pubblicitaria**: *letreiro publicitario.*

**scrittore -trice** *s.* **Escritor -ora**. È un bravo scrittore. *É un escritor moi bo.*

**scrittura** *s.f.* **1 Letra** (*caligrafía*). Nessuno capiva la tua scrittura. *Ninguén entendía a túa letra.* **2 Escritura** (*documento*). È andata dal notaio per firmare la scrittura. *Foi onda o notario para firma-la escritura.* # **Sacre Scritture**: *Sagradas Escrituras*; **scritture contabili**: *libro de contabilidade.*

**scrivania** *s.f.* **Escritorio** (*mesa*). Ho comprato una nuova scrivania. *Merquei un novo escritorio.*

**scrivere** *v. tr.* [*aux. avere*] **Escribir**. Ho scritto una lettera a mio fratello. *Escribinlle unha carta a meu irmán.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 69.*

**scrofa** *s.f.* **Porca, cocha, marrana**. La scrofa ha partorito quattro maialini. *A porca pariu catro bacoriños.*

**scrollare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Sacudir** (*abanear*). Ha scrollato il ramo per far cadere le mele. *Sacudiu a póla para facer cae-las mazás.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Sacudirse**. Il cane si è scrollato mentre lo lavavo e mi ha bagnato. *O can sacudiuse mentres o lavaba e molloume.* # **scrollare il capo**: *move-la cabeza negativamente*; **scrollare le spalle**: *move-los*

*ombros para indicar ignorancia ou indiferencia*; **scrollarsi di dosso qualcosa**: *librarse de algo.*

**scrosciare** *v. intr.* [*aux. essere / avere*] **1 Caer fragorosamente** (*a auga*). Sentivamo scrosciare l'acqua della cascata, ma non la vedevamo. *Sentiamos caer fragorosamente a auga da ferverza pero non a viamos.* **2** (*fig.*) **Chover**. Alla fine dello spettacolo scrosciarono gli applausi. *Ó final do espectáculo choveron os aplausos.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 3.*

**scrupolo** *s.m.* **Escrúpulo**. È una persona senza scrupoli. *É unha persoa sen escrúpulos.* Pulisce la casa con molto scrupolo. *Limpa a casa con moito escrúpulo.*

**scrupoloso -a** *adx.* **Escrupuloso -a, minucioso -a, meticoloso -a**. Di lui puoi fidarti, è molto scrupoloso nel suo lavoro. *Del podes fiarte, é moi escrupuloso no seu traballo.*

**scrutare** *v. tr.* [*aux. avere*] **Escrutar, espreitar, escudriñar**. Scrutava l'orizzonte cercando un sentiero che la portasse al rifugio. *Escrutaba o horizonte buscando unha senda que a levase ó refuxio.*

**scrutinio** *s.m.* **1 Escrutinio**. Lo scrutinio fu annullato perché il numero delle schede non corrispondeva a quello dei votanti. *O escrutinio foi anulado porque o número de papeletas non correspondía co dos votantes.* **2 Avaliación** (*dos estudantes*). Mentre si svolgevano gli scrutini, gli studenti aspettavano fuori i risultati. *Mentres se desenvolvían as avaliações os estudantes esperaban fóra os resultados.*

**scucire I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Descoser**. Ho scucito il vestito e adesso faccio una gonna con la stessa stoffa. *Descosín o vestido e agora fago unha saia co mesmo pano.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Descoserse**. I pantaloni nuovi si sono già scuciti. *Os pantalóns novos xa se descoseron.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 81.*

**scucito -a** *part. pas. de scucire e adx.* **Descosido -a**. Hai l'orlo dei pantaloni scucito. *Te-la dobra do pantalón descosida.*

**scudo** *s.m.* **1 Escudo**. Si difendeva con uno scudo di bronzo. *Defendíase cun escudo de bronce.* **2 Escudo de armas, brasón**. Sullo scudo della sua famiglia sono raffigurati un albero e due leoni. *No escudo de armas da súa familia hai representados unha árbore e dous leóns.* # **farsi scudo di / con**: *escudarse en*; **levata di scudi**: *protesta enérxica.*

**scultore -trice** *s.* **Escultor -ora**. Michelangelo è forse lo scultore italiano più famoso. *Miguel Anxo é quizais o escultor italiano máis famoso.*

**scultura** *s.f.* **Escultura**. L'arte che preferisco è la scultura. *A arte que prefiro é a escultura.* Al museo ho visto molte sculture di marmo. *No museo vin moitas esculturas de mármore.*



**scuocere I** v. intr. [aux. essere] **Pasar** (na cocción). Questa pasta non mi piace: è scotta. *Esta pasta non me gusta, está pasada.* **II** intr. pron. [aux. essere] **Pasarse** (na cocción). La pasta si scuoce rapidamente. *A pasta pásase rapidamente.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 37.*

**scuola** s.f. **1 Ensino** (instrucción, educación). È stata approvata la riforma della scuola. *Foi aprobada a reforma do ensino.* **2 Escola.** Vado sempre a scuola a piedi. *Vou sempre á escola a pé.* Questo autore appartiene alla scuola dei poeti ermetici. *Este autor pertence á escola dos poetas herméticos.*

**scuotere I** v. tr. [aux. avere] **1 Axitar.** Devi aggiungere un po' di sciroppo di menta e poi scuotere la bottiglia. *Tes que engadir un pouco de xarope de menta e despois axita-la botella.* **2** (fig.) **Axitar, inquietar, desacougar.** Quella confessione la scosse profondamente. *Esa confesión axitoua profundamente.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Sacudir.** Prima di entrare si scosse di dosso la neve. *Antes de entrar sacudiu a neve que levaba enriba.* # **scuotere il capo / la testa:** move-la cabeza negativamente; **scuotere le spalle:** move-los ombros para indicar ignorancia ou indiferencia; **scuotere qualcuno dal sonno:** esperar a alguén sacudíndoo. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 64.*

**scure** s.f. **Machado.** Ha abbattuto l'albero con la scure. *Abateu a árbore co machado.*

**scurire I** v. tr. [aux. avere] **1 Escurecer** (unha cor). Ho scurito le scarpe con un lucido particolare. *Escurecín os zapatos cun betume particular.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Escurecerse** (unha cor). Il cuoio si scurisce con il tempo. *O coiro escurécese co tempo.* **OBS.:** io scurisco, tu scurisci.

**scuro -a** adx. **1 Escuro -a.** Il cielo diventò scuro e cominciò a piovere. *O ceo púxose escuro e comenzou a chover.* La ragazza indossava un abito scuro. *A rapaza levaba un vestido escuro.* Ho comprato una coperta di colore verde scuro. *Merquei unha colcha de cor verde escura.* **2** (fig.) **Sombrio -a, sombrizo -a, tétrico -a.** Che faccia scura hai questa mattina! *¡Que cara sombría tes esta mañá!* # **essere scuro in volto:** estar preocupado, enfadado.

**scusa** s.f. **1 Escusa, desculpa.** Ha presentato le sue scuse per quel malinteso. *Presentou as súas escusas por aquel malentendido.* **2 Escusa, pretexto, desculpa.** Il fatto che sia difficile trovare parcheggio non mi sembra una buona scusa per arrivare sempre in ritardo. *O feito de que sexa difícil atopar aparca-doiro non é unha boa escusa para chegar sempre tarde.* # **chiedere scusa:** pedir perdón.

**scusare I** v. tr. [aux. avere] **1 Perdoar, desculpar.** Scusami se ti ho offeso. *Perdáame se te ofendín.* **2 Escusar, desculpar.** L'età non scusa il suo comportamento. *A idade non escusa o seu comportamento.* **II** v. refl. [aux. essere] **Escusarse, desculparse.** Si è

scusato per il ritardo. *Escusouse polo atraso.* # **scusi!:** ¡perdón!

**sdegnare I** v. tr. [aux. avere] **Desprezar, menosprezar.** Ci sdegnia perché non condividiamo i suoi gusti. *Desprezanos porque non compartímo-los seus gustos.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Indignarse.** Si è sdegnato per la tua risposta. *Indignouse pola túa resposta.*

**sdegno** s.m. **Indignación.** L'attentato suscitò lo sdegno dei cittadini. *O atentado suscitou a indignación dos cidadáns.*

**sdegnoso -a** adx. **Desdeñoso -a.** Il suo atteggiamento sdegnoso gli creò molte inimicizie. *O seu comportamento desdeñoso creoulle moitas inimizadas.*

**sdraiare I** v. tr. [aux. avere] **Tombar** (deitar). L'hanno sdraiata sul letto perché aveva le vertigini. *Tombárona na cama porque tiña vertixe.* **II** v. refl. [aux. essere] **Tombarse.** Sono stanchissimo, mi sdraierò sul divano cinque minuti. *Estou moi canso, tombaréime no sofá cinco minutos.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7.*

**sdraio (sedia a-)** loc. s. **Hamaca** (cadeira baixa). In quella spiaggia si affittano sedie a sdraio. *Naquela praia alúganse hamacas.*

**sdrammatizzare** v. tr. [aux. avere] **Quitar importancia.** Cerchiamo di sdrammatizzare la situazione, il problema non è così grave. *Intentemos quitarlle importancia á situación, o problema non é tan grave.*

**se I** pron. pers. átono. **Se.** Se ne va? *¿Vaise?* **II** conx. **Se.** Se puoi, telefonami. *Se podes, chámame por teléfono.* Se te l'hanno detto devi crederci. *Se cho dixeron debes crelo.* Si comporta come se non mi conoscesse. *Compórtase coma se non me coñecese.* **OBS.:** substitúe o pron. refl. si diante de la, le, li, lo e ne.

**sé** pron. pers. **Si.** Pensa solo a sé. *Só mira por si.* # **da sé:** por si mesmo; **essere chiuso in sé:** estar ensimesmado; **essere fuori di sé:** estar fóra de si; **essere pieno di sé:** estar moi orgulloso de si mesmo; **non essere in sé:** volverse tolo; **rientrare in sé:** volver en si; **se stesso:** si mesmo; **tenere qualcosa per sé:** gardar un segredo para si; **va da sé:** é obvio.

**sebbene** conx. **Ainda que.** Sebbene mi avesse offeso, le rivolsi la parola. *Ainda que me ofendera, dirixílle a palabra.*

**seccante** adx. **Molesto -a** (que enfastía). La sua presunzione è seccante. *A súa presunción é molesta.*

**seccare I** v. tr. [aux. avere] **1 Secar** (xeralmente, por acción dos elementos). Il sole ha seccato le piante. *O sol secou as plantas.* La mancanza di pioggia ha seccato il torrente. *A falta de chuvia secou o torrente.* Il parlare tanto mi ha seccato la gola. *Falar tanto*

*secoume a gorxa. 2 (fig.) Molestar, amolar.* La sua invadenza mi ha seccato. *A súa intromisión molestoume. II v. intr. pron. 1 Secar (xeralmente, por acción dos elementos).* Le piante si sono seccate perché ti sei dimenticato di bagnarle. *As plantas seccaron porque te esqueciches de regalas. 2 Secar, agostarse.* Durante l'estate spesso questo ruscello si secca. *Durante o verán a miúdo este regato seca. 3 (fig.) Fartarse, cansarse, encherse.* Si è seccata dei suoi ritardi. *Fartouse dos seus atrasos. OBS.:* io secco, tu secchi; v. irreg. *V. táboa 5. ♦ Para referirse a 'secar (cun pano, toalla, secador, sol...)' en italiano emprégase o termo asciugare.*

**secchio** *s.m. Caldeiro.* Riempimi il secchio d'acqua, per favore. *Encheme o caldeiro de auga, por favor.*

**secco -a** *adx. Seco -a (tamén fig.).* A causa di questo clima secco ci sono molti incendi. *Debido a este clima seco hai moitos incendios.* Le piante sono seche. *As plantas están secas.* Mi ha dato una risposta secca. *Deume unha resposta seca.* Preferisco lo spumante secco a quello dolce. *Prefiro o champaña seco ó doce. # fare secco qualcuno: deixar cortado a alguén, matar a alguén; frutta secca: frutos secos; lavare a secco: lavar en seco; restarci secco: quedar teso, morrer; tirare in secco una barca: poñer en seco unha barca. OBS.:* m. pl. secchi, f. pl. secche. ♦ *Para referirse a 'seco, enxoiito' en italiano emprégase o termo asciutto.*

**secolare** *adx. 1 Secular.* In questa zona sopravvivono alcune tradizioni secolari. *Nesta zona sobreviven algunhas tradicións seculares. 2 Secular, segrar.* Il Papa parlò del potere secolare della Chiesa. *O Papa falou do poder secular da Igrexa.*

**secolo** *s.m. 1 Século (tamén fig.).* È un'opera del diciassettesimo secolo. *É unha obra do século XVII.* È un secolo che aspetto una risposta. *Fai un século que espero unha resposta. 2 Século, centuria.* Quella casa ha poco più di un secolo. *Esa casa ten pouco máis dun século.*

**secondario -a** *adx. Secundario -a (acesorio).* Mi sembra che questo argomento sia secondario e che si possa trattare in seguito. *Paréceme que este argumento é secundario e que se pode tratar a continuación. # Istituto secondario superiore / insegnamento secondario: Instituto de ensino medio / ensino medio.*

**secondo I** *adx. num. Segundo -a.* È la seconda volta che faccio la coda. *É a segunda vez que fago a cola.* Ho prenotato una cabina di seconda classe. *Reservei un camarote de segunda clase. II s.m. 1 Segundo.* Arrivò secondo. *Chegou de segundo.* Mancano trenta secondi alla fine del primo tempo. *Faltan trinta segundos para o final do primeiro tempo. 2 Segundo prato.* Normalmente mangio un secondo e la frutta. *Normalmente como un segundo prato e*

*froita. III prep. Segundo.* Ho agito secondo la legge. *Actuei segundo a lei.* Secondo me, hai torto. *Segundo a miña opinión, equivocácheste. IV adv. Segundo.* Non vengo: primo perché non ho la macchina e secondo perché sono stanca. *Non vou: primeiro porque non teño coche e segundo porque estou cansa. # avere un secondo fine: ter dobre intención; oggetti di seconda mano: obxectos de segunda man.*

**sedano** *s.m. Apio.* Il sedano è un ortaggio molto usato nella cucina italiana. *O apio é unha hortaliza moi usada na cociña italiana.*

**sede** *s.m. 1 Sede.* La cooperativa ha cambiato sede. *A cooperativa cambiou de sede.* Torino è la sede di una importante fiera del libro. *Torino é a sede dunha importante feira do libro. 2 (ext.) Lugar (circunstancia).* Questa non è la sede adatta per trattare l'argomento. *Este non é o lugar axeitado para tratarlo asunto. # in sede di: durante a sesión; in separata sede: en privado, en sesión especial; Santa Sede: Santa Sé. ♦ Para referirse á 'sede (de beber)' en italiano emprégase o termo sete.*

**sedentario -a** *adx. Sedentario -a.* Ho bisogno di camminare perché faccio un lavoro sedentario. *Necesito camiñar porque fago un traballo sedentario.* Le tribù sedentarie si dedicavano all'agricoltura. *As tribos sedentarias dedicábanse á agricultura.*

**sedere I** *v. intr. e intr. pron. [aux. essere] Sentar(se).* Siediti sul divano. *Senta no sofá.* Si è seduto sul letto. *Sentouse na cama. OBS.:* v. irreg. *V. táboa 70. II s.m. (fam.) Traseiro.* È caduto e ha battuto il sedere. *Caeu e golpeouse no traseiro.*

**sedia** *s.f. Cadeira.* Ho comprato quattro sedie per il salone. *Merquei catro cadeiras para o salón. # sedia a dondolo: randeeira; sedia a rotelle: cadeira de rodas; sedia a sdraio: hamaca; sedia elettrica: cadeira eléctrica.*

**sedile** *s.m. Asento.* Questo sedile è un po' scomodo. *Este asento é un pouco incómodo.*

**sedurre** *v. tr. [aux. avere] 1 Seducir.* Sono stato sedotto dalla sua voce. *Fun seducido pola súa voz.* Ha sedotto la ragazza e poi l'ha abbandonata. *Seduciu a rapaza e despois abandonouna. 2 Seducir, cativar, fascinar.* Questa proposta non mi seduce. *Esta proposta non me seduce. OBS.:* v. irreg. *V. táboa 18.*

**seduta** *s.f. Sesión.* Alle cinque incomincia la seduta parlamentare. *As cinco comenza a sesión parlamentaria.* Ho preso appuntamento per una seduta di psicoterapia. *Pedin cita para unha sesión de psicoterapia. # seduta stante: durante a sesión, no acto (axiña).*

**seduttore -trice** *s. Seductor -ora.* Casanova era un grande seduttore. *Casanova era un gran seductor.*

**seduzione** *s.f.* **Sedución**. La sua tecnica di seduzione consiste nell'apparire timido e indifeso. *A súa técnica de seducción consiste en aparentar tímido e indefeso.*

**sega** *s.f.* **Serra** (ferramenta). Hanno tagliato gli alberi con una sega. *Cortaron as árbores cunha serra. # essere una mezza sega* (vulg.): *ser unha persoa de pouca valía*; **farsi una sega** (vulg.): *masturbarse*. **OBS.:** *pl.* seghe.

**segale** *s.f.* **Centeo**. Mi ha consigliato di mangiare pane di segale perché ha molta fibra. *Aconselloume comer pan de centeo porque ten moita fibra.*

**segare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Serrar**. Devo segare molte assi di legno. *Teño que serrar moitas táboas de madeira. OBS.:* io sego, tu seghi; *v. irreg.* *V. táboa* 6.

**segmento** *s.m.* (*Mat.*) **Segmento**. Gli studenti dovevano tracciare un segmento tra i punti A e B. *Os estudantes debían trazar un segmento entre os puntos A e B.*

**segnalare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Sinalar, indicar**. Quel cartello segnala un divieto di sosta. *Aquel cartel sinala unha prohibición de aparcamento. 2 Sinalizar*. I naufraghi hanno segnalato la loro posizione con la pistola lanciarazzi. *Os náufragos sinalizaron a súa posición cunha pistola lanzabengalas. 3 Indicar* (*dar a coñecer*). Hanno segnalato all'assistente sociale il caso di un ragazzino con gravi problemi familiari. *Indicáronlle ó asistente social o caso dun rapaciño con graves problemas familiares. II v. refl.* [*aux.* essere] **Distinguirse, destacar, sobresaír**. L'atleta si è segnalato per la sua velocità. *O atleta distinguíuse pola súa velocidade.*

**segnale** *s.m.* **Sinal** (*previamente acordado*). Come segnale suonerà tre volte il campanello. *Como sinal tocará tres veces o timbre. # segnale d'allarme: sinal de alarma; segnale orario: sinal horario; segnale stradale: sinal de circulación.*

**segnare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Sinalar, indicar**. Ha segnato il percorso con dei rami. *Sinalou o percorrido cunhas pólas. 2 Anotar, apuntar*. Mi sono segnato il suo numero di telefono. *Anotei o seu número de teléfono. 3 Marcar, sinalar*. Il termometro segna la temperatura corporea. *O termómetro marca a temperatura corporal. 4 (Dep.) Marcar*. Il giocatore ha segnato un gol. *O xogador marcou un gol. II v. refl.* [*aux.* essere] **Persignarse**. Si è segnata passando davanti al cimitero. *Persignouse ó pasar diante do cemiterio. # segnare a dito: sinalar co dedo; segnare il passo: marca-lo paso.*

**segno** *s.m.* **1 Sinal, indicio**. Quest'aria così fredda è segno di neve. *Este aire tan frío é sinal de neve. 2 Sinal* (*sintoma*). Sbrigati, papà dà segni di impazienza! *¡Apura, papá dá sinais de impaciencia! 3 Sinal, aceno*. Il poliziotto mi fece segno di scendere

dalla macchina. *O policía fíxome o sinal de que baixase do coche. 4 Signo*. Oggi analizzeremo i segni di punteggiatura. *Hoxe analizáremo-los signos de puntuación. 5 Sinal, marca*. Sull'erba è rimasto il segno degli pneumatici. *Na herba quedou o sinal dos pneumáticos. 6 (Dep.) Albo, obxectivo*. Ha tirato un colpo e ha colpito nel segno. *Fixo un disparo e deu no albo. # dare / non dare segni di vita: dar / non dar sinais de vida; essere fatto segno a / di: se-lo albo de; fallire il segno: falla-lo albo; il segno della croce: o sinal da cruz; mettere a segno un colpo: dar no albo; passare / oltrepassare il segno: esaxerar; per filo e per segno: con pelos e sinais; tiro a segno: tiro ó albo; segni particolari: características físicas particulares; segno dello Zodiaco: signo do zodiaco.*

**segretario -a** *s.* **Secretario -a**. Tutti i documenti vanno consegnati al segretario. *Tódolos documentos téñenselle que entregar ó secretario.*

**segreteria** *s.f.* **Secretaría**. I documenti che cerchi sono in segreteria. *Os documentos que buscas están na secretaría*. Ha lasciato la segreteria del partito perché era stanco. *Deixou a secretaría do partido porque estaba canso. # segreteria telefonica: contestador automático.*

**segreto -a** **I** *adx.* **Secreto -a**. Ti porto al mio nascondiglio segreto. *Lévote ó meu escondedoiro secreto. II s.m. Segredo. Non svelo a nessuno i miei segreti. *Non desvelo a ningún os meus segredos.**

**seguace** *s.* **Seguidor -ora**. Francesco d'Assisi ed i suoi seguaci andarono a Gubbio. *Francisco de Asís e os seus seguidores foron a Gubio. ♦ Para referirse ó 'secuaz' en italiano emprégase o termo sca-gnozzo.*

**seguinte** **I** *adx.* **Seguinte**. Siamo andati a casa sua, ma siccome non c'era siamo tornati il giorno seguente. *Fomos á súa casa, pero como non estaba volvemos ó día seguinte. II s. **Seguinte**. Entri il seguente! *¡Que entre o seguinte!**

**seguire** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Seguir**. Lo abbiamo seguito per un lungo tratto. *Seguímoloo un bo trecho*. Ha seguito il tuo consiglio. *Seguíu o teu consello*. Seguite questa via fino in fondo e poi girate a destra. *Seguide esta rúa ata o final e despois virade á dereita*. Ha seguito un corso di informatica. *Seguíu un curso de informática*. Mi state seguendo? *¿Seguídesme?* Il martedì segue il lunedì. *O martes segue ó luns. II v. intr.* [*aux.* essere] **Seguir**. Mi ha detto ciò che segue. *Díxome o que segue*. L'articolo segue a pagina venti. *O artigo segue na páxina vinte. # seguire la moda: segui-la moda; seguire le orme / i passi di qualcuno: imita-lo comportamento de alguén; seguire qualcuno con lo sguardo: seguir a alguén coa vista.*

**seguito** *s.m.* **1 Séquito, comitiva.** È arrivato il presidente con il suo seguito. *Chegou o presidente co seu séquito.* **2 Continuación.** Il seguito della storia non è molto chiaro. *A continuación da historia non é moi clara.* **3 (fig.) Continuador, seguidor.** Le sue idee filosofiche hanno avuto molto seguito. *As súas ideas filosóficas tiveron moitos continuadores.* # **di seguito:** *todo seguido;* **in seguito:** *despois.*

**selettivo -a** *adx.* **Selectivo -a.** Mi sembra sbagliato usare criteri troppo selettivi per ammettere gli allievi in questa scuola. *Paréceme equivocado utilizar criterios demasiado selectivos para admiti-los alumnos nesta escola.*

**selezione** *s.f.* **1 Selección, escolla.** Ha fatto una selezione tra i ragazzi per l'opera di teatro. *Fixo unha selección entre os rapaces para a obra de teatro.* **2 Selección, escolla.** Questa è una selezione dei testi da inserire nell'antologia. *Esta é unha selección de textos para incluír na antoloxía.*

**sella** *s.f.* **Sela.** Ha messo la sella al cavallo. *Púxolle a sela ó cabalo.* La sella della bicicletta si è rotta. *A sela da bicicleta rompeu.*

**selva** *s.f.* **Selva.** Nella fitta selva penetrava a malapena la luce. *Na selva espesa penetraba con dificultade a luz.*

**selvaggio -a** *adx.* **1 Salvaxe, silvestre.** Il lupo è un animale selvaggio. *O lobo é un animal salvaxe.* **2 Salvaxe (tamén fig.).** È un'isola disabitata e selvaggia. *É unha illa deshabitada e salvaxe.* Ha commesso un delitto crudele e selvaggio. *Cometeu un delito cruel e salvaxe.* La selvaggia speculazione edilizia ha rovinato la bellezza di questi luoghi. *A salvaxe especulación inmobiliaria arruinou a beleza destes lugares.* **II s.** **Salvaxe.** Urlavano come dei selvaggi. *Berraban coma uns salvaxes.*

**selvatico -a** *adx.* **1 Silvestre, salvaxe (planta).** Quando siamo andati in montagna, abbiamo visto fiori selvatici di molti colori. *Cando fomos á montaña, vimos flores silvestres de moitas cores.* **2 Salvaxe, bravo -a, silvestre (animal).** L'orso è un animale selvatico. *O oso é un animal salvaxe.* **OBS.:** *m. pl. selvatici, f. pl. selvatiche.*

**semaforo** *s.m.* **Semáforo.** È sempre distratto quando il semaforo diventa verde. *Está sempre distraído cando o semáforo se pon verde.*

**sembrare** **I** *v. intr.* [*aux.* essere] **Semellar, parecer, asemellar.** Quando parli così sembri tuo padre. *Cando falas así semélla-lo teu pai.* **II** *v. intr.* *impers.* [*aux.* essere] **Parecer.** Mi sembra giusto ciò che dici. *Paréceme xusto o que dis.*

**seme** *s.m.* **1 (Bot.) Semente, inzo.** Ho comprato dei semi di viola da piantare. *Comprei sementes de violeta para plantar.* **2 Seme, esperma.** Raccolgono il seme per procedere all'inseminazione artificiale.

*Recollen o seme para proceder á inseminación artificial.* **3 (fig.) Orixe, causa, motivo.** L'eredità è stata il seme della discordia. *A herdanza foi a orixe da discordia.* **4 Pao (dos naipes).** Nella scala reale le carte devono essere tutte dello stesso seme. *Na escaleira de cor as cartas deben ser todas do mesmo pao.* # **olio di semi / di semi di girasole:** *aceite de sementes / de xirasol.* ♦ *Para referirse á 'semente, sementeira' en italiano emprégase o termo semina.*

**semina** *s.f.* **Sementeira.** Quest'anno la semina del grano è stata fatta in ottobre. *Este ano a sementeira do trigo fíxose en outubro.*

**seminare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Sementar.** Ho seminato vari tipi di fiori nel mio giardino. *Sementei varios tipos de flores no meu xardín.* # **seminare zizzania:** *sementar discordia.* **OBS.:** io *semino;* *v. irreg. V. táboa 1.*

**seminario** *s.m.* **Seminario.** Ha studiato in Seminario perché voleva diventare sacerdote. *Estudou no Seminario porque quería chegar a ser sacerdote.* Il professore ha fatto un seminario sulla letteratura rinascimentale. *O profesor fixo un seminario sobre a literatura do Renacemento.*

**semmai** *adv.* **En calquera caso.** Oggi non posso aiutarti, semmai possiamo lavorare insieme domani. *Hoxe non podo axudarche, en calquera caso podemos traballar xuntos mañá.*

**semplice** *adx.* **1 Simple (non composto).** Hai cucito i bottoni a filo semplice? *¿Cosiche-los botóns con fio simple?* **2 Simple, doado -a, fácil.** Per capirlo basta un semplice ragionamento. *Para enténdelo basta un simple razoamento.* **3 Sinxelo -a, simple.** La dottoressa portava un abito semplice ma elegante. *A doutora levaba un traxe sinxelo pero elegante.* È un uomo semplice e sincero. *É un home sinxelo e sincero.* **4 Simple, inxenuo -a, pánfilo -a.** Bisogna essere semplici per credere alle sue promesse. *Hai que ser simples para crer nas súas promesas.* **5 Raso (sen rango).** Tuo fratello è soldato semplice. *O teu irmán é soldado raso.*

**semplicità** *s.f. inv.* **1 Simplicidade, sinxeleza.** La semplicità di questo test è ridicola. *A simplicidade deste test é ridícula.* Mi piaceva molto l'elegante semplicità dei suoi abiti. *Gustábame moito a elegante simplicidade dos seus traxes.* **2 Simplicidade, simpleza, inxenuidade.** Le sue parole rivelano la semplicità e l'ingenuità delle sue idee. *As súas palabras revelan a simplicidade e inxenuidade das súas ideas.*

**semplificare** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Simplificar.** È necessario semplificare il progetto a cui stiamo lavorando. *É necesario simplifica-lo proxecto no que estamos traballando.* **II** *v. intr.* *pron.* [*aux.* essere] **Facerse máis simple.** Le cose si sono semplificate quando è arrivato il nuovo direttore. *As cousas fíxéronse máis simples cando chegou o novo director.*

**OBS.:** io semplifico, tu semplifichi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**semplificazione** s.f. *Simplificación.* La tua interpretazione del testo contiene troppe semplificazioni. *A túa interpretación do texto contén demasiadas simplificacións.*

**senape** s.f. *Mostaza.* Vorrei un hamburger con cipolla e senape. *Querería unha hamburguesa con cebola e mostaza.*

**senato** s.m. *Senado.* Nelle ultime elezioni sono stati eletti i rappresentanti per il senato. *Nas últimas eleccións elixíronse os representantes para o senado.* La legge sull'aborto si discuterà oggi al senato. *A lei sobre o aborto discutírase hoxe no senado.* # **senato accademico:** *claustru universitario.*

**senatore -trice** s. *Senador -ora.* È stato eletto senatore per il partito socialista. *Foi elixido senador polo partido socialista.*

**senno** s.m. *Siso, xuízo, tino.* Ha fatto la sua scelta con molto senno. *Fixo a súa elección con moito siso.* # **del senno di poi sono piene le fosse:** *co tempo e a experiencia decatámonos do que poderíamos ter feito no pasado.*

**seno** s.m. **1** *Seo, peito.* Quando la madre lo attaccava al seno il neonato si addormentava. *Cando a nai o achegaba ó seo o neno adormecía.* **2** *Seo, ventre.* Questa bambina è frutto del suo seno. *Esta nena é froito do seu seo.* # **in seno a:** *no seo de (ámbito dun organismo ou entidade); nascondere un sentimento in seno:* *esconder un sentimento no seo; nutrire un sentimento in seno:* *alimentar un sentimento no seo.*

**sensato -a** adx. *Sensato -a, axuízado -a, asisado -a.* Mi sembra un'idea molto sensata e prudente. *Paréceme unha idea moi sensata e prudente.*

**sensazione** s.f. *Sensación (tamén fig.).* Mi trasmette una sensazione di sicurezza e simpatia. *Trasmíteme unha sensación de seguridade e simpatía.* Ho la sensazione che non verrà. *Teño a sensación de que non virá.*

**sensibile** adx. *Sensible.* È una donna molto sensibile. *É unha muller moi sensible.* Questo apparecchio è molto sensibile ai cambiamenti di temperatura. *Este aparello é moi sensible ós cambios de temperatura.*

**sensibilità** s.f. inv. *Sensibilidade.* A causa della sua sensibilità al sole può stare poco in spiaggia. *A causa da súa sensibilidade ó sol pode estar pouco na praia.* Ha dimostrato grande sensibilità nell'andare a parlare con lui. *Demostrou moita sensibilidade ó ir falar con el.* Questo barometro dimostra poca sensibilità ai cambiamenti climatici. *Este barómetro demostra pouca sensibilidade ós cambios climáticos.*

**sensibilizzare I** v. tr. [aux. avere] *Sensibilizar.* Credo che sia necessario sensibilizzare la gente ai problemi ecologici. *Creo que é necesario sensibilizar a xente cara ós problemas ecolóxicos.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Sensibilizarse.* Grazie al suo lavoro umanitario la gente si è sensibilizzata ai problemi del terzo mondo. *Gracias ó seu labor humanitario a xente sensibilizouse cos problemas do Terceiro Mundo.*

**senso** s.m. **1** *Sentido.* I cinque sensi. *Os cinco sentidos.* Non hai senso dell'orientamento. *Non tes sentido da orientación.* Non capisco il senso delle tue parole. *Non entendo o sentido das túas palabras.* Ha risposto in senso negativo. *Respondeu en sentido negativo.* Devi prendere questa strada nell'altro senso e andare sempre dritto. *Tes que coller esta estrada no outro sentido e ir sempre recto.* **2** *Sensación.* Ho provato un senso di benessere. *Sentín unha sensación de benestar.* # **controsenso:** *contrasentido; doppio senso:* *dobre sentido; fare senso:* *dar noxo; senso comune / buon senso:* *sentido común; senso pratico:* *sentido práctico; senso unico:* *sentido único; senso vietato:* *dirección prohibida.*

**sensuale** adx. *Sensual.* È un uomo attraente e sensuale. *É un home atractivo e sensual.* Mi ha risposto con voce sensuale. *Respondeume cunha voz sensual.*

**sensualità** s.f. inv. *Sensualidade.* La sua bellezza e la sua sensualità la rendevano irresistibile. *A súa beleza e a súa sensualidade faciana irresistible.*

**sentenza** s.f. **1** *Sentencia, veredicto.* L'imputato ascoltò con ansia la sentenza della corte. *O imputado escoitou con angustia a sentenza da corte.* **2** *Sentencia, adaxio.* Alla fine del dizionario abbiamo trovato un elenco di sentenze latine. *Ó final do dicionario atopamos unha lista de sentencias latinas.*

**sentenziare** v. tr. [aux. avere] *Sentenciar, condenar.* Il tribunale sentenziò l'ergastolo. *O tribunal sentenciou cadea perpetua.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7.*

**sentiero** s.m. *Senda, carreiro, vieiro.* Per arrivare al rifugio dobbiamo prendere quel sentiero. *Para chegar ó refuxio temos que coller aquela senda.*

**sentimentale I** adx. *Sentimental.* Non mi interessano i tuoi problemi sentimentali. *Non me interesan os teus problemas sentimentais.* È un ragazzo gentile e carino, ma troppo sentimentale. *É un rapaz amable e agradable, pero demasiado sentimental.* **II** s. *Sentimental.* Può sembrare un po' burbero, ma in realtà è un gran sentimentale. *Pode parecer un pouco túzaro, pero en realidade é un gran sentimental.*

**sentimento** s.m. *Sentimento.* Ci unisce un forte sentimento d'amicizia. *Únenos un forte sentimento de*

*amizade*. È una persona di nobili sentimenti. *É unha persoa de nobres sentimentos*.

**sentinella** *s.f.* **Sentinela**. La sentinella era molto attenta a qualsiasi tipo di movimento. *A sentinela estaba moi atenta a calquera tipo de movemento*.

**sentire** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Sentir, oír**. Ho sentito un rumore. *Sentín un ruído*. Hai sentito l'ultima notizia? *¿Sentíche-la última noticia?* **2 Sentir**. Sento freddo, chiudi la finestra per favore. *Sinto frío, pecha a ventá, por favor*. Sento odore di bruciato. *Sinto olor a queimado*. Sento che quell'uomo non dice la verità. *Sinto que aquel home non di a verdade*. Sento molto affetto per lei. *Sente moito afecto por ela*. **3 Consultar** (*pedir opinión*). Prima di sottoporsi all'intervento, voleva sentire il suo medico. *Antes de someterse á operación, quería consulta-lo seu médico*. **4 Mirar** (*comprobar*). Senti se la pasta è cotta. *Mira se a pasta está cocida*. **II v. refl.** [*aux.* essere] **Sentirse**. Oggi si sente molto meglio. *Hoxe séntese moito mellor*. Ci sentiamo in debito verso di loro. *Sentímonos en débeda con eles*. # **sentirsela**: *apetecer, ter gana, ter valor*.

**senza** *I prep.* **Sen**. Prendo il caffè senza zucchero. *Tomo o café sen azucre*. **II conx.** **Sen**. È stato due giorni senza mangiare. *Estivo dous días sen comer*. # **senz'altro**: *dende logo*; **senza dubbio**: *sen dúbida*; **senza impegno**: *sen obrigas*; **senza sosta**: *sen parar*.

**separare** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Separar, apartar**. Li abbiamo separati prima che cominciassero a picchiarsi. *Separámoslos antes de que comezaran a pelexarse*. **2 Separar** (*pór lonxe*). I Pirenei separano la Spagna dalla Francia. *Os Pirineos separan España de Francia*. **II v. refl. recip.** [*aux.* essere] **Separarse**. Ci siamo separati all'ingresso del palazzo. *Separámonos á entrada do edificio*. I due coniugi si sono separati dopo vent'anni di matrimonio. *Os dous cónxuxes separáronse despois de vinte anos de matrimonio*.

**separazione** *s.f.* **Separación**. Spero che la nostra separazione duri poco tempo e che tu possa tornare presto. *Espero que a nosa separación dure pouco tempo e que poidas volver pronto*. I coniugi andarono dall'avvocato per firmare la separazione. *Os cónxuxes foron ó avogado para firma-la separación*.

**sepulcro** *s.m.* **Sepulcro**. Una lapide di marmo copriva il sepulcro. *Unha lápida de mármore cubría o sepulcro*.

**seppellire** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Enterrar, sepultar, soterrar**. L'hanno sepolto nel cimitero del suo paese. *Sepultárono no cemiterio da súa vila*. **2 Enterrar, soterrar**. I pirati hanno sepolto il tesoro in quell'isola. *Os piratas enterraron o tesouro naquela illa*. **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] (*fig.*) **Enterrarse**. Da quando lei l'ha lasciato si è seppellito in casa e non vuole

più uscire. *Dende que ela o deixou enterrouse na casa e xa non quere saír*. **OBS.:** io seppellisco, tu seppellisci; *part. pas.* seppellito / sepolto.

**seppia** *s.f.* **Xiba, choco, chopo**. Oggi mangiamo risotto alle seppie. *Hoxe xantamos arroz con xibas*. # **osso di seppia**: *óso da xiba*; **nero di seppia**: *tinta dos cefalópodos / sepia*.

**seppure** *conx.* **Aínda que**. Ci proverò seppure sia difficile. *Intentareino aínda que sexa difícil*.

**sequenza** *s.f.* **Secuencia**. Ho visto la sequenza del film in cui i personaggi si incontrano nella villa. *Vin a secuencia do filme na que os personaxes se atopan na vila*.

**sequestrare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Embargar**. Il tribunale ha deliberato di sequestrare i beni dell'accusato. *O tribunal deliberou embargo-los bens do acusado*. **2 Incautarse de**. La polizia ha sequestrato la bevanda ritenuta responsabile dell'avvelenamento. *A policía incautouse da bebida considerada responsable do envelenamento*. **3 Secuestrar**. L'imprenditore è stato sequestrato otto mesi fa e nessuno ha ancora chiesto un riscatto. *O empresario foi secuestrado fai oito meses e aínda ninguén pediu un rescate*.

**sequestro** *s.m.* **Incautación**. Il pretore ha ordinato il sequestro del film. *O xuíz de primeira instancia ordenou a incautación do filme*. # **sequestro di persona**: *secuestro*.

**sera** *s.f.* **1 Tarde** (*dende as 18 horas*). Quando scende la sera comincia a fare freddo. *Cando cae a tarde comeza a ir frío*. **2 Noite**. Vuoi venire a cena domani sera? *¿Queres vir cear mañá pola noite?* # **abito da sera**: *traxe de noite*; **buona sera**: *boas tardes / noites*; **giornale della sera**: *edición vespertina dun xornal*.

**serale** *adx.* **1 De tarde**. Adesso fa il turno serale, prima faceva quello notturno. *Agora fai a quenda de tarde, antes facía a nocturna*. **2 De noite**. Dopo cena andremo alla rappresentazione serale. *Despois da cea iremos á representación de noite*.

**serata** *s.f.* **1 Serán**. Mi piace passeggiare nelle serate estive. *Gústame pasear nos seráns de verán*. **2 Xuntanza, reunión** (*nocturna*). È stata una serata indimenticabile. *Foi unha xuntanza inesquecible*.

**smentire** **I** *v. tr. [aux. avere] 1 Desmentir.* Il Presidente ha smentito la notizia delle sue dimissioni. *O Presidente desmentiu a noticia sobre a súa dimisión. 2 (Der.) Retractarse.* L'accusato smentì la sua prima dichiarazione. *O acusado retractouse da súa primeira declaración. II v. intr. pron. [aux. essere] Retractarse.* Le prove erano così evidenti che dovette smentirsi. *As probas eran tan evidentes que tivo que retractarse. OBS.: io smentisco, tu smentisci.*

**smentita** *s.f. Retracción.* Il Presidente del Governo ha dovuto fare una smentita pubblica. *O Presidente do Goberno tivo que facer unha retractación pública.*

**smeraldo** *s.m. Esmeralda.* Le ha regalato una collana di smeraldi. *Regaloulle un colar de esmeraldas.*

**smettere** **I** *v. tr. [aux. avere] Deixar, abandonar.* Ha smesso quell'attività. *Deixou aquela actividade. II v. intr. [aux. avere] Deixar de.* Ha smesso di piovere. *Deixou de chover.* Ti sei deciso a smettere di fumare? *¿Decidíche a deixar de fumar? # smetterla: deixar de facer algo. OBS.: v. irreg. V. táboa 50.*

**smisurato -a** *adx. Desmesurado -a, desmedido -a.* Provava un amore smisurato per i figli. *Sentía un desmesurado amor polos fillos.*

**smodato -a** *adx. Desmedido -a, desmesurado -a.* Ha mangiato e bevuto in modo smodato e ora si sente male. *Comeu e bebeu de xeito desmedido e agora séntese mal.*

**smog** *s.m. inv. Contaminación, polución.* L'aumento dello smog è un grave problema ambientale. *O aumento da contaminación é un grave problema ambiental.*

**smontare** **I** *v. tr. [aux. avere] 1 Desmontar, desarmar.* Dovrò smontare tutto il motore per vedere dov'è il problema. *Terei que desmontar todo o motor para ver ónde está o problema. 2 (fig.) Desanimar.* La notizia che mi hai dato mi ha smontato. *A noticia que me deches desanimoume. II v. intr. [aux. essere] 1 Descender, baixar (aparse).* Quando arrivarono allo zoo i bambini smontarono dall'autobus velocemente. *Cando chegaron ó zoo os nenos descenderon do autobús rapidamente. 2 Cambia-la quenda.* Questo medico smonta oggi alle nove. *Este médico cambia a quenda hoxe ás nove. III v. intr. pron. [aux. essere] (fig.) Desanimarse.* Malgrado la notizia che gli diedero non si smontò. *A pesar da noticia que lle deron non se desanimou. # smontare da cavallo: desmontar do caballo; smontare di guardia / di servizio: acaba-la garda / o servicio.*

**smorfia** *s.f. 1 Xesto, aceno.* Sul suo viso è apparsa una smorfia di dolore. *No seu rostro apareceu un xesto de dor. 2 Carantoña.* Mi faceva ridere con le sue smorfie. *Facíame rir coas súas carantoñas. 3 (fig.) Melindre.* Nonostante tutte queste smorfie non riuscirai a convincermi. *A pesar de todos estes melindres non conseguirás convencerme.*

**smorfioso -a** *adx. Melindroso -a.* È un bambino smorfioso e viziato. *É un neno melindroso e consentido. # fare la smorfiosa: coquetear cos rapaces.*

**smorto -a** *adx. 1 Pálido -a, descolorido -a, esbrancuxado -a.* Si vede che hai la febbre perché hai la faccia smorta. *Vese que tes febre porque te-la cara pálida. 2 Pálido -a, claro -a.* Non mi piace quella camicia, è di un giallo troppo smorto. *Non me gusta aquela camisa, é dun amarelo demasiado pálido.*

**smuovere** **I** *v. tr. [aux. avere] 1 Mover (cambiar de lugar).* Mi dai una mano per smuovere questo mobile? *¿Bótasme unha man para mover este moble? 2 (fig.) Modificar (cambiar).* Non riuscirai a smuovere i suoi principi. *Non conseguirás modifica-los seus principios. II v. intr. pron. [aux. essere] 1 Moverse (cambiar de lugar).* Stanno sistemando quella vecchia casa perché le fondamenta si sono smosse. *Están arranxando aquela casa vella porque os cimentos se lle moveron. 2 (fig.) Modificar (cambiar).* Malgrado tutto ciò che gli abbiamo detto non si smuoverà dalla sua decisione. *A pesar de todo o que lle dixemos non modificará a súa decisión. OBS.: v. irreg. V. táboa 51.*



**snello -a** *adx.* **Esvelto -a.** È una ragazza alta e snella. *É unha rapaza alta e esvelta.*

**snob I** *adx. inv.* **Snob.** È gente molto snob, mi sento a disagio in loro compagnia. *É xente moi snob, síntome a desgusto na súa compañía.* **II** *s.m. inv.* **Snob.** È uno snob e si dà moltissime arie. *E un snob e dáse moitísimos aires.*

**sobbalzo** *s.m.* **1 Salto, brinco, chouto.** Si è spaventato per un sobbalzo del pullman. *Asustouse por un salto do autocar.* **2 Sobresalto.** Udi dei passi nel garage ed ebbe un sobbalzo. *Escoitei pasos no garage e tiven un sobresalto.*

**sobrietà** *s.f. inv.* **Sobriedade.** Per il colloquio è meglio che tu ti vesta con sobrietà, senza dare nell'occhio. *Para o coloquio é mellor que te vistas con sobriedade, sen chama-la atención.*

**sobrio -a** *adx.* **1 Sobrio -a, parco -a.** È una persona sobria, ha bisogno di poco per vivere. *É unha persoa sobria, necesita pouco para vivir.* **2 Sobrio -a.** Sono sobrio, non ho bevuto neanche un bicchiere di vino. *Estou sobrio, non bebin nin un vaso de viño.*

**socchiudere** *v. tr.* [*aux. avere*] **Entornar** (*arrimar*). Socchiudi un po' la porta perché non entri tanta luce. *Entorna un pouco a porta para que non entre tanta luz.* Socchiudeva gli occhi a causa del vento. *Entornaba os ollos a causa do vento.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.*

**soccombere** *v. intr.* **Sucumbir.** L'esercito nemico soccombette dopo un mese di dura battaglia. *O exército inimigo sucumbiu despois dun mes de dura batalla.* **OBS.:** *carece de part. pas. e de tempos compostos.*

**soccorrere** *v. tr. e intr.* [*aux. avere*] **Socorrer, axudar, auxiliar.** Molti passanti intervennero per soccorrere i feriti. *Moitos transeúntes interviñeron para socorrer-los feridos.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 35.*

**soccorso** *s.m.* **Socorro, axuda, auxilio.** Dopo l'incidente mi prestarono soccorso tre agenti di polizia. *Despois do accidente prestáronme socorro tres axentes de policía.* # **pronto soccorso:** *primeiros auxilios.*

**sociale** *adx.* **Social.** La disoccupazione è un grave problema sociale. *O paro é un grave problema social.* # **assistente sociale:** *asistente social;* **capitale sociale:** *capital social.*

**società** *s.f. inv.* **1 Sociedade, colectividade.** Vorrei un lavoro che mi permettesse di essere utile alla società. *Querería un traballo que me permitise serlle útil á sociedade.* **2 Sociedade, entidade.** Sono membro di una società sportiva. *Son membro dunha sociedade deportiva.* **3 Sociedade** (*asociación*). Abbiamo deciso di costituire una società per gestire l'impresa. *Decidimos constituir unha sociedade para xestionar-la empresa.* # **alta società:** *alta sociedade;*

**società a responsabilità limitata:** *sociedade limitada;* **società per azioni:** *sociedade anónima.*

**socievole** *adx.* **Sociable.** È una persona molto socievole, fa amicizia con tutti. *É unha persoa moi sociable, fai amizade con todos.*

**socio -a** *s.* **Socio -a.** Devo cercare un socio per avviare una nuova azienda. *Teño que buscar un socio para poñer en marcha unha nova empresa.* # **socio fondatore:** *socio fundador;* **socio sostenitore:** *socio benfeitor.*

**soddisfacente** *adx.* **Satisfactorio -a.** Si era lamentato perché l'igiene dell'hotel non era soddisfacente. *Lamentárase porque a hixiene do hotel non era satisfactoria.*

**soddisfare** *v. tr. e intr.* [*aux. avere*] **Satisfacer.** Il risultato dell'indagine ha soddisfatto le nostre aspettative. *O resultado da investigación satisfizo as nosas expectativas.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 24.*

**soddisfazione** *s.f.* **Satisfacción.** Con molta soddisfazione apprese di aver vinto un premio. *Con moita satisfacción soubo que gañara un premio.*

**sodo -a I** *adx.* **Macizo -a** (*compacto*). È una bambina paffuta e soda. *É unha nena repoluda e maciza.* **II** *adv.* **Duro.** Ha lavorato sodo per raggiungere questi risultati. *Traballou duro para conseguir estes resultados.* # **darle / prenderle sodo:** *dar / recibir unha malleira;* **dormire sodo:** *durmir profundamente;* **uovo sodo:** *ovo duro;* **venire al sodo:** *ir ó miolo.*

**sofà** *s.m. inv.* **Sofá.** Mi piace molto il tessuto del vostro sofà. *Gústame moito o tecido do voso sofá.*

**sofferenza** *s.f.* **Sufrimento, padecemento.** Il suo viso esprime sofferenza. *O seu rostro expresa sufrimento.*

**soffermare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **Deter, parar.** Soffermò un attimo lo sguardo sul nuovo arrivato. *Detivo un intre a mirada no que acababa de chegar.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] **Pararse, deterse.** Mi sono soffermata a parlare con un collega. *Pareime a falar cun compañeiro.* # **soffermarsi su un aspetto:** *deterse nunha cuestión.*

**soffiare I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1 Soprar** (*tamén fig.*). Ha soffiato l'aria con il mantice. *Soprou aire co fol.* Un componente della banda ha soffiato alla polizia l'informazione. *Un componente da banda soproulle á policía a información.* **2 Comer** (*nas damas*). Se lasci quella pedina lì te la soffierò. *Se deixas esa ficha aí comereicha.* **3** (*fig.*) **Limpár** (*roubar*). Sono andata in bagno e quando sono ritornata mi avevano soffiato la borsa. *Fun ó baño e cando volvin limpáranme o bolso.* **II** *v. intr.* [*aux. avere*] **Soprar.** Ha soffiato con forza sulle candele e le ha spente. *Soprou con forza as candeas e apagounas.* Da est soffiava un forte vento. *Polo leste sopraba un forte vento.* #

- soffiarsi il naso:** *asoarse*; **soffiare sul fuoco** (*tamén fig.*): *aviva-lo lume*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7*.
- soffice** *adx.* **1 Brando -a, mol.** Ho comprato un cuscino soffice. *Comprei un coxín brando*. **2 Suave, leno.** Ho comprato una maglia molto soffice. *Comprei un xersei moi suave*.
- soffio** *s.m.* **Sopro.** Con un soffio spense le candele. *Dun sopra apagou as candeas*. Un soffio di vento rinfrescò l'aria. *Un sopra de vento refrescou o aire*. # **in un soffio:** *nun santiamén*.
- soffitta** *s.f.* **Faio, faiado** (*espacio*). La soffitta è il luogo preferito dai topi. *O faio é o lugar preferido polos ratos*.
- soffitto** *s.m.* **Teito** (*interior*). Questa casa ha dei soffitti molto alti. *Esta casa ten os teitos moi altos*.
- soffocante** *adx.* **Sufocante.** Un fumo soffocante invase la casa. *Un fume sufocante invadiu a casa*.
- soffocare I** v. tr. [*aux.* avere] **1 Asfixiar, afogar, esganar.** L'assasino soffocò la vittima con un cuscino. *O asasino asfixiou a vítima cun coxín*. **2 Sufocar, apagar, extinguir.** Hanno soffocato il fuoco con delle coperte. *Sufocaron o lume cunhas mantas*. **II** v. intr. e intr. pron. [*aux.* essere] **Sufocarse, abafar, apagar.** Apri la finestra, qui si soffoca dal caldo. *Abre a ventá, aquí sufocámonos coa calor*. **OBS.:** io soffoco, tu soffochi; v. irreg. *V. táboas 1 e 5*.
- soffriggere** v. tr. [*aux.* avere] **Refogar.** Ho fatto soffriggere le cipolle e la pancetta. *Refoguei as cebolas e o touciño entrefebrado*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 49*.
- soffrire I** v. tr. [*aux.* avere] **1 Sufrir, padecer.** Durante l'infanzia ha sofferto la fame. *Durante a infancia sufriu a fame*. **2 Sufrir, soportar.** Non può soffrire il caldo. *Non pode sufri-la calor*. **3 Soportar, aturar, aguantar.** Non posso soffrire tua sorella perché è una presuntuosa. *Non podo soporta-la túa irmá porque é unha presuntuosa*. **II** v. intr. [*aux.* avere] **Sufrir, padecer.** Quell'uomo ha sofferto molto. *Aquel home sufriu moito*. Soffre di reumatismi. *Sofre de reumatismo*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 85*.
- soffisticato -a** *part. pas. de sofisticare e adx.* **1 Adulterado -a.** Non è un buon vino perché è sofisticato con altre sostanze. *Non é un bo viño porque está adulterado con outras substancias*. **2 Sofisticado -a.** Ha dei gusti troppo sofisticati. *Ten uns gustos demasiado sofisticados*. Si tratta di un meccanismo a orologeria molto sofisticato. *Trátase dun mecanismo de relojería moi sofisticado*.
- soggettivo -a** *adx.* **Subxectivo -a, parcial.** Il tuo punto di vista è troppo parziale e soggettivo. *O teu punto de vista é demasiado parcial e subxectivo*. # **proposizione soggettiva:** *proposición subordinada en función de suxeito*.
- soggetto -a I** *adx.* **1 Exposto -a** (*baixo o efecto*). È un bambino soggetto alle malattie respiratorie. *É un neno exposto ás enfermidades respiratorias*. **2 Sometido -a.** La zona è stata soggetta all'esercito francese. *A zona estivo sometida ó exército francés*. **II** *s.m.* **1 Tema, asunto, materia.** Il produttore non conosceva ancora il soggetto del film. *O productur non coñecía aínda o tema do filme*. **2 Suxeito.** In questo caso il participio deve concordare con il soggetto. *Neste caso o participio debe concordar co suxeito*. Ha dei problemi di relazione, è un soggetto difficile. *Ten problemas para relacionarse, é un suxeito difícil*.
- soggezione** *s.m.* **Apuro, embarazo.** Provo soggezione quando parlo con lui. *Sinto apuro cando falo con el*. # **mettere in soggezione:** *cohibir*.
- soggiornare** v. intr. [*aux.* avere] **Residir, vivir, habitar.** Durante le vacanze hanno soggiornato in una casa in campagna. *Durante as vacacións residiron nunha casa no campo*.
- soggiorno** *s.m.* **1 Estadía, estancia, permanencia.** Il mio soggiorno di ricerca a Roma è stato molto produttivo per la mia tesi. *A miña estadía de investigación en Roma foi moi productiva para a miña tese*. **2 Cuarto de estar.** Il vostro soggiorno è molto accogliente. *O voso cuarto de estar é moi acolledor*.
- soglia** *s.f.* **Soleira, limiar.** Quando arrivò si fermò sulla soglia e non volle entrare. *Cando chegou detívose na soleira e non quixo entrar*. # **varcare la soglia:** *traspasa-la soleira*.
- sogliola** *s.f.* **Linguado.** La sogliola è un pesce dal corpo appiattito. *O linguado é un peixe de corpo aplanado*.
- sognare** v. tr. [*aux.* avere] **Soñar** (*tamén fig.*). Questa notte ho sognato di volare. *Esta noite soñei que voaba*. Da anni sogno di vedere New York. *Desde hai anos soño con ver Nova York*. # **sognare ad occhi aperti:** *soñar esperto*.
- sognatore -trice** *s.* **Soñador -ora.** Ha molta immaginazione, è un sognatore. *Ten moita imaxinación, é un soñador*.
- sogno** *s.m.* **1 Soño.** Questa notte ho fatto un bellissimo sogno. *Esta noite tiven un soño belisimo*. **2 (fig.) Soño, ilusión, desexo.** Avevo l'intenzione di organizzare quel viaggio, ma è stato solo un sogno. *Tiña a intención de organizar aquela viaxe pero foi só un soño*. # **una casa di sogno:** *unha casa de soño*.
- soia** *s.f.* **Soia.** Questo piatto si prepara con olio di soia. *Este prato prepárase con aceite de soia*.
- solare** *adx.* **Solar.** Un'eccessiva esposizione ai raggi solari è pericolosa per la pelle. *Unha excesiva exposición ós raios solares é perigosa para a pel*. # **pannello solare:** *placa solar*. ♦ *Para referirse ó 'soar,*

terreo edificable' en italiano emprégase a expresión terreno edificabile.

**solcare** v. tr. [aux. avere] **Sucar, asucar, derregar.** Il contadino ha solcato il campo. *O campesiño sucou o campo.* **OBS.:** io solco, tu solchi; v. irreg. *V. táboa* 5.

**solco** s.m. **Suco, rego.** Il contadino ha fatto un solco con l'aratro. *O campesiño fixo un suco co arado.* **OBS.:** pl. solchi.

**soldato** s.m. **Soldado.** I soldati stavano compiendo gli esercizi di tiro con il fucile. *Os soldados estaban realizando as prácticas de tiro co fusil.* # **fare il soldato:** face-lo servìcio militar.

**soldo** s.m. (espec. en pl.) **Carto, diñeiro.** Non ho soldi. *Non teño cartos.* # **non avere un soldo / essere senza un soldo:** non ter un pataco; **essere pieno di soldi:** ter moitos cartos; **non valere un soldo:** non valer un peso.

**sole** s.m. **Sol.** Finalmente è uscito il sole. *Finalmente saíu o sol.* # **alla luce del sole:** abertamente; **il tramonto del sole:** ocaseo; **occhiali da sole:** lentes de sol; **prendere il sole:** toma-lo sol.

**solenne** adx. **1 Solemne.** Lo fecero dottore honoris causa con una cerimonia solenne. *Fixérono doutor honoris causa cunha cerimonia solemne.* **2 (fig.) Grande.** Ha detto una solenne sciocchezza. *Dixo unha grande estupidez.*

**solennità** s.f. inv. **Solemnidade.** La cerimonia venne celebrata con solennità. *A cerimonia foi celebrada con solemnidade.*

**solidale** adx. **Solidario -a.** Si dichiarò solidale con le proposte dei manifestanti. *Declarouse solidario coas propostas dos manifestantes.*

**solidarietà** s.f. inv. **Solidariedade.** Hanno convocato una manifestazione per esprimere la loro solidarietà ai parenti delle vittime. *Convocaron unha manifestación para expresa-la súa solidariedade cos familiares das vítimas.*

**solido -a I** adx. **1 Sólido -a.** Studia le alterazioni di alcuni corpi solidi. *Estudia as alteracións dalgúns corpos sólidos.* **2 Sólido -a, forte.** È una costruzione molto solida. *É unha construción moi sólida.* **3 (fig.) Sólido -a, firme.** Mi ha dato un solido appoggio quando ne avevo bisogno. *Deume un sólido apoio cando o necesitei.* **II s.m. Sólido.** Abbiamo imparato a disegnare i solidi. *Aprendemos a debuxa-los sólidos.*

**solitario -a I** adx. **Solitario -a, senlleiro -a.** È un ragazzo chiuso e solitario. *É un rapaz reservado e solitario.* **II s.m. Solitario (xogo).** Mia nonna fa moltissimi solitari con le carte. *Miña avoa fai moitísimos solitarios coas cartas.* # **verme solitario:** a solitaria.

**solito -a I** adx. **1 Acostumado -a.** Ci vediamo davanti al solito bar. *Vémonos diante do bar acostumbrado.* **2 Mesmo -a (persoa).** Sei sempre il solito bugiardo. *E-lo mesmo mentireiro de sempre.* **II s.m. Costume, hábito.** Non è mio solito mancare agli appuntamenti. *Non é o meu costume faltar ás citas.* # **come al solito:** coma sempre; **di solito:** normalmente.

**solitudine** s.f. **Soidade.** Non mi preoccupa che non vengano perché mi piace la solitudine. *Non me preocupa que non veñan porque me gusta a soidade.*

**sollecitare** v. tr. [aux. avere] **1 Apurar, aburar, apressurar.** L'hanno sollecitato perché venisse al più presto. *Apurárono para que viñese canto antes.* **2 Instar.** Lo sollecitò a prendere l'iniziativa. *Instouno a toma-la iniciativa.* **OBS.:** io sollecito; v. irreg. *V. táboa* 1. ♦ **Para referirse a 'solicitar' en italiano pódense emprega-los termos chiedere ou domanda-re.**

**sollecito -a** adx. **Solícito -a.** È un impiegato puntiglioso e sollecito. *É un empregado puntilloso e solícito.*

**solletico** s.m. **Cóxegas, celigras, deligras.** Se gli fai il solletico si mette a ridere come un matto. *Se lle fas cóxegas ponse a rir coma un tolo.* # **patire / soffrire il solletico:** ter cóxegas.

**sollevamento** s.m. **Elevación.** Il terremoto ha provocato il sollevamento di una parte del terreno. *O terremoto provocou a elevación dunha parte do terreo.* # **sollevamento pesi:** levantamento de pesos.

**sollevare I** v. tr. [aux. avere] **1 Erguer, alzar, levantar.** Non posso sollevare da solo questa cassa perché è troppo pesante. *Non podo erguer eu só esta caixa porque é demasiado pesada.* **2 (fig.) Aliviar.** La notizia del suo ritorno la sollevò. *A noticia do seu retorno aliviouna.* **II v. intr. pron. [aux. essere] 1 Erguarse, levantarse.** Quando si è sollevato si è reso conto che aveva una ferita al ginocchio. *Cando se ergueu decatouse de que tiña unha ferida no xeonllo.* **2 Rebelarse.** Gli studenti si sono sollevati contro il Rettore. *Os estudantes rebeláronse contra o Rector.*

**sollievo** s.m. **Alivio.** Accolse con sollievo la notizia della partenza della zia. *Acolleu con alivio a noticia da marcha da tía.* # **tirare un respiro di sollievo:** lanzar un suspiro de alivio.

**solo -a I** adx. **1 Só soa (sen compañía).** Vive sola da molti anni. *Vive soa dende hai moitos anos.* Ha un solo figlio. *Ten un só fillo.* **2 Só, soamente.** Questo è un locale riservato ai soli soci. *Este é un local reservado só ós socios.* **II s. Único -a.** Sei il solo di cui mi fido. *E-lo único de quen me fio.* **III adv. Só, soamente.** Sono venuto solo per vederti. *Vin só para verte.* # **da solo:** só (sen compañía).

**soltanto** *adv.* **Só, soamente.** Volevo fare soltanto una domanda. *Quería facer só unha pregunta.*

**solubile** *adx.* **Soluble.** Ho comprato un barattolo di caffè solubile. *Comprei un bote de café soluble.*

**soluzione** *s.f.* **1 Solución.** La soluzione di questo problema è facile. *A solución deste problema é fácil.* **2 Solución, disolución.** Ha preparato una soluzione di acqua e zucchero. *Preparou unha solución de auga e azucre.* # **soluzione chimica:** *solución química;* **soluzione di continuità:** *interrupción.*

**solvente** **I** *adx.* **1 Disolvente.** Ha usato una sostanza solvente. *Usou unha substancia disolvente.* **2 Solvente** (*con cartos*). Questo cliente è solvente. *Este cliente é solvente.* **II** *s.m.* **Disolvente.** Ho usato un solvente per eliminare la colla dalle pareti. *Usei un disolvente para elimina-la cola das paredes.*

**somaro -a** **I** *s.* **1 (m.) Burro, asno.** Il carico fu trasportato con dei somari. *A carga foi transportada por burros.* **2 (fig.) Burro -a, parvo -a, torpe.** Sei un somaro, non sai neanche la tabellina! *¡Es un burro, non sabes nin sequer a táboa de multiplicar!* **II** *adx.* **Burro -a, parvo -a, torpe.** È l'alunno più somaro che abbia mai avuto. *É o alumno máis burro que tiven xamais.*

**somigliante** *adx.* **Semellante, similar, parecido -a.** La copia del quadro è poco somigliante all'originale. *A copia do cadro é pouco semellante ó orixinal.*

**somiglianza** *s.f.* **Semellanza, parecido.** Colpisce molto la somiglianza delle due sorelle. *Sorprende moito a semellanza entre as dúas irmás.*

**somigliare** **I** *v. intr.* [*aux.* avere / essere] **Asemellarse, parecerse, semellarse.** Il bambino somiglia molto al nonno. *O neno aseméllase moito ó avó.* **II** *v. refl. recip.* [*aux.* essere] **Asemellarse, parecerse, semellarse.** I due fratelli non si somigliano per niente. *Os dous irmáns non se asemellan para nada.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**somma** *s.f.* **1 Suma.** La somma di tutte queste cifre è 1312. *A suma de todos estes números é 1312.* I regali mi sono costati una somma notevole. *Os regalos custáronme unha suma considerable.* **2 (fig.) Substancia** (*o esencial*). Questa è la somma di quanto ho detto ieri. *Esta é a substancia do que dixen onte.*

**sommare** *v. tr.* [*aux.* avere] (*Mat.*) **Sumar** (*tamén fig.*). Bisogna sommare gli importi di quest'anno a quelli dell'anno scorso. *Cómpre suma-los importes deste ano ós do ano pasado.* Se sommi tutto il lavoro che hai fatto per lui in questi anni ti renderai conto che non ti è stato riconoscente. *Se sumas todo o traballo que fixeches por el nestes anos daraste conta de que non cho agradeceu.* # **tutto sommato:** *en definitiva.*

**sommario -a** **I** *adx.* **Sumario -a, breve, sucinto -a.** È una condanna ingiusta perché è stata emessa dopo un sommario esame degli indizi. *É unha condena inxusta porque se emitiu despois dun exame sumario dos indicios.* **II** *s.m.* **Sumario** (*resumo*). Nel sommario, alla fine del telegiornale, ripeteremo la notizia. *No sumario, ó final do telexornal, repetiremo-la noticia.*

**sommergere** *v. tr.* [*aux.* avere] **Somerxer, mergullar.** Le onde hanno sommerso i resti della nave naufragata. *As olas somerxeron os restos da nave naufragada.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.*

**sommerso -a** *part. pas.* *de sommergere e adx.* **Somerxido -a.** Abbiamo visto la nave sommersa vicino alla spiaggia. *Vimo-la embarcación somerxida cerca da praia.* # **economia sommersa:** *economía somerxida.*

**sommo -a** *adx.* **Sumo -a** (*tamén fig.*). L'ha ascoltata con somma attenzione. *Escoitouna con suma atención.* Il sommo Pontefice. *O sumo Pontífice.* # **in sommo grado:** *en sumo grao;* **per sommi capi:** *deténdose só nos puntos máis importantes, en xeral.*

**sonaglio** *s.m.* **Axóuxere, cascabel.** Gli hanno regalato un cane di stoffa con un sonaglio al collo. *Regaláronlle un can de trapo cun axóuxere no pescozo.* # **serpente a sonagli:** *serpe de crótalos.* **OBS.:** *para referirse ó 'axóuxere, ruxerruxe (dos nenos)' en italiano emprégase espec. o diminutivo sonagliño.*

**sondaggio** *s.m.* **Sondaxe.** Hanno realizzato un sondaggio sulla percentuale di italiani che parlano in dialetto. *Realizaron unha sondaxe sobre a porcentaxe de italianos que falan en dialecto.*

**sonno** *s.m.* **Sono.** Ho sonno, vado a dormire. *Teño sono, vou durmir.* # **cadere / cascare dal sonno / essere morto di sonno:** *caer de sono; far venire sonno / mettere sonno: aburrir; perdere il sonno: perde-lo sono por algo ou alguén.*

**sonoro -a** **I** *adx.* **1 Sonoro -a.** Onde sonore. *Ondas sonoras.* La sua voce sonora risuonava per tutta la casa. *A súa voz sonora resoaba por toda a casa.* La d è una consonante sonora. *O d é unha consoante sonora.* **2 (fig.) Pomposo -a, ampuloso -a.** Fece un sonoro discorso. *Deu un pomposo discurso.* **II** *s.m.* **Banda sonora.** Un famoso tecnico si è occupato del sonoro del film. *Un famoso técnico ocupouse da banda sonora do filme.* # **colonna sonora:** *banda sonora.*

**sopportare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Soportar, soster.** Questa trave non sopporta più il peso del tetto. *Esta trabe xa non soporta o peso do teito.* **2 Soportar, resistir.** È abituato ad andare in montagna e sopporta bene il freddo. *Está afeito a ir á montaña e soporta ben o frío.* **3 Soportar, aturar, tolerar.** Non sop-

porto le persone chiacchierone. *Non soporto as persoas charlatanas.*

**sopprimere** v. tr. [aux. avere] **Suprimir, eliminar** (*tamén fig.*). Hanno soppresso l'insegnamento della filosofia dai nuovi programmi. *Suprimiron o ensino de filosofía dos novos programas.* Hanno tentato di sopprimere l'unico testimone dell'omicidio. *Intentaron elimina-la única testemuña do homicidio.*

**sopra I adv. Arriba, enriba.** È una casa a due piani: sopra ci sono le camere da letto, sotto la cucina. *È unha casa de dúas plantas: arriba están os dormitorios, abaixo a cociña.* **II prep. 1 Enriba de, encima de, sobre.** Metti il barattolo sopra il frigorifero. *Pon o tarro enriba do frigorífico.* **2 Por riba de** (*tamén fig.*). Ho messo un maglione sopra il vestito. *Puxen un xersei por riba do vestido.* Questo lavoro mi piace perché non ho nessuno sopra di me. *Este traballo gústame porque non teño a ninguén por riba de min.* **3 (fig.) Sobre.** Ha scaricato le sue responsabilità sopra il suo collega. *Descargou as súas responsabilidades sobre o seu colega.* **4 (fig.) Más de.** E già sopra i quarant'anni. *Ten xa máis de corenta anos.* # **al di sopra:** *por riba;* **al di sopra di ogni sospetto:** *fôra de toda sospeita;* **amare sopra ogni cosa:** *amar sobre tódalas cousas;* **averne fin sopra i capelli:** *estar farto de algo ou alguén;* **bere sopra a qualcosa / berci sopra:** *beber por riba de algo;* **dormire sopra a qualcosa / dormirci sopra:** *aprazar unha decisión para pensar con calma o que hai que facer;* **essere al di sopra delle parti:** *ser imparcial;* **essere di sopra:** *estar enriba;* **essere sopra pensiero:** *estar distraído;* **passare sopra a qualcosa / passarci sopra:** *pasar por alto;* **sopra citato:** *antes citado;* **tornare sopra a qualcosa / tornarci sopra:** *volver sobre un asunto;* **vedi sopra** (*nun texto*): *véxase máis arriba.* **OBS.:** *únese ós pron. mediante a prep. di (sopra di te).*

**sopracciglio s.m. Cella, sobrecella.** Quell'uomo ha i capelli completamente bianchi ma le sopracciglia ancora nere. *Aquel home ten o pelo completamente branco pero as cellas aínda negras.* **OBS.:** *pl. sopraccigli e tamén fai o pl. f. sopracciglia, referíndose este último ás dúas cellas dunha persoa.*

**sopraffare** v. tr. [aux. avere] **Vencer** (*dominar; tamén fig.*). I nemici hanno sopraffatto i nostri soldati. *Os inimigos venceron os nosos soldados.* La stanchezza mi ha sopraffatto. *O cansazo venceume.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 24.*

**sopraggiungere** v. intr. [aux. essere] **1 Chegar de repente.** È sopraggiunto alla celebrazione quando ormai nessuno lo aspettava. *Chegou de repente á celebración cando xa ninguén o agardaba.* **2 Sobrevir.** Sono sopraggiunte delle complicazioni durante l'intervento chirurgico. *Sobreviñeron com-*

*plicacións durante a operación.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 11.*

**sopprannaturale** adx. **Sobrenatural, prodixioso -a.** Quell'uomo riesce a prevedere il futuro, sembra che abbia delle doti soprannaturali. *Aquel home é capaz de adiviña-lo futuro, parece ter dotes sobrenaturais.* Ha una forza soprannaturale. *Ten unha forza sobrenatural.*

**sopprannome s.m. 1 Sobrenome, alias.** Il soprannome che mi danno in famiglia è Topolino. *O sobrenome que me dan na familia é Ratiño.* **2 Alcume.** Al lavoro è conosciuto con il soprannome di Talpa. *No traballo é coñecido co alcume de Toupa.*

**soprano s. Soprano.** Voleva diventare soprano lirico. *Quería chegar a ser soprano lírica.* È un'eccellente soprano. *É unha soprano excelente.* **OBS.:** *emprégase en m. e en f.*

**soprattutto adv. Sobre todo.** Vorrei parlare soprattutto della nostra situazione. *Querería falar sobre todo da nosa situación.* **OBS.:** *existe tamén a variante gráfica soprattutto.*

**sopravvalutare** v. tr. [aux. avere] **Sobrevalorar.** Non sopravvalutare le tue forze, proponiti degli obiettivi più modesti. *Non sobrevalóre-las túas forzas, ponte uns obxectivos máis modestos.* **OBS.:** *io sopravvaluto / sopravvaluto; v. irreg. V. táboa 1.*

**sopravvivere** v. intr. [aux. essere] **Sobrevivir.** Al telegiornale hanno detto che almeno cinquanta persone sono sopravvissute all'incidente aereo. *No telexornal dixeron que polo menos cincuenta persoas sobreviviron ó accidente aéreo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 77.*

**sordo -a I adx. Xordo -a** (*tamén fig.*). Ha un figlio sordo. *Ten un fillo xordo.* La lettera 'p' è una consonante sorda. *A letra 'p' é unha consoante xorda.* È sordo alla mia richiesta di aiuto. *É xordo ante a miña petición de axuda.* **II s. Xordo -a.** È diventato sordo dopo una malattia all'orecchio. *Quedou xordo despois dunha enfermidade de oídos.* # **dolore sordo:** *dor xorda;* **fare il sordo:** *facerse o xordo.*

**sorella s.f. Irmá.** Mia sorella ha sette anni più di me. *A miña irmá ten sete anos máis ca min.* **OBS.:** *o m. è fratello.*

**sorgente s.f. 1 Manancial.** La sorgente di questo fiume si trova in alta montagna. *O manancial deste río atópase en alta montaña.* **2 (Fis.) Fonte.** Sorgente luminosa. *Fonte luminosa.* # **andare alla sorgente di un fatto:** *chegar á orixe dun feito.*

**sorgere I v. intr. [aux. essere] 1 Xurdir, alzarse.** La casa sorge sulla collina. *A casa xorde sobre o outeiro.* **2 Sair** (*o sol, a lúa...*). In questa stagione il sole sorge alle sette del mattino. *Nesta estación o sol sae ás sete da mañá.* **3 (fig.) Xurdir, aparecer.** Mi è sorto un sospetto. *Xurdíume unha sospeita.* **II s.m.**

(sing.) **Amencer, alborexar, clarear.** Partiremo al sorgere del sole. *Marcharemos ó amencer.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 11.*

**sorpassare** v. tr. [aux. avere] **Adiantar** (pasar diante). In questo tratto di strada è vietato sorpassare. *Neste tramo da estrada está prohibido adiantar.* L'altro concorrente ha sorpassato il campione. *O outro participante adiantou o campión.*

**sorpasso** s.m. **Adiantamento** (acción de pasar diante). Guida come un pazzo: fa dei sorpassi molto pericolosi. *Conduce coma un tolo: fai uns adiantamentos moi perigosos.*

**sorprendere I** v. tr. [aux. avere] **1 Sorprender.** La pioggia lo sorprese mentre tornava a casa. *Sorprendeuno a choiva volvendo á casa.* Ci ha sorpreso la sua disinvoltura. *Sorprendéuno-la súa desenvoltura.* **2 Sorprender, coller, pillar.** Sorpresero i ladri mentre entravano nella villetta. *Sorprenderon os ladróns mentres entraban na casa.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Sorprenderse, marabillarse, asombrarse.** Si è sorpreso per il prezzo del biglietto. *Sorprendeuse polo prezo do billete.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 26.*

**sorpresa** s.f. **Sorpresa.** Ha voluto fargli una sorpresa e non li ha avvisati del suo arrivo. *Quixo darlles unha sorpresa e non os avisou da súa chegada.* **# di sorpresa:** *por sorpresa.*

**sorreggere I** v. tr. [aux. avere] **Soster, aguantar.** L'infermiera sorreggeva il malato perché non cadesse. *A enfermeira sostiña o enfermo para que non caese.* **II** v. refl. [aux. essere] **Sosterse** (manterse en equilibrio). Era così stanco che non si sorreggeva in piedi. *Estaba tan canso que non se sostiña de pé.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 49.*

**sorridere** v. intr. [aux. avere] **Sorrir** (tamén fig.). Sorrisse quando la vide arrivare. *Sorriu cando a viu chegar.* La vita gli sorride. *A vida sorrille.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 31.*

**sorriso** s.m. **Sorriso.** Un sorriso di gioia le illuminò il viso. *Un sorriso de alegría iluminoulle o rostro.* **# avere sempre il sorriso sulle labbra:** *ser moi sorrinte.*

**orso** s.m. **Sorbo.** Ha bevuto un sorso d'acqua. *Bebeu un sorbo de auga.* **# in / di un sorso:** *dun trago.*

**sorta** s.f. **Tipo** (clase). Tu conosci ogni sorta di gente. *Ti coñeces todo tipo de xente.*

**sorte** s.f. **Sorte, destino, fortuna.** Speriamo che la prossima volta la sorte ci sia più favorevole. *Esperemos que a próxima vez a sorte nos sexa máis favorable.* ♦ *Para o sentido máis divulgado do termo galego 'sorte' en italiano emprégase a voz fortuna.*

**sorteggiare** v. tr. [aux. avere] **Sortear, rifar.** Hanno sorteggiato il numero vincitore della lotteria. *Sortearon o número vencedor da lotería.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 4.* ♦ *Para referirse a 'sortear, esquivar' en italiano emprégase o termo schivare.*

**sorveglianza** s.f. **Vixilancia.** Gli hanno affidato la sorveglianza della casa. *Confíaronlle-la vixilancia da casa.*

**sorvegliare** v. tr. [aux. avere] **1 Vixiar, asexar, espreitar.** La moglie lo sorvegliava perché temeva che la tradisse. *A muller vixiába porque tiña medo de que a traizoase.* **2 Vixiar** (controlar). Doveva sorvegliare la buona riuscita del lavoro. *Tiña que vixia-lo bo resultado do traballo.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 7.*

**sospendere** v. tr. [aux. avere] **1 Suspender, colgar.** Mi piacerebbe sospendere queste piante al soffitto. *Gustárame suspender estas plantas do teito.* **2 (fig.) Suspender, interromper.** Hanno dovuto sospendere le lezioni perché il riscaldamento non funzionava. *Deberon suspender-las clases porque a calefacción non funcionaba.* **3 (fig.) Suspender** (expulsar temporalmente). L'hanno sospeso da scuola a causa del suo comportamento. *Suspendérono da escola a causa do seu comportamento.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 26.* ♦ *Para referirse a 'suspender (unha materia)' en italiano emprégase o termo bocciare (o profesor) ou essere stato bocciato (o alumno).*

**sospensione** s.f. **1 Suspensión, interrupción.** La sospensione delle ricerche fu causata dal maltempo. *A suspensión das buscas foi causada polo mal tempo.* **2 Suspensión** (expulsión temporal). Quell'assenza ingiustificata causò la sua sospensione dall'impiego. *Aquela inustificada ausencia provocou a súa suspensión do emprego.* **# la sospensione di una macchina** (Mec.): *a suspensión dun coche.*

**sospeso -a** part. pas. de sospendere e adx. **1 Suspendido -a, colgado -a.** L'alpinista è rimasto sospeso alla corda. *O alpinista quedou suspendido pola corda.* **2 (fig.) Suspendido -a, interrompido -a.** Dobbiamo riprendere la chiacchierata sospesa l'altro giorno. *Temos que retoma-la charla suspendida o outro día.* **3 (fig.) Suspendido -a** (expulsado temporalmente). Per adesso sei sospeso, potrai tornare fra una settimana. *Por agora estás suspendido, poderás volver dentro dunha semana.* **# ponte sospeso:** *ponte colgante; stare / tenere in sospeso: estar / manter en vilo.* ♦ *Para referirse á cualificación de 'suspense' empréganse os termos bocciato (persoa) ou bocciatura (nota).*

**sospettare I** v. tr. [aux. avere] **Sospeitar.** Sospetavano che fosse lui l'autore del furto. *Sospeitaban que fora el o autor do roubo.* Non sospettavo che mi aveste mentito. *Non sospeitaba que me mentisedes.* **II** v. intr. [aux. avere] **Sospeitar, desconfiar.** Gli investi-

gatori sospettano del socio della vittima. *Os investigadores sospeitan do socio da vítima.*

**sospetto -a I** *adx.* **Sospeitoso -a.** Hanno fermato tre persone sospette. *Pararon a tres persoas sospeitosas.* **II** *s.m.* **Sospeita.** Ho il sospetto che non racconti la verità. *Teño a sospeita de que non conta a verdade.* # **avere / nutrire dei sospetti:** *ter sospeitas;* **destare sospetto:** *levantar sospeita;* **guardare qualcuno con sospetto:** *mirar a alguén receosamente.*

**sospettoso -a** *adx.* **Desconfiado -a.** È una persona sospettosa, non si fida di nessuno. *É unha persoa desconfiada, non se fía de ninguén.* ♦ *Para referirse a 'sospetitoso' en italiano emprégase o termo sospetto.*

**sospingere** *v. tr.* [*aux.* avere] **Empurrar, apuxar, empuxar** (*tamén fig.*). Le onde sospingevano il canotto. *As ondas empurraban a canoa.* Lo sospingeva l'ambizione. *Empurrábao a ambición.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 11.*

**sospirare I** *v. intr.* [*aux.* avere] **Suspirar.** Sospirava perché sentiva la sua mancanza. *Suspiraba porque sentía a súa falta.* **II** *v. tr.* [*aux.* avere] **Suspirar por.** Sospirava il ritorno dell'amica. *Suspiraba pola volta da amiga.*

**sospiro** *s.m.* **Suspiro.** Quando lo vide ritornare diede un sospiro di sollievo. *Cando o viu volver deu un suspiro de alivio.*

**sosta** *s.f.* **1 Parada, alto, paraxe.** Il pullman farà una sosta a Genova. *O autocar fará unha parada en Xénova.* **2 Pausa** (*descanso*). Per superare il concorso dovrà studiare senza sosta. *Para aproba-la oposición terei que estudar sen pausa.* # **divieto di sosta:** *prohibido estacionar.*

**sostantivo** *s.m.* **Substantivo.** L'aggettivo concorda con il sostantivo in genere e numero. *O adxectivo concorda co substantivo en xénero e número.*

**sostanza** *s.f.* **1 Substancia.** È una sostanza liquida simile all'olio. *É unha substancia líquida parecida ó aceite.* Non sono d'accordo con la sostanza del suo discorso. *Non estou de acordo coa substancia do seu discurso.* **2 (pl.) Patrimonio.** Ha dilapidato le sostanze famigliari in poco tempo. *Dilapidou o patrimonio familiar en pouco tempo.* # **in sostanza:** *en resumo.*

**sostanziale** *adx.* **Substantial.** Non ci sono sostanziali differenze fra i nostri punti di vista. *Non hai diferencias substanciais entre os nosos puntos de vista.*

**sostanzioso -a** *adx.* **Substancioso -a** (*tamén fig.*). Dopo questa faticosa giornata ho bisogno di una cena sostanziosa. *Despois desta fatigosa xornada necesito unha cea substanciosa.* L'argomento del tuo articolo è molto sostanzioso, potresti sviluppar-

lo un po'. *O tema do teu artigo é moi substancioso, poderías desenvolverlo un pouco.*

**sostegno** *s.m.* **1 Sostén, soporte, apoio.** Questa trave serve da sostegno del tetto. *Esta trabe serve de sostén do teito.* **2 (fig.) Apoio.** Mia figlia è stata il mio unico sostegno quando sono stata malata. *A miña filla foi o meu único apoio cando estiven enferma.*

**sostenere** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Soster, soportar.** Le colonne di marmo sostenevano la volta. *As columnas de mármore sostiñan a bóveda.* **2 (fig.) Manter, soster.** Mangia questo panino, ti sosterrà. *Come este bocadillo, manterate.* **3 (fig.) Custear, pagar.** Ha sostenuto le spese della festa. *Custeou os gastos da festa.* **4 (fig.) Soster, defender, manter.** Il presidente ha continuato a sostenere la sua tesi anche se gli altri soci non erano d'accordo. *O presidente seguiu sostenendo a súa tese aínda que os outros socios non estaban de acordo.* # **sostenere la candidatura di qualcuno:** *apoia-la candidatura de alguén;* **sostenere una parte:** *representar un papel;* **sostenere un esame:** *realizar un exame.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 73.*

**sostenitore -trice I s.** **Defensor -ora.** Questo politico è un sostenitore della nuova riforma economica. *Este político é un defensor da nova reforma económica.* **II** *adx.* (**Socio -a**) **que paga unha cota superior con respecto á cota establecida.** (*aprox.*) **Benfeitor -ora.** Mio padre è socio sostenitore dell'associazione da molti anni. *Meu pai é socio benfeitor da asociación desde hai moitos anos.*

**sostituire I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Substituír, cambiar, trocar.** Ho sostituito il vecchio materasso con uno ortopedico. *Substituíu o vello colchón por un ortopédico.* **2 Substituír.** Oggi il professore di filosofia ha sostituito per due ore quello di italiano. *Hoxe o profesor de filosofía substituíu durante dúas horas ó de italiano.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Substituír.** Si è sostituita alla sorella nelle cure della casa. *Substituíu a irmá nas tarefas domésticas.* **OBS.:** io sostituisco, tu sostituisci.

**sostituzione** *s.f.* **Substitución, cambio.** La sostituzione di quel pezzo della macchina ci ha richiesto pochi minuti. *A substitución daquela peza do coche levounos uns poucos minutos.* ♦ *Para referirse á 'substitución, suplencia' en italiano emprégase o termo suplenza.*

**sotterraneo -a I** *adx.* **Subterráneo -a.** Siamo arrivati attraverso un passaggio sotterraneo. *Chegamos a través dunha pasaxe subterránea.* **II** *s.m.* **Soto.** Abbiamo visitato i sotterranei del castello. *Visitámo-los sotos do castelo.*

**sotterrare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Enterrar, sepultar, soterrar.** L'hanno sotterrato nel cimitero vicino a casa. *Enterrárono no cemiterio cerca da casa.* **2 Enterrar, soterrar.** Abbiamo sotterrato il tesoro e

voi dovrete trovarlo. *Enterrámo-lo tesouro e vós teredes que atopalo.*

**sottile** *adx.* **1 Delgado -a, fino -a.** Ha tagliato una sottile fetta di pane. *Cortou unha delgada rebanda de pan.* **2 Estreito -a.** Ha le spalle larghe e la vita sottile. *Ten os ombros anchos e a cintura estreita.* **3 Suave.** Parlava con voce sottile. *Falaba con voz suave.* **4 Lixeiro -a, leve, suave.** Spirava un vento sottile. *Sopraba un vento lixeiro.* **5 (fig.) Agudo -a, sutil, perspicaz.** Ha fatto un'osservazione sottile e intelligente. *Fixo unha observación aguda e intelixente.* # **andare per il sottile:** *prestar atención ás minucias.*

**sottintendere** *v. tr.* [*aux.* avere] **Sobreentender.** Ha lasciato sottintendere la sua disapprovazione. *Deixou sobreentende-la súa desaprobación.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 26.*

**sottinteso -a I** *adx.* **Implicito -a.** È una frase con il soggetto sottinteso. *É unha frase co suxeito implícito.* **II s.m. Insinuación (alusión).** Di le cose chiare, senza sottintesi. *Di as cousas claras, sen insinuacións.*

**sotto I** *adv.* **Abaixo, embaixo.** Sotto c'è la cucina. *Abaixo está a cociña.* **II prep.** **1 Baixo, baixo de, so.** La valigia è sotto l'armadio. *A maleta está baixo o armario.* **2 Por debaixo de.** Ho messo una camicia sotto la maglia. *Puxen unha camisa por debaixo do xersei.* **3 Baixo (tamén fig.).** Ha nuotato a lungo sott'acqua. *Nadou moito tempo baixo a auga.* Sotto un'umile apparenza si nascondeva una persona molto ambiziosa. *Baixo unha humilde aparencia agachábase unha persoa moi ambiciosa.* È sotto processo. *Está baixo proceso.* Ha agito sotto l'effetto dell'alcol. *Actuou baixo o efecto do alcol.* **4 Por debaixo de.** La temperatura è scesa sotto lo zero. *A temperatura descendeu por debaixo de cero.* **5 Polo pola, durante.** Ci siamo incontrati sotto Natale. *Encontrámonos polo Nadal.* # **al di sotto:** *por debaixo, no fondo;* **avere qualcosa sotto gli occhi / il naso:** *ter algo diante;* **c'è sotto qualcosa:** *haber algo sospeitoso;* **essere al di sotto della media:** *estar por debaixo da media;* **finire sotto una macchina:** *ser atropelado por un coche;* **mettere sotto qualcuno:** *atropelar;* **qui sotto (nun texto):** *máis abaixo;* **sott'aceto, sott'olio:** *en vinagre, en aceite;* **sotto chiave:** *baixo chave;* **sotto sotto (tamén fig.):** *no fondo.*

**sottolineare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Subliñar.** Ho sottolineato alcune frasi del libro. *Subliñei algunhas frases do libro.* **2 (fig.) Subliñar, destacar, salientar.** Ha sottolineato gli aspetti negativi dell'operazione. *Subliñou os aspectos negativos da operación.* **OBS.:** io sottolineo; *v. irreg. V. táboa 1.*

**sottomarino -a I** *adx.* **Submarino -a.** Attraverso lo scafo trasparente si possono vedere le grotte sotto-

marine della zona. *A través do casco transparente poden verse as grutas submarinas da zona.* **II s.m. Submarino.** Il sottomarino fu colpito da una bomba. *O submarino foi alcanzado por unha bomba.*

**sottomettere I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Someter, dominar.** I conquistatori sottomisero le popolazioni indigene. *Os conquistadores someteron as poboacións indíxenas.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Someterse (dobregarse).** Si sottomise alla volontà della madre. *Someteuse á vontade da nai.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 50.*

**sottoporre I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Someter (expoñer).** Il medico lo sottopose ad accurati esami per accertare l'origine della malattia. *O médico someteuno a coidadosas análises para descubri-la orixe da enfermidade.* Il presidente sottopose la sua proposta al consiglio d'amministrazione. *O presidente someteu a súa proposta ó consello de administración.* **II v. intr. pron.** [*aux.* essere] **Someterse, exporse.** Si è sottoposto a dei duri allenamenti. *Someteuse a duros adestramentos.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 17.*

**sottoscritto -a I** *part. pas. de* sottoscrivere e *adv.* **Abaixo asinante.** La sottoscritta Laura Cernetti si compromette a mantenere le condizioni del contratto. *A abaixo asinante Laura Cernetti comprométese a mante-las condicións do contrato.* **II s. Abaixo asinante.** Il sottoscritto chiede di essere ammesso alla lista di collocamento. *O abaixo asinante solicita ser admitido na lista de colocación.*

**sottosopra** *adv.* **Patas arriba.** Per cercare le chiavi ha messo sottosopra tutta la casa. *Para busca-las chaves puxo patas arriba toda a casa.*

**sottosuolo** *s.m.* **Subsolo.** Stanno cercando petrolio nel sottosuolo di questa zona. *Están buscando petróleo no subsolo desta zona.*

**sottosviluppato -a** *adx.* **Subdesenvolvido.** Quella regione appartiene a una zona sottosviluppata del paese. *Aquela rexión pertence a unha zona subdesenvolvida do país.*

**sottosviluppo** *s.m.* **Subdesenvolvimento.** La condizione di sottosviluppo di quel paese è dovuta alla carenza di materie prime. *A condición de subdesenvolvimento daquel país é debida á carencia de materias primas.*

**sottotitolo** *s.m.* **Subtítulo.** Nel sottotitolo si raccoglie il tema del libro. *No subtítulo recóllese o tema do libro.* Preferisco vedere i film con i sottotitoli piuttosto che quelli doppiati. *Prefiro ve-los filmes cos subtítulos que os dobrados.*

**sottovalutare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Subestimar.** Non devi sottovalutare il tuo lavoro. *Non debes subestima-teu traballo.* **OBS.:** io sottovaluto / sottovaluto; *v. irreg. V. táboa 1.*



**sottoveste** *s.f.* **Biso**. Il vestito è trasparente e devo usare una sottoveste. *O vestido é transparente e teño que usar un biso.*

**sottovoce** *adv.* **En voz baixa**. Parlo sottovoce per non svegliare i bambini. *Falo en voz baixa para non esperta-los nenos.*

**sottrarre** **I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Apartar, afastar**. Ha fatto salire la bambina in macchina per sottrarla agli sguardi dei curiosi. *Fixo subi-la nena no coche para apartala das miradas dos curiosos.* **2 Subtraer (roubar)**. Mi hanno sottratto dei documenti importantissimi. *Subtraéronme uns documentos importantísimos.* **3 (Mat.) Restar, subtraer**. A questa cifra devi sottrarre 10 unità. *A esta cifra teslle que restar 10 unidades.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Subtraerse**. Si è sottratto all'assedio dei giornalisti passando dalla porta di servizio. *Subtraeuse do asedio dos xornalistas pasando pola porta de servicio.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 16.*

**sottrazione** *s.f.* **1 Resta, subtracción**. Il maestro ha spiegato le sottrazioni. *O mestre explicou as restas.* **2 Subtracción (roubo)**. La sottrazione dei documenti è stata realizzata di nascosto. *A subtracción dos documentos foi realizada ás agachadas.*

**sovrano -a** **I** *adx.* **Soberano -a**. Il popolo sovrano ha eletto un nuovo presidente. *O pobo soberano elixiu un novo presidente.* **II** *s.* **Soberano -a**. Il sovrano inaugurò la cerimonia. *O soberano inaugurou a cerimonia.*

**sovrapporre** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Superpoñer, superpor, sobrepoñer**. Per ottenere quest'immagine abbiamo sovrapposto due diapositive. *Para obter esta imaxe superpuxemos dúas diapositivas.* **2 Sobrepoñer, sobrepor, antepoñer**. Non devi sovrapporre al lavoro i tuoi interessi personali. *Non debes sobrepoñer ó traballo os teus intereses persoais.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 17.*

**sovrumano -a** *adx.* **Sobrehumano -a**. Riuscì ad arrivare alla fine del percorso facendo uno sforzo sovrumano. *Conseguín chegar ó final do percorrido facendo un esforzo sobrehumano.*

**soversivo -a** **I** *adx.* **Subversivo -a**. Le sue dichiarazioni sovversive hanno suscitato molte polemiche. *As súas declaracións subversivas suscitaron moitas polémicas.* **II** *s.m.* **Subversivo**. La polizia lo controlla perché è considerato un sovversivo. *A policía controlao porque é considerado un subversivo.*

**sovertire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Alterar (perturbar)**. È stato condannato per aver sovertito l'ordine pubblico. *Foi condenado por altera-la orde pública.*

**trasferimento** s.m. *Traslado* (cambio de lugar). Non l'abbiamo più visto, dopo il suo trasferimento in Francia. *Non o vimos máis, logo do seu traslado a*

*Francia*. # **fare domanda di trasferimento**: *solicitato-lo traslado*.

**trasferire I** v. tr. [aux. avere] **1** *Trasladar*. Hanno trasferito la sede in centro. *Trasladaron a sede ó centro*. **2** (Der.) *Transferir*. Hanno trasferito gli atti del processo alla Procura di Napoli. *Transferiron as actas do proceso ó Tribunal de Nápoles*. **II** v. refl. [aux. essere] *Trasladarse, mudarse*. Ci siamo trasferiti in campagna. *Trasladámonos ó campo*. **OBS.:** io trasferisco, tu trasferisci.

**trasferta** s.f. *Viaxe* (por mor do traballo). Quest'anno ha dovuto fare diverse trasferte per lavoro. *Este ano tivo que facer varias viaxes de traballo*. # **giocare in trasferta** (Dep.): *xogar fóra da casa*; **indennità di trasferta**: *gastos de viaxe*; **vincere la trasferta** (Dep.): *gañar fóra da casa*.

**trasformare I** v. tr. [aux. avere] *Transformar, cambiar, mudar*. La televisione ha trasformato le abitudini familiari. *A televisión transformou os costumes familiares*. **II** v. intr. pron. [aux. essere] *Transformarse, converterse, trocarse*. Questo bambino si è trasformato in un bel ragazzo. *Este neno transformouse nun bo mozo*.

**trasformazione** s.f. **1** *Transformación, cambio*. Nel giro di pochi giorni la mia vita ha subito una trasformazione radicale. *No prazo de poucos días a miña vida sufriu unha transformación radical*. **2** (Quím.) *Reacción*. In laboratorio abbiamo effettuato alcune trasformazioni chimiche. *No laboratorio efectuamos algunhas reaccións químicas*.

**trasgredire** v. tr. e intr. [aux. avere] *Transgredir, infrinxir, contravir*. Hanno trasgredito gli ordini. *Transgrediron as ordes*. Non trasgredirò alla legge. *Non transgredirei a lei*. **OBS.:** io trasgredisco, tu trasgredisci.

**trasgressione** s.f. *Transgresión, infracción* (tamén fig.). La trasgressione del codice stradale può provocare gravi incidenti. *A transgresión do código de circulación pode provocar graves accidentes*. Si vestiva così come forma di trasgressione. *Vestíase así como forma de transgresión*.

**traslocare I** v. tr. [aux. avere] *Trasladar*. Abbiamo traslocato i mobili in un'altra stanza. *Trasladámo-los mobles a outro cuarto*. **II** v. intr. [aux. avere] *Mudarse, trasladarse* (de casa). Fammì avere il nuovo indirizzo appena avrete traslocato. *Dáme o novo enderezo tan pronto como vos mudedes*. **OBS.:** io trasloco, tu traslochi; v. irreg. V. táboa 5.

**trasloco** s.m. *Mudanza, muda*. Quando farai il trasloco nella nuova casa? *¿Cando fara-la mudanza á nova casa?* **OBS.:** pl. traslochi.

**trasmettere** v. tr. [aux. avere] **1** *Transmitir*. Sono usanze che si trasmettono da una generazione all'altra. *Son usos que se transmiten dunha xeración á*

outra. **2 Enviar, mandar.** Devo trasmettere urgentemente un telegramma. *Teño que enviar urxentemente un telegrama.* **3 Emitir** (un programa). La televisione trasmetterà la partita di calcio. *A televisión emitirá o partido de fútbol.* # **trasmettere una malattia:** *transmitir unha enfermidade;* **trasmettere via cavo / via radio / via satellite:** *transmitir por cable / por radio / por satélite.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 50.

**trasmissione** s.f. **1 Transmisión.** La trasmissione di questa malattia è ereditaria. *A transmisión desta enfermidade é hereditaria.* **2 Programa** (de televisión ou radio). Sto ascoltando una trasmissione di musica classica. *Estou escoitando un programa de música clásica.*

**trasparente** adx. **Transparente** (tamén fig.). L'acquamarina è una pietra trasparente. *A augamariña é unha pedra transparente.* Il significato delle sue parole mi sembra trasparente. *O significado das súas palabras péreceme transparente.*

**trasparenza** s.f. **Transparencia** (tamén fig.). La trasparenza di quel cristallo è purissima. *A transparencia dese cristal é purísima.* Osserva la massima trasparenza nelle sue attività. *Observa a máxima transparencia nas súas actividades.*

**trasparire** v. intr. [aux. essere] **1 Transparentar.** Le nuvole lasciavano trasparire la luce del sole. *As nubes deixaban transparenta-la luz do sol.* **2** (fig.) **Transparentarse.** Dallo sguardo le traspariva un'immensa allegria. *Na mirada transparentábaselle unha immensa alegría.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 79.

**traspirare** v. intr. [aux. essere] **Transpirar.** Il sudore traspira dalla pelle. *A suor transpira pola pel.*

**traspirazione** s.f. **Transpiración.** La traspirazione può provocare fastidiosi odori. *A transpiración pode provocar olores desagradables.*

**trasportare** v. tr. [aux. avere] **1 Transportar.** Dobbiamo trasportare tutta la legna in cantina. *Temos que transportar toda a leña á bodega.* **2** (fig.) **Trasladar** (coa fantasía). Le favole di Andersen ci trasportano in un mondo incantato. *As fábulas de Andersen trasladannos a un mundo encantado.* # **lasciarsi trasportare** (fig.): *deixarse levar.*

**trasporto** s.m. **Transporte.** Il trasporto delle merci sarà fatto per via marittima. *O transporte das mercadorías farase por vía marítima.* # **mezzi di trasporto:** *medios de transporte;* **trasporto aereo / terrestre:** *transporte aéreo / terrestre;* **trasporto funebre:** *enterro;* **trasporto pubblico:** *transporte público;* **un trasporto d'ira / di contentezza:** *un arrebatto de ira / de alegría.*

**trasversale** adx. **Transversal.** Se vuoi evitare l'ingorgo prendi una strada trasversale. *Se queres evita-lo atasco colle unha estrada transversal.* # **vendetta**

**trasversale:** *vinganza mafiosa dirixida a unha persoa danando os seus intereses ou os familiares.*

**trattamento** s.m. **1 Tratamento, trato.** In quell'albergo ho ricevuto un trattamento molto cordiale. *Naquel hotel recibín un tratamento moi cordial.* **2** (Med.) **Tratamento.** Il trattamento antistaminico per l'allergia mi provocava sonnolenza. *O tratamento antihistamínico para a alerxia provocábame somnolencia.* # **programma di trattamento di testi:** *procesador de textos;* **trattamento di riguardo:** *tratamento de cortesía* (maneira de dirixirse a unha persoa).

**trattare** I v. tr. [aux. avere] **Tratar.** Hanno trattato questioni di pubblico interesse. *Trataron cuestións de interese público.* In questo ristorante trattano bene la clientela. *Neste restaurante tratan ben a clientela.* In questo stabilimento si tratta la lana per l'industria tessile. *Neste establecemento trátase a la para a industria téxtil.* **II** v. intr. [aux. avere] **Tratar.** Questo libro tratta di tecnica commerciale. *Este libro trata de técnica comercial.* Il lavoro è più gradevole se si tratta con gente fidata. *O traballo é máis agradable se se trata con xente de fiar.* # **trattarsi bene:** *coidarse.* ♦ *Para referirse a 'tratar de ti / de vostede' en italiano emprégase a expresión dare del tu / del lei, para 'tratar, ter amizade' frequentare.*

**trattativa** s.f. **Negociación.** Abbiamo iniziato le trattative per l'acquisto della casa. *Iniciámo-las negociacións para a compra da casa.*

**trattato** s.m. **Tratado.** Ha scritto un trattato di filosofia. *Escribiu un tratado de filosofía.* Gli stati europei hanno firmato un trattato di collaborazione. *Os estados europeos firmaron un tratado de colaboración.*

**tratteggiare** v. tr. [aux. avere] **1 Trazar con guións.** Sulle cartine stradali le linee ferroviarie sono tratteggiate in nero. *Nos mapas de estradas as liñas ferroviarias están trazadas con guións en negro.* **2** (fig.) **Trazar, describir.** Il conferenziere ha tratteggiato nel suo discorso la situazione politica attuale. *O conferenciante trazou no seu discurso a situación política actual.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 4.

**trattenere** I v. tr. [aux. avere] **Reter** (impedir ou descontar). Il lavoro l'ha trattenuta in ufficio fino a tardi. *O traballo retívoa na oficina ata tarde.* Mi trattengono una parte dello stipendio per la pensione. *Retéñenme unha parte do soldo para a pensión.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Quedar** (permanecer). I miei genitori si sono trattenuti a pranzo. *Os meus pais quedaron para o xantar.* # **trattenere il respiro:** *conte-la respiración.* **OBS.:** v. irreg. V. táboa 73.

**trattino** s.m. **Guión, trazo.** Il trattino introduce di solito il discorso diretto nei romanzi. *Normalmente o guión introduce o discurso directo nas novelas.*



**tratto** *s.m.* **1** *Trazo, risco.* Il tratto di quel pittore è riconoscibile per le linee sfumate. *O trazo daquel pintor é reconhecible polas liñas esvaecidas.* **2** *Treito.* Un tratto di mare separa la Sicilia dalla Calabria. *Un treito de mar separa Sicilia de Calabria.* **3** (*pl.*) *Trazos (faccions).* Dai tratti del viso si capiva la sua origine slava. *Polos trazos do rostro adiviñábase a súa orixe eslava.* # **a tratti:** a cachos; **a un tratto / d'un tratto:** de súpeto; **tratto a tratto:** a cada pouco, de treito en treito.

**trattore** *s.m.* *Tractor.* Tornava dai campi guidando il trattore. *Volvía dos campos conducindo o tractor.*

**trattoria** *s.f.* *Establecemento público no que se serven comidas, que pode corresponder a un restaurante de categoría media, a un mesón ou a unha casa de comidas.*

**trauma** *s.m.* **1** *Traumatismo.* Subì un trauma cranico battendo la testa contro il marciapiede. *Sufriu un traumatismo cranial ó bater coa testa contra a beirarrúa.* **2** (*fig.*) *Trauma.* La perdita dei genitori era stata un trauma per lui. *A perda dos pais fora un trauma para el.*

**traumatizzare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Traumatizar.* Quella cattiva notizia lo aveva traumatizzato. *Aquela mala noticia traumatizáralo.*

**travagliare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Aflixir, magoar.* I rimorsi gli travagliavano la coscienza. *Os remorsos aflixíanlle a conciencia.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.* ♦ *Para referirse a 'traballar' en italiano emprégase o termo lavorare.*

**travaglio** *s.m.* *Aflición, afliximento, desconsolo.* È una persona tormentata da travagli fisici e morali. *É unha persoa atormentada por aflicións físicas e morais.* # **il travaglio del parto:** *as dores de parto.* ♦ *Para referirse ó 'traballo' en italiano emprégase o termo lavoro.*

**travasare** *v. tr.* [*aux. avere*] **1** *Trasfegar, trousar.* Hanno travasato il vino dalla botte alle bottiglie. *Trasfegaron o viño do barril ás botellas.* **2** *Transvasar.* Bisogna travasare l'olio che è appena arrivato. *Hai que transvasa-lo aceite que acaba de chegar.*

**trave** *s.f.* *Trabe, viga.* Le travi di quel soffitto sono molto antiche. *As trabes daquel teito son moi antigas.* # **non vedere la trave nel proprio occhio:** *ve-lo argueiro no ollo alleo e non a viga no seu.*

**traversare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Cruzar, atravesar.* Bisogna aspettare il semaforo verde per traversare la strada. *Hai que espera-lo semáforo en verde para cruza-la estrada.*

**traversata** *s.f.* *Travesía.* Colombo fu il primo a compiere la traversata dell'oceano Atlantico. *Colón foi o primeiro en realiza-la travesía do océano Atlántico.*

**traverso -a I** *adx.* *Transversal.* Per arrivare dovrei prendere la prima via traversa a destra. *Para chegar terás que colle-la primeira rúa transversal á dereita.* **II** *s.f.* **1** *Traveseiro.* Nel trasloco si è rotta una traversa del letto. *Na mudanza rompeu un traveseiro da cama.* **2** *Rúa transversal.* Per andare in cartoleria devi prendere la seconda traversa a sinistra. *Para ir á papelería tes que colle-la segunda rúa transversal á esquerda.* # **andare di traverso:** (*tamén fig.*) *atrangoarse; di / per traverso:* *do / ó través; guardare qualcosa / qualcuno di traverso:* *mirar algo / alguén de través / de esguello; per diritto e per traverso:* *polas boas ou polas malas; prendere qualcosa di traverso:* *tomar algo a mal.*

**travestire I** *v. tr.* [*aux. avere*] **1** *Disfrazar.* L'hanno travestito da soldato perché potesse accedere alla base aerea. *Disfrazárono de soldado para que puidese acceder á base aérea.* **2** (*fig.*) *Disfrazar, disimular.* A forza di travestire la realtà, non si distingue più il falso dal vero. *A forza de disfrazala realidade, xa non se distingue o falso do verdadeiro.* **II** *v. refl.* [*aux. essere*] *Disfrazarse.* Il famoso attore si è travestito per passare inosservato tra la gente. *O famoso actor disfrazouse para pasar desapercibido entre a xente.*

**travestito -a I** *part. pas. de travestire e adx.* *Disfrazado -a.* La spia era travestita da artista. *Esúa ía disfrazada de artista.* **II** *s.* *Travestí.* Frequentava gli ambienti dei travestiti. *Saía polos ambientes dos travestís.*

**traviare I** *v. tr.* [*aux. avere*] *Perverter, corromper.* I cattivi esempi traviano i giovani. *Os malos exemplos perverten a xente nova.* **II** *v. intr. pron.* [*aux. essere*] *Perverterse, corromperse.* Si è traviato frequentando quel gruppo. *Perverteuse andando con aquel grupo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 8.*

**travisare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Terxivarsar.* Quella donna travisa sempre i fatti. *Esá muller terxivarsa sempre os feitos.*

**travolgente** *adx.* *Arrebatador -ora.* È stato un amore passionale e travolgente. *Foi un amor pasional e arrebatador.*

**travolgere** *v. tr.* [*aux. avere*] *Arrastrar* (*levar consigo*). Una valanga di neve ha travolto un gruppo di sciatori. *Un alude de neve arrastrou un grupo de esquiadores.* # **essere travolti dagli avvenimenti:** *ser arrastrados polos acontecementos.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 11.*

**treccia** *s.f.* *Trenza, trinca.* Mia sorella si raccoglie i capelli in una lunga treccia. *Miña irmá recolle o pelo nunha longa trenza.* # **treccia di agli / cipolle:** *restra de allos / cebolas.* **OBS.:** *pl. trecce.*

**tregua** *s.f.* *Tregua* (*tamén fig.*). Gli eserciti concordarono una tregua per Natale. *Os exércitos acordaron*

*unha tregua polo Nadal.* C'è stata una breve tregua fra i partiti politici. *Houbo unha breve tregua entre os partidos políticos.* # **senza tregua:** *sen interrupción.*

**tremare** v. intr. [aux. avere] **1 Tremar, tremar** (*tamén fig.*). Sta tremando dal freddo. *Está tremendo co frío.* Tremo se penso a quello che poteva succedere. *Tremo se penso no que podía suceder.* **2 Tremar, tremar, trepidar.** La terra tremava sotto i nostri piedi. *A terra tremía baixo os nosos pés.* # **tremare come una foglia:** *tremar coma unha vara verde.*

**tremendo -a** adx. **1 Tremendo -a, espantoso -a, terribile.** Abbiamo corso un tremendo pericolo durante l'incendio. *Corremos un tremendo perigo durante o incendio.* **2 Tremendo -a, enorme, colosal.** Ho un mal di testa tremendo. *Teño unha dor de cabeza tremenda.*

**tremito** s.m. **Calafrió.** I suoi tremiti erano provocati dalla febbre. *Os seus calafríos estaban provocados pola febre.*

**tremolio** s.m. **Tremor.** Assorti contemplavano il tremolio della fiamma. *Absortos contemplaban o tremor da chama.*

**tremore** s.m. **Tremor.** Ero nervosa e non potevo evitare il tremore delle mani. *Estaba nerviosa e non podía evita-lo tremor das mans.*

**treno** s.m. **Tren.** Il treno ha sostituito il trasporto a cavallo. *O tren substituíu o transporte a cabalo.*

**trepidare** v. intr. [aux. avere] **Tremar co medo.** Trepidavo aspettando il risultato dell'esame. *Tremía co medo esperando o resultado do exame.* **OBS.:** io *trepido*; v. irreg. *V. táboa I.*

**treppiede** s.m. **Trípode.** Ho montato la cinepresa sul treppiede. *Montei a cámara de cine sobre o trípode.* **OBS.:** *tamén se di di treppiedi.*

**triangolo** s.m. **1 Triángulo.** Il teorema di Pitagora si può applicare solo al triangolo rettangolo. *O teorema de Pitágoras só se pode aplicar ó triángulo rectángulo.* Ho messo il triangolo per segnalare il guasto della mia automobile. *Puxen o triángulo para sinala-la avaría do meu automóbil.* **2 (Mús.) Ferriños, triángulo.** Suono il triangolo nella banda municipale. *Toco os ferriños na banda municipal.* # **il triangolo industriale:** *as tres cidades industriais máis importantes da Italia do Norte: Milán, Turín e Xénova.*

**tribù** s.f. inv. **Tribo, clan.** Molti popoli nomadi sono organizzati in tribù. *Moitos pobos nómadas están organizados en tribos.* # **tribù ebraiche:** *tribos hebreas;* **tribù giovanili:** *grupos xuvenís.*

**tribuna** s.f. **Tribuna.** Il conferenziere sali sulla tribuna. *O conferenciante subiu á tribuna.* Ho visto la

partita di calcio dalla tribuna. *Vin o partido de fútbol dende a tribuna.*

**tribunale** s.m. **1 Tribunal** (*xudicial*). Il tribunale ha condannato l'imputato. *O tribunal condenou o acusado.* **2 Tribunais** (*a xustiza*). Ci rivedremo in tribunale e deciderà la giustizia. *Volverémonos ver nos tribunais e decidirá a xustiza.* ♦ *Para referirse ó 'tribunal, comisión (non xudicial)' en italiano emprégase o termo commissione (tribunal examinador: commissione d'esame).*

**triciclo** s.m. **Triciclo.** Prima che mi comprassero la bicicletta avevo un triciclo. *Antes de que me comprasen a bicicleta tiña un triciclo.*

**trifoglio** s.m. **Trevo.** I trifogli hanno le foglioline a forma di cuore. *Os trevos teñen as folliñas en forma de corazón.*

**triglia** s.f. **Salmonete, barbo.** Le triglie sono pesci di colore rosso. *Os salmonetes son peixes de cor encarnada.* # **fare l'occhio di triglia (a qualcuno):** *mirar (a alguén) con ollos namorados.*

**trimestre** s.m. **Trimestre.** Ogni trimestre devo pagare una rata dell'alloggio. *Cada trimestre teño que pagar un prazo do piso.*

**trincea** s.f. **Trincheira.** I soldati scavarono una trincea. *Os soldados escavaron unha trincheira.*

**trincerare I** v. tr. [aux. avere] **Atrincheirar.** Gli assediati trincerarono la città. *Os asediados atrincheiraron a cidade.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Atrincheirarse** (*tamén fig.*). I nemici si trincerarono intorno al ponte. *Os inimigos atrincheiráronse arredor da ponte.* L'accusato si trincerò nel silenzio. *O acusado atrincheirouse no silencio.* **OBS.:** io *trincero.*

**trio** s.m. **1 Terceto, trio.** Suona in un trio di archi. *Toca nun terceto de corda.* **2 Trio.** Al circo ho visto un trio di giocolieri molto abili. *No circo vin un trio de malabaristas moi hábiles.*

**trionfare** v. intr. [aux. avere] **Triunfar** (*consegui-la victoria; tamén fig.*). Gli eserciti di Napoleone trionfarono sui campi di battaglia. *Os exércitos de Napoleón triunfaron nos campos de batalla.* Quell'imprenditore ha trionfato nei suoi affari. *Aquel empresario triunfou nos seus negocios.* **OBS.:** io *trionfo.*

**trionfo** s.m. **1 Triunfo, victoria.** La vittoria della squadra italiana fu un vero trionfo. *A victoria do equipo italiano foi un verdadeiro triunfo.* **2 (fig.) Triunfo, éxito.** Il trionfo di questa ricerca è stato celebrato con una grande festa. *O triunfo desta investigación celebrouse cunha gran festa.* # **portare in trionfo:** *levar ó lombo.*

**trippa** s.f. **1 (fam.) Bandullo.** Sono ingrassato, guarda che trippa ho messo su. *Engordei, mira qué bandullo saquei.* **2 Prato similar ós callos, cociñado**

*cos intestinos dos bovinos e preparado de distintos xeitos.*

**triste** *adx.* **1 Triste.** Si sentiva triste perché non poteva aiutarlo. *Sentíase triste porque non lle podía axudar.* **2 Triste, melancólico -a.** Ha sempre avuto uno sguardo triste. *Sempre tivo unha mirada triste.*

**tristezza** *s.f.* **Tristeza, pena.** La brutta notizia provocò una profonda tristezza in tutti noi. *A mala noticia provocou unha profunda tristeza en todos nós.*

**tritare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Triturar, picar.** Per preparare quel piatto occorre tritare gli ingredienti. *Para preparar ese prato é preciso tritura-los ingredientes.*

**triviale** *adx.* **Groseiro -a, basto -a, ordinario -a.** Mi infastidisce il suo linguaggio triviale e volgare. *Fastíame a súa linguaxe groseira e vulgar.* ♦ *Para referirse a 'trivial' en italiano emprégase o termo banale.*

**trivialità** *s.f. inv.* **Grosería.** La trivialità di certi episodi rende sgradevole questo film. *A grosería de certos episodios fai desagradable este filme.* ♦ *Para referirse á 'trivialidade' en italiano emprégase o termo banalitate.*

**trofeo** *s.m.* **Trofeo.** Lo scudo del nemico fu il suo trofeo di guerra. *O escudo do inimigo foi o seu trofeo de guerra.* Quella squadra di calcio ha vinto molti trofei. *Ese equipo de fútbol gañou moitos trofeos.*

**troia** *s.f.* **1 (vulg.) Pendanga, puta, paxara.** Si sono accapigliate quando l'ha chiamata troia. *Rifaron cando lle chamou pendanga.* **2 Cocha, marrá, porca.** La troia allatta i suoi maialini. *A cocha aleita os seus porquiños.*

**tromba** *s.f.* **1 Trompeta.** Louis Armstrong fu uno dei più grandi suonatori di tromba. *Louis Armstrong foi un dos máis grandes intérpretes de trompeta.* **2 (Mús.) Trompa.** Suona la tromba in un'orchestra. *Toca a trompa nunha orquestra.* # **partire in tromba:** *empezar algo con moito entusiasmo;* **squillo di tromba:** *toque de trompeta;* **tromba d'aria:** *tornado;* **tromba delle scale:** *oco da escaleira;* **tromba di Eustachio / di Faloppio:** *trompa de Eustaquio / de Falopio;* **tromba marina (Met.):** *tromba.*

**troncare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Cortar, tallar.** Ha troncato il filo di ferro con le cesoie. *Cortou o arame coas tesoiras de podar.* **2 (fig.) Cortar, interromper.** Dopo quel litigio, ha troncato i rapporti con tutti i suoi amici. *Despois daquela liorta, cortou as relacións con tódolos seus amigos.* **OBS.:** io tronco, tu tronchi; *v. irreg. V. táboa 5.*

**tronco** *-a* **I adx.** **1 Truncado -a.** Le antiche rovine romane sono piene di colonne tronche. *As antigas ruínas romanas están cheas de columnas truncadas.* **2 (fig.) Interrompido -a, cortado -a.** Ha lasciato il discorso tronco. *Deixou o discurso interrompido.* **3 (Ling.) Agudo -a.** La parola tronca ha l'accento

sull'ultima sillaba. *A palabra aguda ten o acento na última sílaba.* **4 (Ling.) Apocopado -a.** Le parole tronche diventano più brevi. *As palabras apocopadas vólvense máis breves.* **II s.m. Tronco.** Il tronco dell'albero era pieno di resina. *O tronco da árbore estaba cheo de resina.* Nell'incidente pati diverse ferite alla testa e al tronco. *No accidente sufriu varias feridas na cabeza e no tronco.* # **in tronco:** *de repente e sen explicación.* **OBS.:** *m. pl. tronchi, f. pl. tronche.*

**trono** *s.m.* **Trono (asento; tamén fig.).** Il re e la regina sedettero sul trono. *O rei e a raíña sentaron no trono.* Sul trono italiano sedette a lungo la famiglia dei Savoia. *No trono italiano sentou durante moito tempo a familia dos Savoia.* Il pugile Cassius Clay conservò a lungo il trono dei pesi massimi. *O púxil Cassius Clay conservou durante moito tempo o trono dos pesos pesados.*

**tropico** *s.m.* **Trópico.** I paesi sulla linea dei tropici hanno un clima caldo. *Os países sobre a liña dos trópicos teñen un clima cálido.* # **tropico del Cancro, del Capricorno:** *trópico de Cáncer; de Capricornio;* **vivere ai tropici:** *virir nos países tropicais.*

**troppo** *-a* **I adx. indef. Demasiado -a.** Usciamo, c'è troppo rumore. *Saiamos, hai demasiado ruído.* **II pron. indef. 1 (pl.) Demasiados -as.** Siete troppi, dovremo fare due turni. *Sodes demasiados, teremos que facer dúas quendas.* **2 Demasiado -a (cantidade esaxerada).** Sono dolci pesanti, non mangiarne troppi. *Son doces fortes, non comas demasiados.* **III adv. Demasiado, de máis.** Ho speso troppo per i regali di Natale. *Gastei demasiado para os regalos de Nadal.* # **chi troppo vuole nulla stringe:** *quen moito aperta nada colle;* **di troppo:** *de máis;* **dire una parola di troppo:** *dicir unha palabra de máis;* **essere di troppo:** *estar de máis;* **il troppo stroppia:** *moita cantidade cansa;* **troppo bello:** *moi bonito;* **troppo gentile!:** *¡moi amable!;* **troppo poco:** *moi pouco.*

**trota** *s.f.* **Troita.** La trota è un pesce que vive nelle acque dei fiumi, torrenti e laghi. *A troita é un peixe que vive nas augas dos ríos, torrentes e lagos.*

**trottare** *v. intr.* [*aux.* avere / essere] **Trotar (tamén fig.).** Ogni mattina porto il mio cavallo a trottare. *Tódalas mañás levo o meu caballo a trotar.* Abbiamo trottato per raggiungere l'autobus. *Trotamos para alcanza-lo autobús.*

**trotto** *s.m.* **Trote.** Il cavallo andava al trotto. *O caballo andaba ó trote.* # **corse al trotto:** *carreiras ó trote.*

**trottola** *s.f.* **Buxaina.** Da bambino giocavo sempre con una trottola di legno. *De neno xogaba sempre cunha buxaina de madeira.* # **girare come una trottola:** *dar moitas voltas, ser un bulebole.*

**trovare I** v. tr. [aux. avere] **1 Encontrar, atopar** (*tamén fig.*). Ho trovato il lavoro adatto a me. *Encontrei o traballo axeitado para min.* In te ha trovato un vero amico. *En ti encontrou un verdadeiro amigo.* **2 Encontrar, localizar.** Ho trovato il cagnolino che cercavate. *Encontrei o cadelo que buscabades.* **3 Encontrar** (*ter unha determinada impresión ou opinión*). Ti trovo in forma! *¡Encóntrote en forma!* **4 Considerar, pensar.** Trovo che hai fatto la scelta giusta. *Considero que fixéche-la elección xusta.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Encontrarse, atoparse.** I naufraghi si trovarono in condizioni disperate. *Os náufragos encontráronse en condicións desesperadas.* # **andare a trovare qualcuno:** *ir ver a alguén;* **trovarsi bene / male:** *encontrarse ben / mal.*

**truccare I** v. tr. [aux. avere] **1 Caracterizar** (*maquillar*). Per esigenze di copione, l'attrice è stata truccata da anziana. *Por esixencias do guión, caracterizaron a actriz de anciá.* **2 Maquillar.** Truccheranno gli invitati alla trasmissione televisiva. *Maquillarán os invitados da transmisión de televisión.* **3 (fig.) Amañar** (*trucar*). Hai truccato le carte, ma non hai vinto la partita. *Amañáche-las cartas, pero non gañáche-la partida.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Disfrazarse.** Gli ispettori si erano truccati da operai. *Os inspectores disfrazáranse de obreiros.* **2 Maquillarse.** Si trucca poco perché non le piace attirare l'attenzione. *Maquillase pouco porque non lle gusta chama-la atención.* **OBS.:** io trucco, tu trucchi; v. irreg. *V. táboa 5.*

**trucco** s.m. **1 Caracterización** (*maquillaxe*). L'arte del trucco è fondamentale nel mondo dello spettacolo. *A arte da caracterización é fundamental no mundo do espectáculo.* **2 Maquillaxe.** Porta in borsa uno specchio per ritoccarsi il trucco. *Leva no bolso un espelliño para retoca-la maquillaxe.* Ho comprato un trucco troppo scuro. *Comprei unha maquillaxe demasiado escura.* **3 (fig.) Amaño** (*trampa*). Sono riusciti a ingannarlo con un abile trucco. *Conseguiron enganalo cun hábil amaño.* **4 Truco.** I prestigiatori preferiscono non svelare i propri trucchi. *Os prestidixitadores prefíren non desvela-los propios trucos.* # **farsi il trucco:** *maquillarse;* **togliersi il trucco:** *desmaquillarse.* **OBS.:** pl. trucchi.

**truffa** s.f. **1 Calote, engano.** La sua ingenuità l'ha portato ad essere vittima di una truffa. *A súa inxenuidade levouno a ser vítima dun calote.* **2 (fig.) Roubio, ladroízo.** Il prezzo di quei pantaloni è una truffa! *¡O prezo deses pantalóns é un roubo!* ♦ *Para referirse á 'trufa (cogomelo)' en italiano emprégase o termo tartufo.*

**truffare** v. tr. [aux. avere] **Estafar** (*roubar*). Gli hanno truffato molto denaro. *Estafáronlle moito diñeiro.*

**truppa** s.f. **1 Tropa** (*soldados*). Le truppe di fanteria furono mandate al fronte. *As tropas de infantería foron mandadas á fronte.* **2 (ext.) Tropa, bandada.** Una truppa di scolari è scesa dall'autobus. *Unha tropa de escolares baixou do autobús.*

**tu** pron. pers. sing. **Ti.** Tu sei l'amico più caro che ho. *Ti e-lo amigo máis querido que teño.* # **a tu per tu:** *cara a cara;* **dare del tu a qualcuno:** *tratar de ti a alguén.*

**tubare** v. intr. [aux. avere] **Rular.** I piccioni tubavano vicino alla finestra. *As pombas rulaban preto da fiestra.* # **tubare come due tortorelle:** *murmurar palabras doces (os namorados).*

**tubercolosi** s.f. inv. **Tuberculose.** La tubercolosi colpisce soprattutto i polmoni. *A tuberculose afecta especialmente ós pulmóns.*

**tuberosa** s.f. **Nardo.** Le tuberose hanno un odore molto intenso. *Os nardos teñen un olor moi intenso.*

**tubo** s.m. **Tubo.** Hanno sostituito i tubi di piombo con quelli di plastica. *Substituíron os tubos de chumbo polos de plástico.* L'idraulico ha riparato il tubo del lavandino. *O fontaneiro reparou o tubo do lavabo.* # **non capire un tubo** (*fam.*): *non entender nada;* **non fare un tubo** (*fam.*): *non facer nada;* **tubo di scarico:** *desaugadoiro.* ♦ *Para referirse ó 'tubo (de pastillas, de dentifricio...)' en italiano emprégase o termo tubetto.*

**tue, tuoi** *V. tuo.*

**tuffare I** v. tr. [aux. avere] **Mergullar, somerxer.** Ho tuffato le mani nell'acqua per recuperare l'anello. *Mergullei as mans na auga para recupera-lo anel.* **II** v. refl. [aux. essere] **1 Lanzarse** (*á auga*). Alcuni bagnanti si tuffarono dallo scoglio. *Algúns bañistas lanzáronse desde o con.* **2 (fig.) Mergullarse.** Mi sono tuffato nel lavoro per dimenticare i problemi familiari. *Mergulleime no traballo para esquece-los problemas familiares.* # **tuffarsi a capofitto:** *mergullarse en algo por completo;* **tuffarsi nella mischia:** *mergullarse na algarada.*

**tuffo** s.m. **Salto.** Il nuotatore ha eseguito un tuffo perfetto dal trampolino. *O nadador realizou un salto perfecto dende o trampolín.* Il portiere ha deviato il pallone con un gran tuffo. *O porteiro desviou o balón cun gran salto.* # **fare un tuffo:** *lanzarse á auga;* **provare un tuffo al cuore:** *dar un salto o corazón.* ♦ *Para referirse ó 'tufo', en italiano emprégase o termo puzzo.*

**tulipano** s.m. **Tulipán.** Il tulipano è il fiore tipico dell'Olanda. *O tulipán é a flor típica de Holanda.*

**tumore** s.m. **Tumor.** Le analisi indicarono che il paziente aveva un tumore all'intestino. *As análises indicaron que o paciente tiña un tumor no intestino.*

**tumulto** *s.m.* **1 Tumulto.** Il tumulto della folla era assordante. *O tumulto da multitude era enxordecedor.* **2 Revolta, rebelión.** Esplosero diversi tumulti allo stesso tempo. *Estalaron varias revoltas ó mesmo tempo.* # **avere il cuore in tumulto** (*fig.*): *te-lo corazón axitado.*

**tumultuoso -a** *adx.* **1 Tumultuoso -a, tempestuoso -a.** La corrente del fiume era tumultuosa. *A corrente do río era tumultuosa.* **2 (fig.) Tumultuoso -a (axitado).** Quando la rivide fu travolto da sentimenti tumultuosi. *Cando a volveu ver foi arrastrado por sentimentos tumultuosos.*

**tunica** *s.f.* **Túnica.** Gli antichi sacerdoti vestivano una tunica bianca. *Os antigos sacerdotes vestian unha túnica branca.* **OBS.:** *m. pl.* tuniche.

**tunnel** *s.m. inv.* **1 Túnel.** Un lungo tunnel sotto la Manica collega la Francia all'Inghilterra. *Un longo túnel baixo o canal da Mancha une Francia con Inglaterra.* **2 (fig.) Escravidute.** È uscito da poco dal tunnel della droga. *Sáiu hai pouco da escravidute da droga.*

**tuo -a I** *adx. pos.* **Teu túa.** Hai dimenticato il tuo ombrello. *Esqueciche-lo teu paraugas.* Tua madre è molto esigente. *A túa nai é moi esixente.* **II pron. pos.** **Teu túa.** Sua moglie ha lo stesso vestito della tua. *A súa muller ten o mesmo vestido cá túa.* # **i tuoi:** *os pais, a familia (de nacemento).* **OBS.:** *m. pl.* tuoi, *f. pl.* tue.

**tuono** *s.m. (Met.) Trono.* Il rumore dei tuoni mi fa venire i brividi. *O ruído dos tronos faime vir calafrios.* # **voce di tuono:** *voz atronadora.*

**tuorlo** *s.m. Xema (do ovo).* Aggiungere all'impasto due tuorli d'uovo. *Engadir á masa dúas xemas de ovo.*

**turbamento** *s.m. Turbación.* Quando ripensa alle sue disgrazie cade in preda a un profondo turbamento. *Cando volve pensar nas súas desgracias cae vítima dunha profunda turbación.*

**turbare I** *v. tr. [aux. avere]* **1 Turbar, perturbar.** Hanno turbato il normale svolgimento della riunione con i loro schiamazzi. *Turbaron o normal desenvolvemento da reunión cos seus alborotos.* **2 Turbar, conturbar.** Quel libro l'ha molto turbato. *Ese libro turbouno moito.* **II v. intr. pron. [aux. essere]** **Turbarse, conturbarse.** Mi sono turbato quando l'ho sentito parlare a quel modo. *Turbeime cando o sentín falar daquel modo.*

**turchese** *s.f. Turquesa.* Mi ha regalato un anello con una turchese. *Regaloume un anel cunha turquesa.*

**turco -a I** *adx.* **Turco -a.** L'impero turco si sfaldò alla fine della prima guerra mondiale. *O imperio turco disgregouse ó final da primeira guerra mundial.* **II s. I Turco -a (persoa).** I turchi sono di religione musulmana. *Os turcos son de relixión musulmana.* **2**

(*m. sing.*) **Turco (lingua).** Il turco appartiene alla famiglia linguistica altaica. *O turco pertence á familia lingüística altaica.* # **fumare come un turco:** *fumar coma un carreteiro.* **OBS.:** *m. pl.* turchi, *f. pl.* turche.

**turismo** *s.m. Turismo.* L'industria del turismo è molto fiorente. *A industria do turismo é moi prospera.*

**turista** *s. Turista.* A Firenze giungono turisti da tutto il mondo. *A Florencia chegan turistas de todo o mundo.* **OBS.:** *m. pl.* turisti.

**turistico -a** *adx.* **Turístico -a.** Rimini è un famoso centro turistico italiano. *Rimini é un famoso centro turistico italiano.* **OBS.:** *m. pl.* turistici, *f. pl.* turistiche.

**turno** *s.m. Quenda, rolda.* In molte fabbriche si lavora a turno. *En moitas fábricas trabállase por quenda.*

**tuta** *s.f. Funda (peza de roupa).* Il meccanico aveva la tuta sporca di olio. *O mecánico tiña a funda sucia de aceite.* # **tuta spaziale:** *traxe espacial;* **tuta da ginnastica / sportiva:** *chándal.*

**tutela** *s.f. 1 Tutela.* Sono state varate leggi a tutela dell'ambiente. *Aprobaron leis en tutela do ambiente.* **2 Tutela, titoria.** Quel ragazzo è stato messo sotto la tutela dell'assistente sociale. *Ese rapaz foi posto baixo a tutela do asistente social.*

**tuttavia** *conx. Sen embargo, así a todo, con todo.* Eravamo stanchi, tuttavia continuammo il cammino. *Estabamos cansos, sen embargo continuámo-lo camiño.*

**tutto -a I** *adx. indef. Todo -a.* Tutti gli uomini sono mortali. *Tódolos homes son mortais.* È tornata dalla palestra tutta sudata. *Volveu do ximnasio toda suada.* **II pron. indef. Todo.** Ho visto tutto di persona. *Vin todo en persoa.* Tutti approvarono la decisione. *Todos aprobaron a decisión.* **III adv. Totalmente.** Ci disse tutto il contrario. *Díxonos totalmente o contrario.* **IV s.m. Totalidade, total.** Il tutto ti verrà a costare poco. *A totalidade virache custar pouco.* # **a tutt'oggi:** *ata o de agora;* **capace di tutto:** *capaz de todo;* **con tutte le forze:** *con tódalas forzas;* **con tutto il cuore:** *con todo o corazón;* **del tutto:** *totalmente;* **di tutto punto:** *completamente, perfectamente;* **essere tutto casa / famiglia / studio / chiesa:** *mostrar unha total dedicación á casa / á familia / ó estudio / á igrexa;* **essere tutto di un pezzo:** *ser incorruptible, inflexible;* **essere tutto naso, bocca...:** *te-lo nariz, a boca... moi grandes;* **essere tutto occhi / orecchie:** *estar atentísimo;* **in tutti i modi:** *a calquera prezo;* **in tutto:** *en total;* **pensarle / inventarle / trovarle tutte:** *pensar / inventar / encontrar tódalas posibles astucias;* **prima di tutto:** *antes de nada;* **questo è tutto / ecco tutto:** *non teño nada máis que dicir; tutto ad un*

**tratto:** *de súpeto*; **una volta per tutte:** *dunha vez por todas*.

**tuttora** *adv. Aínda, inda.* È un modello vecchio, ma tuttora valido. *É un modelo vello, pero aínda válido.*

# U

**ubbidiente** *adx.* **Obediente, dócil.** È un bambino molto ubbidiente, fa ciò che gli si dice senza protestare. *È un neno moi obediente, fai o que se lle di sen protestar.*

**ubbidienza** *s.f.* **Obediencia.** L'ubbidienza di questo cane lascia a desiderare, non viene mai quando lo si chiama. *A obediencia deste can deixa moito que desexar, non vén nunca cando o chaman.*

**ubbidire** *v. intr.* [*aux.* avere] **Obedecer (ordes).** Quella scimmia ubbidisce a tutti gli ordini del suo padrone. *Aquel mono obedece tódalas ordes do seu amo.* **OBS.:** io ubbidisco, tu ubbidisci.

**ubicare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Situarse, colocarse.** Il nuovo edificio sarà ubicato vicino al fiume. *O novo edificio situarase preto do río.* **OBS.:** io ubico, tu ubichi; *emprégase nas formas pasivas;* *v. irreg. V. táboas 1 e 5.*

**ubriacare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Emborrachar, embebedar.** Quel vino mi ha ubriacato. *Ese viño emborrachoume.* **II** *v. intr.* *pron.* [*aux.* essere] **Emborracharse, embebedarse.** Si ubriaca quando beve liquori. *Emborráchase cando bebe licores.* **OBS.:** io ubriaco, tu ubriachi; *v. irreg. V. táboa 5.*

**ubriachezza** *s.f.* **Embriaguez.** L'hanno arrestato in stato di ubriachezza. *Arrestárono en estado de embriaguez.*

**ubriaco -a I** *adx.* **Borracho -a, bébedo -a.** Abbiamo aiutato un ragazzo ubriaco a tornare a casa. *Axudámoslle a un rapaz borracho a volver á casa.* **II** *s.* **Borracho -a.** Mi sono spaventato perché un ubriaco mi seguiva. *Asusteime porque un borracho me seguía.* # **ubriaco fradicio:** *borracho coma unha cuba.* **OBS.:** *m. pl.* ubriachi, *f. pl.* ubriache.

**uccello** *s.m.* **1** **Paxaro.** Le rondini sono uccelli migratori. *As andoriñas son paxaros migratorios.* **2** (*fig., vulg.*) **Pito (pene).** Hanno arrestato l'esibizionista che mostrava l'uccello nel parco. *Detiveron o exhibicionista que ensinaba o pito no parque.* # **a volo d'uccello:** *a vista de paxaro;* **essere / diventare**

**uccel di bosco:** *botarse ó monte;* **libero come un uccello:** *libre coma un paxaro;* **uccello del malaugurio:** *ave de mal agoiro.*

**uccidere I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Matar.** L'hanno ucciso con una pistola. *Matárono cunha pistola.* Queste preoccupazioni mi uccidono. *Estas preocupacións mátanme.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Matarse, suicidarse.** Si è ucciso quando ha scoperto di essere malato. *Matouse cando descubriu que estaba enfermo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 31.*

**udienza** *s.f.* **Audiencia.** I cittadini hanno chiesto udienza al sindaco. *Os cidadáns pedíronlle audiencia ó alcalde.* Il giudice ha rinviato la data dell'udienza. *O xuíz aprazou a data da audiencia.* ♦ *Para referirse á 'audiencia, auditorio' en italiano emprégase o termo uditorio para 'audiencia (tv. e sim.)' audience.*

**udire** *v. tr.* [*aux.* avere] **Oír, escoitar, sentir.** Ha udito delle voci. *Oíu unhas voces.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 46.*

**udito** *s.m.* **Oído (sentido).** Ha perso l'udito quando era piccolo. *Perdeu o oído de pequeno.* ♦ *Para referirse ó 'oído (órgano)' en italiano emprégase o termo orecchio.*

**ufficiale I** *adx.* **Oficial.** È già stata resa ufficiale la data del concorso. *Xa se fixo oficial a data das oposicións.* Il Presidente della Repubblica è in visita ufficiale negli Stati Uniti. *O Presidente da República está en visita oficial nos Estados Unidos.* La premiazione dei vincitori avrà carattere ufficiale. *A entrega de premios dos vencedores terá un carácter oficial.* **II** *s.* **Oficial (do exército).** È un ufficiale dell'esercito. *É un oficial do exército.* # **pubblico ufficiale:** *funcionario;* **ufficiale giudiziario:** *alguacil.*

**ufficio** *s.m.* **1** **Oficina.** Ogni giorno arrivo in ufficio alle otto del mattino. *Tódolos días chego á oficina ás oito da mañá.* **2** **Despacho (lugar).** Si è chiuso nel proprio ufficio e non vuole che nessuno lo disturbi. *Pechouse no seu despacho e non quere que ninguén*

o moleste. # **difensore d'ufficio**: *avogado de oficio*; **ufficio di collocamento**: *oficina de emprego*; **ufficio funebre**: *oficio fúnebre*; **ufficio stampa**: *gabinete de prensa*. ♦ *Para referirse ó 'oficio, profesión' en italiano emprégase o termo mestiere.*

**UFO** *s.m. inv.* **Ovni**. Alcune persone credono di aver visto degli UFO atterrare sul nostro pianeta. *Algumhas persoas cren que viron ovnis aterrar no noso planeta.*

**uguaglianza** *s.f.* **Igualdade**. Predica l'uguaglianza fra gli uomini. *Predica a igualdade entre os homes.*

**uguagliare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Igualar**. Ha uguagliato la lunghezza delle tende. *Igualou o longo das cortinas.* Ha uguagliato il suo precedente record. *Igualou a súa marca precedente.* **2 Igualar, aplanar, alisar**. Hanno uguagliato il terreno per farne un parcheggio. *Igualaron o terreo para construír un aparcadoiro.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Igualarse**. I risultati dei due candidati si sono uguagliati. *Os resultados dos dous candidatos igualáronse.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**uguale I** *adx.* **Igual**. Le nostre camicie sono uguali. *As nosas camisas son iguais.* Due più tre è uguale a quattro più uno. *Dous mais tres é igual a catro mais un.* **II** *adv.* **Igual**. Le due sorelle sono alte uguali. *As dúas irmáns son igual de altas.* **III** *s. (espec. en pl.) Igual*. Nel suo campo non ha uguali. *No seu campo non ten igual.*

**ulivo** *V. olivo.*

**ulteriore** *adx.* **Ulterior, posterior**. Il caso non è chiuso, si dovranno fare ulteriori indagini. *O caso non está pechado, deberanse facer posteriores investigacións.*

**ultimare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Ultimar**. Dobbiamo ancora ultimare il lavoro. *Ainda temos que ultima-lo traballo.* **OBS.:** *io último; v. irreg. V. táboa 1.*

**ultimo -a I** *adx.* **1 Último -a** (*recente; tamén fig.*). Sai l'ultima notizia? *¿Sábe-la última noticia?* Vuole sempre avere l'ultima parola. *Sempre quere te-la última palabra.* **2 Último -a, derradeiro -a**. La zeta è l'ultima lettera dell'alfabeto. *O ceta é a última letra do alfabeto.* **II** *s.* **Último -a** (*derradeiro ou inferior ós demais*). Nella maratona è arrivato fra gli ultimi. *No maratón chegou entre os últimos.* Fino a poco tempo fa era l'ultima della classe. *Ata hai pouco tempo era a última da clase.* # **all'ultima moda**: *á ultima (moda)*; **all'ultimo / in ultimo**: *por último*; **all'ultimo momento**: *no último momento*; **dalla prima all'ultima parola**: *da primeira á última palabra*; **esalare l'ultimo respiro**: *exhala-lo último suspiro*; **essere l'ultima ruota del carro**: *se-lo menos importante*; **fino all'ultimo**: *ata o final*; **in ultima istanza**: *en última instancia*; **l'ultimo del mese**: *o último día do mes*; **non è detta l'ultima parola**: *non se dixo*

*a última palabra*; **notizia dell'ultima ora**: *noticia de última hora.*

**ululare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Ouvear, oulear**. I lupi ululavano durante la notte. *Os lobos ouveaban durante a noite.* **OBS.:** *io ululo; v. irreg. V. táboa 1.*

**umanità** *s.f. inv.* **1 Humanidade, caridade**. Era conosciuto e amato per la sua grande umanità. *Era coñecido e querido pola súa grande humanidade.* **2 Humanidade** (*os seres humanos*). Un passo avanti nella lotta contro il cancro sarebbe una conquista per tutta l'umanità. *Un paso adiante na loita contra o cancro sería unha conquista para toda a humanidade.*

**umanitario -a** *adx.* **Humanitario -a**. Il suo spirito umanitario l'ha portato a fare il medico nei paesi del Terzo Mondo. *O seu espírito humanitario levouno a traballar como médico nos países do Terceiro Mundo.*

**umano -a I** *adx.* **Humano -a**. Questo disegno raffigura il corpo umano. *Este debuxo representa o corpo humano.* Concediamogli almeno quest'umana debolezza! *¡Concedámoslle polo menos esta debilidad humana!* Nonostante la sua apparente severità è una persona molto umana e generosa. *A pesar da súa aparente severidade é unha persoa moi humana e xenerosa.* **II** *s.m. sing.* **Humano**. Ha riformulato le definizioni dell'umano e del divino. *Reformulou as definicións do humano e do divino.* ♦ *Para referirse ós 'humanos' en italiano emprégase a expresión esseri umani.*

**umidità** *s.f. inv.* **Humidade, humedén**. In quella casa c'era moltissima umidità. *Naquela casa había moitísima humidade.*

**umido -a** *adx.* **Húmido -a**. Se sto in ambienti umidi mi viene il mal di gola. *Se estou en ambientes húmidos pñoime mal da gorxa.* # **in umido**: *cociñado só ou con aceite, tomate e verduras.*

**umile** *adx.* **Humilde, modesto -a**. Nonostante sia di umili origini è riuscito ad arrivare molto in alto. *Ainda que sexa de orixes humildes conseguiu chegar moi alto.* Il vostro compagno ha un carattere timido e umile. *O voso compañeiro ten un carácter tímido e humilde.*

**umiliante** *adx.* **Humillante, vexatorio -a**. Ci siamo trovati in una situazione umiliante. *Atopámonos nunha situación humillante.*

**umiliare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Humillar**. L'ha umiliata davanti a tutti perché non aveva consegnato il lavoro in tempo. *Humillouna diante de todos porque non entregara o traballo a tempo.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Humillarse, abaixarse**. Si è umiliato andando a chiedere scusa, anche se non era stata colpa sua. *Humillouse indo pedir perdón, aínda que non fora culpa súa.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*



**umiliazione** *s.f.* **Humillación**. Ha dovuto sopportare l'umiliazione di chiedere in prestito dei soldi. *Tivo que soporta-la humillación de pedir prestados car-tos.*

**umiltà** *s.f. inv.* **Humildade, modestia**. Si è presentata al nuovo capo con deferenza e umiltà. *Presentouse ó novo xefe con deferencia e humildade.* Vestivano con umiltà, ma erano sempre puliti. *Vestían con humildade, pero estaban sempre limpos.*

**umore** *s.m.* **Humor**. Umore acqueo. *Humor acuoso.* Oggi sono di cattivo umore. *Hoxe estou de mal humor.*

**umorismo** *s.m.* **Humor (alegría)**. Non capisci gli scherzi, hai decisamente poco senso dell'umorismo. *Non enténde-las bromas, decididamente tes pouco sentido do humor.*

**umoristico -a** *adx.* **Humorístico -a**. Questa rappresentazione è uno spettacolo umoristico sulle abitudini degli italiani. *Esta representación é un espectáculo humorístico sobre os costumes dos italianos.* **OBS.:** *m. pl.* umoristici, *f. pl.* umoristiche.

**un** *V.* uno.

**unanime** *adx.* **Unánime**. Hanno manifestato un'unanime giudizio. *Manifestaron un xuízo unánime.*

**unanimità** *s.f. inv.* **Unanimidade**. Il tribunale l'ha prosciolto all'unanimità. *O tribunal exculpou por unanimidade.*

**uncino** *s.m.* **Gancho**. Per ripescare la giacca caduta nel fiume abbiamo usato un palo con un uncino in punta. *Para recupera-la chaqueta que caera ó río tivemos que usar un pao cun gancho na punta.*

**ungere** *I v. tr.* [*aux.* avere] **Untar (engraxar)**. Bisogna ungere lo stampo con il burro. *Temos que unta-lo molde con manteiga.* **II v. refl. [*aux.* essere] **Untar(se)**. Ungiti con la crema prima di esporti al sole. *Úntate coa crema antes de poñerte ó sol.* Mi sono unta il vestito con l'olio della pizza. *Untei o vestido co aceite da pizza.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 11.***

**ungherese** *I adx.* **Húngaro -a**. Il gulasch è un tipico piatto ungherese. *O gulasch é un prato típico húngaro.* **II s.** **1 Húngaro -a (persoa)**. Il marito di mia sorella è ungherese. *O marido da miña irmá é húngaro.* **2 (m. sing.) Húngaro (lingua)**. Quest'estate ho fatto un corso di ungherese. *Este verán fixen un curso de húngaro.*

**unghia** *s.f.* **Uña, unlla**. Devo tagliarmi le unghie. *Teño que corta-las uñas.* **# c'è mancata un'unghia: faltou pouco; difendersi con i denti e con le unghie: defenderse con uñas e dentes; mettere / tirare fuori le unghie: ensina-los dentes / regaña-los dentes.**

**unguento** *s.m.* **Ungüento, untura**. Gli ha preparato un unguento da applicare sulla ferita. *Preparoulle un unguento para aplicar sobre a ferida.*

**unico -a** *I adx.* **1 Único -a (tamén fig.)**. Questo sembra essere l'unico modo per convincerlo. *Este parece se-lo único xeito de convencelo.* È di una simpatia unica. *É dunha simpatía única.* **2 Único -a, esclusivo -a**. L'ha pagato molto caro perché era un modello unico. *Pagouno moi caro porque era un modelo único.* **II s.** **Único -a**. Sei l'unica ad avere fiducia in lui. *E-la única que confía nel.* **# figlio unico: fillo único; strada a senso unico: estrada de sentido único.** **OBS.:** *m. pl.* unici; *f. pl.* uniche.

**unificare** *I v. tr.* [*aux.* avere] **Unificar**. La moneta unica è uno dei passi per unificare l'Europa. *A moeda única é un dos pasos para unificar Europa.* **II v. intr. pron. [*aux.* essere] **Unificarse**. I due partiti si sono unificati. *Os dous partidos unificáronse.* **OBS.:** *io unifico, tu unifichi; v. irreg. V. táboas 1 e 5.***

**unificazione** *s.f.* **Unificación**. L'unificazione del paese è avvenuta di recente. *A unificación do país produciuse recentemente.*

**uniforme** *I adx.* **1 Uniforme, regular, igual**. Bisogna stendere il colore in modo uniforme su tutta la superficie. *Cómpre estende-la cor de xeito uniforme sobre toda a superficie.* **2 Uniforme, costante, igual**. In autostrada si può mantenere una velocità uniforme. *Na autostrada pódese manter unha velocidade uniforme.* **II s.f.** **Uniforme**. Queste uniformi appartengono alla Marina. *Estes uniformes pertencen á Mariña.*

**unione** *s.f.* **Unión**. L'unione di queste due pezzi fa funzionare il meccanismo. *A unión destas dúas pezas fai funciona-lo mecanismo.* **# unione monetaria: unión monetaria.**

**unire** *I v. tr.* [*aux.* avere] **1 Unir, xuntar**. Bisogna unire questi due pezzi con la colla. *Hai que unir estes dous pedazos coa cola.* **2 Unir**. Per portare a termine il lavoro hanno unito le loro forze. *Para remata-lo traballo uniron as súas forzas.* Questa nuova strada unirà le due città. *Esta nova estrada unirá as dúas cidades.* **II v. refl. [*aux.* essere] **Unirse**. Si unirono in matrimonio. *Uníronse en matrimonio.* **III v. intr. pron. [*aux.* essere] **1 Unirse (sumarse)**. Si unirono al gruppo un'ora più tardi. *Uníronse ó grupo unha hora máis tarde.* **2 Unirse, xuntarse**. I due fiumi di uniscono nella valle. *Os dous ríos únense no val.* Gli alleati si uniscono contro il nemico. *Os aliados uníronse contra o inimigo.* **OBS.:** *io unisco, tu unisci.*****

**unisono -a** *adx.* **Unísono -a**. Hanno risposto all'unisono alla domanda. *Responderon ó unísono á pregunta.*

**unità** *s.f. inv.* **1** *Unidade.* L'unità del paese dipendeva dall'equilibrio politico. *A unidade do país dependia do equilibrio político.* Il metro è un'unità di misura. *O metro é unha unidade de medida.* Il numero 36 è formato da tre decine e sei unità. *O número 36 está formado por tres decenas e seis unidades.* **2** *Unidade, harmonía.* L'unità di quella famiglia era veramente invidiabile. *A unidade daquela familia era verdadeiramente envexable.* # **unità sanitaria locale (USL):** centro de saúde, ambulatorio.

**unitario -a** *adx.* **1** *Conxunto -a.* Dobbiamo fare uno sforzo unitario per superare queste divergenze. *Temos que facer un esforzo conxunto para superarmos estas diverxencias.* **2** *Unitario -a.* Queste iniziative fanno parte di un progetto unitario per la salvaguardia dei beni culturali. *Estas iniciativas forman parte dun proxecto unitario para a salvagarda dos bens culturais.*

**unito -a** *part. pas. de unire e adx.* **Unido -a** (*tamén fig.*). Prima di nascere, il bambino è unito alla mamma dal cordone ombelicale. *Antes de nacer, o neno está unido á nai polo cordón umbilical.* Sono due fratelli molto uniti. *Son dous irmáns moi unidos.* # **tinta unita:** cor lisa.

**universale** *adx.* *Universal.* Un'enciclopedia di Storia universale. *Unha enciclopedia de Historia universal. (ext.).* Gode del consenso universale. *Goza do consenso universal.* # **erede universale:** herdeiro universal; **gruppo sanguigno universale:** grupo sanguíneo universal; **suffragio universale:** sufraxio universal.

**università** *s.f. inv.* *Universidade.* Mi sono iscritto all'università. *Matriculeime na universidade.*

**universitario -a I** *adx.* *Universitario -a.* È professore universitario. *É profesor universitario.* **II** *s.* *Universitario -a.* Gli universitari sono in sciopero. *Os universitarios están en folga.*

**universo** *s.m.* **1** *Universo.* Questa è un'ipotesi sull'origine dell'universo. *Esta é unha hipótese sobre a orixe do universo.* **2** (*ext.*) *Universo, mundo.* L'universo dei bambini è popolato da esseri fantastici. *O universo dos nenos está poboado de seres fantásticos.*

**univoco -a** *adx.* *Unívoco -a.* È un termine con un senso univoco. *É un termo cun sentido unívoco.* **OBS.:** *m. pl.* univoci, *f. pl.* univoche.

**uno -a I** *adx.* *Un unha.* Ho comprato uno zaino. *Comprei unha mochila.* **II** *s.* *Un unha.* Uno più uno fa due. *Un máis un son dous.* **III** *art. indet. sing.* *Un unha.* Ho conosciuto un ragazzo molto simpatico. *Coñecín un rapaz moi simpático.* **IV** *pron. indef.* *Un unha.* Ho incontrato uno che ti conosce. *Atopei un que te coñece.* Se uno vuole fare una dieta deve essere costante. *Se un quere facer unha dieta debe*

*ser constante.* **OBS.:** *como adx. ou art. úsase uno diante das palabras que comezan por s líquido, x, z, gn, pn, ps; úsase un diante das palabras que comezan polo resto das consoantes e por vocal. A forma feminina una úsase diante de tódalas consoantes e un' diante das palabras que comezan por vocal. O pl. do art. indet. é dei, degli, delle.*

**uomo** *s.m.* **1** *Home.* L'uomo è il mammifero più evoluto. *O home é o mamífero máis evolucionado.* È un uomo ancora giovane. *É un home aínda novo.* **2** *Home, adulto.* Com'è cresciuto tuo figlio, ormai è diventato un uomo! *¡Como creceu o teu fillo, xa está feito un home!* **3** *Home, marido, compañeiro.* Il mio uomo lavora la mattina in una ditta. *O meu home traballa pola mañá nunha empresa.* # **da uomo:** *de home;* **da uomo a uomo:** *de home a home;* **essere uomo da:** *ser home a / de / para;* **l'uomo della strada:** *o home da rúa;* **l'uomo delle pulizie / del gas / della luce / del telefono:** *o home da limpeza / do gas / da luz / do teléfono;* **uomo a mare / in mare!** *¡home á auga!;* **uomo alla mano:** *home cordial e dispoñible;* **uomo d'affari:** *home de negocios;* **uomo d'azione:** *home de acción;* **uomo di classe:** *home con clase;* **uomo di cuore:** *home xeneroso;* **uomo di fiducia:** *home de confianza;* **uomo di lettere:** *home de letras;* **uomo di mare:** *home de mar;* **uomo di mondo:** *home de mundo;* **uomo di parola:** *home de palabra;* **uomo di scienza:** *home de ciencia;* **uomo di Stato:** *home de Estado;* **uomo d'onore:** *home de honor;* **uomo d'oro / una perla d'uomo:** *home excepcional;* **OBS.:** *fai o pl. irreg. uomini.*

**uovo** *s.m.* **Ovo.** Nel nido c'erano tre uova. *No niño había tres ovos.* Ho mangiato un uovo con patate fritte. *Comín un ovo con patacas fritas.* # **cercare il pelo nel uovo:** *ser unha persoa demasiado meticulosa;* **rompere le uova nel paniere:** *desbarata-los proxectos de alguén;* **uovo alla coque:** *ovo pasado por auga;* **uovo all'occhio di bue:** *ovo frito;* **uovo in camicia:** *ovo escalfado;* **uovo sbattuto:** *ovo batido;* **uovo sodo:** *ovo cocido.* **OBS.:** *fai o pl. irreg. f. uova.*

**uragano** *s.m.* *Furacán.* L'uragano ha causato molte vittime. *O furacán causou moitas vítimas.*

**urbanizzare** *v. tr.* [*aux. avere*] *Urbanizar.* Vogliono urbanizzare la periferia della città. *Queren urbaniza-los arredores da cidade.*

**urbanizzazione** *s.f.* *Urbanización* (*núcleo de poboación*). Nella zona est della città hanno costruito una nuova urbanizzazione. *Na zona leste da cidade construíron unha nova urbanización.*

**urbano -a** *adx.* *Urbano -a.* Nei centri urbani non si può superare il limite dei 50 km all'ora. *Nos centros urbanos non se pode supera-lo límite dos 50 km por hora.* # **nettezza urbana:** *recollida do lixo;* **vigili urbani:** *gardas urbanos.*

**urgente** *adx.* **Urxente.** Ho un urgente problema da risolvere. *Teño un problema urxente que resolver.* Mi hanno consegnato una lettera urgente per te. *Entregáronme unha carta urxente para ti.*

**urgenza** *s.f.* **Urxencia.** In caso d'urgenza chiamami in ufficio. *En caso de urxencia chámame á oficina.* # **d'urgenza:** *urxente, urxentemente; fare urgenza a qualcuno:* *meterlle présa a alguén.* ♦ *Para referirse á 'área de urxencias (dun hospital)' en italiano emprégase pronto soccorso.*

**urina** *s.f.* **Urina.** Il medico mi ha detto di fare l'analisi dell'urina. *O médico díxome de facer unha análise de urina.* **OBS.:** *tamén existe a variante orina.*

**urinare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Ouriñar.** Dopo l'operazione non poteva alzarsi per urinare. *Despois da operación non podía levantarse para ouriñar.* **OBS.:** *tamén existe a variante orinare.*

**urlare** *v. intr.* [*aux.* avere] **Gritar, berrar.** I bambini urlavano come matti. *Os nenos gritaban coma tolos.*

**urlo** *s.m.* **Grito, berro.** Non sopporto gli urli dei nostri vicini. *Non soporto os gritos dos nosos veciños.* **OBS.:** *fai o pl. f. le urla o m. gli urli.*

**urtare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Golpear.** Mentre camminavo per la strada mi hanno urtato e mi hanno fatto cadere. *Indo pola rúa golpeáronme e fixéronme caer.* **2 (fig.) Molestar, incomodar.** Ci sono molte cose in lui che mi urtano. *Hai moitas cousas nel que me molestan.* **II** *v. intr.* [*aux.* avere] **Chocar, topar.** Ha urtato contro una pietra e si è fatta male a un piede. *Chocou contra unha pedra e mancouse nun pé.* **III** *v. refl. recip.* [*aux.* essere] **Chocar, topar.** Le due macchine si sono urtate al semaforo. *Os dous coches chocaron no semáforo.* # **urtare i nervi:** *poñer dos nervios a alguén.*

**urto** *s.m.* **1 Golpe.** A causa dell'urto si è rotta gli occhiali. *Por mor do golpe rompéronlle as lentes.* **2 Choque, encontrón.** Oggi sull'autostrada ho visto un urto tra un autobus e un camion. *Hoxe na autoestrada vin un choque entre un autobús e un camiión.* **3 (fig.) Choque, tropezo, enfrontamento.** L'urto tra il capo e la segretaria è stato molto violento. *O choque entre o xefe e a secretaria foi moi violento.* # **essere / mettersi in urto con qualcuno:** *estar a mal con alguén.*

**usanza** *s.f.* **Usanza, costume, uso.** Ogni paese ha le sue usanze particolari. *Cada país ten as súas usanzas particulares.* # **all'usanza:** *ó xeito de.*

**usare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Usar, impiegare, utilizar.** Non mi lascia mai usare la sua macchina. *Nunca me deixa usa-lo seu coche.* **2 Ter por costume.** Mio padre usa andare a fare una passeggiata la sera. *O meu pai ten por costume dar un paseo pola noite.* **II** *v. intr.* [*aux.* avere] **Levarse, estilarse.** Le gonne così corte non usano più. *As saias tan curtas xa non se*

*levan.* # **si usa:** *adóitase; usa e getta:* *de usar e tirar.*

**uscio** *s.m.* **1 Porta (de entrada).** Si è fermato sull'uscio e non voleva entrare. *Detívose na porta e non quería entrar.* **2 Limiar, soleira.** Mi aspettava seduto sull'uscio. *Agardábame sentado no limiar.*

**uscire** *v. intr.* [*aux.* essere] **1 Sair, irse, marchar.** Non sappiamo ancora a che ora usciremo domani. *Ainda non sabemos a qué hora sairemos mañá.* **2 Sair (tamén fig.).** Stiamo uscendo dal tunnel. *Estamos saíndo do túnel.* Finalmente sono riuscita a uscire da questa brutta situazione. *Finalmente conseguín saír desta mala situación.* Il romanzo uscirà la settimana prossima. *A novela sairá a próxima semana.* # **stare per uscire:** *estar a piques de saír; uscire con qualcuno:* *sair / andar con alguén; uscire di senno:* *tolear; uscire sul mercato:* *sair ó mercado.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 48.*

**uscita** *s.f.* **1 Saída.** L'uscita dei bambini dalla scuola è sempre caotica. *A saída dos nenos da escola é sempre caótica.* Ci vediamo all'uscita del cinema. *Vémonos na saída do cine.* **2 Saída, ocorrenza.** Ha avuto un'uscita molto spiritosa. *Tivo unha saída moi graciosa.* # **via di uscita:** *escapatoria.*

**usignolo** *s.m.* **Reiseñor, rousinol.** Il canto dell'usignolo è molto dolce. *O canto do reiseñor é moi doce.*

**uso** *s.m.* **1 Uso, impiego.** Queste fotocopie sono ad uso esclusivo dei professori. *Estas fotocopias son para uso exclusivo dos profesores.* Non capisco bene le istruzioni per l'uso di questo elettrodomestico. *Non entendo ben as instrucións para o uso deste electrodoméstico.* **2 Uso, costume, usanza.** È un uso molto antico della nostra regione. *É un uso moi antigo da nosa rexión.* # **ad uso di:** *para uso de; con uso cucina:* *con dereito a cociña, fatto ad uso e consumo:* *feito para uso específico de; fuori uso:* *fóra de uso.*

**ustionarsi** *v. refl.* [*aux.* essere] **Queimar(se).** Si è ustionato una mano con l'acqua bollente. *Queimou unha man con auga fervendo.*

**usuale** *adx.* **Usual, habitual.** Mi ha trattato con la sua usuale gentilezza. *Tratoume coa súa usual amabilidade.*

**usufruire** *v. intr.* [*aux.* avere] **Beneficiarse.** I lavoratori di quella ditta usufruiscono di una speciale riduzione di orario. *Os traballadores daquela empresa beneficianse dunha redución horaria especial.* **OBS.:** io usufruisco, tu usufruisci.

**usufrutto** *s.m.* **Usufructo.** Mio nonno ha quelle terre in usufrutto. *O meu avó ten aquelas terras en usufructo.*

**usura** *s.f.* **Usura.** Gli ha prestato dei soldi a usura. *Prestoulle cartos con usura.*

**usuraio -a** *s.* **Usureiro -a, logreiro -a.** È un usuraio, ha guadagnato molto prestando soldi ad alto interesse. *É un usureiro, gañou moito prestando cartos a alto xuro.*

**usurpare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Usurpar.** L'hanno accusato di usurpare il potere. *Acusárono de usurpa-lo poder.*

**utensile I** *adx.* **Útil.** Il trapano e il tornio sono macchine utensili. *O trade e o torno son aparellos útiles.*  
**II** *s.* **1 Utensilio, útil.** Ho bisogno degli utensili per lavorare il legno. *Necesito os utensilios para traballa-la madeira.* **2 Aparello, aparato.** Devo cambiare alcuni utensili della cucina. *Teño que cambiar algúns aparellos da cociña.*

**utente** *s.* **Usuario -a.** Gli utenti dei mezzi di trasporto sono stati avvertiti dello sciopero. *Os usuarios dos medios de transporte foron advertidos da folga.*

**utero** *s.m.* **Útero, matriz.** Deve fare un'ecografia per controllare l'utero. *Ten que facer unha ecografía para controla-lo útero.*

**utile I** *adx.* **Útil.** Questa lampada mi è molto utile. *Esta lámpada éme moi útil.* È una persona molto efficiente e sa rendersi utile in ogni circostanza. *É unha persoa moi eficiente e sabe facerse útil en calquera circunstancia.* **II** *s.m.* (*Econ.*) **Beneficio, ganancia.** Da questo accordo ricaveremo un forte utile. *Deste acordo obteremos un gran beneficio.* # **tempo utile:** *prazo de tempo establecido para unha*

*determinada acción; unire l'utile al dilettevole: uni-lo útil co pracenteiro.*

**utilità** *s.f. inv.* **Utilidade.** Per il mio lavoro la posta elettronica è di grande utilità. *Para o meu traballo o correo electrónico é de grande utilidade.*

**utilizzare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Utilizar, empregar, usar.** Per leggere questo romanzo ho dovuto utilizzare il dizionario. *Para ler esta novela tiven que utiliza-lo dicionario.*

**utilizzazione** *s.f.* **Utilización.** Per una corretta utilizzazione di questo computer si devono leggere prima le istruzioni. *Para unha correcta utilización deste ordenador débense ler antes as instrucións.*

**utopia** *s.f.* **Utopía.** Ciò che hai detto è molto bello, però è un'utopia. *O que dixeches é moi bonito, pero é unha utopía.*

**utopico -a** *adx.* **Utópico -a.** È un progetto molto attraente, ma utopico. *É un proxecto moi atractivo, pero utópico.* **OBS.:** *m. pl.* utopici, *f. pl.* utopiche.

**uva** *s.f.* **Uva.** L'uva è un frutto molto dolce. *A uva é unha froita moi doce.* # **uva sultanina:** *uva pasa.*

**uvetta** *s.f.* (**Uva**) **pasa.** L'uvetta è uno degli ingredienti del panettone. *A pasa e un dos ingredientes do 'panettone'.*

# V

**vacanza** s.f. *Vacación*. Ti trovo stanco, dovresti prenderti una piccola vacanza. *Atópote canso, deberías coller unhas pequenas vacacións*.

**vacca** s.f. *Vaca*. In India le vacche sono sacre. *Na India as vacas son sagradas*. # **tempo di vacche grasse**: tempo de vacas gordas; **tempo di vacche magre**: tempo de vacas fracas. **OBS.:** pl. vacche.

**vaccinare** v. tr. [*aux.* avere] *Vacinar* (*tamén* fig.). Ogni anno si fanno vaccinare contro l'influenza. *Tódolos anos vacinanse contra a gripe*. Quella delusione lo aveva vaccinato. *Aquela desilusión vaciná-rao*.

**vaccinazione** s.f. *Vacinación*. Prima di partire per l'Africa abbiamo fatto tutte le vaccinazioni prescritte. *Antes de marchar para África fixemos tódalas vacinacións prescritas*.

**vaccino -a I** s.m. *Vacina*. Si è tagliata e, per precauzione, le hanno fatto il vaccino antitetanico. *Cortouse e, por precaución, puxéronlle a vacina antitetánica*. **II** adx. *Vacún -úa*. Questo formaggio è fatto con latte vaccino. *Este queixo está feito con leite vacún*.

**vacillare** v. intr. [*aux.* avere] **1** *Vacilar*. Vacillava sulle gambe come se avesse bevuto. *Vacilábanlle as pernas coma se bebese*. La fiamma vacillò e poi si spense. *A chama vacilou e despois apagouse*. **2** (fig.) *Cambalear* (*perder forza*). Il governo vacilla. *O goberno cambalea*. # **vacillare la memoria**: *perder memoria*. ♦ *Para referirse a 'vacilar, dúbidar' en italiano emprégase o termo titubare*.

**vagabondo -a I** adx. *Vagabundo -a, vadio -a*. Ha fatto per anni una vita vagabonda. *Fixo durante anos unha vida vagabunda*. **II** s. *Vagabundo -a*. È rimasto impressionato dall'alto numero di vagabondi e di senzatetto. *Quedou impresionado polo alto número de vagabundos e de persoas sen fogar*.

**vagare** v. intr. [*aux.* avere] *Vagar, deambular, errar*. L'hanno trovato che vagava per la città. *Atopárono cando vagaba pola cidade*. # **vagare con la mente**:

*divagar*. **OBS.:** io vago, tu vaghi; v. irreg. *V. táboa 6*. ♦ *Para referirse a 'vagar, folgar' en italiano emprégase o termo oziare*.

**vagina** s.f. *Vaxina*. La vagina è l'organo genitale femminile. *A vaxina é o órgano xenital feminino*.

**vaglia** s.m. inv. *Xiro* (*de correos*). Il pagamento per l'abbonamento alla rivista va effettuato tramite vaglia. *O pagamento para a subscrición á revista débese facer por medio dun xiro*. # **emettere / riscuotere un vaglia**: *emitir / percibir un xiro*; **vaglia postale / bancario**: *xiro postal, letra*.

**vagone** s.m. *Vagón*. Il treno ha due vagoni di prima classe e otto di seconda. *O tren ten dous vagóns de primeira clase e oito de segunda*. # **vagone letto**: *coche cama*; **vagone merci**: *vagón de mercancías*; **vagone postale**: *vagón postal*; **vagone ristorante**: *vagón restaurante*.

**vaiolo** s.m. *Variola*. Aveva la pelle del viso rovinata dalle tracce del vaiolo. *Tiña a pel da cara estragada polas marcas da variola*.

**valanga** s.f. **1** *Avalancha, alude*. L'aumento della temperatura aumenta il rischio di valanghe. *O aumento da temperatura aumenta o risco de avalancha*. **2** (fig.) *Morea, montón*. Ricevettero una valanga di lettere. *Recibiron unha morea de cartas*. **OBS.:** pl. valanghe.

**valere I** v. intr. [*aux.* essere] **1** *Valer*. Il suo parere vale molto. *A súa opinión vale moito*. Il documento vale solo per una trentina di giorni dopo il suo rilascio. *O documento vale só por uns trinta días despois da súa emisión*. **2** *Valer, servir*. A che vale arrabbiarsi? *¿De que vale enfadarse?* **II** v. tr. [*aux.* avere] **1** *Valer, custar*. Quel quadro vale un patrimonio. *Aquel cadro vale un patrimonio*. Quel ritardo gli valse una bella sgridata. *Aquel atraso valeulle unha boa reprimenda*. **2** *Equivaler*. Per me, una proposta vale l'altra. *Para min unha proposta equivale á outra*. **III** v. intr. pron. [*aux.* essere] *Valerse de, servirse de, utilizar*. Ci siamo valsi dei suoi consigli. *Valémonos dos seus consellos*. # **farsi valere**: *darse*

a valer; non vale la pena: non vale a pena; non valere un accidente / una cicca / un fico secco / un soldo: non valer un peso; vale a dire: é dicir; valere un occhio della testa / un tesoro: custar un ollo da cara; vale tanto oro quando pesa: vale o que pesa en ouro; il gioco non vale la candela: non vale a pena; vale piú la pratica che la grammatica: a experiéncia é a nai da ciencia. OBS.: v. irreg. V. táboa 75.

**valeriana** s.f. **Valeriana**. Quando non riesce a dormire prende un'infusione di valeriana. *Cando non consegue durmir toma unha infusión de valeriana.*

**valico** s.m. **Paso, pasaxe** (de montaña). Il valico è stato interrotto da una frana. *O paso foi cortado por un desprendemento.* OBS.: pl. valichi.

**validità** s.f. inv. **1 Validez**. La validità di questo ragionamento è evidente. *A validez deste razoamento é evidente.* **2 Validez, valor**. La patente in Italia ha validità decennale. *O permiso de conducir en Italia ten validez por dez anos.*

**valido -a** adx. **Válido -a**. Il nuovo apprendista è un valido aiuto per il nostro studio legale. *O novo aprendiz é unha válida axuda para o noso bufete.* L'invito a cena è ancora valido? *¿A invitación a cear aínda é válida?* La garanzia non è valida senza lo scontrino. *a garantía non é válida sen o ticket.*

**valigia** s.f. **Maleta**. Ho fatto la valigia e sono corsa alla stazione. *Fixen a maleta e corrín á estación.* OBS.: pl. valigie ou valige.

**valle** s.f. **Val**. Hanno vinto un viaggio nella valle del Nilo. *Gañaron unha viaxe ó val do Nilo.* # **a valle**: cara a abaixo; **per monti e per valli**: por todas partes.

**valore** s.m. **1 Valor**. Il museo ha acquistato pezzi di grande valore. *O museo adquiriu pezas de gran valor.* I genitori trasmettono ai figli i valori in cui credono. *Os pais transmitenlles ós fillos os valores nos que cren.* Si comporta come se la vita non avesse più alcun valore. *Compórtase como se a vida xa non tivese ningún valor.* Senza la firma, il contratto non ha valore. *Sen a sinatura o contrato non ten valor.* L'IVA è l'imposta sul valore aggiunto. *O IVE é o imposto sobre o valor engadido.* **2 Prestixio, sona, renome**. È un medico di valore. *É un médico de prestixio.* **3 Valor, valentía, intrepidez**. I soldati hanno difeso le posizioni con valore. *Os soldados defenderon as posicións con valor.* **4 (en pl.) Obxectos de valor**. La direzione dell'albergo non risponde dei valori non depositati nella cassaforte. *A dirección do hotel non responde dos obxectos de valor non depositados na caixa forte.* **5 (pl.) Valores**. Ha investito parte in titoli di stato e parte in valori mobiliari. *Investiu parte en títulos do estado e parte en valores mobiliarios.* # **borsa valori**: bolsa

de valores; **scala dei valori**: escala de valores; **valori bollati**: pólizas.

**valorizzare I** v. tr. [aux. avere] **Valorar, avaliar, taxar**. L'insegnante sapeva valorizzare le doti di ciascun ragazzo. *O profesor sabía valorar-los dotes de cada rapaz.* **II** v. intr. pron. [aux. essere] **Valorizarse, revalorizarse**. La collezione di monete si è valorizzata nel tempo. *A colección de moedas valorizouse co tempo.*

**valuta** s.f. **Divisa** (moeda). Prima di partire, siamo passati in banca per il cambio di valuta. *Antes de marchar, pasamos polo banco para o cambio de divisa.*

**valutare** v. tr. [aux. avere] **1 Valorar, taxar, avaliar**. I danni causati dall'incendio non sono ancora stati valutati. *Os danos causados polo incendio aínda non se valoraron.* **2 (fig.) Valorar** (considerar). Non hai valutato bene l'offerta. *Non valoraches ben a oferta.* Prima di decidere devi valutare i pro e i contro. *Antes de decidir debes valorar-las vantaxes e as desvantaxes.* **3 (fig.) Appreciar, estimar**. Valuti troppo quella persona e non è così brava. *Apprecias demasiado aquela persoa e non é tan boa.* OBS.: io **valuto / valutato**; v. irreg. V. táboa 1.

**valvola** s.f. **Válvula**. La pentola a pressione ha una valvola di sicurezza che regola la fuoriuscita del vapore. *A ola a presión ten unha válvula de seguridade que regula a saída do vapor.* # **valvola cardiaca**: válvula cardíaca; **valvola di sfogo**: válvula de escape.

**valzer** s.m. inv. **Valse**. Le coppie ballavano un valzer. *As parellas bailaban un valse.*

**vampiro** s.m. **Vampiro** (tamén fig.). Il romanzo di Bram Stoker, *Dracula*, ha fatto del vampiro un soggetto letterario. *A novela de Bram Stoker, 'Dracula', fixo do vampiro un tema literario.* È un vero vampiro, ha succhiato loro tutto fino all'ultima lira. *É un verdadeiro vampiro, chupoulles todo ata a última lira.* # **donna vampiro**: vampiresa.

**vandalismo** s.m. **Vandalismo**. Alcuni giovani sono stati arrestati con l'accusa di vandalismo. *Algúns mozos foron detidos pola acusación de vandalismo.*

**vandalo** s.m. **Vándalo -a** (tamén fig.). I vandali saccheggiarono Roma nel V secolo. *Os vándalos saquearon Roma no século V.* Guarda come hanno ridotto la macchina quei vandali! *¡Mira como deixaron o coche aqueles vándalos!*

**vaneggiare** v. intr. [aux. avere] **Delirar, desvariar** (tamén fig.). Ha vaneggiato tutta la notte per la febbre. *Delirou toda a noite a causa da febre.* Tu vaneggi: non ti ho mai detto che ti avrei portato con me! *Ti deliras: ¡nunca che dixen que te levaría comigo!* OBS.: v. irreg. V. táboa 4.

**vangelo** *s.m.* **Evanxeo**. Predicava il Vangelo. *Predicaba o Evanxeo*. I Vangeli di Matteo e di Luca descrivono l'infanzia di Gesù. *Os Evanxeos de Mateo e de Lucas describen a infancia de Xesús*. (ext.) Quel libro è stato il suo vangelo. *Aquel libro foi o seu evanxeo*.

**vaniglia** *s.f.* **Vainilla**. Prendo un gelato alla vaniglia. *Tomo un xeadro de vainilla*.

**vanità** *s.f. inv.* **1 Vaidade, presunción, orgullo**. Una vanità eccessiva le faceva passare ore davanti allo specchio. *Unha vaidade excesiva facialle pasar horas diante do espello*. Tutti hanno le loro piccole vanità. *Todos teñen as súas pequenas vaidades*. **2 Vaidade (invalidéz, ineficacia)**. Il predicatore parlava della vanità dei beni terreni. *O predicador falaba da vaidade dos bens terreaís*.

**vanitoso -a** *adx.* **Vaidoso -a, presuntuoso -a, orgulloso -a**. È un vanitoso e adora i complimenti. *É un vaidoso e adora os cumprimentos*.

**vano -a I** *s.m.* **1 Cuarto, peza**. Affittasi alloggio di quattro vani. *Alúgase vivenda de catro cuartos*. **2 Oco**. Nel vano sotto la finestra abbiamo sistemato la cassettera. *No oco debaixo da fiestra colocámo-la cómoda*. **II** *adx.* **1 Van va, inútil, baldío -a**. Gli sforzi dei soccorritori per trovare naufraghi ancora in vita sono risultati vani. *Os esforzos dos socorristas para atopar náufragos aínda con vida resultaron vans*. **2 Van va, frívolo -a, superficial**. Mi annoiano i discorsi vani. *Abúrrenme as conversacións vas*. # **parole vane:** *palabras inútiles*; **speranze vane:** *esperanzas vas*.

**vantaggio** *s.m.* **Vantaxe**. È arrivata prima con un buon vantaggio sulle avversarie. *Chegou de primeira cunha boa vantaxe sobre as adversarias*. È un vantaggio conoscere tante persone. *É unha vantaxe coñecer tantas persoas*. # **trarre vantaggio:** *sacar proveito*.

**vantare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Presumir de, alardear de**. La famiglia vanta antenati illustri. *A familia presume de antepasados ilustres*. **II** *v. refl.* [*aux.* essere] **Presumir de, alardear de**. Si vantava sciocamente dei suoi successi amorosi. *Presumía estupidamente dos seus éxitos amorosos*.

**vapore** *s.m.* **Vapor**. Il vapore ha appannato lo specchio del bagno. *O vapor empanou o espello do baño*. # **a tutto vapore:** *a toda marcha*; **cuocere al vapore:** *cocer ó vapor*; **treno a vapore:** *tren de vapor*.

**vaporetto** *s.m.* **Embarcación de motor empregada para o transporte de viaxeiros e mercancías, espec. en lagos ou ríos**.

**varcare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Atravesar (pasar)**. Abbiamo varcato il confine in barca. *Atravésamo-la fronteira en barco*. **2 (fig.) Pasar (superar)**. Non aveva ancora varcato la trentina. *Aínda non pasara*

*os trinta*. # **varcare la soglia:** *pasa-la porta*. **OBS.:** io varco, tu varchi; *v. irreg. V. táboa 5*.

**varco** *s.m.* **Pasaxe, paso (burato)**. L'esplosione ha aperto un varco nel muro. *A explosión abriu unha pasaxe no muro*. # **aprirsi un varco:** *abrirse camiño*; **aspettare qualcuno al varco:** *espera-la ocasión para vingarse*. **OBS.:** *pl.* varchi.

**variante** *s.f.* **Variante**. Il modello di auto è stato prodotto in tre varianti. *O modelo de automóbil foi producido en tres variantes*. Il termine 'soprattutto' è una variante di 'soprattutto'. *O termo 'soprattutto' é unha variante de 'soprattutto'*.

**variazione** *s.f.* **Variación**. Non c'è stata variazione nel prezzo della benzina. *Non houbo variación no prezo da gasolina*.

**varicella** *s.f.* **Varicela**. La varicella si manifesta con piccole bolle sierose su tutto il corpo. *A varicela maniféstase con pequenas vexigas serosas por todo o corpo*.

**varietà** *s.f. inv.* **1 Variedade, diversidade**. Nel giardino si mescolava una varietà di colori e di profumi. *No xardín mesturábase unha variedade de cores e de perfumes*. **2 Variedade, clase, casta**. Non conoscevo questa varietà di orchidea. *Non coñecía esta variedade de orquídea*.

**vario -a** *adx.* **1 Variado -a (distinto)**. È curioso di tutto e coltiva interessi molto vari. *Sente curiosidade por todo e cultiva intereses moi variados*. **2 Vario -a**. Al concerto di musica rock c'erano persone di varia età. *No concerto de música rock había persoas de varias idades*. L'ho visto varie volte ultimamente. *Vino varias veces ultimamente*. # **varie ed eventuali:** *varios (punto dunha reunión no que se tratan temas diferentes)*.

**vasca** *s.f.* **1 Bañeira, baño**. Fece correre l'acqua nella vasca e aggiunse il bagnoschiuma. *Puxo a corre-la auga na bañeira e engadiu o xel de baño*. **2 Estanque (tanque)**. Al centro del giardino c'è una vasca di pesci rossi. *No centro do xardín hai un estanque de peixes vermellos*. # **fare una vasca:** *percorre-la lonxitude da piscina*; **vasca da bagno:** *bañeira*. **OBS.:** *pl.* vasche.

**vaselina** *s.f.* **Vaselina**. La vaselina è una crema lubrificante. *A vaselina é unha crema lubrificante*.

**vasellame** *s.m.* **Louza (utensilios de cociña)**. Nei pensili trovi il vasellame da cucina. *Nos armarios atopa-la louza para a cociña*.

**vaso** *s.m.* **Vaso**. Faceva collezione di vasi cinesi. *Coleccionaba vasos chineses*. I vasi sanguigni formano il sistema circolatorio. *Os vasos sanguíneos forman o sistema circulatorio*. # **vaso da fiori:** *floreiro*; **vaso da notte:** *penico*. ♦ *Para referirse ó 'vaso (de beber)' en italiano emprégase o termo bicchiere*.

**vassoio** *s.m.* **Bandexa.** Posò sul tavolo un vassoio di pasticcini. *Pousou enriba da mesa unha bandexa de pasteis.*

**vasto -a** *adx.* **1 Vasto -a, estenso -a.** Dalla cima della collina si ammira un vasto panorama. *Dende o cumio do outeiro admirase un vasto panorama.* **2** (*fig.*) **Vasto -a.** Ha una vasta cultura. *Ten unha vasta cultura.* # **su vasta scala:** *por xunto.*

ve *V. vi.*

**vecchiaia** *s.f.* **Vellez.** Ha avuto una vecchiaia serena, circondato dai figli e dai nipoti. *Tivo unha vellez tranquila, rodeado dos fillos e dos netos.* # **il bastone della vecchiaia:** *o báculo da vellez.*

**vecchio -a** *I adx.* **Vello -a.** Sei nato prima di me, non sapevo che fossi più vecchio. *Naciches antes ca min, non sabía que foses máis vello.* È una vecchia storia, forse un giorno te ne parlerò. *É unha vella historia, quizais un día che falarei dela.* **II s.** **Vello -a, ancián -á.** I vecchi del paese passano i pomeriggi sulle panchine della piazza o al bar. *Os vellos da vila pasan as tardes nos bancos da praza ou no bar.*

**vedere** *I v. tr.* [*aux. avere*] **Ver.** Si vedeva in lontananza il mare. *Viase ó lonxe o mar.* Mi piacerebbe vedere questo film. *Gustariame ver este filme.* La professoressa non ha ancora visto gli esami. *A profesora aínda non viu os exames.* Vuoi vedere che sono arrivati prima di noi! *¡Queres ver que chegaron antes ca nós!* **II v. refl. recip.** [*aux. essere*] **Verse.** Ci vediamo domani. *Vémonos mañá.* # **dare a vedere:** *aparentar;* **farsi vedere:** *facerse notar;* **farsi vedere dal medico:** *ir ó médico;* **non aver nulla a che vedere:** *non ter nada que ver;* **non poter vedere qualcuno:** *non poder ver a alguén;* **non vederci dalla fame:** *ter moita fame;* **non vedere l'ora:** *non ve-lo momento;* **occhio non vede, cuore non duole:** *ollos que non ven, corazón que non sente;* **si vede che:** *é evidente que;* **stare a vedere:** *estar á expectativa;* **vederci chiaro:** *telo claro;* **vedere la luce:** *nacer;* **vedere per credere:** *ver para crer;* **vedere qualcuno di buon occhio:** *ver a alguén con bos ollos;* **vedi tu:** *ti verás.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 76.*

**vedovo -a** *s. Viúvo -a.* Da quando è rimasto vedovo, non esce quasi più. *Desde que quedou viúvo, xa case non sae.*

**veduta** *s.f.* **1 Vista, paisaxe, panorama.** Arrivò una cartolina con una veduta di Capri. *Chegou unha postal cunha vista de Capri.* **2** (*pl.*) **Mira, meta.** È una persona di ampie vedute. *É unha persoa de amplas miras.*

**vegetale** *I adx.* **Vexetal.** Sto preparando un brodo vegetale. *Estou preparando un caldo vexetal.* **II s.m.** **Vexetal, planta.** Le piacciono i carciofi, le carote e i vegetali in genere. *Gústannlle as alcachofas, as ceno-*

*rias e os vexetais en xeral.* # **olio vegetale:** *aceite vexetal.*

**vegetare** *v. intr.* [*aux. avere*] **Vexetar** (*persoa*). Vegetava come se niente avesse più importanza per lui. *Vexetaba coma se xa nada tivese importancia para el.* **OBS.:** *io vegeto; v. irreg. V. táboa 1.*

**vegetariano -a** *I adx.* **Vexetariano -a.** Hanno aperto un nuovo ristorante vegetariano. *Abriron un novo restaurante vexetariano.* **II s.** **Vexetariano -a.** I vegetariani rigorosi non consumano nemmeno il latte e le uova. *Os vexetarianos rigorosos non consumen nin sequera o leite e os ovos.*

**vegetazione** *s.f.* **Vexetación.** La casa era immersa in una rigogliosa vegetazione. *A casa estaba inmersa nunha vexetación frondosa.*

**veglia** *s.f.* **1 Vela** (*vixilia*). Ha fatto un'intera notte di veglia accanto a lui. *Estivo toda a noite de vela onda el.* **2 Vixilia.** Centinaia di persone hanno partecipato alla veglia per la pace. *Centos de persoas participaron na vixilia pola paz.* # **veglia funebre:** *velorio.*

**vegliare** *I v. tr.* [*aux. avere*] **Velar.** In ospedale ci alternavamo per vegliare il malato. *No hospital turnabámonos para vela-lo enfermo.* **II v. intr.** [*aux. avere*] **Velar.** Ha vegliato tutta la notte in attesa del figlio. *Velou toda a noite na espera do fillo.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**veicolo** *s.m.* **Vehículo** (*tamén fig.*). La bicicletta è un veicolo ecologico. *A bicicleta é un vehículo ecolóxico.* Molti animali domestici sono veicolo di infezioni. *Moitos animais domésticos son vehículo de infeccións.*

**vela** *s.f.* **Vela.** Sognava di comprarsi una barca a vela. *Soñaba con comprar un barco de vela.* La scorsa estate hanno fatto un corso di vela. *O verán pasado fixeron un curso de vela.* # **a gonfie vele** (*tamén fig.*): *a toda vela;* **ammainare le vele:** *arria-las velas,* **calare / issare le vele:** *baixar / iza-las velas.*

**velare** *I v. tr.* [*aux. avere*] **1 Velar, occultar.** Le nubi velavano il sole. *As nubes velaban o sol.* **2** (*fig.*) **Nubrar, anubrar** (*ofuscar*). Un'ombra di stanchezza le velò lo sguardo. *Unha sombra de cansazo nubroulle a mirada.* **II v. intr. pron.** [*aux. essere*] (*fig.*) **Nubrarse, anubrarse** (*ofuscarse*). Il suo volto si velò di pena. *A súa faciana nubrouse coa pena.*

**veleno** *s.m.* **Veleno** (*tamén fig.*). L'arsenico è un veleno potente. *O arsénico é un veleno potente.* Ci lanciò uno sguardo pieno di veleno. *Lanzounos unha mirada chea de veleno.* # **schizzare / sputare veleno:** *despedir / lanzar veleno.*

**velenoso -a** *adx.* **Velenoso -a** (*tamén fig.*). Ha mangiato dei funghi velenosi ed è finito all'ospedale. *Comeu cogomelos velenosos e acabou no hospital.* Erano famose le sue battute velenose. *Eran famosos os seus comentarios velenosos.*



**veliero** *s.m.* **Veleiro**. Per hobby costruisce modellini di antichi velieri. *Por afección constrúe maquetas de antigos veleiros.*

**velluto** *s.m.* **Veludo**. Indossava pantaloni di velluto. *Levaba uns pantalóns de veludo.* # **essere un velluto** (*fig.*): *ser moi suave*; **velluto a coste**: *pana de raías*; **velluto liscio**: *pana lisa.*

**velo** *s.m.* **1 Vêo**. Aveva il viso coperto da un velo. *Tiña o rostro cuberto por un veo.* **2 Capa fina** (*cobertura*). Ho solo un velo di trucco. *Teño só unha capa fina de maquillaxe.* C'è un velo di nebbia. *Hai unha capa fina de néboa.* # **prendere / lasciare il velo**: *tomar / colga-los hábitos*; **stendere un velo pietoso**: *correr un tupido veo*; **velo nuziale**: *veo de noiva*; **velo pendulo**: *veo do padal*; **zucchero a velo**: *azucres en po.*

**veloce** *adx.* **Veloz, lixeiro -a, rápido -a**. Nella corsa è veloce, ma non ha resistenza. *Na carreira é veloz, pero non ten resistencia.* La vacanza è stata troppo veloce. *As vacacións foron demasiado veloces.*

**velocità** *s.f. inv.* **Velocidade**. Ridusse la velocità prima di entrare in paese. *Reduciu a velocidade antes de entrar na vila.* # **cambio di velocità**: *cambio de velocidade*; **gara di velocità**: *competición de velocidade.*

**vena** *s.f.* **1 Vea** (*tamén fig.*). Il sangue scorre nelle vene. *O sangue corre polas veas.* La sua vena poetica si è manifestata precocemente. *A súa vea poética manifestouse precozmente.* **2 Filón, vea, veta**. Hanno trovato una vena d'oro. *Atoparon un filón de ouro.* # **essere / sentirsi in vena**: *sentirse inspirado*; **non avere sangue nelle vene**: *non ter sangue nas veas*; **tagliarsi le vene**: *corta-las veas*; **vene varicose**: *varices.*

**vendemmia** *s.f.* **Vendima**. Ai primi di ottobre si farà la vendemmia. *A primeiros de outubro farase a vendima.*

**vendemiare** *v. intr. e tr.* [*aux.* avere] **Vendimar**. Non possiamo ancora vendemiare perché l'uva è troppo acerba. *Non podemos vendimar aínda porque a uva está demasiado verde.* L'intera famiglia ha vendemmiato la vigna. *A familia enteira vendimou a viña.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 7.*

**vendere I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Vender**. Avevano bisogno di soldi e hanno venduto il terreno a bassissimo prezzo. *Tiñan necesidade de cartos e venderon o terreo a baixísimo prezo.* **II** *v. refl.* [*aux.* essere] (*fig.*) **Venderse**. È molto sicura di sé e sa vendersi bene. *Está moi segura de si e sabe venderse ben.* # **avere pazienza / ragione da vendere**: *ter moita paciencia / razón*; **vendere al migliore offerente**: *vender ó mellor postor*; **vendere al minuto / all'ingrosso**: *vender polo miúdo / por xunto*; **vendere all'asta**: *vender nunha poxa*; **vendere cara la pelle**:

*non renderse doadamente*; **vendere fumo**: *prometer enganosamente*; **vendere il proprio corpo**: *prostituirse*; **vendere l'anima al diavolo**: *vender mesmo a propia nai*; **vendesi / si vende / vendonsi**: *véndese.*

**vendetta** *s.f.* **Vinganza**. La mafia gli ha ucciso il figlio per vendetta. *A mafia matoulle o fillo en vinganza.* # **covare la vendetta**: *incuba-la vinganza*; **gridare vendetta**: *clamar vinganza.*

**vendicare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Vingar**. Decise di vendicare la morte dell'amico. *Decidiu vinga-la morte do amigo.* **II** *v. intr. pron.* [*aux.* essere] **Vingarse**. Ha aspettato per anni il momento di vendicarsi dei torti subiti. *Agardou durante anos o momento de vingarse das ofensas sufridas.* **OBS.:** *io vendico, tu vendichi; v. irreg. V. táboa 1 e 5.*

**vendita** *s.f.* **Venda**. Il giornale pubblica l'elenco degli alloggi in affitto e in vendita. *O xornal publica a lista das vivendas en aluguer e en venda.* # **mettere in vendita**: *poñer á venda*; **vendita a rate**: *venda a prazos.*

**venerare** *v. tr.* [*aux.* avere] **Venerar**. In questa chiesa si venera la Madonna Immacolata. *Nesta igrexa venérase a Virxe Inmaculada.* Ha sempre venerato sua madre. *Sempre venerou a súa nai.* **OBS.:** *io venero; v. irreg. V. táboa 1.*

**venerdì** *s.m. inv.* **Venres**. In Italia i superstiziosi credono che il venerdì 17 porti male. *En Italia os supersticiosos cren que o venres 17 trae mala sorte.* # **gli manca un venerdì**: *fáltalle unha fervedura*; **Venerdì Santo**: *Venres Santo.*

**veneto -a I** *adx.* **1 Véneto -a**. Il viaggio prevede anche una visita alle ville venete. *A viaxe tamén prevé unha visita ás vilas vénetas.* **2 Veneciano -a**. La repubblica veneta commerciava con il Levante. *A república veneciana comerciaba co Levante.* **II** *s.* **1 Véneto -a** (*persoa*). I veneti sono stati annessi all'Italia nel 1866. *Os vénetos foron anexionados a Italia en 1866.* **2** (*m. sing.*) **Véneto** (*dialecto*). Alcune commedie di Goldoni sono scritte in veneto. *Algunhas comedias de Goldoni están escritas en véneto.*

**veneziano -a I** *adx.* **Veneciano -a**. La gondola è la tipica imbarcazione veneziana. *A góndola é a típica embarcación veneciana.* **II** *s.* **1 Veneciano -a** (*persoa*). I veneziani hanno uno splendido carnevale. *Os venecianos teñen un espléndido entroido.* **2** (*m. sing.*) **Veneciano** (*dialecto*). Molti personaggi di Goldoni parlano veneziano. *Moitos personaxes de Goldoni falan veneciano.* # **veneziana**: *persiana regulable.*

**venezuelano -a I** *adx.* **Venezolano -a**. La capitale venezuelana è Caracas. *A capital venezolana é Caracas.* **II** *s.* **Venezolano -a**. Abbiamo conosciuto

due venezuelani di Cumana. *Coñecemos dous venezolanos de Cumana.*

**venire** v. intr. [aux. essere] **1 Vir.** Verrò da te più tardi. *Virei á túa casa máis tarde.* Vieni qui subito. *Ven aquí axiña.* **2 Vir, proceder, provir.** Viene da una famiglia agiata. *Vén dunha familia acomodada.* Molti termini scientifici vengono dal greco. *Moitos termos científicos veñen do grego.* **3 Ir.** Probabilmente verrò in Germania questa estate. *Probablemente vaia a Alemaña este verán.* **4 (fam.) Sair** (ter resultado). L'esercizio non mi viene. *O exercicio non me sae.* La fotografia non è venuta. *A fotografía non saíu.* **5 Dar** (ter resultado). Che risultato ti viene? Mi viene 650. *¿Que resultado che dá? Dáme 650.* **6 (fam.) Lembrarse, acordarse.** Dice che non le viene, che non si ricorda di nulla. *Di que non se lembra, que non se acorda de nada.* **7 Dar ganas de, recordar.** Mi viene da piangere. *Damme ganas de chorar.* # **nei giorni / nei mesi / negli anni a venire:** nos días / nos meses / nos anos vindeiros; **non tutto il male vien per nuocere:** non hai mal que por ben non veña; **ora viene il bello:** agora ben o bo; **quanto viene?:** ¿canto custa?; **venire a capo di qualcosa:** conseguir algo; **venire ai fatti:** vir ós feitos; **venire ai ferri corti:** estar a rabear; **venire al dunque:** ir ó conto; **venire alla luce:** saír á luz; **venire alle mani:** chegar ás mans; **venire al mondo:** nacer; **venire al nocciolo:** ir ó conto; **venire a noia:** aburrir; **venire a patti:** chegar a un acordo; **venire a sapere qualcosa:** chegar a saber algo; **venire in mente:** ter unha idea, ocorrerse; **venire meno:** desmaiarse; **venire su:** medrar; **venir giù:** baixar; **venir via:** marchar. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 32.*

**venoso -a** adx. **Venoso -a.** Il sistema arterioso e quello venoso determinano la circolazione del sangue. *O sistema arterial e o venoso determinan a circulación do sangue.*

**ventaglio** s.m. **1 Abano, abanador, abanico.** La signora agitava un ventaglio di pizzo. *A señora axitaba un abano de encaixe.* **2 (fig.) Abano, abanico.** Ci hanno offerto un ventaglio di proposte. *Ofrecéronnos un abano de propostas.* # **aprirsi a ventaglio:** abrirse en forma de abano.

**ventilare** v. tr. [aux. avere] **1 Ventilar, airear.** Spalancò le finestre per ventilare la stanza. *Abriu de par en par as fiestras para ventila-lo cuarto.* **2 (fig.) Propoñer, propor, suxerir.** Le hanno ventilato la possibilità di una promozione. *Propuxéronlle a posibilidade dun ascenso.* # **ventilare il grano:** aventa-lo trigo. **OBS.:** io ventilò; v. irreg. *V. táboa 1.*

**ventilatore** s.m. **Ventilador.** Se hai molto caldo puoi accendere il ventilatore. *Se tes moita calor podes acende-lo ventilador.*

**ventilazione** s.f. **Ventilación.** Dev'esserci un guasto nell'impianto di ventilazione. *Debe haber unha avaría na instalación da ventilación.* In questa stanza non c'è ventilazione sufficiente. *Neste cuarto non hai ventilación suficiente.*

**vento** s.m. **Vento.** Un forte vento ha sradicato vari alberi. *Un forte vento arrancou varias árbores.* # **buttare al vento:** desperdiciar; **chi semina vento raccoglie tempesta:** quen sementa ventos recolle tempestades; **dire ai quattro venti:** divulgar algo; **fare / farsi vento:** abanicarse; **giacca a vento:** anorak; **lottare con i mulini a vento:** loitar contra o imposible; **mulino a vento:** muiño de vento; **parlare al vento:** falar sen ser escoitado; **parole al vento:** palabras perdidas; **qual buon vento ti porta?:** ¿que te trae por aquí?

**ventosa** s.f. **Ventosa.** I polipi hanno i tentacoli coperti di ventose. *Os polbos teñen os tentáculos cubertos de ventosas.* La freccia del bambino aveva sulla punta una ventosa. *A frecha do neno tiña na punta unha ventosa.*

**ventoso -a** adx. **Ventoso -a.** Era una giornata ventosa che agitava gli alberi e sollevava la polvere. *Era un día ventoso que axitaba as árbores e levantaba o po.*

**ventre** s.m. **Ventre, barriga.** È andato dal medico perché aveva il ventre gonfio. *Foi ó médico porque tiña o ventre inchado.*

**venturo -a** adx. **Vindeiro -a, próximo -a.** L'anno venturo sarà bisestile. *O ano vindeiro será bisesto.*

**verbo** s.m. **Verbo.** 'Essere' e 'avere' sono verbi ausiliari. 'Essere' e 'avere' son verbos auxiliares. # **non dire verbo:** non dicir palabra.

**verde** I adx. **1 Verde.** I tavoli da gioco sono coperti da un panno verde. *As mesas de xogo están cubertas por un pano verde.* Il grano è ancora verde. *O trigo aínda está verde.* **2 (fig.) Mozo -a, novo -a.** Goditi i tuoi anni verdi, non avere tanta fretta di crescere. *Goza dos teus anos mozos, non teñas tanta preza por medrar.* **II s.m. 1 Verde (cor).** Il verde è il colore della speranza. *O verde é a cor da esperanza.* **2 Campo (vexetación).** Il mio sogno è avere una casetta in mezzo al verde. *O meu soño é ter unha casinha no medio do campo.* # **essere al verde, rimanere al verde:** estar sen unha cadela; **essere verde dalla rabbia:** botar lume; **fagiolino verde:** feixón verde; **I Verdi:** os Verdes (partido político); **ridere verde:** rir con disimulo; **zona verde:** zona verde.

**verdura** s.f. **Verdura.** I medici consigliano una dieta ricca di verdure crude. *Os médicos aconsellan unha dieta rica en verduras crúas.* # **minestra di verdura:** sopa de verdura.

**vergine** I adx. **Virxe (tamén fig.).** Giunse vergine al matrimonio. *Chegou virxe ó matrimonio.* Si inoltrarono nella foresta vergine. *Adentráronse na foresta*

*virxe*. **II s.f. 1 Virxe.** L'affresco rappresenta la Vergine con il Bambino. *O fresco representa a Virxe co Neno.* Il Minotauro esigeva sacrifici annuali di giovinetti e di vergini. *O Minotauro esixía sacrificios anuais de mozos e de virxes.* **2 (Astrol.) Virgo, virxe.** Se è nato ai primi di settembre è della Vergine. *Se naceu a primeiros de setembro é Virgo.* # **olio extravergine di oliva:** *aceite extra virxe de oliva;* **pura lana vergine:** *pura la virxe.*

**verginità s.f. inv. Virxindade.** In certe società la verginità della sposa è un requisito fondamentale. *Nalgunhas sociedades a virxindade da esposa é un requisito fundamental.*

**vergogna s.f. Vergoña, vergonza.** La vergogna ci fa arrossire. *A vergoña fainos poñer colorados.*

**vergognarsi v. intr. pron. [aux. essere] Avergoñarse, avergonzarse.** Si vergognò di averla offesa e le scrisse un biglietto di scuse. *Avergoñouse de ofendela e escribiulle unha nota de desculpa.* Non mi sono mai vergognata tanto in vita mia. *Nunca me avergoñei tanto na miña vida.*

**vergognoso -a adx. Vergoñoso -a, vergonzoso -a.** Parlava con il viso basso, tutta vergognosa. *Falaba co rostro baixo, toda vergoñosa.* È vergognoso trattare così un anziano. *É vergoñoso tratar así a un ancián.*

**verifica s.f. 1 Comprobación.** I bilanci saranno sottoposti a verifica. *Os balances serán sometidos a comprobación.* **2 Proba, exame.** Domani il professore farà una verifica scritta. *Mañá o profesor fará unha proba escrita.* **OBS.:** pl. verifiche.

**verificare v. tr. [aux. avere] Comprobar, revisar, verificar.** Dovete essere precisi perché verificheranno ogni dichiarazione. *Tedes que ser exactos porque comprobarán tódalas declaracións.* **OBS.:** io verifico, tu verifici; v. irreg. *V. táboas 1 e 5.*

**verità s.f. inv. 1 Verdade.** Stai dicendo la verità o è una bugia? *¿Estás dicindo a verdade ou é unha mentira?* **2 Veracidade, verdade, autenticidade.** Hanno accertato la verità delle nostre affermazioni. *Aseguraron a veracidade das nosas afirmacións.* # **essere la bocca della verità:** *ser moi sincero;* **in verità:** *en verdade;* **per dire la verità:** *a dicir verdade;* **verità incontestabile:** *verdade irrefutable.*

**verme s.m. Verme, bichoco, ronco.** Ho buttato quasi tutte le ciliege perché erano piene di vermi. *Tirei case tódalas cereixas porque estaban cheas de vermes.* # **avere i vermi:** *ter lombrigas;* **comportarsi come un verme:** *comportarse como un ser despreziable;* **essere nudo come un verme:** *estar completamente espido;* **sentirsi un verme:** *sentirse inferior;* *avergoñarse;* **strisciare come un verme:** *comportarse servilmente;* **verme solitario:** *tenia.*

**vernice s.f. Verniz.** Ho bisogno di vernice, pennello e solvente. *Necesito verniz, pincel e disolvente.*

**verniciare v. tr. [aux. avere] Vernizar, envernizar.** Non appoggiarti al cancello perché l'hanno appena verniciato. *Non te apoies na cancela porque a acaban de vernizar.* **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 2.*

**vero -a adx. Verdadeiro -a, auténtico -a.** Il bracciale è di perle vere. *A pulseira é de perlas verdadeiras.* Sono un vero stupido a farmi ingannare così. *Son un verdadeiro estúpido ó deixarme enganar así.* # **dipingere dal vero:** *pinta-la realidade;* **dire il vero:** *dici-la verdade;* **fosse vero!:** *joxalá fose verdade!;* **non è vero?:** *¿non é verdade?;* **non mi sembra vero:** *non me parece verdade;* **se gli occhi mi dicono il vero:** *se non me engano;* **tant'è vero che:** *tanto é así que.*

**verosimile adx. Verosímil.** Ti pare verosimile che sia partito senza avvisare nessuno? *¿Paréceche verosímil que marchase sen avisar a ninguén?*

**verruca s.f. Verruga, espulla.** Ti sarai preso le verruche in piscina. *Colleria-las verrugas na piscina.* **OBS.:** pl. verruche.

**versamento s.m. Ingreso (de cartos).** I partecipanti dovranno effettuare il versamento della quota di iscrizione sul conto bancario indicato. *Os participantes deberán efectua-lo ingreso da cota de inscrición na conta bancaria indicada.*

**versante s.m. Vertente.** Il versante nord della montagna è molto ripido. *A vertente norte da montaña é moi pendente.*

**versare v. tr. [aux. avere] 1 Verter (envorcar).** Mentre parlavamo ha versato il vino della bottiglia nei nostri bicchieri. *Mentres falabamos verteu o viño da botella nos nosos vasos.* **2 Verter, derramar.** Il cameriere è inciampato e le ha versato l'aranciata addosso. *O camareiro tropezou e verteu a laranxada enriba.* **3 Depositar (no banco).** Vado in banca a versare dei soldi e vi raggiungo. *Vou ó banco depositar cartos e alcánzovos.* # **versare fiumi di inchiostro:** *escribir moito;* **versare lacrime:** *verter lágrimas.* ♦ *Para referirse a 'versar (tratar)' en italiano emprégase o termo trattare.*

**versificazione s.f. Versificación.** I futuristi adottarono una versificazione libera. *Os futuristas adoptaron unha versificación libre.*

**versione s.f. 1 Traducción (escrita).** Per domani abbiamo una versione dal greco. *Para mañá temos unha traducción do grego.* **2 Versión.** I testimoni hanno dato versioni diverse dei fatti. *As testemuñas deron versións distintas dos feitos.* Dal racconto sarà tratta una versione cinematografica. *Do conto farase unha versión cinematográfica.*

**verso I prep. Cara a.** Guarda verso destra. *Mira cara á dereita.* **2 Arredor de, ó redor de, derredor de.**

Verranno a prenderti verso le dieci. *Virante recoller arredor das dez.* **II s.m.** **1 Verso.** Il dodecasillabo è un verso di dodici sillabe. *O dodecasillabo é un verso de doce sílabas.* **2 (pl.) Poesía, poema.** Non c'è un editore che voglia pubblicare i tuoi versi. *Non hai un editor que queira publica-las túas poesias.* **3 Son (dos animais).** Sapeva imitare tutti i versi degli uccelli. *Sabia imitar tódolos sons dos paxaros.* **4 Grito, berro, brado.** Piantala di fare quei versi. *Para de dar eses gritos.* **5 Sentido (dirección).** Se segui il verso in cui scorre il fiume, arriverai presto a un villaggio. *Se ségue-lo sentido no que discorre o rio, chegarás pronto a unha aldea.* **6 Modo, maneira, xeito.** Non c'è verso di farlo ragionare. *Non hai modo de facelo razoár.* # **fare il verso a qualcuno:** *arremedar a alguén;* # **prendere per il verso giusto:** *tomar (algo ou alguén) polo lado positivo.*

**vertebra s.f. Vértebra.** È caduto di schiena incrinandosi una vertebra. *Caeu de costas rompendo unha vértebra.*

**verticale I adx. Vertical.** Si arrampicano su una parete quasi verticale. *Gabean por unha parede case vertical.* **II s.f. Vertical.** La ginnasta esegue una verticale sulle parallele. *A ximnasta fai unha vertical nas paralelas.*

**vertice s.m. I (Mat.) Vértice.** Chiamiamo 'a', 'b' e 'c' i vertici del triangolo. *Denominamos 'a', 'b' e 'c' os vértices do triángulo.* **2 Cume, cima (tamén fig.).** Il gatto era proprio sul vertice della scala. *O gato estaba xustamente no cume da escaleira.* Il vertice dei capi di stato è stato rinviato. *O cume dos xefes de estado foi posposto.* # **essere al vertice della carriera / della fama:** *estar na cima da carreira / da fama;* # **incontro / riunione al vertice:** *conferencia cumio.*

**vertigine s.f. Vertixe.** Non può salire lassù perché soffre di vertigini. *Non pode subir alí arriba porque padece vertixe.*

**vescica s.f. I Vexiga, vincha.** Un indebolimento della vescica gli causava problemi di ritenzione urinaria. *Unha debilitación da vexiga causáballe problemas de retención urinaria.* **2 Ampola, bocha, vincha.** Le scarpe nuove le hanno fatto venire una vescica. *Os zapatos novos fixéronlle sair unha ampola.* **OBS.:** pl. vesciche.

**vescovo s.m. Bispo.** Il vescovo ha ordinato sacerdoti i sette diaconi. *O bispo ordenou sacerdotes os sete diáconos.*

**vespa s.f. I Avespa, vespa, avéspora.** La puntura della vespa è dolorosa e in qualche caso può provocare la morte. *A picadura da avespa é dolorosa e nalgún caso pode provoca-la morte.* **2 Motocicleta, moto.** Ho comprato una vespa perché diventa impossibile trovare parcheggio per le auto. *Merquei unha motocicleta porque resulta imposible atopar estaciona-*

*mento para os coches.* # **una vita / un vitino da vespa:** *unha cintura / cinturiña de avespa.*

**vestaglia s.f. Bata de casa.** Ha indossato una vestaglia sul pigiama. *Puxo unha bata de casa sobre o pixama.*

**veste s.f. I Roupá.** Aveva le vesti stracciate. *Tiña as roupas rotas.* **2 Vestimenta.** Gli apparve nelle vesti di un povero. *Aparecéuselle coa vestimenta dun pobre.* # **in veste di:** *en calidade de, vestido de;* # **veste da camera:** *bata de casa;* # **veste talare:** *sotana;* # **vesti liturgiche:** *roupa para a liturxia;* # **veste editoriale:** *presentación editorial;* # **veste tipografica:** *presentación tipográfica.*

**vestiario s.m. Vestiario (dunha persoa).** Approfitta dei saldi per rinnovare il vestiario. *Aproveita os saldos para renova-lo vestiario.* # **capi di vestiario:** *pezas de roupa.* ♦ *Para referirse ó 'vestiario (para cambia-la roupa)' en italiano emprégase o termo spogliatoio, para 'vestiario, gardarroupa' guardaro-ba.*

**vestigio s.m. Vestixio.** Contemplava le vestigia della grandezza passata. *Contemplaba os vestixios da grandeza pasada.* **OBS.:** *fai o pl. vestigi ou vestigia (f.).*

**vestire I v. tr. [aux. avere] I Vestir.** Vesto i bambini e li accompagno a scuola. *Visto os nenos e acompañooos á escola.* Vestiva un abito leggero. *Vestia un traxe lixeiro.* **2 Sentar (un vestido).** Questa marca di pantaloni veste molto bene. *Esta marca de pantalóns senta moi ben.* **II v. intr. [aux. essere] Vestir(se).** Veste sempre di scuro. *Viste sempre de escuro.* Mia figlia non sa ancora vestirsi da sola. *A miña filla non sabe aínda vestirse soa.* Si veste dai migliori sarti. *Viste nos mellores xastres.*

**vestito s.m. I Traxe.** Mio fratello ha l'armadio pieno di vestiti. *Meu irmán ten o armario cheo de traxes.* **2 Vestido.** Indossava un vestito di seta. *Levaba un vestido de seda.* # **vestito da cerimonia / da sera / da sposa:** *traxe de cerimonia / de noite / de noiva.*

**veterinario -a s. I Veterinario -a.** Hanno dovuto portare il cane dal veterinario. *Tiveron que leva-lo can ó veterinario.* **2 (f.) Veterinaria.** Dopo essersi laureata in Veterinaria, ha aperto una clinica per animali. *Despois de licenciarse en Veterinaria, abriu unha clínica para animais.*

**vetrata s.f. Vidreira.** Il soggiorno ha una vetrata che dà sul terrazzo. *A sala de estar ten unha vidreira que dá á terraza.* Nella Sainte-Chapelle di Parigi si possono ammirare vetrate dai colori straordinari. *Na Sainte-Chapelle de París pódense admirar vidreiras de cores extraordinarias.*

**vetrina s.f. Escaparate.** Siamo andate in centro a guardare un po' di vetrine. *Fomos ó centro para mirar uns poucos escaparates.* # **mettersi in vetrina**

(fig.): *estar de escaparate*; **vetrina in allestimento**: *escaparete en presentación*.

**vetro** s.m. **1 Cristal**. Attenti, c'è ancora qualche coccio di vetro. *Coidado, aínda hai algún anaco de cristal*. **2 Vidro**. L'isola di Murano è famosa per il suo vetro. *A illa de Murano é famosa polo seu vidro*.

**vetta** s.f. **Cumio, cume, cima** (tamén fig.). Sulla vetta della montagna c'è ancora il sole. *No cumio da montaña aínda hai sol*. La squadra era in vetta alla classifica. *O equipo estaba no cumio da clasificación*.

**vettura** s.f. **Vagón**. I passeggeri sono pregati di salire in vettura. *Rógaselles ós pasaxeiros que suban ó vagón*. # **vetture di prima e di seconda classe**: *vagóns de primeira e de segunda clase*.

**vezzeggiativo** s.m. **Diminutivo cariñoso**. I nonni, curvi sulla culla, si profondevano in vezzeggiativi. *Os avós, curvados sobre o berce, prodigábanse en diminutivos cariñosos*.

**vi** I pron. pers. atono **1 Vós**. Vi salutano e sperano di vedervi presto. *Saúdanvos e esperan vervos axiña*. Per ora non posso dirvi altro. *Por agora non podó dicirvos máis*. **2 Lles** (vostedes). Signori, permettetemi di presentarvi il Dottor Musatti. *Señores, permítanme presentárille-lo doutor Musatti*. **II adv. lugar**. **Alí**. Gli piaceva quel posto perché vi aveva abitato da piccolo. *Gustáballe aquel lugar porque alí vivira de pequeno*. **OBS.:** *este termo carece a miúdo de tradución* (ho provato entrambi i detersivi e non vi trovo nessuna differenza: *provei ámbolos dous deterxentes e non atopo ningunha diferenca*). como pron. *dian-te de la, le, li, lo ou ne substitútese por ve*.

**via** I s.f. **1 Rúa**. È piacevole passeggiare per le vie del centro. *É agradable pasear polas rúas do centro*. **2 Camiño**. Si sono persi e un signore ha dovuto indicare loro la via. *Perdéronse e un señor tívolles que indica-lo camiño*. **3** (fig.) **Vía, camiño**. Un master prestigioso apre molte vie. *Un máster prestixioso abre moitas vías*. **4** (fig.) **Maneira, modo, xeito**. Ha tentato ogni via per convincerlo a rimanere. *Tentou tódalas maneiras para convencelo de que quedase*. **5** (fig.) **Solución**. Non ci resta altra via. *Non nos queda outra solución*. **II adv. Fóra**. Puoi portare via tutti questi aggeggi? *¿Podes levar fóra todos estes chismes?* **OBS.:** *intensifica o sentido do v. ou engade un matiz de afastamento*. Va via, non voglio più vederti! *¡Vaite, non te quero ver máis!* Metti via quel giornale. *Saca de aí ese xornal*. **III interx. Veña**. Via, non pensarci più! Vedrai che le cose miglioreranno. *¡Veña, non o penses máis! Verás como as cousas mellorarán*. # **cacciar via**: *botar (a alguén)*; e **così via**: *etcétera*; **chi lascia la via vecchia per la nuova sa quel che lascia ma non sa quel che trova**: *máis vale o malo coñecido có bo por coñecer*; **collegamento via satellite**: *conexión vía satélite*; **dare il via**: *da-la saída*; **dare via libera**: *dar via libre*; **in**

**via di**: *en vías de*; **in via provvisoria**: *de xeito provisional*; **la Via Crucis**: *a Via Crucis*; **la via della seta, del tabacco, della droga**: *a ruta da seda, do tabaco, da droga*; **per via aerea**: *por vía aérea*; **per via di**: *por medio de*; **per via orale, endovenosa**: *por vía oral, intravenosa*; **pronti... via!**: *¡preparados, listos...xa!*; **segnale di via**: *senal de saída*; **via di accesso**: *vía de acceso*; **via di mezzo**: *camiño intermedio*; **via di scampo**: *vía de escape*; **via dicendo**: *etcétera*; **via via che**: *a medida que*; **via di uscita**: *saída*; **vie respiratorie**: *vías respiratorias*.

**viabilità** s.f. inv. **Transitabilidade**. La costruzione di nuove corsie stradali dovrebbe garantire un miglioramento della viabilità. *A construción de novos carris viarios debería garantir unha mellora da transitabilidade*.

**viaggiare** I v. intr. [aux. avere] **Viaxar**. Ha viaggiato molto in Europa. *Viaxou moito por Europa*. L'auto viaggiava ai 140 chilometri all'ora. *O coche viaxaba a 140 quilómetros por hora*. **II v. tr.** [aux. avere] **Percorrer**. Hanno viaggiato mezzo mondo. *Percorreron medio mundo*. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 4*.

**viaggio** s.m. **Viaxe**. In giugno faremo un viaggio in Cornovaglia. *En xuño faremos unha viaxe a Cornualles*. Con tre viaggi abbiamo fatto il trasloco. *Con tres viaxes fixémo-la mudanza*. # **essere in viaggio**: *estar de viaxe*; **mettersi in viaggio**: *sair de viaxe*; **l'ultimo viaggio**: *a morte*; **viaggio d'affari / di piacere / di studio**: *viaxe de negocios / de pracer / de estudos*.

**viale** s.m. **1 Avenida, boulevard**. Le vie e i viali della città erano sporchi perché c'era lo sciopero dei netturbini. *As rúas e as avenidas da cidade estaban sucias porque había folga de varredores*. **2 Paseo** (alameda). Il parco è attraversato da viali alberati. *O parque está atravesado por paseos con árbores*.

**vibrare** I v. tr. [aux. avere] **Dar** (golpear con forza). Il pugile vibrò un pugno con forza. *O boxeador deu unha puñada con forza*. **II v. intr.** [aux. avere] (fig.) **Vibrar** (entusiasmarse; resoar). Vibravano di passione. *Vibraban coa paixón*. Una nota vibrò nell'aria. *Unha nota vibrou no aire*.

**vibrazione** s.f. **Vibración**. Il terremoto è stato preceduto da forti vibrazioni. *O terremoto foi precedido de fortes vibracións*.

**vicenda** s.f. **Acontecemento, feito, suceso**. La triste vicenda ha commosso la gente. *O triste acontecemento conmoveu a xente*. # **a vicenda**: *reciprocamente*; **vicenda giudiziaria**: *asunto xudicial*.

**viceversa** adv. **1 Viceversa**. Era lei che doveva chiamare me e non viceversa. *Era ela quen debía chamarme a min e non viceversa*. **2** (fam.) **En cambio**. Speravano di avviare nuove assunzioni, viceversa dovranno ridurre il personale. *Esperaban levar a*

*cabo novas contratacións, en cambio deberán reduci-lo persoal.*

**vicinanza** *s.f.* **1 Proximidade.** La tua vicinanza mi dá sicurezza. *A túa proximidade dáme seguridade.* **2 (pl.) Arredores, veciñanza.** Abitiamo nelle vicinanze della stazione. *Vivimos nos arredores da estación.*

**vicino -a I** *adx.* **Próximo -a** (*tamén fig.*). Le vacanze sono vicine. *As vacacións están próximas.* Si sedette vicino al fuoco. *Sentou próximo ó lume.* Vi siamo vicini in questo momento di dolore. *Estamos próximos a vós neste momento de dor.* **II s.m. Veciño.** Abbiamo un vicino rumoroso. *Temos un veciño ruidoso.* **III adv. Cerca, preto.** Vieni più vicino, non ti sento. *Ven máis cerca, non te sinto.* # **da vicino:** de cerca; **stare vicino a qualcuno:** estar cerca de alguén, apoiar a alguén; **vicino a:** preto de.

**vicolo** *s.m.* **Canella (rúa).** Nel centro storico si intrecciano vicoli stretti e oscuri. *No centro histórico entrecrúzanse canellas estreitas e escuras.* # **trovarsi in un vicolo cieco** (*tamén fig.*): atoparse nunha canella sen saída.

**videocassetta** *s.f.* **Videocasete.** Ha una collezione di film registrati su videocassetta. *Ten unha colección de filmes gravados en videocasete.*

**videogioco** *s.m.* **Videoxogo.** Passi troppo tempo in quella sala di videogiochi. *Pasas demasiado tempo naquela sala de videoxogos.* **OBS.:** *pl.* videogiochi.

**videoregistratore** *s.m.* **Vídeo** (*aparello*). Vorremmo sostituire sia il televisore che il videoregistratore. *Quereríamos cambiar tanto o televisor coma o vídeo.*

**vietare** *v. tr.* [*aux.* avere] **1 Prohibir.** Il medico gli ha vietato le sigarette. *O médico prohibiulle os cigarrros.* **2 Impedir.** Non abbiamo molte possibilità, ma niente ci vieta di tentare ugualmente. *Non temos moitas posibilidades, pero nada nos impide intentalo igualmente.* # **senso vietato:** dirección prohibida; **sosta vietata:** prohibido parar; **vietato l'accesso / il transito / vietata l'affissione:** prohibido o acceso / a circulación / fixar carteis.

**vigente** *adx.* **Vixente.** Devi aggiornarti sulla normativa vigente. *Débeste poñer ó día sobre a normativa vixente.*

**vigilare I** *v. tr.* [*aux.* avere] **Vixiar** (*controlar*). Chiese a un collega di vigilare la classe durante la sua assenza. *Pediulle a un compañeiro que lle vixiase a clase durante a súa ausencia.* **II v. intr.** [*aux.* avere] **Velar** (*vixiar*). Vigilano affinché la manifestazione si svolga senza incidenti. *Velan para que a manifestación se desenvolva sen incidentes.* **OBS.:** io vigilo; *v. irreg. V. táboa I.*

**vigile I s.** **Garda.** Il vigile ha fermato il traffico. *O garda parou o tráfico.* **II adx.** **Vixiante, vixilante.**

Gli occhi vigili della madre non perdevano di vista i bambini. *Os ollos vixiantes da nai non perdían de vista os nenos.* # **vigile del fuoco:** bombeiro; **vigile urbano / vigile:** garda municipal.

**vigilia** *s.f.* **1 (Relix.) Vixilia.** Eravamo tutti riuniti per la vigilia di Natale. *Estabamos todos reunidos para a vixilia do Nadal.* **2 Véspera.** Alla vigilia dell'intervento chirurgico era molto nervosa. *A véspera da operación estaba moi nerviosa.* # **fare la vigilia:** facer vixilia (*abstinencia*). ♦ *Para referirse á 'vixilia (acción de estar en vela)' en italiano emprégase espec. o termo veglia.*

**vigliaccheria** *s.f.* **Covardia.** Che vigliaccheria prendersela con un ragazzino! *¡Que covardía tomala cun rapaciño!*

**vigliacco -a I** *adx.* **Covarde.** È un atteggiamento vigliacco tirarsi indietro al primo ostacolo. *É unha actitude covarde botarse para atrás ó primeiro obstáculo.* **II s.** **Covarde.** Non fare il vigliacco, digli che non puoi farlo. *Non sexas covarde, dille que non o podes facer.* **OBS.:** *m. pl.* vigliacchi, *f. pl.* vigliacche.

**vigna** *s.f.* **Viña.** La vigna è stata danneggiata dalla grandine. *A viña foi estragada pola sarabia.*

**vigneto** *s.m.* **Viñado.** I vigneti in settembre sono carichi di uva. *Os viñedos en setembro están cargados de uvas.*

**vigore** *s.m.* **1 Vigor, fortaleza, forza.** È tornato dalle vacanze pieno di salute e di vigore. *Voltou das vacacións cheo de saúde e de vigore.* **2 Vigor, enerxía.** Il vigore della vostra protesta ha sorpreso il pubblico. *O vigor da vosa protesta sorprendeu o público.* # **in vigore:** en vigor.

**vile I** *adx.* **1 Vil, infame.** Non ha mai dimostrato paura, né egoismo, né altri sentimenti vili. *Non amosou nunca medo, nin egoísmo, nin outros sentimentos viles.* **2 Ruin, cativo -a, malo -a.** Il ferro è un metallo vile. *O ferro é un metal ruin.* **II s.** **Vilán, vilá (ruin).** È da vili usare la forza contro i più deboli. *É de viláns usa-la forza contra os máis débiles.* # **di vile condizione:** de baixa condición.

**villa** *s.f.* **1 Chalé.** La zona residenziale è piena di ville con piscina. *A zona residencial está chea de chalés con piscina.* **2 Vila (pazo).** Vicino a Vicenza abbiamo visitato alcune ville palladiane. *Preto de Vicenza visitamos algunhas vilas de Paladio.* **OBS.:** *para aludir á 'casa (vivienda unifamiliar)' emprégase a miúdo o dim. villetta.* ♦ *Para referirse á 'vila (lugar)' en italiano emprégase o termo paese.*

**villaggio** *s.m.* **Aldea, lugar.** Ci ha portati in un tipico villaggio di pescatori. *Levounos a unha típica aldea de pescadores.* # **villaggio olimpico / residenziale / turistico:** cidade olimpica / residencial / turística.

**villano -a I s.** **Groiseiro -a, basto -a, ordinario -a.** Il marito, villano come sempre, ha ignorato gli ospiti

per tutta la cena. *O marido, groseiro coma sempre, ignorou os invitados durante toda a cea.* **II** *adx. Groseiro -a, basto -a, ordinario -a.* Ci ha dato una risposta villana e se ne è andato. *Deunos unha resposta groseira e marchou.* # **villan rifatto:** *piollo resucitado.* ♦ *Para referirse ó 'vilán (ruín)' en italiano emprégase o termo vile.*

**villeggiatura** *s.f. Veraneo.* Quest'anno non andremo in villeggiatura. *Este ano non iremos de veraneo.*

**viltà** *s.f. inv. Vileza, infamia.* Per viltà ha lasciato che il compagno venisse accusato al suo posto. *Por vileza deixou que o compañeiro fose acusado no seu lugar.* # **viltà d'animo:** *baixeza moral.*

**vimine** *s.m. (espec. en pl.) Vimbio, vime, vimia.* La biancheria da stirare è nella cesta di vimini. *A roupa para lle pasa-lo ferro está na cesta de vimbio.*

**vincere** **I** *v. tr. [aux. avere] Vencer, gañar.* La prima tappa è stata vinta dalla squadra tedesca. *A primeira etapa foi vencida polo equipo alemán.* **II** *v. intr. [aux. avere] 1 Gañar, vencer.* Alle ultime elezioni ha vinto il nostro partito. *Nas últimas eleccións gañou o noso partido.* **2** *(fig.) Vencer, gañar.* Devi soltanto vincere la paura. *Soamente debes vence-lo medo.* # **vinca il migliore:** *que gañe o mellor;* **vincere un posto:** *gañar un posto.* **OBS.:** *v. irreg. V. táboa 10.*

**vincitore -trice** **s. 1** *Vencedor -ora, gañador -ora.* Dopo la lotta il vincitore ricevette un applauso. *Tra-la loita o vencedor recibiu un aplauso.* **2** *Gañador -ora, vencedor -ora.* Al vincitore del concorso sarà consegnato il premio in una cerimonia ufficiale. *Ó gañador do concurso entregaráselle o premio nunha cerimonia oficial.*

**vincolare** **I** *v. tr. [aux. avere] Atar (impedir).* Il lavoro lo vincola troppo. *O traballo átao demasiado.* **II** *v. refl. [aux. essere] Vincularse.* Non vuole vincolarsi a nessuno. *Non se quere vincular a ninguén.* **OBS.:** ; *io vincolo; v. irreg. V. táboa 1.* ♦ *Para referirse a 'vincular (pór en relación)' en italiano pódense empregar-los termos associare ou legare.*

**vincolo** *s.m. Vínculo, enlace, nexo.* Li unisce un vincolo affettivo molto forte. *Úneos un vínculo afectivo moi forte.* # **vincoli di sangue:** *vínculos de sangue;* **vincoli matrimoniali:** *vínculos matrimoniais.*

**viño** *s.m. Viño.* Preferite vino bianco o rosso? *¿Preferides viño branco ou tinto?* # **dire pane al pane e vino al vino:** *ó pan pan e ó viño viño;* **vino dolce / secco:** *viño doce / seco.*

**viola** **I** *s.f. Violeta.* Nel sottobosco c'era un profumo intenso e dolce di viole. *No sotobosque había un perfume intenso e doce de violetas.* **2** *Viola.* La viola è uno strumento musicale un poco più grande del violino. *A viola é un instrumento musical un pouco máis grande có violín.* **II** *adx. inv. Violeta.* I calciatori della Fiorentina indossano una maglia viola. *Os*

*xogadores da Fiorentina visten unha camiseta violeta.*

**violare** *v. tr. [aux. avere] 1 Violar, incumprir, infrin-xir.* Hanno violato la legge. *Violaron a lei.* **2 Profanar, violar. Di notte, alcune tombe sono state violate. *Pola noite, algunhas tumbas foron profanadas.* **OBS.:** *io violo; v. irreg. V. táboa 1.* ♦ *Para referirse a 'violare, forzar sexualmente' pódense empregar-los termos violentare ou stuprare.***

**violentare** *v. tr. [aux. avere] Violar (forzar a realiza-lo acto sexual).* L'uomo è accusato di aver violentato una turista. *O home está acusado de violar unha turista.* ♦ *Para referirse a 'violentare (abrir á forza)' en italiano emprégase o termo forzare, para 'violentare (poñer nunha situación incómoda)' infastidire.*

**violento -a** *adx. 1 Violento -a, agresivo -a.* È un uomo molto violento. *É un home moi violento.* **2 Violento -a (intenso). Ci ha sorpreso un violento acquazzone. *Sorprendeunos unha violenta chaparrada.* **3** *(fig.) Forte (intenso).* Non mi piacciono i colori violenti. *Non me gustan as cores fortes.***

**violenza** *s.f. Violencia.* Ci sono ancora troppi episodi di violenza domestica. *Ainda hai demasiados episodios de violencia doméstica.* # **far uso della violenza:** *facere uso da violencia;* **subire una violenza:** *sufrir violencia.*

**violino** *s.m. Violín.* Ti ho registrato le Sonate di Bach per violino. *Graveiche as Sonatas de Bach para violín.* È stata primo violino alla Filarmonica di Berlino. *Foi primeiro violín na Filharmonica de Berlín.*

**violoncello** *s.m. Violoncello.* Alla radio trasmettono un concerto per violoncello di Saint-Saëns. *Na radio transmiten un concerto para violoncello de Saint-Saëns.* Lei è il secondo violoncello. *Ela é o segundo violoncello.*

**viottolo** *s.m. Vieiro, carreira, vereia.* Lasciarono la strada principale per inoltrarsi in un viottolo. *Deixaron a estrada principal para introducirse nun vieiro.*

**vipera** *s.f. Víbora (tamén fig.).* È prudente calzare scarpe alte per proteggersi dal morso delle vipere. *É prudente calzar zapatos altos para protexerse da mordedura das víboras.* Non accetta i rimproveri e mi si è rivolta contro come una vipera. *Non acepta os reproches e volveuse contra min coma unha víbora.* Quella donna ha la lingua di una vipera. *Aquela muller ten a lingua dunha víbora.*

**virare** *v. intr. [aux. avere] Virar, revirar (rumbo).* Il motoscafo non ha virato in tempo e ha urtato contro lo scoglio. *A lancha motora non virou a tempo e chocou contra o escollo.* ♦ *Para referirse a 'virare, xirar' en italiano emprégase o termo girare, para 'virarse, volverse' girarsi.*

**virgola** s.f. *Virgula, coma*. La virgola è il segno di interpunzione che equivale alla più breve delle pause. *A virgula é o signo de puntuación que equivale á máis breve das pausas*. # **non cambiare neanche una virgola**: *non cambiar nada (nun texto)*.

**virgolette** s.f. pl. *Comiñas*. Usiamo le virgolette, ad esempio, per evidenziare un vocabolo. *Empregámo-las comiñas, por exemplo, para destacar unha palabra*.

**virile** adx. *Viril*. La barba gli dà un aspetto più virile. *A barba dálle un aspecto máis viril*.

**virilità** s.f. inv. *Virilidade*. Faceva di tutto per dimostrare la sua forza e la sua virilità. *Facia de todo para demostra-la súa forza e a súa virilidade*.

**virtù** s.f. inv. **1 Virtude (moral)**. Per noi è sempre stato un esempio di virtù. *Para nós sempre foi un exemplo de virtude*. La virtù della moderazione non è comune. *A virtude da moderación non é común*. **2 Virtude, propiedade**. Conosce tutte le virtù delle piante. *Coñece tódalas virtudes das plantas*. # **fare di necessità virtù**: *axeitarse*; **in virtù di**: *en virtude de*.

**virtuale** adx. *Virtual*. La realtà virtuale consente di simulare ambienti e oggetti in modo sorprendente. *A realidade virtual permite simular ambientes e obxectos de xeito sorprendente*.

**virtuoso -a I** adx. *Virtuoso -a*. Il suo comportamento è sempre stato onesto e virtuoso. *O seu comportamento foi sempre honesto e virtuoso*. **II s. Virtuoso -a**. Mi fido di lei perché è una donna virtuosa e prudente. *Fiome dela porque é unha muller virtuosa e prudente*. A sei anni era già un virtuoso del violino. *Os seis anos xa era un virtuoso do violín*.

**virus** s.m. inv. *Virus*. Non si conoscono farmaci in grado di contrastare questo virus. *Non se coñecen fármacos capaces de combater este virus*.

**viscere** s.f. pl. *Entrañas (tamén fig.)*. Gli antichi traevano auspici interrogando le viscere degli animali sacrificati. *Os antigos obtiñan presaxios examinando as entrañas dos animais sacrificados*. La sonda scende nelle viscere della terra. *A sonda descende ás entrañas da terra*.

**vischio** s.m. *Visgo*. Il vischio è una pianta parassita dalle piccole bacche bianche. *O visgo é unha planta parasita con pequenas bagas brancas*.

**viscido -a** adx. **1 Viscoso -a, apegañento -a**. Al tatto era viscido come un'anguilla. *O tacto era viscoso coma unha anguía*. **2 (fig.) Suño -a, falso -a**. Quell'individuo è viscido. *Aquel individuo é suño*.

**visibile** adx. **1 Visible**. Sposta il cartello in modo che sia più visibile. *Move o cartel de xeito que sexa máis visible*. **2 (ext.) Visible, apreciable**. Era in preda a una visibile angoscia. *Era presa dunha visible*

*angustia*. # **visibile ad occhio nudo**: *que se pode ver a simple vista*.

**visibilità** s.f. inv. *Visibilidade*. La nebbia riduceva la visibilità. *A néboa reducía a visibilidade*.

**visione** s.f. **1 Vision, vista**. Per il dolore gli è mancata la visione per qualche secondo. *Coa dor faltoulle a visión durante algúns segundos*. **2 (fig.) Vision, idea, imaxe**. Hai una visione distorta dei fatti. *Tes unha visión equivocada dos feitos*. # **avere delle visioni**: *ter visións*; **prendere visione di qualcosa**: *examinar algo*; **prima / seconda visione**: *primeira / segunda sesión (cine, tv...)*.

**visita** s.f. **1 Visita**. Ogni sabato riceve la visita dei nipoti. *Cada sábado recibe a visita dos netos*. Con la scuola faremo la visita del Museo di Arte Moderna. *Coa escola faremo-la visita ó Museo de Arte Moderna*. **2 (Med.) Reconoscimento**. Il medico gli ha fatto una visita approfondita. *O médico fixolle un recoñecemento profundo*. # **biglietto da visita**: *tarxeta*; **fare una visita a qualcuno**: *visitar a alguén*; **in visita**: *de visita*; **ora di visita**: *hora de visita*; **visita a domicilio**: *visita a domicilio*; **visita guidata**: *visita turística con guía*; **visita medica**: *consulta médica*.

**visitare** v. tr. [aux. avere] **1 Visitar**. Abbiamo visitato alcune sale del Louvre. *Visitamos algunhas salas do Louvre*. **2 (Med.) Reconocer, explorar**. La dottoressa lo stava visitando. *A doutora estábaio recoñecendo*. **OBS.:** io vísito; v. irreg. *V. táboa 1*.

**viso** s.m. *Rostro, faciana*. Il profilo del suo viso mi ricordava quello impresso sulle antiche monete greche. *O perfil do seu rostro recordábame o estampado nas antigas moedas gregas*. # **far buon viso a cattivo gioco / a cattiva sorte**: *a mal tempo, boa cara*.

**visone** s.m. **1 Visón**. Il visone è molto pregiato per la sua pelliccia. *O visón é moi apreciado pola súa pel*. **2 Abrigo de visón**. Hanno rubato tutto: argenteria, gioielli, visoni. *Roubárono todo: prata, xoias, abrigos de visón*.

**vista** s.f. **1 Vista, visión**. Gli si è indebolita la vista ma non vuole mettere gli occhiali. *Debilitouse a vista pero non quere poñer lentes*. **2 Vista, paisaxe, panorama**. Dal terrazzo si gode di una splendida vista. *Dende a terraza gózase dunha espléndida vista*. # **a prima vista**: *a primeira vista*; **avere in vista qualcosa**: *ter previsto algo*; **conoscere qualcuno di vista**: *coñecer a alguén de vista*; **essere in vista**: *ser famoso*, **far vista di**: *simular*; **guardare a vista**: *ter de ollo*; **pagabile a vista**: *pago ó portador*; **perdere di vista**: *perder de vista*; **sottrarsi alla vista**: *sacar-se de diante*.

**visuale I** s.f. *Vista, panorama*. Aveva un palco centrale con una visuale perfetta sul palcoscenico. *Tiña*



un palco central cunha vista perfecta do escenario. **II** *adx. Visual, óptico -a.* Da questo angolo visuale, il campo di osservazione è ristretto. *Dende este ángulo visual, o campo de observación é restrinxido.*

**visualizzare** *v. tr. [aux. avere] Visualizar (na mente).* Mentre raccontavi riuscivo a visualizzare perfettamente la scena. *Mentres o contabas conseguía visualizar perfectamente a escena.*

**vita** *s.f. 1 Vida.* C'è vita su altri pianeti? *¿Hai vida noutros planetas?* La guerra ha distrutto molte giovani vite. *A guerra destruíu moitas vidas novas.* Il quartiere del porto è pieno di vita. *O barrio do porto está cheo de vida.* Sto leggendo la vita di Alfieri. *Estou lendo a vida de Alfieri. 2 Vida, existencia.* Ha avuto una vita piena di amarezze. *Tivo unha vida chea de amarguras. 3 Cintura, van.* In vita portava un cordone da francescano. *Na cintura levaba un cordón de franciscano. # avere la vita facile: ter unha vida fácil; carcere a vita: cadea perpetua; darsi alla bella vita: darse á boa vida; essere ancora in vita: estar aínda vivo; essere in fin di vita: estar a piques de morrer; fare la vita: prostituírse; guardagnarsi la vita: gaña-la vida; lo conosco da una vita: coñezoo dende sempre; rendere la vita difficile: complica-la vida; vita mia: meu amor.*

**vitale** *adx. Vital (tamén fig.).* Sopravvivrà perché la pallottola non ha leso nessun organo vitale. *Sobrevivirá porque a bala non danou ningún órgano vital.* Vincere è per lui una questione vitale. *Gañar é para el unha cuestión vital.*

**vitalità** *s.f. inv. Vitalidade.* È anziano ma conserva la vitalità propria di un ragazzo. *É máis ben ancián pero conserva a vitalidade propia dun rapaz.*

**vitamina** *s.f. Vitamina.* Gli agrumi contengono molta vitamina C. *Os cítricos conteñen moita vitamina C.*

**vite** *s.f. 1 Vide, videira, cepa.* Sulle colline toscane si coltivano viti. *Nos outeiros toscanos cultívanse vides. 2 Parafuso.* Questa ferramenta ha certamente le viti che cerchi. *Esta ferraxería ten seguramente os parafusos que buscas. # allentare, stringere una vite: afrouxar, apertar un parafuso.*

**vitello -a** *s. 1 Becerro -a, pucho -a, vitelo -a.* La mucca ha partorito un vitello. *A vaca pariu un becerro. 2 (m.) Vitela, carne de tenreira.* Ho comprato del vitello tenerissimo. *Merquei vitela moi tenra. # piangere come un vitello: chorar como un neno.*

**vittima** *s.f. Víctima.* È sceso il numero delle vittime degli incidenti stradali. *Baixou o número de vítimas dos accidentes de tráfico. # fare la vittima: facerse a vítima.*

**vittoria** *s.f. Victoria.* Siamo andati tutti al ristorante per festeggiare la vittoria della squadra. *Fomos*

*todos ó restaurante para celebra-la victoria do equipo. # cantare vittoria: cantar victoria.*

**vivace** *adx. 1 Vivo -a (intenso).* I bambini prediligono i colori vivaci. *Os nenos prefíren as cores vivas. 2 Vivo -a, agudo -a, espelido -a.* Ha un'intelligenza vivace. *Ten unha viva intelixencia.*

**vivacità** *s.f. inv. Viveza (intensidade).* L'eccessiva vivacità finisce per stancare. *A excesiva viveza acaba por cansar.* La vivacità delle luci risplendeva nella notte. *A viveza das luces resplandecía na noite.*

**vivaio** *s.m. Viveiro, criadeiro.* I vivaì permettono di coltivare fiori tutto l'anno. *Os viveiros permiten cultivar flores todo o ano.* In questo vivaio allevano rombi. *Neste viveiro crían rodaballos.*

**vivere I** *v. intr. [aux. essere / avere] Vivir.* Dante è vissuto dal 1265 al 1321. *Dante viviu dende o 1265 ó 1321.* Hanno vissuto sempre in campagna. *Sempre viviron no campo. II v. tr. [aux. avere] Vivir.* Insieme vissero molti anni felici. *Xuntos viviron moitos anos felices.* Abbiamo vissuto momenti di panico. *Vivimos momentos de pánico. # amare il quieto vivere: gustarlle a un a tranquilidade; cessare di vivere: morrer; vivere alla giornata: vivir ó día; vivere di rendita: vivir de rendas; voglia di vivere: ganas de vivir. OBS.: v. irreg. V. táboa 77. ♦ Para referirse a 'vivir, residir' en italiano emprégase o termo abitare.*

**vivo -a I** *adx. 1 Vivo -a (tamén fig.).* I pompieri hanno estratto dalle macerie una donna ancora viva. *Os bombeiros sacaron de entre os cascallos unha muller aínda viva.* Molte antiche tradizioni sono tuttora vive. *Moitas tradicións antigas están aínda vivas.* Il bambino ci guardava con occhi vivi e curiosi. *O neno mirábanos con ollos vivos e curiosos. 2 Vivo -a, forte, intenso -a.* La discussione è stata molto viva. *A discusión foi moi viva.* Gli occhiali scuri proteggono gli occhi dalla luce troppo viva. *As lentes escuras protexen os ollos da luz demasiado viva. II s.m. pl. Vivos.* Dopo la strage si contarono i vivi e i morti. *Despois do accidente contáronse os vivos e os mortos. # argento vivo: azougue; a viva forza: á forza; a viva voce: de viva voz; calce viva: cal vivo; farsi vivo: deixarse ver; mangiarsi qualcuno vivo: comer vivo a alguén, rifar moito; nel vivo della questione: no centro da cuestión; non c'è anima viva: non haber ninguén; più morto che vivo: máis morto ca vivo; vivo e vegeto: vivo e coleando.*

**viziare** *v. tr. [aux. avere] Malcriar.* I nonni qualche volta viziano i nipotini. *Os avós ás veces malcrián os netiños. OBS.: v. irreg. V. táboa 7.*

**vizio** *s.m. 1 Vicio.* Ha più vizi che virtù. *Ten máis vicios ca virtudes. 2 Vicio, vezo.* Ha il vizio di fare troppe domande. *Ten o vicio de facer demasiadas*

*preguntas.* **3 (Med.) Deficiencia, defecto, eiva.** Le hanno riscontrato un leggero vizio cardiaco. *Atopáronlle unha lixeira deficiencia cardíaca.* **4 Defecto, fallo, tacha.** La merce che ha un vizio di fabbricazione è venduta a metà prezzo. *A mercancia que ten un defecto de fabricación véndese a metade de prezo.* Il procedimento è stato annullato per un vizio di forma. *O proceso foi anulado por un defecto de forma.* # **i sette vizi capitali:** *os sete pecados capitais;* **il lupo perde il pelo ma non il vizio:** *o raposo non perde as mañas;* **l'ozio è il padre dei vizi:** *o ocio é o pai de tódolos vicios;* **prendere il vizio:** *colle-lo vicio;* **togliersi il vizio:** *perde-lo vicio.*

**vizioso -a** *adx. Vicioso -a.* Ha fama di persona dissoluta e viziosa. *Ten sona de persoa disoluta e viciosa.* # **circolo vizioso:** *círculo vicioso.*

**vocabolario** *s.m. 1 Dicionario.* Ho comprato un vocabolario della lingua francese, perché il dizionario bilingue non è sufficiente. *Comprei un dicionario de lingua francesa, porque o dicionario bilingüe non é suficiente.* **2 Vocabulario, léxico.** La maggior parte di questi studenti ha un vocabolario molto povero. *A meirande parte destes estudantes ten un vocabulario moi pobre.*

**vocale** *s.f. Vocal.* Le vocali dell'italiano sono a, e, i, o, u. *As vocais do italiano son a, e, i, o, u.* # **corde vocali:** *cordas vocais;* **vocale aperta / chiusa / lunga / breve:** *vocal aberta / pechada / longa / breve.*

**vocazione** *s.f. Vocación.* La vocazione religiosa lo indusse a prendere i voti. *A vocación relixiosa induciuno a toma-los votos. (ext.)* Ha una spiccata vocazione per la musica. *Ten unha destacada vocación para a música.*

**voce** *s.f. Voz.* La sua voce è grave e rauca. *A súa voz é grave e rouca.* Mina è una delle grandi voci della canzone italiana. *Mina é unha das grandes voces da canción italiana.* Aveva portato un piccolo dizionario con diecimila voci. *Levara un pequeno dicionario con dez mil voces.* 'Ho' è voce del verbo 'avere'. *'Teño' é unha voz do verbo 'ter'.* # **a bassa voce / ad alta voce:** *en voz baixa / en voz alta;* **avere voce in capitolo:** *ter influencias importantes;* **a viva voce:** *de viva voz;* **a voce:** *oralmente;* **corre voce:** *corren rumores;* **dar sulla voce a qualcuno:** *rifarlle a alguén;* **dare una voce a qualcuno:** *chamar a alguén;* **dar voce a un sentimento:** *expresar un sentimento;* **fare la voce grossa:** *enfadarse;* **la voce della coscienza:** *a voz da conciencia;* **sotto voce:** *en voz baixa;* **spargere la voce:** *extende-lo rumor;* **un fil di voce:** *un fio de voz;* **voci di bilancio:** *voz do presuposto;* **voci di corridoio:** *rumores.*

**voglia** *s.f. 1 Gana.* Eravamo troppo stanchi per aver voglia di uscire. *Estabamos demasiado cansos para*

*ter gana de saír.* **2 Mancha de nacemento.** Ha una voglia sul collo. *Ten unha mancha de nacemento no colo.* # **contro voglia:** *a desgana;* **di mala voglia:** *de mala gana;* **levarsi la voglia:** *quita-la gana;* **hai voglia!:** *¡tes boa gana!;* **una voglia matta:** *unha gana tola.*

**voi** *pron. pers. 1 Vós.* Voi due finirete male frequentando quella gente. *Vó-los dous acabaredes mal andando con aquela xente.* Cercavo proprio voi. *Buscábavos xustamente a vós.* Si è parlato di voi in ufficio. *Falouse de vós na oficina.* **2 Vostede.** Voi siete dello stesso parere, signora? *¿Vostede é da mesma opinión, señora?* # **dare del voi:** *tratar de vostede.*

**volante** *I s.m. Volante.* Tieni le mani sul volante e non distrarti. *Mantén as mans no volante e non te distraias.* **II adx. Voante, voador -ora.** I ragazzi assicurano di aver avvistato un oggetto volante. *Os rapaces aseguran ter avistado un obxecto voante.* # **asso del volante:** *ás do volante;* **cervo volante:** *vacaloura;* **stare al volante:** *estar ó volante;* **traguardo volante:** *meta voante.*

**volare** *v. intr. [aux. avere / essere] 1 Voar.* Il falco può volare ad altissima quota. *O falcón pode voar a moita altura.* Voleremo con una compagnia aerea nazionale. *Voaremos cunha compañía aérea nacional.* **2 (fig.) Correr (apurar).** Volo a casa, mi stanno aspettando. *Corro á casa, estanme esperando.* **3 (fam.) Caer.** È volato dalle scale e si è rotto una costola. *Caeu polas escaleiras e rompeu unha costela.*

**volentieri** *adv. De boa gana, a gusto.* Se ti potrò aiutare, lo farò volentieri. *Se te podo axudar, fareino de boa gana.* Ti fermi con noi a cena? Volentieri. *¿Quedas conosco a cear? De boa gana.*

**volere** *I v. tr. [aux. avere] Querer.* Volle sapere la verità. *Quixo sabe-la verdade.* Vuoi bere qualcosa? *¿Queres beber algo?* Non vorrei disturbare. *Non querería molestar.* Fai come vuoi. *Fai como queiras.* Quanto vuole per quel tappeto? *¿Canto quere por esa alfombra?* **II s.m. Desexo.** Ha seguito il volere della madre. *Seguiu o desexo da nai.* # **capace di intendere e di volere:** *en plenas facultades;* **ci vuole un bel coraggio:** *hai que ter valor;* **chi troppo vuole nulla stringe:** *quen moito abarca pouco aberta;* **se Dio vuole:** *se Deus quere;* **volerci:** *ser necesario, oportuno;* **volersi bene:** *quererse (reciprocamente).* **OBS.: v. irreg. V. táboa 21.**

**volgare** *I adx. Vulgar.* Veste in modo vistoso e volgare. *Viste de xeito vistoso e vulgar.* **II s.m. Lingua vulgar.** Dante ha scritto sia in latino che in volgare. *Dante escribiu tanto en latín como en vulgar.*

**volgarità** *s.f. inv. Vulgaridade.* Lo spettacolo era di una volgarità insopportabile. *O espectáculo era dunha vulgaridade insoportable.* Quando litigano si

scambiano volgarità. *Cando rifan intercámbianse vulgaridades.*

**volgere I** v. tr. [aux. avere] **Volver** (dirixir). Volse lo sguardo verso di noi e sorrise. *Dirixiu a mirada cara a nós e sorriu.* **II** v. intr. [aux. avere] **1 Dobrar, virar, xirar.** Il viale volge a sinistra. *A avenida dobra á esquerda.* **2 Tirar, tender.** Ha gli occhi di un azzurro che volge al viola. *Ten os ollos dun azul que tira ó violeta.* **III** v. refl. [aux. essere] **1 Volverse, virarse.** Si volse ancora indietro per salutare. *Volveuse de novo cara a atrás para saudar.* **2 Dedicarse.** Si vollero a studi teologici. *Dedicáronse ós estudos teolóxicos.* # **volgere al peggio:** empeorar; **volgere al termine:** cumprirse; **volgere in fuga qualcuno:** facer fuxir a algúen. **OBS.:** v. irreg. *V. táboa 11.*

**volo** s.m. **1 Voo.** Passava ore ad osservare il volo degli uccelli. *Pasaba horas observando o voo dos paxaros.* Il pilota e tutto l'equipaggio si augurano che abbiate avuto un piacevole volo. *O piloto e toda a tripulación esperan que tivesen un voo agradable.* **2 (fam.) Caída.** Ha fatto un bel volo: è una fortuna che non si sia rotto niente. *Tivo unha boa caída: é unha sorte que non rompese nada.* # **capire al volo:** colle-las no aire; **prendere al volo:** coller no aire; **prendere il volo:** fuxir; **prendere le occasioni al volo:** aproveita-la ocasión sen dubidar.

**volontà** s.f. inv. **1 Vontade, albedrio, arbitrio.** È sempre riuscita ad imporre la sua volontà a tutti. *Conseguiu sempre impoñerlle-la súa vontade a todos.* **2 Vontade, intención.** Non basta avere buona volontà, bisogna agire. *Non basta ter boa vontade, hai que actuar.* # **agire di propria volontà:** actuar de vontade propia; **a volontà:** a vontade; **forza di volontà:** forza de vontade; **le ultime volontà:** as últimas vontades; **volontà ferrea:** vontade de ferro.

**volontario -a I** adx. **1 Voluntario -a, consciente.** Il movimento di alcuni muscoli non è volontario. *O movemento dalgúns músculos non é voluntario.* **2 Voluntario -a.** Ha prestato servizio volontario nella Croce Rossa. *Prestou servizo voluntario na Cruz Vermella.* **II** s. **Voluntario -a.** Il professore ha chiesto se c'erano volontari per fare l'esercizio alla lavagna. *O profesor preguntou se había voluntarios para face-lo exercicio no encerado.* Ha collaborato come volontaria durante l'incendio. *Colaborou como voluntaria durante o incendio.*

**volpe** s.f. **1 Raposo -a, golpe.** La volpe, inseguita dai cani, si è infilata nella tana. *O raposo, perseguido polos cans, meteuse no tobo.* **2 Pel de raposo.** Indossava un giaccone di volpe azzurra. *Vestía un chaquetón de pel de raposo azul.* # **caccia alla volpe:** a caza do raposo; **essere una vecchia volpe:** ser unha persoa moi astuta; **essere una volpe:** ser un raposo.

**volta** s.f. **1 Vez (ocasión).** L'ho visto solo un paio di volte. *Vino só un par de veces.* Che sia l'ultima volta che arrivi così tardi! *¡Que sexa a última vez que chegas tan tarde!* **2 Bóveda.** Sulla volta della cupola è affrescata l'Ascensione della Vergine. *Na bóveda da cúpula está pintada ó fresco a Ascensión da Virxe.* # **a sua volta:** á súa vez; **a volte / certe volte:** ás veces / algunhas veces; **alla volta di ...:** en dirección a ...; **c'era una volta:** había unha vez; **due / tre alla volta:** dous / tres á vez; **gli ha dato di volta il cervello:** toleou; **il più delle volte:** a meirande parte das veces; **non pensarci due volte:** non pensalo dúas veces; **piantala una buona volta!** ¡para dunha vez!; **questa è la volta buona:** esta é a definitiva; **una volta o l'altra:** antes ou despois; **una volta per sempre:** dunha vez por todas; **una volta tanto:** por unha vez; **volta per volta:** pouco a pouco.

**voltare I** v. tr. [aux. avere] **1 Virar, xirar.** Voltammo la barca per tornare a riva. *Virámo-lo barco para voltar á beira.* **2 Da-la volta (xirar).** Se volti la pagina, vedrai le illustrazioni. *Se lle dá-la volta á páxina, vera-las ilustracións.* **3 Dobrar, virar, xirar.** C'è una cartoleria proprio qui se voltate l'angolo. *Hai unha papelería xustamente aquí, se dobráde-la esquina.* **II** v. intr. [aux. avere] **Dobrar, virar, xirar.** Il vigile dice che bisogna voltare a destra. *O garda municipal di que hai que dobrar á dereita.* **III** v. refl. [aux. essere] **Virarse, volverse.** Voltati e non guardare. *Virate e non mires.* Si voltava e rivoltava nel letto. *Virábase e volvíase virar na cama.* # **volta gabban-a:** virachaquetas; **voltare le spalle a qualcuno o a qualcosa:** volerlle as costas a algo ou a algúen; **voltare pagina (fig.):** pasa-la páxina; **voltarsi indietro:** volverse atrás.

**volto** s.m. **Faciana, rostro.** Il suo volto sereno rifletteva una pace interiore. *A súa faciana serena reflectía paz interior.*

**volubile** adx. **Voluble, inconstante, inestabile.** Da giovane era volubile e passava da un amore all'altro. *De novo era voluble e pasaba dun amor ó outro.*

**volume** s.m. **1 Volume.** Calcoliamo il volume del solido. *Calculámo-lo volume do sólido.* Ho telefonato ai vicini perché ascoltavano musica a un volume spaventoso. *Chamei por teléfono os veciños porque escoitaban a música a un volume espantoso.* **2 Volume, tomo.** È uscita una nuova enciclopedia della musica in trenta volumi. *Saiu unha nova enciclopedia da música en trinta volumes.* # **a basso / ad alto volume:** a baixo / alto volume; **a tutto volume:** a todo volume.

**voluminoso -a** adx. **Voluminoso -a.** Un pacco voluminoso occupava tutto il bagagliaio dell'auto. *Un paquete voluminoso ocupaba todo o maleteiro do coche.*

**vomitare** v. tr. e intr. [aux. avere] **Vómitar, golsar, trousar.** Si è sentito male e ha vomitato la cena. *Sentiuse mal e vomitou a cea.* Soffriva di mal di mare e qualche volta vomitava. *Sufría mareos e algunhas veces vomitaba.* **OBS.:** io vomito; v. irreg. *V. táboa 1.*

**vomito** s.m. **Vómito.** Il dottore le ha prescritto uno sciroppo contro il vomito. *O médico receitou un xarope contra o vómito.*

**vongola** s.f. **Ameixa (molusco).** Prepareremo degli spaghetti alle vongole. *Prepararemos uns espaguetes con ameixas.*

**voracità** s.f. inv. **Voracidade.** Tuo figlio ha mangiato tutto con incredibile voracità. *O teu fillo comeuno todo cunha increíble voracidade.*

**vortice** s.m. **1 Remuíño.** Questo fiume è pieno di vortici. *Este río está cheo de remuíños.* **2 (fig.) Ímpeto (forza irresistibile).** Si abbandonarono al vortice della danza. *Abandonáronse ó ímpeto da danza.* Mi sono lasciato prendere dal vortice degli avvenimenti. *Deixei levar polo impeto dos acontecementos.*

**vostro -a I adx. pos. 1 Voso -a.** Abbiamo sempre ammirato la vostra tenacia. *Sempre admirámo-la vosa tenacidade.* Faremo di tutto per ritrovare vostra figlia. *Faremos de todo para atopa-la vosa filla.* **2 Seu súa (de vostedes).** Vi prego di scusarmi se ho trascurato la vostra richiesta. *Prégolles que me desculpen se descoidei a súa petición.* **II pron. pos. 1 Voso -a.** La nostra proposta è simile alla vostra. *A nosa proposta é similar á vosa.* **2 Seu súa (de vostedes).** Signori, abbiate un po' di pazienza: dopo il mio turno arriverà il vostro. *Señores, teñan un pouco de paciencia: despois do meu turno chegará o seu.*

**votare I** v. tr. [aux. avere] **Votar.** Gli studenti hanno votato i loro rappresentanti. *Os estudantes votaron os seus representantes.* **II v. intr. [aux. avere] Votar.** Domani si vota per le elezioni regionali. *Mañá vótase para as eleccións rexionais.* **III v. refl. [aux. essere] Entregarse, consagrarse.** Da quando gli è nato il figlio, si è votato totalmente alla famiglia. *Desde que lle naceu o fillo, entregouse totalmente á familia.*

**votazione** s.f. **1 Votación.** La votazione è avvenuta per alzata di mano. *A votación fíxose a man alzada.* **2 Cualificación, nota, puntuación.** Ha avuto la votazione più alta della classe. *Tivo a cualificación máis alta da clase.*

**voto** s.m. **1 Voto, sufraxio.** Il sindaco è stato rieletto con un'alta percentuale di voti. *O alcalde foi reelixido cunha alta porcentaxe de votos.* **2 Nota, cualificación, puntuación.** Ha sempre avuto ottimi voti a scuola. *Tivo sempre unhas notas estupendas na escola.* **3 Promesa.** Ho fatto voto di non fumare. *Fixen a promesa de non fumar.* **# a pieni voti: coas mellores notas; fare voto di (Relix.): face-lo voto de; prendere i voti: toma-los hábitos.**

**vulcano** s.m. **Volcán.** I villaggi alle pendici del vulcano temono una nuova eruzione. *As aldeas das ladeiras do volcán temen unha nova erupción.* **# avere la testa come un vulcano: ter moitas ideas; star seduti su un vulcano: estar nunha situación de perigo.**

-Con *signore* (diante de nomes propios, apelidos, nomes de profesións); con *dottore*, *professore*, *ingegnere*, etc. (diante de nomes propios e apelidos); con *frate*, *suora* (diante de nomes propios): *signor Mario*, *signor Rossi*, *signor giudice*, *dottor Paolo*, *professor Russo*, *fra Cristoforo*, *suor Paola*.

A apócope é facultativa cando as vocais *e* e *o* en posición final de palabra están precedidas por unha consoante líquida ou nasal (*l*, *m*, e sobre todo *n* e *r*); *son contento*, *siam felici*, *qual è*, *tal genere*. Tamén podemos atopa-la apócope en moitas locucións: *amor proprio*, *ancor oggi*, *ben fatto*, *fil di ferro*, *in fin dei conti*, *a fior di pelle*, *mal disposto*, *Mar Ligure*, *in particolare modo*, *a spron battuto*, etc.

## 6. O D EUFÓNICO

Para evitar un hiato ás veces desagradable ó oído, engádesse a miúdo un *d* á conxunción *e* ou á preposición *a* e con menor frecuencia á conxunción *o*, cando estas van seguidas doutra vocal. Non é obrigatorio: *bravo ed onesto*, *vigore ed energia*, *ad est*, *ad ovest*, *lavorare od oziare*.

## 7. A DIVISIÓN SILÁBICA

Unha vocal inicial seguida dunha consoante constitúe ela soa unha sílaba (*e-sta-te*). Unha consoante simple forma sílaba coa vocal seguinte (*co-sa*). Nos grupos consonánticos non se separan os grupos gráficos (*ch*, *gh*, *gl*, *gn*, *sc*, *cia*, *cio*, *ciu*) e, polo tanto, forman a sílaba coa vocal seguinte (*ghiro*, *a-scel-la*). Non se separan os grupos consonánticos constituídos por *b*, *c*, *d*, *f*, *g*, *p*, *t* ou *v* con *l* ou *r* (*af-fre-sco*, *ru-blo*). Non se separa o grupo formado por *s* e mais outra consoante (*slo-gan*). Sepáranse os grupos de dúas consoantes iguais (*ag-gres-so-re*). Sepáranse os grupos constituídos por dúas consoantes calquera (*lm*, *rc*, *cz*, *db*, *dv*), normalmente palabras cultas ou estranxeiras, coa finalidade de non facer comeza-la sílaba cun nexa non admitido nas palabras do léxico corrente (*el-mo*). Nos grupos de tres ou máis consoantes a división realízase en xeral entre a primeira e a segunda consoante (*pol-tro-na*), pero se o encontro entre a segunda e a terceira consoante dá lugar a un nexa non tolerado, a división dáse entre a segunda e a terceira consoante (*feld-spa-to*). No encontro de vocais ou ditongos pódense separar só as vocais que forman hiato, non os ditongos ou tritongos. Para as palabras compostas sempre é aconsellable segui-las regras que se aplican nas palabras simples, pero tamén se poden separar prefixo e base. Respecto do apóstrofe a final de liña, hai tres posibilidades:

*dell'oro, del-l'oro* e *dell'o-ro* (quizais a terceira menos aconsellable). O que non é posible facer é reintegra-la vocal elidida (*\*dello-o-ro*).

## 8. OS SIGNOS DE PUNTUACIÓN E OS SIGNOS ORTOGRÁFICOS

.	<i>punto, punto fermo, punto e daccapo</i>
,	<i>virgola</i>
;	<i>punto e virgola</i>
:	<i>due punti</i>
...	<i>puntini di sospensione</i>
“	<i>virgolette</i>
‘	<i>apostrofo</i>
?	<i>punto interrogativo</i>
!	<i>punto esclamativo</i>
()	<i>parentesi tonde</i>
[]	<i>parentesi quadre</i>

## MORFOLOXÍA

### 1. O ARTIGO DETERMINADO

	<b>masculino</b>	<b>feminino</b>
<b>singular</b>	<i>il, lo, l'</i>	<i>la, l'</i>
<b>plural</b>	<i>i, gli</i>	<i>le</i>

A forma do artigo determinado italiano varía dependendo da palabra seguinte.

Para o masculino:

*Il* e *i* empréganse cos substantivos masculinos, diante de palabras que empezan por consoante (agás *x, y, z, s* líquido, *i* semiconsoante e os grupos consonánticos *gn, pn, ps, sc*): *il signore / i signori, il gatto / i gatti*.

*Lo* e mais *gli* úsanse cos nomes masculinos, diante de palabras que empezan por vocal, *x, y, z, s* líquido, *gn, pn, ps, sc* e diante de *j*: *lo studente / gli studenti, lo zaino / gli zaini, lo gnomo / gli gnomi, lo psicologo / gli psicologi, lo xilofono / gli xilofoni, lo iato / gli iati*.

*L'* e *gli* úsanse diante de palabras que empezan por vocal: *l'alfabeto / gli alfabeti*.

Para o feminino:

*La* e *le* empréganse con tódolos substantivos femininos que empezan por consoante: *la studentessa / le studentesse, la rivista/ le riviste*.

*L'* e mais *le* úsanse con tódolos substantivos femininos que empezan por vocal. O artigo *la* elídese en *l'*, agás diante das semivocais *i, j* longa: *l'amica/ le amiche, la iena/ le iene*. Pola contra, a forma *le* non se elide.

## 2. O ARTIGO INDETERMINADO

	<b>masculino</b>	<b>feminino</b>
<b>singular</b>	<i>un, uno</i>	<i>una, un'</i>

Indicamos unicamente a forma singular do artigo indeterminado porque para o plural utilízase o artigo partitivo.

O artigo indeterminado masculino:

*Un* emprégase cando a palabra que segue comeza por vocal (agás as semivocais *i, j*) ou por unha consoante distinta de *x, y, s* líquido, *gn, pn, ps, sc*: *un ragazzo, un uomo, un ideale*. Esta forma nunca leva apóstrofe.

*Uno* utilízase cando a palabra que segue comeza por *s* líquido, *z, ps, pn, gn, x, sc* ou polas semivocais *i, j*: *uno studente, uno zaino, uno psicologo, uno gnomo, uno xilofono, uno sci, uno iato*.

O artigo indeterminado feminino:

*Una* úsase cando a palabra que segue comeza por consoante, polas semivocais *i, j* ou por unha vocal: *una studentessa, una dottoressa*.

*Un'*. A forma *una* pódese elidir en *un'*, cando está seguida por unha vocal: *un'ora, un'amica*; aínda que tamén se pode empregar-la forma sen elisión: *una ora, una amica*.

Para o artigo indeterminado plural úsanse as formas do partitivo *del, dello, della, dei, degli, delle*: *ho incontrato degli amici, ho comprato delle mele*.

## 3. OS ARTIGOS CONTRACTOS

As preposicións *a, da, di, in, su* e o artigo determinado únense dando lugar ás chamadas *preposizioni articolate* ou artigos contractos.

	<b>il</b>	<b>lo</b>	<b>l'</b>	<b>la</b>	<b>i</b>	<b>gli</b>	<b>le</b>
<b>a</b>	<i>al</i>	<i>allo</i>	<i>all'</i>	<i>alla</i>	<i>ai</i>	<i>agli</i>	<i>alle</i>
<b>da</b>	<i>dal</i>	<i>dallo</i>	<i>dall'</i>	<i>dalla</i>	<i>dai</i>	<i>dagli</i>	<i>dalle</i>
<b>di</b>	<i>del</i>	<i>dello</i>	<i>dell'</i>	<i>della</i>	<i>dei</i>	<i>degli</i>	<i>delle</i>
<b>in</b>	<i>nel</i>	<i>nello</i>	<i>nell'</i>	<i>nella</i>	<i>nei</i>	<i>negli</i>	<i>nelle</i>
<b>su</b>	<i>sul</i>	<i>sullo</i>	<i>sull'</i>	<i>sulla</i>	<i>sui</i>	<i>sugli</i>	<i>sulle</i>

Non se empregan as preposicións *con* e *per* neste tipo de contraccións, aínda que ás veces podemos atopar en certos usos as formas *col* (*con + il*) e *coi* (*con + i*), mentres son exclusivamente literarias e raras as formas *pel* (*per + il*) e *pei* (*per + i*).

Os artigos contractos seguen, polo que respecta á elisión, as mesmas normas có artigo.

#### 4. QUELLO, BELLO, BUONO, GRANDE E SANTO

*Quello* e *bello* seguen as regras do artigo determinado.

	<b>il</b>	<b>lo</b>	<b>l'</b>	<b>i</b>	<b>gli</b>	<b>la</b>	<b>le</b>
<b>quel</b>	<i>quel</i>	<i>quello</i>	<i>quell'</i>	<i>quelli</i>	<i>quegli</i>	<i>quella</i>	<i>quelle</i>
<b>bel</b>	<i>bel</i>	<i>bello</i>	<i>bell'</i>	<i>belli</i>	<i>begli</i>	<i>bella</i>	<i>belle</i>

*Buono* úsase coma o artigo indeterminado: *buon giorno*, *buon uomo*, *buono straniero*, *buon'amica*.

*Grande* convertense en *gran* diante de consoante e en *grand'* diante de vocal: *un gran giorno*, *un grand'uomo*, *una grand'amica*.

*Santo* segue o mesmo uso que *grande*: *San Giovanni*, *San Paolo*, *Sant'Antonio*, *Sant'Agnese*. Diante de *s* líquido emprégase a forma completa: *Santo Stefano*, *Santa Stella*. Pola contra, dise: *Santo Padre*, *santo cielo!*, *tutto il santo giorno*.

#### 5. O SUBSTANTIVO

##### O xénero

Regularmente, son de xénero masculino os nomes dos seres animados de sexo masculino (*il padre*, *il gatto*, *lo scrittore*). E son de xénero feminino os nomes dos seres animados de sexo feminino (*la madre*, *la gatta*, *la scrittrice*). En determinados casos, son de xénero feminino algunhas actividades ou profesións que tradicionalmente eran masculinas (*la guardia*, *la recluta*, *la guida*, *la spia*) e viceversa (*il soprano*).

Xeralmente son de xénero masculino:

Os nomes rematados en *-o*: *il libro*, *il quadro*, con excepcións coma *la mano*, *la radio*, *la foto*, *la eco*.

Os nomes das árbores: *il melo*, *il pino*, *l'arancio*, con excepcións coma *la vite*.

Os nomes dos metais: *l'oro*, *l'argento*, *il ferro*.

Os nomes dos días: *il lunedì*, *il sabato*, agás *la domenica*, e os nomes dos meses: *il prossimo gennaio*.

Os nomes dos montes e dos ríos: *il Monviso*, *il Tevere*.

Xeralmente son de xénero feminino:

Os nomes rematados en *-a*: *la bambina*, *la casa*, *la civetta*, con excepcións coma *il papa*, *il vaglia*, *il programma*, *il dramma*.

Os nomes das froitas: *la mela*, *la pesca*, *la banana*, pero *il limone*, *il fico*.

Os nomes dos continentes e dos estados: *l'America*, *l'Italia*. Con excepcións coma *gli Stati Uniti*, *il Belgio*.

Os nomes rematados en *-i*: *la crisi*, *la tesi*.

Os nomes rematados en *-tà* ou *-tù*: *la verità*, *la tribù*.

Son de xénero masculino *e/* ou feminino:

Alguns substantivos, como: *il cantante/ la cantante*, *il nipote/ la nipote*.

Algúns substantivos que terminan en *-a*: *un artista/ un'artista, il pediatra/ la pediatra*.

Os nomes con desinencia en *-e* poden ser de xénero masculino, *il ponte, il fiume*, ou feminino, *la felce, la lite*.

Formación do feminino

<b>masculino</b>	<b>feminino</b>
<b>-o</b> <i>il bambino</i>	<b>-a</b> <i>la bambina</i>
<b>-e</b> <i>il cameriere</i> <i>il professore</i> <i>il lettore</i>	<b>-a</b> <i>la cameriera</i> <b>-essa</b> <i>la professoressa</i> <b>-trice</b> <i>la lettrice</i>

Algúns substantivos con forma diferente en masculino e feminino:

<b>masculino</b>	<b>feminino</b>
<i>uomo</i>	<i>donna</i>
<i>marito</i>	<i>moglie</i>
<i>padre</i>	<i>madre</i>
<i>fratello</i>	<i>sorella</i>
<i>genero</i>	<i>nuora</i>
<i>cane</i>	<i>cagna</i>
<i>toro</i>	<i>vacca</i>

## O número

<b>singular masculino</b>	<b>plural masculino</b>
<b>-o</b> <i>posto</i>	<b>-i</b> <i>posti</i>
<b>-co</b> <i>tedesco</i>	<b>-chi</b> <i>tedeschi</i>
<b>-go</b> <i>ago</i>	<b>-ghi</b> <i>aghi</i>
<b>-a</b> <i>un problema</i>	<b>-i</b> <i>dei problemi</i>
<b>-e</b> <i>un fiore</i>	<b>-i</b> <i>dei fiori</i>

Excepcións: *amico/ amici, nemico/ nemici, greco/ greci...*

Nos substantivos que terminan en *-io* non acentuado, o *-i* do tema fúndese coa desinencia: *il podio/ i podi, il dominio/ i domini, l'ozio/ gli ozi*. Se o substantivo remata en *-io*, o plural é regular: *il rinvio/ i rinvii, il mormorio/ i mormori, l'addio/ gli addii*.

<b>singular feminino</b>	<b>plural feminino</b>
<b>-a</b> <i>una ragazza</i>	<b>-e</b> <i>delle ragazze</i>
<b>-ca</b> <i>un'amica</i>	<b>-che</b> <i>delle amiche</i>
<b>-ga</b> <i>una collega</i>	<b>-ghe</b> <i>delle colleghe</i>
<b>-e</b> <i>una questione</i>	<b>-i</b> <i>delle questioni</i>
<b>-cia</b> <i>una farmacia</i>	<b>-cie</b> <i>delle farmacie</i>
<b>-gia</b> <i>una bugia</i>	<b>-gie</b> <i>delle bugie</i>



As palabras rematadas en *-cia/ -gia*, co *i* tónico, como *viamos*, fan o plural regular, mentres que se o *i* é átono poden ter dous plurais:

rematarán en *-cie* e *-gie* se diante do *c* ou do *g* hai unha vocal: *la camicia/ le camicie, la valigia/ le valigie*.

rematarán en *-ce* e *-ge* se diante do *c* ou do *g* hai unha consoante: *la provincia/ le provincie, la spiaggia/ le spiagge*.

### Plurais irregulares

Nalgúns casos o cambio de número comporta transformacións notables no corpo da palabra:

<i>il dio</i>	<i>gli dei</i>
<i>l'uomo</i>	<i>gli uomini</i>
<i>il bue</i>	<i>i buoi</i>

Alguns substantivos rematados en *-o* presentan plurais anómalos, coa desinencia en *-a*:

<i>il dito</i>	<i>le dita</i>
<i>l'uovo</i>	<i>le uova</i>
<i>un paio</i>	<i>due paia</i>
<i>un migliaio</i>	<i>due migliaia</i>

Outros destes substantivos terminados en *-o* presentan dous plurais: un en *-i*, de xénero masculino e outro en *-a* de xénero feminino, con distintos significados:

<i>il braccio</i>	<i>i bracci</i> (dun obxecto)	<i>le braccia</i> (do home)
<i>il fondamento</i>	<i>i fondamenti</i> (dunha teoría)	<i>le fondamenta</i> (dunha casa)
<i>il gesto</i>	<i>i gesti</i> (xestos)	<i>le gesta</i> (fazañas)
<i>il grido</i>	<i>i gridi</i> (dos animais)	<i>le grida</i> (dos homes)
<i>il labbro</i>	<i>i labbri</i> (dunha ferida)	<i>le labbra</i> (da boca)
<i>il membro</i>	<i>i membri</i> (compoñentes)	<i>le membra</i> (do corpo)
<i>il muro</i>	<i>i muri</i> (da casa)	<i>le mura</i> (murallas)
<i>l'osso</i>	<i>gli ossi</i> (dos animais)	<i>le ossa</i> (do corpo humano)
<i>il corno</i>	<i>i corni</i> (instrumento)	<i>le corna</i> (dos animais)

A formación do plural dos substantivos compostos presenta moitas variacións. Velaquí un esquema:

- 1) Subst. + subst.: *l'arcobaleno / gli arcobaleni*
- 2) Subst. + adxect.: *la cassaforte / le casseforti*
- 3) Adxect. + subst.: *il francobollo / i francobolli*
- 4) Ver. + substantivo: *il grattacapo / i grattacapi*
- 5) Ver. + ver.: *il dormiveglia / i dormiveglia*
- 6) Adver./ prep. + subst.: *il sottopassaggio / i sottopassaggi, il retroterra / i retroterra.*

### Substantivos invariables

Son invariables

As palabras agudas: *una tribù/ delle tribù, il caffè/ i caffè, il tabù, i tabù.*

As palabras rematadas en *-i*: *una tesi/ delle tesi, una crisi/ delle crisi, un alibi/ degli alibi.*

Os monosílabos: *un tè/ dei tè, un re/ dei re, la gru/ le gru.*

Os substantivos de orixe estranxeira, que terminan en consoante: *un film/ dei film, un tram/ dei tram, un bar/ dei bar.*

Palabras apocopadas en singular: *una moto/ delle moto, una foto/ delle foto, una biro/ delle biro.*

Substantivos rematados en *-ie*: *la serie/ le serie, la specie/ le specie, la barbarie/ le barbarie*; excepto voces coma: *la moglie/ le mogli, la superficie/ le superfici, l'effigie/ le effigi.*

Algúns substantivos masculinos rematados en *-a*: *il boia/ i boia, il capoccia/ i capoccia, il cinema/ i cinema, il gorilla/ i gorilla, il lama/ i lama, il messia/ i messia, il paria/ i paria, il pigiama/ i pigiama, il sosia/ i sosia, il vaglia/ i vaglia.*

## 6. O ADXECTIVO

Polo xeral, os adxectivos seguen as normas dos substantivos na formación do feminino e do plural. Tendo en conta as súas terminacións, en italiano existen tres clases ou grupos de adxectivos:

Con catro terminacións: *bello - bella/ belli - belle*

Con dúas terminacións: *verde/ verdi.*

Cunha terminación, invariable: *pari, dispari, impari, blu, pop, folk,* etc. Tamén os substantivos usados coma adxectivos para indicar cores: *rosa, viola, marrone, nocciola,* etc.

Os adxectivos referidos a xentilicios rematados en *-ese*, que en galego son variables en xénero e número, na lingua italiana varían só no número: *un ragazzo cinese e una ragazza cinese* fronte a *un rapaz chinés e unha rapaza chinesa.*

### Os graos de comparación

- Comparativo de superioridade: *più... di/che*

Para o segundo termo da comparación, úsase a forma *di* diante dun nome ou dun pronome non rexidos por preposición ou dun adverbio: *Francesca è più giovane di Paola, era più intelligente di te, è più simpatico di prima.*

A forma *che* emprégase diante dun nome ou pronome rexidos por preposición, cando se comparan dous substantivos con respecto á cantidade, ou cando se comparan dúas accións verbais, dous adxectivos ou dous adverbios rematados en *-mente*: *è più gentile che sensibile, ho più libri che riviste, a Londra piove più che a Napoli, mi piace più camminare che correre, agisce più impulsivamente che intelligentemente.*

- Comparativo de inferioridade: *meno... di/che*

Presenta a mesma forma có comparativo de superioridade, coa substitución da forma *più* por *meno*: *è meno gentile che sensibile, ho meno libri che riviste, mi piace meno camminare che correre, a Napoli piove meno che a Londra.*

- Comparativo de igualdade: *tanto... quanto/così... come*

*Paola è tanto giovane quanto Francesca, Mario è così alto come te.*

Non se poden efectuar cruces entre os elementos de ambas correlacións: *\*tanto... come / \*così... quanto.* Pódese omiti-lo primeiro elemento adverbial da correlación: *Paola è alta quanto Luisa, Giovanni è simpatico come te.*

- Superlativo relativo

Fórmase co artigo determinado máis os adverbios *più/ meno... di*, segundo se trate de establecer a superioridade ou a inferioridade: *Nicola è il più alto di tutti, questo è il paese più grande della zona, Danila è la meno simpatica delle tue amiche*. Se segue unha oración encontraremos *più/ meno... che* co verbo en subxuntivo: *è il più bel film che abbia visto*.

- Superlativo absoluto

Pódese formar de varios xeitos:

Co sufixo *-issimo*: *Laura è simpaticissima*.

*Molto, assai, tanto* + adxectivo: *è molto intelligente*.

Cos prefixos *ultra-, stra-, arci-, super-*: *ultraveloce, stracarico, arcinoto*.

Repetindo o adxectivo: *una casa piccola piccola, una pioggia fitta fitta*.

Reforzando o adxectivo positivo con outro adxectivo de significado análogo, formando superlativos lexicalizados: *buio pesto, stanco morto, bagnato fradicio, pieno zeppo, innamorato cotto, ricco sfondato*.

Pódense incluír tamén as secuencias formadas por adxectivo + *da* + infinitivo: *pazzo da legare, brutto da morire, bello da impazzire*.

- Comparativos e superlativos especiais

Os adxectivos *grande, piccolo, buono, cattivo*, ademais dos graos de comparación regulares (*più grande, il più/meno grande, grandissimo*, etc.), presentan formas irregulares no comparativo de superioridade e no superlativo:

grao positivo	de superioridade	superlativo relativo	superlativo absoluto
<i>buono</i>	<i>migliore</i>	<i>il migliore</i>	<i>ottimo</i>
<i>cattivo</i>	<i>peggiore</i>	<i>il peggior</i>	<i>peggiorissimo</i>
<i>grande</i>	<i>maggiore</i>	<i>il maggiore</i>	<i>massimo</i>
<i>piccolo</i>	<i>minore</i>	<i>il minore</i>	<i>minimo</i>

## 7. OS DEMOSTRATIVOS

### Adxectivos demostrativos

En italiano úsanse só dous graos de déixe, *questo* ('este') para indica-lo que está cerca de quen fala e *quello* ('ese', 'aquele') para indica-lo que está afastado de quen fala e/ ou cerca do que escolta. A forma *codesto*, que correspondería ó noso 'ese', úsase só na Toscana e tamén se pode atopar na lingua literaria.

*Questo* sofre as mesmas variacións ca un adxectivo de catro terminacións. En singular e diante de vocal perde a vocal final e apostrófase á palabra seguinte:

		singular	plural
<b>masculino</b>	diante de consoante	<i>questo</i>	<i>questi</i>
	diante de vocal	<i>quest'</i>	<i>questi</i>
<b>feminino</b>	diante de consoante	<i>questa</i>	<i>queste</i>
	diante de vocal	<i>quest'</i>	<i>queste</i>

Na lingua escrita hai unha forte tendencia a non elidi-la vocal final cando a palabra seguinte comeza por vocal: *questo uomo*. Na fala coloquial úsase moito a forma reducida 'sto, 'sta, 'sti, 'ste que convén evitar en usos formais.

### Os pronomes demostrativos

singular			plural	
masculino	feminino	neutro	masculino	feminino
<i>questo</i>	<i>questa</i>	<i>ciò</i>	<i>questi</i>	<i>queste</i>
<i>quello</i>	<i>quella</i>	<i>ciò</i>	<i>quelli</i>	<i>quelle</i>

Existen as formas do singular *questi* e *quegli*, que se empregan só cando se refiren a pronomes masculinos singulares en función de suxeito. Trátase de formas literarias que se usan na lingua escrita e na oral en situación formais: *Dante e Boccaccio sono due grandi scrittori, quegli (Dante) più mistico, questi (Boccaccio) più allegro e umano*.

É frecuente reforza-lo valor locativo dos demostrativos mediante adverbios de lugar: *questo qui, quella lì, questa stoffa qui*.

Como demostrativo neutro, úsase a forma *ciò* (*quello che*): *ciò che mi dici non mi piace affatto*.

## 8. OS POSESIVOS

A diferente categoría dos adxectivos e pronomes posesivos vén determinada pola presenza ou ausencia dun substantivo coa función de núcleo do sintagma no que se integra o posesivo.

### Adxectivos posesivos

singular		plural	
masculino	feminino	masculino	feminino
<i>il mio</i>	<i>la mia</i>	<i>i miei</i>	<i>le mie</i>
<i>il tuo</i>	<i>la tua</i>	<i>i tuoi</i>	<i>le tue</i>
<i>il suo</i>	<i>la sua</i>	<i>i suoi</i>	<i>le sue</i>
<i>il Suo</i>	<i>la Sua</i>	<i>i Suoi</i>	<i>le Sue</i>
<i>il nostro</i>	<i>la nostra</i>	<i>i nostri</i>	<i>le nostre</i>
<i>il vostro</i>	<i>la vostra</i>	<i>i vostri</i>	<i>le vostre</i>
<i>il loro</i>	<i>la loro</i>	<i>i loro</i>	<i>le loro</i>

As formas de 3ª persoa empréganse tamén no tratamento de cortesía: *il Suo medico* (de vostede). Neste caso pódese empregar-la maiúscula, se o trato é de moito respecto.

Debemos ter moi presente que en italiano existen dúas formas distintas para un ou varios posuidores: *suo fratello* (del, dela)/ *il loro fratello* (deles, delas).

### Usos do artigo co posesivo

O posesivo vai sempre acompañado do artigo: *la mia macchina, il mio registratore*. Mentres que en galego os nomes de parentesco poden levar ou non artigo, o italiano normalmente non o emprega en singular: *mia madre, mio zio, suo nonno*, pero si o fai no plural: *i miei genitori, i miei fratelli, le mie cugine*.

Os nomes de parentesco en singular con algunha especificación ou con variantes afectivas conservan o artigo: *il mio fratellino, il mio caro cugino*.

A forma *loro* vai sempre precedida do artigo: *le loro sorelle, la loro macchina*.

Non se usa o artigo co posesivo nas seguintes locucións: *a casa mia, a casa tua, a casa sua, per conto mio, per colpa mia, a modo mio*.

Ademais das formas que acabamos de ver, outros adxectivos poden asumir ou reforzar a función do posesivo:

#### *Proprio*

Substitúe os posesivos de 3ª persoa ou serve de posesivo xenérico facultativamente, cando o suxeito está representado por un pronome indefinido e obrigatoriamente en frases impersonais, cando o suxeito é indeterminado: *essi hanno i propri interessi, ognuno ha un proprio ideale, non sempre si riconoscono i propri sbagli*. Tamén pode reforza-lo posesivo: *nel tuo proprio interesse*.

#### *Altrui*

É un adxectivo posesivo de valor indeterminado: *non mi interessa dei fatti altrui*.

## 9. OS PRONOMES

### O pronome persoal

pronome suxeito	pronomes complemento	
	formas átonas	formas tónicas
<i>io</i>	<i>mi, me</i>	<i>me</i>
<i>tu</i>	<i>ti, te</i>	<i>te</i>
<i>lui (egli, esso)</i>	<i>gli (c.i.), lo (c.o.),</i>	<i>lui</i>
<i>lei (ella, essa)</i>	<i>le (c.i.), la (c.o.),</i>	<i>lei</i>
<i>Lei (Ella)</i>	<i>si, se</i>	<i>sé</i>
<i>noi</i>	<i>ci, ce</i>	<i>noi</i>
<i>voi</i>	<i>vi, ve</i>	<i>voi</i>
<i>loro(essi)</i>	<i>gli/loro (c.i.), li (c.o.),</i>	<i>loro, essi</i>
<i>loro (esse)</i>	<i>gli/loro (c.i.), le (c.o.),</i>	<i>loro, esse</i>
	<i>si, se</i>	<i>sé</i>

A forma de cortesía do pronome directo é *La*, tanto para o masculino como para o feminino: *Dottore/Dottoressa, La ringrazio*. Para o plural de cortesía emprégase a forma *Vi*, para ámbolos dous

xéneros: *Signori/ Signore, Vi porgo i saluti del Direttore*. Cómpre subliñar que o complemento directo de persoa en italiano non vai precedido da preposición *a*: *non ascoltare lui, aiutala*.

Nos tempos compostos, o participio concorda cos pronomes persoais directos: *Hai comprato i biglietti? Sì, li ho comprati*.

As formas *lo* e *la* poden perde-la vocal, se van seguidas dunha palabra que á súa vez empece por vocal, mesmo precedida de *h*: *l'ho persa*.

Cos verbos modais (*potere, dovere, volere*), os pronomes pódense colocar despois do infinitivo: *vi posso aspettare* ou *posso aspettarvi*.

A forma *la* pódese empregar nun bo número de locucións: *pensarla, smetterla/ piantarla/ finir-la, saperla lunga, farla finita, pagarla, capirla, darla vinta, darla a bere/ farla, averla vinta, scam-parla bella*.

No singular, fronte a unha única forma *lle* en galego, o italiano presenta a forma *gli* para o masculino e *le* para o feminino. *Ho dato dei soldi a Giovanni, gli ho dato dei soldi. Ho dato dei soldi a Paola, le ho dato dei soldi*.

Para o plural usamos en ámbolos dous casos a forma *gli* ou a forma *loro*, esta última posposta ó verbo. *Ho prestato la macchina ai miei amici, gli ho prestato la macchina* (ou *ho prestato loro la macchina*). A forma *loro* tende a ser substituída, sobre todo na fala, por *gli*, que polo tanto vaise empregar tanto para o singular masculino como para o plural de ámbolos dous xéneros. *Gli ho prestato la macchina (a Giovanni), gli ho prestato la macchina (ai ragazzi)* (ou *alle ragazze*).

A forma de cortesía é *Le*, tanto para o masculino como para o feminino singular: *Signore/ Signora, Le racconterò il fatto*. As formas de cortesía do plural son: *Vi* e *Loro* (este último sumamente formal e posposto ó verbo): *Vi racconterò il fatto, racconterò Loro il fatto*.

È moi importante subliñar que o italiano rexeita os pleonasmos pronominais, ós que o galego recorre con frecuencia: *a min gústame ir ó cine*. Debemos evitar formas como *\*a me mi piace*, porque son incorrectas. O correcto sería *a me piace* (ou ben *mi piace*).

Co infinitivo e cos verbos modais (*potere, dovere, volere e sapere*) as formas átonas poden colocarse antes ou despois do verbo modal: *vorrei aiutarti / ti vorrei aiutare*.

### Os pronomes combinados

Cando os pronomes de complemento directo e indirecto átonos coinciden na secuencia lineal da frase dan lugar a unha única forma, a do pronome combinado.

complemento indirecto	complemento directo	pronomes combinados
<i>mi</i>	<i>+ lo, la, li, le, ne</i>	<i>me lo, me la, me li, me le, me ne</i>
<i>ti</i>	<i>+ lo, la, li, le, ne</i>	<i>te lo, te la, te li, te ne</i>
<i>ci</i>	<i>+ lo, la, li, le, ne</i>	<i>ce lo, ce la, ce li, ce le, ce ne</i>
<i>vi</i>	<i>+ lo, la, li, le, ne</i>	<i>ve lo, ve la, ve li, ve le, ce ne</i>

pronome de terceira persoa non reflexivo
<i>gli + lo = glielo</i>
<i>gli + la = gliela</i>
<i>gli + li = glieli</i>
<i>gli + le = gliele</i>
<i>gli + ne = gliene</i>

pronome de terceira persoa reflexivo
<i>si + lo = se lo</i>
<i>si + la = se la</i>
<i>si + li = se li</i>
<i>si + le = se le</i>
<i>si + ne = se ne</i>

O participio pasado dos tempos compostos concorda en xénero e número con *lo, la, li, le* e *ne* das formas combinadas: *Chi gli ha regalato questi fiori? Glieli ho regalati io.*

### Usos das partículas **CI** e **NE**

Carecen de equivalencia no galego.

**Ci** ten seis valores fundamentais:

Pronome persoal átono de 1ª persoa plural, en calidade de complemento directo: *Giovanni ci ha ascoltato* e de complemento indirecto: *Paola ci ha detto la verità.*

Pronome reflexivo de 1ª persoa de plural: *ci facciamo la doccia prima di uscire.*

Partícula adverbial (de movemento e de lugar): *Vai all'Università? Sì, ci vado. Vieni con me alla posta? Sì, ci vengo. Sei mai stato ad Assisi? No, non ci sono mai stato.*

Valor pronominal (*a ciò, in ciò, su ciò*): *Paola, credi a ciò che ha detto Giovanni? Sì, ci credo. Posso contare sul tuo aiuto? Sì, ci puoi contare.*

Uso idiomático de *ci*: uníndose con determinados verbos, *ci* modifica o significado orixinario dos mesmos, dando lugar a un novo valor semántico:

*esserci* ('haber', 'encontrarse'): *c'è un topo in cantina, ci sono due topi in cantina.*

*volerci* ('facer falla'): *per andare a Ferrara in macchina ci vogliono tre ore.*

*metterci* ('tardar'): *ci metto mezz'ora per andare a casa in pullman.*

*avercela* ('tomala con alguén'): *ce l'hai con lui?*

*farcela* ('ser quen de'): *finalmente ce l'ho fatta!*

Uso pleonástico:

*averci*: *hai il libro d'italiano? No, non ce l'ho.*

*vederci*: *con questa nebbia non ci vedo bene.*

*sentirci*: *non urlare in quel modo, ci sento bene!*

**Ne** ten cinco valores fundamentais:

Pronome partitivo e posesivo: *guarda quei dischi: ne compro uno o non ne compro nessuno?*

Partícula adverbial (que indica afastamento dun lugar): *Sei stato a scuola? Sì, ne vengo proprio adesso.* Con este valor, *ne* aparece nos verbos pronominais *andarsene* e *starsene*, para indicar movemento e situación: *Starai a casa per molto tempo? No, me ne andrò tra poco. Gli piace così tanto quel quadro, che se ne starebbe delle ore a guardarlo.*

Con valor pronominal (*di ciò*): *Sai quello che è successo? No, e non me ne importa. Cosa ne pensi di questo libro? Non ne penso niente.*

Uso pleonástico: *di questo problema non me ne importa nulla, libri non ne abbiamo, che ne pensi della mia nuova macchina?*

Uso idiomático de *ne*:

*vederne, sentirne, dirne... delle belle* ('ver, oír, dicir... cousas sorprendentes'): *se le cose vanno avanti così, ne vedremo delle belle!*

*farne di tutti i colori* ('armarla boa'): *quando era giovane, ne ha fatte di tutti i colori.*

*valerne la pena* ('paga-la pena'): *ho dovuto faticare, ma ne è valsa la pena.*

*non poterne più* ('non poder máis'): *sono proprio stanco: non ne posso più!*

*averne fin sopra i capelli* ('estar ata as orellas'): *sono stufo di questo lavoro: ne ho fin sopra i capelli.*

## 10. ADXECTIVOS E PRONOMES INDEFINIDOS

### Adxectivos indefinidos

singular		plural	
masculino	feminino	masculino	feminino
<i>ogni</i>		--	
<i>qualche</i>		--	
<i>qualsiasi</i>		--	
<i>qualunque</i>		--	
<i>certo</i>	<i>certa</i>	<i>certi</i>	<i>certe</i>

*Ogni* é unha forma invariable e singular, que sempre precede o nome, equivale ás veces ó distributivo galego *cada*, e outras ó iterativo *todos*. Para o plural úsase *tutti, tutte*: *ogni giorno compro il giornale, ogni otto ore devo prendere la pastiglia.*

*Qualche* emprégase só en singular (para o plural úsase *alcuni, alcune*), sendo invariable no xénero: *qualche volta vado in montagna, hai qualche amico in Italia?*

*Qualunque* e *qualsiasi* son invariables. Se preceden o nome teñen valor singular: *qualsiasi/ qualunque persona può averlo detto*. Se seguen o nome este poderá ir en singular ou en plural: *compra due bottiglie qualsiasi.*



### Pronomes indefinidos

singular	
masculino	feminino
<i>uno</i>	<i>una</i>
<i>ognuno</i>	<i>ognuna</i>
<i>qualcuno</i>	<i>qualcuna</i>
	<i>qualcosa</i>
	<i>chiunque</i>
	<i>niente/nulla</i>

*Uno* úsase en singular no xénero masculino e feminino: *è venuto uno che voleva parlarti*.

*Ognuno* é a correspondente forma pronominal do adxectivo *ogni*. Admite variación de xénero pero non de número, é singular: *ognuno deve assumere le proprie responsabilità*.

*Qualcuno*, correspondente pronominal de *qualche*, admite variacións de xénero, pero non de número. Refírese só a persoas, mentres que con valor de neutro úsase *qualcosa*: *mi ha cercato qualcuno?*

*Qualcosa* é o correspondente pronominal de *qualche*, non ten variación de xénero e número e úsase con valor neutro: *qualcosa è andato male*.

*Chiunque* é a forma pronominal correspondente a *qualunque/ qualsiasi*. É invariable en xénero e número, e só se refire a persoas: *chiunque può farlo*.

*Nientel nulla* son invariables en xénero e número, e teñen valor neutro. *Nulla* utilízase máis na lingua escrita. Se a frase empeza pola negación *non*, seguen ó verbo, sen que o sentido do enunciado cambie: *niente mi spaventa, nulla è perduto, non disse nulla*.

### Adxectivos e pronomes indefinidos

singular		plural	
masculino	feminino	masculino	feminino
<i>alcuno</i>	<i>alcuna</i>	<i>alcuni</i>	<i>alcune</i>
<i>altro</i>	<i>altra</i>	<i>altri</i>	<i>altre</i>
<i>molto</i>	<i>molta</i>	<i>molti</i>	<i>molte</i>
<i>parecchio</i>	<i>parecchia</i>	<i>parecchi</i>	<i>parecchie</i>
<i>tanto</i>	<i>tanta</i>	<i>tanti</i>	<i>tante</i>
<i>troppo</i>	<i>troppa</i>	<i>troppi</i>	<i>troppe</i>
<i>poco</i>	<i>poca</i>	<i>pochi</i>	<i>poche</i>
<i>quanto</i>	<i>quanta</i>	<i>quanti</i>	<i>quante</i>
<i>tutto</i>	<i>tutta</i>	<i>tutti</i>	<i>tutte</i>
<i>ciascuno</i>	<i>ciascuna</i>		<i>tali</i>
<i>nessuno</i>	<i>nessuna</i>		
	<i>tale</i>		

*Alcuno* úsase só en singular e en frases negativas. Diante dun substantivo masculino que non empece por *s*- líquido, *z*-... apocópase en *alcun*: *quest'estate non ho letto alcun romanzo*. *Alcuni*, en cambio, emprégase en frases de sentido positivo: *ti faccio alcuni esempi, ho conosciuto alcune ragazze*.

*Altro* é variable en xénero e número. No singular vai precedido do artigo, pero cando ten valor neutro pode prescindir deste: *ho comprato un'altra moto, non voglio altro*.

*Tutto* é variable en xénero e número. Como adxectivo precede o substantivo e mailo artigo. Ademais pódese unir ós numerais: *ho sentito tutto, tutti i giorni vado in piscina, tutte e quattro siamo andati in montagna*.

*Tale* como adxectivo é invariable en xénero, pero non en número. Precedido do artigo ou do adxectivo demostrativo ten a función de pronome: *tale comportamento non mi piace, un tale è venuto a cercarti*.

*Ciascuno* é invariable en número, pero non en xénero. Diante dun substantivo masculino que non empece por *s* líquido, *z*-... apocópase en *ciascun*: *ho regalato un libro a ciascun amico, ha dato un consiglio a ciascuno, ciascuno studente deve compilare il modulo*.

*Nessuno* é variable en xénero e úsase sempre en singular. Diante dun substantivo masculino que non empece por *s* líquido, *z*-... apocópase en *nessun*. Se o enunciado comeza pola negación *non*, este indefinido segue o verbo, mentres nas frases interrogativas non require negación: *nessun uomo potrebbe sopportarlo, nessuno potrà fermarmi, non mi potrà fermare nessun ostacolo, non ho visto nessuno, c'è nessuno?*

## 11. OS NUMERAIS

Os numerais son adxectivos que indican unha cantidade numérica precisa. Os ordinais son variables en número e xénero, mentres os cardinais son invariables (agás *uno*, que ten a forma feminina).

Son anticuadas as formas *cento e uno*, *cento e due*, etc. A conxunción é obrigatoria despois de *milione e miliardo* (*un milione e centomila*).

Para os ordinais de 11º a 19º existen tamén as formas cultas: *decimoprimo* (e *undecimo*), *decimosecondo* (e *duodecimo*), *decimoterzo*... *decimonono*. Aínda que son máis raras, existen tamén outras formas para as decenas e os compostos: *vigesimo*, *trigesimo*, *quadragesimo*... *papa Giovanni XXIII = Giovanni ventitreesimo / ventesimo terzo / vigesimo terzo*.

<b>cardinais</b>		<b>ordinais</b>	
0	<i>zero</i>		
1	<i>uno, una</i>	1°	<i>primo</i>
2	<i>due</i>	2°	<i>secondo</i>
3	<i>tre</i>	3°	<i>terzo</i>
4	<i>quattro</i>	4°	<i>quarto</i>
5	<i>cinque</i>	5°	<i>quinto</i>
6	<i>sei</i>	6°	<i>sesto</i>
7	<i>sette</i>	7°	<i>settimo</i>
8	<i>otto</i>	8°	<i>ottavo</i>
9	<i>nove</i>	9°	<i>noveno</i>
10	<i>dieci</i>	10°	<i>decimo</i>
11	<i>undici</i>	11°	<i>undicesimo</i>
12	<i>dodici</i>	12°	<i>dodicesimo</i>
13	<i>tredici</i>	13°	<i>tredicesimo</i>
14	<i>quattordici</i>	14°	<i>quattordicesimo</i>
15	<i>quindici</i>	15°	<i>quindicesimo</i>
16	<i>sedici</i>	16°	<i>sedicesimo</i>
17	<i>diciassette</i>	17°	<i>diciassettesimo</i>
18	<i>diciotto</i>	18°	<i>diciottesimo</i>
19	<i>diciannove</i>	19°	<i>diciannovesimo</i>
20	<i>venti</i>	20°	<i>ventesimo</i>
21	<i>ventuno</i>	21°	<i>ventunesimo</i>
22	<i>ventidue</i>	22°	<i>ventiduesimo</i>
23	<i>ventitrè</i>	23°	<i>ventitreesimo</i>
24	<i>ventiquattro</i>	24°	<i>ventiquattresimo</i>
25	<i>venticinque</i>	25°	<i>venticinqesimo</i>
26	<i>ventisei</i>	26°	<i>ventiseiesimo</i>
27	<i>ventisette</i>	27°	<i>ventisettesimo</i>
28	<i>ventotto</i>	28°	<i>ventottesimo</i>
29	<i>ventinove</i>	29°	<i>ventinovesimo</i>
30	<i>trenta</i>	30°	<i>trentesimo</i>
31	<i>trentuno</i>	31°	<i>trentunesimo</i>
40	<i>quaranta</i>	40°	<i>quarantesimo</i>
50	<i>cinquanta</i>	50°	<i>cinquantesimo</i>
60	<i>sessanta</i>	60°	<i>sessantesimo</i>
70	<i>settanta</i>	70°	<i>settantesimo</i>
80	<i>ottanta</i>	80°	<i>ottantesimo</i>
90	<i>novanta</i>	90°	<i>nonagesimo</i> <i>/novantesimo</i>
100	<i>cento</i>	100°	<i>centesimo</i>
101	<i>cent(o)uno</i>	101°	<i>centounesimo</i>
102	<i>centodieci</i>	102°	<i>centoduesimo</i>
110	<i>centodieci</i>	110°	<i>centodecimo</i>
120	<i>centoventi</i>	120°	<i>centoventesimo</i>
200	<i>duecento</i>	200°	<i>duecentesimo</i>
300	<i>trecento</i>	300°	<i>quattrocentesimo</i>
1000	<i>mille</i>	1000°	<i>millesimo</i>
1001	<i>milleuno</i>	1001°	<i>millesimo primo</i> <i>milleunesimo</i>
1002	<i>milledue</i>	1002°	<i>millesimo secondo</i> <i>milleduesimo</i>
2000	<i>duemila</i>	2000°	<i>duemillesimo</i>
3000	<i>tremila</i>	3000°	<i>tremillesimo</i>
4000	<i>quattromila</i>	4000°	<i>quattromillesimo</i>
10 000	<i>diecimila</i>	10.000°	<i>diecimillesimo</i>
20 000	<i>ventimila</i>	20.000°	<i>ventimillesimo</i>
21 000	<i>ventunmila</i>	21.000°	<i>ventunmillesimo</i>
100 000	<i>centomila</i>	100.000°	<i>centomillesimo</i>
1 000 000	<i>un milione</i>	1.000.000°	<i>milionesimo</i>
1 000 000 000	<i>un miliardo</i>	1.000.000°	<i>miliardesimo</i>

Os séculos indícanse co ordinal: *il secolo I (primo) a.C.*; *il secolo II (secondo) a.C.*... A partir do século XIII, úsase normalmente o numeral cardinal abreviado: *il Duecento* (século XIII); *il Trecento* (século XIV); *il Quattrocento* (século XV); *il Cinquecento* (século XVI); *il Seicento* (século XVII); *il Settecento* (século XVIII); *l'Ottocento* (século XIX); *il Novecento* (século XX).

## 12. ADXECTIVOS E PRONOMES RELATIVOS

### *Che*

É invariable no xénero e no número e úsase sempre despois dun nome ou dun pronome. Emprégase exclusivamente como suxeito ou como complemento directo e non precisa preposición ou artigo. *Il ragazzo che ti ho appena presentato è inglese, il film che ho visto è molto commovente, la ragazza che canta è italiana.*

Existe un único caso no que pode ir precedido do artigo, con valor neutro: *mio figlio non è ancora tornato, il che (cosa che, ciò che) mi preoccupa.* Tamén atopámo-las formas neutras *ciò che* e *quello che*: *ciò/quello che ti dico è vero.*

### *Cui*

É invariable no xénero e no número e emprégase como complemento indirecto con preposición e sen artigo: *Paola è la ragazza di cui ti ho parlato.* Existe un único caso no que se emprega co artigo, con valor posesivo: *quella è la signora il cui figlio lavora all'estero.*

Coa función de complemento indirecto, pódese usar sen a preposición *a*: *ho conosciuto il ragazzo cui (ou a cui) hai prestato la macchina.* Coa función de complemento de lugar, pódese substituír por *dove*: *la camera in cui (ou dove) lavora, è piccola.*

### *Quale*

As formas *che* e *cui* poden ser substituídas por *quale*. Trátase dun pronome que pode variar en xénero e número e sempre vai precedido polo artigo determinado: *le tue amiche, le quali mi hai presentato; il tuo amico, il quale mi hai presentato.*

Cando substitúe á forma *cui* aparece precedido da preposición correspondente: *l'amico con il quale (con cui) sei uscito, la persona per la quale (per cui) faccio questo.*

Sen embargo, esta forma úsase pouco na fala, só se emprega cando se queren evitar ambigüidades semánticas

### *Chi*

O pronome *chi* é invariable, refírese só a persoas e úsase só en singular. Carece de antecedente e pode indicar un suxeito indeterminado. Pódese usar como suxeito *chi canta è mia sorella* ou como complemento (pode ir precedido de preposición, nunca de artigo) *a chi scrivi?*

É moi común con valor indefinido, en expresións proverbiais e idiomáticas: *chi (colui, quello che) semina vento raccoglie tempesta.*

## Adxectivos e pronomes interrogativos

Son adxectivos e pronomes:

### *Che, quale, quanto*

*Che film hai visto? Quale giornale compri? Quanto pane hai comprato?*

É só pronome:

**Chi**

*Chi ti ha scritto? Con chi sei uscito?*

**13. O ADVERBIO****Adverbios de modo**

Son moi numerosos e pódense formar dos seguintes xeitos:

Mediante o sufixo *-mente* (nos adxectivos da 1ª clase, engádesse ó feminino): *intelligente* → *intelligentemente*; *chiara* → *chiaramente*. Cando se xuntan dous ou máis adverbios dese tipo, ningún deles sofre apócope, usándose todos na súa forma íntegra: *gli parlò chiaramente e semplicemente*.

Utilizando a forma masculina do adxectivo: *la strinse forte*.

Mediante locucións adverbiais formadas por unha preposición e un substantivo ou adxectivo: *a caso, in genere, per esempio, di continuo, di nascosto, in breve*.

**Adverbios de lugar**

Tamén son moi abundantes. Os mai comúns son:

Os que indican, como o demostrativo *questo*, un lugar cercano ó que fala: *qui, qua, quaggiù, quassù*.

Os que indican, como o demostrativo *quello*, un lugar afastado do que fala: *là, laggiù, lassù, ivi, quivi*.

Adverbios coma *vicino, presso, lontano, accanto, dappertutto, fuori, dentro, dietro, indietro, davanti, dinanzi, avanti, intorno, attorno, sotto, sopra, su, giù, via. Dovunque, ovunque, donde, onde*.

As partículas *ci, vi e ne* con valor adverbial.

**Adverbios de tempo**

Os máis comúns son: *allora, ora, adesso, ormai, subito, prima, poi, dopo, sempre, spesso, sovente, talora, talvolta ancora, finora, già, mai, presto, tardi, ieri, oggi, domani, dopodomani, stamani*.

**Adverbios de cantidade**

Os máis importantes son:

As formas do adxectivo indefinido en masculino singular (*poco, alquanto, parecchio, tanto, quanto, altrettanto, molto, più, meno, troppo*) ou as do pronome indefinido negativo (*nulla, niente*), empregados ambos con valor adverbial.

As formas adverbiais orixinais como: *abbastanza, assi, piuttosto, almeno appena, quasi, affatto*.

Algunhas formas rematadas en *-mente*: *grandemente, minimamente, talmente*.

Outros adverbios empregados para engadir ou subliñar algo: *inoltre, pure, perfino, ancora, addirittura*.

### Adverbios de afirmación, negación e dúbida

De afirmación: *certo, certamente, esattamente, sicuro, sicuramente, appunto, proprio, davvero, indubbiamente.*

De negación: *non* e tódolos adverbios que o reforzan, *neppure, nemmeno, neanche, mica.*

De dúbida: *forse, probabilmente, eventualmente, magari, possibilmente, quasi, circa.*

## 14. A PREPOSICIÓN

As preposicións propias son : *a, con, da, di, fra/tra, in, per, su, senza* e *tranne.*

A preposición *di* pódese elidir diante doutra vocal, aínda que a elisión é facultativa: *d'Italia, d'oro.*

As preposicións improprias (outras partes da oración empregadas como preposición) son: *avanti, innanzi, dietro, dopo, lungo, verso, vicino.*

Existen tamén as locucións preposicionais: *nel mezzo di, per mezzo di, in base a, in quanto, a proposito di, al di là, a fianco di, conformemente a...*

As preposicións *a, di, da, in, su, con* e *per*, unidas ó artigo determinado, forman os chamados artigos contractos (*preposizioni articolate*, vid. artigos contractos).

### Uso das preposicións

As preposicións úsanse en italiano para introduci-los seguintes complementos:

#### **a**

Complemento indirecto: *l'ho detto a Mario*

Complemento circunstancial expresando os seguintes valores:

lugar 'onde' (con algúns nomes comúns, cidades, vilas e illas pequenas): *a casa, a letto, a messa, a scuola, a lezione, abito a Torino.*

tempo: *partiamo alle nove.*

medio: *ritorno a casa a piedi.*

prezo e medida: *ho comprate le arance a duemila lire il chilo.*

idade: *è morto a cinquant'anni.*

modo: *devi impararlo a memoria.*

distancia: *abita a cento chilometri.*

#### **con**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

compañía: *vado a casa con Paola.*

modo: *studia con impegno.*

calidade: *un ragazzo con i capelli biondi.*

causa: *con questo sole preferisco stare a casa.*

**da**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

lugar a/de/en/por onde: *vado da lui/ dai miei genitori/ dal medico, vengo da Ravenna, mi fermo da te/ dai miei genitori/ dal medico, passerò da Pavia.*

tempo: *vivo a Santiago da nove anni.*

calidade: *è un uomo dalla barba lunga.*

complemento axente: *questa casa è stata costruita dai miei nonni.*

causa (sempre co artigo): *tremava dal freddo.*

separación: *le Alpi dividono l'Italia dalla Francia.*

orixe: *il Po nasce dal Monviso.*

finalidade: *automobile da corsa, occhiali da sole, costume da bagno.*

valor ou prezo: *ho comperato un appartamento da duecento milioni.*

modo: *oggi ho mangiato da re.*

medio: *lo riconosco dai vestiti.*

O adxectivo *solo* adoita ir acompañado da preposición *da*: *vive da solo.*

**di**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

especificación: *la moto di Mario è nuova.*

tempo (coas partes do día, os días, as estacións agás a primavera): *d'inverno vado in montagna/ di notte non dormo bene.*

denominación: *la città di Roma è molto bella.*

calidade: *è un ragazzo di grande intelligenza.*

partitivo: *verrà scelto solo uno di voi.*

orixe e procedencia: *la mia famiglia è nativa del Piemonte.*

materia: *mi ha regalato una penna d'oro.*

causa: *muoio di sonno.*

idade: *è un uomo di cinquant'anni.*

argumento: *mi piace discutere di calcio.*

prezo: *ho comprato una villa di trecento milioni.*

lugar de/ por onde: *non sono ancora uscito di casa, si entra di qui e si esce di là.*

**in**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

lugar en/a onde:

con nomes de grandes illas, nacións, rexións e continentes: *vado in Sicilia, in Francia, in Toscana, in Australia.*

cos nomes de rúas, prazas, comercios, partes da casa, etc.: *Cristina abita in Corso Vittorio, vado in merceria, sono in cucina.*

modo: *viveva nell'angoscia.*

medio (con medios de transporte mecánicos): *mi piace viaggiare in treno.*

materia: *statue in bronzo.*

tempo: *sono nata nel 1970.*

cantidade: *verremo in dieci.*

### **per**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

lugar por onde: *il Po passa per Torino.*

finalidade: *lottano per la libertà.*

medio: *fammi sapere qualcosa per lettera.*

tempo: *ho studiato per tre ore, l'appuntamento è per domani.*

prezo: *l'ho venduto per poche lire.*

modo: *l'ha detto per scherzo.*

Nas expresións: *per terra, per le scale, per strada.*

### **su**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

lugar sobre o que: *il libro è sul tavolo.*

argumento: *una conferenza su Leopardi.*

aproximación (de idade, prezo e medida): *è morto sui cinquant'anni, costa sulle diecimila lire, pesa sui sessanta chili.*

Emprégase tamén nas expresións: *su due piedi, sull'istante, sul serio.*

### **tra e fra**

Introduce varios complementos circunstanciais cos seguintes valores:

partitivo: *è il migliore fra tutti.*

tempo: *verrò a casa fra una settimana.*

aproximación: *avrà tra i sessanta e i settant'anni.*

## **15. O VERBO**

### **O presente de indicativo**

Pode expresar un feito, unha situación ou unha forma de ser que se verifica no momento no que se fala (*oggi è una bella giornata*). Tamén pode indicar unha acción habitual que se repite con regularidade no tempo, ou un feito que se produce con frecuencia (*il treno per Roma parte alle nove, d'estate vado al mare*). Ademais pódese referir a un feito real ou que se repite de xeito natural ou independentemente de particulares circunstancias (*il topo è un roditore, la Terra ruota intorno al sole*). E, por último, pode sinalar un feito que se quere colocar fóra do tempo (*tanto va la gatta al lardo che ci lascia lo zampino*).



1ª conjugación	2ª conjugación	3ª conjugación	3ª incoactiva
<b>parlare</b>	<b>temere</b>	<b>partire</b>	<b>finire</b>
<i>parlo</i>	<i>temo</i>	<i>parto</i>	<i>finisco</i>
<i>parli</i>	<i>temi</i>	<i>parti</i>	<i>finisci</i>
<i>parla</i>	<i>teme</i>	<i>parte</i>	<i>finisce</i>
<b>parliamo</b>	<b>temiamo</b>	<b>partiamo</b>	<b>finiamo</b>
<i>parlate</i>	<i>temete</i>	<i>partite</i>	<i>finite</i>
<b>parlano</b>	<b>temono</b>	<b>partono</b>	<b>finiscono</b>

A terceira persoa do plural do presente de indicativo é sempre esdrúxula: *parlano*, *temono*, *partono*, *finiscono*. Así mesmo moitos verbos da primeira conjugación presentan formas esdrúxulas ou sobresdrúxulas en catro persoas do presente de indicativo (tamén no presente de subxuntivo e imperativo). Pres. indic: *abito*, *abiti*, *abita*, *abitiamo*, *abitare*, *abitano*.

Alguns verbos da terceira conjugación, os chamados verbos incoactivos, engaden o morfema *-isc-* entre o tema e a desinencia, nas tres primeiras persoas de singular e na terceira de plural. Tal é o caso do verbo *capire* e dunha grande parte dos verbos da 3ª conjugación (*finire*, *costruire*, *proibire*, *preferire*, *pulire*, *stabilire*, *restituire*, *spedire*, *sparire*). Esta particularidade atópase só no presente (indicativo, subxuntivo e imperativo), xa que en tódolos outros modos e tempos conxúganse como os demais verbos.

pres. indic.: *capisco*, *capisci*, *capisce*, *capiamo*, *capite*, *capiscono*.

pres. subxun.: *capisca*, *capisca*, *capisca*, *capiamo*, *capite*, *capiscano*.

pres. imper.: *capisci*, *capisca*, *capiamo*, *capite*, *capiscano*.

### Verbos rematados en *-care* e *-gare*

